




Lingua, pobo e terra



Estudos en homenaxe
a Xesús Ferro Ruibal

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ (ED.)

XUNTA DE GALICIA

Lingua, pobo e terra



Estudos en homenaxe
a Xesús Ferro Ruibal

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ (ED.)

XUNTA DE GALICIA

Lingua, pobo e terra: estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal / edición a cargo de Manuel González González – Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, 2016.

544 p.; 24 cm. Homenaxes – Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

D.L. C 1602-2016 ISBN: 978-84-453-5236-6

1. Lingua galega 2. Lexicografía galega 3. Fraseoloxía 4. Historia da lingua galega 5. Onomástica 6. Dialectoloxía 7. Corpus I. Ferro Ruibal, Xesús II. González González, Manuel III. Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

© Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

© González González, Manuel

Edita: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades

O noso agradecemento a María Carbajo pola axuda prestada na uniformización dos textos

Maquetación e impresión:
Grafisant, S.L.

ISBN:
978-84-453-5236-6


Depósito legal:
C 1602-2016

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ (ED.)

Lingua, pobo e terra



Estudos en homenaxe
a Xesús Ferro Ruibal



ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Román Rodríguez González, <i>Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i> : De Frei Martín Sarmiento a Xesús Ferro Ruibal. Homenaxe a unha traxectoria intelectual admirable.....	13
Valentín García Gómez, <i>Secretario Xeral de Política Lingüística</i> : Grazas por tanto amor pola lingua	15
Manuel González González, <i>Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades</i> : Unha homenaxe para un home entregado e comprometido	17

I. BIOGRAFÍA E PERSONALIDADE DE XESÚS FERRO RUIBAL

Manuel González González: Biobibliografía de Xesús Ferro Ruibal.....	23
Fina Casalderrey: Xesús Ferro Ruibal: cabeza, pés e corazón	37
Xosé María Lema: A frutífera época ferrolá de Xesús Ferro	71
Ramón López: Nosoutros somos os latinos	89
Edith Pazó Fernández: Caritel de todos nós	95
Andrés Torres Queiruga: Xesús Ferro Ruibal: un clásico na nosa cultura.....	125

II. ESTUDOS DE LINGUA

Ana Acuña: Unha das moitas esperanzas de Galicia.....	131
Rosario Álvarez: Dialectoloxía e toponimia: <i>Fontán, Fontenla, Fontaiña..</i>	141
María Álvarez de la Granja e Ernesto González Seoane: A fraseoloxía inédita do dicionario de Eladio Rodríguez	163
Ana Boullón: Os nomes galegos no século XXI	191
Eva María Domínguez Noya: O etiquetador probabilístico de XIADA e o seu teito de acerto: a elaboración de regras lingüísticas.....	213
Isabel González: A complexidade das equivalencias nos dicionarios bilingües ITAGAL e GALITA	233

Luís González García e María Rosario Soto Arias: Galeguismos no español de América: coincidencias semánticas entre unidades fraseolóxicas galegas e do español de AméricaF	245
M ^a Isabel González Rey : A <i>morriña</i> como elemento de estudo da linguopaisoloxía galega.....	303
Fernando Groba Bouza e Helga Maria Aguiar Pinto Teixeira de Oliveira: O que todo galego debe saber do portugués	325
Carme Lamela: Na busca das 'Palabras milenarias' para Xesús Ferro Ruibal.....	355
Rebeca Lema Martínez: A amizade no refraneiro galego e polaco: tan lonxe e tan preto.....	363
Carmen Mellado Blanco: Las metáforas de la muerte (con ejemplos del alemán, español y gallego)	383
Henrique Monteagudo: Sobre a escrita latino-romance na Galicia medieval. O testemuño dun diploma de 1097	415
Quintáns: O poder máxico da palabra na cultura popular	435
Guillermo Rojo, Marisol López Martínez, Eva M ^a Domínguez Noya e Fco. Mario Barcala: O Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA): estado actual e perspectivas.....	445
Alba Vidal: A boa obra o mestre honra. Notas dunha bolseira do proxecto <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> .F	475

III. ESTUDOS DE LITERATURA

Xesús Alonso Montero: Encontro con catro versos de Curros Enríquez: algunhas cavilacións sobre a nobre condición social da lingua galega	507
Mercedes Brea: <i>Coita</i> trobadoresca e <i>verbo antigo</i>	519
Luís Cochón: Álvaro Cunqueiro, albur minúsculo ou imprevisto azar..	533
Modesto Hermida: Nicolás Fort y Roldán (Unha das maneiras de estar na galegitude).....	537

PRESENTACIÓN

De Frei Martín Sarmiento a Xesús Ferro Ruibal. Homenaxe a unha traxectoria intelectual admirable

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Non poucas das máis fermosas estancias do admirable edificio da cultura galega susténtanse sobre robustas columnas que foron levantadas, pedra a pedra, durante os últimos dous séculos e medio, grazas á feliz inspiración e a laboriosidade tantas veces oculta de escritores e escritoras cuxas obras foron o froito da esculca sagaz, o estudo sen descanso e a erudición. Iniciou esta ilustre liñaxe no noso país o douto ilustrado galego Frei Martín Sarmiento, quen serviu de exemplo admirativo a todas as xeracións posteriores de estudosos das máis diferentes vertentes do feito cultural galego. O monxe bieito constituíuse, en moitos sentidos, no iniciador dos estudos de filoloxía galega, un campo do saber ata entón inculto no que foi pioneiro e ao que fixo achegas de gran valor en parcelas tan diversas como puideron ser as da dialectoloxía, a lexicografía, a onomástica, a fraseoloxía e ata a da sociolingüística, se nos apartamos de calquera fastío rigorista de natureza académica.

Teño para min que non é por azar que Xesús Ferro Ruibal constituía hoxe un dos especialistas de referencia mundial naquelas parcelas do saber filolóxico galego que precisamente fundou ou polas que máis interese mostrara o sabio ilustrado pontevedrés, de quen o profesor de Moraña seguiu ademais o seu exemplo en facultades tales como o rigor, a meticulosidade, a ousadía intelectual e as capacidades de traballo e sacrificio; habelencias todas elas que rara vez se dan agrupadas nunha única persoa por máis que sexan condición imprescindibles para o labor intelectual. O profesor Xesús Ferro Ruibal foi e segue a ser dono de todas as virtudes que adornan os grandes investigadores e o resultado é unha obra asombrosa polo seu volume e interese, que unanimemente aplauden e admiran, banda por banda, tanto os naturais de Laño coma os de Lestrove.

Agora, con motivo da súa xubilación administrativa, algúns dos moitos devotos da súa obra, entre os que se encontran ex alumnos e ex colaboradores e mais non poucos dos seus incontables amigos, decidiron homenaxear a persoa e a admirable biografía intelectual de Xesús Ferro Ruibal con este libro, que eu non podo por menos que saudar con entusiasmo. Estou convencido, no

entanto, de que se trata do primeiro volume doutros que lle seguirán nos que se dará conta e loarán os ricos froitos do seu traballo nos anos que están por vir, durante os que o amigo e admirado profesor ha de seguir alimentando, por moito tempo e para beneficio e maior gloria de Galicia, a súa insaciable fame de saber e intensa curiosidade intelectual.

Grazas por tanto amor pola lingua

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Secretario Xeral de Política Lingüística

A miña admiración por Xesús Ferro Ruibal vén de vello, de cando, nos inicios da miña actividade profesional no Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Estrada, unha e mil veces tiven que recorrer ás súas obras de fraseoloxía galega, daquela as case únicas fontes dispoñibles para resolver dúbidas e problemas nesa materia. Tiven a fortuna de coñecelo tamén moi pronto en persoa; a súa implicación directa en diversos proxectos e actos – por humildes e modestos que fosen – deume a oportunidade de poder admirar a súa profunda sabedoría, o rigor e o sosego dun gran mestre, que se esforzaba por transmitir ese importante legado intelectual aos que sabemos menos. Moi popular se fixo tamén naquel tempo Xesús Ferro entre os do gremio por mor do *Diccionario dos nomes galegos* que, baixo a súa dirección, se editara en 1992 e que, durante anos, sería unha referencia bibliográfica ineludible e obra de éxito polo moito uso do que foron obxecto a maioría dos exemplares que saíron do prelo. Sobre isto último podo dicir que os dous que existían no Concello da Estrada foron motivo de consultas case diarias, durante anos, de veciños e veciñas que, con diferente grao de parentesco co neno ou nena aínda por nacer, se debrozaban enriba do groso volume demoradamente á procura dun nome ou de información sobre o seu significado, a súa orixe e tradición etc. Á parte doutras consideracións, todas eloxiosas, esa publicación representou para min, durante tempo, o exemplo de como unha acción, por simple ou humilde que sexa en aparencia, pode mudar os hábitos lingüísticos da cidadanía. Noutras palabras, tratouse para min dunha lección de planificación lingüística que sempre, aínda hoxe, teño presente á hora de deseñar accións e estratexias normalizadoras.

Posteriormente tiven a oportunidade de coñecelo e tratalo, unha relación que se fixo particularmente máis estreita cando cheguei á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da que depende administrativamente o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, institución científica na que Xesús Ferro desenvolveu nos últimos tres lustros o seu labor investigador. Era xa daquela Xesús Ferro unha referencia no ámbito da planificación lingüística en Galicia, pois, non en van, fora unha das persoas que máis intensamente

participara na redacción do Plan xeral de normalización da lingua galega, un texto que, dende a súa aprobación no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, constituíu o padrón a seguir no noso país ata hoxe.

Non poucos dos logros atribuíbles ao Centro Ramón Piñeiro débenselle a Xesús Ferro, quen como director do Proxecto de Fraseoloxía Galega situou a nosa institución nun referente mundial de vangarda nesta materia. Aí están como exemplos do seu enciclopédico saber e da súa laboriosidade os 16 números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* publicados ata o momento presente ou *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*, obra imensurable, dun auténtico xigante do saber e a erudición.

Ás veces a vida sorpréndenos gratamente co grande agasallo de facer cruzar no noso camiño persoas irrepetibles. Esa é a sensación que gardo da miña experiencia particular co admirado e querido Xesús Ferro, a quen saúdo como amigo e lle agradezo tanto amor pola lingua galega e por Galicia.

Unha homenaxe para un home entregado e comprometido

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Son moitos os cualificativos que se poderían aplicar á personalidade de Xesús Ferro Ruibal, pero coido que os que mellor lle acaen son os de entregado e comprometido, entregado e comprometido con Galicia, coa lingua galega e coas súas crenzas e ideas.

Non lembro exactamente cando coñecín Xesús Ferro Ruibal, pero empeceino a tratar con certa proximidade aló polo ano 1990 cando o convidei a impartir unha conferencia sobre “A planificación do corpus no galego” na sección de lingua do *I Congreso internacional da cultura galega* da que eu era responsable, e a participar como membro do Seminario de análise de texto para as probas de acceso á Universidade. Unha realidade bastante preocupante dos alumnos daquela época era a escasa capacidade que manifestaban para se enfrontaren criticamente á análise dun texto. Recordo que un problema moi común era a dificultade para xerarquizar as ideas presentes nun texto e para xebraren os elementos obxectivos das valoracións ou enfoques subxectivos, interesados ou mesmo tendenciosos, do autor. A isto sumábanse os problemas lingüísticos, tanto os derivados da dificultade para unha expresión ordenada das ideas, como os que eran consecuencia da falta dun dominio formal da lingua galega. A observación desta situación aconsellounos realizar unha revisión polo miúdo dos exames desta materia, e elaborar un extenso informe que enviamos a todos os centros de ensino medio de Galicia, para que os profesores fosen coñecedores desta realidade e a tivesen en conta no traballo diario das súas clases. Todos os membros do Seminario participaron neste traballo, pero recordo perfectamente que me impactou a análise meticulosa realizada por Xesús Ferro, que acabou sendo a columna vertebral sobre a que se construíu o informe. Meticulosidade que tiven ocasión de ratificar cando os dous, xunto con D. Constantino García, participamos nun programa de seguimento da calidade lingüística dos locutores da Compañía de Radiotelevisión de Galicia.

A entrega de Xesús é algo que poden testemuñar todos os que tiveron a sorte de seren os seus compañeiros nas institucións de que formou parte: entrega

aos seus alumnos nos distintos centros de ensino polos que pasou, para axudarlles a facerse homes e para espertarlles o orgullo de seren galegos. Entrega á Real Academia Galega, onde se preocupou coma ninguén pola preservación da nosa onomástica e, particularmente, da toponimia como patrimonio que revela a nosa personalidade diferencial, onde levou a cabo propostas e iniciativas para ampliar os ámbitos de presenza social da lingua galega, onde manifestou unha fonda preocupación polo mantemento da autenticidade da nosa lingua. Entrega ao Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, ao que lle dedicou o mellor de si, tanto no plano da investigación, particularmente no ámbito da fraseoloxía, coma no plano da xestión, desde que foi nomeado secretario no ano 2006 ata o momento da súa xubilación. O Centro Ramón Piñeiro era a súa segunda casa, e alí podíamos atopar sempre a Xesús a calquera hora do día.

Xesús Ferro é unha persoa que ademais realiza o traballo con xenerosidade e pasión. Tiven boa ocasión de comprobalo cando cada ano tocaba organizar os Premios da crítica dentro da Fundación Premios da Crítica: Suso nunca escapaba cando tocaba asumir responsabilidades que esixían unha maior dedicación ou un maior esforzo, fose a presentación do acto de entrega dos premios, ou fose encargarse de facer a loa do galego egrexio. Entrega que non escamoteou cando durante dous anos formou parte da Comisión Técnica para a elaboración do Plan Xeral de Normalización Lingüística, ao que se entregou en corpo e alma cunha pasión propia de quen está convencido de que está facendo algo transcendental para o porvir da súa lingua, da súa cultura, do seu pobo. Pasión, en fin, que todos os galegos puideron constatar na preparación da serie de programas “Ben falado”, que chegaba cada día aos telespectadores da TVG, no que calquera observador podía decatarse de que Xesús Ferro rebía amor e pasión por Galicia en cada unha das mensaxes que transmitía.

Por isto e por moitas outras razóns, o Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades acordou realizar este libro de homenaxe no que pretendemos dar a coñecer a personalidade de Xesús Ferro Ruibal, pero tamén a transcendencia do seu labor investigador. Libro de homenaxe no que, ademais, os seus amigos lle poidan expresar a admiración que senten por el e o agradecemento ao seu labor de tantos anos, da mellor maneira que o saben facer, contribuíndo con algún traballo de investigación ao avance da ciencia e do coñecemento.

En nome de todos os que participan nesta obra, quero agradecerche, Suso, canto levas feito e canto farás aínda por Galicia: o teu traballo realizado con amor e con pasión, o traballo dos bos e xenerosos, sempre deixa pegada, deixa pegada na sociedade, deixa pegada na Terra, pero ademais enche os corazóns dos que tivemos ocasión de compartir contigo inquietudes e desvelos. Beizón.

I. BIOGRAFÍA E PERSONALIDADE DE XESÚS FERRO RUIBAL

Xesús Ferro Ruibal: anotacións biobibliográficas

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Non pretendemos nestas páxinas ofrecer unha visión completa nin da vida nin dos traballos de Xesús Ferro Ruibal. Xesús Ferro é un home que deixou pegada en todos os lugares por onde pasou: como estudante, como profesor, como investigador, como académico, como divulgador. Nestas anotacións tratamos simplemente de chamar a atención sobre algúns feitos, ao noso xuízo relevantes, no percurso vital do noso homenaxeado. Quero agradecer a axuda prestada por María Xesús Fernández Lopo, que nos permitiu esclarecer e precisar non poucos datos dos que só ela tiña información precisa

- 1944 O 28 de setembro de 1944 nace na Bouza, parroquia de Rebón, concello de Moraña (Pontevedra) D. Xesús Ferro Ruibal, fillo de Xesús Ferro Batallán e de María Ruibal Fernández.
- 1948 O coronel Iglesias ofrécelle traballo a seu pai na construción do Aeroporto de Santiago. Instálanse na Almaciga, logo na rúa do Rosario, e posteriormente na Rúa do Medio cos pais e a súa irmá Marisa. A irmá maior queda na aldea cos avós.
- 1954 Comeza terceiro no Seminario de San Martiño Pinario, como alumno externo, despois duns anos de preparación na Academia de Don Modesto nas Casas Reais. Máis tarde entra como alumno interno.
- 1961 A familia trasládase a vivir a Pontepedriña. Ten moita relación con Vilasó, párroco do Castiñeiriño, que o marcará na maneira de ver o mundo. Anos máis tarde, desde Roma e Vigo, colaborará na revistiña *Fátima*
- 1965 Remata os estudos de Teoloxía no Seminario de Santiago. Ó non ter anos para ordenarse, e animado por Vilasó e o seu profesor Silva, que posteriormente acabaría rexentando a librería *Follas Novas*, e mesmo pola súa irmá Marisa, marcha cunha bolsa de estudos do Cardeal Quiroga Palacios a Roma para realizar estudos de Filoloxía Clásica, aínda que a súa ilusión era a de facer estudos de psicoloxía ou de socioloxía. Alí, no Colexio español, coincidirá con Torres Queiruga,

Montero Santalla, Pedro Varela, Trillo Pérez e outros galegos cos que constituirán o *Grupo dos irmandiños*

- 1969 Remata os estudos de Filoloxía Clásica en Roma. Regresa a Santiago, e dá durante un período moi breve de tempo as súas primeiras clases na Academia Xuventude. En outubro dese mesmo ano comeza a traballar como profesor de latín no colexio Curros Enríquez de Vigo. Nese colexio organiza actividades complementarias os sábados á mañá nas que os directores das diferentes seccións son alumnos, e mesmo Valentín Arias dá un curso de galego. Edita unha revistiña co nome de *Fálase*
- 1971-1974 Convalidación de estudos na Universidade de Santiago.
- 1973 O 24 de marzo de 1973 casa en Vigo con María Xesús Fernández Lopo.
- 1974 “Carta aos cristiáns de Galicia”, *Grial*, XII/43, 1974:54-77.
- 1975 Fai oposicións ao Corpo de profesores agregados de ensino medio de latín, e obtén o seu primeiro destino no Instituto de Ensino Medio Concepción Arenal de Ferrol, no que exercerá ata o ano 1983. O 17 de maio do 1976 comeza a celebrar no Instituto o día das Letras Galegas.
- 1978 A editorial Sept de Vigo publica *O Novo Testamento* en cuxa tradución ao galego tivo unha participación importante.
- 1978 No Instituto Concepción Arenal, no ano que foi Secretario do Centro, 1977-78, organiza unha Semana das Letras Galegas, na que xuntou os alumnos do Instituto Masculino e do Instituto Feminino para escoitar, entre outros, o Mago Antón, Pilocho, Romaní ou Méndez Ferrín.
- 1979 “Oracións e ditos relixiosos galegos”, *Encrucillada* 12, pp. 163-195
- 1979 “Galicia existe e resiste”, *Encrucillada*, 13, 1979, pp. 6-11.
- 1979 Vai, como suplente, na candidatura ás eleccións municipais do Concello de Narón, na lista de Unidade Galega, encabezada por Martínez Aneiros, que resultaría elixido alcalde deste Concello.
- 1979 “Oracións e ditos relixiosos galegos”, *Encrucillada*, 12, 1979, pp. 45-77.
- 1980 Durante a década do 1980 encárgase de maneira discontinua da redacción da sección Rolda da cultura da revista *Encrucillada*.
- 1980 O 21 de marzo nace o seu fillo Martiño

- 1980 *Cómpre aprendermos en galego*, *Encrucillada*, 17, 1980, pp. 25-48
- 1982 *De varia Christianorum habitudine erga cultum et rem classicam*, Barcelona: ETD, 1982. A súa tesina de Roma
- 1983 *Dido e Eneas. Xénese nacemento e vida de dous personaxes polémicos da Eneida*. Concepción Arenal. Monogr 1, Santiago, 1983. Edición de autor.
- 1983 Accede ao Corpo de catedráticos de ensino medio de latín, e trasládase ao Instituto Pino Manso do Porriño, onde exercerá ata o ano 1986, e no que ocupará un curso o cargo de vicedirector .
- 1984 Aparece publicado “O acordo ortográfico e morfolóxico de 1982. Entre a utopía foneticista e as hereografías lusistas”, en Funcación Labaca: *I Encontros Labaca: Ponencias*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 1984, pp. 177-307. Reeditado parcialmente en *Actas das I Xornadas da Lingua Galega no ensino* (Santiago de Compostela, 1984), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1984, pp. 42-58.
- 1984 Publica, como coautor, *De onte a hoxe. Latín 2º de BUP*. Santiago: Xunta de Galicia, libro de texto para o estudo do latín desde a lingua e a cultura galegas, que será reeditado o ano 1989 por Edicións Xerais (Vigo)
- 1984 “Reflexións sobre a Lei de Normalización Lingüística e a infraestrutura cultural galega cara á normalización”, *Encrucillada*, 38, 1984, pp. 74-85.
- 1985 “A cuestión do vocabulario científico”, *Lingua e Administración*, 5, 1985, p. 4.
- 1986 O 10 de novembro nace a súa filla Minia.
- 1986 Trasládase ao Instituto “Salvador Moreno” de Marín (hoxe IES Illa de Tambo), onde sería director o curso 1990-1991. Alí organizou os Certames de piano.
- 1986 Premio Galicia de Xornalismo.
- 1986 O curso 1986-1987 ten un ano sabático, que aproveita para preparar o *Refraneiro galego básico*, que será publicado en Vigo pola editorial Galaxia no 1987.
- 1987 “Deus tamén fala galego”, *Encrucillada*, 53, 1987, pp. 45-52.

- 1987 *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago: Consello da Cultura Galega, 1987
- 1988 “Rolda da cultura. I. A lingua”, *Encrucillada*, 57, 1988, pp. 79-86.
- 1988 “Galego: trauma paterno. Unha ducia de tranquilizantes”, *Encrucillada*, 56, 1988, pp. 67-69.
- 1989 “Clero e lingua, o primeiro estudio sociolóxico”, *Encrucillada*, 64, 1989, pp. 364-372.
- 1989 A editorial Sept publicou unha tradución da Biblia ao galego, en cuxa tradución tomou parte.
- 1990 É nomeado vogal do Seminario de «Análise de texto», que dirixía Manuel González González, encargado de marcar as directrices desta materia nas Probas de acceso á Universidade.
- 1990 “Lingua galega e relixión”, *Grial* 107, pp. 335-357.
- 1990 “Lingua galega e relixión”, *Grial*, XXVIII/107, 1990, pp. 335-357
- 1990 Publica, como coautor, *Novos textos para a introducción no latín. 3778 refráns latinos* Santiago, ed. dos autores.
- 1990 Publica un artigo semanal en La Voz de Galicia.
- 1991 Premio Julio Camba polo artigo, publicado en La Voz de Galicia *Morrer en Caritel*.
- 1991 “O moucho na tradición oral”, *Animal*, 2, 1991, p. 18
- 1992 “A lingua, espello do pobo”, *Irimia*, 383, 1992, p.16.
- 1992 Publica dous relatos, un titulado “A miña oportunidade”, e o outro “Os papiros do Medulio” para os *Contos do Castromil*, colección de contos editados pola empresa Castromil para repartir entre os seus viaxeiros.
- 1992 “A planificación do corpus no galego”, *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega (Santiago de Compostela, 1990)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Xuventude, 1992, pp. 375-382.
- 1992 “Linguas asimétricas”, *Irimia*, 382, 1992, p. 16.
- 1992 “Lingua e historia”, *Irimia*, 385, 1992, p. 16 (1); 386, 1992, p. 16 (2); 387, 1992, p. 16 (3); 388, 1992, p.16 (4); 389, 1992, p. 16 (5); 390, 1992,

- p.16 (6); 391, 1992, p.16 [7]; 392, 1992, p.16 [8]; 393, 1992, p. 16 (9); 394, 1992, p.16 (10).
- 1992 Ferro Ruibal, Xesús (dir.); Boullón Agrelo, A. I.; García Álvarez; X. M.; Lema Suárez, X. M.; Tato Plaza, F. R.: *Diccionario dos nomes galegos*, Vigo: Ir Indo, 1992.
- 1992 “Lingua, hábitat e clima”, *Irimia*, 384, 1992, p. 16.
- 1992 É autor do texto paralitúrxico da XV Romaxe de crentes galegos de 1992.
- 1992 Empeza a colaborar con notas fraseolóxicas na revista *Irimia*, colaboración que se estenderá ata o ano 1996.
- 1992 “Literatos na aldea”, *Irimia*, 381, 1992, p. 16.
- 1992 “Os verdadeiros mestres”, *Irimia*, 380, 1992, p.16.
- 1992-1993 “Lingua e tradicións”, *Irimia*, 395, 1992, p.16 (1); 396, 1992, p. 16 (2); 397, 1992, p. 16 (3); 398, 1992, p. 16 (4); 399, 1992, p. 16 (5); 400, 1992, p. 16 (6); 401, 1993, p. 16 (7); 402, 1993, p. 16 (8); 403, 1993, p. 16 (9).
- 1993 Loa de Francisco Fernández del Riego, que recibiu o recoñecemento de galego egrexio no 1993 pola Fundación Premios da Crítica Galicia
- 1993 “O aforro do perexil”, *Irimia*, 416, 1993, p. 16.
- 1993 “A forza de pon pon”, *Irimia*, 418, 1993, p. 16.
- 1993 “Lingua e humor”, *Irimia*, 404, 1993, p. 16 (1); 405, 1993, p. 16 (2); 406, 1993, p. 16 (3); 407, 1993, p. 16 (4); 408, 1993, p. 16 (5); 409, 1993, p. 16 (6); 410, 1993, p. 16 (7); 411, 1993, p. 16 (8); 412, 1993, p. 16 (9); 413, 1993, p. 16 (10); 414, 1993, p. 16 (11); 415, 1993, p. 16 (12).
- 1993 “Aforrar para o diaño”, *Irimia*, 417, 1993:16.
- 1993 Colabora un día á semana na Radio Galega.
- 1993-1994 “Ditos do mundo agrícola”, *Irimia*, 419, 1993, p. 16 (1); 420, 1993, p. 16 (2); 421, 1993, p. 16 (3); 422, 1993: 16 (4); 423, 1993, p. 16 (5); 424, 1994, p. 16 (6); 425, 1994, p. 16 (7); 426, 1994, p. 16 (8); 427, 1994, p. 16 (9); 428, 1994, p. 16 (10); 429, 1994, p. 16 (11); 430, 1994, p. 16 (12); 431, 1994, p. 16 (13); 432, 1994, p. 16 (14); 433, 1994, p. 16 (15); 434, 1994, p. 16 (16); 435, 1994, p. 16 (17); 436, 1994, p. 16 (18); 437, 1994, p. 16 (19); 438, 1994, p. 16 (20).

- 1994 Loa de Andrés Torres Queiruga, que recibiu o recoñecemento de Galego Egrexio no 1994 pola Fundación Premios da Crítica Galicia
- 1994 Ferro Ruibal, Xesús (dir.): *O teu nome*, Vigo, Ir Indo, 1994. Trátase dunha versión reducida e revisada do *Diccionario de nomes galegos*.
- 1994 No mes de marzo deste ano morre o seu pai.
- 1994 É chamado por Constantino García para traballar no Centro Ramón Piñeiro, que acababa de ser creado, daquela denominado «Centro de investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro», onde desenvolverá unha extraordinaria actividade no ámbito da terminoloxía, e onde porá en marcha a revista «Cadernos de fraseoloxía galega».
- 1994 Benavente Jareño, Pedro; Ferro Ruibal, Xesús: “A vaca como metáfora en galego”, *Paremia*, 3, 1994, pp.:107-114.
- 1994-1995 “Ditos da auga”, *Irimia*, 439, 1994, p. 16 (1); 440, 1994, p. 16 (2); 441, 1994, p. 16 (3); 442, 1994, p. 16 (4); 443, 1994, p. 16 (5); 448, 1995, p. 16 (10); 449, 1995, p. 16 (11); 450, 1995, p. 16 (12); 451, 1995, p. 16 (13); 452, 1995, p. 16 (14); 453, 1995, p. 16 (15); 454, 1995, p. 16 (16); 455, 1995, p. 16 (17); 456, 1995, p. 16 (18); 457, 1995, p. 16 (19).
1995. Foi elixido académico de número, a proposta de Constantino García González, Carlos Casares Mouriño e Andrés Torres Queiruga. Sucede na cadeira a Enrique Vidal Abascal.
- 1995 “Face-las cousas ó vultuntún”, *Irimia*, 458, 1995, p. 16.
- 1995 “Máis sobre a carabina de Ambrosio”, *Irimia*, 460, 1995, p. 16.
- 1995 “Todo empezou con Sarmiento”, *Irimia*, 450, 1995:8-10,
- 1995 “A carabina de Ambrosio”, *Irimia*, 459, 1995, p. 16.
- 1995 “O galego resiste moi ben”, *Luzes de Galiza*, 26, 1995, pp. 11-12.
- 1995 “A situación do galego non é dramática”, *Irimia*, 473, 1995, pp. 8-9.
- 1995 “Sarmiento no espello escachado das súas cartas”, *Encrucillada*, 94, 1995, pp. 5-36.
- 1995 Benavente Jareño, Pedro; Ferro Ruibal, Xesús: *Refraneiro galego da vaca*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995.

- 1995 *Refráns da xustiza*, [s.l.], Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia / Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, 1995.
- 1995 O 13 de maio de 1995 fai a loa de Xosé Filgueira Valverde cando a Fundación Premios da Crítica lle outorgou o galardón de Galego Egrexio
- 1995-1996 “Ditos do lume”, *Irimia*, 461, 1995, p. 16 (1); 462, 1995, p. 16 (2); 463, 1995, p. 16 (3); 465, 1995, p. 16 (4); 466, 1995, p. 16 (5); 467, 1995, p. 16 (6); 468, 1995, p. 16 (7); 469, 1995, p. 16 (8); 470, 1995, p. 16 (9); 471, 1995, p. 16 (10); 472, 1995-96, p. 16 (11); 473, 1996, p. 16 (12); 475, 1996, p. 16 (13); 476, 1996, p. 16 (14); 477, 1996, p. 16 (15); 478, 1996, p. 16 (16); 479, 1996, p. 16 (17); 480, 1996, p. 16 (18); 481, 1996, p. 16 (19); 482, 1996, p. 16 (20); 483, 1996, p. 16 (21); 484, 1996, p. 16 (22); 489, 1996, p. 16 (23); 490, 1996, p. 16 (24).
- 1996 “Máis sobre a auga do paxaro”, *Irimia*, 487, 1996, p. 16.
- 1996 “Volvendo á auga do paxaro”, *Irimia*, 486, 1996, p. 16.
- 1996 O 4 de maio de 1996 ingresa como académico de número da RAG co discurso *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, (A Coruña: RAG, 1996), ao que lle respondeu en nome da institución D. Carlos Casares Mourinho
- 1996 “A lingua como radiografía da nosa Igrexa”, *Encrucillada*, 100, 1996, pp. 145-150
- 1997 “Centenario de Vicente Luís Llopiz Méndez (Olavarria, Buenos Aires 19.4.1896 / Barcelona 22.7.1965) O máis importante e inédito paremiólogo galego”, *Paremia*, 6 [= *Actas del I Congreso Internacional de Paremiología (Homenaje al Prof. Pedro Peira Soberón) (Madrid, 1996)*], 1997:205-206.
- 1997 “Deus e mailo demo no refraneiro galego”, *Paremia*, 6 [= *Actas del I Congreso Internacional de Paremiología (Homenaje al Prof. Pedro Peira Soberón) (Madrid, 1996)*], 1997:207-222.
- 1997 Coordina o I Coloquio Galego de Fraseoloxía
- 1997 Loa de Isaac Díaz Pardo, que recibiu o recoñecemento de Galego Egrexio no 1997 por parte da Fundación Premios da Crítica Galicia

- 1997 “Centenario de Vicente Llopiz Méndez”, *Paremia* 6, 205-207.
- 1998 “Palabras milenarias” (*Irimia* 545,1998-1999,7)
- 1998 “Porcentaxes de galego na prensa diaria. Dúas catas en outubro e novembro de 1998”, *Cadernos de Lingua*, 18, 1998:29-51.
- 1998 “Diccionario de Fraseoloxía Galega. Estado actual dos fondos e dos traballos”, en Xesús Ferro Ruibal (ed.) e M^a Jesús Anido Silvosa, M^a do Carme Lamela Villaravid e M^a Clara Viqueira Liñares (eds. e trads.), *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas* [Santiago de Compostela, 1997], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998:289-311.
- 1998 Ferro Ruibal, Xesús (coord.); Anido Silvosa, María Jesús (ed. e tr.); Lamela Villaravid, María do Carme (ed. e tr.); Viqueira Liñares, María Clara (ed. e tr.): *I Coloquio Galego de Fraseoloxía: Actas* [Santiago de Compostela, 1997], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998.
- 1998 Ferro Ruibal, Xesús; Anido Silvosa, María Xesús; Lamela Villaravid, Carme: *Galegos de por vida. Esquelas e lápidas en galego*, Santiago de Compostela, euroGráficas Pichel / Dirección Xeral de Política Lingüística, 1998.
- 1998-1999 Publica varias notas fraseolóxicas en *Tabeirós Terra*
- 1999 “Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego” (*Viceversa* 5, 1999, 11-39)
- 1999 “Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego”, *Viceversa*, 5, 1999:11-39.
- 1999 “Tres escritores latinos na Galicia do século XX”, en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.): *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, II. Literatura, [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999:555-573.
- 2000 “Algúns textos relixiosos galegos anteriores á admisión do galego como lingua litúrxica”, en López Muñoz - Ferro Ruibal (2000): *A palabra fai camiño*. A Coruña: Asociación Irimia; 43-159)

- 2000 “Xosé Filgueira Valverde”, *BRAG*, 361, 2000:311-315.
- 2000 No mes de abril de 2000 perde a súa nai. En setembro trasládase a familia a Santiago.
- 2000 Sae do prelo o primeiro número de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, revista internacional de fraseoloxía escrita integramente en galego, que vai dirixir ata o ano 2015.
- 2000 Taboada Chivite, Xesús; Ferro Ruibal, Xesús (coord.); Valiño Ferrín, Isabel (ed.); Veiga Díaz, María Teresa (ed.): *Refraneiro galego* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 2], [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000.
- 2000 López Muñoz, Daniel; Ferro Ruibal, Xesús: *A Palabra fai camiño*, [Santiago de Compostela], Asociación Irimia, 2000.
- 2001 “Moraña e Cuntis na guerra da independencia (1809). Un relato anónimo de 1815”, *A Taboada*, III, 2001:7-62
- 2002 “A fraseoloxía galega, espello de Galicia e dos galegos”, en *Congresso “Cultura Popular da Galiza e Norte de Portugal”: Literatura - Música - Antropología Cultural: Actas do Congreso realizado no Porto, nos días 12, 13 e 14 de Setembro de 2001*, [s.l.], Delegação Regional da Cultura do Norte, [2002]:123-132.
- 2002 “Lingua, vida cotiá e corridas de touros: Miscelánea inédita de Fr. Martín Sarmiento”, *BRAG*, 363, 2002:63-93.
- 2002 “Sarmiento, o eclesiástico creador do galeguismo”, *BRAG*, 363, 2002:217-232.
- 2002 “Refraneiro galego máis frecuente”, [A Coruña], *La Voz de Galicia*, 2002.
- 2002 Crea, en colaboración cun equipo de informáticos, *O Preguntoiro*, un xogo educativo de cultura galega, semellante ao Trivial
- 2002-2004 Participa, como membro da Comisión Técnica, na elaboración e redacción do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega”, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia no 2004
- 2003 Vázquez Saco, Francisco; Beloso Gómez, Josefa (ed.); Buján Otero, Patricia (ed.); Ferro Ruibal, Xesús (ed.); Paz Roca, María Carmen (ed.):

- Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 5], Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 9]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], , Formato: PDF, [Consulta: 02/06/2004].
- 2003 Ferro Ruibal, Xesús; Vidal Castiñeira, Ana: “Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega”, *CFG*, 4 , 2003:35-58.
- 2003 Buján Otero, Patricia [ed.]; Ferro Ruibal, Xesús [ed.]; Paz Roca, María Carmen [ed.]; Rodríguez Añón, Marta [ed.]; Vidal Castiñeira, Ana [ed.]: “Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)”, *CFG*, 4 , 2003:173-343,
- 2004 “Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas”, *CFG*, 6, 2004: 57-80
- 2004 “O Cantigueiro popular da Limia Baixa de Xaquín Lorenzo”, *BRAG*, 365, 2004:93-122.
- 2004 “Notas para un Manual de resistencia lingüística”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 2004:257-281.
- 2004 “Gallicia / Gallizia / Gallisia / Galliza. O nome castelán da nosa terra”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2004:259-283.
- 2005 “Unha sociolingüística cualitativa e terapéutica para a Galicia de hoxe” en *Cadernos de lingua* 27, 2005, 5-35
- 2005 “Onomástica gallega: lo hecho y lo por hacer”, en José Luis Ramírez Sádaba (coord.) et al., *La Onomástica en Navarra y su relación con la de España: Actas de las primeras Jornadas de Onomástica (Pamplona, 2003)*, Pamplona, Universidad Pública de Navarra = Nafarroako Unibertsitate Publikoa, 2005:35-90.
- 2006 Ferro Ruibal, X.; Veiga Novoa, Cristina (eds.): “Parecias selectas. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llopiz Méndez”, *CFG*, 8, 2006: 265-315.


- 2006 “Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas”, *CFG*, 8, 2006:179-264.
- 2006 “A primeira tradución do Magnificat ó galego”, *Cadernos de Lingua*, 28, 2006:5-24. |
- 2006 É nomeado secretario do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, función na que sucedeu a Luis Alonso Gírgado, e que exercería ata a súa xubilación.
- 2007 Ventín Durán, José Augusto; Ferro Ruibal, Xesús (ed.); Rial Santos, Raquel (ed.); Salgueiro Veiga, Emma María (ed.); Vidal Castiñeira, Ana (ed.): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2007.
- 2007 “¿Por que falamos o galego?”, *Encrucillada*, 153, 2007:75-86.
- 2007 “Reflexións verbo da naonimia de Galicia”, en Luz Méndez e Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Onomástica, 2007:581-612
- 2007 “Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?”, *CFG*, 9, 2007: 67-94
- 2008 “O bispo Araújo e maila lingua”, *Encrucillada*, 156, 2008:46-49.
- 2008 “A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística, n María Álvarez de la Granja (ed.), *Lenguaje figurado y motivación: Una perspectiva desde la fraseología*, Frankfurt am Main / Berlin / Bern / Bruxelles / New York / Oxford / Wien, Peter Lang, 200129-190.
- 2008 Fernández Álvarez, Bieito; Ferro Ruibal, Xesús (ed.): “Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro”, *CFG*, 10, 2008:241-253
- 2008 O 21 de xullo de 2008 emítese o primeiro capítulo de “Ben falado!”, un microespazo da TVG sobre a lingua galega, ideado, dirixido e presentado por Xesús Ferro, do que se emitirían 480 capítulos, realizados coa produtora Pórtico, e que foron tamén editados en DVD, cos títulos de “Ben falado!” (2010) e “Ben falado!. Volume 2” (2012).

- 2008 “A fraseoloxía como fonte lexicográfica”, en Ernesto González Seoane, Antón Santamarina e Xavier Varela Barreiro (eds.), *A lexicografía galega moderna: Recursos e perspectivas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 2008, p. 167-182.
- 2009 “O galego no espello do inglés”, *Xarmenta*, 4, [2009]:14-15.
- 2009 “Miguel Grande, un cura dos que Galicia debeu ter”, en Evencio Domínguez Lorenzo (coord.), *Miguel, un cura grande en Parada de Outeiro*, Vigo, Ir Indo, D.L. 2009:121-128.
- 2009 Grygierzec, Wiktorja; Ferro Ruibal, Xesús: “Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués”, *CFG*, 11, 2009: 81-111
- 2009 Ferro Ruibal, Xesús; Groba Bouza, Fernando (2009): “Dichos y refrenes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951) (ms. RAG-C170/5)”, *CFG*, 11, 2009: 259-282.
- 2010 “Inferno e gloria” (Vigo: Sept 2000), un inédito teolóxico en galego de Celestino García Romero.
- 2010 Publica o relato “Non hai resposta mellor có amor”, Travibús.
- 2010 “Dentes e moas na fraseoloxía galega”, *CFG*, 12, 2010: 69-126.
- 2010 Benavente Jareño, Pedro; Ferro Ruibal, Xesús: *O libro da vaca: Monografía etnolingüística do gando vacún*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2010.
- 2011 “Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía”, *CFG*, 13, 2011:77-111.
- 2011 “Nota verbo da repetición de palabras en galego”, *ELG*, 3, 2011:227-238.
- 2012 “Parecias meteorolóxicas galegas: crítica e hermenéutica deste xénero literario”, *Géolinguistique*, 13, 2012:65-125.
- 2012 “Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)”, *CFG*, 14, 2012:99-163,
- 2012 “Fraseoloxía e paremioloxía galega anotada por José Pérez Ballesteros (1833-1918), *CFG*, 14, 2012 : 309-333.

- 2012 “A fraseoloxía de Vilar de Ortelle (Pantón) recollida por Xosé Val Val”, en Xosé Val Val, *Díxoo ou predicouno? Ditos populares*, Lalín, ed. do autor, 2012:5-16
- 2013 “Ser - parecer - facerse de Angrois. Relacións de clase e caducidade fraseolóxica en estereotipos de ignorancia e indiferenza”, *CFG*, 15, 2013: 141-182.
- 2013 O 16 de marzo de 2013 realiza a loa de Manuel González González no acto de nomeamento deste como fillo predilecto do Concello de Mazaricos.
- 2014 “Locucións, fórmulas e paremias galegas anotadas por Couceiro Freijomil (1888-1955)”, *CFG*, 16, 2014:319-355.
- 2014 No segundo semestre de 2014 publica en La Voz de Galicia unha serie de artigos salientando a importancia lingüística e cultural de Filgueira Valverde, e defendendo o seu nomeamento como persoeiro ao que a RAG acordou dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2015.
- 2014 “Fraseoloxía e paremioloxía castelá nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)”, *CFG*, 16, 2014: 93-180
- 2014 Xubírase ao facer os 70 anos, pero a súa actividade continúa máis viva ca nunca, porque hai aínda moita terra que labrar.
- 2015 “Semblanza de Modesto Hermida” en: X. Alonso Montero e Antón Pulido (eds.): *Polos vieiros das palabras. Homenaxe a Modesto Hermida*, Vigo, Ir Indo, 2015.
- 2015 *Xosé Filgueira Valverde*, [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2015], [Formato: PDF], [Consulta: 26/05/2015].
- 2015 *Xosé Filgueira Valverde, O noso Adral*, A Coruña: La Voz de Galicia. Volume que reúne unha colección de artigos de Filgueira Valverde, reunidos por Xesús Ferro, e que foi distribuído entre os lectores de La Voz de Galicia o 17 de maio de 2015.
- 2015 O 16 de maio, véspera do Día das Letras, realízanlle unha longa entrevista na cadea de Radios Municipais Galegas sobre a figura de Filgueira Valverde.

Xesús Ferro Ruibal: cabeza, pés e corazón

FINA CASALDERREY¹



Xesús Ferro Ruibal. Caricatura de Siro

Presentación

A miúdo atopamos no camiño con persoas coas que nos presta cadrarmos e cando, coma hoxe, xorde a oportunidade de llo poder expresar, tomámolo por un privilexio. Así me sinto eu, afortunada de poder participar nesta declaración conxunta de admiración e afectos que dende o Ramón Piñeiro se lle rende a Xesús Ferro Ruibal. A min, abofé, servíume para achar novos ángulos da súa inxente traxectoria vital.

Velaquí catro estampas para un retrato:

¹ Agradecementos: a M^a Xesús Fernández Lopo, a Marugha, Marisa e Fina Ferro Ruibal, a Andrés Torres Queiruga, a Anxo G. Guerra e a Victoria Ogando, por sentaren canda min nun banco da memoria para confeccionar este retrato. Sen a súa axuda, non sería o mesmo

2. Entre A Bouza, Mane e Grixó: primeira biografía das emocións



FOTO Nº 2. A casa natal da Bouza

“A Bouza”, ese é o nome que figura na parede da fachada da casa onde, un 28 de setembro de 1944, naceu Xesús Ferro Ruibal, Suso. Alí, a carón da porta de entrada, para que quen queira que pase non o esqueza, puxo el o nome deste lugar da parroquia de Rebón, pertencente ao concello de Moraña. E é que o nome dos lugares, o mesmo que o das persoas ou o mesmo que as frases de noso, os refráns ou as palabras todas, foron e seguen a ser para Suso a máis importante riqueza patrimonial de Galicia que nos diferencia como pobo; de aí que empeñase gran parte da súa vida en restituír e preservar o tesouro da nosa fala, como dan fe múltiples traballos e publicacións.

A súa avoa e o seu avó maternos eran feirantes: mercaban e vendían ovos, millo, centeo, fabas... que habían de levar dende a súa casa de Mane (concello de Barro) ata o lugar da Bouza (concello de Moraña) por camiños de terra. Ante as dificultades que moitas veces supoñía o traslado, decidiron facer, na leira que tiñan ao pé da estrada, unha casa pequena que lles servise de almacén. Chegaron os tempos difíciles da posguerra, acomodárona e comezaron a durmir alí para evitar posibles roubos. E nela quedaron a vivir ata que a filla, María Esperanza Ruibal Fernández, casou con Xesús Ferro Batallán, de Grixó (na veciña parroquia de Santa Cruz de Lamas). Os avós volveron a

Mane, montaron alí unha taberna e é a filla quen queda na casa; unha casa que vai medrando á par que aumenta a familia. Esta parella nova vai termar do negocio das feiras ata que el comece a traballar como carpinteiro.



FOTO Nº 3. Suso e súa irmá Marisa coa nai e o pai (1945)

Entre a casa materna e a paterna pasou o neno Suso os seus primeiros anos. Alí, en Mane e na Bouza, aprendeu a dar os primeiros pasos, a experimentar os labores do campo e alí saboreou por primeira vez os deliciosos bolos do pote —*amasotes*, diciámoslles en Xeve— e as filloas, manxares que aínda na actualidade lle reclama á súa irmá maior, Marugha, e que ela aprendeu dos avós de Mane cos que se criara. Son sabores fantásticos que Suso leva tatuados na epiderme da alma, pois, como diría Jean A. Brillat Savarin, “*O animal come, o home aliméntase e só o home de talento saborea*”.

De Grixó vénlle a súa afección á música, o mesmo que os seus curmáns Palmiro e Oscar ou ca Luís Emilio Batallán. Foi seu pai o primeiro en seducir o seu oído e a súa vista coas melodías de acordeón. Un acordeón italiano que lle trouxera a súa curmá Elsa dende Arxentina e que o acompañaba a todas partes coma un ser vivo, incluso en tempos de guerra. No Alto dos Leóns, en Navacerrada, quizais co toureiro Dominguín coma compañeiro de refuxio, este carpinteiro afable e traballador, tentaba escorrentar a barbarie dos enfrontamentos tocando algunha das pezas que aprendera de maneira autodidacta para fabricar, así, un oasis de paz no medio das atrocidades.



FOTO Nº 4. Na Ponte Maceira coa nai, o pai e as irmás. De dereita a esquerda: Marugha, Marisa, Suso e Fina

Tamén Suso, coma noutroa seu pai, adoita levar no coche o seu acordeón, coma un apéndice de si mesmo, por se xurdise a ocasión propicia de o tocar. Un acordeón pequeniño, quizais para non asustar co seu peso a un cativo que queira iniciarse nesa arte, como é o caso do seu sobriño-neto, Nuno, excelente discípulo. Quizais se, no seu día, Minia, a súa filla, dese cun acordeón así, en lugar do que lle mandaron mercar no conservatorio, máis grande ca ela mesma, hoxe sería unha virtuosa, como a el lle tería gustado.

En Grixó precisamente, naquela casa da avoa paterna, na parroquia de Santa Cruz de Lamas, foi onde comezou o neno Suso a escoitar de maneira habitual outro tipo de música, a das palabras en galego, no galego da familia que fluía

coma a auga de manancial, nun tempo no que eramos moitas e moitos os que estabamos no mundo, pero fóra do mapa, como el mesmo ten dito, ao considerarmos a lingua galega exclusiva para o uso doméstico. Alí, naquela cociña de fartura e afectos na que cabían todos os veciños —quizais porque na casa de Grixó calquera hora era boa para poñer o pote ao lume e ofrecer ao visitante unha cunca de caldo— e arredor daquela lareira máxica na que cabían todos os talos da rapazada, contra a noitiña, irmáns e curmáns escoitaban, nesa lingua familiar, as máis aterrecedoras historias da Santa Compañía. Historias que os paralizaban gozosamente á hora de se iren deitar, ata non seren quen de se moveren do sitio, mais que convertían cada noite en especial. Como diría o raposo ao seu amigo o principiño: “os ritos son necesarios porque fan que un día sexa diferente doutro día”, e aqueles días foron únicos.



FOTO Nº 5. Santa Xusta (Moraña 1946-1947). O neno Suso con toda a familia arredor de mamá Manuela, a Naveira

Alí, na *casa da Naveira* —a súa avoa por segundo apelido levaba Naveiro— gravou Suso, talvez sen o saber, as primeiras frases de noso e os primeiros *Ben falado* que, moito despois, deron lugar a aquel programa da televisión de Galicia que nos lembra ese seu talante, e talento, para buscar o lado positivo das cousas: “Ves como sabes?” animaba un neno ou unha nena. Ou recordar o verso co que remata a letra dunha canción sobre o monte Medulio, que el mesmo musicou e que está recollida nos *Contos do Castromil*: “Nunca pra nós será triste o solpor”. El ten por lema aquilo de que “As cousas importantes sempre nos saen ben”. Son, estas, frases que falan do seu optimismo e do seu empeño en contaxialo.

En Mane, na Bouza e en Grixó experimentou as primeiras emocións e os primeiros medos. Como se podía sentir un cativo nos anos corenta, poño por caso, cando o subían ao carromato das mercadorías e pronunciaba as palabras feitiцеiras, “Arre, caballo!!”, para que *Lindo*, o cabalo da casa, comezase a tirar dende a Bouza cara a Campolameiro, Vilagarcía, ou Mosteiro? Ou, pola contra, que terror non lle podía entrar na eira de Mane, cando as atrevidas e ignorantes galiñas deran en confundir as meixelas coloradas do cativo cun par de cereixas maduras? Quizais o neno Suso fose demasiado pequeno para gardar memoria consciente dalgún destes feitos, mais a súa irmá Marisa, mestra de animada e frutífera conversa, pode acreditarllo.



FOTO Nº 6. Suso 1978

Non foi un cativo de trasnadas, con todo, cando aínda estaban na Bouza, aconteceu un feito que puido rematar na traxedia máis absoluta. Ían bañar os nenos, ferveron a auga, e o pai retirou o pote da trepia. Aquel neno de dous anos quixo imitar a seu pai e rematou por caer na auga extremadamente quente. Aínda que o seu pai lle acudiu de inmediato retirándoo da cazola e axiña o enchouparon en reparadora clara de ovo, aquel neno curioso non foi quen de abrir os ollos durante un tempo angustiados. O pai marchou a todo galope —montado no *Lindo*— ao Calvo na procura de don Amador, o médico. Ao final foron as transfusións de sangue directas de nai a fillo e as curas do señor Aníbal, o practicante, as que o salvaron dun desenlace fatal. Pasado un tempo, o neno, por ventura, rematou abrindo de novo os ollos para seguir a

beber o mundo con curiosidade de xigante e a moer pedriñas axeitadas para, coa colaboración da súa irmá Marisa, facer un peculiar café de infancia que ambos os dous adozaaban con moito azucre de imaxinación.

Por idade, Marisa foi a súa compañeira de xogos, máis tamén e a súa máis directa “rival” á hora de establecer as quendas para o uso e gozo do triciclo. Non foi esta a única vez que o neno Suso estivo a piques de desgraciar os ollos. Doutra volta cravou un cristal e tiveron que marchar de présa con el a Vigo: “E volviches cun xersei novo!”, recorda terlle reprochado Marisa. Conste que as falcatruadas do neno Suso partían das mellores intencións, tal foi o caso de cando, neno aseado e empeñado en que todos os días había que se lavar, se responsabilizou de mollarlle acotío a cara á boneca de cartón, que lle trouxeran os Reis a Marisa, ata que a esnaquizou de vez.



FOTO Nº 7. Velaquí o neno co xersei que lle mercaron ao saíren do oculista

A esa casa da Bouza, que herdou dos seus —el foi o único irmán que naceu nela—, volve Suso a miúdo, acompañado de Susi, a súa compañeira de camiño dende hai máis de corenta anos. Tamén a Mane, para lle levar a última publicación aínda quente a Marugha, e que esta recibe con orgullo. E á casa de Grixó, onda os curmáns e onda a lareira feiticeira que resiste as sucesivas reformas.

Cando escoita o topónimo *Moraña*, ou calquera outro que *Moraña* acubille, multiplica a súa atención para engulir con curiosidade de coloso calquera información que destes lugares descobre. Velaquí o testemuño de Fátima Ruibal, veciña da Amil (*Moraña*), noutrora alumna miña e hoxe profesora de secundaria e bacharelato:

“Eu coñecía de oídas a don Xesús Ferro porque miña avoa tiña moita relación con súa irmá Marugha e dicíame que don Xesús era un señor moi importante en Santiago. É de onda o cruce de Mane. Hai unha ponte xunta o bar *Rula*, pasas unhas curvas e vén Barosela, Alberghería e Santa Margharita... Por ese cruce que vai para a Amil, por aí ten el a casa. Logo, cando foi do *Ben falado*, xa empecei a saber da súa dedicación á lingua. Batín directamente con el cando presenteí unha comunicación nun congreso de Onomástica: *Os nomes de casa na Amil*, chameille. Empecei a falar e notei que el era o que máis se interesaba e o que máis preguntas me fixo no remate da miña intervención. Eu buscara datos nos arquivos parroquiais, que daquela seguían na Amil dende mil seiscientos longos. [...] Á parte de facer referencias a nomes de casas, atopara datos da guerra contra os franceses na zona de Pontevedra; alí falábase de *Moraña*, *Xeve*, *Berducido*... que loitaran en Pontesampaio e el preguntoume moito sobre iso, pero eu non souben darlle moita información, porque só ía buscando os nomes das casas, os nomes propios [...] Agora eses arquivos xa están en Santiago.”

Incluso nas cousas cotiás pousa Suso a atención, sabedor de que o profundo pode estar na superficie, morno polo sol. Un 19 de xaneiro de 2003 —axiña comprenderán por que podo recordalo con tal precisión— un home ao que coñecía, mais co que non tivera demasiadas oportunidades de manter trato en distancias curtas, achegouse a min para me dar o pésame polo pasamento do meu pai: “Lin a necrolóxica nun xornal, chamoume a atención porque viña en galego e aquí estou”. Era Xesús Ferro. Quizais *Moraña*, ese concello da provincia de Pontevedra con forma de corazón alongado, tecese un fío de simpatía recíproca entre nós. En *Moraña* naceu el e no Colexio Público Santa

Lucía de Moraña desenvolvín eu a parte máis importante da miña actividade profesional como ensinante. Foron 25 anos que me deron para coñecer máis esa terra ca o propio lugar onde nacín.

Doutra volta, viñamos dunha reunión da RAG, no seu coche, con Ramón Lorenzo como testemuña. Eu asegurei —arredor do tema gastronómico que, quizais pola hora, nos ocupaba— que pola zona de Pontevedra aínda se fan empanadas con talladas enteiras, coma aquela de galiña da que fala a cantiga nº 57 de Afonso X o Sabio, que leva unha muller que vai en romaría á Virxe de Monserrat e da que lle rouban un zanco. Suso estrañouse da existencia desas empanadas, daquela porfiei que en Moraña tamén se fan. Días despois recibín un correo seu: “Confirmado. En Moraña hai empanadas de peixe con espiñas e de carne con ósos. Eu nunca a acordo pero a xente dime que si, que a había e que a hai: así que sabes ti máis de Moraña ca min”.



FOTO Nº 8. Suso no estudio de Martiño. Na pantalla o *Ben falado*

Mais o certo é que todos os recunchos de Moraña lle interesan, e non atopo mellor razón que cara a eses lugares lle tiran con forza a cabeza, os pés e o corazón.

3. Santiago de Compostela: formación e retorno



FOTO Nº 9. Logo de facer o Camiño dende o Cebreiro (1991)

A vida, de cando en vez, vainos ciscando oportunidades que debemos apañar coma quen apaña amoriñas nas silveiras, aínda que veñan camufladas entre espiñas. E iso foi o que fixo Xesús Ferro Batallán, o pai de Suso, cando, rematada a ocupación como carpinteiro na Escola Naval de Marín, e pensando que tiña que regresar á casa, lle ofreceron a oportunidade de ir traballar ao aeroporto de Lavacolla. Corría o ano 1948 cando se iniciaron as obras do asfalto da pista. Dous foron os factores principais que propiciaron esta posibilidade: un, que collera as obras a mesma empresa que asumira as da

Escola Naval; e outro, que o coronel da aviación Francisco Iglesias Brage, veciño de Moraña, dono do Pazo da Toxeiriña —que hoxe alberga un museo que nos permite achegármonos á súa interesante figura— e amigo persoal do cura de Santa Cruz de Lamas, don Tomás Ruibal —tío de María Esperanza Ruibal—, fixo o resto.

Pouco despois de comezar os traballos no aeroporto, Xesús Ferro Batallán levou a familia canda el para Santiago. Un 15 de agosto chegou á Bouza un camión da aviación para facer a mudanza. A nai quedou xa en Santiago, temía que os seus pais lle fixesen mudar de opinión e ela, que tiña parentes mestres e curas, viu niso unha oportunidade; estaba convencida de que alí dábanse as mellores condicións para unha boa formación académica e así abriren as portas do mundo. Colleron unha casa no barrio da Almáciga, con todo, cando naceu a súa filla pequena, Xosefina, quixo que fose en Mane, onde nacera tamén Elda, a maior; preto de Grixó, onde nacera Marisa, e da Bouza, onde nacera Suso, o seu único fillo varón.




FOTO Nº 10. Libro de Familia de Xesús Ferro Batallán

Contaba o neno Suso con catro aniños cando, xunto coa súa irmá Marisa, de seis, deixaron Moraña e foron vivir ao barrio da Almaciga, na rúa do Rosario nº 2, moi preto de San Domingos de Bonaval. A súa irmá maior, Marugha —Elda, segundo o Rexistro Civil—, non quixo deixar os avós de Mane, nin os avós quixeron deixala ir. Ela, con oito aniños, considerábaos os seus verdadeiros pais, posto que a criaran coa fartura que, daquela, significaba ter unha taberna en Mane.

Quizais sen o saber, a proximidade física dos restos de Rosalía, naquela vivenda situada tan cerca do Panteón de Galegos Ilustres, fose tecendo naquel neno observador un fío, aínda non consciente, de compromiso e afectos coa lingua e coa terra.

A súa nai buscou un colexio e axiña soubo dunha tal Mera que poñía escola en Belvís. Alí comezaron a formación ambos os dous irmáns. Mercoullles, daquela, un maletín de cartón para compartiren e todos os días, tal como acontecera co triciclo, Marisa e Suso, mantiñan unha disputa para o levaren pola rúa cara a aquela escola de Mera, na que admitían a nenas e nenos de diferentes idades



FOTO Nº 11. Foto de grupo. Curso 1954-55. Listos para o seu ingreso no seminario

Nun mes, e sen saberen moi ben como, aprendeu lixeiro a ler o pequeno Suso. Iso si, durante ese mes cada día mercábanlle un silabario, un *Rayas*. “El andaba adiante e atrás coas follas a cotío, mirándolles as tripas ás letras, ata que o desfecía”, conta Marisa. Chegaban os dous irmáns ao estanco onde os vendían e, tímidos, depositaban enriba do mostrador os cartos, sen dicir ren. Aquel home dáballes un novo *Rayas* sen esixir máis explicacións.

Para súa nai, que alá polo ano 1954 comezou a contribuír á economía familiar albergando na casa parte dos obreiros que traballaban na reconstrución do Hostal dos Reis Católicos —e que mesmo chegou a pasar de traballar de limpadora na casa dun médico a realizar labores de enfermeira—, os cartos gastados en material escolar nunca foron chorados.



FOTO Nº 12. Suso cos seus compañeiros seminaristas. El é o que está aniñado na 2ª fila, o 3º pola dereita

Así chegou o colexio das *Huérfanos*, a *Academia España*, no colexio *San Miguel*, na *Algalia de Arriba*, tamén lle dicían *O Colexio da profesora Carmiña*, que compartía clases coa súa irmá, a profesora Asunción, cega de nacemento. Alí preparábase Marisa para o ingreso no instituto e Xosefina, Fina, asistía a *párvulos*. Posteriormente, Suso foi derivado ás *Casas Reales*, fronte da *Igrexa das Ánimas*, á academia de don Modesto. Foron tempos de sustos tremendos para a saúde daquel neno brillante nos estudos: un derrame cerebral e unha meninxite que o mantiveron máis preto do outro mundo ca deste, derivaron

en que seu pai, convencido de que se producira un milagre, falase de que o Suso “rezusitou”. E alí, con aquel cura, don Modesto —que o primeiro que facía era tirar o cinto ó entrar na clase—, estivo ata 4º curso, preparándose para ingresar no seminario.

Xa no seminario, ademais de atender aos seus estudos, ocupábase das demandas de emerxencia de súa irmá Marisa, estudante de maxisterio, quen, os xoves conta o mediodía, na hora das visitas, deu en acudir ao seminario para reclamar a seu irmán como profesor particular de música. Non herdara ela esa habelencia dos de Grixó para o solfexo e o canto: “Os xoves pola tarde tiña clase de música cunha tal dona Carmen Portela, de Pontevedra, pero a min non se me daba. Eu saía ás dúas de clase e ía onda Suso correndo. Alí, de pé nunha das ventás dos claustros, primeiro líame as leccións e logo entoábamas”. O caso foi que, con aquelas leccións intensivas de solfexo e canto que o seminarista lle impartiu, case de maneira clandestina, Marisa aprobou a materia. “Cando podía vir á casa era unha festa para min —conta Fina— e non só polo que me axudaba co latín, senón porque a enchía de alegría”



FOTO Nº 13. Suso seminarista

Na súa etapa de estudante no seminario, Suso ía dous anos por diante dos seus compañeiros —sen ter en conta o seu colega de pupitre, que lle levaba doce— foi onde forxou as bases dunha cultura humanística e musical—ían cantar misa polas parroquias da beiramar, formou parte da *Schola cantorum*...— que non tería ocasión de acadar doutro xeito.

Rematou os estudos de Filoloxía e Teoloxía en 1965, con vinte e un anos. “Moi bo estudante, sempre estudou con beca— recórdanos Marisa—; tan novo era aínda que non podía ser ordenado sacerdote e o cardeal Quiroga Palacios ofreceulle a oportunidade de ir a Roma para ampliar estudos, argumentando que facían falta profesores de latín e que lle darían unha beca para que se licenciase en clásicas”.

Malia o seu desexo de facer socioloxía, animado por Marisa, aceptou a oportunidade sen que o cordón umbilical, que dende cativo o mantivo unido a Santiago, rompese nunca. “En Pontepedriña, cando volvía en vacacións, continuaron os concertos familiares de sobremesa con aquel acordeón italiano”, revela Fina.



FOTO Nº 14. En Santiago, un 15 de agosto, Suso celebrando en familia o santo de súa nai

Dende hai un tempo, instalouse nun lugar moi próximo —e non moi lonxe da Bouza—, en Bertamirás, entrada natural á capital de Galicia, bañada polo Sar. Ese vínculo coa cidade do Apóstolo levouno a facer o Camiño dende Portomarín e virouse, se cadra, máis forte cando, no mesmo ano en que morreu seu pai, 1994, comezou a colaborar co *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*. Alí, dende o ano 2000 e ata a súa xubilación, dirixiu o proxecto de *Fraseoloxía Galega*, peneirando na fala nun lado e noutro, coma quen anda na procura de pebidas de ouro nun río, con eficiencia e entusiasmo contaxioso, é dicir, con cabeza, pés e corazón.

4. Roma: a conciencia galeguista



FOTO Nº 15. Con Torres Queiruga no bautizo da súa sobriña Lía (2010)

En certa ocasión, con motivo dunha homenaxe a Andrés Torres Queiruga, Xesús trataba de responder a unha pregunta que se formulou a si mesmo sobre cales eran, en xuño de 1965, unha vez rematados os estudos eclesiásticos, os seus proxectos de futuro, que obxectivos lle batían unha e outra vez na cabeza como elementos do seu proxecto primordial; falaba da construción dun mundo máis humano, rico e cómodo. Preguntábase, tamén, cales eran as dúas ou tres palabras que enchían o seu corazón. E, dirixíndose aos máis novos, expuxo textualmente:

“[...] Igual pensan que eu nacín así, galeguista. Non. [...] A lingua galega era para min a lingua doméstica e informal e aí acababa a súa función. [...] En certa medida eu estaba no mundo pero fóra do mapa. [...] Os meus profesores, que non me deron en Compostela a oportunidade de descubrir en que parte do mapa estaba eu, déronme mandándome a Roma a estudar filoloxía clásica: alí, lanzado de repente a aquel océano de linguas que era a Roma conciliar de 1965, a que impulsaba a liturxia nas que chamaba *linguas vernáculos*, descubrín que era galego. A Igrexa que me pechaba aquí os ollos a este asunto, abrímos alí. Foi en Roma onde empecei a optar por Galicia no primeiro trimestre de 1966 e esa opción consolidouse cando no verán dese mesmo 1966 inicio un trato con Andrés, que me levou a coñecer a Ramón Piñeiro e este, en poucos días, presentoume a García Sabell, a Fermín Penzol e a Sixto

Seco. Todo dun golpe; é dicir, que a miña actitude ante Galicia e ante a lingua galega madura coas reflexións de Andrés e co trato fraternal que el me ofreceu dende aquel verán de 1966”.

En Roma foi, pois, onde deu co galeguismo, un galeguismo que xa non abandonou nunca.

Alí, naquela residencia *Colexio Español*, xunto con Andrés Torres Queiruga, Trillo Pérez, Martiño Montero, Currais Purrúa... formaron o *Grupo dos Irmandiños*, que bendiciu Pablo VI e que tivera os seus alicerces no *Seminario Maior* de Comillas, en Cantabria, onde parte dese grupo xa coincidiran en actividades en prol da lingua. “Lonxe da terra aquela unión fíxose inquebrantable. Na igrexa puidemos ter influido máis se permanecésemos unidos”, fala con nostalxia dos tempos de Roma o eminente pensador Andrés Torres Queiruga, quizais recordando aqueles catro anos nos que, xuntos, ata facían textos para cancións relixiosas.



FOTO Nº 16. O grupo dos Irmandiños en Asís (Perugia, Italia 1966). Suso é o 1º pola dereita da fotografía

Ao pouco tempo de chegar á Cidade Eterna, as cartas que enviaba á terra xa viñan todas en galego.

“Mandábame cousas para que eu puxese en práctica na escola, animábanos a que utilizásemos o galego nas aulas, pero aquí, aínda en plena ditadura, non era doado, podían abrirche un expediente —lembra Marisa—. A min dérame clase en maxisterio don Xesús Alonso Montero e el xa nos falara da importancia do galego. De feito, un día cheguei á casa e díxenlle a meu pai que había un profesor que dicía que xa se podía falar galego e el respondeume, que tiña sorte, que eu xa o oíra bastante na casa. Tiven tamén a fortuna de que, na escola da Ribeiriña, na Pobra do Carabiñal, había un compañeiro xa maior que fora represado, moi amigo de Rafael Dieste —por quen Suso ten mostrado devoción no que á súa preocupación por rescatar a fala popular se refire—, e a muller de Dieste, dona Carmen Muñoz, era a nosa inspectora. Este tal Xosé Rodríguez Agrelo traía poemas en galego e alí xa empezamos a poñer algunha frase en galego, algún poemiña, no taboleiro. Dieste viña canda a inspectora, el quedaba sentado no coche mentres ela nos facía a visita. *Podéis ir haciendo algo, pero con mucho cuidado*, dicíanos ela. Entón foi cando Suso empezou a mandar as primeiras cartas en galego, arredor dos anos 1967, 1968”. Foi daquela que pasou un verán completo traducindo ao galego *Carta a los Gálatas*.



FOTO N° 17 Diante do Colexio Español de Roma con Susi, Martiño e Minia (1994)

Rematou os estudos de Filoloxía Clásica en 1969 e volveu a Galicia cun flamante coche que viña de mercar en Roma, coa intención de que seu pai, que naquel momento estaba sen traballo, puidese exercer de taxista. Veu de Roma co título e, afouto, presentouse ao cardeal para explicarlle que, despois de vivir catro anos case como segrar, pensaba que fóra podería facer moito máis labor e que non se consideraba preparado para recibir as Ordes Maiores. Quiroga Palacios entendeu, pero non tanto os mordomos que había ao seu redor, que non llo puxeron doado. A raíz desa meditada decisión e malia ser una persoa preparada para dar clase —a súa formación acreditábao como profesor de latín—, os comezos non lle resultaron fáciles xa que, en canto lles chegaban noticias da súa renuncia ao sacerdocio, poñían escusas para poder rexeitalo.

Semella paradoxal que fose un cura, o cura do Incio —un dos primeiros curas galeguistas, que coñecía ben a Suso e á súa dona dos encontros cristiáns de Irima— quen, referíndose ao seu entregado labor, non só de catequese senón de procura dun futuro máis alentador para o alumnado menos favorecido, dixese convencido: “A Susi e mais o Suso tiñan que ser curas os dous”.



FOTO Nº 18. Nas Ermitas, na chamada romaxe de Caritel, baixo o lema: *Unha terra que medra*. Ano 1991

Xa se lle vían maneiras de devoto da palabra naqueles escritos que facía para unha sorte de folla parroquial, animado polo influente cura do Castiñeiriño, un tal Vilasó. Mágoa non poder reproducir aquí unha fermosa *Carta aberta a*

Xesús Cristo que publicou en decembro de 1971, na que lle pide explicacións polo nada equitativo reparto da riqueza e do infortunio.

Fina, a súa irmá máis nova, lembra a un Suso coa conciencia rabuñada, coma se tivese unha fenda feita cun coitelo, que se presentaba na casa cun comensal inesperado: “De toda a vida, el vía un pobre na rúa e aparecía con el en Pontepedriña. Eu era a que estaba daquela na casa e veña a darlle o almorzo, se era pola mañá, o xantar, se era o mediodía...”

Noutroora, en Caritel —terra da familia de Susi— e na actualidade en Bertamiráns, onde reside o matrimonio —e onde Susi é “Susa”—, resulta bastante habitual, aínda hoxe, atopar arredor da mesa da cociña un grupo de rapaces e rapazas que acoden a resolver dúbidas académicas ou mesmo a solicitar consello e información sobre o seu futuro laboral. Ambos os dous son dos que pensan, tal como afirma Suso no se discurso de ingreso na RAG, que “As masas iletradas, non por iletradas e dominadas, deixan de ser conxuntos de seres humanos, seres naturalmente creadores. [...] O ser humano analfabeto, non por iso é un ser descerebrado, silencioso, *voz do seu amo*”.



FOTO Nº 19. Nas festas de Caritel (1988) con Susi, Martiño e Minia

Del deixou escrito Casares, na resposta ao devandito discurso: “xente que constrúe ideais e que entende a vida non só como actividade individual, senón como concurso e cooperación en tarefas comúns en beneficio dos seus semellantes”.

Sobre o grupo *O bando de Caritel*, relataba Victoria Ogando Valcárcel, catedrática no IES *Valle Inclán* de Pontevedra, onde coincidiu con Susi chegando a forxaren unha sólida amizade:

“En Caritel, como Suso sabía de música formaron un coro coa rapazada que daba xenio oílos e velos bailar. Enchían a igrexa de alegría e facían que aos actos relixiosos quixese asistir o pobo enteiro. Por certo, de Caritel viñan rapaces e rapazas ao instituto e, as fins de semana, como sabía que precisaban axuda, alá na aldea, Susi explicáballes as dúbidas de calquera materia para axudarlles a tirar cara a diante. Acórdome de Luz e dos seus irmáns... El sempre foi o apoio de Susi na parte social. Vaia, na parte social e na parte artística. No que á causa galega se refire, é Susi quen o apoia a el. É esa típica parella que entenderíamos por ideal”.

“As seis da tarde dun día de festa tiñamos máis de trinta nenas e nenos vestidos con traxe rexional para cantar a misa, mentres unha raiola de sol entraba pola ventá para iluminar o Cristo. [...] Ata os levamos actuar ao Centro galego de Lisboa. Aquela rapazada toda aprendeu a ler diante dun micrófono, a desinhibirse á hora de facelo en público grazas ás lecturas relixiosas. Suso preparábaos antes para que logo lesen as epístolas con cadencia correcta”, lembra Susi.



FOTO Nº 20. En Caritel (1976). Cos da comisións de festas aos que Suso lles fixera os programas en galego e ata unha alborada. Suso está aniñado termendo de Fernando, sobriño da súa dona.

Suso é outro obreiro da causa galega, como diría Bóveda. Dende a súa volta de Roma, comezou a colaborar na tradución ao galego do Novo Testamento (1978) e da Biblia (1989) —obra, esta última, que obtivo o Premio Nacional de Tradución en 1990—; e xa foi un non parar de traballos de investigación, publicacións e recoñecementos.

O 4 de maio de 1996 ingresou na RAG cun discurso que versou sobre a fraseoloxía: *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, un texto que, escritoras e escritores, tradutoras e tradutores, xornalistas e xente da publicidade deberíamos ler. Nel reflexiona sobre a importancia de rescatarmos para a escrita esas frases de noso que son o verdadeiro rostro do pobo, e anímanos a utilizalas para que non sigamos perdéndoas. Na súa loanza a Vidal Abascal —a quen substituíu— fala dos muros de hostilidade ao galego que “empezan a esbarroncarse” e remata cunha pregunta: “Como poñe-lo reloxo da liturxia, da publicidade e da prensa en hora con esta lingua que día a día lle come terreo ós prexuízos e reconquista terreos secularmente vedados?” Se alguén fixo seu o lema *Colligit, expurgat, innovat* da RAG, foi el.




FOTO Nº 21. Debuxo de Xaquín Marín. Cando Suso entrou na Academia

Si, Suso Ferro pasa pola vida exercendo de animador cultural, atento a valorar canto se fai en favor da lingua. Velaquí a mensaxe que enviou no seu día a *Os Parentes* —familia de Anxo González Guerra, que teñen unha Web en galego dende a que promoven a súa granxa vacúa e que, no seu día, saíu no *Ben falado*— publicada no seu blog:

“Se algunha vez pensades que ninguén fai caso do que poñedes na web e que non paga a pena seguir poñendo refráns, nese momento tomade algo que vos agrade e respirade fondo. Os que visitan un museo tampouco falan co director e cos que nel traballan pero levan ese museo na cabeza e no corazón. E van máis ricos do que entraron, porque saben máis. Os refráns do Manolo do Tío Bernardo non me escapan e ben que os saboreo. E a estas alturas estou seguro de que Pilar ha de ter unha boa presa de refráns e de frases. Se me fixera caso, xa estaba publicando unha nova colección desas frases que eu sei que ela ten gardada na memoria (e se cadra nunha libreta)”.



FOTO Nº 22. Pilar Guerra e Xesús Ferro 17/08/12

Para este apóstolo do galeguismo, rescatar a lingua auténtica, a fala do pobo —“as Academias son só notarías do que o pobo ordena coa súa maneira real de falar”—, é o seu xeito de estar no mundo. Resulta doado imaxinalo percorrendo a xeografía galega, salvando, cal intrépido heroe de conto, palabras, nomes, frases, ditos e refráns, falando coa xente máis diversa, sempre cun caderno de notas na man. “No medio dunha conversa, párate e di: *Como, como é o que acabas de dicir?* E saca un caderniño ou colle un anaco do mantel de

papel. Logo, abre a carteira e veslla chea de notiñas, son as palabras recuperadas no día”. Este testemuño de Anxo González Guerra, xunto con outros, corrobora que Xesús Ferro Ruibal percorreu Galicia con cabeza, pés e corazón.

5. Pedagogo excepcional: e Marín, último destino



FOTO Nº 23. Excursión co señor Hermida (o seu sogro), Susi, os fillos e os rapaces de Caritel

A familia, cando volveu de Roma, vivía en Pontepedriña; alí déranlle una vivenda da sindical a seus pais. Como non o admiten como profesor no seminario, o filántropo cura do Castiñeiriño, Vilasó, acompañao polos colexios de Santiago, por fin atopa traballo nunha academia. Alí, na *Academia Xuventude*, nos Concheiros, e por un breve período de tempo, foi onde Suso comezou a exercer como ensinante. En outubro dese mesmo 1969, un tal Caamaño, director do acabado de estrear Colexio *Curros Enríquez* e amigo de Vilasó, foino buscar para dar clase de Latín no colexio que acababa de fundar.

Naquel centro de ensino, levantado sobre unha antiga fábrica de viguetas entre varios amigos e amigas ensinantes, situado na Avenida de Peinador, en Vigo, exerceu Suso a profesión de ensinante cinco anos. Os profesores, todos moi novos (Xulián Moure, Camiño Noia...) e influídos polas ideas do maio francés, mantiñan un entusiasmo que transmitían ao alumnado; un alumnado

heteroxéneo no que mozos de pelo longo cantaban ao *Ché* e á *Revolución China*, seguindo a estela da *Nova cançó* e das *Voces Ceibes*. Traballaron arreo verán e inverno porque, aínda que era privado, non negaban a entrada ao alumnado que noutros sitios rexeitaban. O seu reto era precisamente ese: tratar de sacalos adiante a todos. Mesmo, en plena ditadura e na certeza de que non todo estaba nos libros, promoveron actividades complementarias nas que ofrecían clases de galego que tiñan lugar os sábados pola mañá. Crearon, ademais, unha revista, fixeron enquisas para comprobar a vitalidade da lingua, repartiron adhesivos coa frase *falemos galego...* Da organización, e como estratexia para exercer a súa responsabilidade, ocupábanse os propios alumnos. Alí tivo como alumna en PREU a María Xesús Fernández Lopo, sen sospeitar aínda que un día se ía converter nunha pilastra fundamental da súa vida.



FOTO Nº 24. En Tívoli (Roma. 1973), onda a fontana dun dos fermosos pazos

Na Universidade de Santiago fixo Suso os dous anos comúns para que lle validasen o título eclesiástico (os anos de especificación) e obter, así, o título de clásicas na USC. Daquela, M^a Xesús, Susi, andaba a facer estudos de Filoloxía Francesa, tamén en Santiago; os seus camiños volveron coincidir e, un 24 de marzo de 1973, casaron en Vigo, onde viviron dous anos. Para a veciñanza de Caritel, que vían a Susi coma unha nena, fora unha enorme sorpresa. A curiosidade trababa de tal xeito na cabeza da señora Pepa, a criada do cura, que non dubidou en aproveitar a saída da novena, cando os viu aos dous sen-

tados nun valo, para deterse a pescudar información sobre aquel mozo capaz de conquistar á pequena da *Casa da Lopo*, e preguntoullo, así, directamente ao susodito: “E vostede de onde vén sendo?” “Sonlle de *Santa María de todo o Mundo*”. E aquel home, que viña do lugar dunha santa universal, axiña gañou o afecto dos veciños e veciñas de Caritel, incluída a señora Pepa, e se converteu no *Suso de Lopo*, nun xenro que admirou a xenerosidade e sabedoría da súa sogra —mesmo mudou o substantivo *sogra* polo de *A Miña Señora*— e as do seu sogro, ata o extremo de buscar para os seus epitafios o máis axeitado dos recordatorios: “O mellor que hai en nós non morrerá”, reza na tumba da señora María. Trátase dun verso que forma parte dunha canción que aínda se canta en Caritel, despois da Consagración, escrita e musicada polo propio Suso. “Abriu camiños a moita xente”, consta na tumba do Señor Hermida, como el lle dicía.



FOTO N° 25. Coa familia de Caritel. 2002

“Admirou a miña nai os mil admirares. Considérase irmán da miña irmá e do meu cuñado. É coma un pai para os sobriños e as parellas. Tan querido para Nuno, Maruxa e Lía que se converteu no seu *caseavó*”, relata a súa dona con ollos de verdade.

Xa casado, como quedara sen traballo no Curros, preparou as oposicións e foi examinarse a Madrid, sacándoa á primeira. O feito de que ofertasen 20 prazas para 600 opositores levouno a reivindicar, no día da presentación, máis prazas; ousadía, esta, que provocou un considerable balbordo. “Cando leu o primeiro exame, o presidente de *Fuerza Nueva* parou as oposicións e falou directamente con el. No primeiro exame quedou no número 21; no segundo exame, no 21; no último, o número 15 levouno a Ferrol”, lembra Susi. O IES *Concepción Arenal* de Ferrol foi o seu destino inicial (ano 1975). Alí estivo oito intensos anos, pois, a raíz da morte da Franco, producíronse grandes cambios no ensino nos que se implicou a fondo. No primeiro claustro falou en galego e o director interrompeuno para que falase en castelán, argumentando que había xente de fóra. Suso falou en galego e, sabedor de que amabilidade con firmeza é un excelente binomio para avanzar, ao rematar dixo: “agora traduzo para o señor director”. Na segunda intervención volveu falar en galego e cando se dispoñía a traducir, o director aclarou que non facía falta. Tampouco non dubidou, alá polo curso 1982-83, en enfrontarse a Torrente Ballester, por afirmar este que a lingua galega non estaba preparada para a novela moderna. Discutiron ao través da prensa e despois dunha conferencia no Paraninfo do instituto Concepción Arenal. O Suso chegoulle a dicir: “Se me dá unha bolsa de estudos, eu traduzo a *Saga Fuga*”.

Era secretario no Centro cando lle chegou unha inesperada partida de cartos dunha editorial da que tiñan libros de texto, con eses cartos convocaron no IES masculino de Ferrol o I Certame das Letras Galegas (1976). Dedicou unha semana á Festa das Letras e por alí desfilaron: Romaní e Pilocho, o mago Antón, Ferrín.... Os alumnos puideron ver as curtametraxes que había daquela. Loitou por poñer a materia de galego no currículo e, aínda que non o conseguiu; houbo, nese curso 1977-78, clases optativas de galego ao remataren o horario oficial.

En Ferrol comezou a escribir, a facer artigos para unha revista que se estreaba, *Encrucillada*, con aquela *A rolda da cultura*. Exerceu, nun principio, de corrector lingüístico da mesma, roubándolle as horas necesarias ao sono. Foi estando alí onde, xunto con outros compañeiros, fixo un libro de texto para o ensino

do Latín que rematou cando xa estaba no Porriño. *De onte a hoxe* era o título e ía destinado ao alumnado de 2º de BUP. Publicouno a Xunta de Galicia en 1984 e foi reeditado por Xerais en 1989. Moitos profesores, comprometidos cun xeito máis sedutor e eficaz para ensinar linguas clásicas, utilizárono. Non se trataba tan só de ensinalles latín, senón de descubrirlles, ás rapazas e rapaces, a través do estudio desa lingua, a súa identidade cultural como galegos. Todo o contrario do cuarto dos ratos co que sor Julita ameazaba aos nenos por falaren en galego, nunha das escolas á que asistiu de cativo.



FOTO Nº 26. Capa do libro de texto

Cando accedeu á cátedra, destinárono ao instituto *Pino Manso* do Porriño e isto é o que na sección de *Cartas al director* do Atlántico Diario, firma un tal Xavier Rodríguez, con data de 12 de maio de 2014:

“Lembramos cando chegara ó Instituto de secundaria Pino Manso do Porriño co libro de texto de latín debaixo do brazo e asinado por el mesmo, Antón Miramontes e Concepción Sande. Unha vez tivémo-lo na man, atopámo-lo escrito en galego e mecanografado e malia a factura amateur, era un manual didacticamente revolucionario (iso sabémo-lo agora, non no seu día). Persegúa aprendérno-lo idioma de Roma como aprendemos o inglés, mergullándonos dende o primeiro día na práctica e deixando pra máis adiante a gramática, tal a lingua materna. Quería ser un achegamento dende o galego e dende a cultura de Galicia á nosa matriz latina e pescudar en que medida a lingua de Roma segue a estar presente no cotián. Soubemos nese curso e posteriores que a pouco que levantemos unha pedra achamos a identidade de noso. O mestre suxería en cada lección que os complexos de inferioridade esvaecesen coma fantasmas cando estudámo-la fala e a súa liñaxe. Esa lección é aplicable a moitas cousas... Tamén actuaba de vendedor. Ferro dicía que a obra tiña moitas noivas (editoriais), pero que rexeitaran ofertas. Era certo. No oitenta e catro saía do prelo editado por Xerais *Latín de onte a hoxe 2º B.U.P.*



FOTO Nº 27. Suso, visto por Pulido

Unha persoa que pense en ensinar ten que espiarse (metaforicamente) diante dos alumnos, ten que ser primeiramente honesto, e así Ferro contáramos que ía para cura pero coñeceu á que logo foi a súa dona. Daquela unha alumna retouno a confesa-lo día máis feliz da súa vida e o profesor respondeu: -o día que me casei-. O escándalo da inquisidora e compañeiras fora barullo”.

Cando eu mesma cheguei destinada ao instituto máis antigo de Marín —daquela *Salvador Moreno* e hoxe *Illa de Tambo*—, o primeiro que me comentou unha compañeira foi que alí estivera un morañés egrexio, referíanse a Xesús Ferro Ruibal, a Suso. Sabían que eu viña de exercer de mestra en Moraña moitos anos e deduciran que esa era a miña patria de nacemento, aínda que a min, en realidade —como diría outro Xesús egrexio, o profesor Alonso Montero—, “nacéranme” en Xeve. E non deixa de resultar casual que ambos os dous désemos por rematado o noso percorrido como ensinantes nese mesmo centro de Marín, aínda que sen ter coincidido no tempo. O mesmo que tampouco non coincidiran Xesús Ferro Batallán e Xosé Casalderrey Canosa, o primeiro como carpinteiro na construción da Escola Naval de Marín, como xa dixeran, e o segundo como mecánico naval cando, dende os talleres Pazó de Pontevedra partía cara a Marín na súa *velosolex* a arranxar os motores do *Plata* ou do *Bastabales* —barcos, ambos, da flota de Ceferino Nogueira. O carpinteiro paraba na fonda da señora Fermina, muller capaz de cociñar a carne —que X. F. B. lle levaba de Moraña— de tal xeito que no prato mirraba ata quedar reducida á cuarta parte. “Señor Ferro, sus costillas encogieron!”, era a explicación que ela lle daba a aquel misterio. O mecánico dos talleres Pazó de Pontevedra, volvía xantar a Lérez ou levaba a friameira da casa.

Nin seu pai nin o meu chegaron a se coñeceren, mais algo puxo ese azar nos nosos camiños para que ambos, Xesús e mais eu, teñamos unha relación persoal de afectos, non só con Moraña senón, tamén, con esta vila mariñeira na que, tendo outras opcións, rematamos o noso periplo como ensinantes: no instituto pioneiro do concello, que conta na actualidade con 60 anos de historia, dende aquel 1956 en que se puxo a andar. O caso foi que non tardei en saber da pegada que Xesús deixara entre o profesorado e alumnado que cadrara consigo:

“O ano en que exerceu como director, curso 1990-1991, estiven con el no equipo directivo e estoulle moi agradecida. Tiña as ideas moi claras, meta que se propoñía, meta que sacaba adiante. E cando soubo que o meu fillo se ía chamar Pedro, apareceume cunha completa información sobre a orixe dese nome”.



FOTO Nº 28. Ano 2015, nunha conferencia sobre Filgueira en Pontevedra

Esa súa preocupación polos nomes quedou recollida no *Dicionario dos nomes galegos* (1992), que el dirixiu e que foi outra revolución que se segue a utilizar.

“Ese libro é unha recolleita de amigos, nel están os nomes galegos dos amigos e dos fillos dos amigos con cadansúa fotografía. Para cada nome, Suso foi buscando unha persoa que o levase, quixo deste xeito render pequenas homenaxes a quen poñía o nome en galego”, di Anxo González Guerra.

“Con el empezamos a facer en galego as actas de claustro e as fichas do alumnado —que eu mesma aínda cheguei a usar despois— e a utilizar o galego para as nosas relacións coa administración. Nun só ano foi quen de galeguizar e modernizar o centro, idear unha axenda para vender e recadar diñeiro para unha excursión, levou aos de latín ás Medulas e a Trives nunha viaxe tan ben documentada que non a esquecen”, conta Celia Sánchez Reboredo.

“Era o típico profesor serio e entregado, cumpridor ata a obstinación, pero tamén amable e falanguero. Daba as súas clases de latín de maneira anova-

dora: facíalles palpar a influencia do latín no castelán, no galego, faláballes da arte na linguaxe do pobo que encerran as frases feitas, dos seus nomes...”, asegura Suso Portela.

“Resucitaba o latín ata crear no alumnado unha curiosidade por saber máis desa lingua, facéndolles ver que era moito máis ca unhas declinacións, mentres a maioría do profesorado de latín, continuaba instalado nese sistema obsoleto, nas antípodas daqueles métodos aínda hoxe innovadores”, lembra Victoria Ogando.

Hai nesas lembranzas dos compañeiros e compañeiras daquel tempo, un día inesquecible. Eu mesma son quen de imaxinar o piano de cola que Xesús Ferro alugou para poñer no escenario do salón de actos e a Ramón Castromil tocando nese certame que organizou Xesús para goce de toda a comunidade educativa. Un concerto diferente con convidados de excepción. A música, como dixemos, ten unha gran importancia na súa excelsa formación, particularmente a dese acordeón que, discreto no maleteiro do coche, viaxa consigo onde queira que el vaia. Figúraseme velo, xunto con Miguel Lustres, montando unha festa de sobremesa.

Unha pomba picassiana xigante, feita por Suso coa axuda da rapazada, que loce nunha das paredes do primeiro andar do instituto, serve de rúbrica do seu paso polo IES Illa de Tambo de Marín.



FOTO Nº 29. Pomba de Picasso debuxada por alumnos e alumnas do IES Illa de Tambo. Marín

Facilitar a formación da xente nova sempre estivo presente entre as súas preocupacións; abondaría con imaxinalo tocando o piano na súa casa de Bertamiráns, cun fato de rapaces e rapazas arredor, tratando de que collesen o ton para cantar nunha das obras de teatro que montaba Susi —Susa en Bertamiráns— adaptadas á nosa cultura e en galego, con cabida para os dramas que pode provocar a emigración e os conflitos de identidade. Entre os dous conseguían transformar a Antígona nunha Rosalía que canta os seus propios versos. Ou aqueloutra *Folía en Semasei* (IES Ames, ao revés), unha sorte de musical co que Susa pretendía chamar a atención sobre a eiva e desamparo que pode significar o non saber ler; aquí, a colaboración de Suso para lle poñer música ás cancións que contaban a historia, foi outra vez primordial. Ou en *Fíos de prata...* Ou aquel xogo educativo, tipo *O preguntoiro*, que no 2002 creara Suso xunto cun equipo de informáticos, para achegar a cultura galega a distintos niveis, incluíndo os verdadeiros protagonistas daquel delicioso microespazo, o *Ben falado*, que hoxe coñecen e utilizan en todos os centros galegos espallados polo mundo.

Nun principio combinou os labores do Ramón Piñeiro coas de profesor en Marín, pero rematou por lle dedicar ao Centro de Investigación todo o seu tempo.

“E creo —di Marisa— que o Ramón Piñeiro non o vai deixar na vida. De feito, cando lle preguntei que ía facer agora, díxome: *Aínda teño cousas abertas que rematar*”.



FOTO Nº 30. No Ramón Piñeiro da Barcia, antes de que o cambiasen para San Roque

Xesús Ferro Ruibal, este ben falado, apaixonado pola ecoloxía lingüística e a socioloxía, elegante e coqueto no vestir —talvez, tan só talvez, na intención de lle dar prestixio ao galego, no senso de que non necesariamente hai que ir facendo barullo cos zocos para defender a lingua e a cultura deste noso país—, ten claro que non hai mísil máis potente que a palabra para destruír a vileza e a maldade. De feito foi un dos membros da comisión técnica que participou naquel histórico PXNLG que o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o 7 de setembro de 2004 e que tanto nos gustaría ver cumprido.



FOTO Nº 31. Reunidos no Ramón Piñeiro a traballar sobre o PXNLG

Martiño, Minia, parabéns! Sodes da estirpe dun traballador bo e xeneroso que pasa pola vida con cabeza, pés e corazón.

A frutífera época ferrolá de Xesús Ferro

XOSÉ MARÍA LEMA

Coñezo a Xesús Ferro Ruibal —e con el a M^a Xesús Fernández Lopo, a súa dona— desde principios do ano 1979. Foi en Ferrol, a onde fora eu destinado no curso 1978-79 tras aprobar as oposicións á materia de Formación Humanística da Formación Profesional.

Polo que lembro, o noso primeiro encontro foi debido a que o Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago (USC), en colaboración co ICE da mesma universidade, ía convocar na cidade de Ferrol uns cursos de lingua galega para profesores de EXB, pois prevíase que co Estatuto de Autonomía próximo a aprobar se introducise esta materia no ensino.

Aqueles ilusionantes cursos de galego para profesores de EXB

Eu xa impartira algúns destes cursos e ía ser tamén o encargado deste primeiro en Ferrol, xunto cun profesor de instituto do que se tiña noticia que era moi galeguista. Non era outro que Xesús Ferro Ruibal, profesor de latín no Instituto de Bacharelato Concepción Arenal. Alá fun un día ó tamén chamado Instituto Masculino preguntar por el; presenteime e expúxenlle o motivo. Loxicamente aceptou, e, coma no famoso filme *Casablanca*, ese foi o principio dunha grande amizade.

Aquel curso pioneiro de galego —polo menos para Ferrol e comarca— do Colexio Ibáñez Martín recordámolo non só nós os dous, os que o impartimos, senón tamén moitos dos mestres que asistiron a el. Inscribíronse máis de 50 mestres/as de colexios públicos e privados, e cómpre dicir que na súa maior parte mostraban un grande interese pola materia. Este curso pasou á historia porque nel se conformou o **grupo Avantar** de Ferrol, mestres novos que participaban de movementos avanzados de renovación pedagóxica e que xa contaban con certa formación en galego por teren acudido a cursos voluntarios pola súa conta; algúns membros deste grupo elaborarían con contidos moi progresistas a primeira programación oficial de Lingua Galega para EXB e tamén os primeiros libros de texto (*O Noso Galego* I, II, III, IV, V e VI, de Edicións Xerais). Alí estaban, entre outros: Xosé Lastra, Marga Pernas, César Martínez Yáñez e Trini, Xaime Bello Costa, Secundino

García Mera, Andrés Fernández e, posteriormente, Agustín Fernández Paz e Xabier Puente Docampo.

As clases impartíanse ó longo de varios meses e ó final había uns rigorosos exames.

Suso Ferro e quen subscribe debiamos ser —polo menos no tocante ós institutos ferroláns de ensino medio— dos moi escasos profesores que impartiamos as nosas clases en lingua galega: el de latín no Instituto Masculino, eu de Formación Humanística no I. Politécnico Marqués de Suanzes; neste, desde logo, abofé que era o único, aínda que había compañeiros moi receptivos e favorables cara á introdución do noso idioma.

Pouco a pouco fun coñecendo a forma de ser de Suso Ferro, e unha das cousas que o caracterizaba —xa tiña xusta sona por iso— era a súa infinita paciencia «proselitista» (digámolo así) cara ó galego: á súa arquetípica paciencia franciscana ou moraíesa uníase o seu inconmensurable optimismo para convencer a compañeiros reticentes e mesmo hostís cara á lingua propia de Galicia.

Unha vez que me fora entrevistar con el ó seu instituto atopeino dialogando cun profesor con sona de moi conservador ('franquista', sen eufemismos) e mesmo combativo contra o galego. Botaron tempo e tempo dialogando, pero, polo que despois souben, eses diálogos eran diarios, pois Suso teimaba e teimaba en convencelo de que o galego non ía rebaixar para nada o nivel intelectual do alumnado, senón todo o contrario.

Ferro tiña alumnos fillos de militares; lembro que me comentara como un triunfo o caso dun deses rapaces que viñera todo contento dunha viaxe cos pais a Portugal porque el fora quen servira de intérprete cos portugueses.

En fin, que unha das primeiras características definitorias de Ferro era a súa prédica teimosa a prol do galego, mesmo cos casos máis difíciles, eses nos que calquera de nós daríamos por imposibles porque seguir insistindo sería «coma mallar en ferro frío» ou «coma arar no mar».

Lembro tamén cando unha profesora dun instituto de Marín se negara a corrixirille un exame de matemáticas a un alumno polo «delito» de estar escrito en galego. Houbera protestas —de alumnos e doutros profesores— en toda Galicia contra tal actitude e Ferro elaborou un escrito para ler e asinar nos institutos ferroláns, tamén no meu. Leveino con moito reparo ó meu, facendo de tripas corazón, pois ben sabía con que bois araba, e así foi que algún que

outro colega me puxo a caer dun burro chamándome racista ou fascista, non lembro a palabra exacta (o mundo ó revés); aínda así logrei a sinatura de non poucos compañeiros, entre eles Roberto Casteleiro, de quen gardo moi bos recordos, que sería andando o tempo o interesante personaxe do Caladiño de *Sempre Xonxa*, o tan lembrado filme do tamén tan lembrado cineasta Chano Piñeiro. Casteleiro, da liña das CC.OO. e do PCG e membro activo do Ateneo Ferrolán, foime sempre de grande axuda nos asuntos do galego e de toda canta iniciativa cultural houbese no Politécnico. Xa daquela se comentaba que tiña moito mérito este home, que antes fora electricista na Bazán e que fixera, xa de maior, a licenciatura de Historia.

O incidente con Torrente

O escritor ferrolán, Gonzalo Torrente Ballester, acababa de ser nomeado membro numerario da Real Academia Española (RAE), o que significaba o xusto recoñecemento público da súa extensa obra. Tiña 68 anos. Na cidade departamental fora un acontecemento moi comentado. Por tal motivo, para a dirección do Instituto Masculino foi unha honra convidalo a dar unha conferencia que, ó mesmo tempo, se convertese nunha homenaxe pública da sociedade ferrolá. O escritor foi recibido o 31 de maio de 1979 con gran pompa —alfombra vermella incluída— no salón de actos deste instituto, totalmente abarrotado. O título da conferencia era «Los elementos gallegos de mi obra», e todo íría moi ben se non fose porque aquel mesmo día apareceran publicadas en *La Voz de Galicia* unhas declaración súas nas que infravaloraba o galego: que non escribía neste idioma porque non lle daba a talla («nos viene pequeño», pontificaba), que o que se podía dicir en castelán non sempre se podía dicir en galego porque carecía do vocabulario moderno axeitado, que a súa obra *La Saga-fuga de J/B* era intraducible ó idioma de Galicia e algunhas outras opinións pouco respectuosas coa lingua dos galegos.

No debate posterior á conferencia dúas persoas de entre o público tomaron a palabra. A primeira delas foi Xesús Ferro, que empezou preguntándolle se se reafirmaba nas declaracións que aparecían en *La Voz* aquel mesmo día no tocante á suposta incapacidade da lingua galega; como el así o fixo, Ferro quixo rebarterllas tentando razoarlle que, entre outras cousas, non había que confundir a calidade dunha ferramenta —o galego neste caso— coa habilidade no uso dela (o escritor privado por circunstancias históricas de aprender a usala literariamente), que organismos como a UNESCO e recoñecidos lingüistas

tiñan unha opinión totalmente oposta á súa, pois non admitían que houbera linguas capaces ou menos capaces e que todo o que se pode dicir nunha lingua tamén se pode expresar noutra, aínda que fose con outros procedementos... O académico tentou invalidar os razoamentos de Ferro desautorizando a súa fonética: «Además usted no sabe hablar el gallego, porque como es de Ferrol no pronuncia las siete vocales del gallego, sinó sólo las cinco del castellano».

Outro interveniente tomou o relevo de Ferro para indicarlle ó ilustre académico, en primeiro lugar, que o argumento utilizado caía polo seu propio peso, pois a persoa que acababa de intervir non era de Ferrol, senón dunha aldea de Pontevedra; en segundo lugar, como o 22 de marzo anterior o rei Juan Carlos I inaugurara con moita solemnidade a nova sede da Real Academia Galega na Coruña, citáronselle palabras textuais do discurso do seu presidente, Domingo García Sabell, no que este afirmaba que o galego non só era válido para dirixirse ós reis, senón que «tiña capacidade para asumir as formas máis requintadas da cultura actual».

O debate acabouno cortando o director do instituto. Como Ferro era profesor deste centro, polo que logo me contou, unha das fillas de Torrente —que o acompañara ó acto— falara con el e seica lle dixera que non estaba de acordo coa lea en que se metera seu pai con esas opinións sobre o galego que non viñan a conto.

Pero a cousa non quedou aí, pois o novo académico da RAE, doído polo que lle acontecera no seu Ferrol natal, escribiría uns días despois no xornal *Informaciones* de Madrid un artigo no que daba a súa particular versión do acontecido: que dous oponentes lle chamaran a atención publicamente «en su pueblo» por non escribir as súas obras en galego («Nemo est propheta», laiábase). Nin que dicir ten que «opinadores» e comentaristas de todo o arco mediático, mesmo dos xornais galegos —pois non poucos adoitan esperar a que lles dean o ton desde Madrid para se sumaren ó canto coral—, non deron mans a medir para afean a conduta daqueles dous atrevidos opositores «ferroláns»¹.

Abofé que só foi isto: unha defensa pública da dignidade do idioma galego, e non pasaría nada se Torrente non fixera aquelas explosivas declaracións ex cátedra sobre a suposta incapacidade do galego aquel mesmo día; ninguén lle negou o dereito que asiste a calquera escritor a usar a lingua que lle apeteza e na que se exprese mellor.

¹ Unha crónica máis ampliada deste suceso, no meu artigo «Ferrol e a cultura galega hoxe (Crónica desde a resistencia)», en 'Especial Ferrol' de *La Voz de Galicia*, 29-12-1979.

A conferencia inaugural do curso 79-80 de J.J. Moralejo

O mal sabor que nos quedara da conferencia de Torrente viuse compensado por outra que a mediados de outubro tivo lugar no salón de actos do Instituto Feminino co gallo da inauguración oficial do curso para todos os institutos de ensino medio de Ferrol. O conferenciante convidado fora Juan José Moralejo, catedrático de grego da USC e moi popular daquela polos ocorrentes e mesmo graciosos artigos que publicaba (en castelán) en *La Voz de Galicia*. Co aquel de que o acto constituía —ó estilo da Universidade— a lección inaugural do curso académico ferrolán, foron convidadas autoridades civís, militares e eclesiásticas.

Algúns profes estaban coma reis nunha cesta pensando que a de Moralejo ía ser unha conferencia divertidísima sobre calquera tema trivial, inzada de ocorrencias de seu e chanzas graciosas, pero o título que o helenista lle dera ó seu parlamento xa era ilustrativo: «O bilingüismo e os seus problemas» (que non ‘os problemas do bilingüismo’ como el deixara ben sentado nun principio en previsión das posibles suspicacias) e foi pronunciada nun impecable galego (ollo: que daquela non era nada habitual nas solemnidades académicas). Con argumentos do máis científico —e botando man dun non menos vocabulario técnico *ad hoc* (demostrando, de vagar, a perfecta validez do galego nestes eidos)— botou por terra os razoamentos e prexuízos contrarios ó ensino do noso idioma. Hai algunha que outra débeda pendente con Juanjo Moralejo, que no seu día contribuíu o seu para superar prexuízos e axudar a achazar o camiño cara á entrada do noso idioma no ensino.

A actividade ferriana na revista *Encrucillada*

O primeiro número de *Encrucillada*. Revista galega de pensamento cristián data de xaneiro-febreiro de 1977 e foi impreso en Ferrol (Grafer S.-L.). Pódese dicir que, malia que o seu director (Andrés Torres Queiruga) residía en Santiago, a mesa de redacción estaba en Ferrol (Xosé-Martiño Montero Santalla, Segundo Pérez López e Engracia Vidal Estévez). Engracia era profesora —despois directora— do instituto de Canido, un dos barrios obreiros da cidade.

Non obstante, malia a súa indiscutible querenza por unha revista que unía dous dos seus amores máis prezados —a relixión e a lingua—, Ferro non entraría na nómina de colaboradores da revista ata o seu número 13 (maio-xuño 1979). A súa primeira colaboración escrita fora no número anterior, o 12 (marzo-abril 1979: «Oracións e ditos relixiosos galegos».

Pensara eu que ese primeiro artigo ferriano era un simple avance do que despois ía constituír unha das súas máis importantes achegas á lingua galega (o estudo dos seus ditos, frases e refráns), pero agora que volvo reler este artigo pioneiro vexo que contaba nada menos que con 32 páxinas e que xa daquela advertía do perigo de usarmos un galego castelanizado: «Botamos frases castelás (ou francesas) nun molde galego e o bolo que sai do forno non sabe a galego. Reparade neste: «que máis quixeras» (galego castelanizado) / «quen me dera!» (galego enxebre) ... «non é esa a cuestión» (g.c.) / «non vai por aí o gato ás filloas» (g.e.)».

Esta teima de Ferro polo uso dun galego enxebre foi un dos pensamentos lingüísticos que máis influíron en min, como direi máis adiante. (Ah!, e que conste que ó lado de pías oracións populares —o «padrenuestro pequeniño» e outras— tamén se rexistraban neste pioneiro artigo xuramentos, maldicións e imprecacións varias que noutros tempos pasados poderían ser anatema para o Santo Oficio; boa fonte de inspiración para novelistas de temas truculentos).

Recomendo a lectura deste artigo de Ferro, pois, infortunadamente, segue estando de actualidade: tres décadas despois séguense publicando novelas inzadas de frases con non poucas estruturas castelás, con escaso arrecendo galego.

A separata *Galiza existe e resiste* (1979)

O segundo artigo de Ferro en *Encrucillada* foi todo un acontecemento que transcendeu o ámbito da propia revista. Titulábase «Galiza existe e resiste», publicado no nº 13 (maio-xuño 79), pero que ó mesmo tempo se publicara como separata da revista para a conmemoración do Día das Letras Galegas daquel ano, cunha tiraxe de 5.000 exemplares feita «por un fato de profesores do Ensino Medio de Ferrol en colaboración con Gráficas Ferrolanas, prelo habitual da revista». A separata distribuíuse por toda Galicia e mesmo tivo unha reedición ó outro lado do Atlántico (a do Patronato da Cultura Galega de Montevideo-Uruguai, tamén en 1979).

Constaba de tan só seis páxinas con tres epígrafes ou apartados: 1) «Da arbre caída todos fan leña»; 2) «Se aínda respira o enfermo, hai esperanza»; e 3) «Galeguismo ¿perigo para España?».

Todos os parágrafos do primeiro apartado empezaban coa frase «Non é falsa-la historia dicir sen odio...» para logo indicar as innumerables afrontas

históricas, promesas incumpridas etc. do poder político español contra Galicia e o seu idioma.

No segundo apartado os parágrafos empezaban coa frase «É un milagre dizer sin odio» (ou «con paz») e centrábase en botarlle en cara ó goberno central —o autonómico aínda non existía— a total marxinação do galego en comparanza coas axudas que xa recibiran os idiomas catalán e vasco, con afirmacións tan tallantes coma estas:

É un milagre dizer con paz que este mallado, odiado e mesmo negado Pobo galego soubo sufrir con dignidade a súa desgracia; que mil veces rachou o seu certificado de defunción; que contra tantos séculos de oscurantismo, persecución e aldraxes, contra todo pronóstico existe e resiste; que aínda hoxe, malia científicos agoiros, os mais dos galegos falámo-la nosa lingua nacional (cunha resistencia que o castelán non ten ante o asediante inglés); que resistimos con mínimos vitais coa mesma ansia de vivir cós presos nos campos de concentración; que estamos reconquistando lugares públicos e situacións oficiais nas que o previsto era o 'apartheid' (p. 10/248).

No terceiro apartado os parágrafos empezaban todos coa frase «Se Galiza é España...» Eran seis en total. Estes pódennos servir de exemplo:

Se Galiza é España, toda España debería sentirse orgullosa este 17 de maio de que non teña consumado o noso xenocidio, a súa mutilación. Se tal non sinte, é síntoma de que España, si, está gravemente enferma.

Se Galiza é España, hai que denunciar como antiespañol todo acto de anti-galeguismo, veña de quen viñer (...).

Se Galiza é España, a Lingua Castelá non se precisa luxar co papel imperialista que a España oficial lle encomenda: non son xa poucos os casteláns amigos que así pensan.

Se Galiza é España, hai que rematar con todo o que poida da-la idea de que somos españois a medias, de contrabando, cun pecado orixinal imperdonábel, que nunca poderemos recibe-lo trato proporcional dos outros. Se somos españois, como se deduce da historia e da Constitución, chéganos con sermos galegos para sermos españois. Non é xusto que Galiza teña que morrer para que viva España.

Con esta última frase remataba o folleto das seis páxinas. Todo un manifesto que hoxe seguramente no goberno de Núñez Feijoo renxería moito por se

considerar un claro intento de «imposición del gallego». Non sei se cando o actual presidente da Xunta promulgou ese mal chamado Decreto de Plurilingüismo de 2010 coa pretensión clara de rebaixar a presenza do galego na ensinanza por unha presada de votos, Ferro sentiría, como sentimos outros, que lle arrincaban de golpe e tiraban ó lixo o produto dos anos máis prolíficos da súa vida, entregados á loita pola normalización plena da lingua galega; un decreto que, cal unha Penélope depredadora, quixo destecer nun pestanexo un traballo colectivo de varias décadas.

Xa na relación de conselleiros e colaboradores de *Encrucillada* en Ferrol (xunto con Ramón Díaz Raña, Bernardo García Cendán e Xaquín Campo Freire), Ferro continuou coas súas colaboración periódicas coa revista, e, deste xeito, no nº 15 (novembro-décembro 1979), publicou unha descrición biográfica do poeta Celso Emilio Ferreiro, que acababa de falecer («Morreunos Celso Emilio Ferreiro. ¡Resistamos!»).

Nova separata: *Aprender en galego* (1980)

No Día das Letras de 1980, que a RAG dedicou ó rei Afonso X o Sabio, a revista *Encrucillada* volveu publicar unha separata do seu número 17 (marzo-abril 1980) con dous artigos «Aprender en galego», de Xesús Ferro, e «Alfonso o Sabio», de Lois Vázquez, os dous de 22 páxinas. Puxérase á venda co prezo de 5 pesos.

Nas páxinas da revista o título era «Cómpre aprendermos en galego», e estaba dedicado a iso: á necesidade de que non só se aprendese o galego, senón que o galego tamén servirse para aprender. Ferro, e todos os membros da revista *Encrucillada*, entraban de cheo na reivindicación do dereito a que a nosa lingua puidese ser vehicular no ensino, a que non só se aprendese o galego na escola, senón que se ensinasen outras materias con ela; lémbrese que aínda non estaba aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia.

O, desta vez, extenso artigo estaba orientado a desmontar os prexuízos contra o galego, lingua daquela considerada non válida para transmitir coñecementos no ensino (véxase cantos anos retrocedemos coa aplicación dese funesto Decreto de Plurilingüismo de 2010).

O artigo estaba dividido en dous grandes epígrafes: 1) «Non hai impedimento científico»; e 2) «Esíxeo a verdadeira pedagogía». O primeiro epígrafe subdividiase noutros cinco: 1. «A pobreza do castelán»; 2) «A normalización

do castelán»; 3) «Non hai linguas inferiores senón pobos asoballados»; 4) «¿É a cultura galega unha cultura de segunda?»; 5) «A cuestión do vocabulario científico». Os títulos dos subepígrafes xa nos dan idea da intención de partir do exemplo do castelán —que en tempos antigos tamén fora considerado idioma inútil para a cultura e a ciencia fronte ó latín— para abordar a tan discutida cuestión do vocabulario científico; nun cadro moi didáctico Ferro demostraba que neste tipo de vocabulario —para moitos a «proba do algo-dón» para determinar se unha lingua servía ou non para o mundo actual— é onde as linguas menos se diferencian, pois a súa procedencia é común: do léxico greco-latino.

O segundo epígrafe era máis longo, pois tiña dez subepígrafes: 1) «O fracaso do sistema escolar vixente»; 2) «Na pre-historia da pedagogía»; 3) «Oficialmente educar é isto»; 4) «¿Que sería realmente educar?»; 5) «A lingua é a expresión dunha cultura»; 6) «¿Por qué aprender en galego?»; 7) «¿Que implica ensinar en castelán en Galicia?»; 8) «Ensinar en galego é un principio namais»; 9) «O problema é que se saiba que ensinarmos en galego non é un problema»; 10) «En resumidas contas».

Recomendo a lectura deste artigo de hai máis de 34 anos, que hoxe, infortunadamente, aínda está de actualidade (o subepígrafe nº 9 provocaría ronchas na Consellería de Educación da Xunta de Galicia, seguro). Non estaría mal que a actual Mesa de Redacción de *Encrucillada* reeditase esta separata, pois seguramente algún día haberá que volver tecer a tea que tan irresponsablemente esfañou un goberno.

As colaboracións de Ferro na revista continuaron, tamén como redactor da sección 'Rolda da Cultura', a partir do nº 22 (marzo-abril 1981), alternando con outros colaboradores, eu entre eles. Este ano a revista tamén se implicara moito politicamente, pois dedicou un groso número extraordinario ó aínda non nato Estatuto de Autonomía de Galicia, que o goberno de Adolfo Suárez (UCD) tentaba rebaixar de contido.

O longo camiño da introdución do galego no ensino. As «prédicas»

Durante os cursos 1979-80 e 1980-81 tanto Suso Ferro coma quen subscribe seguimos dispensando cursos de lingua galega para profesores de EXB por Ferrol, Narón e outras vilas da Ferrolterra. Aqueles cursos tiveran, polo menos pola comarca ferrolá, moi boa acollida entre os mestres e mestras:

clases diarias de tres horas ó longo de varios meses. Pero a nosa función transcendeu, e moito, da simple impartición das clases, pois tanto un coma outro vímonos obrigados a ir «de prédica» ou «de apostolado» polos barrios ferroláns ou naroneses e mais polas vilas da Ferrolterra, ás veces os dous xuntos, outras en solitario. Eran conferencias e mesas redondas organizadas para romper cos prexuízos que se tiñan pola entrada da lingua galega na ensinanza. O positivo do asunto era que moitas destas charlas foran organizadas polas propias asociacións de Pais de Alumnos (APAs), que en boa parte tiñan unha actitude bastante receptiva. Volvendo a vista atrás, fago mentes de que á comarca de Ferrol, desde os concellos da ría ás Pontes de García Rodríguez, pasando pola Capela, se lle debe moito no achanzamento do esgrevio camiño da entrada do galego no ensino: ós profesores e profesoras, ás APAs, ás asociacións culturais e de veciños, a algún dos primeiros gobernos municipais de signo progresista ou galeguista (lembro, en particular, as alcaldías de Antón Martínez Aneiros —Unidade Galega— en Narón e a de Xosé M^a Rivera Arnoso —BN-PG— de Fene). Os títulos desas charlas e mesas redondas repetíanse: «O galego no ensino».

Lembro tamén, na penumbra, que Ferro, na súa actividade galeguista frenética dos anos ferroláns, fixera unha obra de teatro moi didáctica, pero que deixou inacabada; non atopou o final que arelaba e teño para min que iso lle provocou un ataque de ansiedade (o único que lle recordo), polo que tivo que pedir unha baixa de varios días; ignoro se no futuro volveu intentar darlle remate a esta obra ou xa considerou que non viña a conto.

Obviamente tamén lembro, con moita ledicia, que case a un tempo naceran en 1980 Martiño Ferro Fernández e Mariña Lema Ruibal, os nosos primeiros fillos.

E nisto chegou o 23-F

Souben do golpe de Tejero (23-02-1981) no Congreso dos Deputados na mesma tarde en que se produciu por boca do xefe de estudos do meu instituto. Acababa de dar a miña última clase do día (tiña horario nocturno) e fun decontado para a casa. Carme Ruibal, a miña dona, estaba concertando —precisamente aquela tarde!— con directivos da APA do Instituto Feminino a impartición dunhas clases particulares de galego para alumnas do centro. Coma todos os demócratas, estivemos moi inquedos aquela tarde e aquela noite, e só respiramos cando apareceu o rei Juan Carlos coa súa mensaxe

contra a unha da madrugada. E, aínda así, os tanques de Milans del Bosch seguiron circulando toda a noite polas rúas de Valencia.

Ignoro como pasou aquela tarde-noite Suso Ferro. Un e outro sabemos que algúns dos nosos amigos e colegas estiveran ben máis inquedaos, pois houbo quen cambiou de domicilio por medo ós «incontrolados» e quen preparou a maleta para fuxir a Portugal.

Non teño noticia de que nin el nin eu estivésemos «fichados» nalgunha lista clandestina; militancia política partidaria non tiñamos, pero caía de caixón que a nosa pública querenza pola normalización do «separatista» idioma galego por forza nos habería de sinalar: tanto un coma o outro tiñamos compañeiros (e quizais alumnos) simpatizantes da ultradereita ós que, entre outras cousas, o incidente con Torrente non lles pasara desapercibido.

Afortunadamente non pasou o que puido ter pasado, e o que lembro é que uns días despois do frustrado golpe os dous participamos nunha mesa redonda sobre «O galego no ensino» —o tema de sempre!— no colexio do barrio de Caranza, xa programada con anterioridade. A ningún dos dous nos apetecía, desde logo, coas imaxes do frustrado golpe aínda tan frescas, pero había un compromiso adquirido e, ademais, había que dar sensación de que a vida seguía igual. A diferenza doutras ocasións, non houbera moitos asistentes; entre eles un individuo que ninguén coñecía que se significou moito facéndonos preguntas bastante capciosas, por definilas dalgún xeito.

A Igrexa e o galego

Quizais as dúas teimas máximas que orientaron a vida de Suso Ferro, ata o que eu sei. O feito de que a xerarquía eclesiástica galega non chegase a dar nunca —aínda hoxe— os pasos necesarios para a introdución decidida da lingua galega na liturxia católica, fago mentes de que foi a maior das frustracións do meu amigo, que xa a finais da década de 1960, cando estudaba na Università Pontificia de Roma para ser crego —e, posiblemente, tamén bispo— empezara, xunto con outros seminaristas galegos (os chamados Irmandiños), a loitar para que se cumprise unha das directrices do Concilio Vaticano II: o uso das linguas vernáculos no culto.

Supoño que outros máis versados ca min falarán deste tema; eu limítome a dicir que me encantara aquel seu sinxelo ensaio publicado polo Consello da Cultura Galega: *A Igrexa e a lingua galega* (1987), que gardo entre as obras

preferidas relativas á relixión (tamén as de Pepe Chao). Non esquezo tampouco a excelente organización, coa súa dona M^a Xesús Fernández Lopo, da XV Romaxe de Crentes Galegos en Caritel (A Lama), en setembro de 1992, unha parroquia «sen cura propio, co sesenta por cento das casas pechadas durante once meses ó ano, vivindo en boa parte da emigración a Lisboa». No nº 79 de *Encrucillada* el mesmo relata como se desenvolveu este acto que tivera por lema «Unha terra que medra».

Eu deixei Ferrol e vin para a comarca de Santiago (con destino na Estrada) no verán de 1982. Ferro aínda botou polo menos un curso máis e logo marchou para Pontevedra; despois viñeron outros destinos (Marín, O Porriño...) ata que, finalmente, recalou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, desde a súa fundación en 1993, onde estivo dirixindo ata a súa recente xubilación o Proxecto de Fraseoloxía Galega, o seu tema estrela, a súa Itaca soñada. A fraseoloxía galega foi, como non, o tema do seu discurso de ingreso como membro numerario da Real Academia Galega (RAG) o 4 de maio de 1996. No ano 2008 recibiu o Premio Lois Peña Novo e, de 2007 a 2011 dirixiu e presentou un total de 470 programas de *Ben falado!*, microespazo de apenas cinco minutos da TVG dedicado á promoción da lingua galega, programa que seguimos botando en falta, sobre todo pola naturalidade coa que os nenos e nenas se expresaban en galego. O programa tiña unha boa audiencia, pero a actual dirección da TVG liquidouno e nunca intentou recuperalo ou facer outro semellante. Será para que non se escoiten nenos e nenas falar en galego con normalidade?

A actividade de Ferro Ruibal no Centro Ramón Piñeiro, traballando no seu (a fraseoloxía, o refraneiro etc.) foi inmensa, pero supoño que disto falarán outros que estiveron máis ó seu carón.

A influencia (polo menos en min) de Suso Ferro

Penso que a nosa personalidade, a forma de nos enfrontarmos á vida, foise conformando por moitos factores, entre eles a influencia dos nosos familiares máis directos e os amigos. Entre estes últimos, Suso Ferro teño para min que foi un dos que máis influíu.

Unha das primeiras cousas foi facerme comprender a utilidade, tamén para o mundo actual, do latín, aquel idioma que tivemos que estudar no bacharelato porque estaba no programa e que despois do Concilio Vaticano II xulgabamos

definitivamente morto. O libro de 2º de BUP de latín *De onde a hoxe* (1984) do Colectivo Trasancos —do que el formaba parte— marcou un antes e un despois, polo menos para min.

A outra, a necesidade non só de que se escriba en galego, senón de que se faga coa maior enxebreza posible, depurado de castelanismos e de estruturas morfosintácticas castelás. Neste caso, aquel seu artigo do nº 12 da revista *Encrucillada* («Oracións e ditos relixiosos galegos»), foi fundamental, pois del gravei na memoria non poucas cousas que, en primeiro lugar, me servirían de textos introdutorios para dous temas do meu libro *Lingua Galega FP-1* (Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1982), o primeiro e o único libro de texto para o ensino do galego na Formación Profesional.

Así rezaba parte do texto introdutorio do tema 4, que levaba por título xenérico «Coidando a expresión»:

Todo o que se diga nunha lingua pódese dicir noutra, aínda que ás veces non se poida dicir co mesmo número de palabras ou con palabras que se correspondan simetricamente coas da lingua de orixe.

Ge'hlapchapka é unha palabra dunha lingua bantú que significa «montar en calquera cousa, apoiándose nas mans, durante unha viaxe ou en marcha, lonxe dos outros e sin que eles me vexan a min». Reparede como precisamos vintetrés palabras para traducirmos unha.

As ideas sonvos todas traducibles, pro as evocacións ou alusións que conteñen as palabras na lingua orixinal quedan necesariamente no tinteiro, e o tradutor non ten máis remedio que indicalo a pé de páxina. Ollade estas frases:

francés	galego
<i>casser les vitres</i> (literalmente: «escacha-los vidros»)	armar un cisco, armar un escándalo
<i>être au about de son latin</i> (lit.: «estar empezando o estudio do seu latín»)	estar feito un lío

A tradución chamada «ó pé da letra» é moitas veces unha mala tradución; é case sempre deformación da lingua á que se traduce. Se alguén traducise ó castelán as expresións galegas ¡Vaiche boa! ou ¡Quen che dera! por «¡Te va buena!» ou «¡Quien te diera!», o castelán que o lese ou oíse quedaría sen saber que é o queríamos dicir exactamente. En castelán habería que decir: «¡Cuánto tiempo hace!» ou «¡Que más quisieras tú!». O anterior forma parte desa mistura que chamamos castrapo ou castelán galeguizado.

Temos que procurar escribir, e decir, os ditos populares enxebres, nados e criados no noso pobo. Nos ditos populares hai unha sabencia secular e anónima que nos define como pobo. Observade como hai nestes ditos referencias ó noso clima; cando queremos decir que algo tanto nos tén, os galegos decimos: «Por min, ¡que chova!», mentres que os casteláns din: «Y salga en sol por Antequera».

(...)

Non podemos perde-los nosos ditos populares, as nosas expresións enxebres: son o cerne da nosa cultura diferenciada. Ollade estes exemplos nos que se compara o galego cun galego castelanizado, para que se vexa o que perdemos:

galego	galego castelanizado
-nin arre nin xo	«nin fu nin fa»
-non vai por aí o gato ás filloas	«non é esa a cuestión»

(Xesús Ferro Ruibal, 1980, inédito)

[en: X. M^a Lema, 1982, *Lingua Galega FP-I*; pp. 42-43]

O segundo texto formaba parte do tema 7 e levaba por título «A cuestión do vocabulario científico». Estaba tomado do outro artigo que Ferro publicara en *Encrucillada* nº 17, titulado «Cómpre aprendermos en galego»:

Empezaba comparando dúas series de vocabulario (eran cinco palabras de cada serie; eu só vou poñer dúas para abreviar):

	GALEGO	CASTELÁN	FRANCÉS	INGLÉS
A	can	perro	chien	dog
	pai	padre	père	father
B	bioloxía	biología	biologie	biology
	ecuación	ecuación	équation	equation

Unha simple ollada ós dous cadros de riba chega para vermos que hai unha radical diferenza entre o cadro A (léxico ordinario) e o B (léxico científico). No léxico ordinario as linguas diferéncianse moito, astra o extremo de que, sen coñecementos abondos dunha lingua allea, é difícil ler unha novela nesa lingua. En cambio, no léxico científico as diferencias entre as linguas son tan pequenas que, con mínimos coñecementos de francés ou inglés un científico pode ler un libro da súa especialidade nesas linguas.

(...)

Isto explica que a xente dea en pensar, cando ve un libro científico galego, que está escrito en castelán. E, ó revés, cando algúns políticos falan en galego no que aparecen palabras do barallete científico (cultismos), a xente que non pertence ó gremio veña a decir que non dá entendido ese galego tan requintado e que, no seu eterno complexo, cheguen a pensar que eles non saben fala-lo galego.

[X. M^a Lema, 1982, *Lingua Galega FP-1*; p. 81]²

Confeso, pois, que sempre tiven presente esta idea de Ferro, e cando, no outono da vida, me decidín a escribir unha novela na que a miña cachola viña matinando desde había anos, propúxenme que tería que ser unha narración que polo menos debería ser tamén valorada e considerada polo seu léxico e fraseoloxía enxebres, coas mínimas concesións a estruturas alleas.

Aínda que ignoro se o dei logrado por enteiro, intentar intenteino en *Costa do Solpor* (Edicións Xerais, 2013), e algúns dos críticos máis prestixiosos deste país así o recoñeceron no seu día: «unha escolla léxica vivísima» (Ramón Nicolás, 09-02-2013); «esta é a clase de novela que en verdade fará perdurar a nosa literatura e a nosa lingua» (Xosé Carlos Caneiro, 03-03-13), por citar só os dous primeiros que escribiron sobre ela.

Amigos e amigas que se prestaron a presentarme a novela tamén salientaron a calidade do léxico e da fraseoloxía, feito que me satisfizo moito: Francisco Fernández Rei (22-02-13, quen publicaría o texto da súa presentación n'*A Trabe de Ouro* 93, xaneiro-febreiro-marzo 2013); Primitivo Iglesias Sierra (12-04-13); Fernández Carrera e Varela Varela (19-04-13); Laredo Cordonié (02-05-13); Laxe Mantiñán (10-05-13); Chus Barbeira e Concha Blanco (11-05-13); David Otero, Vilar Álvarez, Santos Fernández, Ana M^a Platas... e algúns máis³.

Deixo adrede, para o final, algúns parágrafos que sobre a lingua da novela me fixo, no que foi a segunda das presentacións (Santiago de Compostela, 30-03-13), o propio Suso Ferro. Nin que dicir ten que, ademais da amizade que nos une, tamén quixen saber de primeira man se dera logrado a aprobación

² Por certo, neste libro de texto introducírase un tema en portugués (o 9: «A formação de Portugal») e varios exercicios en francés e en inglés. Para que logo digan que co galego queríamos erguer fronteiras no Cebreiro e na Canda e choernos dentro delas...

³ Para quen estea interesado na lectura dalgún destes textos, véxase www.costadosolpor.blogspot.com.

do que para min é «o mestre actual da fraseoloxía galega»⁴, sen desmerecer doutros, desde logo; saber se aquelas súas recomendacións de trinta e tantos anos atrás que guiaran a xestación e redacción desta obra superaran a súa particular e selecta «proba do algodón».

Confeso que quedei satisfeito, pois estes foron algúns parágrafos que escribiu o mestre dos ditos e frases no tocante ó tratamento da lingua e da fraseoloxía en *Costa do Solpor*:

Novela escrita nun galego de calidade (...). Nesta novela hai, como dixer, paixóns fortes, expresadas con linguaxe de sal gordo, e paixóns tenras, expresadas con palabras de canela en rama. Nunca vin, e levo visto cousas, un tan expresivo repertorio de imprecacións⁵ (...).

Pero a lingua está especialmente coidada. Coidada non quere dicir que o autor estea usando perversamente o VOLGA, coma un corsé (...). Coidada quere dicir que Lema ten na cabeza o galego vivo do seu pai e da súa nai, ós que Deus ten, e o da súa bisbarra: un galego cheo de variantes expresivas (...).

Tamén é unha novidade o léxico: *Costa do Solpor* non é unha novela de falar galego con mil palabras (...). A escaseza ou banalidade fraseolóxica dalgúns escritores de hoxe é preocupante porque a fraseoloxía é o nivel máis alto de calquera lingua (...). A riqueza fraseolóxica desta novela é un dos seus trazos distintivos, e, mesmo se o lector non os usa, están tan ben traídos que o contexto no que se insiren xa os define e os fai transparentes (...). Lema Suárez vense unir a ese pequeno grupo de escritores ricos en fraseoloxía, que, con tódolos respectos, para min encabeza Bieito Iglesias» (X. Ferro Ruibal, Santiago de Compostela 30-03-13)⁶.

Non hai queixa, e descúlpeleme que tamén acabase falando do meu; de certo podería seguir facéndoo en boa parte, pois Suso e mais eu tivemos unha obra

⁴ Quen lle ía dicir ó egrexio D. Gonzalo que aquel individuo ó que tentara descualificar en Ferrol porque disque non sabía falar o galego, ía acabar sendo, non só académico da RAG, senón o maior especialista na fraseoloxía galega.

⁵ Vaia: espantarse o morto do aforcado! Nin que dicir ten que o primeiro lugar ó que acudín para buscar xuramentos, maldicións e imprecacións de todo tipo para poñer en boca da chusma filibusteira foi, precisamente, o seu varias veces citado artigo de *Encrucillada* nº 12.

⁶ Tamén se pode ver o texto completo de Ferro no mesmo blog indicado na nota 3.

en común, o *Diccionario dos Nomes Galegos*⁷, que el dirixiu e da que tamén foi autor, na que xa non vou entrar para non alongarme máis. Unha obra que, xunto con outra máis reducida (*O teu nome*, 1994) contribuíu a que moitos galegos e galegas das novas xeracións teñan hoxe un nome galego ou a que cidadáns e cidadás galegos/as tivesen a loable idea de galeguizaren o seu nome. Isto supoño que quedará para a historia e que ningún goberno nolo poderá quitar.

⁷ X. Ferro Ruibal (dir.); A. I. Boullón, X. Ferro, X. M. García, X. M^a Lema e F. R. Tato (autores) (1992): *.Diccionario dos Nomes Galegos*. Vigo: Ir Indo Edicións.

Nosoutros somos os latinos

RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Ten sentido falar hoxe dun libro de texto para alumnos de segundo de BUP publicado no ano 1984? De facelo, será porque os seus conceptos están superados mesmo equivocados ou, pola contra, porque mantén o valor formativo para os cidadáns do futuro co que naceu? A hiperinflación de leis e regulamentos desde 1990 (LOGSE) foi dar nunha multiplicación de manuais escolares e de currículos incontables. Leis, manuais, currículos, infinitos recetarios pedagóxicos, que sumados dan como resultado un caos de imposible ordenamento mental. Mesmo semella que o importante son eles, non o que ocorre dentro da aula cada día escolar. Podemos ter á man algo que falsee desde a realidade tanta hipótese finxida? Ten o real potestade para deslexitimar o irreal?

O texto escolar titulado *De onde a hoxe* responde ao plan de estudos deseñado na Lei de 1970 (LGE) para a materia de latín; responsabilízase da autoría o grupo “Trasancos” integrado por filólogos que “saben latín”¹ e que lle dan forma escrita ao que nas súas leccións de clase diaria experimentan. Tanto, que para nada traen a conto o devir sombrío que a súa disciplina empezaba a vivir no sistema docente español. Reluce, emporiso, a responsabilidade profesional de pór en termos de utilidade e de servizo público unha materia urxida de visibilidade social proveitosa. Materia interesante para o alumno que a cursa; materia que prepara para vivir e ser consciente do mundo no que moramos; materia imprescindible para comprender a cultura galega; materia inevitable para entender por que falamos como falamos e por que somos como somos; clases, en fin, nas que non se fan cousas sen ton nin son, senón que se leva a cabo a tarefa máis decisiva na vida de calquera adolescente: coñecer os seus adentros. E iso é algo que importa a todo humano e que o devandito libro pretende universalizar no bacharelato; etapa do sistema docente, polo demais, na que un país se xoga demasiado como para despreocuparse da calidade dos materiais de traballo utilizados.

¹ Xesús Ferro Ruibal, Antón Miramontes Nieto, Concepción Sande Meixide, Xosé Souto Blanco. aparecen como autores.

Claro está que nese labor o latín coincide con outras moitas materias regradas do Ensino Medio, pero ningunha outra ten a primoxenitura de fusionar as máis delas nunha mesma visión do mundo; a cultura occidental ten na civilización romana un dos tres piares; moi lóxico resulta ver cómo desde a filoloxía latina e desde a cultura romana se fan extrapolacións á arqueoloxía, á política, á historia, tamén á realidade histórica de Galicia, de España, de Europa, á mentalidade occidental desde o mundo latino. Un texto que, amais, pon ao servizo do público en xeral conceptos analizados desde os respectivos xermolos grecolatino. Mais o difícil e facelo co rigor científico que alí se mostra.

Certo, o título do “groso volume” refire o mesmo que outros moitos títulos de outras moitas publicacións: o pasado, a historia, como mestres da vida; como presupostos para entender o presente e planificar o futuro, a necesidade de nunca perdelos de vista; mais neste caso tamén podería titularse ao revés, *De hoxe a onte*. A razón é clara: o proceder vai desde a lingua e cultura galegas actuais ao estudo e comprensión da lingua latina. Un título que recorda a quen o abra que vai falar duns contidos que chegan á aula desde a rúa para volveren aos espazos públicos en forma de consciencia racionalmente asimilada. Daquela, os autores non só son expertos na lingua de Cicerón, senón tamén na de Rosalía; da sinerxía entrámbalas dúas sae un produto que, abofé, desminte, quizabes como excepción, o tópico minifundismo galaico.

A “res falada”, a realidade da fala que hoxe falan os galego-falantes en Galicia conforma coa que nun tempo pasado falaron os clásicos e “rústicos” latinos un todo que desde as clases de latín debe aclarase cientificamente. Como libro escolar nace nas clases, como testemuño histórico vén de lonxe, como guión para a vida delimita o devir dos galegos que queren saber de si mesmos. Ao cabo, o para que deste texto escolar para alumnos de segundo curso de B.U.P. dos alumnos galegos no curso 1984 e seguintes non é outro que xerar coñecemento antropolóxico verbo da identidade dos galegos desde o estudo da civilización romana. A constante de que vaian por onde queiran sempre acaban por bater cun pasado romano que chegou a eles está presente en cada unidade didáctica². O mérito dos autores radica en que saben facelo con moito tino marcando a evolución converxente entre ámbalas racionalidades. Dela resultou un excelente servizo a Galicia nas letras románicas e nas humanidades latinas.

² O material gráfico e fotográfico utilizado está para ilustrar esta idea. Son imaxes que contan historias que viaxaron no tempo ata repousaren nos museos.

Ningún laio pola sorte do latín nin do galego na configuración do bacharelato, nin unha liña para doerse do que noutros ocupa capítulos enteiros; moita preocupación por deseñar unha meta común que faga do encontro entre eles dous o eixo sobre o que viran moitas outras disciplinas curriculares. Cando a única forma de aprender latín —“unha lingua que deixou de falarse”— hoxe é estudalo nos libros, cabe preguntar: garante o sistema escolar só o coñecemento da lingua galega? Sen galego falantes desde o berce, que futuro lle esperaría ao galego?

Cando un dos autores, Xesús Ferro Ruibal, coroa o seu “cursus” docente, coido acaído volver sobre as ideas concretas coas que este libro está feito. De paso, achegar aos outros campos de investigación —Fraseoloxía, Onomástica, Sociolingüística, Tradución, Divulgación— nos que ten realizados senlleiros traballos o da Filoloxía clásica latina para, así, completar a estampa da totalidade do labor pescudador do nomeado profesor. Embora, e se cadra, achegamos cabo del un aquel máis para estármoslle obrigados.

Digamos, de primeiro, que porque abraza cincocentas páxinas e pico non podemos matinar que se trate dun compendio da cultura romana, lingua incluída; menos aínda dun tratado de gramática e sintaxe que encomeza pola morfoloxía e dá remate na prosodia cunhas nocións de métrica.

Non. Trátase dun libro de texto para aprender latín clásico, pero dun texto no que hai orde e dose; orde no estudo da morfosintaxe e dose que o profesor debe administrar conforme ao programa oficial. “Non todo o que vén no libro é esixible ao alumno”. A orde repítese en cada unidade con tres partes inalterables: *Gramática*, *Léxico* e *Civilización*; cada unha delas, á súa vez, descomponse noutras tres, que por xunto dan en total nove apartados que se repiten en cada unidade.

A idea que atravesa a totalidade é a de ir desde o coñecido e máis próximo ao descoñecido e máis lonxe no tempo. O apartado VIII dío claramente: “Non pérda-lo teu latín”, porque cada alumno presente é un usuario do latín —“O latín que aínda usas hoxe ti”—. Os exemplos do apartado VI, “Do latín ás linguas romances”, traen a conto nomes de lugares, “Toponimia”, e a orixe de palabras, “Etimoloxía”, de nomes e palabras ben coñecidos dos máis dos alumnos. A maiéutica socrática é de práctica continuada grazas ao recurso psicolóxico de facerlle ver ao alumno que a maioría do léxico que utiliza ao cabo do día son “vellas palabras latinas máis ou menos transformadas”, xa na súa grafía externa, xa no seu significado conceptual. A universal presenza do

latín no galego esténdese ás linguas románicas nun cadro comparativo no que o portugués, o castelán e o catalán dan pé para concluír que o latín é unha lingua escrita; en absoluto, morta nin afastada dos falares das xentes galegas.

Non deben confundir a ninguén os apartados VII, “Civilización romana”, e IX, “Horizontes”. Neles explánanse, por unha banda, unha crónica de cómo os romanos organizaron a súa vida en común, das virtudes e vicios sociais, de cómo loitaban polo poder, educaban os fillos ou lembraban os mortos. Por outra, no apartado “Horizontes”, fanse propostas de estudo sobre o que aínda hoxe se debate entre a lenda e a historia. Particular importancia se lle dá á romanización de Galicia con curiosidades tales como “a Roma as lampreas chegaban desde Galicia”, aínda que “Inicialmente Roma non eliminou as estruturas políticas indíxenas”. Na procura das raíces da Galicia actual conclúese que non cadra nin co mundo castrexo nin coa Gallaecia romana: “Gallaecia non é o mesmo que Galicia; gallaicus non é o mesmo que galego”.

Pero o manual non trata da civilización romana, “non é Roma o obxecto do noso estudo”, senón do latín e da literatura clásica latina. É un texto para estudar latín clásico e probarlles, unha e outra vez, aos alumnos que eles son neolatinos en boa parte, porque o galego de hoxe vén do latín falado polos que viñeron conquistar o noroeste da Península daquelas. A latinización de Galicia foi máis serodia ca noutras partes da Hispania, pero, pola contra, foi total e moi profunda. Tanto, que segue, aí, queda, nos fondos de cadaquén.

Cal será o gran problema que a maiéutica utilizada comporta? Como practicar a ironía socrática aquí e agora?

Como os alumnos que por primeira vez entran en contacto co latín nada saben diso, o texto, con moito acerto, empeza cada unidade, “Textos iniciais”, por frases curtas de autores clásicos convenientemente resaltados en cor vermella os nomes e os fonemas que apuntan aos obxectivos didácticos de cada unidade; a correspondente tradución en paralelo serve para atraer a atención do alumno e fixar a explicación do profesor nos obxectivos de unidade. É unha maneira de ir desde a palabra que salta aos ollos á regra sintáctica que rexe a frase. Ou por mellor dicir, de introducir os oficios distintos que unha palabra pode desempeñar nunha oración. Os tres primeiros apartados de cada unidade —“I Textos iniciais”, “II Comentario do texto” e “III Explicación gramatical” determinan a imprescindible intervención do profesor. É esta unha trindade na que o papel do profesor resulta esencial. Eles son os referentes para introducir ao alumno no sistema nominal e verbal do latín, nas declinación

e nas conxugacións como formas que, sumadas, fan da materia unha lingua flexible apta para calquera tipo de arcos lingüísticos; a eles correspóndelles aclarar que os casos latinos non existen no galego, mentres que as semellanzas abundan nas conxugacións. Ordenar a cabeza tendo diante unha oración na que a función de cada substantivo, adxectivo ou pronome, depende do caso, da concertación, da acción, da persoa, do tempo, do modo verbal xunto aos oficios propios das palabras invariables, é unha ximnasia mental que deixará pegada para o futuro de quen, acaso, nunca máis se lembre do latín que de rapazolo estudou. Orde na cabeza non equivale a ter moitos ou poucos coñecementos, pensar non se identifica con coñecer; pensar significa diálogo cun mesmo para distinguir entre o ben e o mal, o verdadeiro e o falso, o civilizado e o tribal. Labor no que a concertación de todos os elementos coa actividade e responsabilidade do suxeito fai de punto de referencia; claro que os únicos suxeitos capaces de pensar son os humanos; os outros, incluídos ben humanos, actúan sen pensar.

O importante en cor vermella, o que salta á vista, serve de punto de partida coñecido polos ollos para distinguir entre partes variables e invariables; asemade entra polos ollos que das partes variables unhas son declinables e outras conxugables. O apartado IV, “Vocabulario”, remarca a distincións entre os sistemas nominal e verbal de cada unidade así como as partículas invariables: adverbios, conxuncións e preposicións. Coma sempre, a semellanza e diferenza entre as latinas e as galegas é outra forma de ir desde o que se sabe ao que se descobre de novo.

Temos, pois, que da morfoloxía que se ve e da explicación que se dá saen xa as regras que se observan. No apartado V, “Comprobación gramatical”, de cada unidade o profesor deixa de ser protagonista único na dinámica da clase; agora entra en acción o alumno, ao que se lle pide que aplique na práctica o que aprende na escola. É o momento de fusionar utilidade con actividade, de facer exercicios de lecturas de periódicos co ollo posto no uso de expresións latinas, de facer pescudas verbo de expresións latinas que aparecen nos reloxos mecánicos, por exemplo, ou aforismos de uso corrente na linguaxe dos xuristas, dos eclesiásticos ou, mesmamente, nas lápidas do cemiterio.

Un texto que abrangue moitas perspectivas sen perder a orde e secuencia entre unhas e outras unidades; un texto que, segundo testemuños recollidos dos alumnos que o tiveron como material de traballo, para un 93% fíxolles a materia “interesante e útil”, incluídos aqueles que no comezo do curso

pensaban mal do latín. Aínda que só sexa pola aceptación popular ben merece que alguén o invoque nun libro dedicado a un dos seus arquitectos.

Unha última parte de “Apéndices” multiplica a funcionalidade do texto non só para alumnos, senón tamén para calquera interesado no labor de satisfacer o desexo innato de coñecemento científico do dicir románico. Unha táboa sinóptica de paradigmas para a declinacións de substantivos, adxectivos e pronomes, seguida doutra de verbos regulares e irregulares dá entrada a un vocabulario coa correspondente medida métrica.

Para mirar e ver máis aló das palabras, un “cadro sincrónico” sitúa ao interesado no tempo no que antes e despois de Cristo ocorren feitos políticos, militares e socioculturais relevantes tanto en Hispania coma fóra dela.

Por último, e como parte do meirande interese, aparecen trece páxinas de “Índices de palabras citadas” coa correspondente páxina de localización. Catalogadas segundo o modelo patrimonial do correspondente idioma complementáanse co apartado “Locucións latinas de uso actual, aforismos e frases célebres”. Toda unha fervenza de cultura latina posta en orde mental, sorprendentemente, nun texto para o bacharelato galego, merecente, para máis, dun lugar destacado en calquera biblioteca particular de quen queira que lle guste saber tanto para acá coma para alá do Miño.

Trece páxinas que resumen un traballo de moitos anos feito por mestres que “saben latín” e, daquela, redactaron un texto no que os que non o sabemos podemos aprender latín e máis ca latín. Grazas, profesores, por terdes dado a luz unha singularidade de proveito a fartar; grazas, profesor Xesús Ferro Ruibal, por sumar unha doa máis a un “curriculum” xa relevante no patrimonio galego.

O coherente é non falar de vostedes, senón do seu libro. Así, aprendín por que “nosotros somos os latinos”. Vale.

Caritel de todos nós

EDITH PAZÓ FERNÁNDEZ
(Xornalista)

Lánzome con ledicia e gratitude a participar nesta publicación de homenaxe a Xesús Ferro Ruibal. Tratarei nas vindeiras páxinas de ofrecer un relato humano da aldea de Caritel, micromundo compartido, coa súa microhistoria, lugar para as relacións humanas, cambiantes, lugar de vivos e mortos, dos que o habitan e mais dos que o visitaron nalgún momento, dos que chegan e dos que decidiron marchar, lugar de conversa de camiño e de discusión dialéctica de fondura, lar de música e edén para, nas tardes tranquilas, apousar o pensamento. Para Suso Ferro, paréceme que tamén fonte primeira para o saber académico e bo recuncho para descansar traballando.

Cando o padre Sarmiento pasou por Caritel o 11 de agosto de 1755, de camiño á Lama, cavilou sobre as orixes daquela voz curiosa (caritel, caritar) e anotou distintas motivacións para o topónimo, todas elas cunha raíz semellante no latín medieval caritellum, e do grego karakter, marca. E escribe: «Quedoume na memoria porque non vira montiño con aquela fasquía e estrutura. Se cadra chamaríanlle Caritel ou Carater por estar aquela pena como caritada de regañas, cicatrices e potes».

Nos últimos corenta anos que lle coñezo a esta pequena aldea viva, situada onda o río Verdugo e á que me amarraron afectivamente desde que nacín, mudaron en Caritel as persoas, as maneiras de relacionarse, a fala, os saberes, o traballo, a economía, as ideas. Unhas transformacións que adoito caritaron desde algún outeiro indeterminado, outras naceron da resistencia propia e outras moitas da vontade dos que nos animaron a embarcarnos, terra adentro, en proxectos colectivos.

Manuel Gago arrancábase este ano no seu blog coa recensión dun libro curioso que tamén a min me tivo entretida, *Memorias del Cigarral*. Nel, o neto do doutor Marañoñ fai un percorrido pola historia de España dos últimos catro séculos e pola memoria familiar centenaria desde o universo da herdade en Toledo. Gago gababa no seu comentario a forma de abordar a querenza polo patrimonio dese anaco de terra. «Ser propietario é van e só imaxinación; querer un pequeno territorio, pola contra, é trasladar o mellor do ser humano, a súa emoción e as súas relacións con outros seres —humanos ou non— a un espazo concreto».

Caritel, para min, para nós, non é o espazo amurallado da casa familiar. Caritel é a aldea como continuo, a xente, a memoria, tamén as pedras vivas e a preparación do terreo para os que veñen detrás. A iso nos referimos cando falamos de Caritel: ás cancelas abertas e ao que foi acontecendo neses montes de peculiar fasquía, nas veigas, no torreiro do Coto, no altar da igrexa, na cociña da casa, no curral, na Aldea, no teleclub, na carballeira da Chan, nas Derramadas, nos pasos da Fraga, na Larpea, no Portasouto, na Braxiña, na Sobreira, no Outeiro, no Portacel, na Xesteira, no Cabaleiro, no Cruceiro, na Pousa.

Poucas semanas antes desas lecturas de primeiros de ano despediamos unha das persoas que quixen ben de cantos viñeron por Caritel, Xosé Chao Rego. Reparei en que Chao fora un dos que lle dera un aquel á nosa mesa de pedra, tamén á nosa igrexa e ao traballo da xente do lugar. Andando nos andeis (xogo sonoro do que gustaría Chao), recuperei unha reflexión del arredor da morte en relación coas experiencias vividas na nosa parroquia, publicada en *Encrucillada* (xaneiro-febreiro de 1991), xa antes de el comezar a vir asiduamente a Caritel. Nese artigo Chao dicía que lle gustaría morrer como X. Ferro contara que se morría na nosa aldea no texto *Morrer en Caritel*, que lle acababa de valer o XII Premio de Periodismo Julio Camba, e que Chao aplaudía con afecto naquel número da revista. Morrer así, con acompañamento musical e alegría, «felices da experiencia vivida, coa mesma serenidade con que caen as follas de outono» (X. Ferro, 1990) e soterrados no cemiterio construído á beira do torreiro da festa.

Escribía Chao (1991) na súa recensión titulada *Un premio á morte*:

[...] Quero atreverme a facerlle ó lector, mortal tamén, esta confidencia: estou querendo aprender a morrer. Xa que *me naceron* —e toda a nosa vida é un constante exercicio, no mellor dos casos, por encaixar esa pasividade orixinal e convertela en aceptación activa, en proxecto vital— non quero *ser morrido*. Anceio morrer eu mesmo: camiñar, voluntariamente, cara á morte e ser consciente, se a morte é benévola comigo, do paso que vou dar para facer un testamento: unha derradeira vontade, resume do que quixo ser, no fondo, a miña vida tan ambigua e preñe de contrariedades. Polo que agradezo á señora Helena de Caritel que *deixara ordenado que non quería xente a falar baixiño na súa casa con roupa negra; quería que se convidasen os amigos como ela os convidaba en vida. Quería levar un par de rosas na man. E, sobre todo, quería música de corda na igrexa.* (...) O meu testemuño é este: estou empeñado en aprender a morrer coma en Caritel e pídovos a tódolos amigos que me axudedes, que quero ser un *morto voluntario*, non un morrido á forza.

A despedida de Chao en Boisaca, chea de amigos e amigas que quixeron ofrecerlle a romaxe derradeira das que el soñou, coa música sentida de Mini e Mero, ben podería sumarse á despedida relatada por X. Ferro da señora María e de Helena e do señor Eduardo, que marcharon para o outro mundo con compases acordados e banda de música a ritmo de pasodobre camiño do camposanto do Coto.

Ese Chao vital comezaba naquela altura a alentar as ideas de X. Ferro e de M. X. Fernández Lopo de argallar unha Romaxe na que os nenos e as nenas tivesen voz principal. Esa centralidade nos nenos e na mocidade é permanente na vida dos *Susos*, como son coñecidos en Caritel. E desa motivación, e da colaboración, do traballo e do alento de moitos de alí e de fóra, naceron boa parte dos proxectos culturais máis importantes que se desenvolveron na nosa aldea nos últimos trinta anos, proxectos todos eles colectivos e humildes, pero transformadores para os que os vivimos.

Chao Rego (1991) comezaba a percibilo así naquel momento:

Caritel é unha parroquia do municipio pontevedrés de Ponte Caldelas [...] Alí aproveitan, Susi e Suso, para animar grupos de catequese desde a óptica dun cristianismo liberador que, xunto cunha nidia galeguidade, é o motor que apaixona as súas vidas. Téñolles oído contar, máis dunha vez e con entusiasmo, a boa resposta que a xente miúda tributa ó seu labor, e mesmo andamos en tratos para argallar unha Romaxe na que os nenos sexan protagonistas.

A Romaxe de Caritel non tardou en chegar. A festa dun día foi o trafego de moitos meses. Primeiro, co traballo reflexivo do comité que aquel ano organizaba a Romaxe de Crentes Galegos, unha cita que segue a reunir cada ano nun lugar diferente de Galicia miles de persoas unidas por unha vivencia da fe aberta e enraizada na cultura propia. Na dificultade de escoller un lugar, os organizadores percorreron os arredores da aldea procurando un espazo de paisaxe vizosa, amplo e acolledor, con acceso para ducias de autobuses e centos de coches, pero que convidase a unha comunión en respecto coa natureza. Escolleron a Carballeira das Ermitas, en Xesta.

Cada fin de semana arredor da mesa do comedor da casa de Lopo discutiron e construíron con ilusión e desgaste intelectual Daniel López Muñoz, Agustín Bueno e Carmela, Chao Rego, Engracia Vidal, X. Ferro e M.X. Fernández Lopo, xunto con distintos catequistas de Coia, a maneira de abordar o texto que guiase a celebración, o ton, o contido, os cantos. Debateron arredor do papel

dos rapaces, coas reticencias tensas dalgúns membros da organización á idea de Romaxe «dos nenos» por mor dos temores á manipulación que irremediabilmente exercen os adultos na construción do relato. Para non lles facer dicir aos nenos e nenas o que se arelaba que dixesen, acordaron pedirllas a centos de rapaces que lle escribisen cartas a Deus e, a partir dunha selección daquel material, construíuse a liturxia da palabra da Romaxe daquel ano. O texto fiouno X. Ferro, quen plasmaba posteriormente en *Encrucillada* o afán co que abordaran o proxecto:

Sen nenos non hai futuro. Por iso hai case dous anos manifestamos ós responsables das Romaxes que cumpría facer unha na que os nenos fosen os protagonistas. Porque tampouco a Romaxe tería futuro sen nenos. Hai multitude de actos galeguistas durante o ano. Pero todos son para xente adulta. Coma se os nenos fosen un estorbo. Coma se esta angueira puidese rematar en nós. Falámolo no enterro de Ramón Piñeiro, onde os máis novos andarían polos trinta anos. (X. Ferro 1992b).

Co lema «Unha terra que medra» a Romaxe chegou nun día solleiro que animou a máis de cinco mil persoas a achegarse ás Ermitas. Ao amencer, a sinalética colocada na véspera na estrada coas indicacións da dirección fora toda ela revirada. Mesmo así, ninguén se perdeu. O porco bravo fozou toda a noite á beira do altar da carballeira. Nada se alterou. Os nenos e nenas fixeron a lectura das cartas. As Ermitas encheuse de música e palabra. Na igrexa de Caritel púxoselle o ramo á xornada na fin da tarde. O medallón de Sargadelos da Romaxe daquel ano está pendurado nas casas da aldea. «Unha terra que medra».

A misa en galego

Avivaio, avivaio/ e non o deixes morrer/ o que non foi, queridoño/ o que non foi ha de ser

Ese labor enfocado á Romaxe foi, en realidade, a continuidade co movemento creado na parroquia desde anos antes para introducir cada domingo a celebración da misa en galego, algo menos impostada e máis animada e participativa ca o ritual establecido, e á que os sucesivos párrocos destinados na freguesía se foron axeitando, con maior ou menor comodidade e con entusiasmo escaso.

A xente maior, afeita aos rezos en castelán e á rutina do rito, tampouco aplaudiu de cheo os cambios incorporados progresivamente na xuntanza dominical;

pero o feito de ver os netos e netas no altar maior, vocalizando no micrófono as lecturas preparadas, axudou moito a lle non poñer pexa, cando menos en público, a aquela nova transformación, que seguramente lles resultou parecida á de cando o sacerdote pasara a falar de cara e as oracións deixaran de ser en latín. Tamén facilitou a boa acollida dos textos galegos o feito de reservar sempre no ciclo do ano un lugar para que os máis vellos recitasen un *Pange Lingua* orixinal ou cantasen un arrastrado *Oh, María madre mía* no final da novena, poñendo en estima aquela memoria ao pé da aprendizaxe do novo Noso Pai.

Relataba X. Ferro (1992b):

Caritel é a única parroquia que en bastantes quilómetros á redonda ten a liturxia asentada en galego. Salvo algunhas incursións a outras parroquias en días de festa; precisamente dos rapaces de Caritel. [...] Inicia-la liturxia en galego atopa tal reticencia no clero, que acaba parecendo estraño o que é natural. Anda un con medo. Medo a parecermos unha secta, cando sómo-la ortodoxia e a tradición da Igrexa de Cristo.

Os Reis: un costume vello para uns tempos novos

Tira ben polo arado/ miña vaquiña marela/ para ir ó Neno Diose/ que está cerquiña da veigha

En 1982 os Susos recuperaron coa rapazada o costume anual de ir cantar os reis polas casas. Na aldea, as celebracións que as últimas xeracións coñecemos viñeron pegadas ás citas relixiosas. O templo parroquial, erguido en 1906 co traballo dos veciños, pía de todos, foi centro da relación comunal. Nesa continuidade de apego á fe e no fortalecemento da querenza compartida polas pedras da igrexa como patrimonio común sementaron os Susos cambios e ideas culturais tan novas como conservadoras dos valores ancestrais que motivaran a súa construción. Nesas bases naceu o agrupamento do baile, que foi, ao mesmo tempo, agrupamento de voces para a xuntanza litúrxica dos domingos, para o traballo da lectura en voz alta, para a recuperación de cantares dos avós, e, de maneira moi significada, para gañar a estima da fala propia.

Os ensaios dos Reis e aquela festa de andar de casa en casa foi unha alegría para os comezos de ano na aldea. O frío e a chuvia non impediron as cantarelas. «Pasai, adentro!» E aí viñan unhas galletas, un cantar novo para o ano vindeiro, unhas moedas para irmos de excursión.

Neses anos Caritel andaba de mudanza. Se ben é certo que o sangrado de poboación pola emigración viña sendo constante xa desde un século antes (fundamentalmente, a Lisboa, ao Brasil e a México; despois tamén a Suíza e, máis recentemente, a outras partes de España), tamén o é que as formas de vida dos que seguían a residir na aldea non cambiaran ata daquela substancialmente. Vivir das vacas e das ovellas, compartir as tarefas de labrar as terras, depender das estacións e acompañalas nos horarios, chorar os mortos cunha década de loito, celebrar as festas con fartura e alegría, criar os rapaces no común e deixalos andar, falar nos camiños, era o modo compartido de habitar que se prolongou en Caritel ata hai pouco máis de tres décadas. Daquela, mesmo os máis novos comezaron a se decatar de que os tempos mudaban na aldea.

Primeiro, desapareceron as vacas. Dosinda, co pano negro a tapar a cabeza xa desnortada, vagaba polos camiños coa súa ladaíña constante: «Vós viste-la miña vaca?» E os rapaces fuxiamos a correr, coa risa na boca e a impresión na gorxa, sabendo que a vaca dela, coma a de todos, levaba xa anos baixo terra.

As vacas, dúas, tres, para algúns catro, foran o sustento, a compañía, levaran nome, foran da casa. «As vacas deron enerxía, alimento, calefacción, calzado e nalgún caso roupa» (Ferro & Benavente 2010). Todo é no imaxinario coma unha vaca: na fala, na arte, na literatura. Sempre outra vaca vai no millo. E é certo que nas nosas testas inda hoxe hai un millón de vacas.

Cando comezaron os ensaios do baile en 1988 e o bo tempo deixaba facelos na Aldea (lugar central, cruce de varios camiños e no que manaba a auga corrente da traída) aínda tiñamos que parar ás veces para deixar beber con sosego os becerros de Fina de Coxo. Por pouco tempo foi; despois xa cortabamos o ensaio pasadas as catro para que atravesase co coche Manolo da Pousa; e de alí a pouco, xa bailar na Aldea se foi facendo un perigo.

O cambio das vacas polos coches mudou a paisaxe sonora de Caritel, o ritmo e as fórmulas dos saúdos; e non só. Cambiou as cortes por garaxes ou salas con televisión. As cociñas pasaron a estar máis limpas e as veigas cheas de maleza. Marcharon habitantes novos e recuperouse rapazada de vacacións. As cortiñas fixéronse xardíns. Retornaron emigrantes apegados ao lugar, pero cun subsidio ou outros traballos; ningún volveu ao gando. Só quedou algunha concentración de vacas criadas para a carne, no monte, sen dar leite nin compañía.

A desaparición das vacas das casas trouxo liberación pero tamén certa morriña interior para moitos máis en Caritel ca para Dosinda. En voz alta pronunciá-

banse as vantaxes de non estar atado a nada. Cobraban *pola agraria*. Co ben vivir, sen moito foguete pero sen deixar o lombo, e asegurado o sustento, polo menos, por unha xeración. Os fillos comezaron a marchar a traballar a lugares máis próximos (a Vigo, a Pontevedra, algúns a Ponte Caldelas), que permiten a ida e volta como mínimo semanal, en pisos vernizados en brillo e con calefacción artificial. Vidas con novas relacións comerciais, organizativas, lingüísticas.

Silvina do Outeiro, aos seus oitenta e tantos, asistía ás conversas diarias á beira da C-531 abouxada polos xeitos dos novos tempos: «Ai, mala frebe me peghe!»; cando quería, inhibíase de dar opinión e botábase fóra co seu «Eu non vexo nin ouzo...». Sen instalación de luz na casa por pura resistencia vital a un elemento polo que non sentía necesidade ningunha, faría de conta como podía ser aquela vida nova dos fillos e dos netos dos outros, asentados nas cidades en casas sen cheiro ao esterco, senón a cano, con traballos «menos atados», na hostalaría 7/7, nas fábricas ou nos servizos automáticos. Silvina, informante S. Sobral nas primeiras fichas para un *Refraneiro Galego Básico*, finou na súa cama, con noventa anos, sen descendencia pero inmorrente na memoria de todos.

Xosé, o *ghipi da Fraga*, chegou a Caritel a coller a remuda daqueles ritmos de muiñeira vella que esmorecían canda Silvina e os do seu tempo. Asentou, con outros compañeiros e compañeiras, no idílico lugar da Fraga; os máis deles, seguramente, despois dunha vida urbana de calefacción, piso vernizado en brillo e con cheiro a cano. Xosé o *ghipi* foi o primeiro profesor de gaita que tivo o grupo de Caritel. No soprete da súa gaita comezaron os seus primeiros contactos co instrumento uns poucos mozotes da aldea, como pipa xenerosa dos chegados e tamén símbolo da acollida confiada dos pais dos rapaces que vían naquela comuna xente de ben, que se facía querer uníndose ás festas, ao ensaio do baile, a apagar un lume ou a botar unha man coas patacas.

Naqueles anos foi abundosa a nova poboación que chegou á comarca na procura dun modo de vida alternativo, en realidade bastante parecido ao ordinario do lugar. Viñeron tamén entre os *neos* profesionais de máis estatus (arquitectos, profesores, artesáns) que optaron por vidas austeras en casas illadas. Pero estes non conquistaron na xente un papel referencial para o desenvolvemento da aldea. As aspiracións da veciñanza de sempre miraban de carranca máis para a vila, Ponte Caldelas, a escasos cinco quilómetros; núcleo da escola, do médico, do comercio. Lugar de fala castelá. De mellor vida.

O modelo social esmorecente apagaba a vitalidade das maneiras de expresión que acompañaran o traballo e o lecer do de antes. Algúns, como Esperanza do Calviño, aínda as levan con empeño sempre prontas na punta da lingua, para espetalas na situación axeitada. X. Ferro apurouse a andar nos camiños cun caderno que collese no peto do pantalón (case sempre unha axenda vella, como para recordar que xa ía fóra do tempo), para que ningunha daquelas metáforas perfectas quedase sen rexistro. No medio, foron cantigas e recitados; e algunha melodía rouca representada en trazos esquemáticos. En Caritel, daquela, non só deixaban de muar as vacas.

O bailar e o cantar xa non estaban a ser parte do cotián. Había mesmo certa vergoña de cantar por cantar. Digamos que a música, naqueles anos, estaba a entrar no proceso da subcontratación. Pasaron a cantar o sacerdote vindo doutra parroquia ex profeso para as celebracións (adoito, o cura de Tourón), as orquestras no día da festa, os programas da noite da televisión. Nos últimos anos nos que os rapaces ían coas vacas, xa levaban un radiocasete con pilas. Pero cantar así, á vaicheboa, pasou a ser un pouco de parvos. As pandeiretas apodreceran no fondo dalgún alboio ou dunha barra. Comenta Fernando de Lopo: «Se por acaso, algún instrumento soou algunha vez entre os límites do Portacel e da Pousa, xa debiera desaparecer nesas limpezas de faiados dos 70, cando chegaron as formicas e os aluminios. Así que, de seguro, a formica substituíu dalgún xeito a madeira da última gaita ou pandeireta, igual que a percusión dos centrifugados das lavadoras silenciou os contos e as cantigas de lavadoiro.»

Por iso, que nos anos 80 en Caritel os rapaces e rapazas pasasen a recibir o ano a cantar foi novidade. O acordeón de Suso, cunha habilidade musical herdada por parte paterna e materna nos lares de Rebón, facilitaba as cousas. E ás vellas prestáballes sentir as voces máis ou menos brancas dos novos. Preparáronse reis máis lixeiros para andar de ruada e longas narracións da noite histórica de Xosé e María, representadas para a misa solemne de comezos de ano: *A Belén camiña/ a Virxe María/ san Xosé levaba/ na súa compañía/ ese amante firme/ digno de estimar./ Aí, antes das doce/ a Belén chegar...* A Pablo de Cacheiro, eterno san Xosé, púñao Susi a petar na porta da sancristía para pedir pousada; e facíase o silencio na igrexa. Noelia do Portacel botaba a man á cabeza, a un pano que xa traía, e envolvía o pequeno para lle dar calor. *Miña xoia, miña xoia/ miña prenda, meu amor/ se eu tivera que deixarte/ morrería de delor*, acompañaban as máis vellas desde os bancos de diante. Polo uso, gastouse o Neno Xesús, que o cura pasaba a bicar entre a xente nesas datas. Pepe

da Buxeira encargou un Neno novo, entregouno na igrexa e envurullouno nunha copla que lle inventou cantada con ritmo de jota valseada: *Vinde, vellos e novos/ vinde ve-lo milaghreiro/ que veu prá parroquia/no día derradeiro!/ Tocai a ghaitiña/ a mailo acordeón...* Pepe da Buxeira, carpinteiro retirado e gaiteiro activo, resultou ser —como apunta Fernando de Lopo— «dos que non limpou o faiado nos anos 70». Ensaíouse a cantiga regalada e estreouse, con fachenda, na misa de primeiro de ano.

Manuel Cordo Boullosa e a fundación do Bando de Caritel

Viva el o noso bando/ Viva o noso bandiño/ Viva el o noso bando/ anqu' el era pequeniño!

Na mañá de Reis de 1988 os nenos da aldea aparecéronlle na casa a don Manolo, o Boullosa, para lle cantar os reis. *Aquí están-los dos reis/ dispostos para cantar/ e se usté nos dá licencia/ habémolos comezar/ Esta casa si que é casa/ esta si que é reghalía/ tanto relumbra de noite/ como relumbra de día.* Botamos as coplas, unhas recollidas, outras inventadas por Susi: *Os nenos de Caritel/ vimos hoxe pra cantar/ que naceu un neno pobre/ hai un pouco no portal. Laralaila laralaila...* E despois o *Cantámosche os reis do quiquiriquí*, ao que don Manolo respondeu cun bo aguinaldo e cunhas lambonadas que lle mandou traer a Fina da Pousa.

Don Manolo convenceu os Susos para que convertesen aquilo nunha actividade permanente, que lles dese vida cultural aos máis novos, e comprometeuse a apoiar a actividade do grupo «co que fose facendo falta». Os Susos asumiron aquela oferta de responsabilidade e as rapazas e rapaces sumáronse con entusiasmo.

A reunión semanal do grupo para aprender a bailar, a cantar e a tocar a gaita e a pandeireta converteuse, alén da motivación musical que só sentían algúns, nunha boa ocasión para botar unhas horas compartidas, fóra das casas, cos outros rapaces e cos que viñan das cidades para a casa familiar na fin de semana.

Fóra da partida de dominó masculina no bar do Teleclub e unha parola cunha fecha de café nalgunha cociña, o modo de vida máis individual aínda non acomodara modelos novos para a relación social. Deixou de haber paleiros que colmar, millo para botar nin herba para apañar. Tarefas colectivas. Os rapaces non tiñan que ir tornar as vacas nin apañar as mazás. Agora abríase a porta de poder ir aos ensaios. «Recordo, no verán —conta Simón da Fraga— que as horas previas ós así chamados ensaios, me ilusionaba todo, como quen espera

ós reis. Eu miraba para o reloxo de parede de meus avós, nas tardes de calor africana, devecendo por saír da casa e subir, co corazón disparado da ilusión, polo camiño que comunicaba o meu país, a Fraga, co Coto, xusto á beira da igrexa. Durante os así chamados ensaios o meu entusiasmo diminuía, con algunhas excepcións. Nunca o que anticipamos se parece ó anticipado. O final dos ensaios invariablemente me entristecía. Como pasa nas festas e coido que na vida, hai que marchar cando un se empeza a divertir ou a collerlle o punto á cousa.»

Co baile, nas fins de semana, rachouse en certa maneira co que se estivera a establecer como centro e periferia dos movementos da aldea. Polo baile, moitos rapaces como Simón da Fraga pasaron a facer de Caritel o núcleo do seu ocio escollido, e desprazábanse cada fin de semana desde Vigo e Pontevedra para a aldea. Así foi para os netos de Victoria da Sobreira, para todos os de Lopo e para moitos outros que cada fin de semana deixaban a cidade para marchar para Caritel con ilusión. No verán, mesmo para chegar desde Lisboa, coma Filipo do Cordo ou Mariana do Constante. Para os Susos, ese era en si mesmo tamén un obxectivo do traballo. Que vaian vindo.

«Os comenzos foron emocionantes», lembra Anabel de Moledo, «pasar a ter en Caritel un grupo de baile con tantos rapaces e rapazas marcou unha época da nosa vida. Ver a aldea chea de xente... Baile, música, esforzo; pero sobre todo alegría, diversión, amizade, festa, viaxes e tantas outras cousas boas.»

De maneira que o sinal de saída para a formalización do grupo, a chispa para a súa fundación solemne coma tal, cos seus ensaios, obxectivos novos e certo discurso de transcendencia, foi aquel alento de don Manolo que materializaron co seu traballo e constancia os Susos.

Nacido en Lisboa en 1906, onde a familia tiña negocios e algúns edificios en arrendamento, seu pai mandouno para Caritel, para onda a familia, sendo moi pequeno, ao morrer súa nai. En Caritel pasou os anos da súa infancia, os que encontraba máis felices. Aos quince anos, de volta en Lisboa, completados os seus estudos de comercio, vendía garrafas de queroseno dos negocios de seu pai polas rúas de Lisboa. De alí a unhas décadas era don Manuel Cordo Boullosa, ou o señor Bulhosa, fundador dunha das principais compañías de petróleo, a Sonap (despois Galp), con plantas en África (nas que ocuparon postos de distinta responsabilidade xentes de Caritel). Unha das fortunas máis grandes do mundo.

Ese salto de estatus foi en boa parte consecuencia dunha tuberculose que padeceu en 1925. De difícil curación en Portugal, seu pai vendeu os edificios que posuían e enviouno a un sanatorio a Suíza. Os tres anos que botou ingresado valéronlle para ler e aprender fluidamente o francés, o alemán e o inglés, que lle serían de grande utilidade nos seus negocios futuros, e para relacionarse con importantes familias de empresarios. Ao coñecemento de idiomas e á oportunidade de ver novos mundos conferiulle don Manolo toda a importancia para saír adiante na vida. Por iso, despois, axudou nos estudos de inglés a algúns de Caritel, que voaron así a Londres, mesmo en tempos nos que o inglés aínda non se levaba.

A súa capacidade, agudeza, a súa visión e o seu poder son evidentes na súa biografía, con curiosidades que o fan patente. Cando en 1933 fundou co seu socio Manuel Queiroz a Sonap (Sociedade Nacional de Petróleos), quen elaborou os estatutos da compañía foi Marcello Caetano, que deviría décadas despois primeiro ministro no final do réxime ditatorial. En pleno mandato de Salazar, don Manolo contratou como asesor en París o socialista exiliado Mario Soares, no Banco Franco-Portugués na capital francesa. No seu libro *Um Político Assume-se* (pp. 154-155), descríbeo o propio Mario Soares:

Também tive ainda, como advogado, um contrato regular do Banco Franco-Portugais, de que era então o grande patrão e dono da Sacor, Manuel Bulhosa. [...] Marcelo Caetano quando soube que Bulhosa me tinha contratado, mandou a Paris o ministro Moreira Baptista, com a missão de o convencer a demitir-me. Bulhosa não só se recusou a demitir-me, como respondeu a Moreira Baptista, mais ou menos assim: *-Se um dia o regime cair e lhe suceder a si, Senhor Ministro Moreira Baptista, exilar-se em Paris, também o contratarei.* O que veio, curiosamente, a acontecer, depois do 25 de Abril[...]

Malia as súas relacións co poder, don Manolo mantivo unha independencia ideolóxica e unha intención de responsabilidade social adiantada ao que se levaba en España e Portugal. Talvez por iso, instaurado o novo réxime democrático, tras unha afectada etapa inicial, Cordo Baullosa volveu intermediar nas relacións económicas internacionais do Goberno portugués, no caso, por exemplo, da China (*O magnate do petróleo*, M. Lopes Cordeiro). «Manuel Bullosa era talvez a pessoa que, em Portugal, mais conhecia do negócio de petróleos em larga escala.», relataba Mario Soares (2002):

Depois do 25 de Abril recebi-o como ministro dos Negócios Estrangeiros e tivemos alguns contactos, mais consistentes, tanto em Portugal como

no Brasil, no decurso do proceso democrático que se abría entón. Sempre cordialísimos. Bullosa, nessa altura, manifestava-se sereno mas inquieto quanto ao futuro, tanto de Moçambique, onde tinha grandes intereses, como de Portugal.

Pero ese momento de entre réximes, foron para don Manolo de serias incertezas. Soando o *Grândola, vila morena*, no mes de abril de 1974, asubío que poría fin ao réxime ditatorial sustentado daquela por Caetano, contou que saíu do país cara a Galicia, para a súa casa da Pousa, antes de seguir cara ao Brasil. En Caritel, sabendo das dificultades que podían vir, Silvina do Outeiro ofreceulle daquela o que necesitase e el gardou ese ofrecemento como salvagarda de por vida.

Ademais de home de negocios de índole diversa, don Manolo foi mecenas de proxectos culturais importantes en Portugal. Contribuíu á cultura portuguesa cos selos editoriais Difel, Quetzal e, fundamentalmente, Bertrand, que tamén tentou asentar nun edificio nobre do centro de Vigo, nun fermoso espazo para a rúa do Príncipe que apenas estivo aberto por uns anos. Non foi o único proxecto frustrado que don Manolo intentou en Galicia. Con Valentín Paz-Andrade promovera nos anos 60 a instalación dunha refinería en Vigo, que non chegou a se materializar.

Moitos de Caritel aos que lles viu calidades e compromiso de traballo obtiveron as súas oportunidades laborais nas empresas de Cordo Boullosa ou apoios á súa formación, sempre con discreción. Pero, fundamentalmente, en Caritel don Manolo atendeu o colectivo: a rehabilitación e sucesivas reparacións da igrexa, a construción das escolas, a primeira traída da auga... As mans da xente (desde a Braxiña ata os carros da Fraga) fixeron posible a tarefa. Como contaba Manuel Estévez nunha entrevista realizada no ano 1992 (Gonçalves, Estévez & Fernández 1993), don Manolo doou o terreo da casa de seus pais para a construción dunha escola no lugar do Empalme, da que tamén financiou as obras; co tempo a escola acabou derivando ao centro público de Ponte Caldelas, construído igualmente coas súas achegas económicas e que hoxe leva o nome de CEIP Manuel Cordo Boullosa.

Cordo Boullosa sempre se sentiu un galego no mundo. De afondarmos no decurso do seu universo empresarial a súa fotografía neste texto non recollería, probablemente, este mesmo perfil. Os lados do rostro humano nunca son simétricos e ese *ser galego* co que o retratan as biografías, o do empresario traballador con destreza para buscar a vida polo mundo, nese mar de xogos e bloqueos e

desbloqueos internacionais aos fluxos de petróleo, de África a América, non sabemos ben a que prezos, non sairía certamente o mesmo *ser galego* que lle coñecemos en Caritel. En Caritel, Cordo Boullosa foi persoa querida e humilde. «En Caritel está todo o que teño de sangue nas veas: pai, nai, avós maternos, avós paternos. Aquí naceu todo, están as raíces», declaraba en 1992 a *La Voz de Galicia*. Cando viña pasar unha temporada, era amigo de ir dar un paseo polos camiños, co seu bastón e coa súa boina, e parar a falar coa xente, coas maneiras das preguntas e das respostas propias do lugar. «Estache aí o Boullosa, era o que escoitaba cada vez que don Manolo andaba por Caritel», lembra Tania da Sobreira, asentada agora en Irlanda cunha vida nova feita nun inglés de libro.

Ás veces paraba onda X. Ferro e conversaban sobre lingua e identidade. Don Manolo confiaba no seu facer, tíñalle aprecio e encomendoulle a organización efectiva dalgunhas ideas de renovación cultural da aldea que compartían no corazón. Non sendo realmente ningún dos dous nacido alí, fixeron de Caritel un espazo humano imprescindible. A aldea e os seus elementos. Para don Manolo a auga era o petróleo do lugar; e para Suso a vaca, o tótem da comunidade.

Naqueles finais dos 80 nos que apostaban pola rapazada como futuro de Caritel, en Lisboa obreiros portugueses apuraban as obras de rehabilitación dun dos máis fermosos palacetes históricos da cidade, que don Manolo doou para sede do centro galego lisboeta, no Campo de Santana, anteriormente sede do Crédito Predial Portugués do que fora accionista maioritario, e que meses despois se inauguraría como Xuventude de Galicia. Lisboa e Caritel, Caritel e Lisboa.

A don Manolo a Xunta de Galicia premiouno no ano 1991 coa Medalla Castelao, e dous meses despois da súa morte (no Estoril, en abril de 2000, aos 94 anos) concedeulle a Medalla de Ouro de Galicia, a título póstumo, en recoñecemento da súa traxectoria profesional e do seu compromiso co país.

A recuperación do cantar e do bailar

Aturuxa que vén o aire/ aturuxa que vén o vento/ tamén elas aturuxaban/ cando eran do noso tempo

Os inicios do grupo foron de acollida entusiasta. Desde Lisboa, don Manolo, a través das cartas que escribía, mandou contratar profesores que puidesen axudar na tarefa dirixida polos Susos. Comezaron a vir de Pontevedra tres mozos, compoñentes do grupo Celme, para dar as clases.

Para poder traballar coas bases tradicionais do tocar e do bailar propio de Caritel fixéronse algunhas xuntanzas (seráns de mediodía), que xunto co arranque espontáneo dos que se achegaban ao ensaio e os días festeiros da mata do porco, valeron para observar e recoller o xeito de Manuel de Cacheiro, de Óscar da Sobreira, de Gualdina de Eidafonte, das vellas da Fraga...

Anabel de Moledo, daquela unha nena, fai memoria: «Sabíamos cando comezaba a hora do baile pero non se sabía cando remataba. Lémbrome que, na Aldea, Suso acababa sempre pedindo un asento (o acordeón pesa!) e algún vasiño de agua fresca. Acórdome que cando bailaban miña nai e miña tía, Suso e Susi estaban moi atentos para que non se lles escapase nada. Miña tía bailaba moi ben e Susi, sen perder tempo, logo se puña a aprender os puntos.»

As maneiras do abanear os brazos de Maruja e de Elvira incorporounos despois o grupo Celme, que montou a *Jota de Caritel* e outros bailes que espaxaron por grupos e centros galegos de lugares exóticos, que hoxe poden atoparse na rede.

Ese labor que asumiron os profesores de baile, esa experiencia, o contacto directo, tamén marcou a maneira de pasar a considerar a propia materia prima do traballo e das coreografías, moi diferente do que se viña facendo nos espazos de recuperación folclórica urbana. «Vin ensinar e aprendín», resume Pichi Abollado, que continúa co seu labor vinculado á tradición do baile: «Eu andaba cursando o bacharelato no instituto Valle-Inclán e levaba uns anos cunha nova afición, o *baile rexional galego*. Unha mestra de galego do instituto que eu non coñecía moi ben, Susi, falou con nós para dar unhas clases de baile na súa aldea, Caritel. Eu inda non lle dera clase de baile a ninguén, pero entre as pelás que un rapaz desa idade pode gañar e o reto de facelo, fomos. Comezamos un sábado á tardiña; como non tiñamos inda idade de conducir, mandaron a buscarnos o taxista da aldea, Jaime, e alá fomos, subindo por aquela estrada chea de curvas; e tras uns quilómetros de traxecto veu a primeira sorpresa, o coche comeza a pararse. Jaime arrímase ao arcén, baixa do coche, un seat 127, abre o maleteiro e queda un pouco alí fozando. Eu e o meu compañeiro Nacho Mariño quedamos calados, ata que Jaime nos conta que o coche inda funcionaba con bombona de butano que había que repoñer cada 20 km! Chegamos a Caritel, alí nos deixou, no teleclub; alí un montón de nenos nos agardaban con Susi e o seu home, Suso, co seu acordeón xa colgado e preparado para tocar, os Susos, como lles chamaban en Caritel, dous

profesores de instituto totalmente entregados coa xuventude da aldea; eran uns rapaces máis, bailaban, tocaban, cantaban. Nós seguíamos ensinando o folclore coreográfico que sabíamos e cada día sendo máis parte da xente da aldea. Foron incorporándose máis compañeiros a axudar no grupo, como José, un gaiteiro que andaba nunha comuna ghipi que había en Caritel, un home xenial. Pero o día que marcou a miña vida folclórica foi o día que aquela señora maior, que levaba e recollía da clase de baile a súa neta, colleu una pandeireta e se puxo a tocar, aquel xeito de tocar e de cantar que eu nunca vira: Digna da Fraga, quizais a persoa que máis me ensinou e me marcou no resto da miña vida folclórica [...] Coas cousas que me aprendía deime de conta que había algo máis, algo que eu me estaba perdendo no mundo do baile e da música, algo que non tiña moito que ver co que eu facía. Despois chegou máis xente, máis avós daqueles rapaces, como Pepe da Buxeira; cada día de clase eu aprendía una cousa nova. Nos días de sol íamos dar as clases nunha encrucillada de camiños na Aldea cerca da fonte. Cada vez que chegaban as vacas do redor tiñamos que parar a clase e esperar a que bebesen. Un deses días a nai de Anabel, unha das rapazas que viña ao baile, mentres as vacas bebían, comezou a botar uns puntos. Que maneira de bailar! E eu aquel día decidín que o meu enfoque no baile tiña que cambiar e empecei a descubrir o *baile tradicional*. E hai un ano, dando un cursiño de baile como formador de baile nos cursos que a Xunta de Galicia imparte na emigración, en Lausanne, Suíza, atopeime con Juan Carlos, un daqueles alumnos de Caritel, o fillo de Jaime, o taxista, que nos facía aqueles bocadillos de queixo co pan quente do forno. Ese sabor, ese momento de descanso e de pracer ao rematar a tarde de clases, resume a sensación do meu Caritel querido.»

Os profesores do Celme viñeron despois con outras compañías de recolleita, que lle deron rexistro e difusión á tradición da parroquia, co xeito de Felisa Segade e Montse Rivero, do grupo Leilía. «Cando alguén che pide que fales da túa experiencia de algo concreto, que para moitos é extraordinario pero para ti é algo cotián, non sabes moi ben por onde comezar», reflexiona Felisa Segade, «non é doado de concretar, xa que é algo xeral en toda Galicia que os nosos maiores nos abran as portas das súas casas e nos inviten a unha viaxe a tempos de antano onde cantar era case tan normal como falar, a xente cantaba polos camiños sen que ninguén pensase que estivese tola, cantaban traballando, cantaban se estaban alegres, cantaban se estaban tristes, cantaban pra celebrar un nacemento, cantaban para arrolar, cantaban, en definitiva, para comunicarse; cantar formaba parte das súas vidas, invítannos a viaxar a

un tempo onde, como din eles, traballábase moito pero eramos máis unidos e sabiamos divertinos mellor.»

E relata a experiencia na Fraga, onde recolleron unha das cantigas de Nadal gravada por Leilía: «Ó lugar da Fraga de Arriba chegamos da man de Pichi Abollado, que estivera dando clases en Caritel; levounos á casa de Digna, onde en compañía de Elvira, Delia e Áurea pasamos unha tarde como a dalgún tempo, cantando, bailando e rindo. Era sorprendente o cercano que semellaba todo: o seu xeito de contarnos como eran antes as cousas, o seu seu xeito de cantar... Era tanto o que tiñan que contar e estaba tan vivo que unha tarde non abondou e, por suposto, voltamos outra e outra e mais outra. Unha destas visitas foi para devolverlle un agasallo; digo devolverlle, e con cariño, porque o agasallo nolo fixeran elas antes, aprendéndonos unha cantiga que Leilía gravaría para o disco *Cantigas de Nadal*. A TVG decidira gravar aquela entrega e foi unha tarde moi agradable xa que, coma sempre, as cantigas, o bo humor e a retranca destas mulleres estivo presente todo o tempo.»

Case todas aquelas mulleres informantes pasaron despois con orgullo por Luar e mesmo Áurea de Laxoso quedou como colaboradora do programa. Aquela observación que de primeiras desaquelaba, como un ollo alleo en todo aquilo, derivou nun enorme respecto por ese traballo de andar, de aldea en aldea, escoitando e mirando, para proxectar autenticidade e riqueza no escenario.

Leilía volveu máis veces a Caritel, xa non para recoller, senón para mesturar e masterizar os seus discos nun dos estudos máis prestixiosos no ámbito do folk en Galicia, os Savik Sound, que montou José Trincado *Triki*, técnico de grupos como Milladoiro ou Talabarte, nas cortes da casa indiana de Carmen do Cabaleiro, no que tamén gravaron e mesturaron os seus traballos outros grupos como Marful, Liorna (o seu gaiteiro, Alberto de Trompos ós Pés, tamén profesor da rapazada do Bando de Caritel) ou mesmo a esquimó Tanya Tagaq, da órbita de Bjork. Esta tarefa de *Triki*, que puxo o nome de Caritel nalgúns dos libretos dos discos galegos máis importantes dos últimos anos, chegou, porén, nun tempo no que xa o grupo non tiña actividade e non houbo realimentación de ambos os proxectos, sen coincidencia temporal, máis alá de que moitos dos músicos xa sabían o camiño de Caritel, porque xa viñeran antes buscar as bases para ese traballo creativo que desenvolveron posteriormente.

O traxe tradicional

A cantar e a bailare/ ghanei unha saia nova/ a mais un reberitiño/ para lle botar de roda

Facer da vestimenta tradicional un estilo de gala do presente foi un dos obxectivos do labor de recuperación da roupa de bailar en Caritel; sen cinguirse ao rigor histórico senón á necesaria identificación de quen o viste hoxe para que o poida facer seu. Así, un dos investimentos importantes dos membros do grupo foi a feitura dos traxes.

Para superar as desnivelacións entre os rapaces e para favorecer a autonomía do propio grupo e a formación dos nenos e nenas, os Susos crearon un grupo de costura guiado por Tesi de Caldas (Teresa Devesa), que aprendía as técnicas de bordado con abelorios e outros aspectos básicos da costura axeitados ás diferentes idades dos e das asistentes. Alí ganduxou Cecilia do Calviño; coseron, naturalmente, Martiño e Minia de Lopo (sempre a todo); bordou Tania da Sobreira. Lembra esta última, hoxe nai, desde Irlanda: «Os sábados era como se diría aquí o “Tesi’s Day”! E como me gustaban! Xuntarnos na casa do cura (xa baleira) ou alá na casa do Lopo naquelas escaleiras ou na mesa de pedra dando puntadas ó sol. Nunca volvín a coser tanto... *A quen diga mal de min/ ou de outra costureira/ heille de pica-la lingua/ ca punta desta tixeira. Ai, cantas aghullas enfieil!*»

Con eses coñecementos o grupo pasou a traballar parte das súas roupas (mantelos, capas etc.). Para desenvolver outras tarefas, como o corte e feitura de chalecos e camisas, que requirían maior destreza, contouse co traballo primeiro do taller de costureiras familiar de Tesi, en Caldas de Reis, e posteriormente, xa incorporadas novas familias ao grupo, co traballo de Lucha da Fraga. O feito de contar co traballo profesional de persoas do lugar tamén contribuíu á creación de novos lazos creativos, con resultados que hoxe se conservan nas casas e que, en moitos casos, seguen saíndo como traxe de gala do día da festa, de casamento ou doutras celebracións.

O símbolo escollido para o grupo de Caritel, bordado nas monteiras dos homes, nalgunhas faixas, no noso estandarte, é un petróglifo aparecido nas pedras dunha casa vella. Non está datado e probablemente non pertenza á antigüidade. A identificación co símbolo foi grande e aínda se segue usando como identificativo da aldea.

O retorno dos que marcharan e a recuperación da lingua no cantar

Vámonos pra Caritele/ miña cariña de rosa/ vámonos pra Caritele/ que esta terra non é nosa

Os movementos cidade-aldea fixéronse constantes nesa altura. Na fotografía demográfica aparece a xente a deixar o campo para ir para a cidade. Ampliando a lente sobre Caritel non parece fácil definir un fluxo único no movemento. O fume das casas abertas foi e veu. Xosé e os outros ghipis. Os rapaces das fins de semana. Hai outros instantes decisivos nos que é posible tirar a foto e que saia outra imaxe.

Na habitual decisión das familias emigradas de forzar o retorno antes de que os fillos boten lazos definitivos, chegaron novos membro ao grupo, como Fátima, a pequena de Cacheiro, desde Suíza, que veu para onda a súa avoa Herculina. Fátima forma parte dese groso de supostos emigrantes retornados. En realidade, é unha nena que chegou de Suíza a Caritel. Transplantada, con certo coñecemento da terra do novo testo, cunha certa raíz imaxinaria xa botada: «A miña chegada a Caritel non era o que eu quería, os meus amigos e a miña vida estaban alá. Pero tiven a sorte de chegar no verán, a mellor época para estar en Caritel, que se enche de rapaces; tiñamos a poza da Pousa onde nos xuntabamos, comezaban as festas e os ensaios do grupo de baile. Cheguei sabendo pouco castelán e inda menos galego, pero Susi de Lopo púñase a ler comigo tódolos días para que aprendese a ler e a falar. [...] Recordo a primeira vez que me vestín de galega, foi moi emocionante todo para min, o traxe, a romaría, todo. Recoñezo que o Bando axudoume moito a facer amizades que, por sorte, aínda conservo ata hoxe. E inda, se teño unha libreta na man, sen darme conta póñoime a tocala coma se fose unha pandeireta e cando escoito tocar gaitas emociónome e sinto orgullo da miña cultura.»

Dálle a volta, dálle a volta/ Rosiña, ó teu cantare/ Dálle a volta, dálle a volta/ qu'inda non lla sabes dare

O canto, a repetición das coplas, é unha fonte de aprendizaxe lingüística pouco aproveitada. Para os rapaces do Bando, a incorporación das cantigas do lugar á bagaxe da memoria, supuxo fixar, cando menos nesas coplas memorizadas, estruturas sintácticas, formas verbais, pronuncias, que na fala cotiá levamos risco de perder. Nelas conservamos a maneira común da 3º p. do plural do pasado (*A rula vaise queixando/ que lle desfixeno o niño/ Quen*

cho mandou facer, rula,/ tanto á beira do camiño?), reforzamos a pronuncia alveolar do n en contacto co artigo do complemento (*As d' alá de riba cando van co ghando/espetan-a vara e bailan-o tangho/ e bailan-o tangho a maila muiñeira/as d' alá de riba non hai quen-as queira*), para o futuro de subxuntivo (*Se fores á herba/ ireite ergher/ dareiche un abrazo/ miña Maruxa do meu querer*), a alternancia vocálica no presente (*A folla do castiñeiro/ ela é verde e non roxe/ moito traballiño é/ andar atrás de quen foxe*), para a aprendizaxe dun vocabulario que non nos volveu facer falta (*O carballo da Portela/ dá catro clases de frutos:/ bughallos e bughalletes/ landras e mazáns do cuco*). Tamén para estudar as xa antigas posicións do pronome (*Eu vou ó pé de quen quero/ ó pé do que é meu querer/ válgrame Dios de los Cielos/ en que m' eu quero meter*) ou os días da semana pola vella (*Corta feira fai un ano/ vai por ti/ estreei uns zocos novos/ por ti vén/ todo o mundo me decía/ vai por ti/ pareces teu pai pintado/ por ti vén*). E, fóra do lingüístico, tamén para reforzar ideas vinculadas a unha ensoñación de matriarcado (*Arriba, pandeiro roto/ abaixo manta mollada/ onde estánolas mulleres/ os homes non valen nada*) que, en Caritel, imaxinariamente conservamos.

Para Luz, que cada sábado volvía para a Fraga dos avós desde Pontevedra, o baile foi tamén lugar de despertar lingüístico: «Foron uns anos e unha experiencia moi feliz e que estou moi contenta de que marcara a miña adolescencia e primeira xuventude do xeito que o fixo. No *baile*, que así lle chamabamos, aprendín a tocar, a cantar e a bailar e descubrín e comecei a valorar como merece a nosa tradición. E de xeito moi rotundo, xa que non tiña referencias tan vivas e directas como ata ese momento. O baile axudoume tamén a coñecer a nosa parroquia e a súa xente, ademais de a recoñecer e experimentar valores tan importantes como o de compartir as cousas, os afectos, os talentos e a lingua, poñéndoa en valor en toda e cada unha das actividades que eu facía. Educada en castelán, grazas ao baile din o salto ao galego e ese cambio continúa na miña vida persoal e profesional actual.»

A visita de Mario Soares

Hoxe é festa en Caritele/ que por sempre ha de acordare/ está aquí don Mario Soares/ presidente de Portughale

A visita do presidente da República portuguesa, Mario Soares, e de Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galicia, a Caritel en 1991 foi todo un acontecemento na aldea, como é alteración de esperar cando chega un alto man-

datario a un lugar calquera. «Un xefe de Estado nunha aldea coma Caritel, trinta casas abertas no inverno, case parece milagre. Maiormente porque acode por propia iniciativa» (X. Ferro 1991b). Tratábase, en realidade, dunha visita privada e de amizade a Cordo Boullosa na austeridade da súa casa da Pousa, nada parecida, por acaso, á vivenda dun magnate. A Mario Soares, a quen don Manolo contratara durante o seu exilio parisiense como asesor xurídico, agasallábo agora na súa visita a Caritel cunha actuación do noso Bando, con cantos e bailes entregados e cheos de alegría nunha tarde de sol. Anos despois, nun artigo publicado no diario portugués *Público*, con motivo do pasamento de don Manolo, Mario Soares escribía:

A morte de Manuel Bullosa não pode surpreender dada a sua avançada idade. Mas nem por isso deixa de ser muito triste. Com ele, desaparece uma figura marcante do universo galaico-português. Ao que me dizem, manteve-se lucidíssimo e igual a si próprio até ao fim. A última vez que o vi foi há talvez dois anos, já depois de eu ter deixado de ser Presidente. Acompanhava a minha vida ao pormenor —fez-me perguntas sobre os meus projectos— e mostrou sempre uma grande simpatia por mim. Pertencia, de resto, ao conselho geral da Fundação que dirijo. Lembro-me de ter ido com ele à Galiza a convite do nosso comum amigo D. Manuel Fraga Iribarne e termos jantado em sua casa. Foi um jantar inesquecível pela fidalguia com que fomos recebidos e pelas histórias que então se contaram, no cruzamento das duas culturas galega e portuguesa.

Nas fotografías daquela recepción aparecen as cabezas de media aldea asomadas ao muro da casa de don Manolo para non perder a festa. E os sorrisos grandes dos bailadores. «Na taberna do Caracol, meu pai, aquela foto foi colocada nunhas das paredes e alí estivo durante anos e anos; aquel marco era algo importante, meu pai non me deixaba nin tocalo co medo a que o rompese...», lembra Juan Carlos desde Suíza.

Esta recepción que don Manolo abriu á rapazada da aldea a modo de festa co Bando de Caritel, non foi, en realidade, unha xuntanza illada. Na sinxela casa da Pousa, recollen os biógrafos de Cordo Boullosa, celebráronse outras xuntanzas políticas e económicas importantes para Portugal. Esas non sucederon para o resto da aldea, pero aquela de 1991 foi un acontecemento compartido.

Mudar a terra: as plantacións comunais na Chan e no Coto

A castaña do ourizo/ quixo rir e reghañoue/ caeu do ourizo embaixo/ mira que tombo levoue

En 1992, o 18 de febreiro, acometeuse en Caritel unha das iniciativas que modificou a paisaxe do Coto e que tería continuidade nos anos posteriores na Chan. As veciñas e veciños iniciaron a plantación dun souto de 110 castiñeiros no Coto, ao pé do cemiterio e do torreiro da festa, na aba da Chan do Toro, e os rapaces plantaron froiteiras nos eirados das casas. Non choveu en todo o día e a aldea xuntouse cos sachos e os legóns no lugar. Organizouse o traballo para que as árbores gardasen entre elas espazo abondo. «Recordo a meu avó —conta Pablo, que daquela tería uns dez anos, referíndose a Manuel de Cacheiro— explicándome como tiñamos que facer o traballo para que os castiñeiros saísen fortes e grandes, e agora, realmente xa o son. Fixémolo coas nosas familias cando eramos moi pequenos. Éncheme de orgullo.»

Un ano máis tarde, no mes de marzo, celebrouse a Festa da Árbore, para repoiñar as marras e plantar novas froiteiras: «Tanto adultos como rapaces —líase no folleto elaborado para a conmemoración por Pedro de Ilma— temos que lanzar ese SOS e poñernos mans á obra para ir reconstruíndo o desfeito», nun clima de concienciación por conservar na zona o medio natural. Os gastos destas iniciativas (adquisición dos castiñeiros, labores previos dos palistas no monte) sufragounas Cordo Boullosa e coordinou a busca dos terreos axeitados e os traballos X. Ferro. Nestes últimos outonos recolléronse xa castañas boas no Coto e é frecuente ver os excursionistas a apañar cogomelos entre a nova flora dese chan.

A auga. A recuperación da fonte das raíces

Quen me dera en Caritel/ unha leiriña de herba/ para ir bota-la iaugha/ tódolos días a ela!

En 1997, don Manolo andaba ás voltas cunha nova idea: recuperar a fonte das Raíces, nos seus tempos de rapaz, lugar de parolada e de mocear ao pé do lavadoiro. O manancial primitivo das Raíces é fresco, abondoso e reconfortante. Suso Ferro (amante da auga e do chover nas súas formas todas: miudiño, a fío, a cuncas de caldo ou o mar chovido) encargouse de trazar e poñer en marcha a faena: retirar a uralita, axeitar a contorna, cubrir cun teito de pedra. O traballo de canteiro fíxoo Javier de Pura de Malleiro, bailador do Bando,

adonairado cos pés e coas mans. Javier recorda a implicación na tarefa: «Os Susos foron impulsores do amor polo noso, o tradicional, o auténtico; tamén no compromiso de recuperar o noso patrimonio: a nosa querida fonte das raíces, á que tanta xente se achega na busca desa auga... Tiveron unha gran influencia sobre a xente do lugar polo seu cariño, polo ben facer pero, sobre todo, polo seu compromiso coa nosa aldea.»

As excursións. Un país por descubrir

Levaino altiño, alto/ levaino, que ben se leva/ levaino altiño, alto/ o cantar da miña terra. Ai alala ai alaala...

Durante os anos que estivo máis activo (ata a súa disolución, arredor de 2005, por mor das ocupacións de vida adulta de boa parte dos seus integrantes), organizáronse múltiples excursións por Galicia, para os nenos, as familias e os veciños, que foron espazo de convivencia e unha oportunidade para coñecer o territorio galego.

Nunca faltou a elas Lealdina da Escaleira. Ás seis e media da mañá agardaba a chegada do autobús co cesto do xantar, envolta nun pano. Lealdina da Escaleira foi a cantareira de quen o grupo aprendeu o *Beilla, Manoeliño* coa que os máis pequenos se iniciaron no repertorio tradicional. No autobús, acomodábase na segunda ou na terceira fila, preto de Suso Ferro, que adoitaba sentar no micrófono para ir narrando no percorrido os monumentos e persoeiros históricos de cada lugar por onde se pasaba. «Por aquí pasou o padre Sarmiento!». Despois, ía modificando o relatorio e facía reparar os viaxantes na maneira de construír os muros, nos diferentes xeitos de plantar as verduras, na orientación das casas... Cada solución, presentada como enxeñería, que é refinamento lingüístico do enxeño. E sen esquecer o importante, como recorda Mila da Fraga: «En canto pasabamos Pontevedra meu avó, Pepe da Buxeira, preguntáballe a Suso, cunhas risas, cando parabamos para lle tomar un cafeciño. E despois era Suso o que sempre dicía ó arrancar o autobús, -*Imos parar en tal sitio, antes de que o señor Pepe pregunte...*».

O grupo realizou saídas máis afastadas para participar en distintas mostras: o 19 de xullo de 1989 en Esposende (Portugal), o 25 de xullo do mesmo ano na Festa do Traxe Galego, en Santiago de Compostela, en 1990 no IX Festival Folclórico de São Lourenço, no lugar de Vila Chã, en 1995 no Festival Folclórico Internacional São Pedro de Roriz (Santo Tirso, Portugal), e en 1997 no Festival Internacional de Verão de Mirandela.

O grupo tamén viaxou a Lisboa para actuar na Xuventude de Galicia, con grandes e pequenos, a primeira experiencia de meter Caritel enteiro nun hotel que, por certo, era dun fillo do señor Eduardo. «Aquilo é que foi!», lembra Juan, «Para algúns de nós era a primeira longa viaxe que iamos facer, fóra de Galicia... Despois de noites sen durmir e nerviosos perdidos, no autobús, algúns levabamos días elixindo os asentos... Os ensaios foran duros; Susi volvíase tola con nós, que estabamos máis pendentes da viaxe que de preparar as pezas que tiñamos que bailar en Portugal. E, cando chegou o momento de vestirmos para a actuación, vemos que algunhas das nosas nenas aparecen cos labios pintados de encarnado e maquilladas e ata co pelo solto. Eu recordo aquel momento de tensión, porque aquilo non tiña xeito, pero elas tiñan que ensinárase! A actuación fíxosenos curta; cando nos demos de conta xa estabamos todos cheos de recibir aqueles aplausos.»

Caritel dos amigos

Axúdame, miña amigha/ a botar unha cantigha/ a primeira é a nosa/ a eoutra de quen-a digha

Os tempos cada vez máis prolongados da familia na aldea tamén se abriron aos amigos que foron vindo. Ademais do alimento afectivo que se crea cando un recibe na casa e cando un é recibido, quedaron na memoria do lugar marcas singulares do que alí se falou e se viviu, ás veces como grande acontecemento, outras como intre mínimo, de convivencia e agarimo.

Caritel foi e é lugar de xuntanza distendida. Pola aldea pasaron compañeiros dos Susos que foron protagonistas dun debate e dunha construción de maior dimensión, co obxectivo de unir esforzos para a recuperación da galeguidade de Galicia. Esa perspectiva ampla de país armado desde as distintas vertentes sociais, da necesidade de establecer contactos para reforzar os traballos individuais en cadanseu campo e, ao mesmo tempo, atopar alento nos fins compartidos, motivou frecuentes xuntanzas na Casa de Lopo, en Caritel.

Un dos máis implicados nesta tarefa de ampliar a apertura de camiños para o futuro da lingua galega foi Xosé González *Pepe de Redondela*. Pepe lembra o ilusionante comezo de unir á faena empresarios, xente da xustiza: «Lembro a Moncho Castromil, a quen tiveron a honra de atraer ó galeguismo e involucralo en proxectos de normalización lingüística tan importante para abrírlle novos camiños deica entón inéditos. Sempre loitei por buscar outras vías alén da literatura.»

Pepe contaxiaba entusiasmo por incorporar novas voces á defensa pública da galeguidade, e púñalles deberes a todos. Pepe tamén garda na lembranza o maxistrado Daniel García Ramos e o notario Victorino Gutiérrez Aller: «Todos eles pasaron a formar parte daquel grupo chamado o *Clan*. Mais o tempo, que sempre busca o curso polo que debe transcorrer a historia, coma os ríos as augas dos afluentes, botou por fóra. A vida sempre foi así: encañar as augas para que logo acaben perdéndose no mar. Ou non. Vai ti saber. A min daqueles días quedame a lembranza e a ilusións que aínda alampea como ánimo para seguir percorrendo camiños novos.»

Un dos que animaba a conversa cos amigos, dos que era tamén editor, foi Bieito Ledo: «Para min dicir Caritel é revivir un grato recordo. Se eu fora Basilio Losada afirmaríaa *que existimos nos recordos e que eso xa o manifestaba Sócrates na Ágora de Atenas pero que non o deixou escrito*. Vivimos nos recordos, non de recordos. Eso acontecía a comezos dos noventa cando miña dona Anxos e mais eu coñecemos a Suso Ferro e Susi, *Diccionario dos nomes* e Premios da Crítica por medio, e logramos, coa xenerosa aportación de todos, crear unha tribo de ideas e afectos. Afectos e ideas ós que lle puxemos música na casa aberta, á sazón, que tiñan os pais de Susi en Caritel en varias ocasións. Tamén cando a Real Academia Galega nomeou ó noso gran investigador académico desa nosa prestixiosa institución. Revivindo Caritel, revivimos dentro de nós.»

Antón Pulido chegou nalgunha daquelas xuntanzas cun trazo firme debaixo do brazo. Unha paisaxe de recolleita, con herba seca, cunha profundidade que evoca certa saudade. Ao remate do xantar asinaron nela todos os do *Clan*. E Pulido, co xesto erguido e os brazos estendidos, cantou algo lírico, probablemente o *Oh, sole mio*.

Ese fondo musical prima nos pensamentos de Xosé María Fonseca Moretón, que achegaba a aquelas xuntanzas o mellor viño do Rosal: «Pérgenseme na noite dos tempos moitas das conversas que se desenvolveron no Caritel que vivimos da man de Suso Ferro e a súa familia. Pero non me esquecen o profundo amor pola súa terra daquela xente que coñecín nin de aqueles homes e mulleres de Caritel que, dende a distancia, tiñan os seus corazóns e moitas das súas inxedanzas alí, e que directa ou indirectamente puiden comprobar. En América e en todo o mundo...; moitos en Lisboa, do que polo alcance e notoriedade da súa empresa e preciso recordar a Manuel Cordo Boullosa, fundador de Petrogal e da Galp portuguesa. Non podo nin quero esquecer aquelas tardes de cánticos e festas coas gaitas e os tamborís ó lombo da nosa

man, ou daqueles parroquianos cultos cos seus grupos culturais perfectamente conformados, nin aquel sentimento colectivo e xeneroso de amor á terra e aquela música de fondo sempre, que era o mellor para ela en tódalas ordes.»

Existía naquel grupo unha ansia de construción social. Construír pódense construír moitas cousas. Edifícios no medio da aldea, un cárcere permanentemente iluminado no cumio do monte. No comedor da casa de Caritel aquel grupo falaba de construír ideas, sen pintalas de granate e sen exceso de focos. De construír amizade tamén. «Amizade certa», completa Ramón Castromil, que forxou cos anos unha sincera fraternidade con Suso.

Na cociña arrecende o cocido desde pola mañá. Maruja de Lopo deixa facer as carnes con vagar e fai á parte o chourizo. Na acollida daquelas xuntanzas tiveron moito que ver estes mornos vagares de Xesús e Maruja de Lopo, coas portas abertas ao sentido social e emocional das relacións humanas agasallearas. David Otero, máis ca escritor sementador de palabras, compartiu aqueles encontros (que ás veces tamén se deron en Codeseda, na casa familiar deles, na Estrada) e tamén outras tardes de baile e pandeirada canda Concha e as súas pequenas. «A Casa de Caritel sempre foi un chamo de compartir ben. Unha afirmación de Lingua e de identidade. A música e letra. A baile e saber. Sabor. Ir a Caritel, para os da nosa casa da Estrada, foi tal como vivir mareas vivas cheas de ondaxes de meluras. Sempre acollementos a acariñados afectos. Convivencia total. Ese arrecendo.»

No perfil musical, as habaneras presidían o repertorio do doutor Sixto Seco. Coa súa muller, Fina, tiñan o xeito ferrolán e entoaban ao unísono o *Nas ondas do mar*. Sixto Seco era, sen dúbida, un dos mantedores das conversas. Sentaba nos cadeiróns da cabeceira da mesa onde os patróns, a quen lles gababa os andares da casa. Tamén acompañaron naquelas xornadas outros coidadores das palabras, como o lingüista Paulino Novo, ou o xornalista Xosé Luís Blanco Campaña, *Camariñas*, ambos os dous de grande afección á música. Relata Paulino Novo: «Hai sitios que connotan sabores (proustianos) ou olores (suskindianos), recordos agradables, normalmente enmarcados na infancia, que nos fan volver eternamente como fan os salmóns asociando de maneira vital o lugar de nacemento co lugar do pracer polo que dan a vida, no dobre sentido de dar a vida. Hai sitios literarios que distorsionan os lugares do nomenclátor para darlles unha dimensión liberada de limitacións reais: Ourense foi Auria para Blanco Amor e descendentes, A Coruña foi Marineda para Pardo Bazán, Oviedo foi Vetusta para Alas Clarín, Mazcuerras foi Lumela para

Concha Espina (agora nome oficial). Hai sitios literarios concibidos xa como tales, ficticios, aínda que poden ter inspiración real (coa que se entreteñen investigadores desocupados e desorientados): Macondo de Márquez, Comala de Juan Rulfo, Orbajosa de Galdós, Miranda de Cunqueiro. Fernando Pessoa matizou que sentir hoxe o mesmo que onte non é sentir, senón lembrar. Cicerón escribiu que a patria dunha persoa está no lugar onde ela mesma se atope a gusto. As nosas referencias post-pasado son cidades, con sorte cunha praza que nos evoque algún momento agradable ou cunha rúa estreita que recorde un bico roubado. Con moi pouca posibilidade de convertérense en máxicos. O universo Caritel creo que o consegue, ou esa impresión me deu sempre. Aínda que bota unha áncora na historia familiar, é lugar de presente e novo para case todos. Representa o útero familiar, o lugar de coincidencia e o de evasión. Agora que vivimos tempos de inconformismo, de crispación, de polarización ideolóxica, de moito interese particular, de demagogia, de hipocrisía, de ganas de dificultar un estado (nos dous sentidos) de paz... está ben dispoñer de sitios coma Caritel, nos que podes vivir-vivir sen todo eso. Georges Harrison tivo que ir á India para atopar paz, meditar e facerse mellor, pero a familia-de-Susi-e-de-Suso tivo máis preto Caritel. Sorte para eles. Desgraciada e inevitablemente para min Caritel é pasado e asóciase a un grupo de amigos tamén do pasado. Sendo heteroxéneo, compartiamos amizade con actividade cultural e normalización lingüística, aplicando maneiras sedutoras —en terminoloxía atinada de Pepe— e non traumáticas —en acuñación de Daniel—, baixo as premisas de entusiasmo, pluralidade e voluntarismo. Quédame por oírllle unha explicación definitiva do topónimo Caritel a Suso-de-Susi-de-Caritel. De aceptar a teoría do Padre Sarmiento, logo de cambiar de opinión por escoitar alí o verbo caritar ‘rabuñar, mancar ou ferir na cara’, creo que teríamos que buscarlle outra menos violenta. Quizais sexa unha boa desculpa para volver por alí outro domingo.»

A cancela aberta convida a pasar. Unha das persoas que acudiu con frecuencia nese anos á casa de Caritel durante o desenvolvemento das súas investigacións sobre o patrimonio da comarca foi a profesora Mercedes Martínez Plasencia. As súas investigacións deron lugar a publicacións que realizou en colaboración con Teresa Sánchez Cora, como *Cruceiros, cruces e petos do Concello de Ponte Caldelas* (1990) e posteriormente *Ponte Caldelas, Memoria escrita dun pobo* (1992).

Transcendentais para a historia familiar en Caritel foron as achegas de Andrés Torres Queiruga, que acompañou nos últimos anos as celebracións das novas

vidas da casa. Queiruga di Suso que ha ser un dos nomes históricos pola fondura, transcendencia e mensaxe renovadora da súa obra. A súa entrega a través da palabra viva xa vai gravada nas pedras da igrexa de Caritel. Coma ela, tamén Queiruga queda en Caritel coma un ben catalogado.

Este cantar non acaba

*Sabe Dios d' hoxe nun ano/ sabe Dios d' hoxe nun día/ sabe Dios d' hoxe nun ano/
quen terá máis alegría...*

A música deixa sempre un pouso no recordo das vivencias. Nas dos amigos que se achegan. Nas dos veciños que cantaron á par. A recuperación da música da aldea quedou na xeración de rapaces de Caritel vinculados ao Bando como unha pista sonora. Imaxínoo ben Fernando de Lopo: «Se alguén se lle dá un día por parar e perder algo de tempo en preguntarlle a eses fillos, verá que, ata onde lles dá a memoria, Caritel nunca deixou de ser un lugar musical.» Así se constrúe a tradición. Ata onde fía a memoria.

A música e o cantar seguen a ser parte de moitos de nós e dos nosos fillos. Tamén dos Susos, madría leva. Caritel é presente e ten moitas vidas. O que aprendemos daquela na aldea portámolo aos lugares aos que a vida nos leva; eses que tamén, coa nosa pequena existencia, construímos. A aldea, que para nós ten nome, Caritel, mesmo para os non nados nela, segue a ser un referente na vida urbana que moitos escollemos, cunhas bases que nos conducen a non facer das nosas vilas novayorkes. Caritel é parte do noso hoxe. Ese binomio entre cidade e aldea, inzado en Galicia de espazos de continuidade, é zume de terra que é imprescindible manter. Como os lectores e lectoras que seguen a atopar unha faísca que prende neles cando len nos versos de Rosalía saben que a nena santiaguesa non sería ela poeta da lingua sen Ortoño. E os que len a Rivas e se dan de conta de que as súas palabras escritas no Orzán ás veces cheiran a vaca. As nosas mellores condutas urbanas seguen tendo, abofé, moito de aldeás. Ese substrato da convivencia da aldea que nos caritou é parte da nosa riqueza. Riqueza desa que non ten prezo.

Bibliografía

As coplas transcritas son todas elas tradicionais ou popularizadas en Caritel, recollidas en calquera lado a calquera hora sen acordo. As fontes orais e de conversa electrónica que se citan son Fátima de Cacheiro, Pablo de Cacheiro,

Luz da Fraga, Simón da Fraga, Fernando de Lopo, Mila da Buxeira, Juan Carlos do Caracol, Pichi Abollado, Felisa Segade, Xosé Fonseca Moretón, Xosé González Pepe de Redondela, Ramón Castromil, Paulino Novo, Bieito Ledo e David Otero.

Recóllense extractos e referencias das seguintes publicacións impresas e dixitais:

- Chao Rego, X. (1991): «Premio á morte», *Encrucillada, revista galega de pensamento cristián* 71, xaneiro-febreiro.
- Eco de Ponte Caldelas (autores sen identificar): «Cordo Boullosa, galego de Caritel, chegou a ser quinta fortuna do mundo». Blog *ecodepontecaldelas.wordpress.com*. Post do 14 de xullo de 2009.
- Ferro, M. e S. Calviño (verán de 2001): *Caritel, revista de vacacións*. Caritel: Autoedición.
- Ferro Ruibal, X. (1990): «Morrer en Caritel», *La Voz de Galicia*, 5 de novembro.
- Ferro Ruibal, X. (1991a): «Boullosa e a discreción», *La Voz de Galicia*, 21 de xuño.
- Ferro Ruibal, X. (1991b): «M. Soares en Caritel», *La Voz de Galicia*, 12 de xullo.
- Ferro Ruibal, X. (1992a): «A Romaxe de Caritel. A Romaxe desde dentro», *Encrucillada, revista galega de pensamento cristián* 79, setembro-outubro.
- Ferro Ruibal, X. (1992b): «Nova defensa da chuvia», *La Voz de Galicia*, 19 de decembro.
- Ferro Ruibal, X. e P. Benavente Jareño (2010): *O Libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*, Xunta de Galicia.
- Gago, M. (2016): «Memorias del Cigarral: emoción sobre un anaco de chan». Blog *manuelgago.org*. Post do 13 de xaneiro de 2016.
- Gonzalves García, P., M. Estévez González e A. Fernández Fortes (1993): *Memoria de Caritel. XXV aniversario do Centro Cultural Alborada*, Caritel, abril 1993. 25 exemplares.
- Lopes Cordeiro, J. M. (2009): «O magnate do petróleo», *Empresarios de Galicia*, vol. II, Fundación Galicia-Empresa.
- Marañón Bertrán de Lis, G. (2015): *Memorias del Cigarral*, Taurus.
- Martínez López, M. et al. (1998): «A despoboación galega a contracorrente: As novas relacións campo-cidade e as vivencias da permanencia, o retorno e a repoboación», en *A despoboación en Galicia: Preocupación ou tóxica territorial*, Xunta de Galicia, pp. 161-227.
- Martínez Plasencia, M. e T. Sánchez Cora (1992): *Ponte Caldelas. Memoria escrita dun pobo*. Tomo V: *A Freguesía de Santa Baia de Ponte Caldelas. A Freguesía de Santa María de Caritel*.

- Sarmiento, M. (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, ed. J. L. Pensado Tomé, A Coruña, Fundación Barrié.
- Soares, M. (2000): «Manuel Bullosa», *Diario Público*, 8 de abril.
- Soares, M. (2002): *Um Político Assume-se*, Temas e Debates. (Extractos facilitados pola Fundación Mario Soares).

Xesús Ferro Ruibal: un clásico na nosa cultura

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
Real Academia Galega

Cando se escoita unha charla, se le un artigo ou se estuda un libro de Xesús Ferro Ruibal, do amigo Suso Ferro, un sempre ten a seguridade de estar ante algo seguro nos datos, preciso na exposición e unívoco na intención. Asombran a exactitude e o rigor: a seguridade de estar ante algo tan a punto e tan de fiar coma un reloxo suízo. Só que, axiña cómpre corrixir: dun reloxo que, no canto de engrenaxes e mecanismos, leva dentro o latexar dun corazón, limpo no propósito e inquebrantable na fidelidade.

Pero resulta aínda máis xusto e verdadeiro pensar na cadencia exacta e pausada dun hexámetro clásico, en avance seguro, grazas á orde incuestionable da palabra e ao proceder limpo do concepto. Entón un pensa na poesía de Horacio, evocado pola elegancia e a precisión, que confiren un aire inconfundible de perennidade a todo o que escribe. Pero máis xusto resulta talvez evocar a Virxilio, porque todo iso non é nunca neutro: está habitado por unha paixón, tan forte como discreta, posta ao servizo do propio país, amado na súa historia, incansablemente estudado na súa lingua, con dedicación plena e preocupación polo seu futuro.

Digo que a evocación dos grandes poetas é máis xusta e verdadeira cá do reloxo suízo, porque se algún cualificativo cultural se axusta coma unha luva á figura de Ferro é a de clásico. Algo, seguramente moito, tiveron que ver niso os estudos, madurecidos en Roma, a outra fonte do clasicismo, onde no só perfeccionou os seus saberes, senón que alimentou, xa irreversible, a conciencia de patria e a decisión de se consagrar ao seu estudo e á promoción da súa cultura.

Neste sentido, a lingua é sempre raíz e horizonte. Raíz, no estudo da súa historia, co orixinal, preciso e precioso texto de estudo: *Latín de onte a hoxe*, Xerais (1989). E sobre todo, a sostida atención ao gurgullar vivo na fala do pobo, nos amplos e variados agros da tradición oral. As súas achegas neste eido constitúen un tesouro, atento e agradecido aos antecesores, pero que non ten parello nin no rigor nin nos resultados, aínda que el nunca insista na súa singularidade. Os nosos refráns, o xeito e fasquía peculiar das nosas

frases, os problemas científicos da paremioloxía en relación coa nosa lingua, foron e son traballados nun esforzo continuado que introducen o galego con pleno dereito no concerto dos estudos máis avanzados na cultura actual (e os máis expertos ca min saben que esta non é esaxeración nacida do cariño nin dun patriotismo barato). O *Diccionario dos nomes galegos*, tan útil e ilustrativo, non é só del, certamente; pero non naceu sen el nin é probable que sen el chegaría nunca á luz. Pola magnitude e constancia do seu esforzo, a el pode aplicarse con xustiza —parafraseando a Hegel, que parafrasea a Virxilio— a viva conciencia da tarefa: *tantae molis erat gallaicam condere linguam*.

Por fortuna, a especialización rigorosa nunca implicou para Ferro pecharse na gaiola dourada do gabinete nin no cerco peito dos eruditos. O seu traballo vai desde as súas clases contaxiosas, que nunca esquecerán os que tiveron a sorte de seren seus alumnos, aos 470 programas de *Ben falado!*, na TVG, onde cada un deles supón unha peza mestra a prol do coñecemento popular da propia lingua, de enorme atractivo e eficacia, nun microespazo de cinco minutos de duración. Envolvendo todo, nel atopa sempre un apoio tan xeneroso como desinteresado calquera iniciativa á procura da extensión social no uso da lingua.

Mesmo logrou dar cumprimento inesperado ao soño de Castelao de erguer un monumento ao noso animal máis fecundo, sacrificado e xeneroso: a vaca galega. Non monumento de pedra, como seguramente soñaba o rianxeiro, senón feito con carne de palabra popular no «Refraneiro galego da vaca» e con alto coturno de exhaustiva erudición en *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*. Non é fácil que no mundo exista un logro parecido ao deste libro; por outra parte, monumento ben merecido polo noso entrañable animal, de aire filosófico na aparencia e case totémico na cultura. Ambos traballos feitos en colaboración, sempre clara e xenerosamente recoñecida, porque ese é outro signo da entrega: non a busca de personalismo ou promoción individual(ista), senón a preocupación obxectiva polo ben común.

Tamén no mundo relixioso leva o idioma a súa marca grave e inconfundible. Crente sincero, nun momento culturalmente tan pouco favorable, por estar mergullado no que xa Hegel cualificara de «ilustración insatisfeita» —onde unha relixión acrítica, teimudamente inatenta ás fondas chamadas da cultura, está cercada por un ambiente cultural de pragmatismo chato, insensible ás fondas chamadas do transcendente—, el comprende a importancia configuradora do relixioso. Protesta contra a inconsecuencia, evanxelicamente

incomprensible, dunha igrexa que deixa a expresión e a vivencia da fe desamparada do propio idioma, e gravemente insolidaria coas persoas que —tantas veces «humilladas e ofendidas»— o viviron e o mantiveron. Non obedecen a capricho cultural o seus estudos sobre «A Igrexa e a lingua galega» (1988), máis empírico, e «Lingua galega e relixión» (1990), de fasquía máis teórica.

Mención aparte, merece un seu estudo, pouco coñecido, de título: *Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego* (publicado na revista *Viceversa* 5, 1999, 11-39). Nel reflíctense por igual a fe relixiosa, o rigor na investigación, a presenza do influxo bíblico na constitución dos idiomas, o amplo radio da preocupación cultural, o interese inextinguible pola eficacia e a pureza do noso idioma. Neste último aspecto, non oculta a preferencia por unha tradución actualizadora, no ronsel da feita para o castelán por Alonso Shökel e Juan Mateos; opción que, sen deixar de ser fiel ao sentido fondo, non renuncie ao xenio peculiar da propia lingua. Non é este, claro está, lugar para unha análise detallada dese traballo, que, malia presentarse sen pretensións especialmente eruditas, resulta de enorme suxestión e presenta un claro desafío. Pero non me resisto a presentar, conxuntado por min, o significativo panorama que resulta da simple presentación dos epígrafes. A curiosa lectora ou o curioso lector que teñan a paciencia de o ler con coidado, decataranse de que aparece aquí unha proba elocuente da claridade, a orde e o rigor, que son a marca do verdadeira e xenuinamente clásico:

1. Importancia sociocultural da traducción da Biblia (para crentes e incrédulos). 1.1. A Biblia é o pentagrama da cultura occidental. 1.2. A Biblia formadora da lingua. 1.3. Razóns da traducción da Biblia. 2. A Biblia en Galicia na Idade Media. 3. A doma e castración de Galicia. 4. De Hervás y Panduro á Biblia galega de 1989. 5. Dificultades técnicas de traduci-la Biblia e características da traducción galega. 5.1. Problemas co aspecto verbal grego. 5.2. Problemas co léxico neotestamentario. 5.3. Luces procedentes da eséxese. 5.4. Semitismos subxacentes no grego de Palestina. 5.4.1. Semitismos léxicos. 5.4.2. Semitismos gramaticais. 5.4.3. Fraseoloxía semítica subxacente. 5.5. Concepto de traducción. 5.6. Peculiaridade dunha traducción bíblica: o seu obxectivo. 6. Outras características da traducción galega da Biblia de 1989. 6.1. Problemas que non tivo a nosa traducción. 6.2. Outras características. 6.3. Cousas mellorables. 6.4. ¿É posible unha revisión?

Falei de desafío, e cómpre volver esta palabra. Ferro reconece os méritos da tradución galega da Biblia e do esforzo que supuxo tanto para os laicos

cristiáns que, desde a editorial SEPT, a apoiaron e financiaron, como para os que de xeito gratuíto traballamos nela. Pero non oculta, como non o fago tampouco eu, as deficiencias e o desexo —compartido por moitos— dunha nova edición mellorada. E aquí está a gravidade do desafío, porque vai alén do caso concreto, para sinalar unha seria eiva e unha grave responsabilidade da nosa situación eclesiástica: a carencia —íá dicir vergonzosa e xerarquicamente irresponsable— dunha facultade de teoloxía en Galicia.

Sen ela son imposibles moitas e moi importantes cousas, entre as que a tradución da Biblia é tan só un síntoma concreto. Pois só dese modo sería posible unha homologación cultural da comprensión e anuncio da fe, e mesmo comprender a grave necesidade de abandonar unha mentalidade sucursalista, non carente de resaibos colonizadores, para que a mensaxe evanxélica poida *encarnarse* no propio idioma e cultura. A formación teolóxica dos cregos e dos demais axentes pastorais non pode seguir representando unha excepción no esforzo por normalizar o idioma e, menos, un gueto socio-cultural, alieo ás dinámicas vivas e actualizadoras do noso país.

Comprendo que resulta algo estraño que, ao falar dun «clásico» como é o noso amigo Ferro, teña levantado estas cuestións tan dolorosamente actuais. Pero, no fondo, nada máis coherente. Porque o clásico éo xustamente porque bota as súas raíces no perenne e duradeiro, no descubrimento e patentización do máis xenuína e fondamente humano. Indo ás raíces —ás «nais» como dicía Goethe—, trae á luz os valores que son de sempre porque son comúns. Por iso non só poden ser apropiados por todos, senón que esixen tamén ser actualizados. Son parteiros do novo, porque descubren o máis antigo e radical.

Xesús Ferro Ruibal sitúase nesa liña dos que alimentan a nosa cultura. Faiño con fidelidade incansable e con pureza exemplar. Faiño, sobre todo, con discreción e modestia. O seu non son os foguetes, senón as sementes; non as proclamas, senón o traballo teimudo e rigoroso. Por iso, ben ancorada no pasado, a súa achega é vigorosa garantía de futuro. Por iso tamén, estou seguro de que para el a xubilación non representa un final de traxecto, senón o pórtico dunha nova andaina que, ao tempo de recoller froitos, faise tamén promesa segura de que a colleita continúa. O agradecemento dos amigos sexa para ti, querido Suso, ánimo e viático. E para nós facho de esperanza.

II. ESTUDOS DE LINGUA

Unha das moitas esperanzas de Galicia

ANA ACUÑA

Universidade de Vigo

Difficile dictu est,
quantopere conciliet animos hominum
comitas affabilitasque sermonis.

I

No curso 1988/89 Xesús Ferro Ruibal exerceu como profesor de latín no, daquela, Instituto Salvador Moreno de Marín (hoxe IES Illa de Tambo). Penso que a ningún dos seus alumnos e alumnas de entón nos deixou indiferentes e en todos nós vive aquel «acontecemento para sempre».

Este texto quere ser un recoñecemento ao labor de Xesús Ferro Ruibal, por iso non evitamos a «reviviscencia das imaxes» nas súas clases, onde comprendemos que «temos na boca palabras milenarias», e nas viaxes culturais por el organizadas a lugares de interese para coñecer a historia da romanización e latinización da *Gallaecia*: Lugo (pridie idus martias anno domini MCMLXXXIX) e as explotacións romanas de ouro galaico (XVIII kalendarum maii anno domini MCMLXXXIX).

Se a galeguidade é unha decisión, o maxisterio de Xesús Ferro Ruibal durante o COU debeu axudar na nosa escola. Naquel ensino maioritariamente monolingüe en castelán e na nosa inopia (ante a temible selectividade, ante a posibilidade de estudar...), encontramos en Xesús Ferro un profesor próximo e un estímulo. Na súa retina, no seu corazón e no seu traballo, moitos e moitas de nós vimos os devanceiros, escoitamos a memoria dun pobo amnésico e accedemos á dignificación da nosa lingua por parte dun sabio renacentista (malia descoñecermos a súa prehistoria nos «Irmandiños» de Roma).

O profesor Ferro Ruibal aínda quedaría no instituto de Marín algún tempo máis, pero o feito de ser alumnado do último curso impediunos seguir gozando das súas clases. Con todo, non perdemos o contacto e dun ano despois gardamos unha dedicatoria no seu artigo «Lingua galega e relixión» («Perspectivas sobre a lingua», 1990) que algo ten que ver co título da nosa colaboración.

II

Mentres nos iniciabamos na filoloxía, fomos tendo noticias das investigacións do noso (ex)profesor no eido da fraseoloxía popular, da relixiosidade, da sociolingüística, da antropoloxía («Morrer en Caritel», premio Julio Camba en 1991; «En louva de don Paco», discurso pronunciado o 15/3/1993; «Cadaquén fala coma quen é», discurso de ingreso na RAG o 4/5/1996...).

Moitas desas lecturas servíronnos de guía para a propia investigación sobre a literatura popular, pesquisa baseada no traballo de campo en diferentes parroquias do concello de Marín e nas limítrofes do concello de Pontevedra e que logo se íría ampliando a toda Galicia grazas a amigos, compañeiros, profesores...

Así, o traballo de Xesús Ferro «Oracións e ditos relixiosos galegos» (1979) animounos a clasificar unha presadiña de textos recollidos dende o ano 1992. Velaquí unha mostra da nosa recompilación de oracións clasificadas, de forma simplificada, en oracións ó carón do leite; o pan e a mesa; igrexa, misa e sacramentos; cando trona; para bendicir doenzas.

- Oracións ó carón do leite (para Ferro Ruibal «oración pra pola mañán e pola noite»):

Con Dios me deito
con la ghrasia de Dios
e do Espirito Santo
que me curba co seu manto
co seu manto de colore
que nin tamanxa nin vapore,
nin cousa que mala fore.
Se adormeso espertame,
se falleso alumeaime.
Con las Sete Candelas
Santísem ´aternidá. Amén. (Marín)

- Pan e mesa (semellantes a aquelas recollidas por X. Ferro «pra cando o leite vai polo lume» pero, na nosa recolla, recitadas ao amasar ou ao meter o pan no forno).

Dios t ´acresente pra probes e ricos
que tanto de ti comerán. Amén. (Pontevedra)

Dios te cosa pan del forno
probes e ricos pa quen o come. (Marín)

Dios padre te curba
Dios t´acresente pa ricos e probes. (Marín)

- Igrexa, misa e sacramentos (X. Ferro diferencia «Cando se entra na igrexa» e nós acrecentamos «despedida»).

Entrada

En la casa de Dios entro
onde Dios fixo morada
ond´está calis bendito
y la hostia consaghrada. (Marín)

Por las puertas de Dios entro
a ti Padre m´encomiendo
al Santísimo Sacramento
y a los Santos qu´están dentro.
Con esta aghua bendita
que cojo en mis manos
es para que descontes
mis culpas y pecados,
pa que en la hora de la muerte
sean todos perdonados.
Esta rodilla
que pongo en tierra saghrada
para desconta-los pecados de mi alma.
Yo confesarme quería
los pecados que tenía
al confesor no se los digo,
se los digo a ti Señor
que son pecados y eche la solución
para que pueda comulghar
dame una mano Dios mío
y llévame hast´al altare. (Marín)

Despedida

Queda con Dios Casa Santa,
Casa de la Orasión.

Tú te quedas yo me marcho
échame tu bendición. (Marín)

- Cando trona:

Santa Bárbara bendita
en el sielo sea escrita
ghuarda pan, ghuarda vino
ghuarda la gente del camino. (Marín)

Para bendicir doenzas: non partiremos da nosa recolla persoal, senón que extraeremos textos do inédito Refraneiro Llopiz e exemplificaremos cunha única doenza (a dicipela ou erisipela) atendida por Xesús Ferro en 1979.

III

Ao Refraneiro Llopiz tenlle dedicado páxinas e tempo o profesor Xesús Ferro Ruibal. Como homenaxe aos dous, decidimos expurgar, de entre os refráns de Vicente Llopiz, unha serie de oracións con función terapéutica.

Xa nun traballo anterior (Acuña, 1999) separamos algún texto curativo de entre os refráns de Vicente Llopiz. Nesta ocasión volvemos sobre o «máis importante e inédito paremiólogo galego», segundo deixou escrito Xesús Ferro (1997), co fin de seguir peneirando os poemas curativos relativos á erisipela ou dicipela.

Vicente Llopiz Méndez (Bos Aires, 1896-Barcelona, 1965) foi un militar cunha «biografía infrecuente», segundo as investigacións de Xesús Ferro no «Estudio para unha edición inaprazable» presentado ao Consello da Cultura Galega o 15/11/1992.

En 1955 Llopiz Méndez gaña o concurso de «Bibliófilos Gallegos» cunha colección de refráns considerada a mellor recompilación de textos cuxo número sobrepasa os corenta mil (*La Noche*, 19/4/1955). Con todo, e conforme ó sinalado nunha das cartas que lle dirixe a Editorial de Bibliófilos Gallegos, o seu refraneiro non só contiña refráns. De feito o pago do premio —12 mil pesetas— estaba condicionado á expurgación do que non fose refrán.

No Museo de Pontevedra existe un orixinal incompleto do «Refraneiro Gallego Llopiz», gardado en dúas caixas, e que consta de series de folios cosidos separados segundo a temática en varias carpetas: Buey y vaca; Caballo, equinos;

Casa, vivienda; Casamientos, matrimonios; Caza; Cerdo; Comidas, cocina; Consejos; Coprológicos; Coreográficos; Críticas; Culto religioso; Cultura, enseñanza; Chistes; Defectos físicos; El demonio; Dinero; Dios; División del tiempo, año; División del tiempo, mes; Enero; Febrero; Marzo; Abril; Mayo; Junio; Julio; Agosto; Septiembre; Octubre; Noviembre; Diciembre; Familia; Ferias, diversiones; Filosóficos; Frailes, curas; Fuego; Ganadería; Gato; Geográficos; Hilado, telar; Hombre; Huerta; Indumentaria; Insectos; Ironías; Justicia, autoridad; Madera; El mar; Medicina; Meteorología; Militares; Morales; Mujer; Niño; Pájaros, aves libres; Pena; Perro; Pesca; Políticos; Profesiones; Propiedades; Relaciones y vida social; Río, topográficos; Santos; Supersticiones; Trabajo; Utensilios; Viajes; Vicios, defectos morales; Vino, uva, viñedo; Zoología; Locuciones.

Dende hai anos, interésanos o Refraneiro Llopiz polas mostras de poesía máxico-ritual con función terapéutica que se atopan mesturadas entre outros textos fraseolóxicos, sobre todo nas seccións tituladas «Pena», «Supersticiones» e «Medicina». A estes poemas curativos, V. Llopiz denomínaos cunha gran variedade de sintagmas como se verá a continuación.

- Na sección «Medicina», Vicente Llopiz escribe que «Comprende proverbios, aforismos y adagios relativos a la Medicina Legal. En cuanto a la clandestina y arte oculto, además de los aquí contenidos pueden encontrarse otros, en las Secciones “Pena” y “Supersticiones”».

Entre estes «proverbios, aforismos y adagios» inclúe tamén diferentes denominacións para os poemas curativos: «fórmulas exorcistas para la cura», «ensalmo de curanderos, para atajar», «ensalmo curativo», «fragmento de ensalmo», «fórmula de los curanderos», «retahila exorcística para la cura», «fórmula de ensalmo», «verbas de manciñeiros pra correxer», «sofismas para la curación», «retahila sofística del curandero», «retahila», «exorcismo ant. empleado para curar», «repertorio oftalmológico de los curanderos», «oración fundamental», «fórmula del brujo», «modismos corresponden a la curación», «palabras sofísticas pronunciadas para extirpar», «palabras miríficas que se pronuncian al “coutar”», «invocaciones», «sofismas», «especulaciones clandestinas para la cura», «palabras», «estribillo en los desconjuros», «repertorio macarrónico del s. XVIII usado (...) para el desconjuro», «parte de un ensalmo», «palabras de ensalmadores», «receta de curandero», «exorcismos», «advocación exorcista», «fórmula

mirífica», «fórmula sofisticada», «fórmula curativa», «desconjuo», «frases que acompañan a las manipulaciones del curandero», «verbas de bencedeiro», «enuncio», «exorcismo», «receta», «fraseología de los compostores», «enunciado sofisticado», «términos», «fórmula de desconjuo», «desconjuo y fórmula», «fórmula farmacéutica», «palabras de exorcismo», «adagio», «recitación», «oración», «rogativa», «modismo», «fórmulas supersticiosas», «extraña fórmula exorcística», «receta que acompañada de expresiones sofisticadas», «receta curativa», «ensalmo con recetario», «sofisma médico farmacéutica», «verbas d'ensalmo», «oración mirífica», «práctica sofisticada», «palabras miríficas», «fórmula ensalmista», «fórmula general», «refrán», «fórmula de ensalmo», «relaciones curativas», «repertorio usado por los ensalmistas», «parte de una jaculatoria», «palabras del ritual curandero».

- Na sección «Supersticiones», Llópiz remite a outras seccións como «Albeiteria» (que non figura entre a documentación do Museo de Pontevedra), «Demonio», «Medicina», «Pena», «Santos», «Defectos Físicos», «Vicios» e «Zoología», e escribe «pueden encontrarse más refranes y modismos que encierran superstición, que por otra parte, más diluidos aparecen en casi todas».

Por tanto, entre os refráns e modismos Vicente Llópiz inclúe: «fórmula para desconjurar/desconjuo», «desconjuo», «palabras sofisticadas», «verbas de enfeitizo o sugestión», «verbas d'encantamento», «palabras», «fórmula execratoria», «fórmula de curandero», «sofisma», «imprecación», «fórmula curativa», «palabras para desconjurar», «expresión de los saudadores», «fórmula», «fragmento de un exorcismo», «invocación», «fórmula ensalmadora», «fórmula exorcista», «palabras de exorcismo», «fórmula supersticiosa», «frase», «invocación».

- Na sección «Pena» Llópiz indica que «más proverbios y refranes relativos a penas y muerte, pueden encontrarse en las Secciones “Filosóficos”, “Morales”, “Supersticiones” y “Medicina” (Males de muerte)».

Unha análise profunda do Refraneiro Llópiz permitiríanos recoñecer e deslindar os refráns doutros xéneros coma o cantigueiro e o oracioneiro (textos como os recitados para afastar animais, recitados para afastar fenómenos atmosféricos e recitados curativos).

Vicente Llópiz cita as seguintes doenzas (copiamos sen atender aos matices de cada unha e, ademais, incluímos «saúde») para as que anota poemas curativos: acedía, acaño, aires, ar de praga, ar do soar, ar roin, argueiro, axe do ár, coitas, cólicos, belidas, berrugas, bixigas, brotoexo, calquera doenza, carouquexas, ceátega, chagas e feridas, cirro, cobro, cochicha, codo, collizos colleitizos, cóxegas, coxo, dada, doenza descoñecida, doenzas malignas, dor de moas e inxivas, dor parturenta, eczemas, enguenido, erisipela, farafallo, fastío, flemóns, fogo ardente, fogo de Lázaro, fogo de San Antón, formigueiro, fracturas, gafeira, hedras, hemorraxia, hernia, hidropesía, ictericia, ingoa, insolación, leicenzo, lixo, lombrigas, mal cobral, mal do madrí, mal de ollo, mal do zucre, mal de morto, mal do zázaro, mal endémico, maleitas, maleficio, males, malos aires, malos espíritos, mordedura, nebraceira, orballo ou frieiras, ougado, oura, paletilla, paludismo, paspas, pel, peste (porcina), pexas, pezoña, postilla, pulso aberto, queimaduras, rabia, retraso mental, roborado, sangue fervente, sarabullo, sarnícola, saúde, tirizó, treizón, úlcera, vea arraleada, veneno.

IV

Como indicamos no final do apartado II, para esta homenaxe seleccionamos de entre os numerosos textos do Refraneiro Llópiz algúns poemas curativos da dicipela, doenza abordada por Xesús Ferro Ruibal en 1979. Desta maneira queda patente a necesidade de publicar un refraneiro que ofrece, ademais dun «repertorio riquísimo de noticias gramaticais, léxicas e fraseolóxicas» (Ferro Ruibal, «Estudio para unha edición inaprazable», inédito), unhas contribucións incalculables para o estudo da literatura popular de tradición oral.

Os textos para a dicipela copiados de Llópiz foron escollidos por nós segundo a semellanza con aquel recompilado por Ferro Ruibal en Caritel no ano 1979:

Colorada te deitas,
colorada te levantas;
colorada te vistes,
colorada te calzas;
colorado é o cabalo que te leva.

- ¿Como te chamas?

- Rosa venenosa e dicipelosa
que come la carne y chupa los huesos

- Voute levar ó fogo de Cristo que te queime

- Non. Lévame ó ramo da palma
para que te deixe sana e salva.

Non é este o lugar para o comentario pormenorizado, pero obsérvese que estamos ante poesía imperativa marcada polo ton coactivo dirixido á doenza para que abandone o corpo da persoa. Repárese, ademais, na imaxe que designa a doenza (motivada pola cor producida no lugar danado), no diálogo entre a doenza e outro personaxe (que poderíamos identificar co curador ou curadora) e na alusión aos elementos curativos (relixiosos e naturais).

O Refraneiro Llopiz presenta, como manifestamos, poemas curativos en diferentes seccións. Reproducimos agora oito textos: seis relativos á doenza da «dicipela» (tamén denominada «cobra e cobrón», «cóbrega», «percebún», «rosa salvaxe ou vermella», «rosa beniiñosa ou pezoñenta») e dous relativos ao fogo ardente (chamado «mal da rosa», «escarlarina», «fogaxe» «bochorno á cute») por seren males semellantes.

Copiamos do manuscrito gardado no Museo de Pontevedra (a quen agradecemos as facilidades para a súa consulta) respectando a ortografía orixinal e manuscrita de Llopiz:

Rosa beniiñosa que chuchal-a sanque e crebantas a ósa.

Rosa pezoñenta que chuchas n'íste coiro e crebantas o óso.

Rosa maldita, enconosa y -embelicosa,
vaite de ehí, por onde non danes cousa.

Rosa cabalare ¿qué vés eiqui buscar?

- Cana ou carbón de tra o lare.

- Vaite aló ás ondas do mare,
onde non oías galo cantare,
nin galliña cacarexare,
nin caves nin labres,
nin «rebardebes»,
nin probalezas nin roezas
nin fagas mal onde mal pareza.

Rosa cabalar ¿qué ves buscar?

- Fiuncho do monte,
auga da fonte e aceite d'alumar.

- Vaites alá ao alto mar,

onde nin a persóa nin neno podas facer mal,
 onde non zugues, nin rexurdes,
 nin crezas nin probalezas,
 nin fagas cousa que mal pareza.

– Quen me talla a rosa vermella,
 que me come que me roi?
 – Eu te tallo con sal da mar salgada
 e auga da fonte, aceite y erba do monte
 e canto eu vira de fronte.

Colorada che vestes,
 colorada che calzas,
 colorado e o cabalo no que andas.

Eres roibo, roibo a vestir,
 roibo a calzar, roibo a comer,
 roibo ao beber, roibo no arder,
 roibo roiben, con aceite de oliva
 te mollo e te volvo a mollar
 pra que vaías fora d’ei qui
 e vaías descansar ao fondo do mar.

Calquera lector/a atento/a percibirá o parecido formal, baseado no formulismo repetitivo (paralelismo, estruturas bimembres, aliteracións, acumulacións nominais e adxectivais...) e nas figuras retóricas patéticas (exclamacións, interrogacións, personificacións...), entre o texto recompilado por Xesús Ferro e os de Vicente Llopiz. Non obstante, son evidentes as diferenzas estruturais: mentres o texto de Ferro Ruibal contén varias partes (constatación do mal, orde de afastamento e confirmación da cura), os poemas recompilados por Llopiz aparecen, ás veces, fragmentados e sen as partes relevantes (por exemplo, a confirmación da cura). Este trazo da fragmentación non é estraño aos diferentes xéneros da literatura de tradición oral.

V

Con esta breve colaboración quixemos mostrar como o maxisterio de Xesús Ferro Ruibal nos foi guiando e acompañando, máis aló das clases de COU. Disto deixamos constancia en diferentes lugares e con diversos motivos (Acuña 2006a, 2006b e 2008).

Esperamos que estas palabras sobre Vicente Llópiz e as citas do seu refraneiro sirvan para recordar a urxencia da súa publicación trala necesaria selección do que é e non refrán. Para este labor xa se ofrecera Ferro Ruibal no número 8 dos *Cuadernos de Fraseoloxía Galega* (2006).

Bibliografía

- Acuña, A. (1999): «Do poder da palabra na poesía máxico-ritual de tradición oral: esconxuros e formuliñas infantís», en *Cinguidos por unha arela común. homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, 23-40.
- Acuña, A. (2006a): «Relacións entre distintos xéneros da literatura popular: o motivo da cepa torta», *Culturas Populares. Revista Electrónica* 1, 15 páxs.
- Acuña, A. (2006b): «Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 13-28.
- Acuña, A. (2008), «Xosé María Álvarez Blázquez: unha voz propia e honrada», *Boletín da Real Academia Galega* 369, 9-22.
- Ferro Ruibal, X. (1979): «Oracións e ditos relixiosos galegos», *Encrucillada* 12, 163-195.
- Ferro Ruibal, X. (1990): «Lingua galega e relixión», *Grial* 107, pp. 335-357.
- Ferro Ruibal, X. (1997): «Centenario de Vicente Llópiz Méndez», *Paremia* 6, 205-207.
- Ferro Ruibal, X. (2006): «Parecias selectas. Un manuscrito bonaerense de Vicente Llópiz Méndez», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 265-315.

Dialectoloxía e toponimia: *Fontán, Fontenla, Fontaiña*

ROSARIO ÁLVAREZ

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Os datos toponímicos actuais son a suma de infinitas características e mudanzas producidas no territorio desde que os primeiros moradores comezaron a pór nomes aos lugares en que se asentaban ou que os rodeaban: fundamentalmente nomes relacionados coas características físicas (orografía, hidrografía...), co hábitat (flora, fauna...) e coa sociedade (etnia, posuidores, economía, construcións, relixión, cultura...). Corresponde aos especialistas ler adecuadamente este gran compendio histórico, non só para podermos comprender o significado orixinal e a motivación de cada un deles, senón tamén para os ordenarmos nunha sucesión cronolóxica que informe sobre o momento en que se daban estas condicións e sobre os devanceiros que outorgaron tales nomes; é dicir, corresponde aos especialistas encher de significado as palabras dese gran compendio e desvelar a profundidade das raíceras do acervo que un nomenclátor ou base de datos toponímica presenta como unha realidade plana. Corresponde á sociedade e aos poderes públicos que a gobernan garantir a preservación deste inmenso patrimonio cultural, nas mellores condicións científicas, técnicas e sociais (recollida, catalogación, divulgación, protección e uso), contando para iso cos mellores especialistas de diversas ramas. Esta é unha empresa en que Xesús Ferro ten posto un interese especial e acadou un protagonismo indiscutible: en homenaxe aos seus logros e en apoio ao seu empeño vai esta pequena contribución, que pretende resaltar a importancia dos datos toponímicos para a reconstrución da evolución histórica do galego, prestando atención especial a distintos resultados diacrónicos e diatópicos en relación coa morfoloxía.

É notorio que os datos toponímicos, tal e como os coñecemos hoxe, son de grande interese para a comprensión da evolución diacrónica da lingua e para a reconstrución histórica da variación diatópica; e, non obstante, non son moitos os traballos onomásticos que se levan feito entre nosoutros con esta perspectiva. Mesmo así, é xusto recoñecer que os realizados ata agora (Constantino García, Elixio Rivas, Gonzalo Navaza, Ana I. Boullón, Carolina Pérez Capelo...) mostran que esta é unha liña riquísima en resultados e que, para Galicia e o galego, hai razoables expectativas de que contribúa a supe-

rar algunhas das dificultades derivadas dunha escrita lacunar, con amplos períodos históricos sen apenas información directa.

O noso propósito presente é revisitarmos algúns dos topónimos relacionados con *fonte*, en particular tres grupos de variantes: *Fontao*, *Fontán* e *Fontá*, cos seus plurais e os seus compostos; *Fontenla* / *Fontela* e *Fontenlo* / *Fontelo*, cos seus plurais; e, finalmente, *Fontaiña(s)* e *Fontaiño(s)*, distintos do diminutivo *Fontiña(s)*¹. A aproximación non parte nin do campo da onomástica nin do da gramática histórica, senón da dialectoloxía, polo que varias das liñas argumentais só nos conducirán a levantar problemas ou suxerir hipóteses aos especialistas das outras disciplinas, no convencemento de que o coñecemento avanza nunha sorte de carreira de relevos. Os topónimos relacionados con *fonte* foron obxecto de dous coñecidos artigos de don Abelardo Moralejo, de modo que os da nosa atención xa foron tratados co rigor e a abundancia documental que caracterizan toda a obra do mestre. Valla todo o dito para aclarar que esta nova achega non pretende polemizar cos resultados e conclusións daquela obra pioneira, senón, en xusta homenaxe, afondar máis na perspectiva territorial iniciada polo autor e arrequentala cos avances no coñecemento dialectolóxico producidos nas últimas décadas.

Partimos da cartografía dos datos proporcionados polo *Nomenclátor* do ano 2003, que recolle a toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares de Galicia, establecida pola Comisión de Toponimia cos criterios que se explicitan no inicio, conxugando o maior respecto ao uso vivo das variantes dialectais coa restauración autorizada das formas deturpadas por castelanismo.

Fontao, Fontán, Fontá

Os resultados toponímicos dannos tres solucións básicas: *Fontao*, *Fontán* e *Fontá*, como formas simples ou integradas nos compostos *Trasfontao*, *Tralo Fontao*, *Trasfontán*, *Trasfontáns*, *Portafontao* e *Fontangordo*; contamos ademais co plural *Fontáns*² e con formas que integran un artigo masculino. As variantes implicadas teñen que ver coa solución dialectal das terminacións

¹ Unha versión moi adiantada deste traballo (inédito) foi presentada no *II Congreso Internacional de Onomástica Galega*. Pontevedra, 19, 20 e 21 de outubro de 2006.

² Son só catro rexistros, todos eles na área do plural en *-ns*: *Trasfontáns* (Serantes-Laxe), Os *Fontáns* (Santa María de Xeve-Pontevedra e Portas-Portas) e *Fontáns* (Lavadores-Vigo). Incluímos na nosa descrición, mais conscientes de que os da Galicia suroccidental tanto poden ser pl. de *Fontán* coma variantes fonéticas de *Fentáns*, con labialización de /e/ pretónico.

-ANU / -ANA, que, como é ben coñecido, é un dos riscos fundamentais para trazar o límite do bloque occidental fronte ao resto das variedades lingüísticas galegas³. O noso interese por estas formas céntrase en dous aspectos interrelacionados: dunha banda, na importancia da distribución espacial das distintas variantes morfolóxicas para a gramática histórica e a dialectoloxía diacrónica; doutra, na axuda que a dialectoloxía pode dar aos etimólogos, botando luz desde esta perspectiva sobre a adecuación das hipóteses etimolóxicas FONTANU e FONTANA.


1. *Fontán* e *Fontáns* ocupan unha área compacta cun límite oriental que coincide de forma moi aproximada co convido para o bloque occidental. Pode chamar a atención a penetración cara ao occidente nas terras que están ao sur de Compostela, pero cómpre ter presente que neste territorio as isoglosas dos resultados de -ANU non son coincidentes (no Mapa nº 1 trázanse as de *irmán/irmao*, *chan/chao* e *gran/grao*, con datos do ALGa: II 31, 33, 35). Como é sabido, en todo o bloque occidental hai sincretismo entre os resultados de -ANU e de -ANA (*meu irmán / miña irmán*), polo que *Fontán* tanto podería ter base etimolóxica no masc. FONTANUS coma no fem. FONTANA; aínda que volveremos sobre este asunto máis adiante, adiantamos que en varios lugares da Galicia occidental o topónimo inclúe un artigo, sempre masculino (Rodís-Cerceda, Xesteda-Cerceda, Tordoia, Pontevedra, Portas). Os datos antigos que posuímos para esta área occidental tamén apoian o xénero masculino de base, tanto na forma dos antropónimos coma na dos topónimos; así en «que jazen en Fontão da dita frigresia de san Gião de Beba» (1436 Noia⁴) temos o antecedente do actual *Fontán* de Beba-Mazaricos, e en «as Rendas d'Arqos e de Fontao covo» (1368 Tui) temos posiblemente o actual *Fontán* de Vincios-Gondomar, ou en todo caso un topónimo tudense, área en que hoxe só se rexistra -án.

³ Chamamos a atención sobre este dato, porque os estudos dialectométricos feitos sobre o galego confirman de forma cuantificada e sen marxe de dúbida a exactitude das divisións dialectais que viñan sendo aceptadas entre nós: a primeira división básica entre as variedades lingüísticas diatópicas é a que separa as do bloque occidental das do resto do dominio (Álvarez, Dubert e Sousa 2006). Engadamos, ademais, que con gran frecuencia as formas tipicamente occidentais son singulares no dominio do galego-portugués (dito doutro xeito, o galego centro-oriental garda maior concomitancia coas variedades portuguesas).

⁴ Para alixeirar o texto, daremos só as referencias bibliográficas das fontes medievais que non figuran na base de datos TMILG. Os datos de Oia e Montederramo proceden das lecturas de Ramón Lorenzo e M^a Carmen Pérez González (vid. bibliografía), que nolas facilitaron xenerosamente estando aínda inéditas. As atestacións no latín galaico proceden tamén, en boa medida, da base de datos CODOLGA.

Por iso o máis rechamante da distribución espacial da solución en *-án* é a súa aparición no recanto nordés, en *Fontán* (Trabada) e *Fontangordo* (Vilaboa-A Pontenova). Esta ubicación xa foi salientada e comentada por A. Moralejo, que non atopa unha explicación consistente (1977: 88-89). Dunha banda, para *Fontangordo* e para o hidrónimo *Fontán Rellouso* (A Pontenova) parécelle admisible a hipótese da perda de *-u* por próclise con anterioridade á perda da nasal intervocálica, sen dar testemuños doutros compostos que avalen esta posibilidade evolutiva; doutra, admite que esa explicación non vale para a forma simple rexistrada en Trabada, para a que postula un posible xenitivo persoal **Fontani*, apoiándose en que a mesma conxectura vale para *Soutillán* no mesmo concello (<**Saltu Iuliani*). Xulia Marqués (2004: 147-148), que se remite á explicación dada polo ilustre predecesor, mostra reservas sobre a orixe antroponímica, debido á escasa difusión deste nome propio na Península Ibérica⁵, mais non dá unha hipótese alternativa; entre a información histórica bastante serodia ofrece dous testemuños antigos sorprendentes, «de illa uilla de *Funtano*» (1089) e *Funtoum* (1230), este atribuído a un erro de lectura, sen argumentar. O *Fontangordo* da Pontenova atopámolo na cadea onomástica dun «Fernan Peres de *Fontangordo*», que como fregués de «san Juliao de Vilaboa do obispado d-Ovedo» serve de testemuña en 1409. Na nosa opinión, cómpre unha investigación histórica máis rigorosa antes de descartar que neste territorio a deriva fonética desta secuencia puidera producir un resultado coma o que nos ofrece a toponimia e non se conserva no léxico común, pois o coñecemento que temos das tensións territoriais entre as distintas variantes diatópicas, cada vez maior, indícanos que a historia foi moito menos lineal do que se pode presumir nunha ollada superficial.

⁵ Xa A. Moralejo informa neste sentido: «Y es de notar que de nueve volúmenes que hemos podido examinar del CIL [= *Corpus Inscriptionum Latinarum*], sólo aparece este “cognomen” en el II, o sea en el de Hispania, y sólo dos veces: en la inscripción número 1.468, de Ilipula Minor en la Bética, y en la 3.871, funeraria en dos dísticos elegíacos, de Sagunto» (1977: 85). Era por tanto ben consciente do número de ocorrencias ao ofrecer a súa hipótese.



Mapa nº 1. *Fontán, Fontá, Fontao*. Datos toponímicos

En apoio desta suxestión van a rareza formal dos testemuños antigos achegados por Marqués —que só se poderían deixar de integrar na explicación probando que son errados—, a persistencia de formas en *-ãun* nos Ancares leoneses (Fernández 1981: 33), a solución *chen* do galego eonaviego (< PLENU; ALGa: II 18) e mais a conservación neste recanto da nasal no nexo *-nl-*, un trazo tipicamente occidental (*vid. infra* e Mapas nº 2 e nº 3: *canle* < CANALE en Rinlo [Ribadeo] e Trabada, ALGa: III 215; *rinlo* ou *rinle* < RENILE, nos mesmos lugares e en Barreiros, ALGa: V 64)⁶. Pero, sobre todo, aválaa a existencia doutras solucións do masculino en *-án* no oriente lugués, que só coñecemos a través de fontes toponímicas e que, por iso, aconsellan a realización dun estudo demorado sobre este aspecto. Vallan a título de exemplo algúns datos achegados nunha pesquisa non exhaustiva realizada a través do *Nomenclátor*: *Vilarmeán* (A Fonsagrada), fronte a *Vilarmeao* (O Pino e Viana do Bolo); *Montemeán* (O Incio) coma en Carral, fronte a *Montemeá* (Aranga e Guitiriz, na área de *meu irmá*) e a *Montemeao* (Cedeira, Ortigueira, O Vicedo, Vilalba); *Romeán*

⁶ O feminino deixou formas con *-án*, cada vez máis infrecuentes e en estilos moi conservadores, fóra da área dialectal occidental, na proximidade da raia portuguesa (ALGa: II 38).

(A Fonsagrada e Lugo) fronte a *Romeao* (Melide); *Chan de Pracia* e *Chan de Lagares* (Cervantes), *Chan de Vilar* (As Nogais), *Chan da Pena* (Pedrafita)⁷.

2. Canto a *Fontá*, en principio fai pensar na forma feminina, a partir de FONTANA (Moralejo 1977: 91), pero a súa ubicación no mapa abonda para pór en dúbida esa hipótese, porque só se localiza nunha pequena área dialectal en que -á é o resultado sincrético dos morfos masculino e feminino en substantivos e adxectivos patrimoniais procedentes de -ANU/-ANA (*meu irmá / miña irmá, o gra, a má*).

Esta solución en -á está nunha posición feble na súa área. Non foi establecido aínda o inventario máximo de palabras implicadas, pero percíbese un proceso de substitución das formas tradicionais en beneficio das máis frecuentes na contorna (como *irmá* por *irmán* ou *hermano* en Ferrol, Ares e Pontedeume, ou *irmá* por *irmao* en Guitiriz, ALGa: II 31); en consecuencia, fóra do núcleo ferrolán só se atopan testemuños en palabras que van quedando illadas nos respectivos sistemas. Tampouco coñecemos a extensión histórica máxima da área, que só se poderá reconstruír cun fino traballo documental e con estudos rigorosos da toponimia⁸. Os topónimos *Fontá* de Doniños-Ferrol e de Fisteus-Curtis están, respectivamente, no cerne e no límite actual coñecido desa área, pero *O Fontá* de Oza dos Ríos —advírtase o xénero masculino no artigo— xa nos dá unha dimensión antiga da área de *meu irmá* maior da que podemos trazar cos datos dialectais actuais. Engádase, na perspectiva diacrónica, que na documentación de San Salvador de Pedroso (Narón) se rexistra *Fontao* (hoxe *Fontá*, en Doniños) nun documento de 1284, pero dous séculos máis adiante, nun documento de 1479, hai xa dúas ocorrencias da grafía *Fontaa* entre outros varios topónimos da área. Por tanto, e a pesar da primeira aparencia, temos que concluír que estes tres únicos testemuños de *Fontá* non teñen a súa orixe no fem. FONTANA, senón no mesmo masc. FONTANU que deu lugar a *Fontán* e *Fontao*; así pois, non estamos diante dunha variación de xénero do tipo *irmao*/

⁷ Nestes últimos pódese aducir a posición proclítica, como en *Chandrex*a (Ourense) ou, como quería Moralejo, en *Fontangordo*. É evidente que para os restantes esta explicación non é válida. Cremos, por iso, que é preferible postular unha evolución que dea conta de todos os casos.

⁸ Só a título ilustrativo e coa pretensión de estimular a pesquisa por parte doutros investigadores: na parroquia dos Vilares, no NW do concello de Guitiriz, atopamos *Vilarchán*, nun territorio en que se esperaríase ou o marcadamente dialectal -chá ou o máis xeral -chao; do outro lado da Cova da Serpe, en Sobrado dos Monxes, onde hoxe só se recollen formas en -ao, atopamos *Vilarchá* en Grixalba (no norte do concello) e *Vilarchao* na Porta (máis ao sur).

irmá, como cría A. Moralejo con base nos coñecementos dialectolóxicos da época, senón diante dunha variante dialectal sincrética *meu irmá* / *miña irmá*.

Ao facermos unha cala histórica comprobamos que o substantivo feminino só se rexistra en dúas coñecidas cantigas de Pero Meogo, na mención da fría *fontana* ou *fonte* a onde vai lavar os cabelos a «louçana» —repárese na rima— e na que se entretén porque os cervos do monte seica lle volven a auga⁹. E como forma onomástica apenas podemos aducir rexistros de FONTANA e descendentes, ningún exento de dúbidas; excluímos desta relación os *Fontaa* da área ferrolá consignados máis arriba:

- a) Nun documento real de 1124, no reparto das parroquias de Mondoñedo, menciónase «sanctus Andreas de Fontana» entre as da terra de Viveiro, mais hoxe atopamos só *-ao* na mesma área¹⁰. Se se trata efectivamente do *Fontao* de Santo André de Boimente (Viveiro), só se explica por un lapsus ou a través dunha solución diacrónica intermedia que explique por igual a relatinización en *Fontana* e a evolución diatópica do masculino ata o actual *-ao*. Como xa indicamos máis arriba, sabemos pouco dos límites antigos e das vicisitudes históricas da área *meu irmá* —que, cando menos, é mindoniense occidental—, polo que non descartamos que a solución diacrónica e diatópica oculta baixo *Fontana* estea en relación con estas solucións.
- b) Na cadea onomástica «Domingo Eanes de Fontaa?» (1375 Vilalba) —advértase que a propia editora dubida da lección—, atopamos probablemente algún dos tres *Fontao* vilalbeses, un deles na parroquia de Goiriz, veciña da de Román, onde se atopan os bens vendidos no documento; de ser correcta a lectura, reforzaría a hipótese explicativa esbozada no parágrafo anterior.

⁹ Pero Meogo está activo e documentado no terceiro cuarto do século XIII, polo que en todo caso ao carácter «literario» se podería unir o de «arcaico». A base CODOLGA recolle, alomenos, 4 rexistros do s. f. *fontana*-, que aboan o uso documental da voz como substantivo común no latín galaico, aínda que sexa de forma minoritaria: en dous documentos reais, «usque in fontanam maiorem» (1112 Tui) e «usque ad fontanam maiorem» (1228 Tui), e en dous documentos particulares, «per illa fontana frigida de Felzes» (1086 Braga) e «ad illa fontana de Uallinas» (1119 Carboeiro).

¹⁰ *Fontao* tanto en Santo André de Boimente (Viveiro) coma en Suegos (O Vicedo, «sancta Maria de Sueuos» no citado documento), en Xuances (Xove) e en Cervo (Cervo).

- c) Nun documento de 1333 da colección de Santa María de Oia rexístrase o topónimo *Ffontaam de Deus*. Ocorre entre outros varios localizados na contorna de Valença, facendo referencia a un lugar miñoto, pero nesa área, coma en todo Portugal, hoxe só se coñecen formas do masculino en *-ão*; por tanto, débese tomar como unha solución gráfica da variante fónica que se corresponde co actual *-ão*, xeneralizado en portugués en época máis tardía (para fem. *-aam* e masc. *-ã*, *-am* en textos miñotos antigos, vid. Maia 1986: 584, 592-3).
- d) Nun documento de 1478, o bispo de Lugo afóralle a *Rui de Fontaa ~ da Fontaa ~ da Fontana* o casal de Castro Alfonsín (Saa-Lugo) (Portela, 1998: 419-420). A presenza oscilante do artigo obriga a tomar en consideración o xénero feminino da forma onomástica, que supoñemos detoponímica. É imposible coñecer a procedencia deste foreiro e por iso avaliar con xusteza a importancia deste dato singular: cabe, mesmo, que sendo «de Fontá» por proceder do mindoniense occidental, o seu apelido fose interpretado como feminino en zona de *-ao*. En toda a rexión luguesa só se recolle hoxe o masc. *Fontao*, tamén na parroquia de Costante (Guntín), limítrofe coa dos bens aforados.

En suma, na toponimia non hai evidencias da existencia da forma feminina, pois tanto *Fontán* coma *Fontá* son explicables como masculinas nas respectivas áreas xeográficas e na área centro-oriental o masc. *Fontao* nunca comparte territorio coa feminina en *-á* correspondente. Por se houbese algunha dúbida, dentro do territorio de sincretismo en *-án* ou en *-á* hai topónimos que por medio do artigo informan do xénero masculino do substantivo, nunca do xénero feminino. A documentación antiga aboa constantemente o xénero masculino tanto no substantivo común *fontano* e variantes ('regato'), coma nos antropónimos e topónimos correspondentes, e isto é así tanto no territorio do actual *Fontao* coma en occidente; os escasos testemuños que se poderían opoñer son dubidosos e atópanse na área en que é uniforme *-ao*. Engádase que na toponimia portuguesa só hai rexistros de *Fontão* e compostos, nunca da forma feminina¹¹. Todos estes argumentos lévannos a concluír que os topónimos *Fontao*, *Fontán* e *Fontá* son tres variantes diatópicas orixinadas a partir do masc. FONTANU, sen intervención do feminino FONTANA.

¹¹ Todos localizados na metade norte e, de forma especial, na antiga Gallaecia. Por orde de frecuencia segundo os distritos: Porto e Braga (5 ocorrencias cada un), Viana do Castelo (4), Aveiro, Vila Real, Guarda e Leiria (2), Viseu e Coimbra (1).


Fontela / Fontenla, Fontelo / Fontenlo

1. Todo apunta a que as variables {*Fontela*, *Fontenla*} e {*Fontelo*, *Fontenlo*} teñen a súa orixe nunha formación primitiva a partir dos diminutivos FONTANĚLLA e FONTANĚLLO (do lat. FONTANA e FONTANU, respectivamente), pois doutro xeito non é doado explicar a presenza da consoante nasal que, coma noutras palabras cun contexto semellante, marca a variante situada no occidente. O desenvolvemento de dúas solucións, con e sen nasal, orixínase en galego a partir da redución vocálica dun hiato, por dúas vías diferenciadas: se a secuencia vocálica se produciu pola queda dunha consoante nasal intervocálica, adóitase considerar a nova consoante implosiva como evolución da nasalidade etimolóxica (GANATU > *gando* / *gado*, GERMANA > *irmán* / *irmá*, TENETIS > *tendes* / *tedes*); cando o hiato é resultado da queda doutras consoantes, búscanse outras hipóteses explicativas (EXCADESCERE > *esquencer* / *esquecer*, CALESCERE > *quencer* / *quecer*, FELIX > *Fins* / *Fiz*). Ora ben, cómpre ter presente que *fontelo/fontela* —e non a solución con nasal— poderían ser tamén a evolución normal, en calquera parte do territorio, do diminutivo FONTĚLLU/ FONTĚLLA (do lat. FONTE, o segundo xa con cambio de xénero):

lat. FONTANA	FONTANĚLLA (dim.)	<i>fonta(n)ela</i>	<i>fontela</i>
			<i>fontenla</i>
lat. FONTANUS	FONTANĚLLUS (dim.)	<i>fonta(n)elo</i>	<i>fontelo</i>
			<i>fontenlo</i>
lat. FONS, FONTIS	FONTĚLLUS, FONTĚLLA (dim.)	<i>fontelo, fontela</i>	

Cómpre non esquecer que a propagación dos topónimos así creados puido ocupar un arco temporal máis amplo có da vixencia do latín como lingua viva na comunidade —e, xa que logo, capaz de crear novas unidades—. Descartamos que se trate dunha formación posterior, pois parece fóra de discusión entre os estudosos que *-elo/-ela* non era un sufixo produtivo no romance galego (Alonso 2004: 17)¹². A partir de gal. *fonte* + *ela* > *Fontela* non se espera a variante con nasal se non é por propagación analóxica, coma a que se deu nalgúns outros casos comprobables (*Campelo* / *Campenlo*, p. ex.).

¹² Aínda que concordamos con esa restrición, cremos interesante mostrar que, se non se dese, habería que ampliar as hipóteses etimolóxicas nos sentidos seguintes: *fonte* + *ela* > *fontela*; *fontán* + *ela* ~ *fontā* + *ela* > *fontaela* > *fontela* / *fontenla*; *fontá* + *ela* > *fontaela* > *fontela* / *fontenla*.



Mapa nº 2. Topónimos en -e(n)la, -e(n)lo



Mapa nº 3. Variación -(n)l-, -(n)ll- subst. comúns

2. A mancha que debuxa no mapa a distribución de *Fontenla* e *Fontelo* fronte a *Fontela* e *Fontelo* é moi semellante ás que debuxan o feminino *irmán* (fronte a *irmá*, de GERMANA; ALGα: II 32) e o masculino *irmán* (fronte a *irmao* e *irmá*, de

GERMANU; ALGa: II 31), e mesmo á dos plurais en *-ns* (ALGa: II 68)¹³; véxanse as isoglosas trazadas nos Mapas nº 1 e nº 2. Para os que non están familiarizados coa xeografía dialectal galega, salientamos a importancia relativa destes tres trazos e o feito de que serven para marcar o límite entre o galego occidental e o central, comprobado tamén noutros moitos comportamentos diferenciados, aos que hai que sumar o que nos ocupa. A comparación destes catro trazos dános unha fronteira leste bastante precisa, aínda que con diferenzas de pormenor en tal ou cal punto particular: debe terse presente que na estreita banda de transición entre os dous bloques caben solucións do tipo masc. *irmao* / fem. *irmán* e sg. *irmán* / pl. *irmás*, polo que tampouco sorprenden solucións do tipo *man* xunto a *Fontela*.

Outras parellas toponímicas cun final semellante son menos frecuentes: *Chelo* / *Chenlo*, *Quintela* / *Quintenla*, *Costela* / *Constenla* ~ *Costenla*, *Rodela* / *Rodenlas*, *Pela* / *Penla*, *Bardela* / *Bardenlos*, *Marcela* / *Marcenlos*; nalgúns casos, a extensión analóxica semella evidente: *Campelo* / *Campenlo*, *Castelo* / *Castenlo*, *Forcadela* / *Forcadenla*. A elas únense outros topónimos en que se supón unha secuencia final *-ANELLU*, *-ANELLA* ou a extensión analóxica por esta vía, aínda que só se observe un dos resultados: *Caguenla*, *Grubenla*. No Mapa nº 2 márcanse con trama gris os concellos en que se localizan estes topónimos rematados en *-enlo(s)*, *-enla(s)* e pódese comprobar que se limitan a unha área occidental que confirma a de *Fontenla*.

A grande coincidencia de base no límite leste do bloque occidental fai aínda máis sorprendentes os datos do extremo SW tudense. Podería conxecturarse que a diferenza diatópica reside en que fronte a un FONTANELLA dominante en toda a área occidental, este recanto SW parte de FONTELLA, derivado de FONTE e por iso sen a nasal que caracteriza o galego occidental nos descendentes de *-ANELL-*; mais é notorio que en portugués só se documentan formas sen nasal, do tipo *Fontela* e *Fontelo*, pois a diferenza do galego esta lingua rexeita as secuencias heterosilábicas entre a nasal e as consoantes laterais (Álvarez,

¹³ Como voz común, o ALGa recolle *fontela* espallada nun amplo territorio, sobre todo no cadrante SE, e *fontenla* só en Ramirás, confirmando a distribución espacial dada polos datos toponímicos; o significado é o de 'manancial' e refírese sobre todo ao que agurgulla no chan (datos do ALGa inéditos). No tesouro lexicográfico do ILG *fonte(n)la* está recollida non só como 'manancial pequeno e espontáneo', 'ollo da fonte' e 'illó', con localizacións que confirman o cadrante SE, senón tamén como 'fenda do queixo' e 'suco superficial na terra' na parte central da provincia de Lugo. No mesmo tesouro, *fontelo*, máis infrecuente, dá nome a un lugar abundante en auga, con varios illós, ou a un bulleiro.

1991: 529)¹⁴. Tendo en conta este dato, o mapa dialectal ten outra lectura que fai menos estraños os rexistros tudenses, pois é frecuente que os trazos tipicamente occidentais se singularicen deixando ao leste e ao sur un territorio continuo de maior afinidade entre o galego centro-oriental e o portugués, que nalgúns casos atravesa o Miño cara ao norte (cf., a modo de exemplo, os mapas de *cantade/cantai*, *ti / tu*, *irmán/irmao* ou *cando/cuando* en ALGa I e II)¹⁵.

A cartografía doutras palabras do léxico común cun nexo <nasal + lateral> dános unha ampla área occidental, máis ou menos coincidente coa descrita nos mapas anteriores, onde predominan *canle* e *quenlla~quenlle* fronte a *cal*, *cale*, *quelle*, etc. (ALGa: III 215), *manle* e *manlle~manllo* fronte a *mal(e)* e *mallo~malle* (ALGa: III 267), *rinle~rinlo~renlo* fronte a *ril* e *rile* (ALGa: V 64). No Mapa nº 3, elaborado con materiais do ALGa acrescentados con outros do arquivo dialectal do ILG, obsérvase que a nasal se mostra máis compacta no NW, ao norte do Salnés, pero nas variantes de palabras en que tamén ocupa masivamente a parte sur (coma *canle*, *quenlle*) vese que, en todo caso, quedan excluídos deste trazo o Val Miñor e o Baixo Miño (*calle*, *quelle*, etc.). Este trazo dialectal apoia a presenza de *Fontela* e non *Fontenla* no mesmo territorio¹⁶.

¹⁴ Con todo, Houaiss recolle *trenla*, onde remite para *trela*. Nese lugar dá ao substantivo o significado básico de “correia de couro, cordel ou guía metálica a que vai, ou em que fica, preso um animal, ger. cão”. Data a voz no século XV e atribúelle un étimo sen nasal, polo que só se podería explicar como un <n> secundario ligado á crase vocálica «lat. **tragella* dim. de *tragula*; ver *traz-*; f.hist. sXV *trellas*». No nomenclátor portugués só rexistramos a secuencia -nl- en *Conlelas* e *Conlela* (Bragança e Viseu, respectivamente) e -nlh- no composto, ben transparente, *Benlhevai* (Bragança).

¹⁵ Os topónimos *Fontela* e *Fontelo* son especialmente frecuentes en distritos do norte, como Viana do Castelo, Braga, Porto e Vila Real. O nomenclátor portugués non recolle formas en -enlo/-enla nin sequera no de Viana do Castelo, onde en cambio existen os topónimos *Padrenda* e *Tarendo* (-AN-ETA, -AN-ETU) e se rexistra a variante *gando* coincidente coa do galego occidental (port. e gal. centro-oriental *gado*).

¹⁶ É inevitable a comparación coa distribución espacial das terminacións -edo, -eda / -endo, -enda (coa terminación latina -ĒTU / -ĒTA), de grande rendemento toponímico, en que tamén se produciu un resultado diatópico diferente segundo evoluciona o hiato resultante da queda dun -N- intervocálico que en principio pertence ao tema. Remitimos provisoriamente ao coñecido traballo de J. M. Piel (1961) e ao mapa elaborado polo mestre alemán con datos do Nomenclátor de 1920, aínda que o Nomenclátor actual, máis rigoroso na elaboración e no rexistro das variantes toponímicas, obriga a reducir a área de presenza da consoante nasal, sobre todo na parte norte. A comparanza quere ser tamén unha chamada de atención diante de frecuentes xeneralizacións abusivas, que non toman en conta o feito de que as áreas de presenza da nasal que segue á crase dun hiato varían segundo o contexto fónico en que se producen: isto é, as áreas de *gando/gado* e -endo/-edo son similares entre si, pero diferéncianse das de -enla/-ela; na nota anterior compróbase, p. ex., a presenza de voces con -nd- no norte de Portugal, pero non con -nl-. O mesmo se pode dicir doutros contextos.

3. A documentación histórica dá resultados desconcertantes, porque en xeral non testemuña trazos de nasalidade¹⁷. Para o masc. *Fonte(n)lo* atopamos un único rexistro de *fontenello*, inserto nunha cadea onomástica nun documento en latín («munio petri de fontenello», 1258 Oseira); é, por tanto, unha relativización e non pode ser considerado indicio dun risco fónico. Antes e despois desa data, entre o primeiro terzo do século XIII e os comezos do século XVI, recolleemos invariabilmente formas sen trazo nasal en documentos de Mondoñedo, Lugo, Ferreira de Pallares, Portomarín, Oseira, Nogueira de Ramuín, Ourense, Ribeiro de Avia¹⁸, Melón, Celanova e Santiago (24 exemplos en total); ocorre isto tamén en textos escritos intencionalmente en latín, como en «de loco qui dicitur Fontaelo» (1238 Ourense; Duro: 173) ou «per domos de Fonteelo» (1239 Ourense; Duro: 179). A maior parte das localizacións anteriores atópanse na ampla área do actual *Fontelo*; chamamos, por iso, a atención sobre a mesma solución gráfica para o nome deste topónimo na comarca compostelá, onde hoxe só se rexistra *Fontenlo*¹⁹:

Item eno lugar de Felguerras, tres casares despoblados et dizen que dam pam algum por las herdades que se lauran delles. Item eno lugar de Fonteelo, huun casal poblado et dizen que mora em el huun home que ha nome Fernand da Deuesa. Item eno lugar da Deuesa, huun casal despoblado (1419 Santiago de Compostela).

As formas do feminino son máis abundantes, mais nos 46 rexistros do noso corpus para *Fonte(n)la* e variantes só vemos trazos de nasalidade en sete: *Fontanela*, *Fontãellas*, *Fontêela*, *Fonteenla*, *Fontenla* / *Fontaelas*, *Fonteela(s)*, *Fonteella*, *Fontela(s)*, *Fontella*. Para os testemuños de *Fontanela* en textos latinos de 1217 (San Pedro de Rocas) e 1159 (Toxos Outos), vale o xa dito a propósito de *Fontenello*. Nos cinco restantes, que imos considerar con algún detemento, consta o til de nasalidade ou a consoante na coda, segundo o criterio dos editores:

- a) O primeiro exemplo, de inicios do século XIV, procede de Montederramo, fóra da área en que hoxe se rexistra *-enla*: *Fontãellas* (1307

¹⁷ É xa un lugar común referirse ao descoido dalgunhas edicións no tratamento de aspectos gráficos que interesan de forma fundamental aos filólogos. Mesmo contando con iso, é rara a uniformidade na ausencia de todo trazo nasal.

¹⁸ Non fai excepción *Fontêelo* (1396), porque segundo o criterio dos editores son plicas e non tiles.

¹⁹ O documento refírese a propiedades na contorna de Compostela. Cremos que se trata do actual *Fontenlo* (Teo), pois alí concorren Folgueiras (Calo), Devesa (Cacheiras) e Fontenlo.

Montederramo), mais o til falta en todos os outros rexistros da mesma colección, desde *Fontaelas* dun texto latino de 1195 ata *Fontelas* de 1321.

- b) Os seguintes testemuños, *Fonteenla* e *Fontẽla*, atópanse en cadeas onomásticas, xa no século XV, no cerne da área actual de *-enla*. No primeiro, «Estevono Rodriguez de Fonteenla», escudeiro e morador en Baión (Vilanova de Arousa; 1422 Caldas de Reis), participa nun foro outorgado pola súa muller en Lamas (Baión), polo que con toda probabilidade apunta ao actual *A Fontenla* da mesma parroquia; no segundo, un «Pero de Fontẽla», clérigo e veciño da vila, actúa como testemuña en 1452 Pontevedra. A eles únese a mención como topónimo «jtem en *Fontẽla*» en 1480-1490 Mens (Malpica; Zapico 2005: 65), tamén na área en que hoxe se rexistra *-nla*.
- c) Por último, *Fontenla* atópase na coda dun documento referido a préstamos de parroquias que van desde Loiba (Ortigueira) á Devesa (Ribadeo), dado en 1477 en Santiago de Compostela polo arcediago de Abeancos na catedral de Lugo. No reverso engádese un texto dando conta da lectura pública na igrexa de Céltigos, estando presentes os veciños de Loiba afectados, citados polos seus nomes con indicación toponímica da contorna, entre eles *Pedro de Fontenla*. Cremos, por iso, que se trata do actual *Fontela* de Loiba, hoxe sen nasal como corresponde á área en que se atopa. Un único dato só nos permite lanzar hipóteses que haberá que comprobar ou desbotar con máis información: ou ben a nasal é mostra dunha opción lingüística que nesa altura estaba en xogo na área e logo non prosperou²⁰, ou ben é unha interferencia debida ao autor do engadido, que puido desprazarse desde Compostela como persoa autorizada a dar traslado.

Coma no caso de *Fontenlo* (Teo), pódense aducir testemuños antigos sen nasal para formas toponímicas que hoxe rematan en *-enla(s)*. Así, nun documento de Salvaterra 1301 atopamos a seguinte pasaxe:

o casal *que chaman da Fonte, que iaz na ffrijguisía de Sam Ffijz de Çeleyros*, o qual nós teemos a fforo & a rrenda do moesteyro de Santa María de Melom,

²⁰ Lémbrese o dito a propósito de *Fontán* nesa área mindoniense occidental. De por parte, noutros contextos fónicos si prosperou alí unha consoante nasal non etimolóxica: *esquencer*, *quencer*, *menciñeiro* fronte a *esquecer*, *quecer*, *meciñeiro* doutras áreas.

cada hu vay, con todas / súas pertijnças, saýnte o souto de Fonteela *que ten* Johán Estéueez a fforo (Lorenzo, Pérez, *Oia*: 1813-12).

Celeiros é parroquia de Pontearreas lindante coa de Fontenla, moi probablemente o mesmo topónimo que no inicio do século XIV se grafa sen marca de nasalidade. E o moderno *Fontenla* (Miñortos-Porto do Son), grafado como *Fontanela* nun documento en latín de 1159 de Toxos Outos, aparece sen marca de nasalidade a fins do século XIII, cando o colector do tomo orixinal resume o documento, «de hereditate de Fonteela in ual de Minortos» (Pérez, 2004: 692).

Nesta ocasión só podemos dirixir a atención dos estudosos cara a este feito, pois é evidente que necesita ser interpretado con maior rigor e abundancia de datos no contexto da evolución da nasalidade en galego e portugués. Lembremos a este propósito as palabras de Maia (1986: 323), que son especialmente ilustrativas e convidan a un estudo preciso deste problema:

Por vezes, falta qualquer sinal indicativo da nasalidade da vogal: isto ocorre sobretudo no caso de a vogal vir seguida de outra com a qual formaria um hiato [...]. Ao contrário do que acontece nos documentos portugueses, onde as formas deste tipo têm carácter esporádico [...], os textos galegos contêm um número relativamente grande de formas deste género, o que nos inclina a crer que estamos possivelmente em presença de antigos vestígios da tendência para a desnasalação que afectou o galego, distanciando-o, também neste aspecto, do português.

O número de exemplos sen til é alto de máis para atribuílo a «simples esquecemento dos copistas» (*Ib.*, nota)²¹. Semella, en efecto, que a presenza de dúas vogais en hiato —homorgánicas ou non, con ou sen plicas— fai innecesaria a presenza do grafo nasal, coma se se considerase redundante. Os datos achegados indican que hai que reconsiderar a data de inicio dos procesos de desnasalización do galego, que se debeu de dar de forma máis temperá e acelerada nuns contextos ca noutros e, por suposto, con distintas cronoloxías e ritmos nunhas variedades lingüísticas ca noutras; polo que respecta á sorte de -N- intervocálico, volvemos lembrar as palabras de Maia (1986: 573-575):

²¹ Na análise escriptolóxica do Tombo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490), Xulián Maure (2006) mostra que no contexto intervocálico de *boa(s)* e *boo(s)* a ausencia do trazo nasal é a opción máis fecuente, con diferenza sobre as outras, e que é total en palabras en que ocorre en posición medial (como *doaçom*). No mesmo lugar pódese comprobar a actuación doutros condicionantes para as distintas opcións alternativas.

O resultado máis xeral, tanto nos textos da Galiza como nos da zona de Entre-Douro-e-Minho, é o seu desaparecemento, sem deixar qualquer vestígio de nasalidade sobre a vogal anterior. Pelo menos, na maior parte dos casos, não há qualquer indício gráfico de que, no período em que se situa o presente estudo [=séculos XIII-XVI], se conservasse nasalidade sobre a vogal que precedía a referida consoante. [...] Os documentos da Galiza ofrecen aínda outro tipo de formas bastante interesantes em que a nasalidade resultante da perda de *-n* afecta as dúas vogais en hiato ou aparece transposta para a segunda vogal.

Ademais, hai que pensar que, coma en todos os procesos de cambio espontáneos, o sistema integraría variables entre ambas as opcións variantes (isto é, a posibilidade de que o falante optase entre *fontela* e *fontenla*).

4. Canto ao hiato, a escolla entre {ae, ee} mantense só nas primeiras décadas de escrita en romance, pois a partir do terceiro cuartel do século XIII imponse <ee>, que é a solución normal en todo o período considerado. Os testemuños de <ae> son moi escasos, en parte por corresponderen a unha época de poucos restos escritos, en parte por disputaren o campo con <ee>; por orde cronolóxica: *Fontaelas* nun documento en latín de 1195 Caldelas (colección de Montederramo), *Fontaelo* (3v) en 1255 Ferreira de Pallares e o xa mencionado *Fontãelas* de 1307 Montederramo. Doutra banda, son tamén escasos e bastante serodios os rexistros da redución gráfica a <e>: *Fontelas* en 1321 Montederramo; *Fontelo*, en alternancia con *Fonteelo*, en 1370 Santo Estevo de Ribas de Sil («item outra leira em Fonteelo con seu monte; item outra en Fontelo»); «Domingo de *Fontella*», veciño de Monteporreiro, en 1428 Pontevedra; e *Fontelas* en dous documentos de 1516 Ourense.

Cremos que tamén hai que darlle importancia a esta persistencia na grafía da dobre vogal, que chega ata o apagamento da escrita documental en galego, como se mostra no antropónimo «Vasco de Fonteelo» en 1519 Celanova. Cómpre reiterar que en galego a existencia dun son nasal implosivo pode relacionarse coa redución dun hiato, sen necesidade de que este se orixinase a partir da queda dunha consoante nasal, e por tanto os dous riscos comentados están conectados gráfica e fonicamente; cabe, xa que logo, conxectar que a nasalidade puidera ser un trazo fónico redundante ligado á realización dun hiato fonolóxico de calquera orixe e polo seu carácter secundario non se trasladada á escrita. Este trazo iría desaparecendo en dirección leste-oeste, antes da definitiva monotongación ou acompañando a esta. Se isto é así, a persistencia gráfica do hiato estaría tamén ao servizo da representación do trazo nasal: nuns casos <ee> equivale a [ɛ'ɛ] ou [ʼɛ], noutros a [ẽ'ẽ], [ʼẽ], ou, se callar, incluso a [ʼɛŋ].

5. A presenza masiva de descendentes masculinos de FONTANU fronte á abundancia de descendentes femininos de FONTANELLA só se explica se desde as orixes funcionaban como substantivos independentes da mesma familia. Isto vai de acordo coa percepción de que a terminación *-elo/-ela* se encontra en formas lexicalizadas que parten do latín —mesmo que sexa do latín galego—, mais non foi produtivo como diminutivo romance. Pola súa parte, FONTANELLU tanto podería ser diminutivo de FONTANU como estar igualmente lexicalizado desde as orixes; a especialización semántica que se advirte hoxe apunta ao segundo, pero faltan estudos sobre o pasado.

En conclusión, *Fontenla* / *Fontenlo* e *Fontela* / *Fontelo* deben retrotraerse a FONTANELLA / FONTANELLU —se ben a variante sen nasal tamén pode proceder de FONTELLA / FONTELLU—, todos eles substantivos latinos xerados a partir de formacións diminutivas. A solución *-enlo*, *-enla* é característica do galego occidental, en consonancia coa evolución da nasalidade nese territorio; exceptúase o extremo SW (Val Miñor, Baixo Miño), que verbo do segmento (nasal)+lateral mostra a solución concorrente coa do portugués e do galego centro-oriental. A sorprendente infrecuencia con que se documenta o trazo nasal nos textos antigos só se explica moi parcialmente coa coñecida práctica de non marcar ese trazo en moitos textos galegos; na nosa opinión, débese poñer en relación coa persistente representación do hiato, de modo que en termos históricos estritos o /ɲ/ de *Fontenla* tanto se podería explicar como remanente do -N- latino coma por asumir a nasalidade secundaria que acompañou nesa área dialectal a monotongación dun hiato oral.

Fontaíña, Fontaiño

Fontaiño tanto se pode retrotraer ao primitivo *FONTANINU coma ser diminutivo romance de *Fontao* < FONTANU ‘regato’ (ou, como suxire Machado [1977: s.v.], unha denominación alusiva a un home procedente dun lugar chamado *Fontaíña*). A escolla non é indiferente para a reconstrución da gramática diacrónica, pois nun caso tírase información sobre a evolución fonética desa secuencia (de novo os problemas co proceso das nasais), no segundo sobre o morfo do diminutivo e as súas repercusións morfofonolóxicas, e no terceiro sobre a creación de palabras e os cambios de categoría. Vista a nula implantación de *Fontá*, parece que hai que remontar *Fontaíña* a FONTANINA; en todo caso, convén lembrar que -INUS/-INA non eran morfos do diminutivo latino —a diferenza de -ELLUS/-ELLA— e que *FONTANINU e FONTANINA eran formas léxicas diferentes entre si e das anteriores. Partimos da base de que

estes topónimos forman parte da familia FONT-, sen por iso deixarmos de ter presente a posible relación ocasional con *fent-* por labialización (cfr. nota 2).


Os datos toponímicos actuais, no *Nomenclátor*, son basicamente de *Fontaiña* e *Fontaiñas*, pois o masculino só dá nome a unha localidade e as variantes con <e> só ocorren noutras dúas (Mapa nº 4)²². Destacamos a uniformidade da solución [a'i], con só dúas excepcións, porque non se corresponde coa documentación histórica; consultada a base de datos do proxecto TPG, comprobamos que a toponimia menor dá resultados máis abundantes das distintas solucións históricas (Mapa nº 5). Non é descartable que na toponimia maior se estendese a grafía <a> como representación das dúas solucións, entendendo que unha delas é a pronuncia canónica e a outra unha realización fonética alternativa²³; chamamos tamén a atención sobre o feito de que a maior parte dos testemuños do *Nomenclátor* corresponden a poboacións da Galicia occidental, onde xa era tradicional <a>.



Mapa nº 4. *Fontaiña* e variantes. Nomenclátor

²² Non temos en conta *Fontiña(s)*, formado a partir de *Fonte*, aínda que non se pode desbotar que nalgún caso puidese proceder de *Fonteiña*, con asimilación. O primeiro rexistro que coñecemos é de 1252 Ramirás, como topónimo na fregresía de Rubiás, con dúas ocorrencias nun texto en latín: «de inde per carral de Fontinas (...) unum fontem qui dicitur Fontinas».

²³ O nomenclátor portugués tamén recolle de xeito uniforme <a>, a pesar de que unha visita a través de google permite comprobar a existencia de *Fonteinha(s)* como topónimo por outras vías.



Mapa n° 5. *Fontaíña* e variantes. Toponimia menor

A maior parte dos rexistros antigos prodúcese a partir de mediados do século XIV. A primeira vista, os resultados son maioritariamente de *-eíñ-*, con distintas variantes gráficas, pois de 128 ocorrencias do noso corpus, só 21 presentan <a> (16%); ora ben, 85 dos rexistros corresponden ao nome do rexedor ourensán *Aluaro Afonso da Fonteyña*, que se repite con diversas grafías entre 1432 e 1452, polo que, salvando estes, as ocorrencias repártense por igual entre as dúas solucións básicas. É remarcable, con todo, que o nome do rexedor cambie a *Fontayña* en dous dos últimos rexistros (1448, 1449 Ourense). Á vista das ocorrencias de <a> e da súa localización obsérvanse algunhas tendencias:

- a) A forma con <a> domina na Galicia occidental, dentro da diocese compostelá (1399 A Coruña; 1422, 1433, 1438, 1503 [2r] e c1550 Pontevedra; 1427 Val do Dubra; 1437 Noia; 1488 e 1500 Sobrado dos Monxes). Non faltan, con todo, rexistros esporádicos da outra variante, como 1437 Pontevedra.
- b) No resto de Galicia, incluída a diocese tudense, domina <e>. Hai, con todo, testemuños ocasionais de <a>, que apuntan a unha progresiva instalación: nun texto temperán en latín, 1218 San Cibrao das Viñas (Duro: 75); en rexistros esporádicos a mediados do século XV (os xa citados no nome do rexedor ourensán e mais «agra de Fontaynas»,

1458 Lugo [Portela: 273]); e de forma continua nos últimos rexistros do noso corpus (1487 e 1491 Ourense, 1487 [2v] e 1498 [2v] Santo Estevo de Ribas de Sil).

O proceso diacrónico semella confirmado polos datos actuais. A variación diatópica precisa ser comprobada co levantamento de datos sobre esta secuencia noutras palabras e en maior número de fontes, pero en todo caso a información que posuímos apunta a un proceso de abalo e devalo: a partir de *fonta(n)ina* orixínase *fontaiña* e logo unha forma con asimilación na vogal pretónica (*fonteíña*), que lle disputou o territorio á solución orixinaria e en extensas áreas chega a deixala en posición minoritaria²⁴. Desde ese status de febleza, <ai> rexorde e xa a fins do período medieval está rompendo a uniformidade de <ei> no territorio ourensán. Se os datos non enganan, a toponimia actual mostra as vías desa recuperación. Unha vez máis, a ollada de preto mostra que a historia da variación lingüística é moito menos lineal do que aparenta.

Bibliografía

- ALGa I = García, C. e A. Santamarina (dir.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal* [coord. F. Fernández Rei], A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa II = García, C. e A. Santamarina (dir.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal* [coord. R. Álvarez], A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa III = García, C. e A. Santamarina (dir.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. III: Fonética* [coord. M. González González, con T. Vidal Figueroa], A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa V = García, C. e A. Santamarina (dir.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. V: O ser humano (1)* [coord. R. Álvarez, F. X. Dubert García e X. C. Sousa Fernández]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

²⁴ Documentos ourensáns en latín das primeiras décadas do século XIII confirman que na perspectiva culta se dá preferencia á base en /a/, mesmo aceptando formas toponímicas evolucionadas noutros segmentos: *Fontaina* (1218, 1253), *Fontainas* (1218) e *Fontainam* (1233), así como *Fontanina* (1252) (datos tomados de CODOLGA).

- Alonso Núñez, A. (2004): «Aproximación á sufixación diminutiva non verbal a través dun corpus textual medieval», en R. Álvarez e A. Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, pp. 9-34.
- Álvarez, R. (1991): «Comparación dos sistemas fonolóxicos do galego e do portugués», en D. Kremer (ed.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Univ. de Trèves (Trier) 1986)*. III. *Grammaire diachronique et histoire de la langue. Dialectologie et géographie linguistique. Textes non-littéraires*, Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp. 517-530.
- Álvarez, R., F. Dubert García e X. Sousa Fernández (2006): «Aplicación da análise dialectométrica aos datos do *Atlas Lingüístico Galego*», en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa, *Lingua e territorio*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 461-493.
- CODOLGA = López Pereira, E. (dir.): *Corpus documentale latinum Gallaeciae*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro [<http://corpus.cirp.es/codolga/>, consulta en feb. 2016].
- Duro Peña, Emilio (1996): *Documentos da Catedral de Ourense*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernández González, J. R. (1981): *El habla de Ancares (León)*, Oviedo: Universidad.
- Houaiss, A., M. de Salles Villar et alii (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*, Rio de Janeiro: Objetiva [versión electrónica].
- Lorenzo, R. e M^a C. Pérez González, *Colección diplomática medieval do mosteiro de Oia* (en preparación).
- Lorenzo, R. (2015): *Colección documental do mosteiro de Montederramo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Machado, J. P. (1977³): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, Lisboa: Livros Horizonte.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Marqués Valea, X. (2004): *A toponimia de Trabada*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Maure Rivas, X. (2006): *Para unha escriptoloxía do Galego. Edición e estudo escriptolóxico do Tombo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490)*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

- Moralejo Lasso, A. (1977): «*Fontán, Fontao* y otros derivados de “FONS” en la toponimia gallega», in *Toponimia gallega y leonesa*, Santiago de Compostela: Pico Sacro, pp. 85-98.
- Moralejo Lasso, A. (1977): «La toponimia gallega de FONS ‘fuente’», en *Toponimia gallega y leonesa*, Santiago de Compostela: Pico Sacro, pp. 99-136.
- Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia [edición CD-ROM / <http://www.xunta.es/nomenclator>].
- Pérez Rodríguez, F. J. (2004): *Os documentos do Tumbo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Portela Silva, M^a X. (1998): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TMILG = Varela Barreiro, F. X. (dir.): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<https://ilg.usc.es/tmilg/>, consulta en feb. 2016].
- TPG = *Toponimia de Galicia*. Recurso en rede: <http://toponimia.xunta.es/Buscador>.
- Zapico Barbeito, M. P. (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens. Edición e estudo*, Noia: Toxosoutos.

A fraseoloxía inédita do dicionario de Eladio Rodríguez

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA

ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Hai case trinta anos, en 1987, saía do prelo o *Refraneiro galego básico*, unha obra na que Xesús Ferro Ruibal reunía e presentaba, organizadas tematicamente, as máis de 11.000 paremias recollidas por Eladio Rodríguez González na versión do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* publicada por Galaxia. Algúns anos despois, a pretensión de reconstruír o longo e complexo proceso de elaboración desta obra cimeira da lexicografía galega premoderna levounos a analizar a súa versión manuscrita e permitiunos constatar as diverxencias existentes entre o texto orixinal composto polo lexicógrafo ribeirao e o que finalmente viu a luz en forma impresa entre 1958 e 1961 (cfr. Álvarez de la Granja e González Seoane, 2001). Entre as informacións contidas nas fermosas cuartillas que constitúen o manuscrito do dicionario e que se omitiron na edición da obra figuran un pequeno feixe de refráns e unhas cantas locucións e colocacións que, por razóns diversas, os editores decidiron suprimir. Ao recuperarmos agora estas informacións, inéditas ata o momento presente, pretendemos ofrecerlle a Xesús Ferro un testemuño de amizade, admiración e recoñecemento. El soubo apreciar, antes ca ninguén, a riqueza paremiolóxica que encerraban as páxinas do Eladio. Estamos seguros de que saberá tamén valorar esta modesta contribución á necesaria restauración da súa integridade.

1.1. Do manuscrito á versión impresa do dicionario

Como é sabido, tras diversas tentativas de publicación ao longo dos anos 20 e 30 do século pasado, que seguramente non prosperaron por mor das dimensións da obra, o dicionario galego-castelán de Eladio Rodríguez quedou inédito á morte do seu autor en 1949. Arredor de dez anos máis tarde, entre 1958 e 1961, a editorial Galaxia publicou finalmente a obra, nunha edición en tres volumes que tomou como base o manuscrito de preto de 15.000 cuartillas depositado, xunto con outros materiais complementarios do dicionario, na Fundación Penzol.

Son varios os indicios que suxiren que o manuscrito que o autor deixou á súa morte, e que foi utilizado por Galaxia para a publicación do dicionario, estaba en realidade formado por dous fragmentos de dúas versións diferentes e sucesivas da obra, que responden a dúas concepcións así mesmo distintas. Nesta dirección apuntan, por exemplo, as profundas diferenzas que se poden apreciar doadamente se se comparan as primeiras e as últimas letras do manuscrito, e que afectan, tanto á extensión e ao volume das entradas (moito menores a partir da letra H) como ás fontes, literarias e non literarias, empregadas para a redacción dos artigos (abonde con indicar neste sentido que o 90% das citas de autoridade contidas no dicionario corresponden ao fragmento A-E). Tomando como base estes e outros indicios, consideramos que a segunda metade do manuscrito, moito máis breve que a primeira, pobre en información enciclopédica e apenas autorizada, formaba parte dunha versión do dicionario que Eladio decidiu reescribir, ampliar e autorizar, posiblemente a partir dos anos finais da década de 1930. Con todo, o noso autor só chegaría a culminar este proceso de reelaboración nas primeiras letras do dicionario.

Cando algún tempo despois da morte do autor, o seu fillo Julio Rodríguez Yordi confiou o manuscrito á editorial Galaxia, os seus responsables iniciaron de contado as xestións para a súa publicación. Ao que parece, a iniciativa non atopou en Galicia quen puidese ou quixese asumir os custos da edición, e finalmente o proxecto saíu adiante mercé ao apoio económico da Galicia emigrante, e nomeadamente da Casa de Galicia de Caracas. Como é ben sabido, os editores non se limitaron a transcribir a obra orixinal, senón que interviñeron nela para introducir diversas correccións, fundamentalmente co fin de modernizar e acomodar a ortografía ás convencións que rexían na editorial (eliminación de apóstrofes, modificación do sistema de acentuación gráfica, supresión dos guións de enlace etc.) e de reducir a extensión do texto. De maneira xeral, pódese dicir que as intervencións deste último tipo estaban encamiñadas a eliminar do dicionario lemas e acepcións non diferenciais con respecto ao español, e de xeito especial palabras cultas ou pertencentes á linguaxe científico-técnica, e tamén informacións enciclopédicas non especificamente galegas. Por regra xeral, a intervención dos editores, en particular a consistente na supresión de elementos, quedou rexistrada no manuscrito en forma de riscaduras.

Por outra banda, polo que se refire á intensidade e regularidade da intervención, cómpre advertir que a actuación dos editores dista moito de ser regular e sistemática. Existen diferenzas ostensibles de letra a letra que non sempre resulta doado xustificar. En calquera caso, e como tendencia xeral, si se pode

dicir que a intervención é moito máis intensa nas primeiras letras do dicionario, coincidindo coa parte do manuscrito que, conforme dicíamos pouco máis arriba, don Eladio tivo tempo de reescribir e ampliar. Capítulo á parte merece a letra X, na que as versións manuscrita e impresa presentan tal grao de discordancia que é posible afirmar con absoluta certeza que neste punto, e por razóns que ignoramos, os editores non empregaron o texto do lexicógrafo ribeirao. De feito, esta letra non presenta no manuscrito, a diferenza do que acontece con todas as demais letras, ningunha marca nin riscadura. Polo demais, a versión impresa inclúe nela referencias a sucesos acaecidos despois da morte de don Eladio.

1.2. Criterios de selección das expresións

Nas páxinas que seguen ofrecemos unha listaxe das expresións (nomeadamente locucións, fórmulas e refráns) que Eladio Rodríguez incluíu no seu manuscrito baixo as etiquetas «Locs., frs. y mods.», «Rfrs.» ou, menos frecuentemente, «Frs.», «Loc. adv.» e «Mod. adv.», e que non pasaron á edición de Galaxia. Así e todo, debe terse en conta que esta relación non é o resultado dun confronto exhaustivo entre as versións manuscrita e impresa do dicionario, senón simplemente un inventario das expresións de cuxa eliminación quedou constancia explícita a través das riscaduras que realizaron os editores de Galaxia. A única excepción constitúea a letra X, un caso singular, segundo acabamos de ver, para o que si realizamos un expurgo sistemático do texto orixinal.

Baixo as etiquetas indicadas no parágrafo precedente encontramos expresións de moi diferente tipo: unidades fraseolóxicas (locucións como *pechal-os beizos*, fórmulas como *¡bato á Dios!* e, por suposto, refráns como *Unha auga de Abril e duas de Maio valen máis que os bois i-o carro*), colocacións (*arriar un bote*), combinacións frecuentes sen carácter fraseolóxico (*apartar de sí*) ou mesmo algunha unidade monolexical (*¡acabouse!*). A maior parte destas expresións figuran baixo a entrada dalgúns dos seus compoñentes, pero encontramos tamén unhas poucas locucións que constitúen entrada propia (vid, por exemplo, *a granel*).

Excluímos do noso traballo as expresións, normalmente compostos sintagmáticos e colocacións, que o lexicógrafo situou, sen epígrafe introdutora, despois da última acepción do lema e antes das locucións, frases e modismos, cando estes existen. A modo de exemplo, na entrada *arco* Eladio Rodríguez introduciu e definiu os compostos sintagmáticos *arco de ferradura*, *arco gótico*, *arco mourisco*, *arco oxival*, *arco trunfal* e *arco voltaico* e na entrada *absolver* as

colocacións *absolver con cautela* e *absolver de Prior*, todas elas suprimidas na edición de Galaxia. Nótese que estes sublemas van frecuentemente acompañados de extensos comentarios de carácter extralingüístico que, por razóns de espazo, fan inviable a súa inclusión neste traballo. Excluímos tamén as expresións suprimidas na edición de Galaxia que teñen carácter meramente remisivo, así como aquelas outras que simplemente foron desprazadas polos editores a outro lugar da obra: así, por exemplo, a expresión *tomballós* (*andar ôs*) figura con entrada propia no manuscrito de Eladio Rodríguez, entrada que foi eliminada ao se publicar a obra. No entanto, a combinación, co lema *andar ôs tomballós*, foi situada polos editores baixo a entrada *tomballón*.

1.3. Criterios de presentación das expresións

O noso obxectivo é reproducir fielmente as expresións que figuran no manuscrito de Eladio Rodríguez. Por tal motivo, mantemos as solucións gráficas do lexicógrafo (*En Xaneiro, sete lobos pol-o carreiro*, *Estar á grande altura*), así como as súas propostas de lematización.

Cada expresión aparece normalmente encabezada por unha palabra clave en negriña que coincide co lema baixo o cal Eladio Rodríguez situou a combinación no seu manuscrito. As distintas palabras clave ordénanse alfabeticamente entre si. Cando figuran introducidas por un asterisco, debe interpretarse que as correspondentes entradas foron suprimidas na súa totalidade na edición de Galaxia. Así, nun caso como o seguinte, debemos entender que o artigo lexicográfico encabezado por *abecé* non existe na obra publicada¹:

***abecé**

Estar no abecé, estar en las primeras letras del abecedarios, o en los principios de algún arte o ciencia.

Non saber-o abecé, no saber leer, ignorar muchas cosas por falta de ilustración, no entender de cosa alguna.

Nas poucas ocasións en que o autor outorgou entrada propia e independente ás expresións, estas funcionan como elemento ordenador, coa mesma le-

¹ Esta é a entrada completa que foi eliminada: **Abecé** s.m. Abecé, nombre vulgar del alfabeto —Abecé, principios o rudimentos de algún arte, ciencia o facultad. Var. ABC. Locs., fras. y mods.: *Estar no abecé*, estar en las primeras letras del abecedario, o en los principios de algún arte o ciencia —*Non saber-o abecé*, no saber leer, ignorar muchas cosas por falta de ilustración, no entender de cosa alguna.

matización proposta por Eladio Rodríguez. Nestes casos, utilizamos tamén asterisco cando a entrada foi eliminada na edición de Galaxia.

***da capo**

mod. adv. ital. que se emplea en música para denotar que debe volver a principiarse aquel pasaxe que hay que repetir.

Contrariamente, se a palabra clave (ou a expresión ordenadora) non figura precedida de asterisco, debemos entender que a entrada se mantivo na obra publicada, pero que a combinación ou as combinacións ofrecidas por nós foron suprimidas.

As diferentes expresións situadas baixo cada palabra clave preséntanse na mesma orde, normalmente alfabética, en que figuran no manuscrito. Aínda que Eladio Rodríguez dispuxo as locucións nun mesmo parágrafo, separadas por trazo longo, nós introducimos un salto de liña despois de cada unha delas para facilitar a lectura. Por outro lado, prescindimos en xeral das diferentes etiquetas clasificatorias empregadas por Eladio Rodríguez: unicamente mantemos a indicación «Rfrs.» e aquelas indicacións categoriais inseridas na propia definición e que, por tal motivo, non poden ser suprimidas (vid. supra a definición de *da capo*).

Algunhas das expresións listadas nesta recadádiva van acompañadas de marcas cuxo sentido aclaramos a continuación. Empregamos corchetes ([]) nos casos en que os editores de Galaxia mantiveron a expresión, pero suprimiron unha parte da súa definición. Os corchetes encerran o fragmento da subentrada que se conservou na obra publicada. Así, en

[*¡Acabouse!*, úsase para poner término a una conversación o discusión que comienza a ser violenta; y equivale a: *deixemos eso*]. También se emplea cuando entre un vendedor y un comprador se regatea en el precio de una cosa sin llegar a un acuerdo, hasta que uno desiste de seguir porfiando, caso en el cual suele decir: *non hai nada do dito*.

debemos entender que na edición de Galaxia figura o texto situado entre corchetes, pero que se suprimiu a aclaración posterior relativa ao emprego da expresión no ámbito da compravenda.

O símbolo ‘aproximadamente igual a’ (≈) indica que a expresión suprimida polos editores aparece recollida no manuscrito e na publicación de Galaxia baixo outra entrada diferente, ben sexa con outra definición, ben sexa con outra lematización. Só introducimos a etiqueta cando entendemos que as

expresións das dúas entradas son en realidade as mesmas, pero que foron definidas e/ou lematizadas de distinto xeito por Eladio Rodríguez. Vexamos un exemplo en que se dan as dúas circunstancias ao tempo: no manuscrito e na edición de *Galaxia*, baixo a entrada *cabeza*, encontramos a expresión *abrirlle a un a cabeza* definida como ‘descalabrarlo, herirlo en ella’; por outra banda, a expresión *abrirlle a cabeza á un*, definida como ‘descalabrársela, darle en ella un fuerte golpe produciéndole herida grave’ figura no manuscrito baixo a entrada *abrir* e foi suprimida polos editores. Por tal motivo, reproducímla na nosa listaxe, pero introducida por ≈, dando conta así da presenza dunha subentrada moi similar baixo outra entrada do dicionario editado por *Galaxia*².

≈*Abrirlle a cabeza á un*, descabrársela, darle en ella un fuerte golpe produciéndole herida grave.

Non empregamos a citada marca cando o que encontramos noutra entrada da obra publicada é unha expresión coincidente ou próxima na forma, pero cun significado claramente distinto.

Por outro lado, algunhas das unidades etiquetadas como refráns por Eladio Rodríguez van precedidas do símbolo igual (=), que dá conta da presenza da mesma paremia noutra entrada do dicionario. Só empregamos o citado símbolo cando a expresión coincide exactamente en ambas as entradas, prescindindo de diferenzas de puntuación ou de carácter gráfico. A este último respecto, debe terse en conta que, como xa indicamos, os editores de *Galaxia* modificaron a ortografía do manuscrito, o que nos leva a considerar coincidentes, por exemplo, a paremia suprimida *¿Por qué non te casas, Xan? As que me dan non-as quero, i-as que quero non mas dan*, que figura no manuscrito de Eladio Rodríguez baixo a entrada *Xan*, e a expresión *¿Por qué non te casas Xan? As que me dan nonas quero, e as que quero non mas dan*, que pode atoparse naquel e na publicación de *Galaxia* baixo *casarse*. No caso de que a variación teña maior entidade non se introducirá marca de ningún tipo (cf. por exemplo, *Obreiro en Xaneiro, pan che comerá, e obra non che fará*, que encontramos en *Galaxia* baixo *obreiro* e *En Xaneiro, o obreiro pan che comerá, e obra non che fará*, que pode atoparse baixo *Xaneiro* no manuscrito, pero non na obra publicada; esta última variante figura na listaxe sen marca introdutoria por ter unha estrutura lixeiramente diferente da anterior).

² Non encontramos ningún caso de expresións suprimidas que se repetisen noutra entrada de *Galaxia* con exactamente a mesma definición.

Do afirmado ata agora debe extraerse que as expresións que non aparecen introducidas por «=» ou «≈» son as que realmente supoñen un enriquecemento do repertorio fraseolóxico ata agora coñecido do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, dado que aquelas que portan algunha desas marcas son expresións xa recollidas noutras entradas da obra.

2. A recadádiva

A

abandonado, da

Barco abandonado, el que anda sin tripulación y a merced de las olas; el dejado por inútil e inservible.

Preito abandonado, pleito del que se ha desistido o al cual no se apersona el demandante.

***abecé**

Estar no abecé, estar en las primeras letras del abecedario, o en los principios de algún arte o ciencia.

Non sabel-o abecé, no saber leer, ignorar muchas cosas por falta de ilustración, no entender de cosa alguna.

aberración

Aberración da Natureza, fenómenos naturales que se nos presentan en formas incomprensibles.

abrir

Abrir á un coma un porco, amenaza que se dirige a una persona a la que se guarda rencor. Es frase que sólo usan las personas de malos instintos.

Abrir brecha, derribar algún trozo de muro de alguna plaza fortificada, de algún castillo, etc.

Abrir camiño, facilitar el tránsito de una a otra parte; encontrar, sugerir, dar a entender o proporcionar el medio de salir de una dificultad o de mejorar de fortuna.

Abrir de par en par, franquear, según el Dic. de la R. A. G.

Abrir e pechar os ollos, momento breve y rapidísimo.

≈ *Abrirlle a cabeza á un*, descalabrársela, darle en ella un fuerte golpe produciéndole herida grave.

Abrir en canal, rajar a uno de arriba abajo.

Abrir moito os ollos, asombrarse, admirarse uno de algo que le pasma; estar muy atento y con grande interés a lo que otro explica.

≈ *Abrir o corazón*, confiar los más íntimos secretos a alguno.

Abrir o fogo, romper el fuego, empezar a andar a tiros.

≈ *Abrir o ollo*, lo mismo que *Abrir os ollos*.

≈ *Abrir os ollos*, tener en cuenta el desengaño recibido y no exponerse a sufrirlo nuevamente; advertir el error en que se estaba y enmendarlo; vivir sobre aviso y estar prevenido y con cuidado.

≈ *Abrir os ollos á un*, instruirle o enterarle de alguna cosa que ignoraba; ponerle sobre aviso.

Abrir trincheira, empezar a construir una trinchera.

Abrir un camiño, comenzar a construirse una carretera u otra vía para el tránsito público.

Abrir un defunto, abrir un cadáver para hacerle la autopsia.

Abrir unha conta, empezar a llevar una cuenta en el libro. V. *Conta corrente* en *CONTA*.

Abrir unha igrexa, empezar a decirse en ella la misa y a celebrarse los demás actos religiosos, después de haberla construido y consagrado.

Abrir un porco, abrir en canal un cerdo, extraerle las tripas, intestinos y demás vísceras.

≈ *Abrir os ollos*, dicese del que se enmienda en sus yerros, y del que prevé las consecuencias de sus juicios favorables o contrarios, y obra entonces con la convicción del resultado que puede tener.

N'un abrir e pechar de ollos, instantáneamente, en un momento.

abrirse

≈ *Abrírselle á un a boca*, bostezar, abrir involuntariamente la boca. Cuando a una persona se le abre la boca con frecuencia, suele decirsele que *é fame*, *ou sono*, *ou ruindá do dono*.

Abrirse o corazón, compadecerse de alguno.

abstracto

En abstracto, con separación o exclusión del sujeto en quien se halla cualquier calidad.

acabar

Acabar con unha cousa, destruirla.

Acabar de mala maneira, dicese del que muere abandonado en una cárcel o en un hospital, o víctima de una enfermedad adquirida en crápulas o vicios muy arraigados.

Acabar de padecer, vulgarmente, morir.

Acabarlle coa pacencia á un, dicese de la persona molesta, impertinente y sumamente fastidiosa.

Acabar mal, acabar desastrosamente.

Acabar un consigo, arruinarse a sí propio; hacer una vida depravada y suicida.

¡Acaba xa!, suele decirse al que se hace pesado en la conversación, y al que con insistencia repite algo que molesta o disgusta.

acabarse

Acabárselle a corda, dicese de la persona que en un momento inoportuno interrumpe o suspende una relación que estaba en lo más interesante.

≈ *Acabárselle a pacencia á un*, enfadarse, impacientarse, estar intranquilo, tomar una resolución extrema.

Acabárselle á un as forzas, fatigarse demasiado, ir perdiendo los ánimos, deprimirse física o moralmente.

[*¡Acabouse!*, úsase para poner término a una conversación o discusión que comienza a ser violenta; y equivale a: *deixemos eso*]. También se emplea cuando entre un vendedor y un comprador se regatea en el precio de una cosa sin llegar a un acuerdo, hasta que uno desiste de seguir porfiando, caso en el cual suele decir: *non hai nada do dito*.

Acabouse o que se daba, terminarse una venta de ocasión cuyos géneros resultaban casi regalados; acabarse o consumirse en un convite las viandas y las golosinas cuando aun faltaban algunos de los invitados.

***acceso**

De acceso difícil, dicese de lo que ofrece dificultades para acercarse.

De fácil acceso, aquello a que se puede llegar fácilmente; persona que se deja tratar con facilidad.

acción

Boa acción, la bien ejecutada y especialmente la merecedora de elogios.

Home de acción, el hombre emprendedor, dispuesto, atrevido.

Mala acción, el hecho censurable o reprochable.

acramación

Por *acramación*, por unánime consentimiento, por voz común.

acto

Acto continuo, de seguida, inmediatamente, sin dilación.

Acto de posesión, el ejercicio o uso de ella.

No acto, en el acto, en el momento, ahora mismo, sin esperar.

acurtar

Acurtal-as distancias, aproximarse, disminuir el trecho que media entre dos o más personas.

Acurtar palabras, abreviarlas.

aforcar

Aforcal-os hábitos, dícese del estudiante que seguía una carrera y la abandona para emprender otra o no emprender ninguna. Dícese también del que se aparta de un instituto, de una carrera o de una profesión a que pertenecía.

agora

Agora ou nunca, expresa el instante preciso en que debe hacerse una cosa, y denota que pasado el momento ya no podrá hacerse.

Agora sí, explica que al pronunciarse es el tiempo o momento oportuno de hacer o decir alguna cosa, y no antes.

***á granel**

loc. adv. castellana que figura en el Dic. de la R.A.G. En gallego no se usa. V. *á rebabar*, en REBABAR³.

agulla

≈ *Entendel-a agulla de marear*, saber comportarse; comprender uno sus intereses; salir airoso de cualquiera

situación embarazosa; procurar vivir a bien con todos.

¡ai!

¡*Ai de min!*, ¡pobre de mí, desgraciado de mí!

aire

Darse aire, enfatuarse, engreírse, envanecerse con ridícula presunción.

≈ *Facer castelos no aire*, soñar con grandezas, llenarse de vanas esperanzas sin fundamento alguno.

aires

Bebel-os aires por unha cousa, desvivirse por conseguirla, desearla con avidez y con ansia.

Bebel-os aires por unha muller, amarla con frenesí, estar perdidamente enamorado de ella.

¡ala!

≈ ¡*Alá vai!*, expresa que una cosa se rompió, se estropeó o se *escachó*⁴.

***alcornoque**

Rfrs. *Ô alcornoque, non hai pau que lle toque*.

alfa

Alfa y omega, principio y fin.

aliviar

Aliviar a pena, disminuirla.

Aliviar o loito, substituír por outras de color gris o castaño las ropas negras exteriores que se visten por la muerte de algún pariente.

alma

Alma de secano, dícese de la persona de corazón duro y de instintos ruines para los demás.

≈ *É de aquela alma*, dícese de lo que es excelente.

³ Ten entrada baixo *granel* (*a*) con esta definición: 'Hablando de cosas menudas', como trigo, centeno, maíz, etc., sin orden, número ni medida, en montón y en abundancia'.

⁴ Como se pode observar, a expresión figura lematizada erroneamente baixo *¡ala!*

Nobreza de alma, aplícase a la persona caballerosa y de nobles sentimientos.

Non-o sabe alma nacida, no lo sabe persona alguna, no lo sabe nadie.

Ter a alma n' un tris, temer algún contra-tiempo, alguna desgracia.

alteza

Alteza de miras, desprendimiento generoso en favor de una persona, de una familia o de una obra patriótica o benéfica.

alto, ta

Facer alto, detener la marcha; pararse en algún punto para descansar.

altura

Estar â altura das circunstancias, obrar con acierto y oportunidad.

Estar â altura da situación, tener las cualidades necesarias para afrontar las exigencias de la situación.

Estar â altura dos tempos, irse con los adelantos del tiempo.

Estar á grande altura, sobresalir en un arte o profesión.

allo

Descobril-o allo, descubrir algún embrollo.

amigo, ga

Tan amigos como antes, denota que no hay razón para que dos o más amigos se enojen por cosas fútiles o sin importancia.

Ter cara de poucos amigos, ser muy serio, tener la mirada dura.

amor

O primeiro amor, el experimentado por vez primera, que si es correspondido constituye uno de los recuerdos más dulces de la vida.

ancas

De boas ancas, dícese en tono festivo de la mujer muy ancha de caderas.

áncora

Ser a áncora de salvación, ser el protector de uno.

andadas

Volver âs andadas, reincidir en algún vicio o mala costumbre que ya parecía estar corregida.

andar

≈ *Anda pol-as nubes*, dícese de un artículo de consumo que ha encarecido mucho, que llegó a un precio extraordinariamente elevado.

≈ *Andar á corpo*, no llevar abrigo alguno sobre el vestido, especialmente en el invierno; ir sin otras prendas exteriores que el pantalón, el chaleco y la chaqueta.

Andar á puñaladas, reñir a puñaladas, darse de puñaladas.

≈ *Andar â quinta pregunta*, estar escaso de haberes y recursos, no tener un céntimo.

Andar á tiros, acometerse mutuamente de este modo, disparar sus armas de fuego unas personas contra otras o una sola contra otra o varias.

≈ *Andar buscando tres pès ô gato*, úsase para advertir a uno que no provoque la ira o el enojo de otro. También se dice cuando alguno solicita o busca su propio mal.

Andar co mes, dícese de las mujeres cuando están con la menstruación.

Andar con ollo, con cuidado, con precaución.

≈ *Andar con pès de promo*, con mucho tino y con mucho cuidado.

≈ *Andar co tempo*, acomodarse a él y a las circunstancias.

Andar cheo de sono, estar trasnochado, estar falto de sueño.

Andar de boca en boca, ser divulgada y comentada por todos una noticia;

ser una persona o cosa objeto de murmuración.

Andar de capa caída, desfalcado de hacienda, caudal, salud o comodidades.

≈ *Andar de gambernia*, hacer vida holgazana, libre y vagabunda.

≈ *Andar de morros*, estar mohino y enojado, de hocicos, amorrado.

Andar do ventre, tener ataques de diarrea.

≈ *Andar en boca de todos*, ser conocida y comentada públicamente alguna noticia; estar una persona sometida a la murmuración y a las hablillas de otras.

Andar en mala disposición, lo mismo que *andar mala*.

Andar en malos pasos, obrar o proceder mal, andar en trapicheos ilícitos o inmorales. Dícese también del amancebado.

Andar en muletas, marchar o caminar valiéndose de ellas.

Andar nas puntas dos pés, de puntillas, con las puntas de los pies y levantando los talones.

≈ *Andar ô retorteiro*, al estricote, sin sosiego, de aquí para allí; tener a veces que hacer una cosa contra la propia voluntad.

Andar orredor, lo mismo que *Andar arredor*.

Andar ôs mòques, zurrarse o golpearse mutuamente dos o más personas.

Andar sen sombra, cariacontecido, turbado y descontento.

Andar sufocado, sofocarse.

ánimo

Cobrar ánimo, esforzarse, alentarse.

Coller ánimo, animarse, sentirse decidido para alguna empresa.

Esparexel-o ánimo, esparcirlo, distraerse, recrearse, divertirse.

Grandeza de ánimo, magnanimidad.

Perdel-o ánimo, flaquear, perder la esperanza.

Ter ánimo, tener valor, resignación o resistencia; resolverse a emprender alguna cosa.

Tomar ánimo, adquirir alientos y fuerzas, no amilanarse.

ano

Cumprir anos, llegar uno al día que corresponde al de su nacimiento.

No ano da Nanita, lo que se supone ocurrido en lejanísima fecha.

O ano pasado, el inmediato anterior al actual.

O ano que vén, el próximo inmediato, el que sigue al presente.

O peso dos anos, la vejez.

Os anos non pasan en balde, denota que el transcurso de los años produce los naturales efectos después de cierta edad en el aspecto físico y en el organismo humano.

Perder ano, no ser aprobado el estudiante en los exámenes de fin de curso.

Rfrs. *Ano novo, vida nova. De corenta anos pr'arriba, non te móllel-a barriga. No ano de viño, merca e garda viño. Non digas mal do ano antes que seña pasado. O ano da serra non-o traía Dios â terra. O ano hortelán, moita palla e pouco gran. Tras dos anos veñen os desenganos. Val máis ano tardeiro que valeiro.*

ansias

Ansias de gomitir, contracciones involuntarias y convulsivas de los músculos abdominales que se hacen para vomitar.

ante

Ante min, fórmula empleada por los notarios y escribanos al dar fe.

Ante todo, antes de nada, primeramente, principalmente.

antemán

De antemán, de antemano, con anticipación.

apagar

Apaga e ímonos, indica que una cosa toca a su fin o que alguien acaba de soltar una majadería o despropósito.

aparencia

Salval-as aparencias, observar las formas o conveniencias sociales.

apartar

Apartal-a vista o *Apartal-os ollos*, mirar para otro lado, no querer fijar la vista en un objeto o punto determinado.

Apartar de sí, alejar de sí, rechazar, repudiar.

apelación

Non haber o *Non ter apelación*, no haber remedio en alguna dificultad.

apestar

Fede que apesta, dicese de lo que produce un hedor muy grande.

apetito

Abril-o apetito, excitar la gana de comer, estimularla por medio de condimentos o medicinas.

apurar

Apural-a pacencia á un, agotársela con el empleo de palabrería vana y de frases que molestan y exasperan.

armado, da

Armado hastra os dentes, armado de toda clase de armas, y de todos los elementos de prueba.

Armado de punta en branco, armado de pies a cabeza.

armar

Armal-a baioneta, armar la bayoneta, asegurarla en la boca del fusil.

Armar zancadillas, emplear medios ilícitos para perjudicar a uno o a varios.

armas

Coas armas na man, armado y dispuesto para pelear o hacer la guerra.

Collel-as armas, armarse para la defensa o el ataque ante algún peligro.

Pasar pol-as armas, fusilar.

Presental-as armas, hacer la tropa los honores militares a las personas a quienes por la ordenanza corresponde.

Tomal-as armas, armarse para practicar ejercicios tácticos, hacer honores, etc.

Velal-as armas, hacer centinela por la noche cerca de ellas, sin perderlas de vista, el que había de ser armado caballero.

aro

≈ *Entrar pol-o aro*, hacer uno alguna cosa vencido por el arte o magia de quien a ello le obliga.

Facer entrar o *Meter á un pol-o aro*, reducirlo con arte o maña a que haga lo que se pretende y a que él se resistía.

arriar

Arrial-a bandeira, rendirse un buque de guerra al enemigo.

Arriar un bote, bajar hasta el agua uno de los que se hallaban colgados de los pescantes.

arriba

≈ *Patas arriba*, al traste.

arrincar

Arrincal-a espada, tirar de ella, desenvainarla, empuñarla para arremeter.

arte

Non ser arte nin parte, no tener obligación ni interés alguno en un negocio.

≈ *Non ter arte nin parte*, no mezclarse ni intervenir en el asunto de que se trata.

Por arte de birlibirloque, de un modo misterioso e inexplicable.

Primor de arte, obra maestra.

***asalación**

N'unha asalación, rápida, pronta y ligeramente, sin la menor demora.

Suele usarse con algunos tiempos de los verbos *andar*, *facen*, *ir*, *vir*, etc.

asentar

Asentar praza, inscribirse como soldado voluntario.

atado, da

≈ *Atado de pès e mans*, sin libertad de acción.

≈ *Ter atádal-as maus*, no poder intervenir ni desenvolverse libremente en alguna cuestión.

atallo

Un atallo de bribós. Un escritor gallego emplea esta locución, que es traducción literal de la castellana «Un atajo de bribones», y que nada tiene de gallega. En nuestra lengua vernácula, la equivalencia propia de ese castellanismo innecesario es *un fato de galopís*, que está muy en uso. V. en FATO.

atar

Atar cabos, reunir antecedentes para averiguar algo o deducir consecuencias. Resumir, puntualizar los conceptos vertidos en un discurso. Combinar ideas, unir cosas.

Rfrs. = *Atar os cás con longanizas*⁵.

atardecer

Ô *atardecer*, al atardecer, a la caída de la tarde, a última hora de la tarde.

atravesarse

Atravesárselle á un unha persoa, aborrecerla.

auga

Ê *como auga de borras*, expresa el desencanto que se experimenta por no dar una cosa el resultado que se esperaba o que uno se había propuesto.

Máis craro, auga, da a entender que una cosa es tan patente que sólo el agua puede superarla en claridad.

Rfrs. *A auga de Xaneiro, hastr' a sega tèn tempero*. *A auga de Xaneiro todo o ano tèn tempero*. *A auga fai á un limpo*. *Algo terá a auga cando a bendicen*. *Auga, auga, que se queima a casa*. *Da auga mansa libreme Dios, que da brava librámonos nós*. *Unha auga de Abril e duas de Maio valen máis que os bois i-o carro*.

augas

Facer augas maiores, defecar.

Facer augas menores, orinar.

≈ *Nadar entre dúas augas*, contemporizar con dos opiniones opuestas o con dos organizaciones de fines distintos.

ausencia

Facer boas ausencias, elogiar a uno cuando no está presente.

Facer malas ausencias, vituperar, hablar o decir mal de una persona que no está delante.

***autos**

Estar en autos, estar enterado de alguna cosa.

Poñer á un en autos, exponerle los antecedentes de una cuestión.

avante

Ir avante, conseguirse, efectuarse, realizarse, progresar, continuar haciendo una cosa sin reparar en los obstáculos.

Sacar avante unha cousa, llevarla a feliz término.

ave

Ser ave de paso, aplícase a la persona que se detiene muy poco en una población o en el ejercicio de un empleo.

⁵ Vid. infra s.v. *can*, onde a expresión aparece tratada como locución.

Ser unha ave fría, se dice de la persona de poco espíritu y viveza; de la que está como encerrada en su casa y sale poco a la calle, o que sólo puede verse de noche.

aviso

Estar sobre aviso, estar prevenido y con cautela o cuidado.

axuda

Coa axuda de Dios, Dios mediante, con la protección de Dios.

axudar

Axudar á misa, servir y responder al sacerdote en el santo sacrificio de la misa.

≈ *Diol-o axude*, Dios lo ayude, dícese al pobre a quien no se le da la limosna que pide.

axustar

Axustal-a conta, denota que una cosa o una partida liquidó o completó la cuenta.

Axustarlle á un as contas, llamarle a capítulo, reprenderle por alguna acción que merece ser corregida.

azougue

Parecer o Ser un azougue, dícese de la persona sumamente inquieta, y particularmente de los niños.

Ter o azougue no corpo, dícese del chiquillo que bulle, que está inquieto y sin sosiego, que no para un instante, como si tuviese el hormiguillo.

B

baba

Cairlle a baba á un, sentir y demostrar excesivo gusto o complacencia por alguna cosa agradable.

badana

Zurral-a badana, dar una paliza.

Zurrarlle a badana á un, pegarle, maltratarlo de obra, darle una zurra.

baile

Dar un baile, reunir una familia en su casa a sus amistades, para danzar y divertirse.

baixa

Dar de baixa, excluir a uno de la dependencia o cuerpo en que prestaba sus servicios.

Darse de baixa, dejar de pertenecer a una corporación, sociedad, etc.; cesar en la industria o profesión a que venía dedicándose.

bala

Coma unha bala, pondera la presteza o velocidad con que una persona o cosa va de una parte a otra.

É *un bala perdida*, dícese comúnmente del joven ligero de cascos o de juicio y cuya conducta deja bastante que desear.

balesta

Armal-a balesta, disponerla para tirar.

bandeira

Á *bandeiras despregadas*, abiertamente y sin el menor disimulo.

bando

Facer bando aparte, separarse de aquellos con quienes se ha vivido o estado acorde.

***bañado, da**

Bañado en sangue, ensangrentado, mal herido.

Bañado en suor, sudando copiosamente.

***bañarse**

Bañarse en auga de rosas, sentir vivo placer por alguna cosa. Alegrarse del mal de otro.

barato

Cobral-o barato, predominar una persona imponiéndose a otras.

barreira

Rfrs. *Onde hai barreira, logo se fai lameira*.

barrer

Rfrs. *Us por outros, e a casa sin barrer.*

barriga

≈*Sacal-a barriga de mal ano, comer opíparamente, matar el hambre.*

Rfrs. *De corenta pr'arriba, non móllel-a barriga.*

batalla

Presentar batalla, ponerse un ejército delante del enemigo provocándolo a batalla.

bater

Bater o cobre, dícese de las duras fatigas que se pasan para lograr algo que se desea y que se juzga difícil.

¡*Bato á cribas!*, expresión de enojo, de cólera o de contrariedad.

¡*Bato á Dios!* ¡*Juro a Dios!*, exclamación que se pronuncia en un arranque de ira; especie de juramento o execración (Abonada por el Dic. de la R.A.G.).

baterse

Baterse en retirada, retroceder peleando.

***beabá**

Non saber o beabá, lo mismo que *non saber o abecé*.

beber

Bebel-os aires o *Bebel-os ventos por unha cousa*, desearla con ansia y hacer con diligencia cuanto es posible para conseguirla.

Beber â saúde de algún, brindar, beber en un banquete o fiesta a la salud o prosperidad de alguno.

Rfrs. *Beber sin comer, é andar sin ver.*

becerro

Cantar coma un becerro, cantar desagradablemente y con voz bronca.

Ter voz de becerro, tener la voz áspera y desagradable.

becho

Rfrs. *Becho que non come, morre.*

beizos

[*Lambel-os beizos*, relamerse, lamer los labios con la lengua para saborear mejor la substancia de algún agradable manjar que quedó pegado a ellos]. Lo dice el Dic. de la R.A.G., pero es acción sólo propia de ineducados.

Morderse os beizos, manifestar con ese gesto un sentimiento de rabia o de contrariedad.

Non desapegal-os beizos, no descoser o no despegar los labios, callar o no contestar.

Pechal-os beizos, no hablar ni una palabra.

bès

Rfrs. *Bès, cantos vexas; e casa, canta queipas.*

Os bès do sancristán, cantando se veñen e cantando se van.

bicho

É *un bicho raro*, aplícase a la persona ridícula, que tiene rarezas y extravagancias.

Mal bicho, dícese del hombre mal inclinado o de perversa intención.

C**cabalaría**

Meterse en cabalarías, meterse uno en empresas superiores a sus fuerzas.

Meterse en libros de cabalarías, meterse en lo que uno no entiende o no le importa.

cabalo

Rfrs. *Á cabalo bravo, carreira longa. O cabalo, grande; que ande ou que non ande.*

cabeceira

Â *cabeceira*, dícese de lo que está a la cabecera del lecho, como la mesa de noche, o cualquier otro objeto colocado detrás del testero de la cama.

Â *cabeceira de un enfermo*, haciendo compañía a un enfermo, asistiéndole

continuamente para todo lo que necesite.

caber

Non caber o corazón no peito, estar muy contento y alegre.

Non caber un en sí, estar lleno de gozo, de satisfacción. Tener mucha soberbia o vanidad.

cabeza

Encasquetarse o sombreiro na cabeza, cubrirse, permanecer cubierto irrespetuosamente.

Escarmentar en cabeza allea, tener presente el suceso ajeno funesto o trágico para evitar la misma adversidad.

Mala cabeza, desarreglado, calavera, de poco juicio.

Metérselle á un na cabeza algunha cousa, figurársela con poco o ningún fundamento, y obstinarse en considerarla cierta o probable.

Pasarlle unha cousa á un pol-a cabeza, antojársela, imaginarla.

Perdel-a cabeza, atolondrarse, perder la memoria.

Poñer á precio a cabeza de alguén, prometer una suma a quien lo capture o lo mate.

Poñerse na cabeza algunha cousa, ofrecerse a la imaginación sin antecedente ni motivo.

Por cabeza, individualmente, por cada individuo.

≈ *Quitar da cabeza*, disuadir a uno de algún empeño. En sentido vulgar también significa inventar o idear una obra de ingenio o de imaginación y llevarla a término.

Romperlle á un a cabeza, descalabrarlo o herirlo en ella.

Romperse un a cabeza, cansarse o fatigarse mucho con el estudio o investigación de alguna cosa.

Sacar un da sua cabeza algunha cousa, inventarla o fingirla.

≈ *Saír coas maus na cabeza*, salir mal en alguna empresa en que uno se metió.

≈ *Sen pès nen cabeza*, disparatadamente.

Sentar un a cabeza, hacerse juicioso el que era desordenado y turbulento.

Sobirse á cabeza, ocasionar aturdimiento o mareo los vapores del vino u otra bebida alcohólica.

Ter a cabeza á paxaros, no tener juicio, estar distraído.

Ter na cabeza algunha cousa, tenerla presente con todo cuidado.

Tocado da cabeza, dicese del que empieza a perder el juicio.

Traer na cabeza, andar estudiando algún proyecto, llevarlo en la imaginación para darle forma y realidad.

Virlle á un á cabeza algunha cousa, ocurrírsele alguna idea.

cabezada

Dar cabezadas, inclinar, torcer y volver a enderezar repetidas veces la cabeza el que dormita o se deja vencer del sueño.

cabo

≈ *Dar cabo de un*, quitarle a uno la vida.

cabos

≈ *Átalle cabos*, indica la dificultad de dar sentido a alguna cosa que se lee o se oye decir.

Atar cabos, reunir antecedentes o datos para averiguar algo o deducir una consecuencia; puntualizar las cosas con toda claridad; resumir los conceptos de un discurso.

caca

Facer caca, defecar el niño, y por ext., las personas mayores.

cachete

De cachete, de repente, de golpe.

Poñerlle á un os cachetes á cara, ponerle los puños a la cara.

cadavre

Parece un cadavre, dicese de la persona enferma, sumamente flaca y debilitada.

cadea

Botal-a cadea, echar la cadena para cerrar un puerto, un puente, etc.

cagarse

≈ *Cagarse de medo*, denota el mucho miedo o temor de que se halle poseída una persona.

Caín

≈ *Pasal-as de Caín*, dicese de la persona que pasa por graves apuros o se ve en situaciones muy comprometidas, quizá por referencia al personaje bíblico Caín, hijo primogénito de Adán y Eva, que por envidia mató a su hermano Abel y anduvo después errante y fugitivo.

caír

≈ *Caír a alma ôs pes*, descorazonarse ante un suceso desgraciado e imprevisto.

Caír a cara de vergoña, quedar uno avergonzado y corrido.

Caír a folla, despojarse los árboles de sus hojas.

Caír chuzos, llover mucho y gotas muy gruesas.

Caír da burra, darse cuenta, convencerse de algo que no se alcanzaba a comprender.

Caír das nubes, suceder providencialmente o de una manera impensada.

≈ *Caír de pè com'os gatos*, salir bien y felizmente de un asunto que presentaba muy mal cariz.

Caír do burro, lo mismo que *caír da burra*.

≈ [*Caír do seu estado*], descender de su estado, [venir a menos].

≈ *Caír en desuso*, pasar de época, estar fuera de uso.

≈ *Caír en disgracia*, perder el favor o la protección de alguno.

≈ *Caír en gracia*, agradar, hacerse simpático.

Caír en saco roto, desaprovechar un consejo o advertencia.

Caír en tentación, no tener fuerza de voluntad suficiente para resistir una tentación o sobreponerse a ella.

Caír no ridículo, hacer el ridículo.

Caír o maná, venir de guagua.

Caír o pelo, encalvecer.

Caír os anelos, empléase comúnmente precedida de negación: *Non lle caen os anelos*, refiriéndose al que parece desdorar, rebajarse o decaer de su posición social si se dedica a menesteres humildes o impropios de la categoría o del rango que él cree tener.

Caír pr' atrás, caer de espaldas.

caírse

Caírse a cara de vergonza, experimentar turbación del ánimo con encendimiento del rostro, por algo que se juzga bochornoso para la propia dignidad o el pudor.

Caírse de risa, reírse a mandíbula batiente, desternillarse de risa.

Caírselle a baba á un, babearse, mostrarse excesivamente encantado y orgulloso de una cosa propia o de algo que le pertenece.

Caírse un redondo, quedarse tendido en el suelo por algún desmayo u otro accidente.

Non ter onde caírse morto, estar en la mayor pobreza, carecer absolutamente de todo para vivir.

cal

Unha de cal e outra de area, expresa que alguien dice o hace cosas distintas o contrarias, alternativamente, para contemporizar.

calada

Dal-a calada por resposta, dejar intencionalmente de contestar.

calar

Calar coma na misa, sin hablar.

Rfrs. *Calemos, que ben nos entendemos. O que cala, consinte. Quen calar non pode, falar non sabe.*

caldo

Facerlle á un o caldo gordo, darle o proporcionarle los medios que para alguna cosa le faltaban, o en que principalmente estaba el conseguirla.

Rfrs. *Cando falta o pan, ben boa é a carne*⁶.

***calendas**

Prás calendas gregas, nunca, jamás, porque los griegos no tenían calendas.

calor

≈ *Afogarse de calor*, estar uno muy fatigado o sofocado por el calor excesivo.

Con calor, con vehemencia, con entusiasmo, animadamente.

Dar calor, fomentar, avivar, animar, ayudar a otro para acelerar alguna cosa.

Entrar en calor, comenzar a animarse; adquirir vehementes deseos de terminar alguna cosa que se ha empezado.

calquera

Ser un calquera, ser una persona vulgar, poco importante o de poco más o menos.

calzar

Calzal-as esporas, calzar las espuelas, ceremonial con que en las antiguas órdenes de Caballería se armaba algún caballero poniéndole las espuelas.

cama

Facer cama redonda, acostarse varias personas en una misma cama.

≈ *Saltar da cama*, lanzarse de ella ligera y aceleradamente.

Volver pr'a cama, recaer en una enfermedad.

Rfrs. *A cama garda a fama.*

camiño

Abrir camiño, facilitar el tránsito de una parte a otra; proporcionar o indicar a una persona el medio de salir de alguna dificultad.

Abrirse camiño, prosperar, conseguir uno su mejoramiento por medio del trabajo, del estudio, etc.

Atravesar no camiño de algún, estorbarle sus planes o proyectos.

Botar cada un pol-o seu camiño, estar discordes dos o más personas en sus dictámenes.

Estar en bo camiño, obrar y proceder bien en todos los casos.

Ir camiño da morte, se dice de todos desde que nacemos.

Ir camiño da ruína, malgastar la hacienda propia sin provecho alguno.

Ir camiño de un lugar, dirigirse a él.

Ir camiño do ceo, dícese entre los católicos de las personas buenas, compasivas y virtuosas, a las que juzgan merecedoras de alcanzar la gloria eterna.

≈ *Levar mal camiño*, dedicarse a vicios y malas costumbres; estropearse una cosa.

Traer á un ô bo camiño, sacarlo del error en que estaba, o apartarlo de la mala vida a que venía dedicándose.

camisa

Dar hastr'a camisa, ser uno muy caritativo y en extremo dadivoso.

Deixar á un en camisa o sin camisa, arruinarlo, quitarle cuanto tenía.

En camisa, con sola la camisa puesta y con calzado cuando más.

⁶ Obsérvese que o refrán non contén a voz *caldo*, malia situarse baixo este lema.

En faldra de camisa, sin más que la camisa desde la cintura para abajo.

En mangas de camisa, con el pantalón y la camisa y también con el chaleco.

Estar sin camisa, ser muy pobre, vivir en la mayor indigencia.

Meterse en camisa de once varas, meterse uno donde no lo llaman, mezclarse en asuntos que nada le importan, emprender negocios o trabajos superiores a sus facultades o fuerzas.

≈ *Non chegarlle á un a camisa ô corpo*, estar muy asustado por algún riesgo que le amenaza.

Quedar sin camisa, perder cuanto tenía para poder vivir.

Vender hastr'a camisa, deshacerse de todo lo que tiene sin reservarse cosa alguna.

Volvel-a camisa, variar de opinión.

Xogar un hastr'a camisa, jugar cuanto uno tiene; tener desordenada afición al juego.

campana

Botal-as campanas á voo, echarlas a vuelo, dar publicidad jubilosa a un asunto que se cree satisfactorio y beneficioso.

Ouvir campanas e non saber onde, tener noticias vagas, indefinidas y confusas de las cosas.

campo

Á *campo aberto*, dícese de los antiguos duelos o desafíos que se verificaban en terreno sin valla hasta rendir el vencedor al vencido, no bastando que éste cediese el campo, como en los duelos dentro de palenque cerrado.

≈ *Deixal-o campo libre*, retirarse de alguna petición o empeño en que hay otros competidores; dejar en libertad a otro para algún fin.

Levantál-o campo, abandonar un ejército el campo que ocupaba.

Partil-o campo, en los antiguos retos y desafíos, señalar a los combatientes terreno igual para que peleasen sin ventaja de uno sobre otro.

can

Á *outro can co'ese òso*, expresión con que se repele al que artificioosamente propone una cosa denigrante que puede mancillar a otro.

Atar os cás con longanizas, dar grandes beneficios sin esfuerzos, trabajos ni sacrificios.

¿*Coidas que aquí atan os cás con longaniza?*, suele decirse al que cree que la tierra en que se halla es la tierra de promisión donde cae el maná.

Levarse como cás e gatos, dícese de los que están en constante disidencia, riñendo sin cesar e increpándose mutuamente.

Non quedou can nin gato; por no quedar nadie.

Non quedou can nin gato que non-o soupe, significa que lo supieron todos.

Pasar vida de can, vivir con grandes trabajos y privaciones.

Rfrs. *Ô can bótalle un òso, se o queres amansar logo. Oubéeme o can e non me morda.*

candado

Poñerlle un candado â boca, callar, cuando se está con otros que hablan o discuten; guardar un secreto.

cantar

Cantarllas craras á un, cantárselas claras, decirle con franqueza la verdad, aun en aquello que pueda molestarle.

Cantar misa, decir la primera misa un sacerdote.

Cantar vitoria, vanagloriarse, proclamar el triunfo cuando se está a punto de conseguirlo.

Rfrs. *Quen canta os seus males espanta.*

cántaro

Á *cántaros*, en abundancia, a torrentes, con mucha fuerza. Úsase precedida de los verbos *caír* y *chover*.

canto

Darse c' un canto no peito, darse uno por contento cuando lo que le ocurre es más favorable y menos adverso de lo que podía esperarse.

O *canto do cisne*, dícese de la última obra de un poeta o de un músico, terminada pocos días antes de la muerte. Los antiguos creían que el cisne entonaba antes de morir un canto muy melodioso.

capa

Andar de capa caída, padecer uno gran decadencia en su bienes, fortuna o salud. Úsase también precedida de los verbos *estar*, *ir* y otros.

Defender á capa i-espada, defender a todo trance y con gran empeño a una persona o cosa.

Facer capa, proteger, encubrir a uno.

≈ *Facer un da súa capa un saio*, hacer lo que quiere con toda libertad en lo que a él solo pertenece o atañe.

capela

Estar en capela, dícese del reo que está en la capilla de la prisión desde que se le notifica la sentencia de muerte hasta que se le ejecuta. También expresa que uno está esperando un inminente suceso próximo que puede serle adverso.

capítulo

Chamar á un á capítulo, hacerlo comparecer para reprenderle o reconvenirle.

cara

Á *cara descuberta*, a vista de todos, sin recelo ni temor, con la conciencia tranquila.

Á *cara ou cruz*, a cara o cruz, especie de

juego cuya decisión se deja al azar, echando al aire una moneda y ganando el que acierta el lado que queda visible al caer la moneda al suelo.

Botar na cara á un algunha cousa, decirle sus defectos; recordarle algún beneficio o favor que se le ha hecho.

Botarse un â cara algunha persoa o cousa, encontrarse o topar con ella de improviso.

Cáirselle á un a cara de vergonza, padecer sumo rubor por haber incurrido en alguna nota.

Cara á cara, frente a frente y en presencia de alguno; manifiesta y descubiertamente.

Cruzarlle a cara á un, cruzársela, herirle en el rostro, darle una bofetada.

Dar coa porta na cara, despedir a uno con enojo, sin dejarle entrar, darle con la puerta en las narices, como se dice vulgarmente.

≈ *Dar un a cara*, responder personalmente de algún hecho o dicho que se supuso molesto.

Dar un a cara por outro, salir a su defensa, abonarlo, responder por él.

Estar mirando á un â cara, poner gran cuidado y esmero en complacerle y darle gusto a la más leve insinuación.

Na cara de un, en su misma presencia, sin miramiento alguno.

Na cara se lle conoce, dícese de aquel cuyo semblante revela a simple vista su estado de ánimo y aun sus condiciones físicas o morales.

Non mirarlle â cara á un, tener enojo o enfado con él.

≈ *Sacar un a cara por outro*, lo mismo que *Quital-a cara por un*.

Sáirlle á un â cara algunha cousa, conocersele en el semblante las señales de alguna cosa; tener que sentir por haber hecho o dicho algo.

Tén cara de non, dícese de la persona de gesto áspero y duro que parece que no está conforme con nada.

Tén cara de poucos amigos, aplícase al displicente y ceñudo, que es al mismo tiempo de semblante huraño y arisco.

Tén cara de vinagre, dícese de la persona malhumorada, agria y poco tratable.

Ter cara de desenterrado, de aspecto cadavérico.

Ter cara de pau, tener poca vergüenza.

Verse as caras, avistarse una o más personas con otra u otras, para dilucidar divergencias o discrepancias, para reconvenirse vivamente o para mostrar enojo o resentimiento.

Viral-a cara, torcer a uno la cara, no mirar para él, pasar sin saludarle.

Volvel-a cara ô enemigo, rehacerse los que van huyendo, y pelear con los que los perseguían.

carabina

A carabina de Ambrosio, dícese de una cosa que no sirve para nada.

careta

Quitarlle á un a careta, desenmascararlo, poner al descubierto sus mañas.

carga

≈ *Á paso de carga*, a toda prisa.

Botar unha carga á outro, procurar que otro desempeñe la parte más pesada y molesta de la obligación propia.

Tercial-a carga, repartirla en tercios o porciones de igual o parecido peso.

Volver â carga, insistir en un empeño o tema; renovar una cuestión; hacer nuevas tentativas; reiterar los argumentos, las instancias, etc.

carne

≈ *Poñerse carne de galiña*, sentir una repentina impresión de terror ante un suceso espeluznante.

caro, ra

≈ *Pódelle custar caro*, dícese de algo que alguno realizó o trata de llevar a cabo y que puede traerle malas consecuencias o acarrearle serios disgustos.

carreira

Aforcal-a carreira, ahorcar la carrera, dejar los estudios después de comenzados.

Darlle carreira á un, costearle los estudios hasta ponerle en estado de ejercer alguna facultad, arte u oficio.

carrelo

[*Ô carrelo*], al aire libre, al descubierto: [*traía o pelexo ô carrelo*]⁷.

carreteiro

Xura coma un carreteiro, dícese del que blasfema o prorrumpe en maldiciones.

***carretilla**

De carretilla, por costumbre, sin reflexión ni reparo.

Saber de carretilla unha cousa, decir corrientemente de memoria lo que se ha estudiado o leído, pero sin darse mucha cuenta del alcance de lo que se estudió o leyó.

carrillo

Comer á dous carrillos, tener dos empleos lucrativos al mismo tiempo; sacar utilidad de dos personas o parcialidades que tienen intereses encontrados, complaciendo o sirviendo a la vez a una y otra.

⁷ En Galaxia, sv. *carrelo*: *Ô carrelo*, a cuestas: *traía o pelexo ô carrelo*. No manuscrito, a definición ('Al aire libre, al descubierto') aparece riscada e corrixida por outra man para 'a cuestas').

carro

Merece tirar de un carro, dicese del hombre muy torpe, pesado e inepto.

Rfrs. *Carro derradeiro, ou moi cargado, ou moi valeiro*.

carta

Certifical-a carta, ponerle los sellos correspondientes y llenar los demás requisitos establecidos para seguridad de que llega a su destino, pues en caso de extravío la oficina de correos donde se certificó está obligada a pagar cierta indemnización.

Darlle carta branca á un, deshacerse o desligarse de él, despedirlo.

Franqueal-as cartas, ponerles en el sobre los sellos correspondientes y depositarlas en el correo.

Non saber á qué carta quedarse, estar indeciso.

Ser un home á carta cabal, ser muy cumplido, muy honorable.

Tomar cartas n'un asunto, intervenir directamente en él para encauzarlo.

Xogar á cartas vistas, obrar a ciencia cierta y de manera clara en asuntos embrollados o de resultado dudoso.

[*Xogar a*] *última carta*, o [*derradeira carta*, hacer un último y supremo esfuerzo para lograr alguna cosa.]

carto

Dar un carto ô pregoeiro, divulgar o hacer pública una cosa que debía callarse.

Non dárselle un carto á un, no importarle nada una cosa.

cartucho

Queimar o derradeiro cartucho, quemar el último cartucho, agotar todos los medios de defensa, y por extensión, apelar al último recurso en casos apurados. Dicese especialmente de los medios económicos cuando éstos se acaban.

cas

Rfrs. [*En cas do ferreiro, coitelo de pau*], En casa del herrero, cuchillo de palo.

casa

Botal-a casa pol-a ventana, gastar con esplendidez en un convite o con cualquier otro motivo.

Casa por casa, recorriendo varias casas.

Franquear á un a casa, darle permiso para que venga a ella y entre siempre que guste.

Gardal-a casa, vigilarla, tener cuidado de que no entren en ella personas ajenas o sospechosas.

Gobernal-a casa, administrarla bien, tenerla en buen orden.

Mudar de casa, irse a vivir a otra.

Na propia casa, en el propio domicilio, en donde suele morar.

Poñer casa, tomar casa el que antes no la tenía, haciéndose cabeza de familia.

Poñerlle a casa á un, amueblársela para que pueda habitarla.

Rfrs. *Á casa de túa tía, non vaías cada día*.
Casa sin fume nin labarada, é coma corpo sin alma.

casaca

Viral-a casaca, mudar de opinión, cambiar de criterio.

casarse

Non casarse con ninguén, no fundar ciegamente la opinión o la conducta propias en las de los demás.

cascos

Lixeiro de cascos, informal, de escaso juicio.

Quentarse un os cascos, fatigarse mucho en trabajos intelectuales.

caso

En caso de que, si sucediese tal o cual cosa.

En tal caso, en parecido caso; entonces.

En todo caso, sea lo que fuere, como quiera que sea.

Estar no caso de alguén, estar en las mismas circunstancias; disponer de los mismos medios.

Facer caso de un, estimarlo, apreciarlo, considerarlo.

≈ *Facer ô caso unha cousa*, venir al propósito de lo que se trata.

***catalán, na**

Rfrs. *Os catalás, das pedras fan pás, o sacan reás*.

***comandita**

En comandita, en sociedad comanditaria.

***contraluz**

Á *contraluz*, fuera de la dirección o reflexión de los rayos de la luz, para ver con otro efecto un cuadro, una tela, etc.

cura

Alongal-a cura, alargar la cura; prolongar sin necesidad la resolución de un negocio.

Non tèn cura, dícese del que tiene un defecto muy arraigado.

Poñerse en cura, empezar a emplear medios curativos contra alguna dolencia o enfermedad.

Ter cura, ser susceptible de curación, tener remedio, poderse curar.

Rfrs. *Pior é a cura que a enfermédá*.

D

***da capo**

mod. adv. ital. que se emplea en música para denotar que debe volver a principiarse aquel pasaje que hay que repetir.

***desfilada**

Â *desfilada*, a la desfilada, de uno en uno.

F

facer

Facer á dúas rúas, dar una casa a dos calles distintas.

Facer alcaldadas, dícese del Alcalde que comete injusticias.

Facer alto, detenerse en una marcha, descansar en un trabajo.

≈ *Facer andar á un ô retorteiro*, hacerlo andar de un lado para otro, traerlo de coronilla, a mal traer.

Facer aposta, apostar.

Facer aspaventos, mostrarse hipócritamente sorprendido, hacer demostraciones excesivas de espanto y gazmoñería.

≈ *Facer mal estómago*, dícese de algo que repugna a la higiene moral.

G

golpe

Á *golpes*, a porrazos, con intermitencias.

Á *golpe seguro*, a tiro hecho, sobre seguro.

Caír de golpe, caer de una vez e inesperadamente una cosa.

Descargar golpes, dar golpes repetidos en uno, maltratarlo.

De un golpe, de una sola vez o en una sola acción.

Errar o golpe, frustrarse el efecto de una acción premeditada.

Parar o golpe, evitar el contratiempo o fracaso que amenazaban.

L

lío

Armarse un lío, formarse un embrollo, enredarse o complicarse un asunto.

Facerse un lío, aturrullarse uno.

Ter un lío, tener relaciones ilícitas; verse en una situación difícil.

M

medida

Â *medida*, A la medida, con exactitud, justamente, conforme se desea.

meter

Meter en cintura, estrechar a uno; hacerlo venir a la razón.

P**pensado**

Caso pensado, el premeditado o consultado antes de su ejecución.

De pensado, de intento, con previa meditación y estudio.

T**traxe**

Rfrs. *Un bo traxe encobre ruín liñaxe.*

V***¿va que...?**

≈interj. que significa propiamente: vaya, *¿á que...?* y se usa para incitar a otro a ejecutar una acción que se cree no hará, o de la que no se le conceptúa capaz: p.ej. *¿va que non vès?; ¿va que non te estreves?*

X**Xan**

Rfrs. =As contas de Xan son como as fan. Eu son Xan de bo barato; tanto me tèn tres como catro. =O que paga á Xan e debe á Andrés, tèn que pagar outra ves. =¿Por qué non te casas, Xan? As que me dan non-as quero, i-as que quero non mas dan. =¿Por qué non te casas Xan? Porque vai moi caro o pan. Xan que non vén, é que algunha trampa tèn.

***xandoca dos montes**

Conejo, en el argot de nuestros canteros.

Xaneiro

Rfrs. Bo Xaneiro, mal Febreiro. Cando as polas cantan en Xaneiro, sinal de fame en todo o eido. Cando chega Xaneiro xa podes meter obreiro. =Cantos días pasen de xaneiro, tantos allos perde o alleiro. Da frol de Xaneiro, ningún encheu o celeiro. De Xaneiro á Xaneiro, o diñeiro é pr'o banqueiro. De Xaneiro á Xaneiro, volve ô banqueiro o diñeiro. En Xaneiro, a berza vale carneiro. En Xaneiro, a berza

vella sabe a carneiro. En Xaneiro, a raia val tanto como carneiro. En Xaneiro, arrechégate ô trasfugueiro. En Xaneiro, as froles non enchen celeiro. En Xaneiro e Febreiro, pòn a vella as súas madeixas ô fumeiro; e en Marzo lévaas ô prado. En Xaneiro, mete obreiro, antes na sebe que na parede; e non pol-o pouco día, senón pol-a pedra que está fría. En Xaneiro mira o teu celeiro; e se cheo o toparas, come o mesmo que antes. En Xaneiro, nin can lebreiro, nin falcón perdigueiro. En Xaneiro non hai galgo lebreiro, nin boi carretero. En Xaneiro, o obreiro pan che comerá, e obra non che fará. En Xaneiro, pon o teu alleiro. En Xaneiro, sete capelos e un sombreiro. En Xaneiro, sete lobos pol-o carreiro. En Xaneiro, sete lobos pra un carneiro. En Xaneiro, sete mantas e un capelo. En Xaneiro súbete ô outeiro; se ves verdexar, ponte a chorar; se ves terrexar ponte a cantar. En Xaneiro tira o cepo de ond'a ti, e pono diante do compañeiro. En Xaneiro, un pouco ô sol, e outro pouco o [sic] fumeiro. En Xaneiro vaite ô leiro; se o ves verdegar, bótate á chorar, e se o ves pardexar, ponte á beilar. En Xaneiro xíanse as berzas no pucheiro. En Xaneiro xíase a vella deitada no leito, ou posta no trasfugueiro. Moita chuvia en Xaneiro, tolle a anada do ano inteiro. Nas mañás de Xaneiro non se dan os bos días, nin se quita o sombreiro. No mes de Xaneiro, cástate, compañeiro, e dalle volta ô galiñeiro. No mes de Xaneiro, mira qué polos teño no meu poleiro. No mes de Xaneiro, o sol entra en cada regueiro. No mes de Xaneiro ponte no outeiro; se ves os campos verdexar, débete laiar; se os ves mourear, pódeste alegrar. No mes de Xaneiro, sete lobos detrás de un carneiro. No mes de Xaneiro, vellos ô carreiro; no mes de Marzo, en cada ponta catro, e no mes de Abril, vellos máis de

mil. =No mingunte de Xaneiro corta o teu madeiro. O mes de Xaneiro é a chave do ano enteiro. O sol de Xaneiro sempre anda detrás do outeiro. Poda en Xaneiro, e vindimarás no sombreiro. Se no mes de Xaneiro o teu campo terrexo, ô que así non o teña daraslle envexa. Se non chove en Xaneiro, non hai bo prado nin hai bo lameiro. Sol de Xaneiro, o porco ô lameiro. Tantos días de Xaneiro, tantos allos no alleiro. Tantos días tèn Xaneiro, e tantos tamén o alleiro. Trebós en Xaneiro, non fan ben ô prado nin ô lameiro. Xaneiro, añeiro; Febreiro, cabriteiro. Xaneiro chegado, sementa os teus allos. Xaneiro deixa as ovellas sin sebo; Febreiro as esculca; e Marzo tèn a culpa. Xaneiro é cabaleiro, se non é ventoleiro. Xaneiro e Febreiro enchen de xiada o cabaceiro. Xaneiro fai o pecado, e Mayo é o culpado. Xaneiro, frío e xiadeiro. Xaneiro, frío ou temperado, que te colla ben arroupado. Xaneiro mollado, bo pr'o tempo e menos bo pr'o gado. Xaneiro mollado, se non é bo pr'o pan, tampouco é bo pr'o gado. Xaneiro quente trai o demo no ventre. Xaneiro, xiadeiro. Xaneiro xiadeiro, cada suco seu regueiro. Xaneiro fiadeiro, Febreiro verdeiro, Marzo pardo, Abril chuvioso, e Maio ventoso, sacan o ano baril e fermoso. Xaneiro xiado, Febreiro trastrocado [sic], Marzo airoso e Abril chuvioso, fan á Maio frorido e fermoso.

xantar

Rfrs. Á quen lle has dar o xantar, non-o privas de almorzar. =Bo pagar fai bo xantar, e non moito rogar. Dispois de xantar, convén un soniño botar. Meu home, ¿qué queredes agora? Quero xantar, miña dona. O que â conta allea xanta, tarde ou nunca se farta. O que

âs doce está na praza, ou non tèn qué xantar ou non tèn casa. O que xanta à conta allea, aforra âs veces a merenda i-a cea. O xantar sin viño, é como o caldo sin carne ou sin touciño. Quen na casa allea xanta, non sempre se farta. Xanta ben, e pouco cearás. Xantar tarde e cear cedo, sacan a merenda do medio.

xastre

Rfrs. Cada xastre gaba as suas agullas. Como o xastre das Baíñas, que cosía de balde e poñía as liñas. De xastre á xastre non se cobran as feitura. Na casa do rico que fai mala vida, puntada larga e acabar axiña: na casa do probe que dá do que tèn, puntada ben feita e asegurar ben. Non é mal xastre o que conoce o pano. Ollo de xastre, e compás de carpinteiro. O xastre das Baíñas, cose de balde e máis pòn as liñas. Ô xastre probe, agulla que non se domee nin se tronche. O xastre que algo non furta non é rico pol-a agulla. Sete xastres fan un home, catorce fan un testigo; e fan falta vintecatros para firmar un recibo. Xastre de aldea ou de encrucillada, leva as liñas da sua casa.

xaula

Rfrs. Casa feita, e a sepultura aberta⁸. Coa xaula feita, e o paxariño morto.

***xeiteniño**

Despacito, muy poco a poco. Úsase máis generalmente en las locuciones á xeiteniño [...] y ô xeiteniño.

xeito

Rfrs. Honra e proveito non caben n'un xeito. Non é xeito deixar de andar ô dereito. Non tèn xeito, ter moita vida e vivir tolleito. Non fai bo xeito andar traballando sin sacar proveito. O xeito senta ô peito.

⁸ Nótase que a expresión non contén a voz *xaula*, a pesar de recollerse baixo este lema.

xenio

Dá xenio, dícese de lo que agrada y embelesa en grado sumo.

Dá xenio falar co'él, cautiva y seduce hablar con él.

Rfrs. Xenio e figura hastra a sepultura.

xenro

Rfrs. Amistá de xenro é como sol de inverno.

=Amor de xenro, bogada sin cinza.

Cariño de xenro, sol de inverno. O meu xenro, mans de araña; cando come suda, e cando traballa regaña. Ô traballo, xenro, que vèn o inverno. Ou malo ou bon, eu xenro son. Ô xenro e ô bacoriño, abonda amosrarlle unha vez o camiño. Saco de xenro, nunca se ve cheo.

xente

Rfrs. A xente fai a guerra. A xente falando enténdese. A xente nunca é menos que cando coida que é máis. A xente pòn, e Dios dispòn. Con xente que non conozas, non gastes moita baralla. Non hai pior xente que os homes e as mulleres. Xente cativa, logo se amiga. Xente de montaña, xente de maña. ¡Xente de paz!, e andaba a furtar. Xente honrada non é reparada. Xente moza e leña verde, todo é fume. Xente nova non é caudal. Xente nova toda é boba. Xente quer xente. Xente ruín non precisa de chocallo.

xerra

Rfrs. Xerra por onde un bebe, tamén pode outro beber.

xerro

Rfrs. O xerro novo, bebe primeiro que o dono.

Xerro sin viño é como pan sin touciño.

xiada

Rfrs. Xiada barbuda, pouco dura. Xiada na lama, auga agarda. Xiada na lama, auga na cama. Xiada na lama, faille â chuvia a cama. Xiada no bulleiro, que non pase de Febreiro. Xiadas de Xaneiro, neves de Febreiro, marzadas de Marzo, chuvias de

Abril e aires de Maio, sacan fermoso o ano.

xiadeiro

Rfrs. Xiadeiro, quer ser Nadal e Xaneiro.

xiar

Rfrs. Cando moito xía, ¡calquera asubía!

Quen de noite sai pra ver xiar, pódese teso quedar. Que xie, que xie, que non faltará quen a xiada guíe.

xis (botar un)

≈Examinar detenidamente una cosa, para saber si sirve o no para lo que se desea.

¡xo!

Rfrs. Fuches por ¡xo!, e viñeches por ¡jarre!

Fuches por ¡jarre!, e viñeches por ¡xo!

xogar

Rfrs. Ben xoga aquel que mira como outros perden. Ben xoga o que mira como outros xogan. Ben xoga o que non perde. Ben xoga o que non xoga. Cando xoga o prior ôs naipes, ¿qué farán os frades? Quen xoga con ferro, xoga co demo. Xogar e perder, calquera o sabe facer.

xogo

Rfrs. Bo é o xogo cando é barato e pouco. Co xogo forzado non val nada a maña. En xogo ou en veras, co teu señor non partas peras. Sempre será bo xogo cando non perdas moito. Xogo de máns, xogo de viláns.

xordo, da

Rfrs. Chamar ô que se fai o xordo, é dar berros ô lobo. Non hai pior xordo que o que non quer ouvir.

xornada

Rfrs. A xornada do mar non se pode tasar. Ô cabo da xornada, non ter nada.

xuicio

Rfrs. Xuicio contrafeito, do torto faise dereito.

xurar

Rfrs. =Precura non xurar, anque xures a verdá.

xusticia

Rfrs. *Cada un quer xusticia, mais non pr'a sua casa senón pr'a veciña. Xusticia, e non pol-a miña casa. Xusticias e ladrós, todos son bós.*

xusto

Rfrs. *Xusto é o mal que vén se o busca o que o tèn. Xusto lle vén a quen dos seus tèn.*

Bibliografía

- Álvarez de la Granja, M. e E. González Seoane (2001): «A elaboración do Dicionario Enciclopédico Gallego-Castellano», en Departamento de Filoloxía Galega (org.), *Eladio Rodríguez González: Día das Letras Galegas 2001*, Santiago de Compostela: Universidade, pp. 25-212.
- Ferro Ruibal, X. (1987): *Refraneiro galego básico*, Vigo: Galaxia.
- Rodríguez González, E (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols, Vigo: Galaxia (dispoñible en Antón Santamarina (coord.), *Diccionario de diccionarios*, <http://sli.uvigo.es/DdD/>).

Os nomes galegos no século XXI

ANA BOULLÓN

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Os nomes propiamente galegos foron incrementándose de maneira progresiva desde as mudanzas lexislativas e sociais que ocorreron en Galicia no último cuartel do séc. XX. O propósito deste traballo é describir este proceso, prestándolle atención tanto ós datos cuantitativos coma á análise do tipo de nomes que se habilitaron. Penso que se trata dun tema ben acaído para a homenaxe a Xesús Ferro, con quen comecei no estudo da antroponimia ó formar parte do equipo que elaborou o dicionario dos nomes na década de 1990. Volvemos agora coincidir en angueiras toponímicas, seguimos ás voltas cos nomes do país!

1. Que significa “nome galego”?

Quizais sexa pertinente explicitar a que lle chamo nome galego, porque é corrente a opinión de que só é galego aquel que ten unha fasquía distintiva con respecto ós idiomas que nos circundan (isto é, *Xoán, Brais, Carme* ou *Mariña* con respecto ós casteláns *Juan, Blas, Carmen* ou *Marina*). Pero hai que considerar que en tódalas linguas os nomes persoais constitúen un elenco de formas que se foi conformando a través dos séculos con achegas moi diversas, e nunca de xeito exclusivo a partir da lingua propia. Vese claramente ó examinármola configuración do noso corpus antroponímico actual, que se foi xestando a partir da Idade Media. Xa no seu primeiro período, a Alta Idade Media, quedaban moi poucos nomes da sociedade prerromana da Gallaecia; e eses poucos, de clara orixe indoeuropea, acabaron desaparecendo sen deixaren rastro (é o caso de *Cadavo, Tancino, Tautio, Tritabo, Turacia, Turantio* e poucos máis: vid. Boullón 1999: 85). A achega fundamental ó principio da Idade Media foi a dos nomes de orixe xermánica, que se expandiron extraordinariamente (os nomes predilectos dos reis e da nobreza: *Fernando, Afonso, Eldara*), e despois foron alcanzados polos latinos e hebreos difundidos por influencia da relixión (*María, Pedro, Xoán, Estevo*). Daquela había outros nomes prerromanos de gran difusión, pero que non corresponden ó noso pasado celta, senón que tamén se incorporaron desde fóra, con base ibérica ou vasca (*Xemena, Orraca, García, Guterre, Vasco*). Tra-

lo século XVI difundíronse moitos nomes polo interese da Igrexa católica de fomentar novas devocións (*Ana, Xoaquín, Isabel*, pola familia de Xesús; *Ignacio, Antonio*, polas canonizacións e as ordes relixiosas en auxe: véxase Boullón / Tato 1997/98). Estes movementos antroponímicos non son específicos de Galicia, nin sequera da península ibérica, senón que son comúns a toda a Europa románica e, ata certo punto, a toda a Europa cristiá, coas especificidades lingüísticas respectivas¹.

De maneira que, en realidade, todos (ou case todos) os nomes que hai hoxe son 'novos', entendendo por tales que son posteriores á chegada dos romanos. Daquela, volvendo á pregunta do inicio, ¿cales son os nomes galegos? A resposta ten que ser necesariamente inclusiva. Teño por tales os nomes tradicionais (procedentes de tradicións diversas) incorporados foneticamente e morfoloxicamente ó corpus dos nomes galegos en diferentes momentos da historia: tanto *Xemena, Fernando, Paio, Rodrigo, Lourenzo, Tareixa*, procedentes da Idade Media, como *Rosa, Manuela, Xosé* ou *Ramón*, popularizados nos séculos posteriores, ou *Iria* e *Aldán*, habilitados recentemente a partir de topónimos, ou, en fin, nomes que se acaban de transferir doutros *corpora* (como *Xisela*, do francés *Giselle*, *Xeila*, do inglés *Sheila*², ou *Borxa*, do español *Borja*, de orixe valenciana).

Dito isto, é claro que non podemos ignorar a situación sociolingüística do noso país, que na antroponimia afectou moito máis ós nomes propios cós apelidos, por seren estes hereditarios e aqueles cambiantes de xeración en xeración. Sabemos que a castelanización era case total nos textos escritos, e temos indicios (por Sarmiento, pola literatura oral, polas cartas) de que a situación oral era moi distinta. A cuestión é que, chegados ó final do século XX, o corpus dos nomes propios estaba castelanizado en alto grao. ¿Que ocorre cando as trabas legais que obrigaban a impor nomes exclusivamente casteláns ós nados desaparecen? Trala morte de Franco modificouse a lei

¹ Cano/Kremer (2001: 874) describen a grandes trazos o proceso mediante as seguintes fases: a situación prelatina ou de substrato, a romanización (e helenización nalgúns zonas de Italia), a cristianización, a influencia do superestrato (as migracións, especialmente as invasións xermánicas e árabes no sur da Península Ibérica), a constitución das linguas individuais, as influencias europeas medievais e os intercambios e as modas culturais internacionais.

² Adaptación feita a partir da forma escrita, porque o nome inglés se pronuncia /'ʃi:lə/, e, pola súa parte, é anglización da forma irlandesa *Síle*, do latín *Caecilia*.

do Rexistro Civil³, e isto ocorreu canda outras moitas mudanzas políticas, sociais e económicas: a democracia, o crecemento das cidades, a perda do influxo esmagador da igrexa católica, o espallamento dos *mass media* co conseguente influxo da cultura norteamericana, o cambio nas estruturas familiares, etc. Todos estes cambios tiveron un claro reflexo na escolla dos nomes. Noutro traballo achegámonos a esta cuestión (Boullón Agrelo 2007a), pero aquí quero enfoca-lo tema no aspecto concreto da galeguización da antroponimia, que ten o seu reflexo máis claro nos nomes especificamente galegos. Por tanto, en diante, designarei como nomes “hispanicos comúns” ós coincidentes graficamente entre o galego e o castelán (tales como *María*, *Laura*, *Manuel*) e “galegos” ós que teñen unha forma distintiva (*Xosé*, *Antela*).

2. A clasificación lingüística dos nomes persoais

A primeira clasificación que propoño do corpus dos nomes persoais (gráfico 1) procedentes do Censo do INE de 2001 (con máis de 50 ocorrencias), baséase basicamente nas linguas principalmente representadas (galegos, españois, ingleses, vascos, outros), con ese grupo de intersección que constitúen os denominados “hispanicos comúns”. Incluín tamén como galegos algúns nomes que *sensu strictu* non o son de forma exclusiva desde o punto de vista estritamente lingüístico, pero que os usuarios os teñen por tales (si o son, por tanto, desde un punto de vista social)⁴. Poñamos por caso, *Antía* (do grego *Anthía*, derivado de *anthos* ‘flor’) espallouse trala súa inclusión o repertorio do padre Seixas (1977, do que falarei máis adiante), que o daba como equivalente a *Antonia*; *Noa*, de orixe hebrea, difundido en Galicia en parte pola novela *Memorias de Noa* (1982) de Alfredo Conde, *Denís* (forma francesa de *Dionisio*, que levaba o rei de Portugal trobador da nosa lírica medieval), *Roi* (forma curta medieval de *Rodrigo*, que tamén existía en castelán), *Antón* (considerada hipocorístico de *Antonio*, tamén en castelán)⁵ ou *Rosalía*, a nosa poeta.

³ A Lei 17/1977 establecía: «tratándose de españois, os nomes deberán consignarse nalgunha das linguas españolas».

⁴ Véxase, por exemplo, esta listaxe <http://listas.20minutos.es/lista/nomes-galegos-263757/> onde figuran *Roi*, *Noa* e *Antía* como algúns dos nomes galegos máis votados.

⁵ Para *Roi* e *Antón* en castelán, véxase García Gallarín 2014: 778, 134-5, respectivamente. Para *Antón* en galego, Boullón 2008b. Para máis datos sobre todos eles a referencia máis importante é Ferro Ruibal, 1992.




Gráfico 1: Grupos lingüísticos nos nomes en Galicia (séc. XX). Fonte: INE 2001

Para o conxunto do século XX, vemos no gráfico 1 que a maioría dos nomes é a dos españois e a dos hispánicos comúns. Os outros grupos lingüísticos son unha minoría que claramente podemos situar cronoloxicamente no último cuartel do século, xa que durante o franquismo non era posible legalmente dar ós nenos nomes que non fosen en español. Observamos tamén a diferenza existente entre os nomes masculinos e os femininos: naqueles hai máis nomes españois e comúns, mentres que as innovacións son máis evidentes nos nomes das rapazas. Esta é unha característica coñecida: é habitual que o conservadorismo se mostre nos nomes dos nenos, máis asociados tradicionalmente ás nocións de continuidade familiar e social, mentres que estas expectativas son menos evidentes no caso das rapazas, que poden portar nomes máis efémeros ou fugaces. É sabido que, alomenos nas culturas occidentais, os nomes dos rapaces xogan máis un papel de continuidade co pasado e menos unha función decorativa: así está comprobado nos Estados Unidos (Liebersson 2000: 66) ou en Alemaña (Gerhards 2005: 111), onde se ve que expresan actitudes diferentes segundo o xénero: en Alemaña isto demostrase ó longo do século XX coa elección de nomes propiamente alemáns para os nenos e cristiáns para as nenas. No caso de Galicia, o conservadorismo implica a adopción de nomes especificamente españois.




Gráfico 2: Grupos lingüísticos dos nomes en Galicia (2000-2010). Fonte: INE 2011

As tendencias que, como dixemos, comezaran a mudar na última década do século XX, consolídanse no novo século, como se aprecia no gráfico 2⁶. Diversifícanse os grupos lingüísticos, a custa sobre todo dos nomes especificamente españois (que baixan do 35% ó 9% nos femininos e do 45% ó 24% nos masculinos); o principal grupo con relevancia estatística constitúeno os nomes galegos, e distínguense outros como os ingleses ou os vascos⁷. Mantéñense as diferenzas xenéricas, con maior número de formas españolas no grupo masculino, e no feminino aumenta o número de rapazas que levan nomes de diversas orixes: árabe (*Zaira, Yaiza, Fátima*), catalá (os tradicionais *Nuria* e *Montserrat* e os novos *Aitana, Mireia*), canaria (*Naira, Yeray-Yerai*⁸), italiana (*Sandra, Paola*), escandinava (*Erika*), francesa (*Desirée, Nicole*) ou que se adscriben a procedencias etimolóxicas máis exóticas, como *Aroa*⁹. Tanto nos femininos coma nos masculinos hai nomes vascos (*Ainhoa-Ainoa, Ainara, Naiara-Nayara, Iker, Aitor, Unai*), rusos (*Iván, Lara, Tania*) e escandinavos

⁶ Contabilizáronse os nomes con frecuencia superior a 5, incluídos os compostos.

⁷ No grupo heteroxéneo “outros” comeza a verse un fenómeno inédito en Galicia: a relevancia da inmigración. No gráfico 2 só temos en conta os nados na década 2000-2010, pero se consideramos todo o censo, vemos que certos nomes árabes ou os chinos aumentaron na última década, o que se debe atribuír a movementos de poboación e non a nomes de moda (*Abdallah, Abdelkarim, Fouad, Hamza*, ou *Xiaoyan, Xiang*).

⁸ É masculino en orixe, pero, dada a súa morfoloxía ambigua, en Galicia é usado tamén por rapazas (46 fronte a 462), segundo datos do IGE (<http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/nomes.jsp>)

⁹ Nel conflúen dúas posibles orixes, a palabra vasca homónima que significa ‘momento óptimo para traballar a terra’, e a maorí ‘amor’.

(*Erika, Eric~Erik*). A influencia inglesa diminuíu con respecto á puxanza da década de 1980, pero aínda se manteñen *Cristian~Christian, Kevin, Jonathan, Sheila, Jessica*, xunto con formas que son adaptacións fonética de nomes coñecidos polos mass media: *Izan* (de *Ethan*), *Yoel* (de *Joel*).

3. Os nomes galegos

Os nomes especificamente galegos experimentaron un aumento significativo en progresión ascendente desde o último cuartel do séc. XX. Xa chegaran ó ranking dos 30 nomes máis frecuentes na década de 1990¹⁰ e na primeira década do séc. XXI este grupo ultrapasa o 13% nos nomes femininos e case chega ó 12% nos masculinos (véxase o gráfico 2). Os cinco primeiros femininos *Uxía, Noa, Antía, Iria* e *Sabela* están na lista dos 30 máis frecuentes, onde só figuran dous especificamente españois: *Carmen* (18) e *Candela* (21). Nos masculinos a situación é distinta, dadas as diferenzas xenéricas e o seu xa comentado maior conservadorismo: hai tres entre os 30 primeiros (*Brais, Iago* e *Anxo*), fronte a cinco españois (*Pablo, Alejandro, Sergio, Javier* e *Jorge*).

Mostramos aquí os 30 nomes galegos máis frecuentes da década de 2000-10 (aínda que nos comentarios citaremos outros con menos ocorrencias). O máis numeroso, *Uxía*, ten 2.121 ocorrencias¹¹.

Uxía, Noa, Antía, Iria, Sabela, Xiana, Aldara, Helena, Mariña, Alexandra, Icíá, Lúa, Rosalía, Olalla, Anxela, Naia, Xulia, Carme, Erea, Carmela, Noela, Irea, Zeltia, Xoana, Celtia, Flavia, Catuxa, Ximena, Xana, Xela

O nome preferido dos masculinos é *Brais*, con 2.227 ocorrencias.

Brais, Iago, Anxo, Antón, Xoel, Roi, Alexandre, Xabier, Xián, Lois, Breixo, André, Xoán, Xavier, Xurxo, Breogán, Denís, Paulo, Nuno, Uxío, Martiño, Xavi, Xosé, Xabi, Xacobe, Artai, Eloi, Xan, Aldán, Cibrán

Nestas listaxes vemos que algúns deles son nomes tradicionais, sobre todo nos masculinos (*Alexandre, Xoán, Paulo, Xosé*), pero a maioría pertencen a outros tipos, que detallaremos máis adiante.

¹⁰ Dous nomes masculinos (*Brais* e *Iago*) e un feminino (*Iria*). Pódense ver en liña a relación dos 30 primeiros nas distintas décadas en <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/nomdecadas.jsp> [consultado o 17/05/2016].

¹¹ De aquí en diante, disporémolos por orde de frecuencia, tirados do Censo de 2011. Ó final hai apéndice con tódolos nomes galegos ordenados alfabeticamente.

As vías de difusión para os nomes galegos foron variadas, e co inicio da normalización social da lingua déronse a coñecer por vías usuais na propagación da antroponimia: a literatura (por caso, as *Memorias de Noa*, 1982, e *Breixo*, 1981, de Alfredo Conde, ou *Amantia*, 1984, de M^a Xosé Queizán), a televisión galega (que comezou a emitir en 1985), o cine (cf. *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro, estreada en 1989). A finais da década de 1970 tivo moita influencia un libríño de nomes, *400 nomes galegos pra homes e mulleres*, do padre Seixas (1977) que entrou en moitas casas como agasallo do Banco Pastor, e que tivo unha influencia evidente na propagación de moitos nomes. Nel figuraban nomes distintivos como *Breixo*, *Icía*, *Noela*, *Zeltia*, *Minia*, *Catarina*, *Saleta*, *Sáinza*, *Bieito*, *Noemia*, *Xisela*, *Tareixa*, *Xende*, *Comba*, *Asunta* e outros. Algo máis tarde publicouse un dicionario dos nomes galegos (en diante, DNG) dirixido por Xesús Ferro (1992), a quen aquí homenaxeamos, que, amais de continuar co labor de difusión do padre Seixas, aínda hoxe representa o estándar no que respecta ós nomes propios, xa que a Real Academia Galega asumiu as súas propostas para a correcta estrutura dos nomes (en resolución do 4 de xullo de 1992).

3.1. A variabilidade das formas nominais

A posibilidade de ampliar a gama de nomes propios a finais da década de 1970 deu entrada a nomes de orixes distintas, nun corpus afeito ata o momento ás formas escritas dos nomes españois con séculos de tradición gráfica. O exemplo máis acusado da entrada de nomes foráneos son os ingleses, que non se axustaban nin á fonética nin ó sistema de escritura hispánico e, por tanto, acusaban gran inestabilidade gráfica. Ás veces esa variación era debida a un certo gusto pola exclusividade (“*Letizia*, con *zeta*”) que consideraba o estranxeiro máis atractivo. Moitos dos nomes galegos eran, ata certo punto, novos para unha boa parte da comunidade, nun momento en que, ademais, o estándar gráfico aínda estaba comezando a implantarse (as normas ortográficas e morfolóxicas datan do ano 1982, década en que o galego chega á escola e á administración).

Agora ben, tamén hai que ter en conta que os criterios para a estandarización da onomástica non son tan ríxidos coma para o léxico común, de modo que en moitos casos se aceptan como estándares formas diversas dun mesmo nome, co criterio básico de tratarse de formas galegas e non estaren interferidas pola presión do castelán¹². Por iso no propio DNG se admiten algunhas variantes

¹² É, basicamente, o mesmo criterio que para os apelidos (vid. Boullón 2009a) e para a toponimia (vid. a introdución do NG).

gráficas (*Xabier/Xavier, Xavi/Xabi*), fonéticas (*Erea/Irea, Manuel/Manoel, Caetán/Caitán/Queitán, Guillerme/Guillielme, Nicolao/Nicolau, Xacobe/Xacobo, Xerome/Xeromo*), dialectais (*Xián/Xiao, Cibrán/Cibrao, Fins/Fiz, Xenxo/Xes, Uxía/Euxea*) e inclúense hipocorísticos (*Anxela/Xela, Xoán/Xan, Xoaquín/Xaquín/Xoquín*). Claro é que no censo aparecen tamén formas non recollidas no DNG, ben por non considerarse coherentes coas normas ortográficas da lingua común (*Celtia/Zeltia*), por non axustarse á grafía etimolóxica (*Estevo/Estebo, Heitor/Eitor*) ou por non ter coñecemento delas. Por exemplo, baixo a entrada *Sabela* recóllese a variante *Isabel* e o hipocorístico *Sabel*, as tres no censo, pero non a variante palatalizada *Xabela*, paralela á *Xaínza* que parece remitir a *Sáinza*.

Por outro lado, aínda que o DNG data de 1992, a administración autonómica prestou pouca atención á normalización social da antroponimia, de xeito que, fóra dalgunhas iniciativas de institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, a de Vigo, a Mesa de Normalización Lingüística, non houbo política pública para a normalización dos nomes e apelidos¹³. É necesario, por exemplo, que nas sedes do rexistro civil, onde se inscriben os nados ou onde se cambian os apelidos, exista unha relación das formas aconselladas, que tamén deberían estar dispoñibles en liña desde os organismos institucionais. Esta situación explica a pouca seguridade á hora de escoller algunhas das formas galegas. Por exemplo, a carón da forma estándar *Alexandre* consígnase *Alexandro* e *Aleixandre*. Un caso especial son as versións do nome castelán *Ángel/Ángela*: mediante adaptación fonética (*Ánxel, Ánxela*) ou tradución a partir do nome común (*Anxo/Anxa*). A forma masculina *Anxo* tivo un gran éxito, de maneira que figura no ranking dos nomes máis empregados desde as últimas décadas. Descoñecía-se, neste proceso, as formas tradicionais para estes nomes, *Anxelo* e *Anxela* (con acentuación grave), que teñen moi poucas ocorrencias no censo¹⁴.

Outro tipo de variación nominal vén dada polo grao de evolución que presenta o nome con respecto ó étimo. Desde esa perspectiva, podemos falar das variantes cultas (menos evolucionadas, máis próximas ó étimo latino e

¹³ Non sendo algunha relación de nomes, como en http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-10644.pdf. Os recursos existentes na web das outras institucións son instrucións para regularizar a antroponimia e máis listaxes nominais: <http://www.usc.es/gl/servizos/sn1/dinamizacion/galeguiza2.html>, <http://chamateconxeito.webs.uvigo.es/principal.php>, <http://www.amesa.gal/caixa/nomes/>

¹⁴ Para máis información sobre esta familia e a súa progresión cronolóxica, vid. Boullón 2009. Hai máis exemplos paralelos de descoñecemento da forma tradicional: *Alexos* (do gr. *Aleikso*) foi ignorada, e propúxose *Aleixo* e *Alexo* (DNG), que son as que se rexistran no censo.

que adoitan ser máis parecidas á correspondente castelá) e as patrimoniais ou populares, conservadas case sempre como haxiotopónimos. É o caso de *Eulalia – Olalla-Olaia*¹⁵ – *Alla~Baia*, *Cecilia – Icíá-Cecía-Cilla-Sía*, *Irene – Irea-Erea-Eirea*, *Xulián – Xián-Xiao*, *Xinés – Xenxo-Xes*, *Hadrián – Adrán*, *Benedito – Bieito*¹⁶.

4. A renovación onomástica

A renovación do elenco dos nomes galegos (preto de 400 na década 2000-2010) non vén, só, como dicía antes, dos nomes tradicionais, senón que explorou varias vías. Certo é que os procedementos de creación dos nomes non son tan imaxinativos coma os da América lusohispánica, nin tan restritivos como en Portugal; Galicia encóntrase posiblemente nun termo medio entre os dous extremos. En Brasil encóntranse composicións sintácticas (*Amada Sempre*, *José Casou de Calças Curtas*, *Padre Bispo Cardeal*), habilitación de substantivos que parecen sorprendentes para a súa utilización antroponímica (*Eclampsia*, *Esparadrapo*), formas novas partir de combinacións dos nomes dos pais (*Alextricia*, filla de Alexandre e Patricia, *Edigênio*, fillo de Edite e Eugênio), etc. (véxase Carvalhinhos 2014). A lei portuguesa, pola contra, dispón dun elenco pechado de nomes (obrigatoriamente portugueses e procedentes do elenco tradicional, case todos de procedencia cristiá) fóra dos cales cómpre solicitar unha autorización expresa¹⁷. A lei española do Rexistro Civil só establece como límite aqueles nomes que sexan contrarios á dignidade da persoa (Lei 20/2011, do 21 de xullo).

¹⁵ *Olalla* e *Olaia* son deses nomes erroneamente considerados galegos, porque os resultados patrimoniais de EULALIA son *Aia*, *Baia*, *Balla* ou *Alla*, de onde os topónimos *Santaia*, *Santa Baia*, *Santaballa* e *Santalla* (varios deles tamén apelidos). No estado español *Olalla* abunda só en Galicia e en Badaxoz (véxase INE-nomes), onde pode explicarse por ser a santa orixinaria de Mérida. E *Olaia*, en Galicia e no País Vasco. O nome *Aia*, moi raro en Galicia, dáse tamén no País Vasco, onde é topónimo.

¹⁶ É moi corrente no século XX o castelanismo *Benito*, pero na década de 2000-10 lévano moi poucos nenos. Para máis información sobre este nome, véxase Méndez 2011.

¹⁷ Véxase a lista correspondente ó ano 2015 en http://www.irm.mj.pt/sections/irm/a_registral/registos-centrais/docs-da-nacionalidade/vocabulos-admitidos-e/ (do Instituto dos Registos e do Notariado). Con respecto ó dito dos nomes brasileiros, hai que considerar que a elección de nome está condicionada por factores sociolingüísticos, de forma que “não ha rupturas antroponomásticas importantes entre populações presumivelmente centro-urbanas, de classe média e meia idade, das duas maiores cidades dos dois países [Lisboa e São Paulo]” (Castro, 2004: 256).

Tamén hai que ter en conta que á hora da difusión dos nomes operan mecanismos de tipo interno, como é o do patrón fonético. Independentemente do seu significado, etimoloxía ou historia, a secuencia de sons, o número de sílabas ou a acentuación inflúe de maneira máis ou menos inconsciente na escolla (véxase Liebersson 2000: 112-126). Así, por exemplo, a vogal tónica *e*, en xeral, é máis frecuente nos nomes femininos ca nos masculinos e ca nos substantivos comúns (Regueira 2007: 250), o que se ve claramente nos nomes rematados por *-ea* (o tirón de *Andrea* facilitou o auxe de *Nerea* e a entrada dos nomes galegos *Erea/Irea*, *Area*, *Serea*, *Navea*, *Euxea*) e *-ela* (*Candela*, *Daniela*, *Sabela*, *Gabriela*, *Estela*, *Manuela*, *Carmela*, *Noela*, *Xela*, *Sarela*, *Antela*, *Estrela*...). Outro patrón que se repite é o dos nomes femininos rematados en *-ía* (*Lucía*, *María*, *Uxía*, *Antía*, *Icía*, *Rosalía*), e os que portan vogal tónica *a* e rematados en *-a* (como *Sara*, *Ana*, *Susana*, *Tamara*, *Clara*, *Lara*, *Xiana*, *Aldara*, *Xoana*, *Anaia*, *Amaia*, *Amara*, etc.), ou os que rematan en *-oa* (*Noa*, *Ainhóa~Ainoa~Ahinoa*, *Aroa*, *Airoa*, *Eiroa*). Os masculinos son máis dificilmente sistematizables, pero hai un certo predominio polos bisílabos con vogal tónica *a* e *o* na última sílaba: *Iago*, *Anxo*, *Marcos*, *Carlos*, *Mario*, *Mauro*, *Marco*, *Paulo*. Son especialmente frecuentes entre eles os bisílabos agudos, en contraste cos femininos e co léxico común (vid. Regueira 2007: 244): *Daniel*, *Adrián*, *David*, *Manuel*, *Martín*; entre os galegos, *Xián*, e dous monosílabos: *Brais*, *Roi*; en todos estes hai outra característica habitual nos antropónimos masculinos, a preferencia por sílaba tónica trabada (Regueira 2007: 254). É dicir, os nomes galegos que máis destacan tenden a irse acomodando ós patróns fónicos preferidos pola poboación.

De aquí en diante veremos os principais procedementos para manifestar a creatividade antroponímica nos nomes galegos.

4.1. *Recuperación de nomes tradicionais*

Incluimos neste grupo a versión galega dos nomes tradicionais, que na súa grande maioría corresponden a nomes de santos, tirados en xeral da tradición cristiá.

Fem.: *Uxía*, *Olalla*, *Alexandra*, *Xiana*, *Mariña*, *Icía*, *Anxela*, *Olaia*, *Xoana*, *Minia*, *Xulia*, *Catarina*, *Carme*, *Saleta*, *Irea*, *Saínza*, *Amara*, *Vitoria*, *Margarida*, *Tareixa*, *Xosefa*, *Anxos*, *Martiña*, *Alla*, *Comba*, *Dores*, *Xema*, *Xosefina*, *Benedita*, *Madalena*, *Anxa*, *Xudit*, *Caetana*, *Ádega*, *Hadriana*, *Neves*, *Virxinia*, *Xaínza*, *Natividade*, *Xabela*, *Xaínza*, *Anxélica*, *Tereixa*, *Ánxeles*, *Baia*, *Piedade*, *Xuliana*, *Bríxida*, *Einés*, *Euxea*, *Evanxelina*, *Herea*, *Katuxa*, *Milagres*, *Xemma*, *Xuana*, *Xunqueira*, *Bieita*, *Caridade*,

Cilla, Eirea, Loísa, Madanela, Margariña, Natevidade, Páscoa, Pilara, Rocha, Rosiña, Sía, Aleixa, Xacinta, Xaquina, Xenerosa, Xenxa, Xoaquina, Xoelia, Xordana

Masc.: *Brais, Iago, Antón, Alexandre, Xael, Xabier, Lois, Xián, André, Xosé, Xoán, Xavier, Paulo, Xurxo, Uxío, Xesús, Martiño, Xacobe, Domingos, Eloi, Alexandro, Alberte, Amaro, Xenxo, Cibrán, Xulio, Xaime, Manoel, Bieito, Xacobo, Hadrián, Aleixo, Xairo, Ero, Vítor, Fiz, Xiao, Xulián, Tomé, Xoaquín, Campio, Nicolau, Xerardo, Benxamín, Alexo, Xermán, Xes, Amadeu, Estevo, Ánxel, Aleixandre, Davide, Xusto, Agostiño, Vincenzo, Benedito, Anxelo, Caio, Xorxe, Mateu, Xacob, Xerome, Paio, Xosué, Adrán, Caetano, Elixio, Guillelme, Lourenzo, Xenaro, Arximiro, Cidre, Cristovo, Nicolao, Xocas, Xuan, Boaventura, Estebo, Xacinto, Xácome, Borxa, Queitán, Xeromo, Xohán, Xoxé, Xullo, Breo, Caetán, Caitán, Calisto, Cibrao, Clodio, Cristobo, Fins, Pascoal, Sadurniño, Sidro, Xerarde, Xeremhías, Xohel, Xonás, Xoquín, Zaquiel*


Para a recuperación deste tipo de nomes, marxinados dos textos escritos oficiais, houbo varias vías: a tradición oral (a pariemoloxía, os alcumes), a haxiotoponimia e a documentación medieval, tres tipos de fontes que se adoitan complementar mutuamente.

Des que López Ferreiro comezou a exhumar de maneira sistemática a finais do séc. XIX o riquísimo legado documental, e á vez que se redescubría a lírica medieval, os nomes antigos comezaron a darse a coñecer. Pero só na actualidade se recuperaron o moi frecuente nome medieval *Tareixa* (espallado por todo o mundo coa versión castelá *Teresa* por mor da sona da santa de Ávila), e outros como *Ximena*, *Afonso*, *Guillén*, *Paio*, *Nuno*. Destes, os que tiveron unha difusión cuantitativamente importante foron algunhas das súas formas acurtadas, isto é, variantes curtas en posición proclítica (antes de patronímico) dalgúns nomes moi frecuentes: *Fernán Anes*, *Men Vasques* (de *Mendo*), *Alvar Pérez*..., pero recuperaban a forma plena se non se citaba o patronímico. Modernamente interpretáronse como formas autónomas, e destas, a máis frecuente foi *Roi* (de *Rodrigo*), e, a moita distancia, a súa variante fonética *Rui*, xunto con *Fernán*, *Bernal* e *Xiral*. Do fondo medieval proceden algúns referentes literarios: *Heitor* (da materia troiana), *Artur*, *Xenevra*, *Galaaz* (da materia de Bretaña), *Rolán* (da lenda de Carlomagno), *Gaíferos* (dun romance medieval sobre a peregrinación a Santiago de don Gaíferos de Mormaltán) *Duarte*, *Dinís* ou *Airas* (os dous primeiros reis de Portugal, ou dous últimos autores da poesía profana medieval).

Outras novidades onomásticas foron rescatadas da haxiotoponimia: *Uxía*, *Alla*, *Comba*, *Mariña*, *Madanela*, *Vincenzo*, *Xenxo/Xes*, *Cibrán*, *Xurxo*, *Tomé* ou *Fiz*, os catro últimos tamén apelidos. Tamén se atopan as variadas formas do nome

do apóstolo da catedral de Santiago: *Xacobe*, *Xacobo*, *Xaime*, *Iago*, *Xácome* (este último conservado tamén como apelido). O topónimo *Sáinza*¹⁸ foi proposto polo padre Seixas como nome a partir da romaxe mariana que hai neste lugar de Rairiz de Veiga (Ou). Outros proceden de santos locais con procedencia lingüística foránea. Así, *Saleta*, advocación mariana resultante da adaptación do santuario francés de *Salette* (Isère), convertida en patroa do concello de Boborás-Ou. Ou *Campio* (reliquias en Entíns, Outes-Co, con romaxe en Valga), e *Minia*, os dous procedentes de reliquias traídas por devotos desde Roma no séc. XVIII ou XIX, respectivamente, dos que non se coñece nada máis có nome inscrito na lápida.

No que toca á difusión xeográfica destes nomes¹⁹, moi poucos teñen presenza significativa nos lugares de culto respectivos, o que parece indicar que a causa de escolla por parte dos pais se debe na maior parte das veces ó seu coñecemento fóra da área local. O nome *Icía* (< lat. CAECILIA) ten maior incidencia polas comarcas da Coruña e Ferrol, preto, pois, de Santa Icía, en Arteixo. *Minia* localízase na área circundante ó santuario de *Minia*, en Brión-Co, e a maior parte das súas portadores viven nese concello e nos limítrofes (Santiago, Ames, Padrón e Rois), como se ve no mapa:




¹⁸ Do lat. *SALICĒA 'lugar de salgueiros', der. de *salice* 'sauce' (Navaza 2006: 494-495). Como se apuntou máis atrás, presenta a variante *Xaínza*, con palatalización do s-.

¹⁹ Para a información cartográfica, véxase IGE-nomes.

Os nomes que tiveron máis difusión foron *Uxía* e *Brais*. O haxiotopónimo do que procede o primeiro está ben atestado no Nomenclátor de Galicia (NG, en diante): *Santa Uxía* (Co₂, Lu₁), *Santa Uxía de Ribeira* (Co), *Santa Uxías* (Co), e desde a Idade Media en cadeas onomásticas, ó principio cunha forma que aínda mantén o ditongo etimolóxico: *friigresía de Santa Ougía* a.1380-1400 CDGH, *Juan André de Santa Ougía* a.1403 DocNoia, *Martín Fravo de Santa Ougía, clérigo* a.1433 DocUnivSantiago (en diante, fontes tiradas do TMILGa). A redución do ditongo comeza a aparecer en nomes persoais no séc. XVI: *Isabel de Uxía*, veciña de Santiago a.1566; *Gonzalo Uxía de Albán*, residente en Celanova a.1568, *Pedro de Uxía de Albán*, veciño do couto de Carboeiro a.1576 ACS. Do mesmo étimo (o gr. EUGHENÍA, formado do substantivo abstracto *eughéneia*, poeticamente *eughenía* ‘nobreza de nacemento’) resultaron tamén *Euxea* e *Ouxea*, mais estas variantes non tiveron apenas difusión na antroponimia²⁰.

O éxito moderno de *Uxía* non ten que ver co seu correlato castelán, que nunca gozou de gran popularidade en Galicia, como se ve no gráfico de embaixo. Aí tamén se aprecia a subida do nome galego, que, aínda que se comeza a ver na década de 1950, é a partir da de 1980 cando ascende de forma vertixinosa. Ademais, tirou tamén pola forma masculina, *Uxío*, que se comeza a documentar no censo da década de 1940.




Brais é un dos resultados tradicionais que orixinou o nome latino *Blasius* (alcume romano de orixe escura, posiblemente procedente do lat. *blaesus* ‘tatexo’, e este do gr. BLAISÓS ‘trenco, cambeiro’); o outro é *Bras*, que perviviu

²⁰ *Santa Euxea* é un lugar e parroquia en Guntín (Lu) e *Santa Ouxea* é a patroa das parroquias de Lobás (O Carballiño, Ou) e de Eiras (San Amaro, Ou). No censo de 2011 hai menos de 5 ocorrencias do nome feminino *Euxea*, que tamén fora proposto por Seixas (1977). As documentacións históricas e restante información de *Uxía* están tiradas do DAG (en preparación).

como apelido (vid. CAG), e ámbolos dous están presentes na tradición oral: “unha e non máis, señor san Brais”, “díxoo Brais, non se fale máis”, “San Bras, san Bras, manda a espiña para atrás” (vid. DNG). O correspondente castelán *Blas*, considerado anticuado, apenas ten presenza en Galicia no séc. XX. Pero a recuperación de *Brais*, como vemos no gráfico, amais de rapidísima, segue ascendendo a partir da década de 1970. Posiblemente influíse a súa estrutura fonética e tamén o feito de que, como explicou a nai dun dos primeiros portadores (nacido en 1975), podía esquivar a censura contra os nomes galegos no rexistro por non ter sons diferentes do castelán. Tamén está incluído no libriño do padre Seixas (1977).

Brais no séc. XX



4.2. Hipocorísticos

A utilización dos hipocorísticos (variantes afectivas dun nome) como nomes oficiais estivo expresamente prohibida na Lei do Rexistro Civil español ata o ano 2007 (BOE número 65 de 16/3/2007)²¹. De todas formas, xa desde antes ían aparecendo nomes que eludían esta limitación (no censo de 2002 aparecían *Anabel*, *Lola*, *Malena*, ou *Alex* con máis de 50 ocorrencias, como viamos en Boullón 2008b: 80), pero agora aumentaron ó non teren obstáculos legais.

As formas galegas proceden na maior parte do fondo tradicional, que adoitan fixarse a partir de nomes frecuentes²²: *Sabela/Xabela/Sabel*, de Isabel; *Carmela/Carmiña*, de Carme, *Catuxa/Katuxa*, de Cataliña (que xerou o masculino

²¹ As restricións que constaban na lei de 1999 limitábanse a “nomes que obxectivamente prexudiquen a persoa, así como os diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que non alcanzasen *substantividade*, os que fagan confusa a identificación e os que induzan no seu conxunto a erro en canto ó sexo” (Lei 40/1999, do 5 de novembro, artigo 2º; a cursiva é miña).

²² Para máis pormenores deste proceso, e con información máis exhaustiva de *Sabela* e *Catuxa*, vid. Boullón 2008b. Sobre os procedementos formais para a formación dos hipocorísticos e datos históricos ó respecto, vid. Boullón 2007b.

Catuxo), *Maruxa* de María. Estes son os máis frecuentes (superan as 140 ocorrencias). Despois veñen *Xaquín/Xoquín/Xocas*, de *Xoaquín*, *Xela* de *Anxela*, *Xandre/Xandra* de *Alexandre/Alexandra*, *Nela* de *Manuela*, *Xonxa* de *Asunción*, *Rosiña* de *Rosa*, *Xan* de *Xoán*, *Zaquiél* de *Ecequiel*, *Fuco* de *Francisco*, *Farruca* de *Francisca*, *Antucho* de *Antonio*, *Chano* (de *Luciano* ou outros), *Cilistro* de *Celestino*, *Xina* de *Rexina*. Poucas presentan o sufixo *-iño* (*Rosiña*, *Quintiño*), o diminutivo por excelencia da lingua común, pero menos empregado na antroponimia, e só nos masculinos documentamos o procedemento máis moderno, que consiste no acurtamento por apócope das últimas sílabas: *Xavi/Xabi*, *Breo* (de *Breogán*). Tamén observamos algúns hipocorísticos híbridos, formados a partir da forma galega (con procedementos sufixais propios do galego) pero con fonética castelá: *Geluca*, *Gelucha* (de *Ángela*), *Genucha* (de *Eugenia*); nestas formas populares, moi vivas na fala, están presentes os sufixos *-ucho* e *-uco*, os máis empregados nos hipocorísticos tradicionais (Boullón 2007b: 27).

4.3. Toponimia

A habilitación dos nomes dos santos procedentes dos topónimos (moi fomentado pola Igrexa Católica en tempos modernos para as advocacións marianas) seguramente impulsou o uso de topónimos sen calquera intención relixiosa nin quizais de vinculación xeográfica, senón posiblemente só pola súa configuración fonética. Curiosamente, a maioría deles son de orixe prerromana (agás *Flavia*, *Airela*, *Airoa*, *Senín*, latinos, e *Aldán*, *Adai*, *Aldar* e *Baltar*, xermánicos).

Fem.: *Iria*, *Flavia*, *Naia*, *Aloia*, *Sarela*, *Navia*, *Irimia*, *Antela*, *Deva*, *Barca*, *Galiza*, *Cíes*, *Dubra*, *Sálvora*, *Tegra*, *Avia*, *Galicia*, *Noalla*, *Viana*, *Airela*, *Airoa*, *Meira*, *Navea*, *Noia*, *Tebra*, *Ulla*, *Altamira*, *Arnoia*, *Arousa*, *Dumia*, *Eiroa*, *Ibia*, *Lonia*, *Mabia*, *Magor*, *Maianca*, *Neda*, *Trega*, *Yria*, *Támara*

Masc.: *Aldán*, *Xalo*, *Xende*, *Adai*, *Senín*, *Laro*, *Ézaro*, *Baltar*, *Aldar*, *Lemos*, *Miño*, *Sar*, *Xinzo*


Tíranse non só de núcleos de poboación (*Iria*, *Aldán*, *Naia*, *Navia*, *Meira*, *Viana*, *Tebra*, *Neda*, *Xende*), senón tamén de ríos (*Sarela*, *Deva*, *Dubra*, *Avia*, *Ulla*, *Ézaro*, *Miño*, *Sar*, *Támara*) ou outras evocación hidronímicas (*Ézaro* –a ferverza na que desemboca o Xallas-, *Antela* –a lagoa desecada da Limia-, *Irimia* –o pedregal onde nace o Miño-, *Cíes* –as illas atlánticas), montes (*Aloia*, *Xalo*), advocacións marianas (*Barca*, pola Costa da Morte, orixinado polo santuario de Muxía²³) e o nome do país (*Galicia*–*Galiza*).

²³ Para a súa etimoloxía prerromana, vid. Bascuas 2014: 151.

O máis frecuente de todos, presente na lista dos máis empregados desde hai varias décadas, é *Iria*. O topónimo está presente na documentación galega desde o séc. VI, no Parroquial suevo, denominando a diocese que séculos despois, en 1095, foi transferida para Santiago por descubrirse alí o sepulcro do apóstolo. Foi proposto por Seixas (1977) como nome feminino e, aínda que figuraba esporadicamente como tal desde a década de 1920, é a partir da de 1970 cando se expande; cunha leve regresión na de 1990, volve a estar en tendencia ascendente. Tal foi o seu éxito que se exportou fóra de Galicia: na década de 2000, segundo os datos do INE, en España tiña un total de 3.770 ocorrencias, fronte ás 1.672 de Galicia²⁴.

4.4. Mitoloxía e historia

O pasado celta foi un dos trazos que desde o Rexurdimento se reivindicou como parte do elemento diferenciador histórico do pobo galego (principalmente Manuel Murguía entre os historiadores, Eduardo Pondal entre os poetas). O nome máis frecuente que personifica esta tendencia é *Celtia* (coa variante *Zeltia*), creado por Pondal como personificación da terra dos celtas e proposto polo padre Seixas (1977). É precisamente nese ano cando se rexistran as primeiras *Zeltia*²⁵, pouco despois coa inicial C- e, tras un certo baixón na década de 1990, segue con tendencia ascendente.



²⁴ Nótese que non ten que ver co nome portugués *Iria*, que se escribe igual pero se pronuncia con tonicidade na segunda sílaba, e ten unha orixe etimolóxica totalmente distinta (o grego *Eirene* 'paz', de onde o gal. *Erea/Irea*). O topónimo galego *Iria*, de onde vén o nome persoal, procede dun hidrónimo prerromano, derivado posiblemente da raíz precelta *er- 'moverse' (Bascuas 2014: 129). Para a súa difusión en España, véxase García Gallarín (2014: 514-15).

²⁵ Na difusión desta variante gráfica influíu a coincidencia co nome do grupo de empresas químico-farmacéuticas *Zeltia*, que elaboraron e comercializaron insecticidas e pesticidas con gran implantación no agro galego.

En estreita relación con este nome está *Keltia*, o masculino *Keltoi* (a partir do nome grego dos celtas), así como varios personaxes da mitoloxía celta: *Breogán* (o patriarca fundador da nación galaica), o nome masculino máis frecuente deste grupo; *Brigo* (o primeiro poboador de Galicia, bisneto de Noé), *Artai* (o primeiro dos fillos de Brigo), *Ith* (un dos fillos de Breogán). Hai máis formas co mesmo referente: o feminino *Eire* (o nome irlandés da illa de Irlanda, unha das seis nacións celtas onde se conservan linguas célticas)²⁶, ou *Noela*, presunto orixe de Noia²⁷, en relación con Noé e con Brigo. *Maeloc* si tivo existencia histórica: foi un bispo galego de orixe celta que chegou da Gran Bretaña fuxindo da invasión anglosaxoa do séc. VI, da mesma época ca *Brandán*, monxe evanxelizador irlandés, protagonista dun dos relatos de viaxes máis famosos da Idade Media²⁸.

Poderíase incluír aquí outro nome que remite a outra época da historia galega: *Suevia*, o nome poético empregado por Pondal para referirse á patria dos suevos, o pobo que estableceu un reino no territorio da Gallaecia romana, entre os séculos V e VI.

4.5. Léxico común e outras creacións

A maior dose da creatividade vén probablemente de palabras tiradas do léxico común que nunca se usaran como nomes e resultan atractivas pola súa estrutura fonética ou polos significados que evocan. Nun intento de sistematización, podemos ver que hai diversos elementos da natureza (*Lúa*, *Estrela*, *Area*, *Chorima*, *Ceo*, *Arume*, *Faia*, *Xasmín*), relacionados co clima (*Xiada*, *Saraiba*, *Loaira* ‘tempo que sae o sol entre a chuvia’, *Brétema*), sensacións (*Ledicia*, *Leda*, *Ledo*, *Felicidade*, *Abraio*) e outros (*Serea*, *Meiga*, *Suriña* ‘rula’, *Anduriña*, *Lume*, *Dorna*). Algúns poucos nomes teñen unha procedencia distinta: *Leilía* foi difundido a partir do nome do grupo folk, que á súa vez o tomou dun re-
trouso da música tradicional. Ou *Xiria*, que se creou engadindo a consoante X ó nome Iria, por consideralo así máis galego, segundo declarou unha das portadoras. Estes nomes, maioritariamente femininos, son creacións de pouca

²⁶ En relación con este pode estar *Eirin*, que é nome xaponés e escandinavo, pero tamén remite á verde *Eirín*, como se referían a Irlanda os homes da Xeración Nós. E, aínda máis, é un topónimo de Caldas de Reis que deu lugar a un apelido.

²⁷ En realidade, *Noia* é un hidrónimo prerromano, baseado, segundo Bascuas, na raíz indoeuropea **neig*^w- ‘lavar’ (Bascuas 2006).

²⁸ Outros nomes de orixe última gaélica ou bretoa introducíronse a través do inglés: *Brian*, *Aine*, *Muriel*, *Keila*, *Kilian*, *Moir*, *Enya/Enia*. A motivación é obviamente diferente.

difusión social; de todos estes, os máis frecuentes son *Lúa* (con máis de 300 ocorrencias) e *Ledicia* (case cen).

6. Cabo

A comparación entre os distintos períodos feita a partir da clasificación lingüística dos nomes persoais procedentes do censo do INE de 2011 amosa unha variación moi clara nos últimos tempos, tanto no que respecta ó corpus dos nomes como á menor concentración de nomes de moda (isto é, hai maior variabilidade) e menor duración nos postos máis altos do ranking. A chegada da democracia e os cambios legislativos ocorridos nas últimas décadas do século XX posibilitaron a maior liberdade de elección, incentivada tamén polos cambios sociolóxicos do mesmo período.

Unha das vías de renovación antroponímica vén dada pola utilización dos nomes galegos, mediante a revitalización dos nomes tradicionais (que se viñan usando obrigadamente en castelán). Reparouse nos nomes dos santos, presentes nos haxiotopónimos tradicionais (*Brais, Uxía, Comba, Mariña, Xenxo*, algúns dos masculinos conservados tamén como apelidos: *Lois, Xurxo, Tomé, Fiz*), ou en devocións novas de cultos recentes (*Saleta, Minia*). De raigame popular son hipocorísticos como *Sabela, Carmela, Catuxa, Xaquín* ou *Xela*. Tamén se acudiu ó fondo medieval, coa recuperación de formas esquecidas que foron moi usadas na Idade Media (*Tareixa, Ximena, Afonso, Paio*), por vía literaria (*Heitor, Xenevra, Airas*) e a independencia de formas curtas (*Fernán, Bernal*).

Pero o máis orixinal é coa habilitación de formas nunca antes empregadas na antroponimia. Os nomes de lugar foron un dos procedementos máis recorridos, sobre todo entre os nomes femininos (*Iria, Flavia, Aloia, Aldán*). Outras fontes foron a historia, especialmente o pasado celta (*Celtia, Breogán*) e o léxico común, coa presenza de palabras de significados evocadores e fonética atraente (*Lúa, Ledicia*).

En fin, algúns destes nomes están no ranking dos máis frecuentes e outros teñen moi poucas ocorrencias (200 nomes teñen menos de 5 ocorrencias), o que demostra que, alén dos máis comúns métodos de difusión antroponímica, os pais buscan as súas propias formas exclusivas tiradas do común tronco do idioma. En calquera caso, a lingua galega é a fonte preferida para a renovación da antroponimia nos últimos anos.

Bibliografía

- Bascuas, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*, Sada [A Coruña]: Edicións do Castro.
- Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*, Vigo: Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*, Tübingen: Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007a): “A escolla dos nomes en Galicia a finais do século XX”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 99-114. <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2013/10/5_Boullon1.pdf>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007b): “Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia”, *Revista Galega de Filoloxía* 8, 11-56. <http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/7579/1/RGF_8_art_1.pdf>
- Boullón, Ana (2008a): “Galician and the Spanish Language in Twentieth-Century Galician Personal Names”, *Onomastica Canadiana* 90, 1, 21-44.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2008b): “Antón, Sabela, Catuxa... De como os hipocorísticos devenen en nomes”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 77-93.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2009a): “Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, 117-152. ISSN: 1576-8767 <<http://www.realacademiagalega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3412>>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2009b): “Sobre a estandarización da antroponimia: Anxelo/Anxela e familia”, *Estudos de Lingüística Galega* 1, 191-197. <http://ilg.usc.es/elg/volume/1/peneira/Peneira_Boullon_ELGO1_2009.pdf>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Fernando R. Tato Plaza (1998/99): “Personal names in Galicia as a sign of cultural identification: historical scope and current situation”, *Onoma* 34, 15-44.
- Cano, Ana M^a / Dieter Kremer (2001): “Estudio de los nombres propios”, en Günter Holtus, Michael Metzelin, Christian Schmitt (eds.): *Lexikon*

- der Romanistischen Linguistik (LRL). Bd.I,1: Geschichte des Faches Romanistik; Methodologie (Das Sprachsystem)*. Tübingen: Max Niemeyer, 868-99.
- Carvalhinhos, Patricia (2014): "Brief Overview of Unconventional (or Exotic) First Names in the Brazilian Anthroponymic System", en Oliviu Felecan / Daiana Felecan (eds.): *Unconventional Anthroponyms: Formation Patterns and Discursive Function*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing, 77-107.
- Castro, Ivo (2004): "A atribuição do nome próprio no espaço luso-brasileiro", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Novi te ex nomine. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Barrié, 245-256.
- García Gallarín, Consuelo (2014): *Diccionario histórico de nombres de América y España (estudio preliminar)*. Madrid: Silex Ediciones.
- DAG = Boullón Agrelo, Ana Isabel (coord.) / Luz Méndez / Gonzalo Navaza / Antón Palacio, *Dicionario dos apelidos galegos* (en preparación).
- DNG = Ferro Ruibal, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Ir Indo: Vigo.
- Gerhards, Jürgen (2005): *The Name Game: Cultural Modernization and First Names*. New Brunswick: Transaction Publishers.
- Lieberson, Stanley (2000): *A Matter Of Taste: How Names, Fashions, And Culture Change*. New Haven and London: Yale University Press.
- Méndez, Luz (2011): "Sobre onomástica, o nome do papa e o estándar galego", *Estudos de Lingüística Galega* 3, 239-249. [Sobre o nome Bieito]
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/agon/wpcontent/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia. <<http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>>
- Regueira, Xosé Luís (2007): "Patróns fónicos nos nomes galegos", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 239-255.
- Seixas Subirá, Xaime (1977): *400 nomes galegos pra homes e mulleres*. Santiago: SEPT, 1984⁴.

Recursos en rede

ACS = Arquivo da Catedral de Santiago. <<http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac?action=busquedaavanzada>>

CAG = Ana Boullón / Xulio Sousa (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/CAG/>>

IGE-nomes = Instituto Galego de Estatística. Distribución municipal dun nome. <<http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/nomes.jsp>>

INE-nomes = Instituto Nacional de Estadística (España). Nombres y apellidos mais frecuentes. <<http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm>>

TMILGa = Xavier Varela (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (USC). <<http://ilg.usc.es/tmilg/>> ou <<http://sli.uvigo.es/xelmirez/>>

Anexo: relación alfabética dos nomes galegos no censo (INE 2010)

Anexo 1. Femininos

Adega, Agarimo, Aira, Airela, Airoa, Alborada, Aldara, Aleixa, Alexandra, Alla, Aloia, Altamira, Amaia, Amantia, Amara, Amil, Anduriña, Antela, Anthía, Antía, Anxa, Anxela, Anxeles, Anxélica, Anxos, Aragonta, Aranza, Area, Arnoia, Arousa, Arume, Arxentina, Asunta, Aureana, Auria, Ausenda, Auta, Avia, Baia, Barca, Benedita, Berenguela, Bieita, Branca, Brétema, Bríxida, Caetana, Caridade, Carme, Carmela, Carmiña, Catarina, Catuxa, Cecía, Celtia, Ceo, Chorima, Cíes, Cilla, Comba, Deva, Doa, Dorés, Dorna, Dubra, Dumia, Einés, Eira, Eire, Eirea, Eirín, Eiroa, Erea, Estrela, Eusenda, Euxea, Evanxelina, Faia, Farruca, Felicidade, Flavia, Froíña, Gaia, Gaila, Galicia, Galiza, Hadriana, Helena, Herea, Ibia, Icíá, Iolanda, Irea, Iria, Irímia, Katuxa, Keltia, Lagoa, Leda, Leticia, Leilía, Leira, Leixa, Loaira, Loisa, Lonia, Lúa, Lupa, Mabilia, Madalena, Madanela, Maia, Maianca, Marela, Margarida, Margariña, Mariña, Martiña, Maruxa, Meiga, Meira, Milagres, Minia, Naia, Natevidade, Natividade, Navea, Navia, Neda, Nela, Neves, Noa, Noalla, Noela, Noemia, Noia, Olaia, Olalla, Páscoa, Piedade, Pilara, Pindusa, Pomba, Rosalía, Rosiña, Roxana, Sabel, Sabela, Sainza, Saleta, Sálvora, Saraiba, Saraiva, Sarela, Saudade, Saudades, Serea, Sía, Soledade, Soraia, Suevia, Suriña, Tareixa, Tebra, Tegra, Tereixa, Trega, Ulla, Uxía, Valeira, Viana, Virxinia, Vitoria, Vitorina, Xabela, Xacinta,

Xade, Xaínza, Xaira, Xana, Xandra, Xaquelin, Xaquelina, Xaqueline, Xaquina, Xasmín, Xasmina, Xea, Xeila, Xela, Xema, Xemma, Xena, Xenerosa, Xenevra, Xenia, Xenxa, Xerezade, Xeyla, Xiada, Xiana, Xilda, Ximena, Xina, Xiria, Xisela, Xoana, Xoaquina, Xoelia, Xonxa, Xordana, Xosefa, Xosefina, Xuana, Xudit, Xulia, Xuliana, Xulieta, Xunqueira, Yria, Zaixega, Zeltia

Anexo 2. Masculinos

Abraio, Adrán, Afonso, Agostiño, Airas, Alberte, Aldán, Aleixandre, Aleixo, Alexandre, Alexandro, Alexo, Amadeu, Amaro, Andel, André, Antón, Antucho, Anxel, Anxelo, Anxo, Ares, Artai, Artur, Arximiro, Baltar, Benedito, Benxamín, Bernal, Bieito, Boaventura, Borxa, Brais, Bran, Brandán, Breixo, Breo, Breogam, Breogán, Brigo, Brito, Caetán, Caetano, Caio, Caitán, Calisto, Campio, Catuxo, Cibrán, Cibrao, Cidre, Cilistro, Clodio, Cristobo, Cristovo, Davide, Denis, Dinis, Domingos, Duarte, Eitor, Elixio, Eloí, Ero, Esperante, Estebo, Estevo, Ézaro, Fernán, Filipe, Fins, Firmino, Fiz, Froila, Fuco, Gaiferos, Galaaz, Guillelme, Guillem, Guillermo, Gundar, Gutier, Hadrián, Heitor, Henrique, Iago, Ith, Keltoi, Laro, Ledo, Lemos, Liño, Lois, Lourenzo, Maeloc, Manoel, Mariño, Martiño, Mateu, Miño, Nicolao, Nicolau, Nuno, Paio, Pascoal, Paulo, Perfeuto, Queitán, Quintiño, Roi, Rolán, Romeu, Rui, Sadurniño, Sar, Senín, Serxio, Sidro, Tadeu, Tomé, Uxío, Valente, Vincenzo, Vímara, Virxel, Virxilio, Vítor, Xabi, Xabier, Xacinto, Xacob, Xacobe, Xacobo, Xácome, Xaime, Xairo, Xalo, Xan, Xandre, Xandro, Xano, Xaquín, Xavi, Xavier, Xenaro, Xende, Xenxo, Xerarde, Xerardo, Xeremhías, Xermán, Xerome, Xeromo, Xes, Xesús, Xián, Xiao, Xil, Xilberte, Xinzo, Xiral, Xoán, Xoaquín, Xocas, Xael, Xohán, Xohel, Xonás, Xoaquín, Xorxe, Xosé, Xosué, Xoxé, Xuan, Xulián, Xulio, Xullo, Xurxo, Xusto, Zaqueiel

O etiquetador probabilístico de XIADA e o seu teito de acerto: a elaboración de regras lingüísticas

EVA MARÍA DOMÍNGUEZ NOYA

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

edomin@cirp.es

1. Introducción

A etiquetaxe de corpus debe entenderse aquí como o proceso no que as distintas unidades léxicas dun documento reciben en primeira instancia todas as análises posibles e logo, nunha segunda fase, consecutiva no tempo mais integrada no sistema e polo tanto non separable da anterior, a elección da análise morfosintáctica que se considera que é a correcta en cada ocorrencia; é dicir, a etiquetaxe implica a anotación —asignación de todas e cada unha das etiquetas correspondentes a unha unidade considerada como elemento illado— e a desambiguación —escollo dunha única etiqueta e lema de entre todas as posibilidades para unha unidade considerada no seu contexto—.

Para acometer a etiquetaxe pódese partir dunha aproximación lingüística ou dunha estatística. Segundo Voutilainen (1999), é preferible partir da aproximación lingüística, posto que nunha de tipo probabilístico precísase un corpus de adestramento coidadosamente etiquetado de, para ben ser, centos de miles de palabras. Por riba, segundo este autor, a opción estatística presenta outras dúas limitacións: por unha banda, o seu teito de acerto sitúase no 97% e, pola outra, se o estilo dos documentos a etiquetar non está representado no corpus de adestramento o acerto do etiquetador diminuírá de maneira considerable.

Agora ben, á parte de que este último factor pódeseelles reprochar aos etiquetadores baseados en modelos lingüísticos, tampouco a aproximación lingüística é unha panacea, pois entre as súas desvantaxes están, tal e como manifesta Civit (2003:136), as seguintes:

- (i) el elevado coste de la construcción del modelo de reglas; (ii) la poca transportabilidad de una lengua a otras; y (iii) el hecho de que puede ser poco robusto si el modelo que se ha construído no es lo suficientemente completo.

Graña (2000) describe os distintos sistemas utilizados para a etiquetación de textos en linguaxe natural e avalía catro deles: dous que empregan como

principio de funcionamento os modelos de Markov ocultos (TNT e GALENA), un sistema baseado en regras (BRILL) e finalmente un sistema híbrido que utiliza fundamentos das dúas aproximacións anteriores (JMX). Na súa análise comparativa-contrastiva destaca a preferencia tradicional das aproximacións puramente estocásticas fronte ás aproximacións baseadas en regras, debido a dous factores primordiais: o bo rendemento e, sobre todo, as facilidades de adestramento automático. Remata este autor o seu estudo con dúas conclusións sobre o proceso de etiquetaxe de textos en linguaxe natural: 1) resulta máis adecuado o marco probabilístico ca as aproximacións simbólicas; e 2) os sistemas de etiquetaxe puramente estocásticos deben empregarse en combinación con técnicas de análise sintáctica robusta que reduzan a pequena porcentaxe de palabras etiquetadas erroneamente que sempre están presentes nos sistemas probabilísticos —entre o 2% e o 3%—.

2. Características xerais de XIADA

O *Etiquetador/Lematizador do Galego Actual* XIADA é un etiquetador estatístico baseado nos modelos de Markov de grao 2, desenvolvido conxuntamente polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP) e o grupo COLE das universidades da Coruña e Vigo, destinado a etiquetar automaticamente os documentos do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA)¹, co obxecto de proporcionar recursos e ferramentas para a análise lingüística computacional do galego actual. O de XIADA é, pois, un etiquetador automático estatístico cuxo teito de acerto, situado teoricamente entre o 95%-97%, está condicionado *a priori* polas limitacións propias do método estatístico-probabilístico.

En Domínguez et al. (2009), tras avaliar a etiquetaxe automática realizada polo etiquetador de XIADA sobre todas as noticias do xornal *Galicia Hoxe* do día 17 de marzo de 2007 —a cal, ademais da etiquetaxe, comprende tamén a segmentación e a lematización—, verifícase unha taxa de acerto do 95,99%. Dende aquela é previsible que esa cifra se incrementase lixeiramente por térense producido melloras tanto no lexicón como no corpus de adestramento², posto que o rendemento e precisión dun etiquetador, como afirma Graña (2000), non dependen só da valía da ferramenta en si mesma e do método

¹ <http://corpus.cirp.es/corga>

² Téñase en conta que a etiquetaxe do documento examinado só contou coa guía do *kernel* e do subcorpus de prensa económica.

escolido para etiquetar, senón que existen outros factores, externos á propia ferramenta, que condicionan considerablemente os resultados, e entre os que destacan os seguintes:

- O xogo de etiquetas ou etiquetario. Canto máis grande é o conxunto de etiquetas considerado, máis ambigüidade potencial existe. A etiquetaxe vólvese máis complexa e aumenta a probabilidade de erro calculado sobre o conxunto de todas as palabras dun texto.
- A cantidade de texto de adestramento dispoñible.
- A congruencia entre, por un lado, o corpus de adestramento e o lexicón e, polo outro, o corpus de aplicación.
- As palabras descoñecidas. Depende en gran medida da amplitude do lexicón e do tipo de texto que se pretenda etiquetar.

Deseguido desmiuzarei cada un destes puntos para ver como responde a eles o sistema XIADA.

2.1. Tamaño do etiquetario

EAGLES (*Expert Advisory Group on Language Engineering Standards*)³, grupo que se encargou de avaliar distintos recursos lingüísticos existentes para diferentes linguas europeas⁴ co fin de acadar unha estandarización na codificación do léxico e a etiquetaxe de corpus, recomenda na súa proposta non superar as 100 etiquetas:

Experience (Church, UPenn Treebank, IBM France, etc.) shows that the tagset should be under 100 tags. In fact, the Penn Treebank project collapsed many tags compared to the original Brown tagset, and got better results (Monachini e Calzolari, 1996).

Na mesma liña, segundo Jurafsky (2000), os etiquetarios máis usados para o inglés son o *Penn Treebank*⁵ que consta de 45 etiquetas e foi empregado

³ Leech e Wilson, 1994 e 1996 e Monachini e Calzolari, 1996.

⁴ Compararon os sistemas de codificación dos lexicóns de MULTILEX e GENELEX, a aplicación AlethDic de GENELEX, as especificacións do proxecto NERC relativas a corpus e mais as propostas de Leech e Wilson.

⁵ Véxase <http://www.cis.upenn.edu/~treebank>

para a etiquetaxe do corpus *Brown*⁶, o C5 de 61 etiquetas empregado polo programa CLAWS⁷ para etiquetar o *British National Corpus* (BNC)⁸ e o C7, de 146 etiquetas, utilizado para etiquetar un subconxunto do BNC.

Seguindo esta mesma tónica de simplificación, un exemplo drástico constitúe o etiquetario que utiliza o analizador estatístico para a lingua galega desenvolvido no Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacóns da Universidade de Vigo, empregado na etiquetaxe morfosintáctica dun corpus de galego destinado a aplicacións en sistemas de recoñecemento e síntese de voz (Méndez Pazó et al., 2003a e 2003b; Seijo Pereiro et al., 2004), onde se produce unha diminución do 93%, xa que das 760 etiquetas dispoñibles para a anotación pasan a dispoñer na desambiguación de tan só 53, coas que se acada, quedémonos con este dato, o 97% de acerto.

Non obstante, non todos os sistemas de etiquetaxe seguen as pautas anteriores; pola contra, existen outros que presentan un etiquetario equiparable en tamaño ao de XIADA, ou incluso superior. Así, o *tagset* da versión española do corpus ITU (*International Telecommunications Union CCITT Handbook*), desenvolvido no marco do proxecto CRATER⁹, consta de 492 etiquetas (Sánchez León, 1994); tamén para o castelán, o etiquetario do sistema GALENA (Graña, 2000) emprega 373 etiquetas diferentes, mentres que o do corpus CLiC-TALP (Civit, 2002) usa 370. Xa para a nosa lingua, á parte das 383 de XIADA¹⁰, o sistema do *Corpus Técnico Anotado do Galego* (CTAG)¹¹ (Gómez Guinovart e López Fernández, 2009) utiliza un xogo de 225, mentres que o do *Corpus literario TECTRA inglés-galego*¹² (Aguirre Moreno et al., 2001, 2002a e 2002b), sen ter en conta as que resultan da combinación de etiquetas nas distintas amálgamas, revela 254 simples. Así mesmo, o *tagset* definido en FreeLing para galego (García e Gamallo, 2010) contén 301.

⁶ http://www.essex.ac.uk/linguistics/clmt/w3c/corpus_ling/content/corpora/list/private/brown/brown.html

⁷ <http://ucrel.lancs.ac.uk/claws/>

⁸ <http://www.natcorp.ox.ac.uk>

⁹ <http://www.comp.lancs.ac.uk/linguistics/crater/corpus.html>

¹⁰ <http://www.cirp.es/xiada/etiquetario.html>

¹¹ <http://sli.uvigo.es/CTAG/>

¹² <http://sli.uvigo.es/CLUVI/#tectaig>

Non menciono o tamaño do etiquetario que se emprega no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG)¹³ porque non coñezo ningún traballo que explique o conxunto de etiquetas usado e, ademais, actualmente a listaxe de etiquetas que antes existía en versións precedentes foi retirada na última actualización.

Un punto e unha décima separan a porcentaxe de acerto na etiquetaxe de corpus en galego con 53 etiquetas (97%, o aplicado en recoñecemento e síntese de voz da Universidade de Vigo) e con 383 (95,99%, o de XIADA, aplicado no *Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado* (CORGAetq)¹⁴. Así pois, se ben é certo que o tamaño do etiquetario dificulta as posibilidades de acerto na etiquetaxe, non parece que por si só sexa un factor determinante.

2.2. Corpus de adestramento

Para poder empregar con certas garantías un etiquetador automático estatístico cómpre dispoñer dun conxunto de textos etiquetados o máis amplo e diversificado lingüisticamente posible, para que o sistema conte con datos nos que apoiarse para realizar as súas eleccións. É fácil deducir, así mesmo, que as probabilidades de acerto do etiquetador aumentarán proporcionalmente en relación coa amplitude e mais a variedade temática e estilística do corpus de adestramento que se empregue para exercitalo.

O máis usual é que o conxunto de documentos co que se constrúe un corpus de adestramento se escolla aleatoriamente, mais este sistema de selección non garante a aparición no corpus de todas e cada unha das etiquetas definidas no etiquetario. Por este motivo o corpus de adestramento do sistema XIADA presenta dúas orixes e motivacións distintas:

- 1) Para acadar o obxectivo de que no corpus de adestramento aparezan todas as etiquetas, creouse un subcorpus *ad hoc* cuxa característica principal é a de conter, como mínimo, unha ocorrencia de cada unha das etiquetas. Este subconxunto de texto etiquetado semiautomáticamente denomináse *kernel* ou *núcleo* de XIADA¹⁵.

¹³ <http://www.ti.usc.es/tilg/>

¹⁴ <http://corpus.cirp.es/corgaetq/>

¹⁵ Dispoñible para a súa descarga en <http://corpus.cirp.es/xiada/descargas.html>

- 2) Para lograr a representatividade dos diferentes xéneros e estilos presentes no CORGA, corpus sobre o que se vai aplicar o etiquetador automático, extraemos aleatoriamente deste un subcorpus de arredor de 250 000 formas gráficas por cada un dos grandes bloques do CORGA: prensa, ficción e ensaio.

O corpus de adestramento de XIADA non está aínda pechado¹⁶. Polo momento, construíuse o que os especialistas denominan TCO, o *Training Corpus Zero* e que nós chamamos *núcleo* ou *kernel*. Finalizouse tamén co bloque correspondente ao estilo xornalístico, e está rematado tamén o apartado relativo á ficción. Non obstante, falta por analizar aínda se cómpre incrementar o corpus de adestramento con outros estilos e rexistros. Malia que *a priori* sospeitemos que a complexidade sintáctica típica dos textos ensaísticos ou a aparición no teatro de fórmulas e construcións propias da oralidade recomenden o adestramento para estes rexistros, avaliarase previamente a súa necesidade mediante a etiquetaxe automática de todo o CORGA e a análise pomenorizada dos resultados.

2.3. Congruencia entre o lexicón, o corpus de adestramento e o corpus de aplicación

Dado que o corpus de adestramento (CORGAetq) se extrae do que será o corpus de aplicación, *Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado automaticamente* (CORGAetqa), non existe inconsistencia entre eles nin no estilo dos textos nin nos diferentes rexistros. Pola súa banda, o lexicón, ademais de posibilitar a caracterización morfosintáctica das diferentes formas gráficas que pertencen aos paradigmas dos lemas contidos no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (VOLGa) (González e Santamarina, 2004), incrementouse coas máis de 100 000 formas máis frecuentes do CORGA. Así pois, as similitudes e a consistencia dos recursos, tal como comprobamos en Domínguez et al. (2009), garanten unha precisión alta.

2.4. Tratamento das palabras descoñecidas

A etiquetaxe automática de novos documentos comporta, con total seguridade, a aparición de palabras que non figuran no lexicón e que tampouco presentan ningunha ocorrencia no corpus de adestramento. Isto implica que o etiquetador

¹⁶ A parte que está rematada pode consultarse (<http://corpus.cirp.es/corgaetq/>) ou descargarse (<http://corpus.cirp.es/xiada/descargas.html>).

non dispón de ningunha información sobre a distribución das posibles etiquetas desas formas para as que, con todo, ten que aventurar unha análise. Pois ben, o procedemento de adiviñación e o tratamento das palabras descoñecidas que teña integrado o etiquetador pode marcar a diferenza no rendemento final.

Graña (2000) dá conta de diversos traballos orientados a mellorar a estimación das probabilidades de emisión para as palabras descoñecidas dentro do marco dos modelos ocultos de Markov, e describe polo miúdo o método que actualmente ofrece mellores resultados para as linguas flexivas, que é o que está implementado no sistema XIADA: a análise de sufixos mediante aproximacións baseadas en inferencias Bayesianas. En termos xerais, segundo este método, para o cálculo da etiqueta dunha palabra descoñecida utilízanse as probabilidades de emisión das etiquetas para palabras que rematan co mesmo sufixo no corpus de adestramento, entendendo por sufixo a secuencia final de caracteres dunha palabra. Para o cálculo considérase só as palabras que aparecen menos de 10 veces e unha lonxitude máxima de sufixo de 10.

3. Recursos para mellorar a taxa de acerto

As actuacións lingüísticas que permiten aumentar a taxa de acerto dun etiquetador de tipo probabilístico, ao meu entender, son unicamente tres: incremento do lexicón, incremento do corpus de adestramento e elaboración de regras lingüísticas.

3.1. Incremento do lexicón

Unha das pexas insalvables nun sistema coma o de XIADA consiste en que se unha unidade dada figura no lexicón cunha determinada caracterización morfosintáctica, o etiquetador, malia que os datos estatísticos o informen de que esa etiqueta non é posible no contexto no que aparece, vai asignar a análise que para esa palabra consta no lexicón. É dicir, o lexicón é o recurso principal do que se nutre o etiquetador para proporcionar as análises, e só secundariamente acode ao corpus de adestramento e ás regras. Vémolo cun exemplo. A forma *albergaría* presente na secuencia *Agora, coma responsábel dunha albergaría rural trata de atraer visitantes e dinamizar unha terra cada vez máis baleira*, é etiquetada como 3ª do singular do pospretérito de indicativo na etiquetaxe automática, malia estar precedida dun artigo feminino e seguida dun adxectivo, porque no lexicón non figura a caracterización correspondente ao substantivo e si está presente a do paradigma verbal de *albergar*. Isto de-

mostra que non se deberon implementar masivamente no lexicón os verbos a partir dos índices que figuraban nos manuais de conxugación¹⁷. Solventalo non vai ser doado, pois non hai maneira de identificar ese conxunto de unidades máis que coa análise directa do corpus etiquetado. Naturalmente, é factible recorrer ás consultas de combinacións sintagmáticas nas que non é posible un verbo, mais este método xa require determinar cales son esas construcións e realizar consultas sucesivas para, posteriormente, proceder á implementación das novas entradas.

A outra vía de entrada para a mellora do lexicón é a procedente dos lemas para cuxa caracterización o sistema non conta con información; é dicir, aquelas formas que trata como descoñecidas. Neste caso, dado que o etiquetador non asigna lema e no seu sitio aparece un asterisco¹⁸, é sinxelo localizar e mais extraer as unidades descoñecidas, xunto coa súa frecuencia de uso, para logo implementar as unidades correspondentes no lexicón. Porén, a diferenza das unidades do parágrafo anterior, as que integran este grupo entran no conxunto das descoñecidas, co que é posible e probable, depende de cada caso concreto, que o etiquetador atine coa caracterización.

A revisión da listaxe de formas descoñecidas serve ademais para detectar anomalías no recoñecemento e caracterización das entradas do lexicón. Ou sexa, non só se pode mellorar o sistema coa introdución de novos lemas, senón tamén coa corrección de erros nas entradas xa existentes.

3.2. Incremento do corpus de adestramento

En relación cos estilos que faltan por adestrar, o ensaístico e o dramático, creo que, en principio, fóra a presenza dun léxico máis técnico ao que pode darlle cobertura o lexicón, a efectos de etiquetaxe, o estilo ensaístico é unha variante do xornalístico, coa diferenza de que o ensaístico, ao non estar influenciado pola inmediatez típica da prensa, posúe lingüisticamente máis calidade, polo que non se precisaría un subcorpus específico para adestrar o ensaio. Agora ben, no tocante ao teatro, a pesar de que a oralidade característica da maior

¹⁷ Introducíronse sen ter en conta a frecuencia de uso os verbos que recollían M. Díaz Regueiro (1992) e R. Nicolás Rodríguez (1993).

¹⁸ Marca coa que escollemos sinalar na etiquetaxe automática a ausencia do lema no lexicón. Podería ter sido calquera outro signo o elixido, mais o importante é marcar dalgún xeito esa ausencia, de modo que resulte cómodo recuperar a información relativa ás unidades que non están contidas no lexicón.

parte das obras dramáticas poida ampararse nos diálogos do subcorpus de ficción, débese ter presente, non obstante, que os diálogos constitúen só unha parte deste, e que a existencia de construcións máis simples, pero menos frecuentes, unha orde dos constituíntes máis flexible, así como a presenza de numerosas formas persoais de segunda, singular e plural, os vocativos, as interxeccións etc., recomendan crear un subcorpus específico de adestramento co fin de que o rendemento do etiquetador no teatro tamén sexa alto.

3.3. Regras lingüísticas

Coas actuacións nos dous campos anteriores —aumento do lexicón e creación do corpus de adestramento específico para teatro— situariámonos, teoricamente segundo os especialistas, no 97% de acerto, límite non superable para o método estatístico. É dicir, inda no mellor dos casos, se o lexicón e o corpus de adestramento a partir do cal o etiquetador infire a gramática da lingua coa que traballa están ben deseñados e son o suficientemente amplos, non se superará o 97% de acerto cun sistema probabilístico. Agora ben, esa porcentaxe pódese sobrepasar, como apuntan Padró (1998) ou Graña (2000), coa combinación de técnicas de análise sintáctica robusta que reduzan a porcentaxe de palabras etiquetadas erroneamente. Neste sentido, unha das opcións posibles, e creo que única tal e como está deseñado o sistema XIA-DA, é a elaboración de regras lingüísticas que corrixa erros de etiquetaxe recorrentes cos que a probabilística non atina. Así e todo, nin coa inclusión masiva de regras poderemos chegar ao 100%, pois ao meu parecer esa cifra non está ao alcance dun sistema automático. Como moito, poderase acrecentar a taxa de acerto entre un punto e dous, mais obter unha etiquetaxe perfecta dun corpus amplo é unha quimera. Por unha banda, a perfección é inalcanzable aínda que se etiqüete manualmente, ben sexa pola existencia de erros ben por discrepancias nos criterios de etiquetación entre os distintos anotadores; pola outra, para situarse moi cerquiña do 100%, cumpriría ampliar os recursos existentes con outros de tipo semántico (por exemplo, incorporando acepcións) e sintáctico (por exemplo, introducindo esquemas argumentais para cada verbo), e aínda así, cando se traballa con lingua real, isto é, sen manipular os textos a etiquetar, e máis cunha lingua coma o galego, mal que nos pese en proceso de normativización, os obstáculos multiplícanse. Ao longo do que segue entenderase o porqué destas afirmacións.

As regras que describo a continuación non inclúen as que forman parte do subsistema verbal (Barcala et al., 2007; Domínguez, 2013), xa que a súa fina-

lidade diverxe da das actuais. Aquelas son un conxunto de regras elaboradas en formato xml para axudarlle ao subsistema verbal tanto na segmentación e anotación de enclíticos como na das formas verbais cando van acompañadas de enclíticos. Estas, pola contra, non se circunscriben a guiar as varias posibilidades de segmentación e anotación que pode posuír unha unidade concreta —nivel de anotación—, senón a corrixir erros recorrentes en unidades léxicas de calquera categoría, afecten estes á segmentación, á etiquetaxe ou á lematización —nivel de desambiguación—.

A premisa que rexe a redacción das regras consiste en cortar camiños, non en indicar cal é o correcto, polo que as regras deben formularse en negativo. É dicir, ante o diagrama seguinte —onde, *a*, *b* e *c* son as unidades léxicas a etiquetar; os X que hai debaixo delas indican cada unha das posibles etiquetas que corresponden a esas unidades; as frechas representan os diferentes camiños que pode seguir o etiquetador; e, finalmente, o trazado marcado con liña discontinua indica cal é a etiquetaxe correcta— debemos impedir con regras os camiños de liñas continuas para que ao etiquetador non lle quede máis opción ca optar pola correcta.




Figura 1. Camiños posibles nun trigramma

Trátase, pois, de conseguir que o etiquetador siga o camiño correcto cerrándolle os erróneos, mais sen perder de vista que a regra que construíamos debe ser sempre válida, non entrando en conflito con outra existente nin, á súa vez, ser a única posibilidade de análise desas mesmas formas noutro contexto.

Para a formalización das regras posuímos catro campos, os correspondentes a *forma*, *etiqueta*, *lema* e *unidade*.

A *unidade* identifícase en xeral con forma ortográfica, salvo naqueles casos en que a agrupación de máis dunha palabra dá lugar a unidades multipalabra, como son os diversos tipos de locución ou algúns nomes propios. Así, ao lado de *casa*, *quixemos*, *Xan*, *pouquiño* etc. e dos diversos tipos de amálgamas

coma *dunha*, *coas*, *dáme* ou *tróuxenllelo*, constitúen tamén unha *unidade*, por exemplo, *Santiago de Compostela*, *San Cibrao das Viñas*, *a carón da* ou *vinte e sete*. A existencia das amálgamas, ou sexa, de dous ou máis elementos gramaticais baixo unha mesma palabra gráfica onde cada un dos compoñentes posúe unha etiqueta propia e un lema diferente, forza a aparición do elemento *forma*, que podemos identificar con *unidade léxica* ou *elemento gramatical*; é dicir, a verdadeira unidade de análise do etiquetador, á que lle corresponde sempre unha etiqueta e un lema.

A orde dos campos é loxicamente fixa, e o signo ortográfico elixido para separalos é a coma. Un *x* situado inmediatamente despois dunha análise corta ese camiño. Por exemplo:

nos,Raa3mp,o,nos,x

onde, dado que a unidade *nos* só pode aparecer como elemento do paradigma do pronome de terceira se vai en énclese, indícaselle ao etiquetador que a forma *nos* cando se etiqueta como Raa3mp (Pronome, átono, acusativo, 3ª, masculino, plural), cuxo lema é *o*, non é unha análise correcta se *nos* aparece como unidade; polo tanto, ao impedir esa selección, o etiquetador ten que optar por outra das análises posibles: ben a de pronome de primeira plural, ben a de contracción de preposición e artigo.

Os campos poden ser especificados na súa totalidade, en parte, ou non selo. O punto substitúe neles un carácter, mentres que o asterisco emprégase para substituír un ou máis caracteres; para a non especificación do campo recorreremos ao guión baixo. Naturalmente, posto que a redacción da maioría das regras o esixe, pódense empregar varias análises consecutivas; estas sepáranse cun tabulador, situando o *x* sempre á dereita da análise concreta sobre a que se quere incidir. Por exemplo, a regra seguinte imposibilita a análise desagregada da unidade *en canto* cando está seguida inmediatamente por unha forma verbal en subxuntivo, co que a única opción posible é a caracterización como locución conxuntiva:

en,_en,_ canto,_canto,_x_,V.s*,_,_,

Así mesmo, á hora de formular regras resultan moi útiles as opcións de indicar que un determinado campo, sobre todo cando están implicadas etiquetas e unidades, non pode estar constituído por un elemento dado —para o que empregamos o signo de admiración de peche (!)—, ou a de sinalar máis dunha posibilidade no interior do mesmo campo —para o cal empregamos a barra

vertical (|)—. Así, para determinar que cando hai dúas unidades léxicas *se* seguidas a análise que lle corresponde á primeira delas, se non aparece enclítica a unha forma verbal, é a de Cs (Conxunción subordinante), establécese:

se,Rao3aa,_,!se,x se,Rao3aa,_,se

onde *!se*, no campo correspondente á unidade, marca que aí pode aparecer calquera forma verbal combinable co pronome *se*, pero non *se* como unidade ortográfica illada.

A maneira de indicar que *a* non é preposición cando despois segue forma verbal indicativa ou subxuntiva simplifícase con |, pois permite reunir as dúas etiquetas na mesma regra:

a,P,_,_,x _,V.i*|V.s*,_,_

Ata aquí chega a descrición dos diversos elementos que interveñen na formulación de regras. Agora ben, fronte á simplicidade das que vimos, o máis habitual é que para reconducir a etiquetaxe dunha forma se precise máis dunha regra, e que estas sexan bastante complexas. E, aínda así, resulta case imposible esgotar todos os camiños incorrectos debido ás múltiples ambigüidades típicas da lingua que dificultan o establecemento de regras. Deseguido imos ver o percorrido completo desde a detección dun problema ata a súa suposta solución, incluíndo tamén os obstáculos cos que bate.

Por exemplo, un erro frecuente do etiquetador prodúcese ao confundir formas verbais de primeira plural con formas verbais coa contracción do pronome de primeira e mais o de terceira acusativo plural en énclese. É dicir, *estamos* fronte a *está + me + os*. Nos resultados inflúe, sen dúbida, o feito de que no lexicón non estivesen recollidas as variantes non normativas con acentuación esdrúxula para a P4: *cantábamos, faríamos, comíamos, dicíamos, podíamos* etc., co que se incrementa a estatística a favor da amálgama de clíticos.

O primeiro paso consiste entón en darlles cabida no lexicón verbal ás formas con acentuación proparoxítona da P4 e P5 nos diversos grupos conxugacionais creados para facilitar o recoñecemento e caracterización automáticos da conxugación verbal. A compleción da conxugación con esas desinencias equilibra a etiquetaxe, de xeito que o etiquetador optará por 1 (*estamos, fixésemos...*) ou 2 (*está/fixese... + me + os*) en función da estatística. É o momento de intentar reducir formalmente as posibilidades de aparición dunhas e outras mediante regras.

Sábese que cando preceden certos adverbios é de regra a próclise, polo que en teoría sería imposible a análise de forma verbal con enclíticos. Pódese logo formular a regra nos seguintes termos: se as formas *acaso*, *ata*, *case*, *disque*, *eis*, *incluso*, *mesmo*, *quizais*, *seica*, *si*, *velaquí*, *xa*, *aínda*, *inda*, *axiña*, *sempre*, *só*¹⁹ etc. preceden unha forma verbal cuxa unidade remata en **mos* e está seguida polo clítico de dativo de primeira singular e mais o de acusativo masculino plural esa análise non é válida, así que o etiquetador debe optar por outra, o que o leva necesariamente cara á forma de 1ª plural:

acaso|ata|case|...²⁰_,_,_ _V*, *_mos me,Rad1.s,me,_os,Raa3mp,o,_x

Non obstante, débense ter en conta dous factores: 1) certas formas da lista anterior presentan ambigüidade categorial, como son *ata* (preposición, adverbio, verbo), *mesmo* (adverbio, indefinido) ou *si* (pronome, adverbio, conxunción non normativa). Esta pexa sálvase especificando na regra a categoría gramatical de adverbio. 2) É posible atopar combinacións dalgún adverbio da listaxe anterior seguido polo conglomerado de forma verbal en **mos* no que *-mos* é a amálgama de enclíticos: *Foi preguntarlle polos cartos e xa darmos*. Con todo, esas ocorrencias limítanse ao infinitivo, co que é factible reformular a regra e reducir a aparición de verbo a unha forma conxugada de indicativo ou subxuntivo:

acaso|ata|case|...,Wn,_,_ _V.i*|V.s*, *_mos me,Rad1.s,me,_os,Raa3mp,o,_x

Outra posible regra enunciabile consistiría en cortar a análise cando o pronome tónico *nós* precede a forma verbal con *-mos* enclítico, pero esta regra é innecesaria por canto o CORGA etiquetado automaticamente só devolve unha ocorrencia, que é a seguinte:

¿O que é certo, ou aquilo que nós crémos que o poida ser?...

[X. Bernárdez Vilar, *A saga da illa sen noite*, Toxosoutos, 2001]

O erro de acentuación en *crémos* provoca que a forma non se recoñeza como 1ª plural e que *cré* sexa identificado seguindo o sublexicón verbal como forma verbal que se constrúe con clíticos, análise que sería a axeitada se a amálgama enclítica non fose monosilábica.

¹⁹ A listaxe pode extraerse de calquera gramática.

²⁰ Introduzo puntos suspensivos aquí para non facer interminable a lista de adverbios e favorecer unha mellor visualización da regra, mais lémbrese que ese signo ortográfico non aparece na regra implementada.

Algo similar ocorre cando precede a forma verbal con *-mos* enclítico un pronome átono, pauta que tamén se podería empregar para anular análises, mais cuxa consulta demostra que o etiquetador inferiu xa esa regra ao proporcionar un só resultado:

Non lle dimos moito traballo.

[V. Freixanes, *O triángulo inscrito na circunferencia*, Galaxia, 1982]

A diferenza do caso anterior, neste non hai erros ortográficos, e se o etiquetador o desagrega en forma verbal de 3ª singular do lema *dicir* mais amálgama de enclíticos débese a que a forma non normativa *dimos*, pertencente ao paradigma de *dar*, non foi incorporada aínda ao sistema.

Crémos e *dimos* constitúen unha mostra dos múltiples atrancos cos que baterá calquera sistema automático que traballe co galego actual. O primeiro exemplifica un erro ortográfico do que non está libre ningunha lingua; o segundo evidencia a presenza no corpus de elementos que non seguen a normativa oficial. Ambos tipos dificultan a etiquetaxe automática e incrementan as posibilidades de erro, mais, fronte ás erratas, para as que non é esperable unha análise correcta nin que un programa de análise teña incorporado un módulo propio, os dialectalismos, castelanismos, ultracorreccións etc., precisamente pola súa frecuencia de uso e por entender que tamén forman parte do galego actual, teñen que estar integrados na etiquetaxe.

4. Avaliación das regras implementadas

Freeling ofrece dous etiquetadores cunha precisión do estado da arte (97%-98%): un fundamentado nos modelos ocultos de Markov e outro híbrido que permite a combinación de información estatística con regras manuais (García e Gamallo, 2010; Padró, 2011). Agora ben, na adaptación ao galego de Freeling de momento só se empregou o método puramente estatístico (García e Gamallo, 2010), polo que o presente traballo abre a porta á creación manual de restriccións lingüísticas para desambiguación automática en lingua galega. Esta liña está xa consolidada por exemplo para o inglés: Toutanova *et al.* (2003) sitúan a precisión da desambiguación enriquecida con restriccións lingüísticas para o Penn Treebank WSJ no 97,24%, mentres que Manning (2011) a eleva ao 97,67%.

No noso caso, avaliar a precisión resultante do etiquetador de XIADA tras a implementación de medio cento de regras é aínda unha tarefa pendente. Con todo, si

se verifica coa etiquetaxe automática do CORGA (versión interna do CORGA etiquetada automaticamente) a idoneidade e alcance das regras. Isto é, o etiquetador analiza coas regras activadas, mais se algunha impide a análise, ben porque non teña outra opción ben porque bata con algunha outra regra, desactiva a regra que lle afecta, sinala o *warning* e procede a etiquetar a secuencia en conflito. O exame detido dos *warnings* ofrécenos información moi valiosa:

1) É todo un logro que a etiquetaxe automática practicada sobre 29 millóns de formas ortográficas (versión 1.6 do CORGA) só devolva 90 secuencias nas que se produce un *warning* provocado por unha regra.

2) Hai dous tipos de *warnings*, determinados pola ausencia ou presenza no lexicón do elemento gramatical que ocasiona o problema. A regra que indica²¹ que as catro formas do artigo determinado, salvo que aparezan nunha contracción non ambigua, non poden estar seguidas por unha forma verbal de indicativo ou subxuntivo provoca a aparición de ambos os tipos:

a) *WARNING: token <token> is getting open tags.* Son formas descoñecidas ás que o etiquetador lles asigna mediante análise de sufixos unha etiqueta candidata, mais esa etiqueta rexéitaa unha regra, o que o obriga a ter en conta todas as etiquetas abertas e recalcular. Son mostra deste apartado *colegueo, cristales, carreteras, somanta, gardaparques* etc. Así, por exemplo, *colegueo* é etiquetado inicialmente como verbo, 1ª persoa do presente de indicativo sen lema, pero a aparición xustamente antes dun artigo nunha contracción provoca que actúe a regra, anulando esa análise e obrigando a outra caracterización.

b) *WARNING: Sentence -- <sentence> -- had to be analyzed without pruning rules.* O lexicón propicia o recoñecemento da forma, mais hai unha regra que indica que esa combinación de etiquetas non é posible; como para el non hai outro camiño, bloquea a regra. Exemplifican este apartado *fabricas, correrías, tanteo, cante* etc. Así, *correrías* é analizado como verbo, 2ª persoa singular do pospretérito, pois non existe no lexicón a entrada para o substantivo sinónimo de *aventura*, e si está a correspondente ao verbo *correr*. A regra impide

²¹ a|as|o|os,Dd*,_,!á|da|coa|na|cá|prá|ás|das|coas|nas|cás|prás|ó|ao|do|co|no|có|pró|ós|aos|dos|cos|nos|cós| prós, _,V.i*|V.s*,_,_x

esa análise por precedelo un artigo, pero o etiquetador entende que non hai outra posibilidade e bloquea a regra.

3) A regra non é correcta, pois existen casos no corpus que demostran a súa invalidez. Débese, polo tanto, eliminar. Ocorre esto cunha das regras que pretendía restrinxir a desagregación en forma verbal e mais os clíticos *me* e *os*:

,V*,,*mos me,Radl.s,me,_,os,Raa3mp,o,_,_,A0.p|V0p0.p|Sc*|D*,_,_x

4) A regra non está correctamente formalizada, polo que debe corrixirse. Por exemplo, na seguinte débese eliminarse o primeiro x:

menos|máis|,W,_,_,x con,P,con,_,_ a,Ddfs,o,_,_x

5) A regra debe refinarse pois, inda que é correcta en xeral, hai algunha característica que debe suprimirse. Ocorre isto, por exemplo, coa regra seguinte, onde a aparición de *a través da cada día máis crecente emigración* indica que si pode haber un indefinido masculino seguindo o artigo feminino.

a,Ddfs,o,|á|da|coa|na|cá|prá|,x_,_D.ms|E.ms|M*ms|I.ms,_,_

6) Por último, outras sinalan algún erro nos recursos que propician o recoñecemento. Así, *saíamos* ou *oíamos*, formas non normativas do copretérito deberían ser recoñecidas, mais non o son. A consulta ao grupo derivacional que permite a conjugación dos verbos englobados baixo o modelo Vi5 —oír, saír e derivados— indica que existe un erro nas desinencias: en vez de *íamos* debería estar *amos*, pois o *í* xa aparece na raíz, *saí*²².

A maior parte dos erros localízanse no grupo 2B), con 66 casos²³; e dentro destes, a inmensa maioría repártense entre a regra enunciada na nota 22 e a formulada no apartado 3). Fronte a esta última, que hai que reformular, a regra da nota ao pé é válida, polo que cómpre atopar a maneira de que o etiquetador entenda que a pesar de figurar unha determinada caracterización no lexicón, se unha regra a anula, debe desfacer a análise e actuar como se

²² O lexicón de XIADA non está constituído por unha mera relación de formas gráficas ás que se lles proporciona unha etiqueta e lema. As formas son xeradas a partir da información que contén cada entrada: raíz, lema, subetiqueta e grupo de derivación. No caso que nos ocupa a información correspondente é: *saí saír V Vi5b*, e no grupo Vi5b aparecen todas as desinencias que permiten xerar e recoñecer as formas verbais de *saír* que posúen acento na vogal temática.

²³ Os 34 casos correspondentes ao apartado 2A non requiren modificacións, salvo que se desexa integrar esas formas no lexicón.

fose unha forma descoñecida (o que en realidade é). Nesta dirección, así como na corrección das que están mal e na elaboración de novas regras, debe encamiñarse o traballo futuro.

Agora ben, non deixa de ser realmente gratificante para un lingüista ver como, debido á creación dunha regra, o etiquetador rexeita, por exemplo, a análise de contracción de preposición e mais artigo para *nos* na secuencia *Dámos a continuación unhas nocións de óptica que nos virán ben para comprende-lo comportamento da luz baixo o mar* e etiqueta correctamente como pronome átono:

```
(os/Ddmp/["o"]/nos)(virán/Vfi30p/["vir"]/virán)(ben/Wn/["ben"]/ben)(para/P/["para"]/para)(comprender/V0f000/["comprender"]/comprende-lo)
```

```
(en/P/["en"]/nos)(os/Ddmp/["o"]/nos)(virán/Vfi30p/["vir"]/virán)(ben/Wn/["ben"]/ben)(para/P/["para"]/para)
```

```
rejected by RULE en,P,en,_ os,Ddmp,o,_ _V*,_x
```

```
(nos/Rad1ap/["nos"]/nos)(virán/Vfi30p/["vir"]/virán)(ben/Wn/["ben"]/ben)(para/P/["para"]/para)(comprender/V0f000/["comprender"]/comprende-lo)
```

5. Conclusións

O presente traballo describe os factores que inciden na taxa de acerto dun etiquetador automático de tipo estatístico como é o *Etiquetador/Lematizador do Galego Actual* (XIADA). Na breve análise que se realiza sobre o tamaño do etiquetario, a adecuación do lexicón e mais do corpus de adestramento ao corpus de aplicación e o tratamento das palabras descoñecidas confírmase a preeminencia destes últimos recursos sobre o tamaño do etiquetario, o cal, malia que incrementa a ambigüidade potencial por ser grande (386 etiquetas), non impide unha precisión alta (95,99%, datos do 2009).

Así mesmo, co fin de incrementar a taxa de acerto de XIADA e corrixir os casos con maior frecuencia de erro, a semellanza do que xa hai uns anos se está aplicando noutras linguas, este traballo mostra os parámetros empregados na redacción de regras lingüísticas para a lingua galega e exemplifica con casos reais. Finalmente, avalíase a adecuación do medio cento de regras implementadas en XIADA coa etiquetaxe automática do CORGA e constátase a validez da maior parte delas, malia a necesidade de refinar ou incluso eliminar algunha.

Porén, falta por determinar en que medida porcentual se incrementou a precisión do desambiguador de XIADA, tarefa que debe realizarse nun futuro próximo.

Bibliografía

- Aguirre Moreno, J. L., N. Andión Rodríguez e X. Gómez Guinovart (2001): «Aspectos ortográficos, léxicos y morfosintácticos del etiquetado lingüístico de un corpus de informática en lengua gallega», *Procesamiento del Lenguaje Natural* 27, pp.13-19.
- Aguirre Moreno, J. L., A. Álvarez Lugrís e X. Gómez Guinovart (2002a): «Etiquetario morfosintáctico del SLI para corpus de lengua gallega: aplicación al corpus paralelo TECTRA», *Procesamiento del Lenguaje Natural* 28, pp. 23-34.
- Aguirre Moreno, J. L., A. Álvarez Lugrís e X. Gómez Guinovart (2002b): «Aplicación do etiquetario morfosintáctico do SLI ó corpus de traducións TECTRA», *Viceversa* 7/8, pp. 207-229.
- Barcala, F. M., M. A. Molinero e E. Domínguez (2007): «XML rules for enclitic segmentation», en R. Moreno-Díaz, F. Pichler e A. Quesada-Arencibia (eds.): *Computer Aided Systems Theory*, volume 4739, *Lecture Notes in Computer Science*, Berlin-Heidelberg-New York: Springer-Verlag, pp. 273-281.
- Civit Torruella, M. (2003): *Criterios de etiquetación y desambiguación morfosintáctica de corpus en español*, SEPLN (Colección Monografías, 3).
- Civit Torruella, M. (2002): *Guía para la anotación morfológica del corpus CLiC-TALP* (versión. 3), Informe técnico X-Tract WP-00/06. www.cs.upc.edu/~nlp/tools/guia_anot.ps.gz
- Díaz Regueiro, M. (1992): *Os verbos galegos*, Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Domínguez Noya, E., F. M. Barcala Rodríguez e M. A. Molinero (2009): «Avaliación dun etiquetador automático estatístico para o galego actual: Xiada», *Cadernos de Lingua* 30/31, pp. 151-193.
- Domínguez Noya, E. (2013): *Etiquetaxe e desambiguación automáticas en galego: o sistema XIADA*, Tese de doutoramento, Santiago de Compostela: Repositorio Minerva: <http://hdl.handle.net/10347/9587>
- García, M. e P. Gamallo (2010): «Análise morfosintáctica para Português Europeu e Galego: Problemas, Soluções e Avaliação», *Linguamática* 2(2), pp. 59-67.

- Gómez Guinovart, X. e S. López Fernández (2009): «Anotación morfosintáctica do Corpus Técnico do Galego», *Linguamática* 1(1), pp. 61-71.
- González González, M. e A. Santamarina Fernández (coords.) (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, A Coruña/Santiago de Compostela: RAG/ILG.
- Graña Gil, J. (2000, *Técnicas de Análisis Sintáctico Robusto para la Etiquetación del Lenguaje Natural*, Tese de doutoramento, A Coruña, Departamento de Computación, Universidade da Coruña.
- Jurafsky, D. e J.H. Martin (2000): *Speech and Language Processing: An Introduction to Natural Language Processing, Computational Linguistics, and Speech Recognition*, Prentice Hall.
- Leech, G. e A. Wilson (1994): «Morphosyntactic Annotation. Draft-Work In Progress, EAGLES Document EAG-CSG/IR.T3.1», en N. Calzolari e J. M. McNaught (eds.): *EAGLES Interim Report EAG-EB-IR-2*.
- Leech, G. e A. Wilson (1996): *Recommendations for the Morphosyntactic Annotation of Corpora*. EAG-TCWG-MAC/R. <http://www.ilc.cnr.it/EAGLES96/annotate/annotate.html>
- Manning, C. D (2011): «Part-of-speech tagging from 97% to 100%: is it time for some linguistics?», en A. Gelbukh (ed.): *Computational Linguistics and Intelligent Text Processing, 12th International Conference, CICLing 2011, Proceedings, Part I*, Lecture Notes in Computer Science 6608, Springer, pp. 171-189. <http://nlp.stanford.edu/~manning/papers/CICLing2011-manning-tagging.pdf>
- Méndez Pazó, F., F. Campillo Díaz; E., Rodríguez Banga e E. Fernández Rei (2003a): «Análisis morfosintáctico estadístico en lengua gallega», *Procesamiento del Lenguaje Natural* 31, pp. 159-166.
- Méndez Pazó, F., F. Campillo Díaz e E. Rodríguez Banga (2003b): «Modelado morfológico estadístico aplicado a la síntesis de voz», *URSI 2003: XVIII Simposium de la Unión Científica Internacional de Radio*. http://w3.iec.csic.es/ursi/articulos_modernos/articulos_coruna_2003/actas_pdf/SESSION%201/S1.%20Aula%202.4/1324%20-%20MODELADO.pdf
- Monachini, M. e N. Calzolari (eds.) (1996): *Synopsis and Comparison of Morphosyntactic Phenomena Encoded in Lexicons and Corpora. A Common Proposal and Applications to European Languages*. EAG-CLWG-MORPHSYN/R. <http://www.ilc.cnr.it/EAGLES96/morphsyn/morphsyn.html>
- Monachini, M. e N. Calzolari (1999): «Standardization in the Lexicon», en H. van Halteren (ed.): *Syntactic wordclass tagging*, Dordrecht: Kluwer Academic Publishers, pp. 149-174.

- Nicolás Rodríguez, R. (1993): *Diccionario dos verbos galegos*, Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Padró, L. (1998): *A hybrid environment for syntax-semantic tagging*, Tese de doutorament, Barcelona. <http://arxiv.org/pdf/cmp-lg/9802002.pdf>
- Padró, L. (2011): «Analizadores Multilingües en Freeling», *Linguamática* 3(2), pp. 13-20.
- Sánchez León, F. (1994): «A Spanish tagset for the CRATER project.» http://xxx.lanl.gov/PS_cache/cmp-lg/pdf/9406/9406023v1.pdf
- Seijo Pereiro, L., A. Martínez Ínsua, F. Méndez Pazó, F. Campillo Díaz e E. Rodríguez Banga (2004): «A Galician Textual Corpus for Morphosyntactic Tagging with Application to Text-to-Speech Synthesis», en M. T. Lino, M. F. Xavier, F. Ferreira, R. Costa e R. Silva (eds.): *LREC 2004: Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation (Lisboa, 26-28 May 2004)*, París: European Language Resources Association (ELRA), pp. 1759-1762. <http://gandalf.aksis.uib.no/non/lrec2004/pdf/111.pdf>
- Toutanova, K., D. Klein, C. D. Manning e Y. Singer (2003): «Feature-Rich Part-of-Speech Tagging with a Cyclic Dependency Network», *Human Language Technology Conference (HTL-NAACL 2003)*, pp. 173-180. <http://ilpubs.stanford.edu:8090/603>
- Voutilainen, A (1999): «Hand-Crafted Rules», en H. van Halteren (ed.): *Syntactic wordclass tagging*, Dordrecht: Kluwer Academic Publishers, pp. 217-246.

A complexidade das equivalencias nos dicionarios bilingües ITAGAL e GALITA

ISABEL GONZÁLEZ

(Universidade de Santiago de Compostela)

A Xesús Ferro,
que tanto pescuda coas palabras

Coa finalidade de lle dar un espazo á lingua galega, levamos varios anos traballando en lexicografía contrastiva, fundamentalmente italiano-galega, e tanto na redacción dos dicionarios Italiano-Galego (ITAGAL) e Galego-Italiano (GALITA), como noutras publicacións, artigos de revista, capítulos de libros, etc. tivémonos que enfrontar á dificultade que supoñen as equivalencias. Ímonos referir agora, xa que logo, á complexidade con que nos atopamos e ao modo de poñerlle solución, seguindo, sobre todo, a teoría e a práctica lexicográfica de María Teresa Sanmarco, que neste terreo conta xa cun prestixio a nivel internacional¹.

Partindo da nosa experiencia na elaboración dos dicionarios antes mencionados, imos tratar de explicar a maneira en que se poden resolver, segundo o noso criterio, algúns dos problemas relacionados coas equivalencias á hora de elaborar as entradas dun dicionario de linguas afíns como son o galego e o italiano.

Os dicionarios (ITAGAL e GALITA²) son unha ferramenta moi útil para os nosos alumnos, porque foron pensados, principalmente, para aqueles que sendo galegos queren aprender a lingua de Dante, ou mesmo para os italianos que desexen aprender a nosa lingua. O seu obxectivo é que sirvan non soamente para traducir senón tamén para producir textos. Non debemos esquecer que non todos os destinatarios dun dicionario buscan o mesmo resultado: os estudantes dunha lingua esperan atopar unha explicación e un equivalente, os tradutores case con certeza coñecen perfectamente o significado, pero precisan o equivalente para completar o texto.

¹ Hai máis de vinte anos que vimos traballando xuntas en temas lexicográficos, sendo ela a miña mestra e eu a súa discípula.

² Dende hai anos atópome redactando no Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades o dicionario GALITA, que neste momento está nunha fase avanzada. Espero que non tarde moito en se rematar e publicar.

Como redactora e tamén usuaria de dicionarios bilingües, considero que o tema do tratamento das equivalencias é un dos máis dificultosos do noso traballo de lexicógrafos. Con algúns exemplos pretendemos mostrar a nosa decisión para intentar resolver a complexidade que se esconde tras o artigo, centrándonos neste momento, como xa dixemos, nos dicionarios bilingües nos que temos traballado.

O italiano e o galego (ou o italiano e o castelán) non solo son linguas afíns, en canto á súa orixe, senón que ademais posúen un contexto cultural moi semellante. Baseándonos neste feito poderíamos pensar que o binomio lingua/cultura está integrado por dúas caras dunha mesma moeda, sen embargo demasiado a miúdo os dicionarios bilingües italiano-españóis presentan fortes carencias con respecto á dimensión cultural, que nalgúns contextos faise particularmente presente porque non soamente difire senón que incluso pode chegar a ser diverxente.

Desde pequenos, temos aprendido a utilizar o dicionario monolingüe para resolver as nosas dúbidas lingüísticas, primeiro con respecto á nosa propia lingua e despois, nun segundo momento, ao comezar a estudar un idioma estranxeiro. Nese momento é cando empezamos a utilizar un dicionario bilingüe.

Nun dicionario bilingüe como o noso, moitas veces, como xa subliñamos, non é doado atopar a equivalencia exacta na lingua de chegada. Cal é o equivalente italiano de churro? non é *fritella* nin o de empanada é *panzerotto* nin *calzone*; teñen o mesmo aspecto pero non son equivalentes, *piovigginare* é o equivalente exacto de chubiscar?, como se traducen ao italiano as diferentes denominacións galegas de choiva, segundo a súa intensidade: chuvisca, babuña, babuxa, barbaña, barbuña, barruñeira, barbuza, barruzo, bátega, chaparrada, chuviñada, froallo, mocalleira, orballeira, orballo, poalla, zarzallo, etcétera? O mesmo pasa, claro está con moitas palabras italianas, á hora de atopar un equivalente exacto en galego. Pensemos por exemplo na verba *taleggio*, (un tipo de queixo curado, cunha conservación moi particular para que adquira as condicións óptimas). Parécenos que é unha boa solución, por exemplo, traducir *taleggio* como *queixo taleggio*, mesturando o hiperónimo explicativo co termo intraducible. Que é exactamente unha bruschetta? non é unha torrada, é unha rebanda de pan torrada (untada con allo e aderezada con sal e aceite de oliva). As rebandas da bruschetta deben ser de pan artesán (torrada serrana?) mentres que a torrada pode ser de pan de molde. O panino e o tramezzino son semellantes porque ambos os dous son de pan (con algo dentro), pero para

unha equivalencia máis correcta temos que traducir o panino por «bocadillo» e o tramezzino por «emparedado» ou ben usar o anglicismo «sandwich», pois está feito con pan sen codia, especialmente branco.

Este tipo de termos presenta un baleiro de significado na lingua de chegada, de xeito que se teñen que conxugar dúas referencias fundamentais: a denotación e a connotación. O grao de proximidade entre as linguas e as culturas determinará as posibles solucións en cada caso.

En canto ao valor connotativo, identificar o corpo da *Garda Civil* cos *Carabinieri*, axuda a comprender o significado, pero esta asociación entre ambos non pode traducirse nunha equivalencia real.

A equivalencia é, probablemente, a máis sensible ao erro, pola propia configuración do dicionario, ao pretender facilitar un termo na lingua de chegada, cando ás veces solo se podería proporcionar unha explicación substitutiva.

Exemplo desto é, por exemplo, o tratamento do termo *bota fumeiro* ('incensario gigante da catedral de Santiago de Compostela'). No dicionario Zanichelli de 2012 (que tomamos como exemplo, por ser a obra máis recente) tradúcese cos equivalentes *incensiere e turibolo*, o cal é inexacto e insuficiente, por ser ambos termos demasiado xenéricos. Esta solución pode ser útil para quen precisa unha tradución inmediata, pero é incorrecta, porque se emprega un hiperónimo para se referir a un incensario concreto da catedral de Santiago de Compostela.

Nun ámbito de especialización, a exactitude é esencial, a través de equivalentes ou de explicacións, ás veces empregando contemporaneamente ambos recursos. Pero o campo da tradución é afín pero moi diferente con respecto ao noso ámbito de traballo: as limitacións do propio discurso lexicográfico impiden que poidamos estendernos en definicións e en número de exemplos. Polo tanto, o equivalente ou o significado proporcionado quedan «amputados» culturalmente, pola extensión das obras. Aínda que esta limitación está variando grazas aos formatos electrónicos.

Seguindo a Carla Marelló, as solucións das equivalencias nesta terminoloxía de dificultosa solución, poderían ser:

- a adopción dun préstamo lingüístico como equivalencia (retomando un exemplo xa citado, *bota fumeiro* se traduciría por *bota fumeiro*);
- a creación dun neoloxismo, unha palabra nova, que é unha posibilidade verdadeiramente infrecuente neste ámbito. Por exemplo, supo-

ñamos que no noso dicionario GALITA decidimos que para traducir a entrada *chourizo*, imos acuñar o termo *ciourizzo*. Ademais de ser ridículo, non tería a máis mínima difusión, salvo para facer chanzas. Se pensamos en botifarra non podemos acuñar o termo botiffarra/botifarra senón acudir a «salsicciotto catalano».

- a presentación dun equivalente explicativo (Zanichelli, *fallas*: sagra di San Giuseppe a Valencia; é unha explicación moi breve, que incluso podería empregarse nun contexto real); ou unha explicación algo máis longa: para traducir o termo galego botelo/butelo, teríamos que dar unha explicación do tipo de «pezzi di carne magra e costole di maiale addobbate con aglio e peperone e infarcite nello stomaco dell'animale»
- facer unha tradución xenérica da voz a través dun hiperónimo, seguida dunha definición, aínda que o máis habitual nos dicionarios é omitir esta explicación imprescindible. Por exemplo, se se traduce a parte do traxe galego *dengue* como chal, estase empregando un hiperónimo e non se concreta, polo tanto é correcto, pero inexacto. É unha boa solución, como xa dixemos no caso de *taleggio*, traducir *provolone* por «queixo provolone» (engadindo, se queremos, queixo do Vale Padana) ou *tomino* por «queixo tomino» (típico do Piamonte), mesturando o hiperónimo explicativo co termo intraducible).

Con frecuencia achamos este tipo de dificultades na denominación de elementos do mundo animal —os peixes ocuparían o primeiro posto— e vexetal, non soamente con respecto a especies endémicas, senón tamén a aquelas cuxa presenza é máis abundante en certas zonas. Así, un equivalente pode posuír o mesmo valor denotativo ca voz da entrada, pero diferenciarse desta en canto á connotación.

En Galicia, a variedade de pescados/peixes e mariscos do Atlántico conta con non poucos sinónimos e variantes. Na tradución da maior parte destes termos ao italiano —a pesares de que contamos coa nomenclatura científica— é difícil atopar a equivalencia adecuada e, aínda nese caso, os termos seleccionados non son tan habituais na lingua italiana, polo que resultan dificilmente atribuíbles a unha realidade concreta para o usuario da lingua de chegada.

Por exemplo, en contexto italiano, as seguintes voces son correctas pero inusuais e estrañas para os falantes:

lampreda (galego *lamprea*)

cuore di mare (galego *berberecho*)

pastenula (galego *bertorella*)

palamiña (galego *bonito*). En Italia e máis común e difundido o *atún, tonno*.

En canto á voz galega e española *percebe* (*pollicipes pollicipes*), figura no dicionario Zanichelli de 2012 como «(Zool.) crostaceo cirripede simile al lepade», que non é mala solución, perante a imposibilidade de proporcionar equivalente. Cando buscamos no dicionario a voz *lepade* o seu equivalente é *falso perceive*).

Outras voces como *batea* (procedente do árabe *batiya*, ‘lugar chán’) non adoitán figurar ou, polo menos, co valor máis difundido na nosa terra. No dicionario Zanichelli: «(para mariscos) vasca di legno per l’allevamento di frutti di mare». Esta definición corresponde ao termo cetárea. A *batea* sería exactamente un «vivaio di cozze sul mare», é dicir, unhas estruturas de madeira, flotantes, non lonxe da costa nas que se instalan unhas cordas para a cría do mexillón. Dificilmente se pode resumir este concepto (e tal vez imaxinalo, se nunca o temos visto). Analizando as definicións dos dicionarios monolingües de español, chégase á conclusión de que é necesario coñecer previamente esta estrutura para identificala y describirla.

Diccionario CLAVE: ‘construcción cuadrada, generalmente de madera, que se coloca en el mar para la cría de mejillones’ (falta explicar onde se pegan os mexillóns).

DRAE: ‘Plataforma de madera que se coloca en el mar para la cría o cultivo de mejillones y otros moluscos’ (non hai «otros moluscos» e, como no dicionario CLAVE, non se alude ás cordas).

Todos estes exemplos referidos á ictioloxía e á acuicultura mostran equivalentes ou explicacións substitutivas co mesmo valor denotativo que a voz da entrada, pero diferentes en canto á connotación.

De igual maneira, se produce a situación contraria: termos equivalentes na connotación difiren a distintos niveis na realidade que denotan. Isto sucede a miúdo, por exemplo, coas institucións e os organismos oficiais, cando se simplifica traducindo *Tribunal de Contas* por *Corte dei Conti* ou *Governo autonómico* por *Governo regionale*: aínda que non responden ás mesmas entidades, posúen moitas funcións análogas (pero non todas son coincidentes).

O exemplo do *Tribunal de Contas* é moi claro: Esta institución controla as contas públicas dous ou tres anos despois de que se pecharan. Realiza un informe sobre este estudo e envía ao Parlamento. A *Corte dei Conti* realiza a mesma actividade, pero os resultados obtidos dan lugar a unha serie de actuacións, dentro da propia *Corte dei Conti*: esta institución pode vulgar e emitir un ditame de obrigado cumprimento.

E este tipo de correlacións podería conducirnos a situacións disparatadas; por exemplo, a equiparación de termos como *Befana* e Reises Magos, por ser todos eles ‘invisibles portadores de regalos para os nenos a noite do 5 de xaneiro’ ou *papa* e *dalai-lama* (remontándonos, neste caso, ao hiperónimo «autoridade máxima dunha Igrexa»).

Sen chegar a tales extremos, nos dicionarios bilingües, ás veces o tratamento deste tipo de voces deriva na asignación de equivalentes equívocos, cando, ante a ausencia dunha equivalencia con valor denotativo, búscase a aproximación á entrada a través do nivel connotativo, mediante voces que corresponden a unha realidade moi próxima e cuxa frecuencia corre parella, sen advertir ao usuario.

Tal é o caso de voces como *requeixo* e *ricotta*, consideradas equivalentes absolutos. Mentres o requeixo obtense do queixo fresco ao que se ten extraído o soro, a *ricotta* procede de cocer dito soro, que para o queixo desbótase. Tanto o proceso de elaboración como o sabor de ambos tipos de queixos son diferentes, a proximidade débese á súa aparencia abrancazada e manteigosa.

Entradas como esta son exemplo da aplicación de solucións intermedias, baseadas na frecuencia e na proximidade de significado, aínda que obviamente supoñen unha perda de información, pola identificación directa entre elementos case que análogos.

É esencial que no dicionario bilingüe activo, pensado para a produción de textos, os equivalentes representen o uso habitual do receptor da información e, ao mesmo tempo, recollan o valor da voz da lingua de partida. E o usuario precisa que o lexicógrafo lle proporcione un equivalente homólogo —de contido e uso semellantes—, susceptible de ser utilizado no mesmo contexto que estamos pensado na nosa lingua.

El Olentzero é un personaxe da tradición de Nadal vasco similar ao Apalpador en Galicia.

L'Olentzero è un personaggio della tradizione natalizia basca, simile all'Apalpador nella Galizia.

Estas dúas voces son intraducibles e, se desexamos redactar un texto en italiano, debemos poñer unha nota ou dar unha explicación, para poder ser comprendidos.

Pola contra, os dicionarios pasivos permiten conxugar con menor rixidez diferentes solucións, como o equivalente descritivo ou a definición, dado que se trata de traducir e non de producir textos.

En ambos os dous casos, sexan dicionarios activos ou pasivos, é necesario recorrer a unha etiquetaxe metalingüística ben precisa, que reduza a ambigüidade e poña en garda ao usuario contra todo risco de xeneralización abusiva.

Nos dicionarios convencionais, tanto o carácter lingüístico como enciclopédico, como a finalidade do dicionario, determinan o procedemento que se ten que empregar. Por exemplo, no dicionario Zanichelli encontramos o seguinte artigo para *bulerías*:

Bulerías s.f. pl. (cante y baile) buleria (sing.), canto e ballo andaluso che si accompagna con il battito delle mani. CULTURA: Le bulerías, rispetto alle diverse varietà di flamenco esistenti, si caratterizzano per la loro festosa allegria e chiassosità. Hanno un ritmo molto accelerato e unha cadenza doppia. Gli interpreti formano un semicerchio e a uno a uno eseguono il ballo al ritmo della musica e dei battiti di mano.

Outra posibilidade é escoller unha explicación máis contida, como podemos ver, por exemplo, no termo *alcazaba*, cuxo equivalente é: «(dentro dunha po-boación murada) *cittadella*». E baixo a voz *empanada* atopamos o equivalente «(Gastr.) panzerotto ripieno cotto al forno».

Despois do dito, cando non é posible proporcionar un equivalente, recórrase a un préstamo lingüístico seguido dunha breve explicación. A miúdo, con respecto a este tipo de voces, o lexicógrafo vese obrigado a servirse das ferramentas específicas dos dicionarios monolingües, para dar solución á ausencia de equivalente.

Aínda que a proximidade cultural contribúa a facilitar o labor do lexicógrafo, moitas veces este tipo de voces atopa difícil solución. Tal é o caso das diferentes denominacións galegas da néboa, a saber: *borraxeira*, *brétema*, *bruma*, *meleada*, *melura*, *mera*, *neboeira*, *neboeiro*, *nebra*, ...

No leuario dun dicionario bilingüe, os termos referidos á cultura constitúen unha parte importante e ineludible do valor intrínseco dun idioma e da idiosincrasia dos seus falantes. Como temos observado, o anisomorfismo inherente á confrontación entre as linguas faise máis notorio neste tipo de termos, a miúdo, sen correspondencia na lingua de chegada. Pero xustamente, nestas voces, o lexicógrafo ten que esmerar a súa tarefa, apoiando o apartado da equivalencia con outras seccións da microestrutura: con exemplos claros e con información de tipo semántico e pragmático. Sen estas ferramentas, o usuario pode seguir un camiño que o leve a equivocarse na interpretación do significado do termo ou no seu uso. E o outro camiño, demasiado frecuente, será o de recorrer a outras fontes.

Poderíamos seguir falando da problemática das equivalencias nun dicionario bilingüe como son o ITAGAL e o GALITA, porque o contexto dos equivalentes complexos, pódese observar que determinadas informacións complementarias poden axudar a resolver o problema da equivalencia, incorporando ao artigo do dicionario datos e etiquetaxes apropiadas para o contexto específico. Neste campo M.T. Sanmarco (2015) ten escrito moitos artigos, algúns deles moi especializados como é o contexto dos equivalentes complexos, que quen o necesite pode consultar.

Nos dicionarios italoespañoles observamos un tratamento un tanto heteroxéneo destas voces, determinado pola orientación das obras, aportando diferentes solucións, como a adopción de préstamos lingüísticos para termos presentes desde hai tempo en ambas culturas (*banderilla, paella, capuchino, palio, panettone...*). Así mesmo, é frecuente o uso de equivalentes explicativos ou equivalentes aproximados, seguidos de definicións, como temos visto.

Nun mundo que tende á globalización e que, ao mesmo tempo, se aferra á manida imaxe bíblica dunha confusa e ameazante Babel de linguas e culturas, o dicionario constitúe unha importante ferramenta, portadora de elementos culturais. E debe ser un instrumento eficaz, como ponte de unión entre culturas.

Bibliografía

- Buono, B., M. C. De Frutos e J. Gutiérrez (2011): *Vocabulario Galego-Italiano: Gastronomía*, Santiago Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- Domínguez, A. M^a. (2009): «La terminología gallego-italiana de la hostelería: presentación de un nuevo vocabulario», *Las Letras en las Ciencias. Settimana della lingua italiana. Il linguaggio scientifico*, Universidad de Oviedo, 19-21 octubre. Inédito.
- Domínguez, A. M^a, I. González e M. Sanmarco (2010): *Vocabulario Galego-Italiano: Hostalería (aloxamento, restauración, economía, lecer, viaxe)*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio científico, da USC.
- González, I. (2001): «Información semántica complementaria en los diccionarios bilingües», en S. Porras Castro (ed.): *Actas del IX Congreso Nacional de Italianistas Españoles, Lengua y Lenguaje Poético, Universidad de Valladolid, 2-4 de octubre de 2000*, Valladolid: Universidad de Valladolid, 45-60.
- González, I. (2005): *Algunos aspectos de los diccionarios bilingües, con especial referencia al Italiano/gallego-Gallego/italiano*, Istituto Italiano di Cultura Madrid, 26 outubro 2005. Inédito.
- González, I. (2007-2008): «Terminología gastronómica italiana en Álvaro Cunqueiro», *Homenaje al Profesor Joaquín Hernández Serna. Estudios Románicos* 16-17, 493-502.
- González, I. (2008): «Algúns aspectos dos diccionarios bilingües con especial referencia ao galego-italiano», en M. Brea *et alii* (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, 105-112.
- González, I. (2009): «El léxico científico-técnico en los diccionarios bilingües (con especial referencia al italiano-gallego)», *Las Letras en las Ciencias. Settimana della lingua italiana. Il linguaggio scientifico*, Universidad de Oviedo, 19-21 octubre 2009. Inédito.
- González, I. (2015): «Léxico especializado en la lexicografía gallega-italiana (algunas reflexiones)», en M. D. Sánchez Palomino & M. J. Domínguez (eds.): *Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva*, Berlín: De Gruyter, v.II, 210-221.

- Sanmarco, M. (2001): «Panorámica de la lexicografía italoespañola», en S. Porras Castro (ed.): *Actas del IX Congreso Nacional de Italianistas Españoles, Lengua y Lenguaje Poético, Universidad de Valladolid, 2-4 de octubre de 2000*, Valladolid: Universidad de Valladolid, 723-730.
- Sanmarco, M. (2003): «Criterios para un diccionario unidireccional activo gallego-italiano», en F. Sánchez Miret (ed.): *Actas del XXI Congreso internacional de Lingüística y Filología Románica*, Tübingen: Max Niemeyer, vol III, 411-416.
- Sanmarco, M. (2006): «Las palabras culturales en el diccionario bilingüe», en C. Marelló (ed.): *Atti del XII Congresso Internazionale di lessicografia*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, 617-622.
- Sanmarco, M. (2008a): «El Diccionario italiano español, español italiano (1957) de E. M. Martínez Amador», en F. San Vicente (ed.): *Textos fundamentales de la lexicografía italoespañola (1917-2007)*, Monza: Polimetrica, 273-312.
- Sanmarco, M. (2008b): «A denominación de animais e plantas nos dicionarios bilingües. O ámbito italoespañol», en M. Brea *et alii* (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, 170-179.
- Sanmarco, M. (2008c): «La lexicografía del siglo XXI: hacia el diccionario ilimitado», *Revista de Lexicografía* 8, 133-140.
- Sanmarco, M. (2008d): «Tratamiento de los términos gastronómicos italianos en los diccionarios gallegos», en U. Lombardini e M. Carreras (eds.): *LIMES. Lexicografía y lexicología de las lenguas de especialidad*, Monza: Polimetrica International Scientific Publisher, 257-265.
- Sanmarco, M. (2009): «L'informazione sui falsi amici nei dizionari bilingui», en E. Burr (ed.): *VI Convegno Internazionale della SILFI*, Firenze: Franco Cesati, 343-350.
- Sanmarco, M. (2010): «Los diccionarios de bolsillo español-italiano italiano-español de la editorial Bietti», en F. San Vicente (ed.): *Textos fundamentales de la lexicografía bilingüe italoespañola (1805-1916)*, Monza: Polimetrica International Scientific Publisher, 309-338.
- Sanmarco, M. (2010b): «Tratamiento de los falsos amigos léxicos en los diccionarios italoespañoles», ponencia presentada no *I Coloquio Internacional de Lexicografía: diccionarios e innovación*, organizado por T. Díaz, M. J. Domínguez e M. T. Sanmarco, Santiago de Compostela, xuño de 2010. Inédito.

- Sanmarco, M. (2012): «Contexto lexicográfico y cultural del *Diccionario de la Política* (1849)», *V Congreso Internacional de AELEX*, 25-27/06/2012, Madrid (no prelo).
- Sanmarco Bande, M.T (2015): «Tratamiento de los culturemas en la lexicografía italoespañola actual», en M. D. Sánchez Palomino & M. J. Domínguez (eds.): *Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva*, Berlín: De Gruyter, v. II, 423-440.
- Sanmarco, M. (2016): «Análisis lexicográfico del *Diccionario de la Política* (1849)», en G. Capellán de Miguel (ed.): *Diccionario de la Política. Enciclopedia de la lengua y de las ciencias políticas y de todos los sistemas societarios. (Madrid, Andrés y Díaz, 1849)*. Colección 4 Estaciones de la Universidad de Cantabria (no prelo).

Galeguismos no español de América: coincidencias semánticas entre unidades fraseolóxicas galegas e do español de América

LUIS GONZÁLEZ GARCÍA

Universidade da Coruña, Grupo Hispania¹

MARÍA ROSARIO SOTO ARIAS

I.E.S.P. Eusebio da Guarda. A Coruña

1. Presentación. Pegada do galego no español de América.

Un dos tópicos máis tratados no estudo do que comunmente se denomina español de América (ou español atlántico) céntrase na influencia exercida polas distintas comunidades e falas peninsulares na súa constitución. Son clásicas, neste sentido, as polémicas sobre a maior ou menor pegada do andaluz (ou en xeral das falas meridionais) na conformación deste conxunto de variedades do español. A tal efecto téñense multiplicado as publicacións de tipo sociolóxico (cómputo e porcentaxes da poboación peninsular arribada en cada época ás terras recentemente descubertas) ou lingüístico (estudos léxicos, fonolóxicos ou gramaticais) nos que se tratan estas cuestións, por outra parte aínda debatidas sen que haxa acordo total.

Evidentemente non nos podemos deter nestas cuestións sobre as que se poden consultar obras de conxunto como Frago Gracia (1999), Sánchez Méndez (2003) ou Aleza Izquierdo e Enguita Utrilla (2010). En todo caso, o mesmo concepto de español atlántico (que incluíría as falas andaluzas, extremeñas, canarias e das zonas costeiras e insulares de América, por oposición ao castelán do norte e noroeste e das terras altas e do interior do novo continente, máis próximas ás cortes virreinais e, por tanto, á corte da metrópole) apunta á existencia de variación lingüística no español de América, o cal, como consecuencia, non debe ser visto en realidade como un sistema unitario senón

¹ Este traballo realizouse no marco do proxecto «Documenta Philologa. Los Archivos como fuente de Información para la Historia de la Filología Española: El Centro de Estudios Históricos» FFI2015-65939-P (Programa Estatal de Fomento de la Investigación Científica y Técnica de Excelencia, MINECO, Convocatoria 2015) e da axuda para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia concedida ao *Grupo Hispania* da UDC, referencia GPC2015/028 (2015-2017), da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia).

máis ben como un conxunto de variedades que agrupamos nun macrodialecto así denominado.

Sen negar, por tanto, a indubidable influencia do andaluz sobre estas novas variedades do español (polo menos nas zonas menos influenciadas polas cortes virreinais), é o certo que ante tanta variación outros estudosos veñen realizando análises parciais sobre aqueloutros aspectos nos que se detecta a influencia particular doutras falas peninsulares. Entre estes, un grupo importante céntrase na influencia do dominio occidental hispánico (galego, portugués, falas leonesas e asturianas; mesmo a banda occidental de Extremadura e Andalucía e o canario entrarían nesta categoría), seguindo o exemplo de Corominas (1944a e 1944b).

O léxico é o constituínte máis facilmente influenciábel por outras linguas. Consecuentemente, moitos deses estudos parten da existencia dun considerable número de palabras de orixe occidental que perviven na outra beira do Atlántico (*botar*, *buraco*, *chantar*, *cangalla*, *carozo*, *lamber*, *sacho* etc. Buesa e Enguita, 1992: 200-205). As unidades fraseolóxicas constitúen unha parte importante do léxico dunha lingua que, emporiso, soe estar ausente nestes traballos, o que non é de estrañar dado o escaso e tardío desenvolvemento dos estudos fraseolóxicos nalgúns ámbitos (o que non ocorre en Galicia grazas, en boa medida, ao inmenso labor desenvolto por Xesús Ferro Ruibal desde hai tantos anos).

Por tal motivo, esa é a faceta que pretendemos desenvolver nas páxinas que seguen. Somos conscientes dos límites imprecisos que desde o punto de vista léxico implica o termo *voces occidentais*. O galego, a súa prolongación cara ao sur (o portugués) e as falas leonesas e asturianas presentan con frecuencia unhas marcadas concomitancias léxicas que diferencian claramente esta franxa peninsular con respecto ao centro e leste da Península. Con todo, con frecuencia o papel do galego vese esvaecido ou diminuído con respecto ao seu verdadeiro peso en todo este proceso.

Un caso ilustrativo témolo no recentemente publicado *Diccionario de Americanismos* (en adiante DA) elaborado pola Asociación de Academias de la Lengua Española (2010). Trátase dunha obra moi completa, na que se integran case 150 dicionarios de americanismos publicados desde 1975, polo que a utilizaremos como base do noso estudo. Dado que esta obra inclúe etimoloxías, agardabamos encontrar algunha referencia ao galego, tarefa inútil xa desde o comezo (no apartado dedicado a abreviaturas de familias lingüísticas e linguas obsérvase a falta de referencia ao galego, aínda que si aparecen

abreviaturas como *ar.* (aragonés), *cat.* (catalán), *it.* (italiano) *port.* e *port. bras.* (portugués e portugués brasileiro) xunto a outras relativas ás principais linguas internacionais e amerindias². Por tal motivo, traballos como o que aquí acometemos cremos que son moi necesarios para aumentar o que hoxe se denomina a *visibilidade* da nosa lingua.

É indubidable que os millóns de persoas que emigraron desde Galicia a América nos últimos séculos deberon deixar, desde México ata a Patagonia, a súa pegada lingüística, maior ou menor, nas terras que os acolleron. Nun traballo en preparación analizaremos con máis detalle as implicacións lingüísticas deste amplo movemento de xentes. Nesta ocasión, limitaremos a nosa pesquisa a unha concreta faceta da fraseoloxía.

2. Coincidencias fraseolóxicas entre o galego e o español de América. Tipoloxía.

Desde o punto de vista fraseolóxico, a pegada do galego no español de América ten diferentes manifestacións. Tomando como fonte principal de información o académico *Diccionario de Americanismos*, como xa se indicou, e limitando o noso alcance ao estudo fraseolóxico, observamos que a correspondencia entre unidades fraseolóxicas dos dous ámbitos lingüísticos pode ser de tres tipos:

1. Coincidencia exacta entre unha unidade fraseolóxica documentada no español de América e no galego e non coñecida no español peninsular, por exemplo: *Dar un berro*, *Ser cagado a* [otra persona], *dar calote*, *importar un corno*, *de romplón*, etc³.

² Como consecuencia do anterior, unha voz como *bostear* 'excretar el ganado vacuno o caballar' aparece como derivado do ingl. *to bust* (non do galego *bosta*, como parece máis apropiado). Por outra parte, ao longo do traballo usaremos as abreviaturas utilizadas nesta obra para identificar os diferentes países: *Ar* (Argentina), *Bo* (Bolivia), *Ch* (Chile), *Co* (Colombia), *CR* (Costa Rica), *Cu* (Cuba), *ES* (El Salvador), *EU* (Estados Unidos), *Gu* (Guatemala), *Ho* (Nonduras), *Mx* (México), *Ni* (Nicaragua), *Pa* (Panamá), *Pe* (Perú), *PR* (Puerto Rico), *Py* (Paraguay), *RD* (República Dominicana), *Ur* (Uruguay).

³ *Dar un berro*. loc. verb. *Cu*. *Dar alguien* un escándalo (DA: s. v. *dar*). Respecto a *ser cagado a otra persona*, o DA recolle a locución (s. v. *cagado*, -a), aínda que no lugar de remisión (s. v. *ser*) non aparece. Con todo, o seu significado é o que figura como acepción IV.1 (s. v. *cagado*, -a): «Ni, CR, Cu, RD, PR. *Referido a persona*, idéntica o parecida a otra». *Dar calote*. loc. verb. *Ar*. p. u. Eludir una pago, estafar (DA: s. v. *dar*); *importar un corno*. *Bo*, *Py*, *Ar*, *Ur*. Importar un cacahuete, no dar importancia (DA: s. v. *importar*); *de romplón*. loc. adv. *Mx*, *Gu*, *Ho*, *ES*, *Ni*. Súbitamente, de repente. *Ho*. De refilón (DA: s. v. *romplón*).

2. Un segundo grao de correspondencia prodúcese cando a partir de léxico indubidablemente galego se crea unha unidade fraseolóxica en América que non se documenta en galego nin, evidentemente, no español peninsular. Ocorre, así, que con relativa frecuencia o español de América utiliza material léxico galego, préstamos do galego, para crear novas expresións fraseolóxicas botando man do fertil imaxinario que como é ben sabido caracteriza a lingua popular deses millóns de falantes. Pertencen a este tipo expresións como as seguintes: *Estar hasta las cangallas*⁴ (gal. *cangalla*), *de cachucha*, *¡por la cachucha!*⁵ (gal. *cachucha*), *salir de rispa*⁶ (gal. *rispar*), *hacer bosta*⁷ etc. Un caso prototípico neste apartado pode ser o verbo *botar*: o DA recolle 46 fórmulas e locucións verbais introducidas con este verbo soporte, algunhas coincidentes con outras galegas (esp. am. *botar el bofe*, gal. *botar os bofes*; esp. am. *botar carga*, gal. *botar a carga*⁸), outras son adaptacións coincidentes co castelán peninsular coa única salvidade do cambio do verbo soporte (esp. am. *botar la casa por la ventana* ~ cast. *echar la casa por la ventana*, esp. am. *botar el dinero* ~ cast. *tirar el dinero*, esp. am. *botar un número* ~ cast. *montar un número* etc.) e, finalmente, outras moitas son creacións expresivas orixinadas en América como *botar agua amarilla*, *botar el camalote*, *botar el tapón* etc.⁹

3. En último lugar, nun terceiro nivel de aproximación o que se produce é unha coincidencia semántica entre unha unidade fraseolóxica

⁴ *Estar hasta las cangallas*. loc. verb. Pe. Estar alguien en malas condiciones físicas o anímicas. pop. (DA: s. v. *estar*).

⁵ *De cachucha*. loc. adv. Mx. Por gusto propio; *¡por la cachucha!* loc. interj. Bo. Expresa fastidio o admiración (DA: s. v. *cachucha*).

⁶ *Salir de rispa*. loc. verb. ES. Irse deprisa (DA: s. v. *salir*). Entre os distintos significados de *rispar* en galego o aquí aplicable é: «Huir, escapar, salir de prisa de un sitio» (Rodríguez González, 1958-1961; Franco Grande, 1972: s. v. *rispar*). A forma normativa é *ripar*.

⁷ «*Hacer bosta*. loc. verb. Bo, Ar, Ur. Golpear duramente o herir a alguien hasta dejarlo maltrecho», «romper o destruir algo», entre outras acepcións (DA: s. v. *hacer(se)*).

⁸ *Botar el bofe* («PR. Afanarse y trabajar algo hasta el agotamiento» DA: s. v. *botar*), gall. *botar os bofes* ('fatigarse moito' DRAG, s.v. *bofe*); *botar carga* («Gu. Desembarazarse alguien de una obligación» DA: s. v. *botar*), gal. *botar a carga* («evadirse de un trabajo o molestia» Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *botar*).

⁹ *Botar agua amarilla* («PR. Sudar alguien copiosamente» DA: s. v. *botar*), *botar el camalote* («Ho. Civilizarse, adquirir alguien costumbres urbanas» DA: s. v. *botar*), *botar el tapón* («CR. Ve. Estallar alguien en cólera» DA: s. v. *botar*).

galega e outra americana (é o equivalente do que en lexicoloxía denominamos calco semántico): achámonos así ante unidades fraseolóxicas propias do español de América que remiten á mesma imaxe metafórica existente na fraseoloxía galega. Falamos de frasemas como *casarse por detrás de la iglesia*, *creer en pajaritos preñados*, *estar pagado con saliva de cotorra*, *como entierro de pobre* etc.

Por limitacións de espazo, son estas últimas unidades fraseolóxicas as que trataremos neste traballo, deixando para outra ocasión a análise dos outros tipos de correspondencia, que merecen, sen dúbida, tamén un estudo detallado.

3. Unidades fraseolóxicas propias do español de América que remiten á mesma imaxe metafórica existente na fraseoloxía galega.

3.1. *Poner cara de herrero mal pagado*

Aparece no DA (s. v. *poner*) localizada en Guatemala: «loc. verb. *Gu.* Mostrar mala cara. Enfadarse».

Trátase dunha explicitación da unidade fraseolóxica *cara de herrero*. Esta locución non figura no DRAE nin no DFDEA. Nin no CREA nin no CORPES XXI se achan mostras en castelán peninsular. Unicamente no CORDE aparece documentada no *Guzmán de Alfarache*:

Con mucho cuidado los llevó a su mujer, y con cara de herrero le dijo: «Así se debe de ganar la hacienda, pues así se deja perder. Como no lo trujistes en dote, de todo se os da nada» (Mateo Alemán [1604]: *Segunda parte de la vida de Guzmán de Alfarache*. CORDE).

Outras dúas veces aparece a expresión no CORDE, pero xa en documentos americanos:

[...] las manos rompe la envidia, porque, aunque ella es tan fea que tiene cara de herrero, nunca tuvo cara de hierro, ni fisonomía de clavo, que no es tan aguileña (Hernando Domínguez Camargo [Co, 1652]: *Lucifer en romance*[...]. CORDE).

No calmó mucho esta esperanza la tristeza de Pascual; y así continuó en silencio y con su cara de herrero hasta que llegamos a Tacubaya (José Joaquín Fernández de Lizardi [c 1818]: *La Quijotita y su prima*. CORDE).

Por contraste con esta documentación tan espaciada no tempo e no espazo, a frase *cara de ferreiro* é frase común en galego. Na lingua oral témola oído frecuentemente na bisbarra de Deza (Pontevedra). No ámbito lexicográfico figura en Rodríguez González, (1958-1961: s. v. *cara*), en García González (1985: s. v. *cara*), en DFG (s. v. *cara*), en González Guerra (2010: 295). Nos corpus galegos está suficientemente representada (21 mostras no TILG e 12 no CORGA):

Morreu a groriosa e siguen sendo ministros sempre que os deixan, e malia do que lles diga que non son alfonsinos enxebres, e que non mamaron as doutrinas conservadoras, porque porán unhas caras de ferreiro que xa, xa (1884: *O Tío Marcos da Portela*. TILG).

Fedendo saeu Froitoso de Ulloa do Consistorio, e ao mesmo paso que se retirou soilo e con cara de ferreiro para casa, iba revolvendo mil ideas e mil trazas para saír ca súa e chafar aos seus contrarios (Antonio López Ferreiro [1895]: *A tecedeira de Bonaval*. TILG).

A min díxome: «Xa a casa non me quer. Póñenme cara de ferreiro as potas, as cubetas, as pedras. Están cansadas de min» (Ramón Otero Pedrayo [1935]: *Devalar*. TILG).

Como resultado de todo o anterior, a RAG integra esta locución no seu *Dicionario*, polo que podemos considerar que forma parte do que denominamos galego común:

Cara de ferreiro. Cara de can [‘aspecto malhumorado’]. *Miroume con cara de ferreiro e non me atrevín a replicarlle* (DRAG: s. v. *cara*).

3.2. *Casarse por detrás de la iglesia*

Esta locución verbal, refeitura de *casarse por la iglesia*, aparece no DA localizada en Cuba: «loc. verb. Cu. Vivir en concubinato. pop.» (DA: s. v. *casarse*).

Non figura esta unidade fraseoloxía no DRAE, tampouco a documenta o CREA nin o CORPES XXI. No CORDE aparece catro veces, cronoloxicamente unha na pluma do canario Galdós, outra na do aragonés Sender (cunha lixeira variante *tener hombres por detrás de la iglesia*) e dúas do cubano Cabrera Infante.

A la misma hora saldría Bravito del nido en que tenía la suya, una linda muchacha, con quien estaba casado en vigésimas nupcias por detrás de la iglesia. Si admitía el destino en Cuba, la llevaría consigo... (Benito Pérez Galdós (1908): *España trágica*. CORDE).

No me casé, pero por detrás de la iglesia tuve todos los hombres que se me antojaban. Soltera, soltera, pero con la llave en la gatera (Ramón J. Sender [1953]. *Réquiem por un campesino español*. CORDE).

[...] lo que mi madre dijo exactamente fue, «Bueno, parece que Petra se decidió a casarse por detrás de la iglesia». Yo sé que eso no quiere decir que Petra se casara por la otra parte de la iglesia, por el fondo, sino que quiere decir otra cosa, pero yo sé muy bien que no lo podía decir (Guillermo Cabrera Infante (1964-1967): *Tres tristes tigres*. CORDE).

Se temos en conta a procedencia canaria de Galdós (terra marcada lingüisticamente polo influxo galego e portugués) e o feito de que Sender publicou a súa obra cando levaba vivindo trece anos en América, parece deducirse un uso non xeral senón rexional ou minoritario no español peninsular.

En galego *Casar por detrás da igrexa* é unha frase de uso moi común entre as xeracións dunha certa idade —en desuso xa na mocidade urbana—. Figura no dicionario de Rodríguez González (1958-1961) e de Franco Grande (1972: s. v. *igrexas*) e no DFG (s. v. *igrexas*). Pero en realidade, o núcleo de esta frase é a secuencia (*por*) *detrás da igrexa*, que aparece documentada en numerosas combinacións ademais da mencionada, sempre co mesmo valor ('fóra do matrimonio'), como se aprecia en *facer fillos por detrás da igrexa, fillos por tras/detrás da igrexa* (DFG: s. v. *fillo*) e noutras similares:

[...] do axuntamento seu, por disposición suprema, había nacer un fillo, qu'unque feito tras da igrexa, chegaría a ser obispo e inda máis, si Dios quixera (1886: *O Galiciano*. TILG).

Esto oínllo eu contar ó seu xenro, que aínda é algo primo meu por detrais da Eirexa (Álvaro Cunheiro [1960]: *Escola de menciñeiros*. TILG).

Ameazaban con penas terribles por cometer fornicio e se aplicar nel a conciencia e por detrás da igrexa. Tras deles viña o noso propio clero, o do país (Alfredo Conde Cid [2007]: *María das Batallas*. TILG).

Todas estas expresións responden a unha realidade social da que quedan múltiples locucións formadas sobre o mesmo patrón: *fillo de detrás do palleiro, fillo de detrás do valado, fillo de tras as silveiras* etc. (López e Soto, 1995, DFG, García González, 1985: s. v. *fillo*. Esta mesma obra recolle tamén *fillo da igrexa* 'fillo de solteira', derivación da frase que aquí analizamos). Máis abaixo (§3.13. *fillo do mundo*) mostraremos novos sinónimos.

3.3. Comer frijoles y eructar pollo.

Esta unidade fraseolóxica aparece no DA, localizada en Centroamérica, coa seguinte definición: «loc. verb. *Ho, ES, Ni*. Aparentar lo que no se es» (DA, s. v. *comer*). Sinónima súa é estoutra locución:

Comer mierda y eructar pollo. loc. verb. *Gu*. Aparentar lo que no se es.¹⁰

Ese come morcilla y regüelda chorizo é frase que temos oído a amigos criados no occidente peninsular (de Santi-Spíritus, Salamanca). Non localizamos esta frase proverbial nos repertorios españois consultados. Tampouco nos corpus da RAE, agás estes tres exemplos localizados no CREA, nos que se introducen variantes: Un do galego Camilo José Cela, outro dunha novela do escritor Andrés Berlanga onde abundan os dialectalismos e, finalmente, un que nos parece sumamente interesante, porque responde a unha implicación, do peruano Brais Echenique:

[...] mi hermanito Pato Macario le dijo a Chabela, lo difícil es comer frijoles y eructar jamón (Camilo José Cela [1988]: *Cristo versus Arizona*. CREA).

El jodío, come sopa de ajos y sale regoldando a pavo (Andrés Berlanga [1984]: *La gaznápira*. CREA).

Murió como había vivido: pobre, pero eructando a pavo (Alfredo Brais Echenique [1981]: *La vida exagerada de Martín Romaña*. CREA).

En galego coñecemos dúas variantes: *Comer sardiña e arrotar pescada* ('díselle a alguén que aparenta o que non é' López e Soto, 1995: 31; DFG: s.v. *sardiña*) e *Comer polo e arrotar galiña* 'critica a quen aparenta o que non ten' (López e Soto, 1995: 31; Gómez Clemente, 2004: 112). A variante americana con *frijoles* supón unha adaptación ao novo medio, o que sucede tamén noutras variantes humorísticas que se documentan facilmente na rede¹¹.

¹⁰ Outras frases emparentadas, tamén con elementos escatolóxicos e derivadas das anteriores, son *Comer santos y cagar diablos* («loc. verb. *Ho, Ni*. Aparentar ser bueno cuando en realidad se es malo) e *Comerse el mundo y no eructarlo* (loc. verb. *Pa*. Hacer algo indebido y quedarse como si no se hubiera hecho nada» DA, s.v. *comer*). En todas a idea dominante é a de 'aparentar'. Tamén unha nosa informante de Alhambra, Ciudad Real, recordaba esta frase de cando era nena, *Come uva y caga racimo*, outra imaxe que nos recorda ao escudeiro, terceiro amo de *Lázaro de Tormes*, que saía á porta da casa escarbando cunha palla os dentes para aparentar que comera.

¹¹ *Comer pan/sopa/mortadela/boñiga/harina y eructar pollo*. A locución tamén é coñecida en Brasil con diversas variantes: xunto con *Comer feijão e arrotar galinha*, próxima a española, temos tamén *Comer sardinha e arrotar tainha* ou *Comer mortadela e arrotar peru* (<http://siste->

3.4. *Conversa no llena barriga*

A pesar de que non figura no DA nin nos corpus académicos, este frasema non é difícil de topar na prensa de Bolivia, en exemplos como o seguinte:

Pero sólo se trata de palabras, no de hechos, que son los únicos que valen, porque las palabras se las lleva el viento y «conversa no llena barriga», como se dice en Santa Cruz (<http://www.eldiario.net/> [Data de consulta: 22/02/2016]).

Deixando de lado a maior frecuencia do substantivo *conversa* en galego que no castelán peninsular, o certo é que expresións similares a anterior son frecuentes en galego, onde non é difícil achar variacións léxicas proba da súa extensión no tempo e no espazo (*lerias non enchen barriga*, *contos non enchen barriga* etc.), como se aprecia no seguinte *cantar de retrouso* de Couceiro Freijomil, elaborado a partir da unidade fraseolóxica, e noutras mostras literarias:

Lerias non enchen barrigas, / pero é según como sexan, / que do pouco vaise ó moito / i escomézase por lerias (Antonio Couceiro Freixomil [1925]: *Lóstregos*. TILG).

Fíate de min, rapaz. Andeinas todas e sei ben o camiño. E anque se ten dito que contos non enchen barriga, a esperencia dun vello pode ser boa axuda para quen empeza o viero da emigración (Xosé Neira Vilas [1973]: *Remuíño de sombras*, 61).

Quintáns Suárez (2009, vol.2: 122) recolle o refrán na súa versión completa e noutra implícita en dous lugares de Galicia: *Os contos non enchen barriga* (Santa Comba: Alón), *Os contos, non enchen* (Camariñas).

Ademais do refrán (locución oracional), a unidade que actúa como predicado (locución verbal) *non encher a barriga* tamén constitúe unha unidade fraseolóxica de seu en galego: *Encher a barriga* ‘comer, llenarse, hartarse de comida y bebida’ aparece recollida como expresión fixada no DRAG 1913-1928 (s. v. *barriga*) e en Rodríguez González (1958-1961: s. v. *barriga*). *Non encher (a) barriga* (sinónimos en galego: *non dar pan*, *non facer pote*) figura no *Diccionario*

mas.ft.unicamp.br/mec/ano/2/audio/AP011/jogos/SP219/G/SP219_G.pdf. [Data de consulta 22/02/2016]). En Ares Licer (2007: 22) móstrase outra equivalencia entre o portugués de Brasil *Comer frango e arrotar peru* e as expresións galegas *Comer sardiña e arrotar pescada/ comer polo e arrotar galiña* (equivalencia total) e *¡Moitas olas ao lume e un garavanzo a cocer!* (equivalencia parcial).

Fraseolóxico Bilingüe (López e Soto, en preparación) como correlato do castelán *no dar de comer*: *Todo iso é moi bonito pero non enche a barriga*.

3.5. Creer en pajaritos preñados

Esta unidade fraseolóxica aparece no DA (s. v. *creer(se)*) con dúas acepcións emparentadas: «loc. verb. PR, Ve. Ser alguien muy ingenuo» e «ES. Estar engañado». Na mesma obra (DA: s. v. *pensar*), inclúese outra locución emparentada, de menor uso:

Pensar en pajaritos preña(d)os. loc. verb. Pa, RD, PR, Ve. Hacerse ilusiones sobre algo irrealizable¹².

Estas frases (ou a variante con *pájaros*) documéntanse doadamente nos corpus académicos CREA e CORPES, pero exclusivamente en textos elaborados en Hispanoamérica (cunha distribución xeográfica algo maior que a sinalada no DA):

Siga creyendo en pájaros preñados, mi cura, para que le den la palma del martirio (F. Herrera Luque [Ve, 1985]: *En la casa del pez que escupe el agua*. CREA).

Su obra *Pajaritos Preñados*, cuyos personajes son españoles, se intitula con esa expresión hondureña para designar la estupidez (Alma Caballero [Ho, 2002]: *Honduras hasta el 2000: escritos sobre el teatro centroamericano*. CORPES XXI).

Mamá dice que te la pasas en Babia, que crees demasiado en pajaritos preñados, en que la luna es pan de horno o de queso, que lees mucho y crees a pie juntillas en lo que has leído (Orlando Chirinos [Ve, 2007]: *Beso de lengua*. CORPES XXI).

¿Es factible en Venezuela llegar a eso?, si nos atenemos a la actual ignorancia de una gran mayoría, que sigue pensando en los «pajaritos preñados» de una siembra parasitaria de la renta petrolera, [...] no podemos ser optimistas (Luis Oliveros [2011]: *Diario El Universal*. CORPES XXI).

Algúns exemplos dos corpus académicos demostran que a unidade fraseolóxica pasou de ser verbal a ser substantiva (*pajaritos preñados*), o que implica certo uso. Como consecuencia, o verbo de soporte pode variar (*meter pajaritos preñados* a alguien *en la cabeza*, *soñar con pajaritos preñados* etc.):

¹² Variante *-en pajaritas preñadas*, exclusiva de Panamá (DA: s. v. *pensar*).

La primera tarea de un político es ver muy clara la realidad que confronta y dejarse de pajaritos preñados (F. Herrera Luque [Ve, 1985]: *En la casa del pez que escupe el agua*. CREA).

[...] el muy canalla le llenó la cabeza de cantos de sirena, de pajaritos preñados y un buen día se mandó a cambiar con el fulano (Pa, 1997: *Diario El Siglo*. CREA).

LOBO.- ¿Y dónde está ahora? ¡Debe estar con mi hija, metiéndole pajaritos preñados en la cabeza! (Juan Martins [Ve, 2004]: *Caperucita ríe a medianoche*. CORPES XXI).

En galego documentamos tres variantes para esta imaxe mental, as tres co mesmo valor semántico que en América: unha que se corresponde palabra por palabra coa americana *Crer nos paxariños preñados*, outra variante con implicación, proba da súa institucionalización idiomática, *Crer nos paxariños* (*Pero esta inda cre nos paxariños!*, témolo oído en informantes de Portosín, A Coruña), e, cunha imaxe mental asociada, *Pensar que os paxaros maman* (*Ti coidas que os paxaros maman e comen miñocas*, Ventín Durán, 2007: 232):

—Dende cando cres nos paxariños preñados? (Roberto Vidal Bolaño [1998]: *Rastros. Desgracia en catro tempos e unha presada de recordos*. CORGA).

Pepe Carvalho aínda non nacera nas librerías. Todos eramos novos, moi progres e criamos nos paxariños preñados (Fausto Galdo [2012]: *Abecedario das mantenzas*. TILG).

Semella que acredita nos paxaros preñados e mais na democracia natural chovida desde o ceo, como cousa espontánea (Xesús Rábade Paredes [2001]: *Como levar un morto*. CORGA).

En Google aparecen numerosas concorrencias para a consulta *paxariños preñados* e *paxaros preñados* (data de consulta 7/02/2016) mostra do vigor dunha expresión, que, como vimos en Hispanomérica, pode documentarse tamén con outros verbos soporte ou como locución substantiva:

Pero eu o que quero é cogobernar en Lalín, que nos centremos no noso e deixar de perder o tempo en debates sobre paxariños preñados (<http://www.europapress.es> [Data consulta 22/02/2016]).

Outro significado secundario, derivado da mesma imaxe, témolo en galego nesta outra unidade fraseolóxica: *Cando estean os paxaros preñados* ‘cuando las ranas críen pelo’ (Álvarez de la Granja, coord. 2001: s. v. *paxaro*).

3.6. Dale con que va a llover

Topamos no DA (s. v. *dar(se)*) esta fórmula, difícil de documentar fóra da rede, co seguinte significado: «Ch. Se usa para dar a entender la testarudez del interlocutor que insiste continuamente en un punto de una discusión». Por exemplo:

...Y dale con que va a llover: ahora Bolivia insiste que ganó en La Haya pese a que el juicio todavía no comienza (<http://www.cambio21.cl/> [Data de consulta 23/02/2016]).

Non vén a fórmula nos corpus académicos. Onde si podemos achar un correlato é na frase galega (frecuente alomenos na Coruña) *E dálle porque non chova!*, co mesmo valor cá americana (DFG, s.v. *dar*), exemplificada no seguinte foro no que se debate sobre un hipotético metro lixeiro coruñés:

E dalle porque non chove. Algunos siempre estais con el cuento de ser más que el otro en vez de preocuparos por mejorar la propuesta (<http://www.skyscrapercity.com/> [Data de consulta 23/02/2016]).

3.7. Dormirse en la ceniza

Figura esta expresión no DA (s. v. *dormirse*) coa seguinte definición: «loc. verb. *Gu, Ho, ES.* No obrar con celeridad, descuidarse». Non figura nada parecido no DRAE nin nos corpus académicos. Só na rede é posible localizar algunha mostra americana:

[El águila] tiene habilidad. Aplicada cuando tienes una visión, no puedes dormirte en la ceniza, tienes que estar en la acción y ser rápido para actuar cuando se presentan las oportunidades (<https://es-es.facebook.com/morales-genis/posts/810227022382021> [Data de consulta 23/02/2016]).

En galego abunda a fraseoloxía co núcleo semántico *cinza* para significar lentitude ou sinónimos. Así, Leiras Pulpeiro (1906: s. v. *cinza*) recolle a locución nominal *funga na cinza* ‘apocado’, en tanto que en García González (1985: s. v. *estar*) se documenta a frase *estar metido na cinza* «estar sin hacer nada». Locucións verbais galegas emparentadas coa centroamericana son *correr/moverse coma o sapo na cinza/coma o piollo na cinza* ou *parecer un piollo na cinza*:

Corres com'o sapo pola cinza, ou corres com'o pollo ['piollo'] pola cinza: No eres diligente (Antonio Noriega Varela [1928]: *Como falan os brañegos*. TILG).

Logo voltou a Varisa do prado. Era muller ben lizgaira, inaque a Subela dixese que parecía un pollo na sinza (Ánxel Fole [1953]: *Á lus do candil*. TILG).

3.8. Echar cuerpo

Esta locución verbal localízase no DA (s. v. *echar(se)*) con dúas acepcións case sinónimas correspondentes a senllas áreas xeográficas considerablemente afastadas: «loc. verb. CR, RD. Desarrollarse notoriamente el cuerpo de una persona», «Bo. Aumentar *alguien* de peso y volumen corporal»).

Sobre o uso desta expresión ten escrito a prestixiosa lingüista e académica Martha Hildebrandt nun dos numerosos artigos elaborados para a sección *El habla culta* do diario peruano *El Comercio*:

Una de las múltiples acepciones del verbo echar registradas por el DRAE 2014 es «Dicho de una persona o de un irracional: empezar a tener cualquier complemento natural de su cuerpo». Pero en el Perú y otros países de la América Central es corriente el modismo echar cuerpo aplicado especialmente al adolescente que desarrolla notoriamente su anatomía. Tiene connotación positiva, como se ve en este ejemplo recogido por Matos Mar en el libro biográfico Erasmo Muñoz, yanacón del valle de Chancay: «Cuando comenzó a echar cuerpo me enamoré de ella...» (<http://elcomercio.pe/> [Data de consulta 23/02/2016]).

Nos corpus académicos documéntanse algúns casos que dan a razón a M. Hildebrandt no sentido de ampliar a extensión xeográfica da locución máis alá dos límites marcados no DA:

Eran los hijos de sus antiguos compañeros de trabajo, que en seis meses habían echado cuerpo, y que al verse de repente hecho hombres se afeitaban los cuatro pelos del bigote (Antonio Álvarez Gil [Cu, 2002]: *Naufragios*. CREA).

Como nos demais casos que estamos a consultar neste apartado, *botar corpo* é unha expresión ben coñecida en galego (en López e Soto, 1995: 58 recóllese *bota-lo corpo* ‘medrar’) e documentada desde antigo. Formada sobre o mesmo modelo que *botar/criar carnes* ‘engordar’ (López e Soto, 1995: 71) ou *botar barriga* (RAG, 1913-1928; Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *botar*), con frecuencia admite especificacións do tipo *botar moito corpo*, *botar corpo de muller* etc.¹³:

¹³ Un uso secundario, metafórico, aplicado ao viño, témolo en: «daquela pasas as alcachofas e unhas lascas de bo xamón con algo de touciño remexes e serves quente cun Ribeiro tinto que está a mellorar e botando corpo» (F. Galdo [2012]: *Abecedario das mantenzas*. TILG).

Agora / Xa ben domados [os poldros] déixaos que se farten / E boten corpo (Avelino Gómez Ledo, trad. [1964]: *Os catro libros das Xeórxicas*. TILG).

Inda era rapaza ben nova por certo e botara un corpo dos máis casadeiros (J. M. Pintos [1846]: *Contos da aldea*. TILG).

Pro agora estou reparando o que medrache, rapaza; botaches un corpo fero, e de veras qu'estás goapa (X. Rodguez. López [1895]: *Cousas das mulleres*. TILG).

Medrou o rapaz hastra chegar á vara xusta, e nela aprantillou sin botar máis corpo nin máis rumbos hastra a morte do pai (Francisco Álvarez Novoa [1896]: *Pé das Burgas*. TILG).

Os irmáns xa dan abasto ás cunqueiras e inda qu'o maor camiñara pra serví-lo rei, xa o pequeno bota tanto corpo coma il (R. Otero Pedrayo [1932]: *Contos do camiño e da rúa*. TILG).

A Belinda da Leiravella, nestes dous anos de ausencia de Xosé botara corpo de muller (Eduardo Prieto [2013]: *Follñas que levou o tempo*. *Contos da Ribeira Sacra*. TILG).

3.9. *Estar pegado con saliva de cotorra*

Esta unidade fraseolóxica («loc. verb. RD. Haberse fijado *una cosa* débilmente, tener mala sujeción o adherencia», DA: s. v. *pegar(se)*) é unha amplificación doutras frases como *pegado con escupo* («Ch. Referido a persona o cosa, débilmente afirmado, de poca firmeza o consistencia», DA: s. v. *pegado*, -a) ou *pegado con saliva* («Ni, Ec, Bo; Ur, p.u. Referido a cosa, de poca consistencia material, de mala calidad», DA: s. v. *pegado*, -a):

Aquí San Pedro se rascó la calva. Jamás se le había ocurrido que en la propiedad del puesto estaba como pegado con saliva, por carencia de documento comprobatorio, y así lo confesó (Ricardo Palma [Pe, 1891]: *Tradiciones peruanas*. CORDE).

Qué pasó? Lo repararon con saliva de cotorra, con lo mismo que reparan el muelle de los Pegasos y otros monumentos historicos de nuestra pobre ciudad que solo duran uno o dos años? (<http://www.eluniversal.com.co/> [Data de consulta: 23/02/2016]).

Pegar con saliva (como unidade fraseolóxica) só se documenta nos corpus académicos en autores hispanoamericanos, como o anteriormente citado, e

en dous escritores peninsulares: o canario B. Pérez Galdós (recordemos que o canario lexicamente está moi influenciado polo galego e o portugués) e a galega E. Pardo Bazán (autores que mantiveron unha intensa relación). No seguinte exemplo, a escritora coruñesa reflicte moi ben o uso irónico que se lle dá no galego común:

—Hombre, dice que no... Dice que lo que desean es confederarnos, para que estemos más uniditos que antes... ¿No ve usted que esto se llama Unión?

—¡Sí, sí, corte usted un dedo y péguelo después con saliva! (Emilia Pardo Bazán [1883]: *La Tribuna*. CORDE).

Con respecto á explicitación *con saliva de cotorra*, anotado coa marca «festivo» no DA, débese ter en conta que as aves ao non mastigar teñen atrofiadas as glándulas salivares, polo que non producen saliva, o que acentúa o carácter absurdo da expresión idiomática, sobre a que a expresividade propia da lingua popular provoca un considerable abano de variantes: *pegar con saliva de loro*, *con saliva de guaro* ('loro') en Venezuela (Arora, 1977: 411), *pegar con cuspe de galiña* en galego¹⁴ etc.

¿Que, Manuel, doe? Agora bótalle cuspe de galiña (Francisco Calo Lourido [2001]: *Salseiros*. TILG).

Sen dúbida, recordo destas expresións é a recreación literaria realizada por Lezama Lima:

Los miembros que les arrancaban a los muertos para pegarlos con saliva de lechuga a sus cuerpos incompletos, quedaban como carbonizados (J. Lezama Lima [1966]: *Paradiso*. CORDE).

Non cremos que a expresión galega *pegar con cuspe de galiña* (ou *botarlle cuspe de galiña*) sexa resultado de mera coincidencia na xénese. Sen dúbida obedecen a unha orixe común todas estas locucións nas que a única variación está determinada polas características da fauna local, pois o uso coincide en esencia:

Bótalle/pégao con cuspe de galiña. fórm. Díselo a alguén, especialmente aos nenos, cando rompen algo, para indicarlles que non ten arranxo.

¹⁴ Semellantes constatacións fisiolóxicas orixinan outras expresións fraseolóxicas en galego: *Ata que as galiñas mexen, cando mexen as galiñas* 'nunca' (DFG: s. v. *galiña*).

–Mamá, caeume o espello e rompeu.

–Pois agora bótalle cuspe de galiña. (Cerviño Ferrín, 2013: 453).

Cuspe de galiña. l.s. Adhesivo universal e imaxinario que se lle recomenda a quen pide cousas imposibles. –Que lle boto aquí pa que pegue? –Bótalle cuspe de galiña (Groba Bouza, 2014: 361).

3.10. Flaco como un bacalao

Aparece no DA coa seguinte definición: «loc. adj. PR, UR. Referido a persona, muy delgada».

Os corpus académicos móstrannos que a palabra *bacalao* figura como termo de comparación en diferentes combinacións, algunha institucionalizada (*rígido/seco como un bacalao*)¹⁵.

Con todo, *flaco como un bacalao* non aparece nos corpus académicos nin en obras de referencia como o DFDEA. Só na rede si é posible achar algún exemplo ilustrativo do seu uso en textos hispanoamericanos:

Se figuraba encontrarlo flaco como un bacalao, enfermo, postrado hasta no poderse tener en pie (Manuel Payno [1889-1891]: *Los bandidos de Río Frío* [<http://www.antorcha.net/> Data de consulta 24/02/2016])

El padre se murió cuando Luisito Miremamao, Luisín, flaco como un bacalao, El Flaco, iba a cumplir dieciséis años (<https://www.coursehero.com/file/p77h4g1b/Yerba-palis-hasta-Nyquil-vend%C3%ADa-Las-pastillas-de-la-mai-las-pastillas-del-pai/> Data de consulta 24/02/2016).

En galego a frase prototípica é *fraco coma un bacallau (polo rabo)* (DFG: s.v. *bacallau*), pero por acurtamento é frecuente tamén *fraco/mirrado coma un bacallao*. Outras variantes recollidas en Ferro (2006: 238-239) a partir do *Tesouro Fraseolóxico Galego* son *fraco coma un rabo de bacallao*, *delgado coma un rabo de bacallao*; *estar coma o bacallao*, *estar coma o bacallau polo rabo*, *estar coma un bacallao*, *estar coma un bacallao polo rabo* etc.

¹⁵ «Tieso más que un bacalao. Dícese de lo reseco y difícil de hincar el diente» (Caballero, 1899: 1080). Este mesmo autor mostra como a comparación pode aplicarse tamén cando *seco* se utiliza con valor secundario, aplicado ao carácter dunha persoa: «Es más seco que el bacalao de Escocia. Dícese por la persona seria, desabrida, grave, de carácter áspero» (Caballero, 1899: 579).

Cabe citar tamén que no inconcluso diccionario académico RAG (1913-1928: s. v. *bacalao*) a voz *bacalao* é definida como «fig. La persona alta, delgada y seca», en consoancia con estas comparacións estereotipadas.

Unha variante curiosa, produto da inesgotable capacidade creativa do noso pobo, é estoutra hipérbole: *Ter un preito co bacallau e gañalo* ('estar moi fraco', Ferro, 1996: s.p.). Outra, irónico-burlesca, é *Estar gordo coma un bacallau polo rabo* 'estar fraco' (Luaces, 2014: 441), do que tamén Ferro (2006: 238-239) ofrece abundantes mostras.

3.11. *Gastar pólvora en gallinazos*

loc. verb. *Pa, Co, Ec, Pe, Bo, Ch*. Invertir tiempo o energía en algo que no vale la pena o no resulta rentable (DA: s. v. *gastar*).

Nesta ocasión o DRAE recolle o americanismo baixo outra variante¹⁶:

Gastar pólvora en chimangos. 1. loc. verb. *Arg., Par. y Ur*. Hacer esfuerzos por algo o alguien que, en realidad, tiene poca importancia.

Os dous repertorios lexicográficos amosan unha longa listaxe de variantes das dúas expresións, ás que remiten, nas que unicamente muda é o nome da ave obxecto do dispendio, case sempre a denominación local do voitre negro americano máis coñecido como *zopilote* (*coragyps atratus*): *gastar pólvora en chimangos* (Py, Ar, Ur), *en gallinazo* (Ec, Pe, Bo), *jotes* (Ch), *sanates* (Gu), *zamuros* (Ve), *zanates* (ES), *zopes* (Ho) e *zopilotes* (Ho, Ni, CR):

Diga Tristán... mas no quiero / gastar pólvora en *chimangos* (Bartolomé Hidalgo [Ur, a 1822]: *Poemas*. CORDE).

–Muy bien, general –dijo Calzada–. ¿También vas a enseñarnos eso?

–Para qué gastar pólvora en gallinazos –dijo Gamboa (M. Vargas Llosa [Pe, 1962]: *La ciudad y los perros*. CORDE).

Yo nunca gasto pólvora en chimangos, así que nunca compré ni uno de esos que los muertos de frío de por allá llaman los libros sagrados (J.C. Onetti [Ur, 1979]: *Dejemos hablar al viento*. CREA).

¹⁶ Tamén se observa variación no verbo inicial (en lugar de *gastar* poden aparecer sinónimos contextuais como *quemar*): «[...] ahora me dedico a desenmascarar impostores. Empecé con Darwin y voy a seguir con Newton y Einstein. Con Cristo y Mahoma no, ni con Freud, porque lo considero tiempo perdido, eso es quemar pólvora en gallinazos» (Ve, 2003: *Letralia. Tierra de Letras*. CREA. Fala o escritor nacido colombiano Fernando Vallejo).

Se me acercó Chalo y me habló sin rodeos: «Te creía más inteligente, Joe Miguel. Pifiaste como cualquier bocón. Aunque tuvieras razón, sabes muy bien que no hay que gastar pólvora en zamuro» (Ednodio Quintero [Ve, 1991]: *La danza del jaguar*. CREA).

Evidentemente, o sentido destas locucións esixe que a ave en cuestión careza de valor comestible ou comercial. En Galicia non hai *zopilotes* e o *voitre* non é ave común, pero (en correspondencia coa alternancia *cuspe de cotorra*–*cuspe de galiña*) o que si existe é a mesma unidade fraseolóxica aplicada ao máis común dos paxaros. Así, en galego temos a unidade fraseolóxica *gastar pólvora fina en gorrións*, co mesmo significado¹⁷:

Porén, María Casares marchou pensando que os seus discursos eran gastar pólvora fina en gorrións, así que volveu a París rezando por que non sucedera nada en Arxentina (Inma López Silva [2006]: *Contos da Baiuca*. CORGA).

Esta unidade fraseolóxica, documentada en Vázquez Saco (2003: 944), témola oído a informantes de Antas de Ulla (Lugo) e de Deza (Pontevedra), neste último caso nunha variante aínda máis ampliada: *gastar pólvora fina en gorriós no monte*.

Fronte a estas locucións propias de América e Galica, a norma do castelán prefere a expresión case sinónima *gastar la pólvora en salvas* («loc. verb. Poner medios inútiles y fuera de tiempo para un fin» DRAE 2014: s. v. *pólvora*), tamén documentada en galego¹⁸.

3.12. *Hacer de su culo un papalote* ['papaventos']

Recolle Pérez Martínez (2004: s. v. *culo*) no seu *Refraneiro Mexicano* esta locución verbal da que ofrece múltiples variantes¹⁹:

Cada quien es libre de hacer de su culo un papelote, para empinarlo [...].

¹⁷ O sintagma *pólvora fina* pode ser indicio da antigüidade de toda a locución, pois alude a un tempo en que as armas se cargaban aínda con pólvora: «¡Levo noces coma chancas e ningunha sai ferreña! - ¡Pólvora fina! - ¡Afiador! - ¡Merquen mistos!» (A. García Ferreiro [1890]: *Chorimas*. TILG).

¹⁸ Sobre o modelo formouse tamén en galego *Gastar cera con ruin defunto* (Ventín Durán, 2003: 236).

¹⁹ Na mesma obra (Pérez Martínez, 2004: s. v. *dueño*) recolle outro feixe de variantes, todas extraídas de diferentes dicionarios fraseolóxicos mexicanos: *cada quien es muy dueño de hacer de su culo un papalote*; *cada quien es muy dueño de hacer de su culo un papalote, y empinarlo con la reata que más le convenga*; *cada uno es muy dueño de hacer de su culo un papelote*; *cada uno es muy dueño de hacer de su culo un papalote*.

Refrán popular que significa, según Rubio, «que cada quien puede hacer con lo suyo lo que se le pegue en gana, pues que a nadie tiene que dar cuenta de lo hecho». Variantes: «cada quien es libre de hacer de su culo un papalote» [...]; «cada quien es libre de hacer de su culo un papalote y empinarlo» [...]; «cada quien hace de su culo un papalote» [...]; «cada uno hará de su culo un papalote» [...].

Como se aprecia na cita anterior, con frecuencia esta unidade fraseolóxica admite explicitacións máis ou menos libres, como se ve tamén na seguinte cita:

Recordó que él hubiera querido contestarle cada quién hace de su culo un papalote y lo vuela con el aire que quiere (Dante Medina [Mx, 1990]: *Cosas de cualquier familia*. CREA).

No español peninsular utilízase no canto da expresión anterior esta outra, recollida no DRAE: «*hacer de mi, tu, su, etc., capa un sayo* 1. locs. verbs. coloqs. Obrar alguien según el propio albedrío y con libertad en cosas o asuntos que le pertenecen o atañen, sin tener en cuenta criterios ajenos» DRAE 2014 (s. v. *capa*)²⁰. Moi probablemente a unidade fraseolóxica mexicana está baseada na UF galega *Cada un/cadaquén fai do seu cu un pandeiro*:

E eu nada opoño, ou sí, digo que estuvo ben pois cada un fai do seu cu un pandeiro (X. Neira Vilas [1980]: *Querido Tomás*, 27),

ben documentada na nosa tradición lexicográfica: *Facer do seu cu un pandeiro* «hacer de su capa un sayo» (Álvarez de la Granja María (coord.), 2001: s. v. *cu*), *Facer do seu cu un pandeiro* ‘facer o que lle peta’ (Feixó, Pena e Rosales, 2004: 105), *Facer do seu cu un pandeiro/Facer un pandeiro do seu cu* (DFG: s. v. *pandeiro*)

En favor da orixe galega destas locucións xoga o feito de que semanticamente a nosa variante ten máis lóxica, tanto extralingüística (os pandeiros fanse de pel, os papaventos de papel ou tea), como lingüística: dunha banda, en galego é común a comparanza entre estas dúas realidades, manifestada de múltiples xeitos na literatura e fala popular, por exemplo na locución *poñer o cu coma un pandeiro*, ou na identificación das dúas realidades («*pandeiro*: fam. cu» DRAG: s. v. *pandeiro*, García González, 1985: s. v. *pandeiro*):

²⁰ Mestura das dúas locucións é a seguinte *que cada quien haga de su capa un sayo y de su culo un papagallo*, da que indica Pérez Martínez (2004: s. v. *capa*): «El vocablo *papagallo*, que obviamente debe escribirse *papagayo*, se usa en algunos estados de México, como Tabasco, Campeche y Yucatán, en vez de *papalote*».

Co'el sentido de cachas, *cu* presenta os eufemismos *traseiro*, *popa* (en alusión á parte d'atrás), *pandeiro* (quizais haxa que pensar nel uso metonímico del segundo elemento da comparación habitual *púxoye el cu como un pandeiro*) (José Antonio Fernández Vior [1997]: *Notas etnolingüísticas del Conceyo da Veiga*. TILG).

Sabendo que se lle chama *pandeiro* ao *cu* e, dunha maneira máis difusa, ás partes íntimas, resulta doada a lectura erótica destas cantigas:

O pandeiro está mollado, / miña nai, ¿quen o mollou?

«*Na costiña do Xurés, / que toda a noite orballou*» (Xosé Ramón Mariño Ferro [1995]: *O sexo na poesía popular*. CORGA).

Outro era un gordo de *cu* de *pandeiro* e bandullo de bongó (Isidro Novo (= Isy New) (1997): *Por unha presa de machacantes*. TILG).

Pasaban a semana sentadas na oficina e estábanelles pondo o *cu* coma un *pandeiro*, dicían (M^a Xosé Queizán [2000]: *Ten o seu punto a fresca rosa*. CORGA).

En segundo lugar, *facen do seu cu un pandeiro* non é máis que unha especificación doutra unidade fraseolóxica na que aparece unha variable: «*facen de algo/alguén un pandeiro*» ou máis sinxelamente *facen do seu un pandeiro*²¹, das que é doado topar mostras no CORGA: *facían del un pandeiro, fan de ti un pandeiro, cada un fai da súa vida un pandeiro, facen de todos nós un pandeiro, facía un pandeiro do pai* etc.:

Mentres non deas un espectáculo público e non lle fagas mal a ningún, eu coído que podes facer do teu corpo un *pandeiro* (Manuel Aneiros [1999]: *O Correo Galego*. CORGA).

Reparen que o *porteiro* é o único xogador que no campo fai do uniforme un *pandeiro*: elixe a cor da camiseta, que deseña como lle peta; se vai frío, usa pantalón largo (Sixto A Seco [2002]: *O Correo Galego*. CORGA),

unha de cuxas variantes sería *facen do meu/teu/seu cu un pandeiro* (debido á asociación sinalada), que acabaría independizándose noutra unidade autónoma e tamén chegaría a América na súa tradución literal (*hacer de su culo un tambor*):

²¹ «*Cada un do seu fai un pandeiro*», expresa la libertad absoluta de hacer uno lo que le parezca mejor en lo que le pertenece» (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *pandeiro*; Vázquez Saco, 2003: 547).

Se arreglan los que se pelean o no se arreglan es cosa de ellos mismos que cada uno en este mundo es dueño de hacer de su culo un tambor (Sergio Ramírez [Ni, 1995]: *Un baile de máscaras*. CREA).

En los años en que fui corrector de pruebas de la revista *Bohemia* me tocó trabajar con algunos y jamás tuve líos con ellos. Es verdad que de vez en cuando se alborotaban y soltaban sus plumas, pero ¿y a mí qué? Como dice el refrán: «Cada quien hace de su culo un tambor y se lo da a tocar a quien quiera» (Antonio Orlando Rodríguez [Cu, 2008]: *Chiquita*. CORPES XXI).

3.13. *Hijo del mundo*

Unhas páxinas máis arriba (§ 3.2. *casarse por detrás de la iglesia*) aludimos á existencia de distintas denominacións para os fillos produto de tal tipo de relación extramatrimonial.

Outra desas denominacións, que aquí trataremos, tamén común a Galicia e Hispanoamérica, é gal. *fillo do mundo*, esp. am. *hijo del mundo*, que o DA (s. v. *hijo*) localiza na República Dominicana co significado de ‘hijo engendrado fuera del matrimonio y no reconocido’ e en galego é sobradamente coñecido:

Sonche de mala casta —di Pura—, que xa a súa avoa María tivo tres fillos do mundo: un que lle morreu, Andrés, que casou para San Cibrán, que vén sendo o pai de Alsira do Roque, e Xan (Manuel Iglesias Turnes [2012]: *As rapazas de Xan*. TILG).

Non vén no DRAE, nin nos corpus académicos con este valor. En galego documéntase a expresión *fillos do mundo* ‘los niños de la inclusa’ en Rodríguez González (1958-1961: s. v. *fillo*) e Mouzo Villar (2012: 104-105)²². Tamén se documenta a unidade fraseolóxica derivada, secundaria, *Ser mellor ter un fillo do mundo* (Cervíño Ferrín, 2012: 297):

Ser mellor ter un fillo do mundo. l.v. Ser unha opción totalmente inconveniente. Úsase para rexeitar unha oferta que se considera inconveniente ou mesmo nociva. Posiblemente sexa unha derivación do seu significado orixinal «ter [unha muller] un fillo de pai descoñecido». *Ir vivir con ela á cidade? Non, ho, antes aínda é mellor ter un fillo do mundo*.

²² Nesa obra (Mouzo Villar, 2012: 101) pode verse a distribución xeográfica de *fillo do mundo* e outras expresións sinónimas nos puntos galegos incluídos no ALPI (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*).

No apartado que acabamos de sinalar (§ 3.2. *casarse por detrás de la iglesia*) indicamos que froito dunha realidade social determinada, para aludir ao mencionado concepto existiron —e existen— en galego múltiples sinónimos, que agora completamos (cfr. García González, 1985: s. v. *fillo* e, máis especificamente, Mouzo Villar, 2012 e Estévez e Rúa, 2013): *fillo á présa, achadizo, brabo, da arquíña, da igreia, da pedra, da terra, das agachadas, das herbas, de á pé do toxo, de achego, de moza, de nai, de palleiro, de peta á porta, de porta aberta, de poula, de roleiro, de ruleiro, de solteira, de tras as silveiras, de tras da arteira, de tras da silveira, de tras do palleiro, de tras do toxal, de tras do valado, de tras dos feitos, de xan dos descuidos, do eirío, do palleiro, do raposo, do toxal, do valado, do vento, dos feitos, feito a martelo, feito ao palleiro, feito tras da silbeira, zorro* etc.

3.14. Como un sapo

En Galicia o sapo aparece vinculado a prácticas de maxia e bruxería; tamén a males (*aire de sapo*) e pénsase que o seu mexo produce a cegueira (*mexadela de sapo que te deixa cego*, en Ledo Andión [1990]: *Porta blindada*. TILG); para os galegos é un animal noxento e así explícanse os numerosos casos documentados en que se estoupan e se esmagan para matalos; ademais, inzan moito e hai a superstición de que de cada pingota gorda que cae antes da treboada nace un sapo.

O sapo xoga, pois, un papel importante na cultura tradicional galega. A fraseoloxía galega con este animal é, consecuentemente, riquísima, sen contar nomes de fungos, plantas e peixes que levan a voz *sapo* na nomenclatura (*peixe sapo, sapoconcho, pan de sapo, pirixel dos sapos, berzas de sapo, herba do sapo, allo do sapo* etc.). No ámbito fraseolóxico podemos citar: *aire de sapo, botar sapos e cobras pola boca, pisar un sapo* ('dise ironicamente canto unha persoa se ergue tarde ou sae tarde da casa pola mañá', DFG: s. v. *sapo*), *meter sapo por ra, tragar sapos, pezoñento, -a coma un sapo, ter máis veneno ca un sapo, como unha ave que lle chaman sapo* (*Corremos no progreso como unha ave que lle chaman sapo*, José Salgado [1901]: *Paliques*. TILG) e moitas outras²³. Nos

²³ En Ferro Ruibal (2006) pódense consultar moitas das comparacións estereotipadas nas que aparece o sapo: *amargo coma unto de sapo, andar a rastro coma a barriga do sapo, caer espatarrado como un sapo, ter unha pachorra como un sapo, cheo coma un sapo, morrer coma un sapo, levárense coma o sapo e o sacho, durmir coma un sapo, quedar coma un sapo 'farto', feo coma a cabeza dun sapo, gordo coma un sapo, grande coma a cabeza dun sapo, correr coma o sapo pola cinza, correr peor ca un sapo por entre as muruxas, estar coma un sapo 'mollado', listo coma unha ave que lle chaman o sapo, andar coa boca aberta coma o sapo, ser cativo coma un sapo, volver a aparecer coma os sapos cando cae orballo polo verán, alentar coma un sapo*.

dous seguintes subapartados ocuparémonos de dúas locucións coincidentes co español de América:

3.14.1. *Inflarse como un sapo*

Esta combinación utilízase con frecuencia con sentido literal como expresión estereotipada de comparación tanto en galego como en castelán. Aquí interésanos, porén, o seu uso figurado, definido deste xeito no DA (s. v. *inflar*): «loc. verb. *Ho*. Pavonearse, presumir *alguien*». Tamén o verbo *hinchar* pode aparecer neste valor, que se estende máis alá dos curtos límites xeográficos sinalados no DA:

¿Viste cuando el Diego aparece todo estirado, hinchado como un sapo, a punto de reventar, lustroso de tan estirado, con los ojitos dados vuelta, todo transpirado? (Ur, 2004: *Guambia. Suplemento de Humor del diario Últimas Noticias*. CREA).

Y usted se infló como un sapo borracho de ego (Jorge Kuri [Mx, 2004]: *Serenata nocturna de alucinaciones y nostalgias*. CORPES XXI).

Non figura no DRAE 2014, nin no DFDEA. Nos corpus académicos só hai documentación americana, como a vista, agás unha do canario Pérez Galdós (non fai falta que volvamos insistir nas concomitancias entre a fala de Canarias e o galego e o portugués).

En galego documentamos varias veces no TILG a frase co verbo *inchar*. Ferrero Ruibal (2006: 234). inclúe dentro do epígrafe ‘Ira’ as seguintes unidades fraseolóxicas: *imprar como un sapo*, *inchado coma un sapo*, *inchar coma un sapo*:

Certo home enfinchado / deses de moita tripa / qu’arrotran com’os cregos / e com’os sapos s’inchan,/ un día de paseo / por unha chousa iba / i ó pé dunha leituga / topou leda formiga (1888: *A Fuliada*. TILG).

Eu non o vou a meter en gastos, pro moito coidado con facer máis do que ll’eu mande, si non morre o millor día inchado com’on sapo (Xesús Rodríguez López [1899]: *A crus de salgueiro*. TILG).

[...] hoxe arrota coas fanegas e anda inchado coma un sapo deses que tedes nas terras (Celestino Cabarcos Suárez [1955]: *Cóxegas*. TILG).

[...] ó iniciar unha cantiga, explicaba inchado como un sapo: «a seguinte letra e música tamén é miña» (1997: *Tempos novos*. TILG).

Falan, trepando nas verbas un do outro, longos párrafos escasamente significativos aos que reveñen de xeito paralelístico, ondulante, consideracións xerais encol da miseria das conductas humanas, diatribas contra todo, a perplexidade inchada coma un sapo ante a persoa de Candita, o menosprecio da crueza e da violencia [...] (Xosé Luís Méndez Ferrín [1986]: *Antón e os inocentes*. TILG).

3.14.2. *Reventar como un sapo*

Algo semellante ao que sucede coa expresión anterior ocorre coa locución comparativa *reventar como un sapo*. Trátase dunha comparación estereotipada que o CREA, o CORPES XXI e a rede soamente documentan en Hispanoamérica:

Y Agrelo nada. Meta yerba, meta coca, meta grapa y uno de estos días reventaría como un sapo a pesar de las broncas que le arma la Ñata (Marta Lynch [Ar, 1977]: *Los dedos de la mano*. CREA).

Ahora va a saber lo que es candela, el tal Lautaro. Por más que se esconda en lo más hondo de la selva, mi marido lo va a sacar y lo va a reventar como un sapo (Sergio Arrau [Ch, 1981]: *Digo que Norte Sur corre la tierra*. CREA).

—Basta, Cacho, controlate. Por favor, Cacho. Vas a reventar como un sapo (Daniel Guebel [Ar, 2004]: *Carrera y Fracassi*. CORPES XXI).

Espero que se te pase la rabia y no vayas a reventar como un sapo (Nelson Rivera [PR, 1979]: *Sucio difícil*. San Juan: Isla Negra editores, 2005: 44).

Estoupar coma un sapo é locución recollida en Cerradelo e Valls (2013)²⁴ e documentada nos corpus galegos, xunto co seu sinónimo *rebentar como un sapo*.

¡Craro! tanto fogo lle atizou Salmerón no minting qu'acaba d'haber en Madrí, que toupou coma un sapo (1889: *A Tia Catuxa. Somanario gallego de intereses rexionales e literatura*. TILG).

[...] a cabeza; coidei que me estoupaba, esto non pode ser nada bo. Calquera día revento coma un sapo nunha cuneta (Xosé Manuel Martínez Oca [1979]: *A Negra / A caza das cascudas / As augas toldas / Terra sequeira*. CORGA).

²⁴ «Estoupar [u.p./u.c.] como (ou coma) un sapo. l.v.: fer [u.p./u.c.] un pet com una gla. *Se non fas un pouco de réxime, vas estoupar como un sapo*. Si no fas una mica de règim, acabaràs fent un pet com una gla» (Cerradelo e Valls, 2013: 85).

3.17. *Como entierro de pobre*

Recolle esta combinación o DA (s. v. *entierro*), definida do seguinte xeito: «loc. adv. CR. p.u. Rápidamente». No corpo do artigo lexicográfico mencionáanse estas outras locucións, para as que se remite á entrada correspondente dos respectivos verbo soporte:

Caminar como entierro de pobre. loc. verb. Ho. Caminar velozmente (DA: s. v. *caminar*).

Ir como entierro de pobre (falta no lugar esperado: s. v. *ir*).

Llevar como entierro de pobre. loc. verb. Ni. Obligar *alguien* a un acompañante a ir muy de prisa (DA: s. v. *llevar*).

Consiguió prestada la camioneta de tina de la empresa y como buen entierro de pobre los llevó raudo al cementerio (Marisela Quintana [Ni, 2003]: *Tras la rendija*. CORPES XXI).

De xeito similar á cita anterior do CORPES, nos corpus galegos e nas nosas obras lexicográficas abundan as referencias a locucións similares en galego: No *Tesouro Fraseolóxico Galego*, Ferro Ruibal (2006: 247-248) rexistra baixo o epígrafe PRÉSA as frases *como enterro de pobre* e *lixeiro como enterro de pobre*, frases comparativas que xa no TILG se mostran claramente fixadas:

Chorimas é un libro feito ás carreiras com'o enterro dun probe (Alberto García Ferreiro [1890]: *Chorimas*. TILG)

ou incorporadan ao saber colectivo:

Si fora un probe non habería cregos, e levaría-no a enterrar de prisa e correndo (Xan de Masma [1899]: ¡*A besta!*).

En Galicia, como noutras sociedades tradicionais, a morte cobrou noutras épocas dimensións especiais, con manifestacións suxeitas a un ritual complexo: no tocante aos costumes do enterro, abunda neste lugar con que recordemos un par de datos: non só se gastaba no propio enterro (pranxideiras ou chorateiras, cuns tópicos establecidos²⁵, o maior número posible de sacerdotes

²⁵ Lémbrese a escena valleinclanesca (*Romance de lobos*) en que a criada vella —Andreíña— corrixo á criada nova —La Rebola— porque non sabe facer o pranto trala morte de Dona María, esposa de D. Juan Manuel Montenegro, e dille: «¡Qué poca gracia tienes, condenada! Adeprende cómo se hace un planto. ¡Rosa de Jericó! ¡Rosa sin espinas! ¡Mi reina de las manos blancas, que hilaban para los pobres!» (Ed. de Antón Risco. Barcelona: *Círculo de Lectores*, 1990: 91).

na celebración eclesiástica; e nas procesións documentadas, por exemplo, na Coruña do XIX, longas filas de membros da beneficencia portando farois con velas acesas, tantos máis portadores canto máis alto o estatus do falecido), senón que tamén se gastaba no banquete do velorio²⁶. Moitas destas manifestacións ocorrían non hai moito tempo, como se mostra na seguinte conversación mantida entre o doutor García Sabell e Manuel P. Rúa, o seu entrevistador (*Tempos Novos*, nº 1, 1997: 44):

Eu aínda recordo ás plañideiras dos enterros. Eu fun ó enterro dunha prima miña que morrera de rapaciña, cerca do Grove, e alí o meu asombro foi que levaba plañideiras. Todo aquilo era falso, era espectáculo...

—Probablemente se non o fixesen non tería a mesma consideración familiar e social de solidariedade, mesmo de ser alcumado de enterro de pobres.

Con estas premisas, enténdese mellor que a mentalidade popular establece comparanzas e prodúcese unha rica fraseoloxía e paremioloxía: «No enterro, os achegados; e nas honras, os convidados» (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *enterro*), «Para enterros, Lugo. Tienen fama por su pompa y suntuosidad exageradas» (Ferro e Veiga, 2006: 305). Unha rápida revisión do TILG facilítanos unha ilustradora listaxe: *un enterro de vinte cegos, un enterro a oito, facer un enterro con larganza, un enterro de aldea, un enterro de caridá, un enterro de luxo, un enterro de primeira, un enterro de medo, un enterro de probe, máis responsos dos que bota un crego en enterro de rico, un enterro de tres mil réas, un enterro de verdade, un enterro debidamente runfleiro, facer o enterro do demo etc.*

3.18. *La culpa nunca cae al suelo*

Máis problemático se nos presenta o estudo desta unidade fraseolóxica, que incluímos neste apartado provisionalmente, en espera de acadar máis datos. Con frecuencia explícitase con con continuacións do tipo *la culpa nunca cae en el suelo... siempre cae sobre alguien* ou *...sin que alguien la recoja*.

Tal como figura no epígrafe esta frase non está lematizada no DA²⁷. Se consultamos internet, observaremos que se documenta esta frase prioritariamente

²⁶ Ata tal punto chegaron os excesos que podían supoñer graves quebrantos económicos para as familias. Por iso, os Reis Católicos tiveron que regular mediante unha Real Cédula de 1495, dirixida ao gobernador de Galicia, este tipo de celebracións (Barral Rivadulla, 2006: 125).

²⁷ A máis próxima é esta «*La culpa de todo lo paga el totí* ['especie de grajo cubano']». Fr. Prov. EU, Cu. Indica que se ha responsabilizado a alguien de algo que no ha realizado» DA: s. v. *culpa*).

en Cuba (e a súa continuación en Florida) e de xeito secundario en México e Venezuela (de xeito moi excepcional na Península):

Instalaciones deportivas, sitios recreativos, lugares de sano esparcimiento [...] y otros, han sido demolidas, o les han dejado destruir alevosamente abandonados sin mostrar el más mínimo respeto y consideración por el pueblo trabajador. Pero claro, la culpa nunca cae al suelo. «Ello segurísimo se debe al cacareado bloqueo estadounidense» (<http://www.miscelaneasdecuba.net/> [Data de consulta 29/02/2016]).

[...] al cambiar de mes y por aquello de que a alguien hay que echarle la culpa, porque la culpa nunca cae al suelo, pensamos que la Luna Azul de la noche del 31 de julio y la madrugada del primero de agosto, es la causante de que se redujeran las altas temperaturas (<http://laregiontam.com.mx/> [Data de consulta 29/02/2016]).

Esta aseveración sobre a culpa non escapa da tradición folclórica galega. Innumerable veces oímos esta frase na nosa familia valdeorresa, podéndoa remontar ata unha bisavoa nacida en Valencia do Sil (Valdeorras, Ourense) a finais do século XIX e que nunca emigrrou (*A culpa nunca cae no *suelo*: recollida como *A culpa nunca cae no chan* en DFG: s. v. *culpa*). Ideas similares son doadas de localizar na lexicoloxía galega e portuguesa²⁸: *A culpa nunca ten cara* (Vázquez Saco, 2003: 451), *Á culpa hai que lle facer unha casa* (DFG: s. v. *culpa*, Deza, o que se xustifica dicindo «porque ninguén a quere consigo»), *As culpas son viúvas* (DFG, Deza), *A culpa *naide a quere* (oída en lugares tan distantes como Valdeorras e Arteixo, A Coruña), *A culpa é orfa* (*non ten pai nin nai*) (informante de Vimianzo, A Coruña), *Culpa que ninguén a quer, mala culpa tèn que ser* (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *culpa*) etc., fácilmente documentables:

A culpa non é viúva. É orfa (Tino Pertierra. *Faro de Vigo*: 31/10/2011).

Ó faltar eu, todas as culpas han caer no meu saco (Hixinio Puentes [2000]: *O bandido Casanova*. CORGA).

²⁸ Cfr. o portugués: *A culpa morreu solteira* (Moreira dos Santos, 2000: nº 127), *A culpa morreu sozinha* (Moreira dos Santos 2000: nº 128). Tamén en crioulo de Guinea-Bissau: *Kulpa ka ta kai na tcon* (tradución ao portugués: *A culpa não cai no chão*, <http://www.faspebi.com/ditos3.html> [Data de consulta 29/02/2016]).

3.19. *Lámbete, que estás de huevo*

Esta frase proverbial figura no DA (s. v. *lamber(se)*) como obsoleta: «fr. prov. *Ur, Ar*, obsol. Indica que alguen no puede conseguir algo que anhela. pop.»

O DRAE trae a frase co verbo *limpiar*: *límpiate, que estás de huevo* ‘fr. fig. y fam. con que se nota de ilusorio lo que otra persona dice o intenta’ (DRAE 1925: s. v. *huevo*)²⁹. Cabe resaltar que esta edición do diccionario académico se caracteriza pola incorporación de múltiples *provincialismos* de América e da Península. Cabe resaltar tamén que o DFDEA (s. v. *huevo*) considera a frase rara, e non achega cita literaria. No CREA e no CORPES XXI non localizamos ningún exemplo. Soamente o CORDE nos permite localizar dúas citas da frase, unha dun galego, Valle-Inclán, e outra dun peruano:

El escribano llegaba todas las noches a casa de Visitación, y después de notificarla un saludo, pasaba a exponerla el alegato de bien probado de su amor. Ella le oía cortándose las uñas, recordando a algún boquirrubio que la echó flores y piropos al salir de la misa de la parroquia, diciendo para su sayo: «Babazorro, arrópatate que sudas, y límpiate que estás de huevo» (Ricardo Palma [1872]: *Tradiciones peruanas*. CORDE).

¡Si piensas que son agradecidos tus afanes, límpiate, que estás de huevo! (Ramón María del Valle-Inclán [1927-1931]: *La corte de los milagros*. CORDE).

En galego a frase figura en Rodríguez Gónzález (1958-1961: s. v. *ovo*, «*Límpate, que estás de ovo*, dícese al que intenta o pretende una cosa completamente ilusoria») e en López e Soto (1995: 63)³⁰. Aparece, igualmente, documentada no TILG e noutros medios:

A tódo-los teus veciños / hei de decir que te quero, / pero casarme contigo, / límpate, qu'estás de güevo (Domingo Blanco [1884 (1992)]: *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. TILG).

²⁹ Con anterioridade aparece en Caballero (1899: 738): «¡Límpiate, que estás de huevo! Expresión familiar con que negamos alguna cosa que otros desean con afán, ó auguramos la imposibilidad de que consiga otra.»

³⁰ No seguinte diálogo de Manuel María pódese comprobar un caso de implicación:
SERRADOR.- ¡Veño pola moza!
MOZA.- ¡Non quero ir!
GALEGO.- ¡Limpa o bico! ¡Tal roscón non é para ti! (Manuel María (1968): *Barriga verde*. Ed. de S. E. Radio. Ourense: Galiza editora, 1996: 78).

Vostés traballen pra min / canto poidan traballar / pra que adimitido sexa / nisa enxebre Sociedá; / porqu'eu que son gradecido / non me ll'hei de portar mal / si o prémeo collo nas uñas.../ (Límpate que de ovo estás) (Roxelio Lois Estévez [1894]: *Estrugas*. TILG).

Para promocionar todo isto fan falla cartos e estes, xa sabes, non van ser para a Cultura en moito tempo. Así que, como diría miña madriña: «límpate que estás de ovo» (Vicente Araguas [2012]: *Madrygal* 15: 261).

A presenza do verbo *lamber* na frase americana inclina a balanza a favor de termos aquí un galeguismo.

3.20. ¡Le ronca el aparato!, ¡le ronca el nabo!, ¡le ronca la berenjena!, ¡le ronca los cojones!

Todas estas locucións interxectivas e outras semellantes aparecen no DA en diferentes entradas, co meso significado que as formas peninsulares *manda narices*, *tócate las narices* e outras similares:

¡le ronca el nabo! loc. interj. EU, Cu. Expresa asombro, molestia, incomodidad (DA: s. v. *roncar*).

¡le ronca los cojones! Cu. Expresa asombro, sorpresa, contrariedad (DA: s. v. *roncar*).

¡Le ronca el aparato! remite ao seu sinónimo (Ni, Cu) *le zumba el aparato* (DA: s. v. *aparato*) e, finalmente, *¡le ronca la berenjena!* localízase en Cuba co mesmo significado (DA: s. v. *berenjena*).

Nos corpus académicos topamos frases idénticas cunha única modificación no elemento nominal, substituído por outros eufemismos sinónimos, e coa posibilidade de actuar a frase como locución verbal en lugar de interxectiva:

Me ponían mala la cabeza cada vez que iba allí a comerme un plato. Las aguantaba callado la mayoría de las veces. Entonces me preguntaban por qué no hablaba. Y es que no puede uno tener vida privada, ¡le ronca el cachelo, carajo! (Miguel Barnet [Cu, 1981]: *Gallego*. CREA).

«Amar lo fácil es demasiado fácil, hija: lo que le ronca el clarinete es que la quieran a una por sus defectos» (Eliseo Alberto [Cu, 1992]: *La eternidad por fin comienza un lunes*. CREA).

[...] en Cuba, donde tras cuarenta años de socialismo y difusión del materialismo dialéctico, no sólo hay gente que adora deidades afrocubanas, sino que catequizan extranjeros, y los ponen a gastar fortunas en ritos de santería. —Le ronca el mango (Daniel Chavarría [Ur, 2002]: *El rojo en la pluma del loro*. CORPES XXI).

Todas estas frases están calcadas da frase galega común *róncalle o nabo!* (DFG: s. v. *nabo*), suxeita ás mesmas substitucións sinonímicas, máis ou menos eufemísticas ou vulgares (*róncalle o nabizo*, *róncalle o carallo*), afectada por unha forte interdicción e difícil, xa que logo, de documentar na escrita en textos antigos. Aínda así, en textos de finais do século XX abundan as mostras, con todas as variacións que sinalamos a propósito dos documentos hispanoamericanos (sobre todo no referente á variación do elemento nominal, proba da institucionalización do esquema):

Nós tamén somos pobres e sen embargo resultamos. Non me dirás o contrario, resultamos de carallo; e ás veces incluso ligamos, que xa lle ronca o nabo (Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido [1993]: *Copenhague*.TILG).

Esa ocorrencia de aviar dous enfermos, un para o matasáns e outro para a viciñanza... Róncalle o nabo (Bieito Iglesias [1999]: *O mellor francés de Barcelona*.TILG).

[...] os días de festa, nos días en que se lles antoxase a eles, comían coma lobos, e beber vasos de viño, ronca un pouco o nabo (Emilio Araúxo [1996]: *Cinsa do vento*.TILG).

[...] revirando os ollos e trincando na língoa, descubreu unha conclusión filosófica que lle ronca o nabizo: —¡Cabaleiros, non hai cousas imposibres! Non dixo máis e largou coma un tolo (E. Seijas Vázquez [1990]: *Pequena estoria dun gran café*.TILG).

E róncalle róncalle róncall'o cu e róncalle róncall'o curazón porqu'eu máis das mulleres piollo non son (Dorothe Schubarth e Antón Santamarina [1993]: *Cancioneiro popular galego*.TILG).

«Se pedimos que nos fagan de comer, e despois sabe moito, ó mellor non nolo paga. E, tamén, se pasamos fame para despois ir pagar el todo, tamén lle ronca o pandeiro». Non sabiamos qué facer. (J. L. Graña Muíño [1995]: *Cerdido: lingua e outras realidades*.TILG).

[...] dicían polo marqués que era moi bo aínda que dado abondo ó xogo, debía ser un bo merlo, dunha vez xogou á muller, roncalle a Virxe, contan que xogara á marquesa co capital (Emilio Araúxo [1996]: *Tempos serodios*.TILG).

—O que son as cousas, a última vez que o vin era vostede unha mingurria de dous anos. ¡E agora, róncale o carallo, vaia home que temos! (Xabier Quiroga [2002]: *Atuado na braña*. CORGA).

3.21. ¡Me lleva judas!, Ser la piel de judas

O apóstolo traidor orixina nos países de tradición católica unha rica fraseoloxía. Para o noso obxectivo, imos analizar estas dúas unidades fraseolóxicas. A primeira figura así no DA (s. v. *llevar(se)*): «loc. interj. Mx, ES. Se usa para expresar enojo, coraje o indignación intensos.»

Como locución verbal *llevar Xudas (algo/a alguén)* e outros sinónimos máis frecuentes son expresións coñecidas tanto en Galicia como en América:

Etel Abigail prende una vela en su casa, para que su hijo Gregoriano termine las tareas. «Lástima que se lo lleva Judas, pero tal vez así aprende a no dejarlas a último minuto el domingo en la noche». (Ligia María Orellana [ES, 2011]: *Versión apagón*. CORPES XXI).

Se a nai tiña présa, achegábase pra recollé-la cunca, e se non aromatara, qu'era as máis das veces, botáballe, inda que non enoxada, un ¡Ben o pode levar Xudas tomando café! (Rafael Fernández Casas [1927]: *Loita*. TILG).

Como locución interxectiva, a súa frecuencia é menor. Se no caso anterior se podía localizar algún exemplo, aínda que infrecuente, no español peninsular, como locución interxectiva só en Galicia e América se documenta:

Una tierra maldita en la que nunca llueve, ni de casualidad... ¡criadero de tifo y de hambre! ¡Me lleva Judas! ¡Que si no fuera porque el amo me ha rogado que venga a darle una manita, qué lejos estaría yo, a estas horas, de aquí! (Mauricio Magdaleno [Mx, 1937]: *El resplandor*. Edición de C. J. Arranz. Madrid: UNED, 2015: 150).

Pero esto, Xudas me leve, si nos debe importar unha palliña (Antonio Fernández Morales [1861]: *Ensaos poéticos en dialecto berciano*. TILG).

[...] e un anduriño cagarrán solta unha tortilliña francesa que mesmo vai caír no bocado que miña sogra tiña que dar. E deuno, ¡léveme Xudas! Púxose

a esperriar como as cabras e a fuxir que a levaba o demo (Francisco Barxa Iglesias [1972]: *Andadas do Xan Cativo*. TILG).

A voz *Xudas* aparece en moitas unidades fraseolóxicas galegas como expresión de forte contrariedade. É de uso tan frecuente que mesmo hai un eufemismo para evitar a súa mención (*Xuncras*). Así, no DFG (s. v. *Xudas*) veñen rexistradas as locucións *levado de xudas* (intensificador: *Deulle unha malleira levada de Xudas*); *¡Lévete Xudas!*, *¡Vállame/te... Xudas!* («expresión de forte contrariedade»); en Rodríguez González (1958-1961: s. v. *levar*) aparecen *léveme Xudas* e *léveme xuncras*, («especie de juramento inofensivo que uno hace, afirmando rotundamente la firmeza de algo que dice»); Pereda (1953: s. v. *xudas*) rexistra no seu dicionario *¡vaite, xudas contigo!*, («¡Vaya Judas contigo! ¡Vete al cuerno!»); antes Noriega Varela (1928: 62) mencionaba *Vállache Xudas!*: «Mal hayas» etc.:

O piollo é tecedeiro, / a pulga fai as canelas: / Válgate Xúda-la pulga / cáse che tremen as pernas (Domingo Blanco [1790 (1992)]: *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. TILG).

A segunda unidade fraseolóxica, *ser la piel de judas*, está recollida no DA (s. v. *ser*) do seguinte xeito: «loc. verb. ES, Ur. *Ser una persona traviesa, pícara*». Tampouco se trata dunha unidade de uso frecuente: xuntando os corpus académicos, soamente se documentan sete concordancias (a primeira de 1948), curiosamente en lugares non coincidentes cos sinalados no DA (México, Arxentina e Paraguai):

—Estas cosas pasan —anunció— desde que usted y el zaparrastroso de su hijo viven en el barrio. Y si no, ¡que lo digan los vecinos! Ese mocoso es la piel de Judas (Leopoldo Marechal [Ar, 1948]: *Adán Buenosayres*. CDH).

La pareja ocupa el último pupitre porque Felipe, el más espigado de la clase, no deja ver a sus compañeros, y Miguel... Miguel es la piel de Judas y don Rufino prefiere mantenerlo lejos (José Montelongo [Mx, 2004]: *Quincalla*. CORPES).

Ser da pel de Xudas (ou de *Xuncras*, entre outras variantes con *demo* ou *trasno*) son frasesmas recollidos nos repertorios lexicográficos galegos:

Ser da pel de Xudas, ser da pel do demo, dícese de la persona traviesa, revoltosa y de mala intención (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *pel*).

Ser da pel de diaño [u. p.]. Ser moi mala (DFG: s. v. *pel*).

Tamén recollen a expresión sinónima *ser do coiro de Xudas*

É do coiro de Xudas, refiriéndose a la persona de mala índole o de mala ralea (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *coiro*).

Ser do coiro de Xudas/Xuncras. Ser do coiro do demo/trasno. Ser mala persoa e astuta; [referido aos nenos] moi rebuldeiros e amigos de facer trasnadas (DFG: s. v. *coiro*).

Vexamos algunhas mostras do TILG:

Eu non son a paz do mundo, non son o pan de comer, mais teño palabra. El é falso, é do coiro de Xudas (Manuel Rivas [2006]: *Os libros arden mal*. TILG).

Petra cegouse.

—¡Ven eiquí, ladrón, mal fillo, mal pai, coiro de demo! (Aurelio Ribalta [1894]: *Ferruxe*. TILG).

Mira Rosa, aquela cuña / pode ser da pel do demo / nin por Dios nin polos Santos / quixo os polos ni'os carneiros (Juan Manuel Pintos [1858]: *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea*. TILG).

3.22. No cocerse al primer hervor

Así queda definida no DA (s. v. *cocer(se)*): «loc. verb. Mx. Haber rebasado ya la juventud.»³¹

Teresa era una mujer madura —Tránsito decía que ya no se cocía al primer hervor—, tenía treinta y cuatro años cumplidos, nueve de novia, al casarse con Raúl Dueñes (Ricardo Elizondo [Mx, 1987]: *Setenta veces siete*. CREA).

Este camisa roja —me dije— no se cuece al primer hervor, yo tengo setenta y dos, tenía quince cuando este cuate tenía treinta y se da aires de adolescente con su pelo pintado y a lo mejor algunas cirugías (Rosa Nissán [Mx, 2012]: *Máscara de falsa juventud*. CORPES XXI).

³¹ Frase que subxace en exemplos como: «Comentan que uno de ellos masacró a un policía aquí, y por eso lo apresaron, y el otro, dicen, no sé qué quilombos armaba en la Manufactura... No es que fueran pollitos de primer hervor» (Luis Hernández [Py, 2001]: *Levadura y Mostaza*. CORPES XXI).

A frase está construída con dous núcleos semánticos moi presentes na fraseoloxía galega. Dunha banda, *Faltarlle un fervor/unha cocedura/unha fervedura/unha fervura* («faltarlle experiencia, madurez» segundo o DFG: s. v. *fervor*; «non ser ben listo» segundo o DRAG: s.v. *cocedura*):

—Así que di que eu tiven a culpa, a ese fáltalle un fervor (Vicente Araguas [2001]: *A canción do verán*. CORGA).

Doutra banda, máis cerca da expresión mexicana, temos en Galicia documentadas outras locucións moi próximas ou semellantes a aquela: *Ser [unha persoa] das que cocen ao primeiro cachón* ‘ser inexperta ou fácil de convencer’ (DFG: s.v. *cocer*, autorizada coa seguinte cita de E. Blanco Amor: *Non coido que ti señas das que cocen ao primeiro cachón*); *Quedar para cocer o carolo* («aplicase a la mujer soltera ya entrada en años, que no se casó y queda para vestir imágenes» Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *cocer*; DFG: s. v. *carolo*: «dise da persoa maior, tradicionalmente muller, que quedou solteira»). Unha variante próxima da frase que nos ocupa, con substitución sinonímica, apréciase en *Xa non coce na primeira auga!*, referido a unha muller que xa non é nova, que documentamos no TILG:

—¡Ademais Pilara xa nun coce na primeira auga! —respondeuye un día Xico, añadiendo máis razois á súa negativa.

—¡Nin tu tampouco! ¿Qué qués, úa rapacía? —contestouye a madre, vencida como taba da bondá da súa proposición... (Manuel García Sánchez [1993]: *Parzamiques*. TILG).

Sen dúbida, estas unidades fraseolóxicas están motivadas polo coñecemento de que moitos alimentos (especialmente as carnes) son máis duras de cociñar segundo pasan os anos. Isto vese ben en exemplos como o seguinte, no que aínda non se produciu a idiomatización:

—Cada cosa en su momento, Montegón. Las verdaderas amistades no se cuecen al primer hervor. Requieren tiempo y paciencia (Ramón Díaz Eterovic [Ch, 2008]: *La oscura memoria de las armas*. CORPES XXI).

3.23. *No vaya a ser el diablo*

No DFDEA (s. v. *diablo*) topamos a locución conxuntiva *no sea el diablo que* ‘no sea que’. Pode causar estrañeza que como ilustración nesta entrada soamente figuren dúas citas dun escritor galego, G. Torrente Ballester. Os cor-

pus académicos ofrecen suficientes muestras de uso, pero sempre en textos centroamericanos, como os seguintes:

Pos, véndame todas las mazorcas que tiene aí, no vaya a ser el diablo y luego no aiga nada (Felipe Santander (Mx, 1981): *A propósito de Ramona*. CREA).

Yo voy al pueblo y regreso a la tarde o temprano ,e la noche. Tengo que dar cuenta del nacimiento del muchacho. No vaya a ser el diablo que nos peguen una fregada... (Víctor Cáceres Lara [Ho, 1952]: *Humus*. CORDE).

Como la zorra, acepto que las uvas están verdes y son inalcanzables. Las mías están maduras y a reventar. Quisiera contenerme, no vaya a ser el diablo (Manlio Argueta [ES, 2012]: *Los poetas del mal*. CORPES XXI).

Trátase, pois, doutra locución común a Galicia e América. Como locución conxuntiva (*non vaia a ser o demo que*) ou como locución oracional (*non vaia a ser o demo*) son de uso frecuente en galego: aparece en Rodríguez González (s. v. *demo*: «*Non sea o demo que...*», explica el temor de algo que contraría mucho») e no DFG (s. v. *demo*: *non fose/sexo/vaia ser o demo (que)* «expresión que indica prevención»):

—Razón tes, razón tes; e dequia adiante teño d'ire con máis lecer. ¡Non sexa o demo que sofras un empacho de sabidencia! (Gonzalo López Abente [1928]: *María Rosa*. TILG).

—¡Tranquilos, tranquilos! Non vaia ser o demo que tamén vós vos desmandades cos que veñen (Alfonso Gayoso Frías [1970]: *Namoros e regueifas*. TILG).

Pois pasar, non me pasa nada, pero notei unha certa mudanza no corpo e metínme na cama por medo a enfermarse, non vaia ser o demo... (Manuel Reimón Portela [1992]: *Un médico na aldea*. TILG).

3.24. *Nos mean (encima) y dicen que llueve*

Hoxe en día, está locución oracional coñece unha ampla difusión gracias á rede. Na súa expansión, sen dúbida, xogou un papel importante o escritor uruguaio, recentemente falecido, Eduardo Galeano, que en diversos lugares recorda tela lido en 2001 en Buenos Aires:

Sobre los medios. Otra definición. No es del FBI, sino de la mano anónima que la escribió en un muro del barrio de San Telmo, en Buenos Aires, en estos tiempos de crisis atroz. Y no se refiere al terrorismo internacional, sino a los

medios masivos de comunicación: «Nos mean y los diarios dicen: Llueve» (<http://www.pagina12.com.ar/> [Data de consulta: 3/03/2016]).

P. En ocasiones cita la frase de un anónimo: «Nos mean y los diarios dicen que llueve». ¿Sigue lloviendo?

R. Es un grafiti que vi en una calle de Buenos Aires. Las paredes son la imprenta de los pobres (<http://internacional.elpais.com/> [Data de consulta: 3/03/2016]).

Por tal motivo, se consultamos os corpus académicos, soamente toparemos citas deste frasema no corpus académico máis recente, no CORPES XXI (tres casos de Cuba, Arxentina e España): Velaquí a máis antiga:

De la Cuba del tirano Fulgencio Batista (donde en 1943 nació la SIP [Sociedad Interamericana de Prensa]) a nuestros días, no hubo déspota, golpe de Estado o intervención militar de Estados Unidos que no recibiera apoyo de la SIP. Sesenta y tres años de ignominia que los muros de América Latina supieron resumir una y otra vez: «Nos mean, y la prensa dice que llueve» (José Steinsleger [Cu, 2006]: *Diario Granma*. CORPES XXI).

Sen dúbida, outro autor importante na difusión deste frasema e da súa chegada a Arxentina foi Castela. Moi coñecido é un debuxo seu *¿E logo?* (da serie *Cousas da vida*) no que aparece esta frase (literalmente *Xa ves; chove por min e teño que dicir que chove*), que de seguido volvemos topar na revista Nós:

MINGOS (Salaiente). ¡Estamos nuns tempos en que mexan por nós e hai que dicir que chove (Álvaro M^a Casas Blanco [1935]: *Nós*. TILG).

Como apreciamos por estes exemplos, este frasema (e as súas variacións) son utilizados preferentemente para expresar rabia, indignación e protesta. Pero non parece ser este o seu valor orixinal: trátase, máis ben, do acurtamento dun refrán do que a versión completa, tal como se recolle en Rodríguez González (1958-1961) e Franco Grande (1972: s. v. *mexar*), que non o definen, ten un atenuador inicial: *Ás veces mexan por un, e hai que dicir que chove*, o que xustifica que Vázquez Saco (2003: 653, nº 17296) o incluíse baixo o lema *paciencia* (neste caso baixo a forma *Mexan por min e hai que dicir que chove*). Vale tanto, pois, para expresar rabia (valor actual) como resignación e conformidade (valor tradicional):

Eiquí nesta terra, a pór de esquecidos e aldraxados, tamén sabemos sorrir hastra nos intres en que nos apretan a gorxa. Pra siñificar esta realidade temos un dito que non ten par en ningunha outra lingua: «Hai veces que mexan

por un e hai que decir que chove». Cando sabemos que nos están zugador o sangue e sorbendo os miolos, aínda nos resta un anaco de ironía pra repetir ise dito (Luís Moure Mariño [1971]: *Sempre matinando*. TILG)

Todos vós teredes ouvido expresións populares que reflexan esa mentalidade, como por exemplo, esta: «ás veces mexan por nós e hai que decir que chove», dito que revela demasiado ben a actitude de conformismo resignado diante dunha situación de sometimento (Ramón Piñeiro López [1974]: *Olladas no futuro*. TILG)

Castelao amosábase firme nos principios, pero tamén sabía ser paciente e facer concesións. Algunha vez, nestas reunións, cando tiña que transixir con algunha cousa, ficaba calado e mirábanos a todos de fite, pois sabía que nós estabamos sorprendidos polo que el non dicía. «Ás veces mexan por nós e hai que dicir que chove», rexoubaba logo. A política ten estas cousas. (Cristina Samuelle [1993]: *Conversas con Manuel Meilán*. CORGA).

3.25. *Pagarlas el cuerpo*

Incluimos esta locución verbal nestas páxinas porque non figura nos dicionarios fraseolóxicos máis completos do español (Caballero 1899, DFDEA) nin no DRAE. Tampouco se documenta nos corpus académicos. Sen embargo, na rede (especialmente en Hispanoamérica e, en concreto, en Arxentina e México) podemos topar documentos como os seguintes:

Cruzar sin mirar en un área no habilitada para ello, andar distraído, o pedalear de manera temeraria son conductas que en caso de accidente pasan una factura que generalmente paga el cuerpo del irresponsable (<https://ciudadpedestre.wordpress.com/> [Data de consulta 3/03/2016]).

El sueño cumple con una función reparadora en el organismo y dejar de dormir durante tiempos prolongados acarrea consecuencias negativas que las paga el cuerpo (<http://edant.clarin.com/> [Data de consulta 3/03/2016]).

México. Ciudad Juárez. La lógica de la maquila. Osamentas en el desierto. ¿De quiénes son los huesos? Tan brutal y bárbara se muestra la feminización del homicidio en la realidad desde 1990 que ya todas las lógicas se han mezclado. Pero siempre paga el cuerpo de la mujer. (<http://www.puestaenescena.com.ar/> [Data de consulta 3/03/2016]).

En galego os exemplos son bastante máis antigos. O TILG ofrece unha ducia de exemplos:

Bo bo, non se mate tanto repuxo aquel, teña quedo, si elas non queren gardarse pouco sirven tarabelos; Ó fin o corpo llo paga (Juan Manuel Pintos [1858]: *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos da aldea*. TILG).

Eu o que sei é que sen castigo ninguén escapaba; se as non pagaba o corpo pagábaas a bolsa (X. Prado «Lameiro» [1928]: *Farsadas*. TILG).

Pasou pola aldea, / de foros e rendas / a nube máis negra / buscand'as riquezas / qu'os probes non teñen. / E que si non pagan / o corpo llas paga / i o viño da cuba, / i o gran do canasto, / i a cunca, i o prato, / i a roupa da cama (Mariano Piñeiro [1946]: *Soaces d'un abade*. TILG).

Daban as tres as tres e media as catro da madrugada no reló, eu sen pegar ollo e moita fermosura e moita astronomía, ooh, universo, que no ceo nocturno dibuxas figuras mitolóxicas coas estrelas, hai que ver, dende a época caldea arrastrando o misterio; aí eso si, cismar cismaba moito, pero despois tamén as paga o corpo, eu non son un robot e ao mencer estaba moída enteiramente (Xohana Torres [1971]: *Adiós, María*. TILG).

Figura en DFG (*Pagalas o corpo* 'Sufrir fisicamente o corpo as consecuencias negativas dunha acción'). Sobre esta locución formáronse os refráns *O corpo as fai, o corpo as paga* e a súa variante *¡Corpo que as fas, corpo que as pagas!*:

Pois eso, que alá nos iremos Eva e eu o día 20 (DM), a pesares de que ao día seguinte é o Congreso de Ourense, e durmiremos pouco, pero como di miña nai: «O corpo as fai, o corpo as paga» (<https://blasgarcia.wordpress.com/tag/fito-y-fitipaldis/> [Data de consulta: 4/03/2016]).

Pero nunca desesperou, porque, como vai dito, era home que tiña razónamentos pra todo, e cando se lle viñan ás mentes as apertas do viaxe, pensaba filosoficamente, sin rancura nin amarganza: —Corpo que as fas, corpo que as pagas! (E. Seijas Vázquez [1990]: *Pequena estoria dun gran café*. TILG).

Tamén pertencen ao galego común variantes formadas por sinécdoque do tipo de *Pagalas o lombo*:

Total pra seguir / pagando máis foros, / un deles pro mitin; / i os outros, prós outros; / E todo se paga a costa do lombo / ¡dos probes paisanos, / que teñen pra todo! (Mariano Piñeiro [1946]: *Soaces d'un abade*. TILG).

3.26. *Ser bueno para ir a buscar la muerte*

Esta expresión localizámola nun dicionario rexional arxentino (Cáceres Freyre, 1961: s. v. *ser*): «*Ser bueno para ir a buscar la muerte*: Ser lento, despacioso.»

Non é difícil topar na rede en Arxentina e na zona caribeña esta expresión e outras próximas baixo distintas formulacións:

De pésimo humor, la mujer descorrió el cerrojo.

—¿Ya sabes que perdimos el pan por tu retraso, comemierda? —fue su dulce saludo, sin fijarse siquiera en la jadeante humanidad de Pío—. ¡Contigo se puede mandar a buscar la muerte! (Teresa Dovalpage [Cu, 2006]: *Muerte de un murciano en La Habana*. CORPES).

[...] todo lo hacían como al unísono. Si Juana miraba para arriba, las otras dos miraban también, como si se leyese la mente. ¡Y eran tan lentas! Buenas para mandar a buscar la muerte (Pedro A. Sandín [PR, 2015]: *Huellas de papel*. Brevard: Lulu.com, p. 140).

—Espérate hija. Estoy quitándoles las cáscaras a las papas, que quedaron durísimas.

—Contigo se puede mandar a buscar la muerte. Si me hubiera hecho el puré yo misma, ya lo estaría cagando (Teresa Dovalpage [Cu, 2004]: *Posesas de la Habana*. Pamplona: Leer-e, s.p.).

En galego, esta curiosa unidade fraseolóxica, de claro valor irónico, está recollida en Rodríguez González (1958-1961: s. v. *morte*, «*Eras bo pra buscala morte*, se dice al que tarda mucho en volver de una misión o encargo que se le ha confiado con urgencia»), en López e Soto (1995: 116, *Ser bo para ir/mandar pola morte*) e no DFG (s. v. *morte*: *Ser [u. p.] boa para buscar a morte*), onde se acompaña a definición dunha cita de Lesta Meis (Estebo: 1927):

[Dise dunha persoa, lenta, pousada, ou que tarda moito en volver de cumprir un mandado]: *O seu paso era sempre o mesmo, chovera ou nevase; cachazudo (...). A súa dona xa lle dicía ás veces: «Es bo para ir busca-la morte».*

Tamén está recollida en (Cerviño Ferrín, 2013: 449, «*ser [unha persoa] boa para ir buscar a morte*. l.v. Ser unha persoa moi lenta. Hai media hora que te mandei a mercar o azucre e non das chegado. Ti es bo para ir buscar a morte»). A documentación no TILG é antiga e abarca ata os nosos días:

De lonxe vides cando tanto tardades, i abofellas que de tanto agardar pensando estábamos de que érades boas pra irnos buscá-la morte (1877: *O Tío Marcos da Portela*. TILG).

Roque acabou por marchar, anque a súa muyer soupese qu'era bon para ir buscar a morte, porque cua galbana que tía encima de seguro que nun iba encontrá-lla nunca (María José Fraga González [2000]: *Col tempo nos oys*. TILG).

Tamén se documenta en portugués: *Ser bom para ir buscar a morte* 'ser muito lento, muito vagaroso' (Simões, 1993: 607).

3.27. *Torcer la puerca el rabo*

Esta locución aparece no DA baixo tres variantes:

Torcer la puerca el rabo. loc. verb. RD, Cu, rur. Empeorar una situación (DA: s. v. *torcer*).

Ahí fue donde la marrana torció el rabo. fr. prov. Mx, RD. Indica que ha llegado el momento en que un asunto se ha puesto peliagudo o ha fracasado (DA: s. v. *ahí*).

A terceira variante *Ahí fue donde la puerca entorchó el rabo*, localizada en Puerto Rico, figura co mesmo significado que a anterior (DA: s. v. *ahí*). As mostras de uso non son difíciles de documentar nin na rede nin nos corpus académicos: entre o CDH (que integra o material do CORDE e do CREA) e o CORPES XXI localizamos nove mostras cunha distribución xeográfica algo máis ampla do que sinala o DA (engádanse Colombia e Panamá). Do material que nos proporcionan estes corpus cabe facer dúas observacións: a identificación doutra variante con substitución sinonímica (*chancha* en lugar de *puerca* o *marrana*) e a localización dunha cita española. Por tratarse da obra *Cristo versus Arizona* de Camilo José Cela (novela escrita por un galego, ambientada na raia con México e moi marcada por un hibridismo cultural propio das terras fronteirizas, con abundancia de léxico americano), podemos concluír o carácter americano (e non peninsular) deste conxunto de locucións, das que ofrecemos algunhas mostras:

[...] la explicación no estaba completa, faltaba algo muy importante... ¿Qué cosa?... Todo lo que has dicho está bien, but, hay un detallito en el que la puerca torció el rabo como dicen in the south of the border (Daniel Leyva [Mx, 1984]: *Una piñata llena de memoria*. CDH).

Las lecturas de libreto, los montajes de voces y las creaciones coreográficas ya comenzaron a ejecutarse la semana pasada y ahí fue donde «la puerca torció el rabo». Nuestra máxima representante mexicana en Hollywood no canta nada bien (Luis Magaña [Mx, 2009]: *El Universal.com.mx*. CORPES).

Pero dígame, quién me va a dar pelota a mí, después de haber sido chapulín, ¡pues nadie!, ¿qué va a creer, que la gente es maje, para darle chance a uno? Ahí es donde la chancha tuerce el rabo, ¿no creé? (Óscar Aguilar Bulgarelli [CR, 2002]: *A las puertas del infierno*. CORPES).

En galego recollen a expresión Noriega Varela (1928: 49, «¡Aquí é donde a porca torce o rabo! Hic labor est») e Rodríguez González (1958-1961: s. v. *porca*) baixo a forma *Ahí é donde a porca retorce o rabo*, «dícese cuando se encuentra una dificultad grande y difícilmente vencible»:

[...] e Artasa contestoulle / que todo s'arreglharía / ti tendrás dentro de pouco / na túa casa a cartería / pero nese medio tempo / retorciu a porc'o rabo / o Cotelos na Gaseta / carteiro viña nombrado (Dorothe Schubarth e Antón Santamarina [1988]: *Cancioneiro popular galego*. TILG).

Imos aló complicar os problemas cunha recorrencia. [...] é aquí onde a porca torce o rabo, porque hoxe sabe que se lle quere (Margarita Ledo Andión [1990]: *Porta blindada*. TILG).

Un factor que cómpre considerar en galego é a reutilización desta unidade fraseolóxica en contextos moi variados. Así, se *torcer a porca o rabo* implica toparse cunha dificultade, *retorcerlle á porca o rabo* ou *coller a porca polo rabo* significan 'lograr solventar unha dificultade' ou 'enfrentarse cunha dificultade' (cast. *coger el toro por los cuernos*, esp. am. *agarrar al toro por los cachos*):

Casar, calquera casa; / calquera burro é casado; / pero manter fillos e muller, / retórcelle á porca o rabo (Domingo Blanco [1881 (1992)]: *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. TILG)³².

Non sempre se colle a porca polo rabo e corres o risco de que che día unha fociñada... (Francisco Barxa Iglesias [1975]: *Os ovos da pita choca*. TILG).

Está moi ben. Outra cousa é que sirva para coller o porco polo rabo (Luís Rei Núñez [2013]: *Días que non foron*. Vigo: Xerais, p. 138).

³² Composición tradicional recollida en múltiples ocasións a partir de Saco y Arce, 1881 (Pérez Ballesteros, 1886: 62; Vázquez Saco, 2003: 999; Groba Bouza, 2010: 343, etc.).

Este valor causativo tamén o documentamos no español de América:

Negradelalma: (Recogiéndolo todo) Ya te dije que no es contigo, lo único que puedes hacer es burlar el destino, tuércele el rabo al destino, cruza la calle y no escuches nada (Mireya Hernández [Pa, 2007]: *Sucedió en enero*. CORPES).

3.28. Trompo en la uña

Esta combinación léxica aparece en diferentes unidades fraseolóxicas americanas e galegas, de significado complementario, como veremos.

O DA (s. v. *trompo*) recolle as seguintes:

¡Báilame ese trompo en la uña! fórm. *Ve*. Se usa para instar con altanería a un contrincante a ser capaz de superar un argumento (DA: s. v. *bailar*).

Bailar un trompo en la uña. loc. verb. *Mx*. Ser muy listo (DA: s. v. *bailar*).

Échate ese trompo a la uña. fórm. *Mx, Gu, Ho, ES*. Se usa para indicar que un asunto reviste gran dificultad (DA: s. v. *echar*).

Desta última fórmula recolléñse (DA: s. v. *echar*) tamén as variantes: *échese ese trompo a la uña a ver si tatarea/tataratea* e en Honduras e El Salvador, *échese ese trompo a la uña*³³).

O DRAE tamén recolle algunha destas expresións marcadas diatopicamente como propias de América³⁴.

Ao contrario que na rede, que ofrece miles de mostrás dun uso en constante expansión, nos corpus académicos a unidade ofrece só cinco concordancias documentadas entre 1883 e 2007. As máis antigas, depositadas no CORDE, sitúanse fóra da localización sinalada no DA (pertencen a Perú e Uruguay), ao igual que as máis recentes (de Colombia e Panamá). Como era de supoñer, o verbo *coger*, tabú en boa parte do continente, é substituído por *agarrar* (*agarra ese trompo en la uña*) na documentación de Uruguay e Panamá. Velaquí as mostrás máis antiga e máis recente:

³³ Unha variante aínda máis amplificada en México é a seguinte: *Échate ese trompo en la uña y agarra la cuerda con la otra, ... a ver si tataratea*, ou *cógeme ese trompo...* (Pérez Martínez, 2005: 235).

³⁴ En concreto o DRAE 1925 (s.v. *trompo*), inclúe *báilame*, *o cógeme*, *ese ~ en la uña*. A última edición (2014) dá cabida tamén a *bailar un ~ en la uña* e *échate ese ~ a la uña*.

[...] el gobernador era uno de aquellos pícaros que no dejan resquicio ni callejuela por donde ser atrapados. Era de los que bailan un trompo en la uña y luego dicen que es *bromo* y no *pajita* [Ricardo Palma [Pe, 1883]: *Tradiciones peruanas*. CORDE).

[...] la bandera de Panamá será izada al lado de la de Estado[s] Unidos, pero —agárrame este trompo en la uña— no será izada más ni frente a las escuelas reservadas para estudiantes estadounidenses ni en otros lugares públicos en donde habitualmente era izada. ¿Qué les parece? (Mireya Hernández [Pa, 2007]: *Sucedió en enero*. CORPES).

Tamén na fraseoloxía galega a frase *ser trompo na uña* é ben coñecida (López e Soto 1995: 110 ‘ser cousa feita’; DFG: s. v. *trompo* ‘ser cousa doada, tela xa ao alcande da man’), se ben en ambos casos a fonte de onde se toma a expresión é a mesma, a novela *A tecedeira de Bonaval* de A. López Ferreiro, de 1895:

Pero volvendo ao caso, as enformaciós xa pasaron polas mans dalgúns dos oidores d’aquí, e algún oidor dos do Real Consexo xa está en autos.

—¡Oh! Pois estonces é trompo na uña —saltou Picado.

—Si, moitos trompos pos ti na uña. O que hai que ver é para quens habemos de pidir o seguro (Antonio López Ferreiro [1895]: *A tecedeira de Bonaval*. TILG).

Coñecemento directo da frase tíñao Victoriano Taibo, que a utilizou nalgunha das súas obras e da que precisa o significado:

Escaravellote (trompo na uña). Frase que quere decir: Todo está ó meu favor, todo me saíu ben, vencín tódalas dificultades. Tamén soe decirse sinxelamente: *Trompo na uña* (Santiago) (Victoriano Taibo [1956]: *Da agra aberta. Contos e lendas*. TILG).

As mostras de uso documentadas no TILG confirman este valor galego (por orde de antigüidade)³⁵:

Non parece descamiñada a noticia por canto se asegura tamén qu’o señor Abarzuza trouxo da súa excursión istruciós pra qu’os pródicos posibilistas non ataquen a coalición repubricana nin ó señor Zorrilla. Con Zorrilla e Castelar hai intelixencia en porta? Trompo na uña, non marra, temos República á volta (1886: *O Galiciano*. TILG).

³⁵ A expresión está viva aínda en Galicia. Unha informante de Arteixo, A Coruña, dinos: *Ui! custoulle o seu, pero trompo na uña, escaravellote!* (‘conseguido está’).

Estamos sin deputado / por acó, Xan... ¡anque temos / dous á falta dun! ¡Veremos / cál dos dous virá aprobado! / Qu'ó que veña... (¡por testigo / poño a Dios!)... «¡Trompo na uña!» / ¡Heille de meter tal cuña / qu'ha de ser... de «man d'amigo» (Enrique Labarta Posse [1889]: *Bálsamo de Fierabrás*. TILG).

—A min —decía o Grilas de cotío— non alcontrei ningures que me xirir-gara. Con catro lérias por eiquí e media ducia de liornas por alí, pintáballe eu a aquela xente (que por certo é ben lista) as cousas de tal maneira, que me resultaban sempre trompo na uña. Na España calquera pode comercear facilmente, pero alí hai que ter muita sabiduría pra poder con aquela xente (Pedro Borreiro [1927]: *Fuchicadas*. TILG).

—¿E ti sabías de min? —¡E non ía a saber! O arrecendo da honradez élle com'o da ruda. Así Deus me salve. O prateiro revíase de satisfacción pensando: —¡Trompo na uña...escaravellote! Este páxaro cántame na man. Está como ha d'ir (Victoriano Taibo [1956]: *Da agra aberta. Contos e lendas*. TILG).

Presentado ata aquí o material, parece evidente a relación existente entre estes fraseas separados polo Atlántico, a pesar das diferenzas de significado. Correspóndense a dúas fases dun desafío verquidas na imaxe metafórica do xogo de trompos: a do reto ante algo difícil (*bailame este trompo en la uña, échate este trompo en la uña*) e a da súa superación, a do éxito tralo empeño (*Trompo na uña!* Feito, 'vencín tóda-las dificultades' na definición anterior de V. Taibo). Disto foron conscientes os creadores dunha revista cultural mexicana, *Tropo a la uña*, cuxo título se orixina nesta paranomasia³⁶:

El nombre *Tropo a la uña* es un juego de palabras entre el término literario «tropo» y «trompo», en concreto, alude al modismo «subir el trompo a la uña», que es el lance más difícil en el que el jugador de trompo demuestra su pericia; por extensión, «trompo a la uña» se aplica a salir airoso de una empresa que implica grandes dificultades (<https://es.wikipedia.org/> [Data de consulta: 8/03/2016]).

En nuestra habla común, a esas iniciativas habilidosas y arriesgadas les damos la figura de «echarse el trompo a la uña», cuyo desenlace se prevé casi seguro y ridículo (<http://www.tiempo.hn/trompo-a-la-una/> [Data de consulta: 8/03/2016]).

³⁶ Con anterioridade lemos en Pichardo (1849: s. v. *trompo*): «Cójeme ese Trompo en la uña.— Frase vulgar ponderando algún obstáculo, enredo ó desatino tan difícil de resolver ó acertar, como lo es cojer el Trombo en la uña.»

La reforma fiscal me hizo recordar lo de los trompos. Si echarse uno a la uña es desafío, echarse varios es temeridad (<http://www.vanguardia.com.mx/> [Data de consulta: 8/03/2016]).

No importando cuan difícil cierta tarea pudiera resultar, quien se expresa así [¡Échate ese trompo en la uña!] tiene la voluntad de hacerla de todas formas. Es decir, es un alarde de bravura, de valentía, de no «achicarse» sino de entrarle al problema con gusto! (<http://forum.wordreference.com/showthread.php?t=362865&langid=24> [Data de consulta: 8/03/2016])³⁷.

Para acrecentar as relacións entre as locucións galega e americana debemos aínda considerar outro punto. O xogo do trompo permite moitos lances, a cada un máis difícil³⁸. As amplificacións da frase en América e Galicia, coincidentes, inciden nesa casuística:

Échese ese trompo a la uña a ver si tataratea
Trompo na uña, escaravellote!

Tataratear e *escaravellote* aluden, sen dúbida, a un mesmo feito. O primeiro, verbo probablemente de orixe onomatopeica, significa «Gu, Ho, ES, Ni, Ve. Girar un trompo irregularmente o dando saltos» (DA: s. v. *tataratear*). Pola súa parte, *escaravellote* comparte raíz con *escaravanar* (dialectal) e *escaravellar* (gal. común): «En Valdeorras se o trompo baila ben, *ten a seda*, se a punta torce e vai mal, *escaravana*» (informante de Valencia do Sil, Ourense)³⁹. O adxectivo correspondente, aplicado ao trompo, confirma a nosa suposición:

Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando com'on trompo esgaravelleiro (A. D. R. Castelao [1934]: *Retrincos*. TILG).

³⁷ Neste foro de tradutores pódese seguir completo o interesante diálogo, mantido por falantes que coñecen e usan a expresión, sobre os seus empregos en contexto en distintos países hispanoamericanos.

³⁸ Un blogueiro de Venezuela, José de la Cruz García Mora, recorda así o xogo: «Sácame ese trompo a la uña», decían los más expertos, algo que los muchachos de ahora no tienen habilidad para hacer. Picar el centro de la troya, tumbar la guerra, sacar el trompo a la mano, tenderse para salvar al «libre», pasarlo por el cordel, eran retos y acrobacias para poner a prueba las habilidades y el manejo del trompo. A veces, en la imaginación se vuelven a sentir las voces de los muchachos, diciendo: «Este trompo está tan sedita que no se siente en la mano». (<http://cronicasdepregonero.blogspot.com.es> [Data de consulta 8/03/2016]).

³⁹ Obsérvese a coincidencia *ten a seda* (Valdeorras) e *está tan sedita* (Venezuela), da nota anterior. Pola súa parte, o DCECH (s. v. *escarabajo*) confirma o verbo en portugués: «Port. *esgravelhar* o *esgarabulhar* 'gírar o revolver saltando (la peonza)'».

Evidentemente, como noutros casos, os datos non nos permiten afirmar con plena seguridade que a unidade fraseolóxica fose creada en Galicia e levada a América na maleta dos emigrantes (e non traída daquel continente), pero hai argumentos que poden apoiar esta afirmación, a pesar de que a popularidade e vitalidade da frase neses países hispanoamericanos supera con moito ao uso da frase en Galicia a día de hoxe:

–O criterio cronolóxico: aínda que as primeiras documentacións son casi contemporáneas (1883, 1886), os corpus só recollen en todo o século XIX unha mostra en América en tanto que en Galicia hai tres, o que pode apuntar a un maior uso e, moi probablemente, maior antigüidade a finais dese século.

–A seguinte cita do Padre Sarmiento, para quen na segunda metade do século XVIII a voz *trompo* parecía arcaica en castelán ao contrario que en galego:

Dejemos, pues, trivialidades que, aunque no sean del gusto moderno, han sido materia de mis combinaciones. ¿Qué cosa más trivial, común y pueril que el uso que los niños hacen del *peón* y *peonza*, en castellano, y en gallego *trompo* y *trompa*, que usaron los castellanos antiguos? (Martín Sarmiento (1762 e ss. *Obra de 660 pliegos*: s. v. *trompo*. Cit. ápod TILG).

–Finalmente, a frase segue un modelo recorrente en galego: *bailar na palma da man* (cantiga popular), *bailar no aro dunha peneira* ‘bailar moi ben’ (Martíns Seixo, 2010: 375).

3.29. *Santito, dónde te pondré*

A expresión pondera o excesivo interese e afán de compracer a alguén. Polo seu escaso uso, non figura no DA, nin no DRAE, nin no DFDEA. Nos corpus académicos só topamos unha concordancia, aínda que na rede é doado documental (especialmente en páxinas de Ecuador e México):

—¡Qué barbaridad! ¡Si estos porteños son más veletas que sus veletas! Ayer no más andaban: Santito, dónde te pondré, no sabían qué hacer con Rivadavia, y hoy se asustan ya de su sombra (Pastor Servando Obligado (1903): *Tradiciones argentinas*. CORDE).

Los indios (gracias, Conaie) excluidos y todos no pasaban de la noche a la mañana de ser «santito donde te pondré» a «indios vendidos, ponchos [...]» (<http://lahora.com.ec/> [Data de consulta: 9/03/2016]).

[...] los animales no son juguetes o cosas decorativas, mientras q son cachorros Santito donde te pondre y cuando crecen, q hacen esos dueños los votan a la calle (<http://www.forosperu.net/> [Data de consulta: 9/03/2016]).

En fútbol el que gana es «santito donde te pondré» y el que pierde va camino a Carapungo (<http://www.teradeportes.com/> [Data de consulta: 9/03/2016]).

Trátase dunha frase suficientemente coñecida como para admitir numerosas desautomatizacións e explicitacións⁴⁰:

Sabía que cuando sus hermanas le decían: «Escobita nueva, ¿dónde te pondré?», en realidad deseaban manifestarle: «Escobita vieja, ¿dónde te runderé?», y usaba el palo con el que barría para despertar a su padre de un escobazo todas las mañanas (Fabiola Ruíz [Mx, 2002]: *Telares*. CORPES).

¡Uy!, santito nuevo, dónde te pondré que el aire no te dé, santo viejo, dónde te pondré, para que el aire te dé... (<http://www.elfinanciero.com.mx/> [Data de consulta: 9/03/2016]).

Santito nuevo dónde te pondré, santito viejo dónde te tiraré. Muy útil, sobre todo, para las veletas del oportunismo (<http://www.chilango.com/> [Data de consulta: 9/03/2016]).

A documentación en galego é algo máis antiga que a americana, e máis abundante nos corpus de que dispoñemos, sempre cun significado común. O TILG ofrece desde 1899 catro mostrás, ás que se debe engadir un exemplo máis do CORGA:

Todol-os homes son así: ó primeiro, moito te quero, meu santiño onde te porei, e dempois danll'a unha co pé, com'on estorbo (X. Rodríguez López [1899]: *A Cruz do salgueiro*. TILG).

[...] ós nove días entrou / na súa chouza d'aldea / levando da man a nobre / e mimosiña princesa.

«Santiño en onde te poño» / a velliña, a toda présa / proprou o millor coarto / para acomodo da nena (Ramón Cabanillas [1921]: *Vento mareiro*. TILG).

⁴⁰ Probablemente tamén estea implícita no seguinte texto de Miguel Delibes: «La Paula, allá arriba, se va a quedar de una pieza cuando me vea. Es estirada como una marquesa, hijo. Yo la digo: "Paula, muchacha, ¿dónde te pondremos que no te cague la mosca?". Y ella se enfada». (Delibes [1948-1963]: *La mortaja*. CORDE).

Agora meteulle un rapaciño novo de criado, i anda revolta con il... Meu santiño, onde te poñerei... Astra chicutate lle dá ó almorzo, o mesmo que a un crego (Ánxel Fole [1955]: *Terra brava*. TILG).

Xa se sabe. ¡Meu santiño onde te poñerei!... e logo do favor concedido, ¡santo á merda! (Hixinio Puentes [2005]: *Aguillóns de Ortegá* TILG).

3.30. ¡Sóplame este ojo!

Esta locución aparece recollida no DA (s. v. *ojo*) como propia de Chile: «loc. interj. *Ch.* Expresa incredulidad o ironía ante lo dicho por el interlocutor». Os corpus académicos e a rede confirman esta limitación xeográfica (catro mostrás entre o CREA o CDH e o CORPES XXI)⁴¹:

GUACOLDA ¡Qué mentira más grande! Nunca me he sentido huinca, por más que haya vivido desde chiquitita entre ellos.

MATILDE Sóplame este ojo. ¡Ya, no te enojés Tere... Guacolda! (Sergio Arrau [Ch, 1981]: *Digo que Norte Sur corre la tierra*. CREA)

—Vergara Grey no volverá a delinquir.

—¿Ah, sí? Sópleme este ojo (Antonio Skármeta [Ch, 2003]: *El baile de la Victoria*. CDH).

Y así me dio un largo discurso sobre el vicio maldito que lo había tenido atrapado toda su vida, y que llevaba tres semanas sin tomar una caja de vino (sóplame este ojo, pensé) (<http://bradanovic.blogspot.com.es/> [Data de consulta 10/03/2016]).

A abundante documentación dispoñible na rede permite comprobar que, ademais de locución interxectiva ou enunciativa, tamén presenta usos de locución verbal:

Además, Fulvio, sóplame este ojo con que sólo consumes una o dos veces al mes... (<http://www.elquintopoder.cl/> [Data de consulta 10/03/2016]).

Co mesmo valor temos oído de nenos esta locución na Coruña (e ao tempo que se verbalizaba levábase o dedo furabolos á parte inferior do ollo). Tamén

⁴¹ *Sóplame este ojo* dá título a unha composición do poeta chileno Óscar Hahn, incluída na súa obra *Mal de amor* (1981): Así que estaban tomando un café / Y conversando solamente / sóplame este ojo / y ahora sóplame este otro / para que se me vuelen los dos / y no te vuelva a ver nunca más.

é coñecida por informantes bergantiñáns de certa idade. É a forma breve da expresión máis longa *sóprame neste ollo, que teño un lixo* (é difícil determinar se se trata dun caso de explicitación ou de implicación). Noutras partes de Galicia Martíns Seixo (2007: 244) documenta tamén as dúas versións (longa e curta):

Sóprame neste ollo (que teño un lixo) COL. [Díu alguén cando cre que outra persoa o quere enganar]. —*Quíxente chamar por se viñas mais non funcionou o teléfono.* —*Si, home, si, sóprame neste ollo.* // *Sóplame neste ollo, que teño un lixo* (Muxía; inf.: Pilar Lema Alvarellos); *sóprame neste ollo* [Vigo; inf.: M^a Begoña Alonso González e Margarita López Barreiro (ex.)].

Sóplame neste ollo, que teño un lixo. / Esta carta mándaa un frade colombiano e debe dar a volta ao mundo/ (Suso de Toro [1993]: *Tic-Tac*. TILG).

Relacionada directamente con esta frase, tanto no significado como na acción paralingüística que a acompaña, existe en galego a unidade fraseolóxica *Tírame de aquí esta palla!* (desde o punto de vista cognitivo especifica de que tipo é o lixo que molesta no ollo):

¡Tírame de aquí esta palla! [Expresión que pode ir acompañada dun aceno levando o dedo ao ollo] Xa che vexo as intencións, non penses que son parvo (DFG: s. v. *palla*).

—Eu, s’hei decí-la verdade, / mércabate de boa gana, / pro, entendo qu’antes debía / ver s’estabas afinada... / —Xa te vexo, meu laverco; / ¡tírame d’eiquí esta palla!... (1918: *O Tío Marcos da Portela*. TILG).

3.31. *Ya los patos les tiran a las escopetas*

Sinala o DA (s. v. *pato*) a propósito desta locución: «fr. prov. Mx. Indica que un principiante intenta dirigir a una o más personas de mayor experiencia».

Os corpus académicos do español, CORPES e CREA, recollen catro mostras, a máis antiga de 1986, documentadas principalmente en México pero tamén en Honduras, do teor da seguinte:

—No quiero que metas a mi papá en tus cosas. Déjalo que viva como pueda, no se ha muerto de hambre, no lo revuelvas —dije.

—¿Para eso me interrumpiste? ¿Por qué no miras si ya está la cena? ¿Y desde cuándo los patos les tiran a las escopetas? —dijo riéndose— (Ángeles Mastretta [Mx, 1990]: *Arráncame la vida*. CREA).

O mesmo número de concordancias ofrece a variante co xenérico *pájaros* en lugar de *patos* (¡Ya los pájaros les tiran (ou disparan) a las escopetas!), que non figura no DA:

Navegar por Internet es una dicha. No solo porque es una forma de enriquecer el conocimiento personal sino porque también es una forma de viajar mentalmente y olvidarse de todo lo que sucede en este país, donde los pájaros les tiran a las escopetas (Co, 1996: Diario *El Tiempo*. CREA).

«Los pájaros disparan a las escopetas», dijo Ana María, quien, al igual que las otras féminas, insiste en decir que el grupo liderado por el Myr. ['mayor'] Luis Eduardo González «cumplió con su deber al entrar en la farmacia Fybeca para frustrar el asalto» (Ec, 2003: eluniverso.com. CORPES).

Neste caso o CREA ofrece unha mostra española que, non cremos que sexa casualidade, fai referencia directa a Galicia:

Aquí lo único que se ha pedido que se investigue es la actuación de don Manuel Fraga. ¡Y además, la ha pedido el propio Barreiro! O sea, que en la Xunta de Galicia los pájaros les tiran a las escopetas (1989: ABC. CREA).

Non cremos que sexa casualidade este feito porque en Galicia a frase *tirar os paxaros ás escopetas* (entre outras moitas variantes) é de sobra coñecida, aínda que non recollida en ningunha obra lexicográfica, que saibamos. Na oralidade (*Tirar os paxaros ás escopetas*, informante de Malpica de Bergantiños, Coruña) e na rede si se documenta:

Non sei se iría algún concelleiro do bloque de cesures a este acto, me extrañaría porque neste pueblo os paxaros tiran as escopetas (<http://www.pontecesures.net/> [Data de consulta: 11/03/2016]).

O que di Chousa [«O mundo agora estache ó reves, compañeiro. Din que agora os piropos dínllelos elas aos arBAÑILES!!!»] lémbreme algo que xa dicía o meu pai, referíndose ao que cambiou a vida: «Aghora non se tiran as escopetas aos paxaros, tíranse os paxaros ás escopetas»... (<http://leoeosseus.blogspot.com.es/> [Data de consulta: 11/03/2016]).

Outras variantes emparentadas que documentamos tanto en textos escritos como na oralidade son: *Botarse os tiros ás escopetas* (Ventín Durán, 2007: 236) e *Volverse os paxaros ás escopetas* (*Volverse os pagharos ás escopetas* nun informante de Vimianzo, A Coruña), entre outras:

Volverse os paxaros ás escopetas. Querer mandar o inferior, o que debe obedecer; invertérense as xerarquías. —Ese rapaz está moi mal educado, non me estraña o que fixo. —Vólvense os paxaros ás escopetas. // Concello de Guntín; inf.: Ana Belén Moreda Rodríguez (Martíns Seixo, 2010: 386).

Como se aprecia en moitos dos exemplos ata aquí recollidos, con frecuencia estas expresións úsanse para criticar unha subversión nas xerarquías (en Galicia úsase con frecuencia cando un inferior —en idade, dignidade ou goberno— quere arrepoñerse a un superior, por exemplo, na relación pais-fillos ou profesor-alumno), valor para o que abundan en galego común outras unidades fraseolóxicas fundadas en metaforizacións cognitivamente emparentables: *Ir os coellos detrás dos cazadores* (informantes de Vilasantar, Coruña), *Subirse os bancos ás mesas* ('mandar os fillos nos pais' López e Soto, 1995: 67; castelán de Galicia: *se suben las sillas a las mesas*), *Mandar os machos nos arrieiros* ('invertela xerarquía' López e Soto, 1995: 66), *Vólvense as bestas ós arrieiros* ('contra los que se vuelven contra los superiores' Vázquez Saco, 2003: 943; oída tamén en informantes de Betanzos), *Tíranse as olas ós cachos* ('los añicos o pedazos se echan a los cántaros. Se aplica la expresión cuando la parte débil ataca a la fuerte' Pereda, 1953: s. v. *cacho*, tamén en DFG: s. v. *ola*) etc.

Pero máis máis alá do significado apuntado nos dicionarios, con frecuencia a semántica destas frases que aquí nos ocupan, tanto en Galicia como en Hispanoamérica, pode adquirir un valor máis xenérico, o do mundo ao revés (a esposa dun maior da policía de Guayaquil quéixase de que a xustiza acuse aos axentes que interviron nun atraco a unha farmacia —nunha das mostras arriba recollidas—, son as mulleres as que «piropean» aos albaneis —no blog de *leoeosseus*— etc.)

3.32. *Salirle del cuero, ser un cuero.*

Son varias as unidades fraseolóxicas formadas sobre a palabra *cuero/coiro* concomitantes en galego e español de América (en Cobelas Cartagena, 2013 analízanse con detalle os valores desta palabra en América). Máis arriba tratamos *ser do coiro de Xudas*, e aquí nos centraremos noutros casos.

3.32.1. *Ser un cuero*

En primeiro lugar, *ser un cuero*. Non figura no DA como unidade fraseolóxica, pero documéntase nos corpus académicos:

Ella vivió por aquí con su mamá y su hermana, que siempre fue más cuero que las gallinas (Pedro Vergés [RD, 1981]: *Solo cenizas hallarás (bolero)*. CREA).

Evidentemente, esta locución verbal orixínase a partir de acepcións da verba *cuero* que si recolle o DA (s.v. *cuero*) referidos a unha muller: «Bo. Mujer que accede fácilmente a tener relaciones sexuales con los hombres», «Ec, RD, PR, vulg; Bo, desp; Cu, obsol. Prostituta. pop.», «PR. Prostituta vieja».

Acepcións próximas danse tamén en galego e, consecuentemente, tamén se documenta *ser un coiro* co mesmo significado sexista (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *coiro*): «Vocablo despectivo aplicado a una persona de malas costumbres: COIRÓN», «Mujer de vida depravada: COIRA»; «*Ser un coiro*, ser una persona de vida depravada y licenciosa»:

E ti esprito soberbio e atrevido que aquel meu gharrido / e Eterno solio a túa neghra pranta emporcar quixo, / quedando de ánxel puro feito un coiro, / a túa verghonsa hoxe pernostico (Francisco Mirás [1864]: *Compendio de gramática gallega-castellana*. TILG).

Pode que na xénese destas expresións estea a asociación entre *coiro* e *desnudez* (pensemos, por exemplo, na locución *en coiros*) e/ou entre *coiro* ‘pelella’ e extrema delgadez (como símbolo de degradación físico-moral):

¡Raio de xusticia! como ch'andaré que enseñando o coiro polo mundo vai (Javier Valcarce Ocampo [1901]: *Paliques*. TILG).

3.32.2. *Salir del cuero*

Sinécdote de *pagarlas el cuerpo/pagalas o corpo* arriba tratada. Non aparece no DA, a pesar de que recolle un gran número de unidades fraseolóxicas baixo o lema *cuero* (*apostar el cuero, arriesgar el cuero, dar cuero, darle el cuero, enchinársele el cuero, tener muchos cueros* etc.). Documentámola en Centroamérica e o Caribe:

JOE (Le da un empujón a Fina, que cae al suelo y sigue dando tumbos hasta la pareja que baila; coge a la mujer y empieza a bailar con ella tirado sobre su hombro.) ¡Linda! mujer que baila ¡Juan! hombre que baila ¡Déjalo, chiquita, del cuero va a salirle el baile! (Gloria Parrado [Cu, 1984]: *Muerte en el muelle*. CREA).

Lo primero que deberían de hacer estos genios de transito, es crear un Sistema simple computarizado para que se pueda hacer todas las gestiones y pagos en un solo centro [...], esa es una inversion que va a salir del cuero de los dueños de vehiculos (<http://www.laprensa.com.ni/> [Data de consulta: 12/03/2016]).

En galego si se recolle esta unidade fraseolóxica en diferentes obras lexicográficas: «*Do coiro lle saen*, dícese de aquel que paga propias culpas y del que sufre los perjuicios o pérdidas de sus caprichos o excesos» (Rodríguez González, 1958-1961: s. v. *coiro*), «*Saír do coiro algo*: dise cando alguén paga polos excesos» (López e Soto, 1995: 94). Desta frase deriva o refrán *Do coiro, che han de saír as correas, inda que tí o non creas* (Rodríguez González, 1958-1961: s.v. *coiro*; explicitación dun refrán existente tamén en castelán con outro sentido: *del cuero salen las correas* ‘expr. coloq. U. para denotar que de lo principal sale lo accesorio’ DRAE 2014: s. v. *cuero*).

Complementarios de *saír do coiro* son *sacar do coiro*, *pagar do coiro* e *cobrar do coiro*, de valor causativo (todos se fundamentan na mesma imaxe: *heicho cobrar do coiro* implica *hache saír do coiro*):

Os cinco pesos que me fixeche pagar de multa, teño de cobrá-los no teu coiro (Johán Vilanova [1934]: *Pombas e gaviláns*, TILG).

«É moi sorro o home» doume tanto mimo pra sacarme o coiro (Francisco Mirás [1864]: *Compendio de gramática gallega-castellana*. TILG; fala un boi).

Canto á terra ll'en vida comemos, Na morte co coiro llo vamos pagar (Carlos Jaspe Canosa [1913]: *O pensamento dun campesino*. TILG).

Bibliografía

- Aleza Izquierdo, M. e J. M.^a Enguita Utrilla (2010): *La lengua española en América: normas y usos actuales*, Valencia: Universitat de València.
- Álvarez de la Granja, M. (coord.) (2001): *Diccionario Gallego-Castellano, Castellano-Gallego*, Vigo: Galaxia.
- Aes Licer, E. (2007): «Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, pp. 15-30.
- Arora, S. L. (1977): *Proverbial Comparisons and Related Expressions in Spanish*, Berkeley-Los Angeles: University of California Press.
- Barral Rivadulla, M^a D. (2006): «De Historia, Arte y Arqueología. Sueños en piedra en La Coruña Medieval», en A. Rodríguez Casal e D. González Lopo (eds.): *Muerte y ritual funerario en la Historia de Galicia*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, pp. 115-138.

- Buesa Oliver, T. e J. M.^a Enguita Utrilla (1992): *Léxico del español de América su elemento patrimonial e indígena*, Madrid: Mapfre.
- CABALLERO, Ramón [1899], *Diccionario de modismos*. Madrid: Libr. de Antonio Romero.
- Cáceres Freyre, J. (1961): *Diccionario de Regionalismos de la Provincia de La Rioja*, Buenos Aires: Instituto Nacional de Investigaciones Folklóricas. Disponible en <http://www.academiadelfolklore.com/system/productos.php?id_prod=580&id_cat=139>
- CDH = INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN RAFAEL LAPESA DE LA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2013): *Corpus del Nuevo diccionario histórico (CDH)* en línea. <<http://web.frl.es/CNDHE>>
- Cerradelo, S. e E. Valls (2013): «Achega fraseolóxica para un dicionario bilingüe galego-catalán / catalán-galego», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15, pp. 37-132.
- Cerviño Ferrín, M.^a V. (2012): «Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 1», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, pp. 287-308.
- Cerviño Ferrín, M.^a V. (2013): «Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15, pp. 441-462.
- Cobelas Cartagena, M. Á. (2013): «Análisis contrastivo de las distintas acepciones de la palabra *cuero* en países de la zona del Mar Caribe: similitudes y discrepancias entre los datos proporcionados por el DRAE y el CREA», en A. Cabedo Nebot, M. J. Aguilar Ruiz e E. López-Navarro Vidal (eds.): *Estudios de lingüística: investigaciones, propuestas y aplicaciones*, Valencia: Universitat de València, pp. 145-155.
- CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) en línea. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>>
- CORGA = CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES: *Corpus de Referencia do Galego Actual*. <<http://corpus.cirp.es/corga>>
- Corominas, J. (1944a): «Indianorománica. Occidentalismos americanos», *Revista de Filología Hispánica* VI/2, pp. 139-175.
- Corominas, J. (1944b): «Indianorománica (continuación)», *Revista de Filología Hispánica* VI/3, pp. 209-254.
- CORPES XXI = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORPES XXI) en línea. *Corpus del español del siglo XXI*. <<http://www.rae.es>>
- CREA = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CREA) en línea. *Corpus de referencia del español actual*. <<http://www.rae.es>>

- DA = ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA (2010): *Diccionario de Americanismos*. Lima: Ediciones Santillana.
- DdD = SANTAMARINA, A. (coord.): *Diccionario de diccionarios*. <<http://sli.uvigo.es/DdD/>>
- DFDEA = SECO, M., O. Andrés e G. Ramos (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*, Madrid: Aguilar.
- DFG = López Taboada, C. e M.^a R. Soto Arias (2008): *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, Vigo: Xerais.
- DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2014): *Diccionario de la lengua española*, Barcelona: Espasa Libros. Disponible en <<http://www.rae.es/>>. Outras edicións márcanse coa data trala sigla: DRAE 1925.
- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA: *Diccionario da RAG* en línea <<http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>>
- Estévez Rionegro, N. e V. Rúa Garrido (2013): «A relación entre o léxico e a figura da muller na dialectoloxía galega. Análise sociolingüística da terminoloxía referida ás relacións sentimentais», en A. Cabedo Nebot, M. J. Aguilar Ruiz e E. López-Navarro Vidal (eds.): *Estudios de lingüística: investigaciones, propuestas y aplicaciones*, Valencia: Universitat de València, pp. 157-166.
- Feixó, X., X. R. Pena e M. Rosales (2004): *Galego Século XXI. Nova guía da lingua galega*, Vigo: Xerais.
- Ferro Ruibal, X. (1996): *Cadaquén fala coma quen é*, A Coruña: Real Academia Galega.
- Ferro Ruibal, X. (2006): «Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, pp. 179-264.
- Ferro Ruibal, X. e C. Veiga Novoa (2006): «*Parecias selectas*. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llopiz Méndez», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, pp. 265-327.
- Fichero General = INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN RAFAEL LAPESA DE LA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Fichero general de la Lengua Española* en línea <<http://web.frl.es/fichero.html>>
- Frago Gracia, J. A. (1999): *Historia del español de América*, Madrid: Gredos.
- Gómez Clemente, X. M.^a (2004): «Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, pp. 81-112.
- González Guerra, A. (2010): «Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, pp. 289-315.

- Groba Bouza, F. (2010): «*A cabalo regalado non se lle mira o dente. Compilación da fraseoloxía equina galega actual*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, pp. 317-372.
- Groba Bouza, F. (2014): «*Nas uñas, nas mans ou nos pés, has salir a quen es. Así se fala na Chan*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 16, pp. 357-437.
- López Taboada, C. e M^a R. Soto Arias (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*, A Coruña: Galinova.
- Luaces Pardo, N. (2014): «*Ditos e refráns recollidos na comarca do Ortegal*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 16, pp. 439-453.
- Martíns Seixo, R. A. (2007): «*108 fórmulas gallegas*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, pp. 235-246.
- Martíns Seixo, R. A. (2010): «*120 locucións verbais gallegas*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, pp. 373-386.
- Moreira dos Santos, M^a A. (2000): *Dicionário de provérbios, adágios, ditados, máximas, aforismos e frases feitas*, Porto: Porto Editora.
- Mouzo Villar, R. (2012): «*Terms Referring Child Of An Unmarried Woman In Galicia: Diatopic Variation and Motivational Study*», *Dialectologia*. Special issue, III, pp. 95-109.
- Noriega Varela, A. (1928): *Como falan os brañegos*, A Coruña: Nós.
- Obaldía, J. M^a (1988): *El habla del Pago*, Montevideo: Ediciones de la Banda Oriental.
- Pérez Ballesteros, J. (1885-1886 [1979]): *Cancionero popular gallego*. Reprod. facsimilar, Madrid: Akal, 1979.
- Pérez Martínez, H. (2004): *Refranero mexicano*, México: Fondo de Cultura Económica-Academia Mexicana (Disponible en <<http://www.academia.org.mx>>).
- Pérez Martínez H. (2005): «*Os ditos do Dicionario de mejicanismos de Santa-maría*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, pp. 225-238.
- Pichardo, E. (1849): *Diccionario provincial casi-razonado de voces cubanas*, La Habana: M. Soler.
- Quesada Pacheco, M. Á. (2007): *Nuevo diccionario de costarriqueñismos*, Cartago: Editorial Tecnológica de Costa Rica.
- Quintáns Suárez, M. (2009): *O noso refraneiro*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Saco y Arce, J. A. (1881 [1987]): *Literatura popular de Galicia: colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. ed. de Juan Luis Saco Cid, Ourense: Deputación, 1987.

- Sánchez Méndez, J. (2003): *Historia de la lengua española en America*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- Simões, G.e A. (1993): *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas*, Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- Solá, J. V. (1947): *Diccionario de regionalismos de Salta*, Buenos Aires: Sebastián de Amorrortu e Hijos.
- Tejera, M. J. (2001): «Las frases proverbiales». *II Congreso internacional de la Lengua Española*, Valladolid. Disponible en <http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/unidad_diversidad_del_espanol/2_el_espanol_de_america/tejera_m.htm>
- TILG = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Disponible en <<http://sli.uvigo.es/TILG/>>
- Vázquez Saco, F. (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Edición de J. Beloso Gómez, P. Buján Otero, X. Ferro Ruibal e M^a C. Paz Roca, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
- Ventín Durán, J. A. [2007], *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Edición crítica de X. Ferro Ruibal, R. Rial Santos, E. M^a Salgueiro Veiga e A. Vidal Castiñeira, *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, Anexo 1.

A morriña como elemento de estudo da linguopaisoloxía galega¹

M^a ISABEL GONZÁLEZ-REY

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

A aproximación á identidade e soberanía dun pobo pódese realizar desde varios puntos de vista: xeopolítico, histórico, económico, pero tamén, e sobre todo, lingüístico. En efecto, a primeira manifestación da idiosincrasia dun país atópase na súa lingua e a súa cultura. De feito, recoñécense os diferentes territorios polos límites que poñen as linguas que falan os seus habitantes, e as súas bandeiras simbolizan esa delimitación.

Dentro das linguas, a parte que máis adoita reflectir a idiosincrasia do pobo que a utiliza é a fraseoloxía, é dicir o conxunto de ditos e modismos, —chamados xeralmente unidades fraseolóxicas—, que representan o centro da idiomaticidade dunha lingua. Efectivamente, o modo de ser dos individuos, a súa maneira de pensar e de vivir vanse transmitindo pouco a pouco á fala, e esta á súa vez axúdalles a reforzar, coas súas palabras e os seus xiros idiomáticos, a súa identidade como pobo, creándose así un círculo irrompible entre lingua e cultura.

Neste estudo² imos mostrar como o pobo galego chegou a se identificar coa súa lingua grazas á súa fraseoloxía a través dun concepto que lle é moi propio, a morriña. Imos abordar o estudo deste concepto desde a *linguopaisoloxía* coa finalidade de extraer toda a información extralingüística máis relevante para a descrición do espírito nacional, e á vez universal, do pobo galego. Para iso, estrutúrase este traballo en tres partes: 1) sobre a importancia da fraseoloxía na idiosincrasia dun pobo; 2) sobre a linguopaisoloxía como método de estudo; 3) sobre a morriña e a súa fraseoloxía³.

¹ Este artigo encádrase no proxecto RELEX (*Rede de Lexicografía*) [código R2014/042], financiado pola Xunta de Galicia.

² O noso agradecemento máis profundo a Xesús Ferro Ruibal pola revisión comentada deste artigo, así como a Carmen Blanco polas súas valiosas aportacións.

³ O conxunto de expresións que serve de corpus de estudo para este traballo foi cedido polo Centro de Investigación Ramón Piñeiro (CIRP), en particular pola sección de Fraseoloxía Galega que dirixe o académico da lingua galega Xesús Ferro Ruibal.

2. Fraseoloxía e idiosincrasia

A relevancia da fraseoloxía dentro da lingüística como disciplina que estuda o conxunto das expresións fixas dunha lingua constitúe hoxe en día un feito indiscutible: os resultados da lingüística computacional permitiron cuestionar a presunta combinatoria libre das linguas en moitos casos⁴. A conclusión resulta evidente: trátase dun feito central nas linguas, dunha realidade de primeira orde e que representa unha característica das linguas naturais. O valor lingüístico, cultural e social das unidades fraseolóxicas en termos patrimoniais⁵ outórgalles unha dimensión calidoscópica onde o pasado se xunta co presente, tal e como afirma V. Mokienko (2000: 38):

A fraseoloxía é a tesourería da lingua que garda as palabras máis antigas, as formas gramaticais inusuais e as construcións sintácticas desbotadas polo tempo ou pola norma literaria. Ó conserva-la forma, conserva o contido: os hábitos nacionais, as crenzas, as lendas históricas, a visión metafórica do mundo.

Estes valores levaron aos primeiros investigadores a considerar a fraseoloxía como o espello da xente que a crea e a emprega. Así, E. Piirainen (2011: 229) lembra que:

Seguindo un romanticismo de tipo nacional, os primeiros investigadores de fraseoloxía centrábanse na idea de que os ditos eran algo propio da lingua determinada coa que se estaba tratando, coma un espello da cultura ou da mentalidade nacionais, pero esta foi unha idea que logo houbo que refutar e desbotar.

O certo é que a fraseoloxía dunha lingua está composta de elementos moi heteroxéneos que se sedimentaron ao longo do tempo, elementos que son produtos tanto dos pobos que se foron instalando nun mesmo territorio como dos intercambios existentes con outras poboacións externas a el. Como di V. Mokienko (2000: 37):

Calquera lingua é unha complicada fusión do propio co alleo, do autóctono co emprastado, do popular profundo co culto superficial. En diferentes períodos da historia, a nosa lingua reaccionou de maneira distinta a estes

⁴ En francés, por exemplo, comprobouse que aproximadamente 200.000 nomes compostos non son libres, e que existen uns 15.000 adxectivos e 30.000 verbos fixos.

⁵ Cf. González-Rey (2004: 120).

elementos: desde a adopción total do «alleo» ata a defensa esaxeradamente purista do «propio». Na lingua, como na cultura do pobo en xeral, é bastante difícil marcar un límite preciso entre o propio e o non-propio. É dicir, non existe ningunha marca única e chamativa que nos permita separar dunha vez o nacional do internacional sen cometer algún erro.

A pesar da dificultade, estes mesmos fraseólogos tentaron o un e o outro, é dicir «separar o nacional do internacional», evitando «cometer algún erro»:

1) No caso de E. Piirainen (2011), o seu proxecto, chamado *Widespread Idioms in Europe and Beyond* (abreviado WI), propúxose como obxectivo precisamente identificar as expresións figurativas comúns que existen en moitas linguas europeas (77) e non europeas (16, contando co esperanto, en especial as das fronteiras euroasiáticas ou linguas árabes do Norte de África). Os resultados do devandito proxecto foron publicados en 2 volumes do *Lexicon of Commun Figurative Units*, e recollen 175 expresións respectivamente: o primeiro, grazas a recursos textuais (textos clásicos ou bíblicos, coleccións de proverbios medievais, etc.), o segundo, adicado a diferentes campos como o folclore, o deporte, a observación da natureza ou o comportamento humano, etc. Estes resultados levan a rexeitar a noción eurolingüística de expresións europeístas e apoian a idea de que as mesmas expresións poden estar presentes en varias linguas distantes no espazo debido a factores moi heteroxéneos: por medio de fontes escritas ou intertextuais, de préstamos lingüísticos, derivados da experiencia humana ou da observación da natureza, ou tamén por causas extralingüísticas como os avances tecnolóxicos.

Este proxecto, que pode dar lugar ao primeiro atlas fraseolóxico mundial como sinala X. Ferro Ruibal (2012: 374) na reseña que fai do mesmo, púidose realizar grazas á colaboración duns 250 informantes que tiveron que completar un cuestionario cos equivalentes na súa lingua materna, e a súa tradución literal, de 350 fraseoloxismos comúns en inglés, alemán, francés e rusos.

2) No caso de V. Mokienko (2000), a súa obra *As imaxes da lingua rusa* propónse mostrar o «espírito» da lingua rusa a través das súas expresións figurativas. Segundo este especialista, o nacional existe, pero entendendo por nacional o conxunto de todas as expresións dunha lingua, calquera que sexa a súa orixe. Segue nisto o pensamento do lingüista inglés L. Smith (1959: 173), quen, ao valorar a parte nacional da fraseoloxía inglesa, isto é, a fala popular, chegou a afirmar:

Aínda que os nosos fraseoloxismos inclúan moitas expresións emprestadas da fala popular doutros países europeos, son profundamente nacionais polo seu carácter, polas súas imaxes e asociacións; transmiten o cheiro da terra onde medraron, a extensión dos campos e dos pastos e pasteiros e o alento das aldeas, onde prenden tódalas formas da lingua nacional e da arte nacional e onde eles deben volver a dirixirse para recupera-las forzas vitais⁶.

Deste mesmo parecer é o académico D.S. Lighachov (1981: 64) para a lingua rusa:

As peculiaridades nacionais son un feito probado. Non existen peculiaridades únicas no seu xénero que caractericen só unha nación, un pobo, un país. O esencial é o seu conxunto e a súa irrepetible estrutura cristalina de trazos nacionais e universais. Nega-la existencia do carácter nacional, da individualidade nacional, significa facer moi aburrido e gris o mundo dos pobos⁷.

Estas premisas foron o que levou a filoloxía rusa a incorporar nos anos 80 unha nova rama, a *linguopaisoloxía*, para a cal tres unidades lingüísticas (a palabra, o fraseoloxismo e o aforismo) teñen en común o poder de acumular información extralingüística e, polo tanto, de dar a coñecer todas as facetas da cultura na aprendizaxe da lingua. Como para moitos investigadores os aforismos forman parte da fraseoloxía, este conxunto de expresións resulta, pois, importante. Coa *linguopaisoloxía* os profesores de ruso consideran que dispoñen así dun modo de transmitir o espírito da lingua ao considerar que a información que achegan esas unidades é a que representa o carácter propio do seu pobo.

Sobre estas dúas posturas, unha a favor dun fondo común fraseolóxico e a outra a favor dun espírito propio da lingua, o académico da lingua galega, X. Ferro Ruibal, fai unhas reflexións moi apropiadas. No caso do proxecto de E. Piirainen, do que el mesmo fixo a reseña tal e como indicamos máis arriba, observa con moita perspicacia que foron numerosos os silencios de moitas das respostas dos informantes ao cuestionario que lles foi sometido. Para el a natureza deses silencios é moi reveladora (2012: 375):

Eses silencios probablemente indican a existencia de asimetrías ou diverxencias fraseolóxicas. Estes enigmáticos silencios conteñen tanta ou máis

⁶ En V. Mokienko (2000: 38).

⁷ En V. Mokienko (2000: 37).

información que as coincidencias, porque estas teñen case sempre unha explicación simple, mentres que os silencios (as asimetrías) téñena moito máis complexa e enriquecedora.

Desde logo, eses silencios mostran que existe algo propio nas linguas, a pesar de todo o común que pode haber entre varias linguas. Atopa a explicación destes feitos en parte no dito por Mokienko, ao afirmar que «sabemos que non hai linguas impermeables nin herméticas; que tódalas linguas viven nunha osmose constante coas linguas da contorna física, política ou económica» (2012: 373). Con todo, precisa algo máis:

Pero sabemos tamén que esa osmose nunca é equilibradamente bidireccional e por iso é moi probable que Europa (e dentro de Europa as linguas con poder económico e político) sexan máis emisoras que receptoras de fraseoloxía. Existe, polo tanto, o perigo de que o informante dunha lingua menor constataste que alguén dixo algunha vez tamén na súa lingua menor *un lobo con pel de ovella* (de orixe bíblica) ou *loitar contra muiños de vento* (de orixe literaria) pero esquece informar, se se dera o caso, de que a forma orixinal de expresar eses conceptos na súa lingua menor é outra diferente e asimétrica.

Con todo, traer estas reflexións a colación sobre o proxecto WI de E. Piirainen non lle resta mérito, ao contrario, sobre todo por esa inclusión das linguas menores, o que demostra o seu interese pola información relevante que poden achegar a un proxecto tan ambicioso e destas dimensións. Ademais, a preocupación da prestixiosa investigadora alemá por esta cuestión revélase na obra colectiva *Endangered Metaphors* (2012), editada en colaboración con A. Idström, sobre as metáforas de minorías étnicas dos 5 continentes en perigo de desaparecer. Un segundo libro está en marcha, *Endangered Metaphors. Volume II: Vanishing Images, Changing Conceptualizations*, para o cal as editoras fan unha chamada de colaboración aos fraseólogos do mundo enteiro⁸.

En definitiva, X. Ferro Ruibal, no seu prólogo á obra de V. Mokienko (2000: 12), resume así as relacións entre fraseoloxía e idiosincrasia:

Superpoñendo a fraseoloxía que dúas linguas teñen nun mesmo campo semántico, con frecuencia observamos tres zonas: unha zona A, que é exclusiva da lingua A; unha zona B, que é exclusiva da lingua B, e unha zona C que é común ás dúas linguas. Só esta comparación, feita con rigor, nos

⁸ Toda persoa interesada en contribuir con este libro debe dirixirse a: anna.e.idstrom@helsinki.fi

pode descubri-la verdadeira dimensión da zona C, e, por exclusión, xebra-lo o común (europeo ou universal fraseolóxico) e o verdadeiramente orixinal de cada lingua.

Sen caer, pois, nun «romanticismo de tipo nacional», imos indagar como a fraseoloxía do galego reflicte a historia dese pobo e o carácter da súa xente, á vez que o conecta co resto do mundo, a través dun concepto particular, e que lle é moi propio, o da *morriña*. Imos abordar o estudo deste concepto desde a *linguopaisoloxía*, analizando as palabras, os fraseoloxismos e os aforismos (se os hai) relacionados con el, coa finalidade de extraer toda información extralingüística mais relevante para a descrición do espírito nacional, e á vez universal, do pobo galego.

3. Fraseoloxía, linguopaisoloxía e modelaxe semántico-estrutural

As orixes da fraseoloxía do galego son tan variadas como o son as da historia de Galicia e a súa lingua: galaico-portuguesa, romana, castelá, sen falar dos préstamos modernos doutras linguas. Resultaría misión case imposible deslindar as expresións derivadas de cada substrato. En calquera caso, tampouco importa moito no noso estudo, pois como di V. Mokienko (2000: 26):

Esta mestura do nacional e do internacional repítese constantemente na lingua en xeral e na fraseoloxía en particular. Un pobo non pode levar unha vida activa sen ter diversos contactos con outros pobos. Da mesma maneira, a lingua esgotaríase sen o apoio doutras e sen darlles a estas, á súa vez, o seu propio zume. Por isto, calquera palabra, calquera expresión emprestada doutro idioma adaptaciónase, dunha ou doutra maneira, no novo ambiente, e chega a ser «nacional», aínda que llo impida a falta de entendemento do sentido literal ou un alfabeto distinto.

Grazas ás expresións dispersas pola fraseoloxía rusa, V. Mokienko organiza na súa obra *As imaxes da lingua rusa* (2000) os fraseoloxismos rusos nunha serie de seccións ideográficas coas que pretende reconstruír o «mundo ruso», co dobre fin de que sirvan para «o ensino do ruso como lingua estranxeira e para que os nosos compatriotas teñan unha comprensión máis profunda da lingua materna» (2000: 84). Esta é a relación das seccións que utiliza o autor:

1. Natureza, fauna e flora
2. Anatomía da persoa e ademáns

3. Ideas da vida cotiá

3.1. Realidade da vida cotiá no pasado

3.2. Procesos laborais da vida do campesiño

3.3. Medidas (de tempo, lonxitude, peso; unidades monetarias)

3.4. Xogos, diversións, deporte

3.5. Cociña popular e comida

4. Historia

5. Relacións sociais

5.1. Familia e relacións familiares

5.2. Etiqueta

5.3. Profesión

6. Cultura espiritual

6.1. Ritos, supersticións, crenzas

6.2. Ideas relixiosas relacionadas co cristianismo e cos libros eslavos antigos

6.3. Escritura, imprenta, literatura

7. Folclore, fala popular, humor

Na súa obra o autor aplica un método que pretende darlle á fraseoloxía, na súa vertente etnolingüística, unha madurez metodolóxica da que carece, para «deslindar entre o nacional e o internacional, entre o xenético e o tipolóxico, entre o individual-rexional e mailo global-universal» (2000: 21). Ese método, chamado **método da modelaxe semántico-estrutural**, e creado polo autor en 1973, segue o principio da modelaxe segundo o cal as variantes estruturais dun mesmo modelo semántico derivan dunha construción inicial ou imaxe primitiva. Isto permitiulle organizar primeiro a cantidade inxente de fraseoloxismos dialectais, folclóricos e populares, e despois demostrar a eficacia dese método na reconstrución do prototipo das imaxes da lingua rusa grazas a unha análise intralingüística (histórico-etimolóxica), por unha banda, e interlingüística (contrastiva), por outra.

Por suposto, calquera etnofraseólogo pode seguir esta mesma organización e usar este mesmo método, ou ben crear os seus. No caso da lingua galega, o Centro Ramón Piñeiro, centro de investigación para as Humanidades, ten

unha revista dirixida polo académico X. Ferro Ruibal, *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, que vai actualmente polo número 17 (en fase de elaboración). Nela recóllense parte dos estudos etnolingüísticos sobre a fraseoloxía do galego, e estes abarcan moitas das seccións apuntadas por Mokienko, en relación coa «paisaxe» da lingua galega, coincidente coa do seu territorio. Así, por exemplo, cóntase con traballos relacionados coa natureza, en particular co uso dos refráns galegos para referirse ao tempo meteorolóxico, de Pilar Corbacho Ríos (CFG, 7, 2005: 239-260), ou co uso dos fraseoloxismos para referirse ao mar, de Paco Rivas (CFG, 1, 2000: 11-90) ou aos peixes, de X. Martínez Branco e S. Veiga Alonso (CFG, 12, 2010: 155-173); relacionados coa anatomía do home, por exemplo no traballo de X. Ferro Ruibal (CFG, 12, 2010: 69-126); ou relacionados coa vida cotiá e os costumes de cada lugar (sobre todo a dicotomía cidade-campo), co traballo do antropólogo M. Gondar Portasany (CFG 10, 2008: 129-161).

Neste estudo podemos aplicar a *linguopaisoloxía* creada pola lingüística rusa á lingua galega, así como o método da modelaxe semántico-estrutural de V. Mokienko á análise de palabras e ditos que caracterizan o modo de ser dos galegos. Este modo de ser deu lugar a trazos de carácter estereotipado: o galego indeciso, do que se di que «non se sabe se sobe ou baixa» (a imaxe da escaleira é típica á hora de ilustrar esa indecisión dos galegos), o galego *retranqueiro* (forma de ironía moi propia), e o galego *morriñento* (é dicir nostáxico da súa terra e da súa xente ao punto que sente a necesidade de volver sempre ás súas raíces), entre outros.

Destas tres características sinaladas aquí, a *morriña* foi a que máis se tentou relacionar co modo de ser do galego⁹, por motivos moi diversos, desde a súa longa tradición como emigrante que lle levou sempre a buscarse a vida en terras afastadas e que lle provocou ese sentimento de anhelos por retornar á súa terra, ata por motivos políticos, segundo os cales supostamente o poder hexemónico pretendeu rebaixar a consideración da condición do galego emi-

⁹ A palabra *morriña* está integrada na lingua española como un préstamo do galegoportugués, procedendo posiblemente da forma antiga *morrinha* segundo está recollido no dicionario da Real Academia Española. Nembargantes existen dúbidas ao respecto desta etimoloxía, e investigadores como os do Proxecto Gaelaico cuestionan esa orixe, entre outras cousas porque a palabra *morrinha* en portugués non ten as acepcións que ten *morriña* en galego. Atribúenlle máis ben unha orixe gaélico escocesa (Cf. <https://www.progael.com/gl/documentos/ver/36> [consultado o 13.02.2016]).

grante (cf. H. Miguélez-Carballeira, 2013), pasando por motivos derivados da orografía da terra galega.

4. A morriña, vista por dentro e por fóra

Antes de profundar na análise dos conceptos que abarca a palabra *morriña* e das expresións ás que deu lugar, aplicaremos o **método da modelaxe semántico-estrutural** empezando por un estudo extralingüístico deste sentimento universal que é a morriña, antes de abordalo de xeito inter e intralingüístico.

Perspectiva extralingüística

Desde unha perspectiva psicolóxica, asimílase xeralmente a morriña á **nostalxia**, estado de ánimo negativo definido como un estado de tristura causado pola lembranza de algo ou de alguén que se bota en falta¹⁰. Nembargantes, tentouse definila desde unha perspectiva literaria ou filosófica, buscando elementos que a podían singularizar con respecto a outros sentimentos similares. Así A. Fole¹¹ afirma:

Nostalgia, añoranza, ‘morriña’ y ‘señardá’ son sentimientos nostálgicos. Pero, aclaremos: con la palabra ‘morriña’, por ejemplo, solemos expresar la enorme y especial gravitación sentimental que la nostalgia tiene para nosotros. No sentimos de cualquier modo la tierra patria ausente; la sentimos ‘muriéndonos’ por ella.

Na vertente literaria a análise definitoria deste sentimento foi realizada sobre todo por Vicente Risco (1920) e Otero Pedrayo (1931, 1952) baixo a denominación sinonímica de **saudade**¹². Para Risco, caracterízanos como pobo o noso «sentimento galego» definido como «a adoración á terra» unida esta á «cobiza de lonxe» ou «saudade» (1980 [1920]: 63). Para Pedrayo, a saudade tamén consiste nun «desexo vago doutra cousa» (1982 [1930]: 23). Ambas concepcións están vinculadas ao nacionalismo político xerado no período Nós, e van

¹⁰ A orixe da palabra *nostalxia* provén do grego νόστος (*nóstos*) «retorno» e ἄλγος (*álgos*) «tristura, dor».

¹¹ En C. Rodríguez Fer (ed.), 2003: 419.

¹² Préstamo integrado na lingua española procedente do portugués (cf. Dicionario da Real Academia Galega).

desenvolverse durante a posguerra nun nacionalismo culturalista, entendido no sentido máis amplo da palabra, coa figura de R. Piñeiro e o grupo Galaxia.

Con ese grupo, a morriña atopou a súa definición, máis aló do sentimento universal e xenérico da nostalxia, en posicionamentos filosóficos, en contraposición sobre todo coa saudade¹³. Figuras como R. Piñeiro (1953) ou A. Torres Queiruga (2003) trataron o tema definindo a primeira con respecto á segunda. Así R. Piñeiro relaciona a saudade coa **soidade** nun senso amplo. As diversas formas que adopta a soidade derivan en diferentes modos de saudade, a obxectiva, provocada polas circunstancias nas que está inmerso o individuo e a subxectiva, vivida na súa intimidade. A morriña, pola súa parte, distínguese da saudade polo feito de que esta carece de significado psicolóxico mentres que a morriña resulta ser un tipo de **tristura depresiva**¹⁴. En canto a A. Torres Queiruga, considera a saudade un sentimento transcendental que se traduce en manifestacións concretas como a morriña ou a nostalxia. Un dos últimos filósofos en abordar a diferenza entre saudade e morriña é Luis G. Soto (2012) que sostén que na morriña ten que haber unha privación efectiva do obxecto, mentres que pode haber saudade aínda que estea presente o obxecto, posto que se pode anticipar ou imaxinar a súa ausencia cara ao pasado ou o futuro.

Con todo, compre precisar que no eido da literatura e da filosofía existe tamén un pensamento «antisaudoso» e «antimorriñento» do galego. Efectivamente, o tema da *saudade* e da *morriña* no mundo cultural galego está envolto nun debate vivo en torno ao tema da identidade galaica e do determinismo ou non determinismo da mesma, debate no que non imos entrar neste estudo de tipo lingüístico pero que é relevante sinalar.

¹³ Outros, coma Celestino Fernández de la Vega (1952), identificárona coa anguria existencial heideggeriana.

¹⁴ Este concepto de morriña como estado diagnosticado como enfermizo vézolo reflectido nestas verbas de Leandro Pita Sánchez-Boado redactadas en 1919 e recollidas en J. M. Suárez Sandomingo (2015: 151): «Después de su estancia en la capital, partió [Leandro] a recorrer España [] pero “a medida que el tiempo corría notaba yo que mi carácter se transformaba, llegando a dominarme un tedio que los médicos ingleses diagnosticaron de *spleen*, los franceses de *névrossthénie* y un médido gallego, residente en Barcelona de *morriña* [] La vida me pesaba tanto, que para olvidar hasta de que vivía ensayé las inyecciones de éter y de morfina, sin lograr descanso a mi tortura”».

Perspectiva interlingüística

A morriña resultar ser un sentimento consubstancial ao ser humano, aos seus rexistros emocionais naturais. Con todo, a forza dese sentimento pode cobrar dimensións nacionais ao punto de chegar a definir todo un pobo. Pero a complexidade e os matices que chega a ter provoca diferenzas no modo de sinalo nas distintas linguas: así, no sentir da lingua inglesa existen o *spleen*, o *homesickness* ou o *blues*, no galés o *hiraeth*¹⁵, no portugués a *saudade*, o *mal du pays* ou *ennui* en francés, ou o *sehnsucht* en alemán. Aínda tendo todas estas palabras un substrato semántico común, a saber ese estado anímico provocado pola ausencia, as diferentes culturas ás que están vinculadas outórganlles matices relacionados sobre todo coas causas que o inducen. O peso do concepto que nace desta combinación entre léxico e cultura pode erixirse nunha noción nacional que achega uns pobos a outros, ou os distingue entre si.

Isto é o que ocorre coa palabra *morriña* que achega Galicia, en distinto grao, cunhas culturas nas que existe esta mesma acepción da noción de nostalxia, como é o caso da *saudade* portuguesa ou do *hiraeth* galés, e que a distingue doutras, como pode ser a cultura xaponesa onde non existe o concepto de nostalxia triste senón o de nostalxia feliz, chamado *natsukashii*, e que designa o momento no que o bonito recordo volve á memoria e énchea de dozura e felicidade, como no caso da madalena de Proust¹⁶.

Agora ben, desde unha perspectiva intralingüística, a análise da palabra *morriña* ligada á cultura galega revélanos, non só a través do propio termo senón tamén a través das expresións nas que se utiliza, moitos máis conceptos que o de nostalxia, como imos ver a continuación.

Perspectiva intralingüística

De buscar as causas máis relacionadas co estado morriñento do galego, atoparíamos á primeira vista a simbiose entre a natureza do país e o carácter das súas xentes. En efecto, Galicia atópase na parte setentrional da península ibérica, situada entre mar e montaña. A súa posición ao norte de Portugal

¹⁵ Cf. O artigo de Robert G. Havard sobre «Paralelos entre los sentimientos gallegos y galeses de la saudade / hiraeth: un espejo céltico de la neurosis rosaliana», recollido en C. Blanco (1998).

¹⁶ Definición de *natsukashii* e referencia a Proust en *La nostalgie heureuse*, de Amélie Nothomb (2013: 90).

e noroeste de España lévana a ser, ademais, un «Finis térrae»¹⁷, unha terra verde pola súa vexetación e o seu clima húmido e dominada pola auga (mar, ríos, choiva). Este elemento é fundamental na xeografía de Galicia, porque a penetra por todas partes: polas súas costas, polas súas terras, polas nubes e o seu aire húmido. As súas costas, tan peculiares polas rías que as recortan, deron forma a unha vida mariñeira na xente e a grandes asentamentos urbanos preto do mar; as súas terras interiores, atravesadas por numerosos ríos, constitúen un espazo caracterizado por unha poboación máis ben dispersa, dedicada ao agro-forestal; o seu clima chuvioso na maior parte do país e o seu aire húmido condiciona unha orografía onde alternan bosques, prados e montañas, que deron lugar a un imaxinario repleto de meigas e bruxas, e a uns hábitos de vida onde as festividades cristiás mestúranse coas pagás. A esa Galicia, rodeada de auga por mar, terra e aire, é á que Rosalía de Castro lle dedicou os seus famosos versos e que teñen inmortalizado para sempre a morriña galega en relación coa súa paisaxe:

Adios, ríos; adios, fontes;
adios, regatos pequenos;
adios, vista dous meus ollos:
non sei cando nos veremos¹⁸.

Tamén relacionouse a *morriña* galega coa historia do país e coas relacións de poder que houbo entre Galicia e Castela. Na súa obra *Galician, A Sentimental Nation*, H. Miguélez-Carballeira (2013) analiza os motivos que levaron aos demais pobos a considerar aos galegos uns seres sentimentais, líricos, *morriñentos*. A autora, profesora da Universidade de Bangor (Gales), traza neste libro a historia cultural de Galicia e sitúa a orixe dos estereotipos sentimentais da identidade galega a finais do século XIX, xurdidos desde o poder político para frear un nacionalismo con instinto de independencia. Segundo a autora, o efecto que tiveron eses estereotipos foi desmobilizar politicamente a unha corrente que tiña a vontade de acabar cos séculos escuros de sometemento,

¹⁷ Con todo, a percepción derivada desta situación pode variar segundo o punto de vista. Así, aínda que desde unha posición centralista, estar na parte septentrional pode considerarse como desfavorable, Xesús Ferro Ruibal lémbra-nos, nunha conversa persoal, que na época medieval o transporte en Galicia se facía por mar ou por río, o que supoñía unhas vías de acceso importantes fronte ás vías de comunicación do interior que eran poucas, inseguras e estaban en mal estado.

¹⁸ *Cantares gallegos* (1863).

afirmando mesmo que houbo interese en difundir unha visión chorona e lacrimóxena de Rosalía de Castro¹⁹.

Con todo, co que máis se relaciona a *morriña* galega é co éxodo, o exilio e a emigración. A situación setentrional da rexión, a súa xeografía feita de montes e vales, a súa historia cos pobos circundantes e as súas relacións co poder central do país illárona e empobrecérona. As súas xentes víronse abocadas a iniciar unha vida máis aló das súas fronteiras a mediados do século XX²⁰, emprendendo rumbo de forma masiva, uns cara a Cuba, Arxentina e Venezuela, e outros cara ao resto de Europa (Suíza, Inglaterra ou Francia). O recordo da familia deixada atrás (sobre todo a pais maiores e a fillos pequenos, xa que os que emigraban adoitaban ser os que representaban unha man de obra inmediata para os países receptores) e a nostalxia por unha terra que lles viu nacer mesturábanse a un sentimento de anhelos por poder regresar un día.

Como se pode comprobar, a complexidade do sentimento de *morriña* pódese relacionar con causas diversas e propias de Galicia: a súa orografía, a súa historia e as súas xentes. Con todo, e no que se distingue a *morriña* das demais palabras estranxeiras que se asimilan a ela (*spleen*, *homesickness*, *blues*, *hiraeth*, *mal du pays*, ou *saudade*) son as acepcións que o termo ten asociado en lingua galega. Esas acepcións, analizadas polo método da modelaxe semántico-estrutural dentro do marco da linguopaisoloxía, poden aportarnos outra visión sobre esta palabra, e polo tanto sobre a cultura subxacente que reflicte do galego.

¹⁹ Neste sentido, Carmen Blanco, nun comentario na revisión deste traballo, puntualiza que se ben é certo que Rosalía de Castro retrata na súa obra a xente galega morriñenta e saudosa, en correspondencia a un dos prototipos galaicos existentes daquela (uns prototipos psicolóxicos, sociais, antropolóxicos e históricos e que certas mentalidades converteron en estereotipos), na realidade a súa creación é diversa e complexa e reflicte tanto unha Rosalía que «chora» como unha Rosalía que «canta». Sinala que a crítica literaria máis lúcida nunca viu esa Rosalía estereotipada. Neste sentido, compre sinalar que Carmen Blanco está a analizar precisamente os elementos positivos nas acepcións da palabra *morriña* nun estudo que ten en preparación neste intre sobre poesía galega e que pronto sairá publicado.

²⁰ Con todo, a historia da emigración galega remóntase a tempos moi pretéritos: en conversas persoais, Xesús Ferro Ruibal lembrounos que xa había soldados galegos no exército do cartaxinés Aníbal e que a descuberta de América e de parte do Pacífico foi en gran parte obra de navegantes galegos (como os grandes navegantes pontevedreses, os irmáns Nodal ou Diego Sarmiento de Gamboa). Conclúe que «a proporción de galegos emigrantes a América é tan intensa e extensa no tempo que hoxe no español de América “gallego” significa simplemente español».

Análise da palabra *morriña* polo método da modelaxe semántico-estrutural e da linguopaisoloxía

Aplicando o método semántico-estrutural, imos proceder ao análise dos diferentes sentidos, formas e usos nas que aparece a palabra *morriña*, tentando atopar unha imaxe primitiva que nos permita organizalos. Empezando polo primeiro destes tres aspectos, observamos que a lexicografía galega recolle varios significados²¹ desta palabra cuxa orixe está a miúdo relacionado co verbo *morrer*: 1) nostalxia por algo ou alguén que está ausente; 2) tristeza que produce certo abatemento; 3) enfermidade moral que senten algunhas persoas ao atoparse lonxe da súa casa, terra ou patria (é un sentimento íntimo que non pode separarse do recordo); 4) persoa vil, sen valor, carente de autoridade; 5) cousa vil, sen valor; 6) sucidade que se vai acumulando nun sitio (*morriña*, *morriñada*); 7) unha choiva sen intensidade pero molesta pola súa persistencia; 8) doenza que impide aos gatos crecer, segundo a crenza popular; 9) hidropesía do gando de la.

É sabido que dentro do eido da lexicografía, a información metalingüística dos lemas segue unha orden suxeita aos criterios organizacionais elexidos polos autores do dicionario en cuestión. Neste caso, esta clasificación dos distintos significados da palabra *morriña* baséase nunha organización semántica do lema que vai do sentido máis abstracto ata o máis concreto (desde a nostalxia ata a enfermidade do gando), dedicando dos 8 sentidos recollidos no Xerais, por exemplo, 4 aos homes na vertente anímica, 2 a cousas ou lugares, 1 a elementos naturais e 3 a animais. Esa orde ten que ver non só cunha relación ordeada dos axentes afectados polos efectos da *morriña* (homes, cousas, lugares e animais), senón tamén cun criterio de frecuencia de uso da palabra que pon de primeiro o senso polo que máis se coñece a palabra, o de nostalxia.

Por outra parte, as fontes orais propias da fala popular que recollen o uso desta palabra avalan estes significados. Así as expresións que pre-

²¹ Estes significados sacáronse en parte do *Dicionario Xeral da Lingua* (1993, Xerais) pero tamén do observado na fraseoloxía da lingua. A maioría destes sentidos están tamén recollidos no dicionario de Eladio Rodríguez González (1958-1961), e incluso existen algún mais, como o de «enfermedad de la cepa», sinalado por Constantino García González (1985) e citado no *Dicionario de dicionarios*, do Instituto da Lingua Galega (http://sli.uvigo.es/ddd/ddd_pescura.php?pescura=morri%Fla&tipo_busca=lema [consultado o 13.02. 2016]).

sentamos a continuación²² aluden aos sentidos 1-4 en referencia ás persoas e aos 5-7 en referencia a cousas ou elementos naturais, todos co mesmo valor negativo:

- 1) *Nós de acá e vós de alá, somos tantos coma vós; o río vai polo medio, morriñas sódela vós.*
Nós de acá e vós de alá, somos tantos coma vós, témola ponte por medio, a morriña sodes vós.
- 2) *Unha onza de alegría, val máis ca un quintal de morriña.*
O mal amorriña e o ben aviva.
Iste pandeiro que toco é da pelica de un can que morreu de morriña á porta de un sacristán.
- 3) *Cando o galego se vai para lonxe da súa terriña, ten tanta pena o coitado que se more coa morriña.*
Lonxe da terriña, lonxe do meu lar, eu non me afago, vólcome para alá. Teño eiquí morriña, de aló señardá – pois eu nos dous sitios xa non podo estar.
Lonxe da terriña, lonxe do meu lar, que morriña teño, que angustias me dan.
Cando estou lonxe de ti, miña terra idolatrada, sempre me alcontro tristeiro y é a morriña que me mata.
Non podo olvidarte, terra terriña, non podo olvidarte, teño morriña.
- 4) *Onde hai galo non canta galiña, a non ser que o galo teña morriña.*
Onde hai galo non canta galiña senón que o galo teña a morriña²³.
- 5) *O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio galiña²⁴.*
O que en San Juan come cabra i en outono galiña, come todo o ano morriña.
O que na súa casa come morriña, na casa allea quere carneiro o galiña.
Vale máis un ano de cría que dous de morriña.

²² Lembramos aquí que o corpus de expresións que se utiliza para ilustrar o concepto de *morriña* foinos proporcionado polo Centro de Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro.

²³ Expresións machistas que aluden ao poder dos homes sobre as mulleres; se carecen desa autoridade, daquela non son homes.

²⁴ Esta cantiga é moi popular e ten moitas variantes; a súa interpretación presenta algunha dificultade: por unha banda, significa que se un non quere comer mal todo o ano non debe comer estes animais neses meses do ano, por estar gordos e listos para matar, así salgalos e gardalos para ir comendo deles o resto do ano; por outro, a galiña en maio está en realidade no cambio de pluma, por tanto non está para matar e comer. Ademais esta cantiga ten tamén a súa variante negativa: O que non queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio a galiña.

- 6) *Vós tedes a tiña, a sarna e maila morriña.
O Ferreiro ten a tiña, a muller o xarampón, e os fillos a morriña, ¡Ai, Xesús,
que maldición.
Mellor fora ser Pereira e dar peras no Outono, que non ser muller dun xastre,
morriña e cara de sono.
Onde vexas moito fume non te vaias a quentar, que está ardendo leña verde
ou morriñada do lar.
Pernas de galo patudo, pantorrillas de galiña, para falares comigo, téis que
lava-la morriña.
Muller sen oficio e con pouca fariña, cheira á morriña.*
- 7) *Chuvia de abaixo e vento da ría, morriñada para todo o día.
Chuvia de morriña, nen peixes nen fariña.*

Como se pode observar nesta listaxe, non se atoparon expresións fraseolóxicas para os sentidos 8 e 9 da palabra. Pódese xustificarse esa carencia polo feito que os sentidos referidos a enfermidade dos gatos ou do gando aluden a estados referenciais de certos animais e, polo tanto, teñen un uso mais denotativo que conotativo que non da lugar á formación de cantigas ou refráns. Agora ben, a aparición do uso da palabra *morriña* en relación aos animais podería atopar unha explicación pola vía da analoxía popular, como derivado do sentido primeiro recollido (nostalxia, estado de abatemento e tristura das persoas): os animais, como os homes, teñen enfermidades que se asemellan e que parecen reflectir estados anímicos.

Completando esta análise semántica do método da modelaxe cun estudo estrutural, observamos que estes sentidos aparecen tamén noutros tipos de construcións, coma as locucións nominais ou verbais:

1) Locucións nominais:

Ano de morriña = ano de carencia

Chuvia de morriña = choiva molesta e persistente

2) Locucións verbais

Cheirar a morriña = estar alguén sucio

Cheirar coma una morriña = estar alguén sucio

Comer morriña = comer mal

Entrar a morriña nun = estar nostálgico

Morrer coa morriña = botar de menos


Morrer de morriña = botar de menos

Ser (un) morriña = ser un covarde, un medroso

Te-la morriña = ter medo, estar falo de ánimo

As diferentes estruturas formais que se observan nesta relación de construcións nas que aparece a la palabra *morriña* permiten comprobar que a fraseoloxía sintagmática creada en torno a ela da lugar a variantes e variacións que recollen en gran parte os sentidos vistos anteriormente na fraseoloxía frástica. A lexicoloxía tamén pode aportar luz coas palabras derivadas desta mesma: *morriñento*, *esmorriñado*, *amorrinado*, *enmorriñado*, *esmorriñar(se)*, etc., aínda que os seus sentidos se reduzan case ao único de «abatido», «abatirse».

Agora ben, analizando estes datos desde o uso dentro da perspectiva da linguopaisoloxía, obsérvase como estes sentidos dispares da palabra *morriña* recollidos polos dicionarios e refrendados polas testemuñas que deixaron as expresións fraseolóxicas na fala popular reflicten varios eidos da cultura galega. Se queremos facer como Mokienko, reconstruír o «mundo galego» reorganizando as expresións que conteñen a palabra *morriña* espalladas pola fraseoloxía galega nunha serie de seccións ideográficas, podemos acadar unha tipoloxía xa non desde un criterio de frecuencia de uso da palabra ou de axentes afectados polo efecto da morriña senón a partir dos elementos aludidos máis arriba en relación á orografía, á historia e á xente galegas, buscando unha imaxe primitiva e un fío conductor:



Este mapa conceptual en torno á palabra *morriña* ilustra as relación semánticas que esta mantén con cada elemento que está ao seu arredor así como as ligazóns que estes teñen entre sí, e que axudan a entender a diversidade de sentidos aos que deu lugar. Compre precisar que partimos da idea de que eses sentidos non son dispares e que pertencen a un mesmo lema derivado dun mesmo étimo²⁵.

O primeiro dos elementos que priorizamos na organización dos significados da palabra é a AGUA como factor orixinario dun *sentido físico* atribuído á morriña, conformando a orografía dunha Galicia que ten á vez nunha TERRA exuberante, rica e variada, desde un aspecto creador, pero tamén enlodada, desde un aspecto anegador, onde homes e mulleres, cousas e animais poden estar envoltos en sucidade, enfermidade e pobreza se faltan os medios para explotar esa riqueza. Por outra banda, a historia de Galicia mostra que a EMIGRACIÓN foi a vía de saída de moitos galegos e galegas nos inicios do século XX á unha situación política e social determinada que convertiu a morriña en *estado anímico* onde a TERRA se transforma na mente e no corazón dos homes en LAR como lugar que suscita sentimentos tanto negativos, como a nostalxia pola perda das raíces, como positivos, como anhelos e esperanza de voltar un día a elas.

A partir desta disposición conceptual, a tipoloxía das seccións ideolóxicas que se pode propoñer para organizar o conxunto ordeado de expresións fraseolóxicas que recollen os diversos sentidos da palabra *morriña* a partires dunha imaxe primitiva sería a seguinte, desde as aceptacións máis concretas da morriña ata as máis abstractas :

1) os elementos naturais (choiva miuda e persistente)

2) os estados físicos das cousas, homes e animais:

- un estado físico externo (sucidade)
- un estado físico interno (enfermidade leve, depresión; enfermidade dos gatos, do gando de la)
- unha situación social (pobreza; comer mal)
- falta de valor

²⁵ Non é así para os autores do Proxecto Gaelaico que defenden que a etimoloxía da palabra *morriña* varía segundo os seus significados. Segundo eles, as súas claves atópanse no gaélico irlandés ou no gaélico escocés. Así, por exemplo, para o significado da morriña en relación coa choiva, o étimo sería «múirín», do gaélico irlandés [<https://www.progae.com/gl/documentos/ver/37>] (consultado o 27.02.2016).


3) a personalidade dos homes:

- a covardía, a falta de carácter

4) os estados de ánimo dos homes:

- nostalxia, saudade, tristeza

Esta proposta de seccións ideográficas relacionadas entre sí desde unha imaxe primitiva e por un fío condutor derivado da presenza de elementos comúns, de natureza máis ben negativos e que percorren a fraseoloxía galega, non basta, sen embargo, para recrear os sentidos positivos que a palabra *morriña* pode ter e que non recollen nin os dicionarios nin a fala popular. Por isto, cabe completala abrindo o espectro conceptual da palabra máis aló das súas acepcións intralingüísticas comparándoa coas doutras linguas, en aplicación do método da modelaxe semántico-estrutural:



Como vimos en culturas coma a xaponesa, existe o concepto de nostalxia feliz, chamado *natsukashii*. Isto non quere dicir que non exista alí tamén a nostalxia triste, senón que o sentimento de nostalxia, na súa fase madura, deixa paso a unha serenidade que permite ver o pasado a través das lembranzas máis felices. Polo mesmo motivo, cabe pensar que a *morriña* galega ten tamén esa dobre faceta, faceta que os filósofos, os escritores ou os críticos literarios deben profundar para darlle todo o pulo que pode ter, e evitar que caíamos nos lugares comúns da palabra. Importa que ese sentido positivo aflore e pase á fala popular e regule o noso comportamento de fala, porque, aínda que a fraseoloxía reflicte a cultura herdada a través as frases acumuladas durante séculos, nós, os usuarios, tamén temos a responsabilidade de enriquecer ese

tesouro e abrilo ás influencias doutras culturas. Como di V. Mokienko (2000: 94), «Para sentir ó máximo esta “regulación fraseolóxica”, é necesaria unha vez máis a comparación con outra lingua».

Conclusión

Este estudo sobre a fraseoloxía galega a través dunha das súas palabras máis emblemáticas, a *morriña*, pretendeu analizar as súas representacións este-reotipadas no imaxinario colectivo transmitido pola filosofía, a literatura e a lingua a través da súa fraseoloxía. Esta análise permitiunos desentrañar a parte compartida destas representacións con outras culturas e a parte propia grazas ao método da modelaxe semántico-estrutural de V. Mokienko. Aplicamos esta metodoloxía no marco dunha disciplina concreta, a *linguopaisoloxía*, entendida como disciplina ampla que relaciona as palabras e as expresións coa xeografía, a historia e a cultura dun lugar, e que contribúe no seu eido aplicado a definir o carácter da xente que o habita. Nesta tarefa definitoria, as unidades fraseolóxicas representan uns elementos específicos, dignos de ser tidos en conta no estudo da identidade dun pobo polo valor lingüístico e sociocultural que conteñen.

Gracias a esta disciplina, a esta metodoloxía e a este concepto elixido entre as distintas propiedades que caracterizan o pobo galego, podemos afirmar que a identidade e soberanía dun pobo poden ser efectivamente estudadas e definidas a través da lingua ao reflectir esta os costumes do país e o modo de vivir dos seus habitantes nunha fraseoloxía que atesoura o que o paso do tempo vai deixando na fala popular. O corpus de expresións analizadas neste estudo puxo de manifesto como unha palabra coma a *morriña* podía ter unhas acepcións que coinciden coas que recollen a meirande parte dos dicionarios. Así, pódese comprobar que a fala popular, a través das paremias e das expresións fraseolóxicas, serven de corpus aos dicionarios, igual coas citacións de ilustres escritores, para a recollida dos significados desta palabra. Aínda así, profundar na investigación do seu campo conceptual necesita de recursos que vaian máis alá da dimensión intralingüística, achegándose tamén á interlingüística, tal como o recomenda o método da modelaxe semántico-estrutural, coa finalidade de evidenciar que a *morriña* en galego é algo máis ca un sentimento de tristura que caracteriza o carácter do pobo galego; é un concepto, á vez nacional e universal, que contribúe, por unha banda, a definir a idiosincrasia de cada pobo e, por outra, a unilos.

Bibliografía

- Blanco, C. (1998): «A subversión múltiple. “Estranxeira na sua patria” de Rosalía de Castro», *Unión libre. Cadernos de vida e culturas* 3, 37-48.
- Blanco, C. (2013): «Valente Rosalía: Cantares gallegos no Diario anónimo», *Cadernos Ramón Piñeiro XXVI*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 23-31.
- Corbacho Ríos, P. (2005): «O “refrán meteorolóxico”: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 239-260.
- Fernández de la Vega, C. (1952): «Campanas de Bastabales», en *7 ensayos sobre Rosalía*, Vigo: Galaxia, 71-93.
- Ferro Ruibal, X. (2000): «As imaxes da lingua rusa: un estímulo para os fraseólogos galegos», en V. Mokienko (ed.): *As imaxes da lingua rusa. Ensaio históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía*, Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, 9-15.
- Ferro Ruibal, X. (2010): «Dentes e moas na fraseoloxía galega», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 69-126.
- Ferro Ruibal, X. (2012): Reseña de Piirainen, Elisabeth: *Widespreadidioms in Europe and Beyond. A Cross-linguistic and Cross-cultural Research Project*. [<http://www.widespread-idioms.unitrier.de/?p=sprachen&lang=en>], *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 371-374.
- Forcadela, M. (2013): *Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra. As relacións entre o imaxinario literario e o imaxinario nacional na literatura galega contemporánea*, Berlín: Frank & Timme.
- García González, C (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*, Universidade de Santiago: Verba, anexo 27.
- Gondar Portasany, M. (2008): «A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos “dicta” populares sobre o paseo e a paisaxe», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 129-161.
- González-Rey, M^a I. (2004): «A Fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 113- 130.
- Martínez Blanco, X. e Veiga Alonso, S. (2010): «Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 155-173.
- Miguélez-Carballeira, H. (2013): *Galician, A Sentimental Nation*, Cardiff: Wales University Press.
- Mokienko, V. (2000): *As imaxes da lingua rusa. Ensaio históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía*, Xunta de Galicia: Centro Ramón

- Piñeiro para a investigación en Humanidades. (Tradución ao galego da obra orixinal rusa publicada en Leningrado en 1986).
- Nothomb, A. (2013): *La nostalgie heureuse*, París: Le livre de poche.
- Piñeiro, R. (1953): «Para unha filosofía da saudade», en *La Saudade*, Vigo: Galaxia, 11-39.
- Piirainen, E. (2011): «Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do *Lexicon of Common Figurative Units*», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13, 227-246.
- Rivas, P. (2000): «Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa», *Cadernos de Fraseoloxía* 1, 11-90.
- Rodríguez Fer, C. (ed.) (2003): *Ánxel Fole. Obra literaria completa, III, Historia, política y cultura*, Vigo: Edición Galaxia.
- Soto, L. G. (2012): *O laberinto da saudade*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Suárez Sandomingo, J. M. (2015): *Orteganos Ilustres*, Lugo: Axac.
- Torres Queiruga, A. (2003): *Para unha filosofía da saudade*, Trasalba: Fundación Otero Pedrayo.
- Vicente Risco (1920): «O sentimento da Terra na raza galega», *Nós* 1, 4-9.
- Otero Pedrayo, R. (1952): *Por os vieiros da Saudade*, Vigo: Galaxia.
- Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo: Galaxia.
- Rosalía de Castro (1999): *Cantares gallegos*, Madrid: Espasa Calpe, colección Austral (edición bilingüe) (1^a ed. 1863).

O que todo galego debe saber do portugués

FERNANDO GROBA BOUZA
Universidade do Minho

HELGA MARIA AGUIAR PINTO TEIXEIRA DE OLIVEIRA
Universidade do Porto

1. Introducción

O profesor Xesús Ferro Ruibal dirixiu e presentou 470 programas de *Ben falado!*, un microespazo de 5 minutos de duración dedicado á lingua galega que emitiu a Televisión de Galicia entre os anos 2007 e 2011. De entre eles, destacamos 10 que titulou «O que todo galego debe saber do portugués» que foron emitidos entre xaneiro e marzo de 2011. Neles, fala das principais diferenzas ortográficas, morfolóxicas e semánticas que difiren entre as dúas linguas. Non obstante, resulta estraño que non comparase ningún aspecto relacionado coa fraseoloxía. Non se fala, por ningures, das expresións máis usadas e útiles para comunicarse no país luso que difiren do galego nin daquelas que nos poden deixar en evidencia por non sabermos interpretalas ou usalas nin dalgúns refráns que poidan contribuír a sermos mellores comunicadores e a poder sentirmos integrados dun xeito moito máis eficaz.

A competencia plena nunha lingua non se consegue sen coñecer nin saber usar esas formas fosilizadas con significados figurados e cunha expresividade fortemente condensada. De tal xeito, que é tan importante saber que *vaso* ten un significado diferente en cada unha das linguas que estamos a comparar como saber usar e saber interpretar expresións tan básicas como *sei lá*.

Esta ausencia que detectamos nos episodios do programa televisivo pode deberse, ben por nós esperarmos iso dunha das persoas que máis sabe sobre este tema (prexuízo noso), ben por non querer ser el insistente naquilo que é a súa principal dedicación e paixón (prexuízo del), ou ben por motivos de guión.

Alén diso, gustaríanos mencionar dúas cuestións que dan fe da importancia que a lingua portuguesa está a ter na sociedade e lingua galegas hogano. A primeira delas é o lugar e a relevancia que a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega lle atribuíron nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* para reforzar a normalización do galego. Así, cando falan, na introdución, das tres esixencias que require unha lingua común asentada na

fala mais que quere ser depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura, din:

3. Valorar a contribución do portugués peninsular e brasileiro, mais excluír solucións que, aínda sendo apropiadas para esa lingua, sexan contrarias á estrutura lingüística do galego. O punto de partida e de chegada en calquera escolla normativa ha de ser sempre o galego. (RAG-ILG, 2004: 12)

Outro aspecto que enaltece a lingua portuguesa en Galicia atangue ao seu reforzo como materia escolar optativa nos centros de ensino. O 11 de marzo do 2014 foi aprobada, no Parlamento galego, por unanimidade, a Lei Valentín Paz-Andrade para aproveitar a lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía e o 19 febreiro do 2015 foi asinado o Memorando de entendemento entre a Xunta de Galicia e a Embaixada lusa en España por parte de Alberto Núñez Feijoo e Aníbal Cavaco Silva para a adoptar o portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular no sistema educativo non universitario. Desde ese momento, o número de alumnos que estudan esta lingua en Galicia duplicouse¹ no intervalo dun curso académico así como tamén o número de docentes que o imparten.

Ademais deste pulo que a Xunta lle deu á lingua de Pessoa, nos centros educativos non universitarios, o portugués é ensinado nas universidades galegas, nas escolas oficiais de idiomas, no Instituto Camões de Vigo e en multitude de asociacións e institucións que organizan cursos e viaxes de estudos a Portugal todos os anos. Este incremento dálle tamén unha proxección internacional ao galego visualmente maior da que tiña e fai necesarias novas ferramentas e materiais didácticos. Esa era a visión e esa utilidade que o profesor Xesús Ferro Ruibal nos quixo transmitir nos dez programas do Ben falado! Dez programas moi útiles para ensinalles portugués aos alumnos galegos. Nós, con esta pequena achega, tamén queremos contribuír ao coñecemento e difusión das dúas linguas.

Por todas estas razóns, elaboramos esta recadádiva que recolle algunhas das expresións que consideramos que poden interesar, da fraseoloxía portuguesa, a aquelas persoas galegofalantes que cruzan a raia e se achegan por primeira vez a Portugal e queiran empregar alí a súa lingua.

¹ O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, daba as cifras de 800 alumnos no curso 2014-2015 e de 1861 no curso 2015-2016, nun encontro de docentes de portugués como lingua estranxeira en outubro do 2015. Aumentou o número de alumnos nun 70%.

1.1 Metodoloxía

Para compilarmos todas estas unidades fraseolóxicas, partimos das nosas experiencias, de aprendiz de portugués e de portuguesa nativa. O ouvido de aprendiz axudounos a detectar todo aquilo que puido codificar como diferente e, polo tanto, interesante para ser recollido e destacado. O coñecemento nativo, para guiarnos no uso e aclarar os significados.

Ademais dos fraseoloxismos que puido escoitar o oído novato no seu contacto coa lingua lusa e das achegas «nativas», tamén incluímos unha serie de refráns, fórmulas e locucións que nos facilitaron dúas persoas tamén falantes de nacemento que formaron parte dun curso de galego da Universidade do Minho en Braga no primeiro semestre do curso 2015-2016, Sérgio Silva e Jéssica Barbosa.

O lugar no que foron recollidas todas as unidades que compoñen este corpus foi a cidade de Braga e os informantes que nos serviron como fonte de extracción pertencen ao distrito de Braga ou a zonas moi próximas. Xa que logo, todos e todas eran do norte de Portugal, dunha zona aparentemente moi próxima a Galicia xeográfica e lingüisticamente falando.

1.2 Estrutura e convencións estilísticas

A distribución que fixemos do que compilamos foi a mesma que se lle dá nas recadádivas da revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. Nun primeiro grupo, clasificamos as locucións en substantivas, adxectivas, verbais e adverbiais, a continuación, as fórmulas e, por último, os refráns.

No interior de cada entrada, rexistramos a cita da expresión en portugués en letra negra, a súa clasificación fraseolóxica de acordo co tipo de unidade fraseolóxica á que pertence dun xeito abreviado e en letra cursiva, as marcas de uso necesarias para coñecer os factores contextuais e de rexistro necesarios para facer delas un emprego óptimo (coloquial, humorístico...), tamén abreviadas e en letras maiúsculas, a definición ou equivalente en galego en letra redonda normal e un exemplo ilustrativo de uso tamén en portugués e tamén en letra itálica. Por veces, nos exemplos, recóllense diálogos e as diferentes intervencións están marcadas con guións.

Debemos alertar tamén sobre o feito de existiren entradas que teñen máis dun significado debido á existencia de polisemia e, cada unha destas acepcións, posúe o seu propio exemplo de uso.

Por último, nas notas a rodapé, incluímos os significados daquelas palabras que consideramos que poden ter un significado pouco transparente para un galegofalante.

2. Unidades fraseolóxicas

2.1 Abreviaturas empregadas

COL.: coloquial

EUF.: eufemismo

fórm.: fórmula

HUM.: humorístico

IRÓN.: irónico

l.adv.: locución adverbial

l.adx.: locución adxectiva

l.s.: locución substantiva

l.v.: locución verbal

LUD.: lúdico

PEX.: pexorativo

ref.: refrán

VULG.: vulgar

2.2 Locucións

2.2.1 Locucións substantivas

1. **água fresca** *l.s.* Auga fría, da neveira. *Pedi ao empregado uma água fresca mas estava quente.*
2. **água natural** *l.s.* Auga do tempo. *Não havia água natural e tive de beber fresca.*
3. **cara de tacho**² *l.s.* PEX. Cara de parvo. *Combinamos encontrarnos e ela ao fim não apareceu. Fiquei com uma cara de tacho!*
4. **caminho de ferro** *l.s.* Vía do tren. *Entre a Galiza e Portugal, as conexões do caminho de ferro são muito deficientes.*
5. **chico**³ **esperto** *l.s.* COL. Persoa que sabe máis do que os outros. *A fila para a cantina estava longa, olho para a frente e vejo um aluno que acaba de chegar e juntar-se a um grupo de amigos. Tem a mania que é chico esperto!*
6. **mais valia** *l.s.* Valor engadido, aspecto positivo. *Ele sabe muito de*

² Tarteira de barro, larga e pouco fonda, xeralmente con asas.

³ Persoa (home ou muller).

linguística, por isso é uma mais valia na aula de português.

7. **molha tolos** l.s. COL. Molla parvos. Chuvia fina e intensa. *Esta chuva é uma chuva molha tolos!*
8. **o para para ver** l.s. COL. Momento posterior a un accidente no que os outros condutores minoran a velocidade ou incluso se deteñen para ver o que aconteceu ao tempo que provocan un atasco.
-Jesús, está um trânsito enorme.
-Ó, olha o que é. É o para para ver. As pessoas freiam para ver o que se passou.
9. **pau de dois bicos** l.s. Arma de dobre fío. Algo que posúe un aspecto que pode ser tanto favorable ou positivo como desfavorable ou negativo. *Usar esa bandeira quando vem o Presidente da Câmara pode ser um pau de dois bicos. Pode gostar muito mas também pode ser totalmente o contrário.*
10. **pedrinha no sapato** l.s. COL. Molestia. *Aquela mulher é uma pedra no meu sapato, não me convém conviver com ela.*
11. **roupa velha** l.s. Comida que sobra dun día para o outro, especialmente no Nadal. *O almoço do primeiro dia do ano faz-se com roupa velha.*
12. **tiro e queda**⁴ l.s. Cousa certa; infalible. *Estava com gripe, tomei um cortigripe e foi tiro e queda! Fiquei bom!*

2.2.2 Locucións adxectivas

1. **vermelho que nem um pimento** l.adx. Moi vermello. *Quanto chegou a sua mãe pôs-se vermelho que nem um pimento.*

⁴ Caída.

⁵ Dito gracioso.

2.2.3 Locucións verbais

1. **acertar em cheio** l.v. Dar no cravo. *Cada afirmação feita por ela correspondia a uma verdade. Acertou em cheio!*
2. **acertar o passo** l.v. EUF. HUM. Bater, zoscar.
-A casa do Pacheco foi assaltada, mas os vizinhos chegaram a tempo, ainda apanharam um dos assaltantes, o último que ia a sair e.... (comentou a Iva com a Lara)
-Deixa-me adivinhar, Iva, ladrão que fica à porta vai corrido à canhota? O senhor Magalhães acertou-lhe o passo... (ria a Lara)
3. **achar piada**⁵ em l.v. Facer graza, atopar chiste en algo. *Achei piada à forma como te dirigiste a mim...*
4. **bater certo** [algo] l.v. Cadrar ou coincidir ben. *Entre nós os dois tudo bate certo.*
5. **cagar de alto em** [alguém] l.v. VULG. Ignorar por completo alguén. *Tu és do pior e cagaste alto em mim mas isso acabou.*
6. **chover a potes** l.v. Chover moito. *Hoje chove a potes!*
7. **chover que Deus a dá** l.v. Chover moito. *Chove que Deus a dá!*
8. **cuspir para o alto** l.v. VULG. Gabarse, esaxerar. *Foste rude, tens a mania de cuspir para o alto!*
9. **dar (so) um instante** l.v. Agardar un momento. *Não se importa de dar só um instante?*
10. **dar a César o que é de César e a Deus o que é de Deus** l.v. Darlle a cadaquén o que lle toca e corresponde

por lei, nin máis nin menos. *E tu dá-me isso a mim quando foste tu quem não fez nada? Dá a César o que é de César e a Deus o que é de Deus.*

11. **dar boleia**⁶ l.v. Levar a alguén no coche gratuitamente e de forma cortés. *Vou a pé ou dá-me boleia?*
12. **dar graxa** l.v. Loar, incluso de forma esaxerada. *Estás sempre a gabar o professor, tens a mania de dar graxa!*
13. **dar o corpo ao manifesto** l.v. Sacrificarse por algunha cousa. *Sempre que é necessário sou eu que dou o corpo ao manifesto!*
14. **dar ouvidos** l.v. escoitar, facer caso. *Deste-lhe ouvidos, agora o problema é teu!*
15. **dar volta a** [alguém] l.v. COL. Facer que cambie de opinión. *Não me tentes dar a volta...*
16. **dar-se a** [alguém] l.v. EUF. Entregarse a alguén, incluso sexualmente. *Deste-te a ele...e mandou-te passear.*
17. **deixar na merda** [alguém] l.v. VULG. Avergoñar a alguén. *Sempre que queres, criticas-me para me deixar na merda.*
18. **deixar** [alguém] **na mão** l.v. Abandonar a alguén. *Deixaste-me na mão no peor momento.*
19. **descer de burro para cavalo ou de cavalo para burro** l.v. COL. Empeorar social ou economicamente. *Trocaste de emprego e acho que foste de burro para cavalo!*
20. **engolir em seco** l.v. 1. Reprimir unha resposta, xeralmente de desagrado.

Tive de engolir em seco para não lhe dizer o que realmente pensava. 2. Ficar confuso por ser collido en flagrante. *O professor apanhou-me a copiar e até engoli em seco.*

21. **estar a cagar-se em** [alguém] l.v. VULG. Ignorar e non se preocupar por unha persoa. *Ela so estaba a cagar-se nele e ele encheu.*
22. **estar a pegar-se**⁷ **com** [alguém] l.v. Estar a intentar implicar, molestar, encabuxar. *Estás sempre a pegar comigo!*
23. **estar bem disposto** l.v. Estar de bo humor. *Hoje acordei bem disposto.*
24. **estar na hora** l.v. Ser xa o momento, chegarlle o tempo a algo. *Está na hora de me ir embora.*
25. **estar na moda** l.v. Estar de moda, de actualidade. *Esta música passa muitas vezes na rádio, está na moda!*
26. **falar mais alto** l.v. Ter máis importancia. *Os interesses económicos falam mais alto.*
27. **fazer asneira/asneirada** l.v. COL. Enganarse. *Trocaste as respostas todas, fizeste asneirada!*
28. **fazer birra**⁸ l.v. COL. Insistir de forma teimosa. *Cada vez que não alcanças o que queres, fazes birra...*
29. **fazer com que** l.v. Conseguir, acadar. *Irritaste-me de tal forma, que fizeste com que perdesse a vontade de sair.*
30. **fazer de tacho** l.v. COL. Molestar, estar de mais, sobrar entre dúas ou máis persoas. *Olha, o que estás a fazer aí com o João e o Miguel? Estás a fazer de tacho?*

⁶ Acto de transportar ou de ser transportado gratuitamente num vehículo.

⁷ Discutir.

⁸ Teima, teimosía.

- 31. fazer de vela** l.v. Estar de mais entre unha parella. *O João e a Maria namoram e foram ao cinema, o Pedro foi atrás a fazer de vela.*
- 32. fazer diferença** l.v. Resaltar, destacar. *Naquele grupo ele faz a diferença por ser o mais atinado.*
- 33. fazer falta** l.v. Necesitar. *Escusas de trazer água, não faz falta porque eles têm garrafas disponíveis.*
- 34. fazer festinhas**⁹ l.v. Acariñar, mimar. *Ele estava sempre a fazer-lhe festinhas, gosta mesmo dela!*
- 35. fazer merda** l.v. VULG. Facer as cousas mal, sen saber, enganándose. *Para de fazer palhaçadas, só fazes merda!*
- 36. fazer parte** l.v. Formar parte. *Fazes parte do grupo.*
- 37. fazer questão** l.v. Considerar importante ou indispensable. *Ele fez questão de estar presente no colóquio.*
- 38. fazer sentido** l.v. Ter lóxica. *Trocaste a ordem das palabras para que a frase fizesse sentido.*
- 39. ficar preto no branco** l.v. Deixar as cousas de forma a desmontar ou a evitar problemas. *Quero que fique tudo claro, preto no branco.*
- 40. ficar sem pio** l.v. Non ser capaz de falar. *Ela respondeu-te corretamente e ficaste sem pio!*
- 41. foder-lhe a cabeça a** [alguém] l.v. VULG. Marearlle a cabeza a alguén. *Pára, estás sempre a foder-me a cabeça!*
- 42. fugir com o rabo à seringa** l.v. COL. Escapar das situacións comprometidas ou que implican responsabilidade que xa fora asumida. *Agora que tens de estar connosco, vais-te embora. Foges com o rabo à seringa.*
- 43. gozar com** [alguém] l.v. Rirse de alguén. *O Tiago não vem porque estás sempre a gozar com ele.*
- 44. ir de mal a pior** l.v. Empeorar. *A situação vai de mal a pior! Onte tinha dois pontos negros na cara; hoje já tem quatro.*
- 45. ir ter com** [alguém] l.v. Encontrarse con alguén, quedar con alguén. *Vou ter com a Maria.*
- 46. ir-se embora**¹⁰ l.v. Marchar. *Atrasaste-te por isso ele foi-se embora.*
- 47. levar na cabeça** l.v. COL. Culpar a alguén dunha cousa. *Tu atrasaste-te com o trabalho e como era do teu grupo levei na cabeça!*
- 48. levar na tromba**¹¹ l.v. COL. Levar no fociño. Recibir unha reprimenda física ou verbal. *Ele insultou a Maria e levou na tromba!*
- 49. levar nas orelhas** l.v. COL. Padecer unha reprimenda. *Esqueci-me de levar o livro para as aulas, logo levei nas orelhas!*
- 50. levar por tabela** l.v. Sufrir as consecuencias de algo que outra persoa fixo. *O culpado disto tudo és tu e eu estou a levar por tabela, por causa dela e por tua causa.*
- 51. mandar [alguém] tres léguas abaixo de Braga/mandar [alguém] abaixo de Braga tres léguas** l.v. EUF. Mandar á merda. *Dise para que alguén se vaia lonxe porque o emisor*

⁹ Xesto ou demostración dun sentimento de tenrura ou de afecto.

¹⁰ En boa hora.

¹¹ Fociño de certos animais. Informalmente, significa «cara» ou «nariz».

non o quere ter cerca nin diante da súa vista. *Olha vai abaixo de Braga três léguas!*

52. mandar com os caes l.v. COL. EUF.

Botar a alguén dun lugar. *O Gonçalo estava a irritar-me por isso mandei-o com os cães!*

53. meter a carroça¹² à frente dos bois

l.v. Facer as cousas na orde inversa do normal, ao revés. *Tens a mania de ser o primeiro a acabar e metes a carroça à frente dos bois.*

54. meter conversa l.v. Tentar falar con alguén que non se coñece. *E metes conversa? Tens uma lata...*

55. meter o pé na argola l.v. Errar, cometer un erro. *Desta vez enganaste-te, meteste o pé na argola!*

56. meter os pés pelas maos l.v. Querer facer algo do que non se é capaz. Reaccionar desaxeitadamente ou con présa; confundirse no raciocinio. *Não sabias bem a matéria e meteste os pés pelas mãos.*

57. não adiantar nada l.v. Non valer de nada, ser inútil. *Insistir no assunto não adianta de nada.*

58. não fazer ideia l.v. Non imaxinar ou crer. *Não fazes ideia do que ainda me falta fazer!*

59. não saber como descalçar a bota l.v. Non saber como librarse de algo ou como voltar a atrás. *Combinaste ir sair com ela, agora não te apetece e não sabes como descalçar a bota.*

60. não sair um pio l.v. Non ser capaz de falar. *Estava tão envergonhada que da boca dela não saiu nem um pio.*

61. não valer um cú l.v. VULG. Non valer nada. *Devas ter pensado nisso há mais tempo; ela é uma gaja que não vale um cú.*

62. não ver a ponta de um chavo l.v. COL. Non ter visibilidade ningunha ou ver moi pouco. *Eu não tinha os meus óculos e não via a ponta de um chavo.*

63. não ter pedal para [algo ou alguén] l.v. COL. EUF. Non ter enerxía ou forza para algo; pódese referir ao desexo sexual. *Ela disse que ele não tem pedal para ela.*

64. passar a perna aos outros l.v. Alcanzar os fins sen reparar nos demais. *Ele julga que leva a melhor passando a perna aos outros. Mas, Deus escreve direito por linhas tortas.*

65. passar tudo ao lado l.v. COL. Ignorar. Estar distraído. *Em que mundo vives? Passa-te sempre tudo ao lado...*

66. passar um dia que nem um lorde l.v. Estar un día sen facer nada e con todas as persoas a servilo. *Ele estava com o pé mau e, como não podia andar, passou um dia que nem um lorde.*

67. perder os três l.v. EUF. Perder a virxidade. *Foi com ele que perdi os três!*

68. pôr de parte a [alguén] l.v. Excluir a alguén como amigo ou contacto. *São tão más pessoas que pusseram a sua mãe de parte.*

69. pôr os patíns a [alguén] l.v. Mandar pasear. Deixar de precisar del alguén e mandalo para lonxe. *Já não a suportava, por isso pus-lhe uns patins...*

70. saltar fora l.v. Deixar de formar parte dunha determinada situación. *Eu não concordo com o que queres fazer, por isso salto fora.*

¹² Carro.

- 71. sentir a falta de** [alguém] l.v. Botar de menos. *A Carolina está sempre a fazer-nos rir, sinto a falta dela.*
- 72. ser bom a** l.v. Ser bo en algo, ter unha boa destreza ou habilidade en algo. *Tu és bom a português, vais fazer o exame com uma perna às costas.*
- 73. ser demais** l.v. COL. Ser divertido, especial. *Estás sempre na brincadeira, és demais!*
- 74. ser do pior** l.v. COL. PEX. Ser malvado e cruel. *Estás sempre a provocar, és do pior!*
- 75. ser jogo na mão de** [alguém] l.v. Ser unha persoa coa que calquera fai o que quere. *Só tu é que sabes quando me queres ver, se me queres ver. Eu não sou jogo na mão de ninguém.*
- 76. ser louco por** [algo ou alguém] l.v. Ter unha paixón moi forte por algo ou por alguén. *Eramos só amigos, mas agora sou louco por ela...*
- 77. ser o alvo**¹³ de l.v. ser o punto de mira de. *Sou sempre o alvo das tuas acusações.*
- 78. ser o pinico do mundo** l.v. COL. Ser un lugar no que chove moito. *Esta cidade é o penico do Mundo, quando chove em outras cidades aqui chove ainda mais.*
- 79. ser pau para toda a colher**¹⁴ l.v. Estar ou servir para todo; ser unha persoa polifacética ou que acepta resignadamente ser usada para traballos moi diversos. *Já agora sirvo para tudo, sou pau para toda a colher!*
- 80. ser pior a emenda que o soneto** l.v. Ser a solución a algo peor ca o problema en cuestión. *Não querias ser apanhado, mas saiu-te pior a emenda do que o soneto e ela viu-te...*
- 81. ser um chato**¹⁵ l.v. Ser aborrecido, pesado. *Estás sempre a dizer a mesma coisa, és um chato!*
- 82. ser um doce** l.v. Ser unha persoa encantadora e adorable. *Ela é impecável, um doce de pessoa...*
- 83. não ser um santinho de pau** l.v. IRÓN. Ser unha persoa destemida e atrevida cando aparenta ser tímida e inocente. *Parece uma inocente mas não é uma santinha de pau!*
- 84. ser uma peça** l.v. IRÓN. PEX. Ser alguén divertido ou con que hai que ter coidado, unha persoa con quen hai que ter tino. *Ele está sempre a fazer-me rir, é uma peça!*
- 85. ter [algo] de parte** l.v. Ter ao favor. *Podemos ficar tranquilos uma vez que temos a toda a turma de parte.*
- 86. ter água na boca** l.v. Facerse auga na boca, agoar. *Estou com fome e tu a falares de cabidela. Já estou com água na boca!*
- 87. ter água no bico** l.v. Ter un significado ou interese oculto por detrás. *Tu estás interessado, essa tua atitude tem água no bico!*
- 88. ter lata**¹⁶ l.v. Ser descarado. *E metes conversa? Tens uma lata...*
- 89. ter piada** l.v. Ter graza. *Ele é divertido, tem piada!*

¹³ Branco, punto de mira, punto ao que se dirixen todas as miradas.

¹⁴ Culler.

¹⁵ Aborrecido, importuno.

¹⁶ Informalmente, significa «cara», «rosto» ou «face».

90. ter saudades l.v. Botar de menos, sentir a falta de algún ser querido. *Passamos bons momentos juntos, tenho saudades...*

91. ter telhados de vidro l.v. Ser vulnerables ou débiles por algún motivo. *Cuidado, olha que tens telhados de vidro!*

92. ter vontade de l.v. Ter ganas ou desexos de. *Tenho vontade de fazer uma coisa diferente.*

93. tirar do sério l.v. COL. Irritar ou pôr nervioso a alguén. *A tua forma de falar tirou-me do sério.*

94. trabalhar que nem um galego l.v. Traballar moi duramente. *Pensei que ia ser fácil, mas trabalhei imenso, que nem um galego.*

95. vir tudo em catapulta l.v. Vir todas as cousas xuntas, á vez. *De um momento para o outro, parece que me surgiu o trabalho todo em catapulta.*

96. virar a página l.v. Pasar páxina. Esquecer algo que se considera unha fase rematada na vida e pasar á seguinte. *Ele é passado, já virei a página!*

97. virar ao contrário a [alguém] l.v. Darlle unha boa malleira a alguén. *Mas aquela vaca tem alguma coisa que falar de mim. Está à espera que eu a vire ao contrário.*

98. virar as costas l.v. COL. Ignorar, desprezar. *Começou a dizer asneiras por isso virei-lhe as costas.*

99. virar o bico ao prego¹⁷ l.v. Tentar dar outro ton á conversa, alterando o sentido dela.

-Quando o criticam vira logo o bico ao prego e muda o sentido da conversa... (comentava a Luisa sobre o Tiago)

-O Tiago, como diz o ditado: quem não gosta, mete na beira do prato, tenta afastar dele tudo aquilo de que não gosta e isso inclui as críticas. (respondeu a Celma)

2.2.4 Locucións adverbiais

1. (para) além de l.adv. Ademais de, amais de. *Para além de tudo, foste arrogante.*

2. à borla¹⁸ l.adv. Sen pagar, gratis. *Deram-me o bilhete, entrei à borla.*

3. à mesma l.adv. Igual, de todos os modos. *Tens um feitio difícil mas gosto de ti à mesma.*

4. à mostra l.adv. Á vista. *-Aquele cantora tinha os peitos à mostra.*
-A sério? Que espetáculo!

5. a pacotes¹⁹ l.adv. En gran cantidade, moito. *Ela disse-lhe que o ama a pacotes.*

6. à rasca²⁰ l.adv. Nunha situación difícil ou que provoca vergoña. *Ele não estava à espera que chegasses, ficou à rasca!*

7. a sério l.adv. En serio²¹. *-Aquele cantora tinha os peitos à mostra.*
-A sério? Que espetáculo!

¹⁷ Carro.

¹⁸ Servizo, entrada ou ben que non se paga.

¹⁹ Paquete.

²⁰ Adxectivo que significa «que é de mal gusto».

²¹ Esta unidade fraseolóxica tamén pode ser unha fórmula: **A sério?** Co significado de «De verdade?»

8. **à vontade** *l.adv.* Facer o que se queira e da forma que queira. *Faz o que quiseses, estás à vontade!*
9. **ainda bem** *l.adv.* Menos mal, afortunadamente. *Conseguiste encontrar o café, ainda bem!*
10. **ao de cima** *l.adv.* Na parte superior; na superfície. Descubrirse. *Eles começaram a falar outra vez e veio tudo ao de cima.*
11. **ao que parece** *l.adv.* Aparentemente. *Ao que parece eles já não estão juntos.*
12. **ao vivo** *l.adv.* En directo. *O jogo, vi-o ao vivo na televisão.*
13. **aos pulos (de felicidade)** *l.adv. COL.* Aos saltos (de felicidade). *Eu hoje estou aos pulos de felicidade pelo Porto ter ganho o jogo ao Benfica.*
14. **às tantas** *l.adv.* Se cadra, ao mellor. *Às tantas, ainda lhe vou ligar.*
15. **com uma perna às costas** *l.adv.* Con moita destreza e facilidade. *Tu és bom a português, vais fazer o exame com uma perna às costas.*
16. **de boca aberta** *l.adv.* Abraiado, impresionado. *Ela estava tão segura a defender o trabalho que fiquei de boca aberta.*
17. **de boleia** *l.adv. COL.* Facendo dedo, facendo autostop. *Vais no teu carro ou vais de boleia?*
18. **de borla** *l.adv. COL.* Sen pagar, gratis. *Deram-me o bilhete de borla.*
19. **de certeza** *l.adv.* Seguramente. *De certeza que vem.*
20. **de graça** *l.adv.* Sen pagar, gratis. *Para entrar neste espectáculo não se pagava, era de graça.*
21. **de início** *l.adv.* Inicialmente, en principio. *De início achei piada, mas depois...*
22. **de mao/s dada/s** *l.adv.* Collidos da man. *Sairam de mão dada.*
23. **de partida** *l.adv.* Inicialmente, en principio. *De partida não custou, mas depois...*
24. **de propósito** *l.adv.* Adrede, á mantenta, intencionadamente. *Deixaste o livro de propósito para voltar lá.*
25. **de rastos** *l.adv. COL.* Sentirse mal por algum motivo. *Andou de rastos toda a semana porque reprovou o teste.*
26. **de trela**²² *l.adv. COL.* De leria, de palique, a falar. *Levou-a de trela, tem uma conversa...*
27. **a preto**²³ **e branco** *l.adv.* En branco e negro. Con imaxes só nesas cores. *O filme era a preto e branco.*
28. **em/por todo o lado** *l.adv.* En/por todos os lados. *Os cartazes estavam em todo o lado.*
29. **frente e verso** *l.adv.* A dobre cara. Imprimir ou fotocopiar unha folla polos dous lados. *Fotocopio so no frente ou frente e verso?*
30. **na mesma** *l.adv.* Igual, do mesmo modo. *Eles já não estão juntos, mas falam-se na mesma.*
31. **nas calmas** *l.adv. COL.* Amodo, devagar, despacio. *Não estamos com pressa, vem nas calmas.*
32. **para já** *l.adv.* De momento, por agora. *-O senhor quer um café? É para já.*
-Sim, por favor.
33. **para lá** *l.adv.* Máis ou menos, arredor de, aproximadamente. *Tem para lá dois anos mais do que eu.*

²² Leria.

²³ Negro.

34. **pois é** *l.adv.* Claro, claro que si. *O teu aniversário é amanhã, pois é!*
35. **por acaso** *l.adv.* Por casualidade. *Por acaso, não tem um lenço que me dê?*
36. **se calhar**²⁴ *l.adv.* Se cadra, ao mellor. *Se calhar é melhor combinar mais tarde, chegas sempre atrasado...*
37. **sem pedal** *l.adv.* COL. EUF. Sen forza ou enerxía para algo; pode ser sen desexo sexual. *Ela queixava-se que ele chegava sem pedal e desconfiava que houvesse outra mulher mas não era verdade porque ele a adorava e respeitava.*
38. **também não** *l.adv.* Tampouco. *Se tu não sabes o caminho, eu também não.*

2.3. Fórmulas

1. **(Muito) Obrigado/a** *fórm.* (Moitas) Grazas. Úsase para agradecer. *Muito obrigada pela sua atención!*
2. **(Tudo) vai correr (muito) bem** *fórm.* Todo vai ir ben. Úsase coa intención de animar e desfacer pensamentos negativos sobre algo. *Fica descansado que tudo vai correr bem.*
3. **A não perder!!** *fórm.* Expresión usada para amosar o interese dunha actividade e apelar a quen se lle di para que vaia. *Hoje é o encerramento da Segunda Semana Cultural Portugal-Galiza com o Roi Casal e os Canto 'D'aquí. É a não perder!*
4. **Ai Jesús, minha mae!** *fórm.* Úsase para expresar sorpresa ou resignación. *O homem atirou-se da ponte! Ai Jesús, minha mãe!*
5. **Até já** *fórm.* Ata logo. *Vou para a sala, até já!*
6. **Bom apetite** *fórm.* Bo proveito. Que aproveite. *Dise para desexarlle a alguén unha boa comida. Vais jantar? Bom apetite!*
7. **Cada cavadela, sua minhoca** *fórm.* Canto máis procuramos, máis cousas encontramos. *Ele era um poço de mistérios, cada cavadela, sua minhoca... ou seja quanto mais procurava mais descobria.*
8. **Cada qual puxa a brasa à sua sardinha** *fórm.* Cada persoa defende os seus propios intereses. *Os candidatos às presidenciais debatem, cada qual puxa a brasa à sua sardinha.*
9. **Cada tiro, cada melro** *fórm.* Puntería certa para conseguir o que se quer. *Ele é tão atinado no que faz que cada tiro, cada melro.*
10. **Cada um come do que gosta** *fórm.* IRÓN. Cada persoa ten os seus propios gustos. *Tú vais ao cinema e eu a ver o jogo de futebol. Assim cada um come do que gosta.*
11. **Caiu algum santo do altar abaixo?** *fórm.* Vai chover! Úsase cando sucede algo pouco ou nada habitual. *Ele chegou a horas... caiu algum santo do altar abaixo?*
12. **Com licença** *fórm.* Con permiso. *Com licença, posso passar?*
13. **Como está a brincadeira?** *fórm.* COL. Expresión que se usa para romper o xeo entre un grupo e introducirse na conversa. *Boa tarde, como está a brincadeira? Quem ganha o jogo?*
14. **De nada** *fórm.* Resposta a **(Muito) Obrigado/a:**
-Obrigada! (agradece o cliente)
-De nada! (responde o funcionário)

²⁴ Cadra.

- 15. Depois diz que o café tem formigas** *fórm.* Díselles a alguén que fai caso omiso do que lle din ou que fai unha cousa sabendo o mal que pode acontecer para que despois non veña a queixarse. *Eu disse-lhe para ter cuidado, depois diz que o café tem formigas...*
- 16. Está bem** *fórm.* Vale. Aproba o que se acaba de dicir.
-*Eu vou-te buscar às 21h.*
-*Está bem!*
- 17. Está tudo louco** *fórm.* COL. Dise cando reina o caos. *Esta fila toda só por causa do lançamento de um novo telefone? Está tudo louco!*
- 18. Estás a perceber?** *fórm.* COL. Úsase para manter a atención do interlocutor e asegurarse que entende o que se acaba de dicir. *O verbo apresenta algumas irregularidades como te expliquei. Estás a perceber?*
- 19. Estás a ver (não estás)?** *fórm.* COL. Daste de conta (verdade)? *Ele parece que fala chinês, estás a ver não estás?*
- 20. Estás a ver a cena?** *fórm.* COL. Daste de conta? Imaxinas o que digo? *O bar estava apinhado de gente, parecia que andávamos no ar. Estás a ver a cena?*
- 21. Estás bom/boa?** *fórm.* COL. Estás ben? Olá, estás boa?
- 22. Eu sei** *fórm.* Confirma que se entende o que se acaba de dicir.
-*Os Galandum Galundaina actuaram ontem na Gulbenkian.*
- *Eu sei.*
- 23. Fia-te na virgem e não corras** *fórm.* Aconsella calma e prudencia a quen se precipita a facer ou a dicir algo.
-*Não estás a estudar o suficiente!*
- Tem calma, o exame vai ser fácil.*
-*Sim, fia-te na virgem e não corras...*
- 24. Fica bem** *fórm.* Adeus, chao, abur. Fórmula de despedida. *Vou-me embora, fica bem!*
- 25. Foda-se pá²⁵!** *fórm.* COL. VULG. Expresa sorpresa. *Já me magoei, foda-se pá!*
- 26. Já percebi** *fórm.* Alerta o interlocutor de que xa se entende o que está a explicar.
-*Tens de tirares as malas ao chegar ao hotel.*
-*Já percebi.*
- 27. Mais uma!** *fórm.* Outra! Úsase para pedir unha canción máis no remate dun concerto ou de calquera actuación musical para que os músicos canten ou toquen unha canción máis. *O concerto termina, o público aplaude e pede: «Mais uma, mais uma!»*
- 28. Morde aqui a ver se eu deixo** *fórm.* IRÓN. Dise coa intención de dar a entender que quen llo di non se deixa convencer.
-*Eu não estou interessado nela...*
-*A sério? Morde aqui a ver se eu deixo.*
- 29. Não acredito!** *fórm.* Non o podo crer! Indica sorpresa. *Não acredito, vieste?*
- 30. Não consegues?** *fórm.* Non es capaz. Desafia a quen se lle di.
-*Jogar ao pião, não consegues?*
- 31. Não é?** *fórm.* COL. Permite manter a atención do interlocutor en alerta preguntándolle dun xeito retórico. *Este filme é top, não é?*
- 32. Não faz mal** *fórm.* COL. Non pasa nada. Intenta sacar importancia a algo que se lle dá demasiada.

²⁵ Abreviatura de *rapaz*.

-Ei, esqueci-me de te trazer o livro!
-Não faz mal.

33. Não há hipótese *fórm.* Non hai possibilidade, non é posible.

-Eles não se entendem, não há hipótese!

34. Não interessa *fórm.* Non importa. Intenta sacar importancia a algo que se lle dá demasiada.

-Este capítulo passamo-lo à frente! Não interessa...

35. Não me é estranho *fórm.* Paréceme coñecido. Maria? O teu nome não me é estranho!

36. Quero lá saber *fórm.* COL. Non me importa. Indica indiferença. Ela não vem? Quero lá saber!

37. Ó Cristo, anda cá baixo ver isto! *fórm.* HUM. Úsase cando sucede algo que se considera difícil de crer.

-Ele não parava de dizer asneiras e fazer-me rir!

-Ó Cristo, anda cá baixo ver isto e põe juízo na cabeça destes dois...

38. Ó pá *fórm.* COL. Si home. Úsase para apelar o interlocutor. Ó pá, anda cá!

39. O seguro morreu de velho *fórm.* HUM. Reposta a quen di estar seguro dunha cousa. Ao mesmo tempo, pode desaprovar unha demora demasiado prolongada.

-Estás seguro?

-Estou.

-Olha que o seguro morreu de velho.

40. Olha olha Frei Tomás bem que prega mas não faz²⁶ *fórm.* IRÓN. Díselles a quen fala e ordena moito mais que non fai nada.

-Temos que ser mais rápidos na produção! (exclamou o patrão)

-Olha, olha Frei Tomás bem que prega

mas não faz (pensava o Luís junto às máquinas)

41. Preso por ter cão e preso por não ter *fórm.* Sempre imos ser criticados, sexa por facer unha cousa, sexa por non facela.

-Agora não posso abrir a boca...

-Sou preso por ter cão e preso por não ter!

42. Que barraca! *fórm.* COL. Úsase para sinalar unha situación complicada non prevista.

-A Joana e o Luís separam-se. (comentou a Rita)

-Ai, sim, e depois? (continuou a Daniela)

-A Joana para se vingar foi ter com o patrão dele e disse-lhe que o Luís o andava a roubar, parece que levou provas e tudo... que barraca! (comentou a Rita)

-Lá está, zangam-se as amigas, zangam-se as cumadres, descobrem-se as verdades.

43. Que cena! *fórm.* COL. Emprégase para dicir que algo é digno de ver debido á súa singularidade. O carro capotou e ardeu, que cena!

44. Que espetáculo! *fórm.* COL. Emprégase para dicir que algo é digno de ver debido á súa singularidade.

-Aquela cantora tinha os peitos à mostra.

-A sério? Que espetáculo!

45. Que seca! *fórm.* COL. Úsase cando algo é aborrecido. Nunca mais acabo este trabalho, que seca!

46. Quem vai ao mar, perde o lugar *fórm.* HUM. LUD. Díselles de forma humorística a quen marchou e perdeu o seu lugar porque foi ocupado por outra persoa mais que aínda o pretende recuperar.

²⁶ Fai.

-Estás sentado no meu lugar.

-Pois, quem vai ao mar, perde o lugar!

47. **Queres mais, vai ao totta**²⁷ *fórm.*
HUM. Díselles a quen non está conforme co que lle tocou.

-Ei, os hamburgueres já acabaram?

-Queres mais, vai ao totta.

48. **Se Deus quiser** *fórm.* Se Deus quere. Úsase como forma de resignación ante a incerteza do futuro.

-Acabas este ano o curso?

-Se Deus quiser, sim.

49. **Se não se importa** *fórm.* Se non é unha molestia. *Passe-me o pão, se não se importa?*

50. **Se te der jeito** *fórm.* Se che coincide; se che cadra ben. *Podemos combinar e sair juntos, se te der jeito!*

51. **Sei lá** *fórm.* COL. Eu que sei, Non teño nin idea.

-A profesora já deu os objetivos para o teste? (pergunta a Maria)

-Sei lá! (responde o João)

52. **Tanto faz** *fórm.* Dá igual; non ten importancia.

-Bebes vinho ou água? (pergunta a Joana)

-Tanto faz! (responde o Frederico)

53. **Tu é/és que sabes/quem sabe** *fórm.*
IRÓN. Ti saberás. Responsabiliza directamente a quen se lle di. *Queres fazer assim? Tu é que sabes...*

54. **(Tu) sabes disso** *fórm.* Sábelo ben. *A Amália foi uma grande fadista, sabes disso.*

55. **Vamos lá ver** *fórm.* Imos ver. *A temperatura da água deve estar boa, vamos lá ver...*

2.4 Refrâns

1. **A cavalo dado não se olha ao dente** *ref.* Non se lle poñen peros nin se lle fan observacións a un regalo.
-O cão perde pelo... - reclamou o Henrique.
-Deram-te um cão de raça e a cavalo dado não se olha ao dente. - responde-lhe a Joana

2. **À falta de pão, até migalhas vão** *ref.*
Cando hai unha necesidade grande, calquera cousa, por insignificante que sexa, é boa.

-A namorada deixou-o e ele voltou para a ex-namorada! Não acredito! (exclama a Catarina)

-À falta de pão, até migalhas vão... (riposta o Francisco)

3. **A mulher e a sardinha querem-se pequenina** *ref.* Aconsella escoller as mulleres e sardiñas pequenas.
-A mulher é baixinha! (exclama o António perante a estatura da mulher do Carlos)
-A mulher e a sardinha querem-se pequenina..ehh! (responde animadamente o Carlos)

4. **Água mole em pedra dura, tanto bate, até que fura** *ref.* Refírese á persistencia e á perseveranza para conseguir os obxectivos.

-Finalmente juntos... (diz a Carolina)

- O Gustavo insistiu... Água mole em pedra dura, tanto bate, até que fura. (ripostou o Duarte)

5. **Águas passadas, não moem moinhos** *ref.* O que aconteceu no pasado xa forma parte del e xa nada ten que ver co futuro.

-O ano passado era director da empresa e este ano no desemprego... (desabafa a Rafaela)

²⁷ Abreviatura do nome do Banco Santander Totta.

-Águas passadas, não moem moinhos!
(exclama o Alberto)

6. **Amigo não empata**²⁸ **amigo** ref. Reprocha o entorpecimento dun amigo a outro, de alguén que fai todo para confundir e despistar o outro e depois simula que o quere axudar. *Olha não apareces para fazer o trabalho? Amigo não empata amigo... eu acabo-o!*

7. **Amigo verdadeiro vale mais que dinheiro** ref. Valora a amizade verdadeira sobre calquera cantidade de diñeiro.
-A Vanessa é um espanto. Com ela, amigo verdadeiro vale mais do que dinheiro.

8. **Amor com amor se paga** ref. Refírese á reciprocidade do amor e do cariño.
-O Bernardo e a Bárbara estão sempre a pegar-se.... (afirma o José)
-Amor com amor se paga... (diz em voz baixa a Madalena)

9. **As aparências, iludem**²⁹ ref. A vestimenta e a aparencia externa tende a ser enganosa con respecto ao carácter e ao nivel socio-cultural da persoa.
-Nunca pensei que a Leonor fosse assim! (exclamou a Ana)
-As aparências iludem...(disse o Rodrigo)

10. **Boda molhada, boda abençoada**³⁰ ref. Dá unha visión optimista e cristiá á choiva que sempre é molesta nun casamento.
-Tinha que chover no dia do meu casamento! (exclama com desagrado a noiva)
-Boda molhada, boda abençoada! (responde-lhe a mãe)

11. **Cá se fazem, cá se pagam** ref. IRÓN. Refírese á asunción de responsabilidade que ten que asumir unha persoa que fixo algo malo.
-O João tanto queria aquele cargo, que passou a perna à Tânia...e agora foi despromovido. (afirma o Afonso)
-Cá se fazem, cá se pagam... (respondeu o Miguel)

12. **Cada cão a seu dono** ref. COL. Cada persoa no seu debido lugar. *Há que ter em atenção que a gerente é a Paula e a sub-gerente, a Rafaela. Cada cão a seu dono....* (afirmava o José durante a reunião)

13. **Cada macaco no seu galho** ref. COL. Critica e satiriza a intromisión na vida das outras persoas para que cada quen coide da súa propia vida e non ande a preocuparse pola dos demais. *Não debes interferir com o trabalho dos outros, cada macaco no seu galho!* (exclamou o João)

14. **Cada tolo/cabeça, sua sentença** ref. COL. Cada persoa ten a súa opinión e as súas propias singularidades. *Tu decidiste ficar mas ele fez greve. Cada cabeça, sua sentença!* (afirmou a Catarina)

15. **Cada um/qual é como cada qual** ref. Remite e destaca á singularidade e exclusividade de cada persoa. *Eu não faria assim, mas cada qual é como cada qual.*

16. **Candeia que vai à frente, alumia duas vezes** ref. Se camiñarmos diante de alguén, temos mellores posibilidades de acadarmos a nosa meta. *Ela tem as melhores notas e...*

²⁸ Confundir, despistar.

²⁹ Eludir, enganar.

³⁰ Bendita, bendicida.

candeia que vai à frente, alumia duas vezes... vou trabalhar com ela! (afirmou a Daniela)

17. Cão que ladra, não morde *ref.* PEX.

Aquela persoa que máis fala, non é a que máis fai.

Ela reclama muito, mas... cão que ladra não morde... no fim fica tudo igual.

18. Casa arrombada, trancas à porta

ref. Remite a cando se intentan prever as cousas despois de que acontezan. *Mudei as fechaduras depois de os ladrões roubarem tudo. Como diz o refrão: Casa arrombada, trancas à porta.*

19. Casa de esquina, ou morte ou ruína *ref.* Refrán supersticioso e crítico coas casas que fan esquina. *Se eu fosse a ti, não comprava aquela casa...*

fica na esquina e como diz o refrão: casa de esquina, ou morte ou ruína... livra!

20. Casa onde não há pão, todos ralham³¹ e nenhum tem razão

ref. Cando falta alimento nun fogar é medio camiño andado para haber problemas familiares.

-Desde que a Sónia está sem emprego, estão sempre a discutir... (comentava a Vera)

-Casa onde não há pão, todos ralham e nenhum tem razão... não há dinheiro, não há paz. (ripostou a Bianca)

21. Com a mulher e o dinheiro, não contes companheiro *ref.* Alerta sobre a fugacidade do diñeiro e do amor ou amizade das mulleres.

-A minha melhor amiga é a Dora. (disse o Gonçalo)

- Uma mulher?? (indaga o António)
Com a mulher e o dinheiro, não contes companheiro.

22. Com coisas sérias, não se brinca

ref. Remite á seriedade coa que se teñen que tratar cousas ou cuestións serias. *Joana, paga as prestações do empréstimo direitinho. Com coisas sérias, não se brinca! (comentou o Daniel)*

23. Com papas e bolos, se enganam os tolos *ref.* COL. Remite á facilidade coa que se pode enganar ás persoas subornándoas con bens materiais.

Mais umas palavrinhas e levo-o direitinho. Com papas e bolos, se enganam os tolos. (diz o Cristiano)

24. Comer e o coçar, tudo vai de o começar *ref.* Xoga, de forma humorística, con dúas accións nas que di que custa comezar mais que despois son difíciles de parar de facer.

Está a custar começar... mas comer e o coçar, tudo vai de o começar... mãos ao trabalho.

25. De Espanha, nem bons ventos nem bons casamentos *ref.* Refírese, por unha banda, aos ventos que entran polo leste en Portugal procedentes de España que, no inverno, son normalmente desagradables e, por outra, a unha serie de casamentos malogrados entre as coroas de España e Portugal que acabaron por provocar a desconfianza de Portugal.

Vais casar com o Núñez? Ai, amiga, de Espanha, nem bons ventos nem bons casamentos! (dizia a Carla à Joana)

26. De poeta e louco, todos temos um pouco *ref.* COL. Ninguén é perfecto e todas as persoas teñen a súa parte responsable mais tamén irresponsable, de bondade mais tamén de maldade,

³¹ Falar en voz alta, gritar.

etc. *Vais mesmo até à Sibéria! Bom, de poeta e louco, todos temos um pouco! (dizia a sorrir a Gabriela)*

27. Depois da tempestade, vem a bonança *ref.* Advirte e consola lembrando que, depois dun período malo (sexa pola razón que for) sempre vai seguido dun bo coa intención tamén de animar a superalo. *Passaste um mau bocado, mas confia que depois da tempestade, vem a bonança. (acalmou-a a Daniela)*

28. Depressa e bem, há pouco quem *ref.* Convida a facer as cousas devagar e ben, dado que, normalmente, é a forma máis eficiente. *Sempre a preparar tudo a correr! Olha que depressa e bem há pouco quem! (exclamou a Beatriz ao ver a forma como ele acabava o trabalho)*

29. Deus escreve direito por linhas tortas *ref.* Úsase cando unha persoa é persistente, humilde e, a pesar de certos contratempos na vida, consegue os seus obxectivos. *Ele julga que leva a melhor passando a perna aos outros. Mas, Deus escreve direito por linhas tortas.*

30. Dinheiro emprestado, anda mal parado *ref.* Desaconsella prestar diñeiro porque non se sabe onde pode acabar nin se se vai recuperar. *Vais-lhe emprestar dinheiro? Dinheiro emprestado, anda mal parado! Nunca mais o vês.*

31. Dos fracos, não reza a história *ref.* Anima a ser valente na vida para triunfar e acadar os propósitos. *Deves ser forte e andar com a vida para a frente, é que dos fracos, não reza a história. (disse-lhe a Maria)*

32. É de pequenino, que se torce o pepino *ref.* A educación vén dende a base, dende a infancia.

-O João é um anjo de um menino e com uma educação esmerada. (comentou a tia Alberta)

-É de pequenino, que se torce o pepino. (respondeu a Mariana)

33. Em Carnaval, ninguém toma a mal *ref.* O clima de festa desenfadada, broma e alegría do Entroido fai que o público tolere case calquera tipo de falcatuada. *Hoje vou disfarçada de banana (disse a Catarina) em Carnaval, ninguém toma a mal.*

34. Em tempo de guerra, não se limpam as armas *ref.* O período bélico ou de conflito é o menos aconsellable para limpar as armas dado que o inimigo pode collernos desprevido coa arma desmontada ou descargada e matarnos.

-As coisas estão mais calmas, por isso vou tentar chegar a um acordo. (afirmou o Ricardo)

-Ricardo, em tempo de guerra, não se limpam as armas. (avisou a Inês, como quem diz se fosse ela não confiava)

35. Em terra de cegos, quem tem o olho é rei *ref.* Alí onde unha persoa é intelixente, é a que domina e dirixe os demais. *Deixa-me aproveitar o que sei de arquitetura... eles não percebem nada e em terra de cegos, quem tem olho é rei! (aformava o Luís)*

36. Entre marido e mulher não metas a colher *ref.* Aconsella non entremeterse entre membros dunha familia e moito menos se son marido e muller. *-Gostava de os ajudar a entenderem-se... (afirmou a Helena)*

-Helena, entre marido e mulher não metas a colher! (avisou a Diana)

37. Filho de peixe, sabe nadar *ref.* Pon de manifesto as habilidades que se adquiren e transmiten de pais a fillos,

nomeadamente as boas. Destrezas que se lle supoñen e atribúen só por ser fillo de quen é.

-O André André é um excelente jogador de futebol! (exclamava o Diogo)

-Já te esqueceste que o pai dele também o era e como diz o refrão: filho de peixe sabe nadar!

38. Gaivotas em terra, tempestade

no mar ref. As gaivotas son aves augurais no momento en que voan terra a dentro presaxiando temporais.

-Quero comer sossegada mas as gaivotas a voarem por cima de nós... (comentou a Lara)

-Amiga, gaivotas em terra, tempestade no mar. Na Foz aquilo deve estar agitado (retorquiu a Dalila)

39. Grão a grão, enche a galinha o

papo ref. Pouco a pouco, con paciencia, traballo e constancia, podemos conseguir bens e riquezas en gran cantidade.

-Hoje fui trabalhar para o bar. Recebi 3 euros de gorjeta! (exclamou o Tiago)

-Ui, tantooo... (troçava a Ana)

-Grão a grão enche a galinha o papo, no final do mês tenho o dinheiro para aquele jogo que quero... (respondeu o Tiago)

40. Há mais marés que marinheiros

ref. Transmite a idea da existencia de varias e novas oportunidades que poderán xurdir na vida para compensar un mal ou unha situación menos desexada que poidan estar eventualmente a acontecer nun momento dado.

-A Maria deixou-te? (perguntava o Bernardo ao Júlio)

-Sim. (respondeu o Júlio)

-Deixa lá, amigo, há mais marés que marinheiros. (retorquiu o Bernardo)

41. Há males que vêm por bem

ref. Hai veces que as cousas boas comportan danos ou perdas.

-Deixaste o teu antigo emprego? (perguntou a Filipa à Ana)

-Sim. (respondeu a Ana)

-Deixa lá, amiga, há males que vêm por bem. (ripostou a Filipa)

42. Hás-de querer e não ter

ref. Díselles a quen protesta por algo que considera en cantidade insuficiente ou que o despreza con certa soberbia. Deixaste a Ana na mão hoje, Joca (dizíalle a Anabela) um dia hás-de querer e não ter!

43. Homem velho, mulher nova, filhos

até a cova ref. Destaca a posible fertilidade e alto índice de procreación dun matrimonio composto por un home maior cá muller.

-O António, que tem 50 anos, casou com a Bela de 30... já têm cinco filhos em 6 anos. (comentou a Daniela)

- Daniela, nunca ouviste dizer que homem velho, mulher nova, filhos até à cova? (troçava a Margarida)

44. Ladrão que fica à porta vai corrido à canhota³²

ref. A persoa que é complot dun crime, é corrida a paus.

-A casa do Pacheco foi assaltada, mas os vizinhos chegaram a tempo, ainda apanharam um dos assaltantes, o último que ia a sair e.... (comentou a Iva com a Lara)

-Deixa-me adivinhar, Iva, ladrão que fica à porta vai corrido à canhota? O senhor Magalhães acertou-lhe o passo... (ria a Lara)

³² Pau.

- 45. Ladrão que rouba a ladrão tem cem anos de perdão** *ref.* Premia, defende e xustifica a quen rouba a quen xa antes roubou.
 -O André roubou o cadeado da bicicleta ao Pedro (comentava o João) e o Pedro quando lho apanhou na bicicleta voltou a tirar-lho.
 -Então, ladrão que rouba a ladrão tem cem anos de perdão! (respondeu o Bernardo)
- 46. Mais vale um bom mandador do que um mau trabalhador** *ref.* Destaca a importancia de ter unha persoa que guíe e orde ben nunha empresa para que esta funcione correctamente.
 -O André passou a gerente. (comentou a Anabela)
 -Ana, mais vale um bom mandador do que uma mau trabalhador, ele como vendedor era uma nulidade! (respondeu o Xavier)
- 47. Mais vale um pássaro na mão do que dois a voar** *ref.* Aconsella que ficar coas cousas que son seguras do que aceptar promesas.
 -João, não tem jeito nenhum namorares com a Leonor e a Lara ao mesmo tempo. (comentou a Larissa)
 -De facto, João, mais vale um pássaro na mão do que dois a voar, se descobrem ficas sem nenhuma. (recomendou a Inês)
- 48. Mudam-se os tempos, mudam-se as vontades** *ref.* A medida que o tempo pasa, as xeracións van mudando, causando así unha mudanza de comportamento, tanto nos gustos coma nas vontades.
 -Dantes jogavamos à bola na rua, agora estes miúdos só querem computadores. (comentava o Diogo)
- Pois, mudam-se os tempos, mudam-se as vontades. (ripostou o avô rindo)
- 49. Muito come o tolo, mas mais tolo é quem lho dá** *ref.* Recrimina a quen sustenta unha persoa viciada.
 -Não percebo o António, só joga poker e está desempregado, pobre da mulher! (dizia a Antónia enquanto observava o jogo)
 -Muito come o tolo, mas mais tolo é quem lho dá e, neste caso, é a mulher dele que lhe continua a dar dinheiro para jogar. (respondeu a Isabel)
- 50. Muito riso, pouco juízo/siso** *ref.* PEX. Manifesta a falta de xuízo nas persoas que rin moito.
 -Ele é um rapaz extremamente sorridente! (dizia a Sofia ao observar o Diogo)
 -Muito riso, pouco siso... nunca ouviste dizer, Sofia? (questionou a Marta)
- 51. Mulher sardenta³³, muito rabugenta** *ref.* PEX. Critica o carácter impertinente e malhumorado das mulleres que teñen pencas.
 -A Diana é mesmo engraçada, com aquelas sardas todas! (comentava o Tiago ao olhar para a Diana)
 -Humpf! Mulher sardenta, muito rabugenta... eu cá não a queria como namorada. (criticou o Álvaro)
- 52. Na escola onde andaste, eu já fui professor** *ref.* IRÓN. Utilízase para marcar a superioridade intelectual e experiente de quen o di para desacreditar ou incluso ridiculizar a quen se lle di.
 -Devias seguir outra estratégia para chegares onde queres, Miguel. (comentava o Anibal)

³³ Con pencas.

-Meu amigo, Anibal, na escola onde andaste, eu já fui professor. (ripostou o Miguel)

53. Não cobiças a mulher dos outros

ref. Aconsella non ser envexoso nin cobizoso coa muller doutro home.

-A Ana é uma mulher muito bonita, o Gustavo é um homem de sorte! (comentou o João)

-João, ela é casada com o Gustavo, não cobices a mulher dos outros. (respondeu o Joaquim)

54. Não há amor como o primeiro

ref. Destaca a fonda pegada que o primeiro amor deixa nas persoas.

-Ela foi a minha primeira namorada. (comentava o André ao olhar para a Sara)

-Ai, ai, não há amor como o primeiro! (disse o Diogo sorrindo)

55. Não há fome que não dê em fartura

ref. Refírese ao sacrificio que hai que pasar para acadar os obxectivos e metas na vida, nos estudos, no traballo, etc.

-Tanto batalhei para um lugar e agora tenho dez ofertas... (desabafava a Joana)

-Hum,hum, não há fome que não dê em fartura, minha querida! (comentou a avó)

56. Não há luar como o de janeiro nem amor como o primeiro

ref. Destaca a fonda pegada que o primeiro amor deixa nas persoas comparándoo coa beleza da luz da lúa de xaneiro.

-A Inês vai ser sempre a Inês para mim. (desabafou o Gonçalo)

-Pois, pois, não há luar como o de janeiro nem amor como o primeiro... (comentou o Miguel enquanto o amigo suspirava)

57. Não metas o nariz onde não és chamado

ref. COL. Aconsella non acudir nin andar a fedellar onde non se pinta nada.

-O Gonçalo anda desanimado no traballo... gostava de o poder ajudar. (comentou o Bernardo)

-Não metas o nariz onde não és chamado, Bernardo, não te diz respeito. (aconselhou o pai)

58. Não te metas no que não te diz respeito

ref. Recomenda non preocuparse nin implicarse naquelas cousas que non nos gustan ou non confiamos nelas.

-O departamento financeiro não está a funcionar bem. (comentava a Diana)

-Ó Diana, mas tu não trabalhas nos Recursos Humanos? (questionou a Inês)
Não te metas no que não te diz respeito. (continuou)

59. No Carnaval, nada parece mal

ref. O clima de festa desenfadada, broma e alegría do Entroido fai que o público tolere case calquera tipo de falcatruada.

-No Carnaval um homem pode-se vestir de mulher, afinal no Carnaval, nada parece mal.

60. O do vizinho, é sempre melhor pão

ref. A envexa fai que as persoas valoren máis o dos demais ca o que se ten na casa, aínda que o de fóra sexa peor.

-Não percebo este meu filho, em casa não come nada, vai para a vizinha e esvaziava o armário ao lanche... (queixava-se a Dolores)

-Dolores, o do vizinho, é sempre melhor pão. (respondeu a Anita)

61. O homem é fogo, a mulher estopa e o diabo assopra

ref. Xeito humorístico de tratar e explicar a atracción sexual e amorosa entre homes e mulleres como algo que ten que ver co inferno e coa rápida propagación e expansión do lume en algo tan inflamable como a estopa.

- A Marisa e o Félix logo se juntaram.
- Ó Daniela, o homem é fogo, a mulher estopa e o diabo assopra.

62. O pior cego, é aquele que não quer ver *ref.* IRÓN. Diselle a unha persoa teimosa que non quere entender algo totalmente evidente.

-O João e a Ana están completamente apaixonados um pelo outro, o António é que não percebe. (comentava a Diana)
-Não percebe ou não quer perceber? O pior cego é aquele que não quer ver. (respondeu a Anabela)

63. O que é doce, nunca amargou *ref.* Sinala que, sen importar o pequeno que poida ser, todo o que nos produce alegría, dita ou felicidade é benvido.
-Mesmo que esteja com ele pouco tempo, o que é doce nunca amargou... (comentava a Lara)

64. Olha para o que eu digo, não olhes para o que eu faço *ref.* Desaconsella imitar os malos hábitos, comportamentos ou accións.
-Pai, passaste por um semáforo que estava vermelho! (exclamou a Anita)
-Anita, olha para o que eu digo, não olhes para o que eu faço. Tu nunca faças isso.

65. Onde há fumo, há fogo *ref.* Se hai evidencia inequívoca de que algo vai suceder, é moi probable que acabe por acontecer.
-O ambiente lá na empresa anda tenso... (desabafou a Ana à mesa)
-Onde há fumo há fogo, Ana! Como vão as vendas? Mal... (comentou o João enquanto a ouvia)

66. Orelhas/Vozes de burro não chegam aos ceus *ref.* COL. Critica a quen ten as orelhas grandes ou fala sen modais vaticinando un futuro pouco ou nada próspero.

-O Pedro disse que eu havia de perder tudo. (comentou o Jaime)
-Nunca ouviste dizer que orelhas de burro não chegam aos ceus? Deixa-o falar... (respondeu o Rafael)

67. Os amigos são para as ocasiões *ref.* Dá unha visión de conveniencia total da amizade e da relación entre amigos.

-Diana, obrigada por tomares conta da minha filha este sábado! (esclamou a Sara)
-Sara, os amigos são para as ocasiões! (respondeu a Diana)

68. Quem ama, cuida *ref.* Presupón e agarda que toda persoa que ama tamén ten que coidar da persoa namorada.

-O Jaime preocupa-se muito com a Carolina, é um querido! (comentou a Manuela)
-Manu, quem ama cuida, nunca ouviste dizer? (perguntou a Carla)

69. Quem anda à chuva, molha-se *ref.* Sucédennlle as cousas a quen se expón a elas.

-O Diogo perdeu o emprego. (comentou a Juliana)
-Pudera, chegava todos os dias atrasado. Quem anda à chuva, molha-se, Bruna! (respondeu a Juliana)

70. Quem te avisa, teu amigo é *ref.* Xustifica a descortesía de ter que dicir algo que pode ser molesto ou ingrato mais que é polo ben da persoa a quen se lle di poñendo en valor e en xogo a súa amizade.

-Devias descansar mais, um dia destes entras num esgotamento. (disse a Ana ao ver a cara do José)
-Nah! (respondeu o José)
-Zé, quem te avisa, teu amigo é! (ripostou a Ana)

- 71. Quem casa, quer casa** *ref.* Fala da conveniencia de ter unha casa nova no momento de casar e ir vivir en parella.
-O Alfredo e a Ana estão a viver em casa dos pais dele e passam a vida pegados. (comentava a Júlia depois de desligar a chamada)
-Nunca ouviste dizer que quem casa, quer casa? Eles que aluguem um apartamento, acabam-se os problemas. (respondeu a Célia)
- 72. Quem com ferros mata, com ferros morre** *ref.* Aplica a lóxica na que as persoas acaban recibindo o maltrato que dan.
-Tenho pena da forma como o João trata o pai. (desabafava a Maria ao sair da casa do João)
-(A Maria que também estava com ele responde) Quem com ferros mata, com ferros morre, Maria. Quando o João tiver filhos vão tratá-lo da mesma maneira.
- 73. Quem conta um conto, aumenta um ponto** *ref.* As persoas cando contan algún sucedido sempre o interpretan á súa maneira e acaban por adaptar parte do contido engadindo ou subtraendo parte da información.
-Já não percebo nada, o Tó disse-me que a Joana e o Miguel se zangaram por causa da irmã dele, a Mariana. Agora vem a Marisa e diz-me que o Miguel tinha outra.... (comentou a Leonor)
-Fala com a Joana, Leonor, cá para mim a Marisa inventou, para além disso o velho ditado diz: quem conta um conto acrescenta um ponto e a Marisa pode estar a mentir. (respondeu a Soraia)
- 74. Quem dá ao tolo, mais tolo é quem lho dá** *ref.* COL. Recrimina a quen sustenta unha persoa viciada.
-O Diogo gasta o dinheiro todo com o vinho! (reclamava a mãe)
- Marta, quem dá ao tolo, mais tolo é quem lho dá. A culpa é da tua nora, que lhe dá dinheiro. (respondeu o senhor António)
- 75. Quem deixa o certo, ou é tolo ou não é esperto** *ref.* COL. Alerta de non cambiar algo que é seguro por promesas ou ilusións.
-Ele disse que deixava tudo por ela e no fim ela ficou só, porque se separou e ele continuou com a Beatriz. (comentava a Daniela)
-Quem deixa o certo, ou é tolo ou não é esperto. (respondeu o Luis)
-Sim, mas ela deixou uma família... (ripostou a Daniela)
- 76. Quem diz o que não deve, ouve o que não quer** *ref.* COL. As persoas que din algo que debería de gardar, por gardar un segredo, por sinceridade ou simplemente por ira ou rabia, acaba escoitando tamén unha mala resposta.
-A Joana e o Tiago desentenderam-se... ela disse que achava o Rodrigo engraçado, (comentava a Ana) e ele chamou-a de oferecida!
-Quem diz o que não deve, ouve o que não quer... mais a mais, as coisas já não andavam bem entre eles. (respondeu a Beatriz)
- 77. Quem escorrega, também cai** *ref.* Recorda que lle acontecen as cousas a quen ten relación con elas.
-O João desceu a Inglês e muito... (comentava o Diniz)
-Ai, ai, quem escorrega também cai. Assumiui que era bom e decidiui não estudar... acontece! (respondeu a Anabela)
- 78. Quem espera por sapatos de defunto, anda sempre descalço** *ref.* Aconsella non esperar a que veñan días mellores de forma pasiva senón

que debemos reaccionar e intentar loitar por aquilo que queremos e desexamos.

-O José foi demasiado lento com o projeto e perdeu o concurso na Câmara. (disse o Roberto)

-Pois, quem espera por sapatos de defunto, anda sempre descalço. Se ambicionava tanto ganhá-lo, devia ter-se esforçado mais! (respondeu o Ricardo)

79. Quem espera, sempre alcança ref.

Consola a quen desespera por ter que agardar e valora ter paciencia para conseguir os obxectivos.

-Estou sempre a chumbar a esta cadeira! (exclamou desanimada a Mariana)

-Estuda, Mariana, e lembra-te: quem espera sempre alcança. (consolou-a a Rita)

80. Quem feio ama, bonito lhe parece

ref. Remite á cegueira que provoca o amor e a continua loanza que se fai da persoa namorada.

-Não sei o que é que ela vê em mim... (desabafou o Manel)

-Manel, costuma-se dizer que quem feio ama, bonito lhe parece...! (respondeu a Rita, sorrindo)

81. Quem manda ou faz, servido serás

ref. Para ser ben servido, ten que servirse a persoa a si mesma.

-Esta meia de leite está uma porcaria! (reclamava a Dulce)

-Porque não te foste servir à mesa, tu mesma? (perguntou o Daniel) quem manda ou faz, servido serás, servisses-te a ti própria!

82. Quem muito fala, pouco acerta

ref. IRÓN. Censura e desacredita as persoas que falan moito.

- (À porta da oral de inglês, a Marta comenta com a Beatriz) A Joana está lá dentro há mais de meia hora!

-Ou lhe está a correr muito bem, ou quem muito fala, pouco acerta e a professora está a ver se aproveita alguma coisa...

(respondeu a Beatriz)

83. Quem muito quer saber, nada se lhe diz ref.

Usado para se defender daquelas persoas que queren saber máis da conta.

-A Joana está sempre a fazer-me perguntas sobre a vida do meu irmão. (comentava a Daniela)

-Olha, Daniela, quem muito quer saber, nada se lhe diz e tu devias estar calada (ripostou a Adriana).

84. Quem não gosta, mete na beira do prato ref.

Describe o instinto das persoas, apartar da súa vida todo aquilo que non lles gusta.

-Quando o criticam vira logo o bico ao prego e muda o sentido da conversa... (comentava a Luisa sobre o Tiago)

-O Tiago, como diz o ditado: quem não gosta, mete na beira do prato, tenta afastar dele tudo aquilo de que não gosta e isso inclui as críticas. (respondeu a Celma)

85. Quem não tem dinheiro, não tem vícios ref.

Alerta sobre a necesidade de ter diñeiro para pagar todo aquilo que a persoa desexa.

-A Joana está desempregada e está todos os dias na esplanada do café, a mãe está sempre a dar-lhe dinheiro. (comentou a Diana)

-Diana, quem não tem dinheiro não tem vícios, a Joana não tem trabalho e a mãe dela é que está a errar. (respondeu a Tatiana)

86. Quem não tem cão/gato, caça com gato/rato ref.

Quen non ten diñeiro ou recursos para pagar máis luxo, fai as cousas dunha forma máis económica, humilde e sinxela que pode.

-Ontem não tinha farinha maizena para fazer o leite creme, por isso usei farinha normal. Como se costuma dizer: quem não tem cão, caça com gato! (disse a Julieta)

87. Quem nasceu para burro, nunca chega a cavalo *ref.* COL. Refrán pro-

fundamente determinista que encadra as persoas nun determinado grupo sociocultural e négalles a posibilidade de ascenso ou mellora.

-Tenho pena do André, há três anos que que se esforça para subir de cargo. (comentou a Diana)

-Quem nasceu para burro, nunca chega a cavalo, nunca ouviste dizer, Diana? Ele não tem inteligência para mais. (respondeu-lhe a mãe)

88. Quem parte e reparte e não fica com a melhor parte ou é tolo ou não tem arte *ref.* LUD. Mófase e

critica a quen non escolle para si mesmo a mellor parte do reparto que está a facer ou xustifica a quen a colle.

-No outro dia, o Paulo, fez anos. Levou bolo para a escola e o André é que partiu o bolo (comentava a Carolina) e não é que parte grande fatia para ele??

-Ó Carlina, filha, quem parte e reparte e não fica com a melhor parte, ou é tolo ou não tem arte. (respondeu-lhe a mãe)

89. Quem pede emprestado, paga dobrado *ref.* Desaconsella pedir as

cousas prestadas porque, de romperen, é necesario repoñelas por unhas novas. Polo tanto, gástase do diñeiro en mercar algo novo e só fica coa peza rota. Tamén se pode referir ao diñeiro que se pide como empréstimo a un banco ou a outra persoa aos que lles hai que pagar xuros.

-Como não tinha dinheiro que chegasse para pagar o apartamento pedi um

empréstimo ao banco. (comentou a Rita)

-E então? (perguntou a mãe)

-O pior é que já fiz as contas e vou acabar por pagar o dobro do valor. (responde a Rita)

-Ó filha, quem pede emprestado, paga dobrado. (disse a mãe)

90. Quem pode manda, quem não pode faz *ref.* Quen ten o poder, sexa

por idade, diñeiro ou xerarquía, manda facer as cousas sen necesidade de facelas el/ela mentres que quen non posúe esa autoridade e non ten a posibilidade de ordenar a ninguén ten que facelas por si mesmo.

-O diretor da empresa põe todos a trabalhar por ele. (desabafava o Manuel)

-E então, é patrão... (respondeu-lhe a Marta)

-Sim, eu só sou encarregado de secção, por isso as minhas tarefas cumprom-as eu. Ai, quem pode manda, quem não pode faz.... (dizia o Manuel no meio de um grande suspiro)

91. Quem quer, vai; quem não quer, manda *ref.* Apela á responsabilidade

de quen está interesado no resultado dun traballo por ser a persoa á que máis lle preocupa o asunto.

-Sinto-me debaixo de uma pressão imensa para que tudo corra como espero. (desabafa o Júlio)

-Imagino! (responde a Margarida)

-Sabes, Margarida, quem quer, vai; quem não quer, manda. Mas para estar tudo perfeito inteiro-me de cada pormenor. (continuou o Júlio)

92. Quem semeia ventos, colhe tempestades *ref.* Aplica a lóxica na que

as malas persoas acaban recibindo o maltrato que dan.

-O João andou com os disse que disse e armou confusão. (comentou a Mariana)

-Nunca ouviste dizer que quem semeia ventos, colhe tempestades? (respondeu-lhe o Nicolau)

93. Quem te avisa, teu amigo é ref.

Valora o consello honesto e sincero dos amigos aínda que, nun primeiro momento, nos poida facer moito dano.

-Não me apetece fazer isto hoje, fica para amanhã. (comentou o André)

-Faz as tuas tarefas, quem te avisa teu amigo é! (respondeu o Joaquim)

94. Quem tem amigos, não morre na cadeia ref.

Por unha banda, valora a axuda das amizades mais, por outro lado, censura o favoritismo e a corrupción.

-Descobriu-se que o presidente do clube desviou muito dinheiro da associação desportiva. (comentou o Nuno)

-Pois, mas como quem tem amigos não morre na cadeia, não lhe vai acontecer nada! (exclamou o Serafim)

95. Quem tem fama, deita-se na cama ref.

Pon en valor a boa reputación das persoas e do felices que poden chegar a ser sendo amables e educadas.

-A Mariana sempre foi impecável para os professores e eles fazem tudo por ela. (comentava a Diana com um pouco de inveja pela sua colega)

-Diana, nunca ouviste dizer que quem tem fama se deita na cama? (respondeu a Clara)

96. Quem vai à festa, ao outro dia não presta ref.

COL. O cansazo pasa factura a quen anda de festa ou non descansa o necesario.

-Ai, hoje não me aguento nas pernas de tanto ter dançado ontem. (queixava-se o Nicolau)

-Nicolau, nunca ouviste dizer que quem vai à festa, ao outro dia não presta? (perguntou-lhe a Marta em tom de ironia)

97. Quem vai á guerra, dá e leva ref.

Estar exposto a todo o que poida vir, sexa bo ou malo.

-O meu cão ontem fugiu e foi atrás de outros cães; apareceu todo magoado. (comentava o Luís)

-Pois, quem vai à guerra dá e leva! (ripostou a Marta)

98. Santos da casa não fazem milagres ref.

Demostra que, por vezes, ter os amigos e/ou familiares nin sempre resolve problemas que xurдан, nin tan sequera cando pedimos axuda e auxilio.

-O meu filho está com uma otite, o meu pai é médico, mas como santos da casa não fazem milagres, vou levá-lo a um otorrino. (disse a Joana)

99. Se boa cama fizeres, bem nela te deitas ref.

Aconsella asentar unhas bases sólidas na vida para construír un futuro firme e próspero.

-Vou estudar e aplicar-me no curso. Ter uma boa média é esencial (comentava a Juliana)

-Fazes bem, minha querida Juliana, Se boa cama fizeres, bem nela te deitas e o teu futuro será promissor. (dizia-lhe o avô)

100. Se tens telhas de vidro, não atires

pedras ao telhado do vizinho

ref. Alerta da vulnerabilidade e fragilidade que poden chegar a ser todas as persoas, especialmente as que amosan valentía e prepotencia.

-Eu tenha cábulas comigo para o teste, mas não as estou a usar. (sussurrava a Joana baixinho) a Matilde está a copiar tudo! Vou dizer à professora. (continuou)

-Matilde, se tens telhados de vidro, não atires pedras ao telhado do vizinho. (respondeu o Rodrigo)

101. Sol e chuva, casamento da viúva

ref. HUM. Dise cando está a chover e, ao mesmo tempo, brilla o sol.

-Este tempo está mesmo esquisito, ora chove, ora faz sol. (comentava o Mónica)

-Sol e chuva, minha querida Mónica, casamento da viúva! (respondeu-lhe a avó)

102. Todos os caminhos vão dar a

Roma *ref.* Remite á confluencia e converxencia dos diferentes camiños, reais ou metafóricos.

-Não levo GPS comigo e se tiver dúvidas sobre o caminho pergunto. (comentava o Juliana)

-De qualquer forma, fica descansada Juliana, porque todos os caminhos vão dar a Roma. (respondeu a Marta)

103. Tostão³⁴ a tostão, se faz um

milhão *ref.* Pouco a pouco, con paciencia, traballo e constancia, podemos conseguir bens e riquezas en gran cantidade.

-Esta vida não é fácil, há que trabalhar e ser persistente! Só assim se consegue uma vida estável. (dizia o Tomás)

-De facto, Tomás, tostão a tostão, se faz um milhão! (respondeu o velho Tobias)

104. Tristezas não pagam dívidas³⁵ ref.

Non vale a pena pórse tristes porque iso non adianta nin paga nada.

-O João deixou-me, ando desanimada e não me apetece fazer nada. (lastimava-se a Laura)

-Ó rapariga, levanta a cabeça porque tristezas não pagam dívidas! (dizia-lhe a mãe)

105. Um burro carregado livros, não é doutor *ref.* Critica a quen aparenta

ser intelixente mais a sabedoría, a educación e o coñecemento non se conseguen só con ter libros senón que hai que estudar, investigar, discutir, aprender, etc.

-O Manuel anda sempre cheio de livros para estudar. (comentou a Rita)

-Sim, em contrapartida se alguém lhe faz um favor, nem agradecer sabe. (responde a Maria)

-Um burro carregado de livros, não é doutor! Não é, Maria? (retorquiu a Rita)

106. Uma mão, lava a outra *ref.*

Axudarse mutuamente.

-O Pedro tinha dificuldades em geografia e o Manuel explicou-lhe a matéria. (comentou a Ana)

-Pois mas o Manuel não é bom a inglês e o Pedro também lhe explicou a matéria, por isso uma mão lava a outra. (disse a Sandra)

107. Vamos em frente, que atrás vem

gente *ref.* Indica que a vida continúa e convida a mellorar.

-Desta vez as coisas não correram como eu queria, o resultado foi baixo. (lamentava-se a Marta)

-Marta, vamos em frente, que atrás vem gente... tudo se recupera! (insistiu a Flora)

108. Vaso³⁶ ruim não quebra *ref.* PEX.

Indica que as persoas malas son fortes e deféndense dun xeito infalible.

-O Daniel tem um feitio! Está sempre a tentar culpar a Ana, a dizer que ela é desconfiada, mas foi ele que a traiu.- comentou a Vanessa.

³⁴ Antiga moeda portuguesa.

³⁵ Débeda.

³⁶ Calquera peza cóncava que pode conter líquidos ou sólidos.

-Pois costuma-se dizer que vaso ruim não quebra e o defeito é sempre dos outros, enfim....-ripostou a Marina.

109.Zangam-se³⁷ as amigas, zangam-se as comadres, descobrem-se as verdades ref. É cando están cabreadas as persoas que se descobren os verdadeiros e máis sinceros pensamentos.

-A Joana e o Luís separaram-se.
(comentou a Rita)

-Ai, sim, e depois? (continuou a Daniela)

- A Joana para se vingar foi ter com o patrão dele e disse-lhe que o Luís o andava a roubar, parece que levou provas e tudo... que barraca! (comentou a Rita)

-Lá está, zangam-se as amigas, zángan-se as cumadres, descobrem-se as verdades.

Bibliografía

Ferro Ruibal, X. (dir.) (2011a): «O que todo galego debe saber do portugués 1», en *Ben falado!* Cap. 418, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.

<<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-418-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-1>> [Consulta: 13/02/2016]

(2011b): «O que todo galego debe saber do portugués 2», en *Ben falado!* Cap. 423, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.

<<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-423-de-ben-falado-o-que-todo-o-galego-debe-saber-do-portugues-2>> [Consulta: 13/02/2016]

(2011c): «O que todo galego debe saber do portugués 3» en *Ben falado!* Cap. 428, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.

<<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-3>> [Consulta: 13/02/2016]

(2011d): «O que todo galego debe saber do portugués 4» en *Ben falado!* Cap. 432, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.

<<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-432-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-4>> [Consulta: 13/02/2016]

(2011e): «O que todo galego debe saber do portugués 5» en *Ben falado!* Cap. 438, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.

<<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-438-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-5>> [Consulta: 13/02/2016]

(2011f): «O que todo galego debe saber do portugués 6» en *Ben falado!* Cap. 443, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.

³⁷ Anoxarse, cabrearse.

- <<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-443-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-6>> [Consulta: 13/02/2016]
- (2011g): «O que todo galego debe saber do portugués 7» en *Ben falado!* Cap. 448, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.
- <<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-448-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-7>> [Consulta: 13/02/2016]
- (2011h): «O que todo galego debe saber do portugués 8» en *Ben falado!* Cap. 453, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.
- <<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-453-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-8>> [Consulta: 13/02/2016]
- (2011i): «O que todo galego debe saber do portugués 9» en *Ben falado!* Cap. 458, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.
- <<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-458-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-9>> [Consulta: 13/02/2016]
- (2011l): «O que todo galego debe saber do portugués 10» en *Ben falado!* Cap. 463, Santiago de Compostela, Radio Televisión de Galicia.
- <<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-463-de-ben-falado-o-que-todo-galego-debe-saber-do-portugues-10>> [Consulta: 13/02/2016]
- Groba Bouza, F. (2014): «*Nas uñas, nas mans ou nos pés, has salir a quen es. Así se fala na Chan*», en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 16, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. *Diario Oficial de Galicia*, 68: 15608.
- <http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.html> [Consulta: 12/02/2016]
- Mário Costa, J. e J. Carreira Bom (2015): *Ciberdúvidas da Língua Portuguesa* [en liña], Lisboa: Instituto Universitário de Lisboa.
- <<https://ciberduvidas.iscte-iul.pt/>> [Consulta: 08/02/2016]
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2004): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo: Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega.
- R7 (2006): *Dicionário informal* [en liña], Brasil: Grupo Record.

Na busca das ‘Palabras milenarias’ para Xesús Ferro Ruibal

CARME LAMELA VILLARAVID
Madrid

Coñecín a Xesús Ferro Ruibal hai case 20 anos, foi o meu xefe no proxecto do *Diccionario de Fraseoloxía Galega* no Centro Ramón Piñeiro, daquela situado na Barcia, en Santiago de Compostela. Ferro, como no Centro lle chamabamos, é home serio e calado no traballo, pero moi alegre e conversador fóra do despacho. Foron case tres anos ao seu carón no proxecto, coas compañeiras Clara Viqueira e Chus Anido e compartindo sala tamén con Mar Sueiro e Francisco Carrillo.

Foron tres anos cheos de experiencias intensas.

Tres anos nos que baleiramos cancioneros, dicionarios, coleccións de contos populares, refraneiros... á busca dos ditos, esas expresións populares, enxebres, locucións e frases feitas, anónimas e consabidas pola colectividade.

Coma Ferro, tamén son da aldea, aínda que levo moitos anos lonxe dela. A meus pais, avós e veciños de Antas de Ulla (Lugo) escoiteilles contos, cántigas, refráns, adiviñas e ditos.

Levaba xa eu uns anos dedicada ao mundo da literatura popular de tradición oral, recompilando cántigas, contos, lendas e refráns, aínda que non foi ata atopar a Ferro cando reparei nestas pequenas expresións, das que é tan rica a nosa fala. Así, co código 20301, rexistrei no *Diccionario de fraseoloxía galega* os ditos da miña aldea.

Poder acompañar a Ferro no ingreso na Real Academia Galega no ano 1996 foi todo un pracer, nunca entrara eu na sede da Academia nin presenciara a admisión de ningún académico. Alí escoitamos o seu discurso «Cadaquén fala coma quen é» (X. Ferro, 1996), que contestou Carlos Casares. E alí dáballes a benvida a gaiteira Susana Seivane.

Ese mesmo ano Ferro convidábame a publicar en *Irimia*, revista de crenzas galegos. Nesta, de decembro de 1996 a xuño de 1997, íría eu debullando algúns «Ditos sobre a muller» (C. Lamela, 1996). Ditos que máis tarde analizaría no *III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada* (C. Lamela,

1997). Máis ditos sobre mulleres me acompañarían tamén no *II Simposio de la Asociación Galega de Semiótica* (C. Lamela, 1997b).

Con Ferro asistimos en Madrid na Universidade Complutense en abril de 1996 ao *I Congreso Internacional de Paremiología*, cando aínda levaba eu pouco tempo traballando con el. Polas rúas madrileñas puiden coñecer outro aspecto do meu xefe, moi máis expansivo ca nas salas pechadas do Centro Ramón Piñeiro. Da súa man tiveron tamén un primeiro achegamento á cidade que hoxe me acolle.

No ano 1997 Ferro coordinaba o *I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Foi toda unha aprendizaxe participar na organización do mesmo, e despois na edición e tradución das súas *Actas* (X. Ferro, 1998). Sen esquecer os das amenas viaxes culturais amosándolles Galicia aos congresistas.

Con *O teu nome* (X. Ferrio, 1994), versión reducida, pero revisada do *Diccionario de nomes galegos* (X. Ferro, 1992) ía eu agasallando a futuras mais e pais, madriñas e padriños, para que escollesen un bonito nome en galego para os seus fillos e as súas fillas, coa sorte de levaren o exemplar asinado polo autor.

Con Ferro investiguei tamén sobre a morte, pescudando necrolóxicas nos xornais, propoñendo modelos máis tradicionais e máis innovadores, dunha e doutra relixión; analizando lemas relixiosos e laicos..., froito disto en 1998 vería a luz *Esquelas e lápidas en galego* (C. Lamela, 1998). E grazas a esta experiencia, cando morreron os meus avós terían as súas *esquelas* e *lápidas* en galego, uns dos primeiros do camposanto onde están enterrados.

Cando no 1998 deixei o Centro Ramón Piñeiro para incorporarme ao Lectorado de galego na Università La Sapienza di Roma, Ferro, que coñecía ben a Città Santa porque alí pasara varios anos de estudo, deume un bo consello que aínda lembro. Consello que me repetiría nunha visita á cidade cando xa levaba eu uns anos nela. Dixo: «Abre ben os ollos». Canta razón tiña! Alí cumpría estar cos ollos ben abertos e aínda así...

E Ferro seguía presente... O *Ben falado!*, programa da TVG dedicado á lingua galega, dirixido e presentado por el, acompañaríanos durante os cursos de galego en Madrid. Os seus *Ben falado!*¹ e *Palabras milenarias*² ocupan un

¹ «Ben falado!» <http://galegomadrid.blogaliza.org/2012/04/18/ben-falado/>

² «Palabras milenarias» <http://galegomadrid.blogaliza.org/palabras-milenarias/>

lugar en Galego en Madrid³, blogue que realizamos co noso alumnado. No 2012 Ferro animábase a participar e achegábanos «Unha pinga de luz e mel na lingua»⁴.

Quero rematar estas palabras de lembranza cun feixiño de cántigas, inzadas de ditos, cántigas que escoitara e recollera da familia e veciños de Antas de Ulla, antes xa de coñecer a Ferro, no ano 1992. (A idade dos informantes refírese a esa data).

Cántigas sobre a descrición física, cántigas amorosas, cántigas a desafío... en todas elas está presente a fraseoloxía.

A gabanza da muller de cor branca, o desprezo polas morenas:

Ser branca coma o leite
Ser colorada coma o trigo
 Eres blanca com'o leite,
 colorada com' o trigo,
 se de noite non tes duda,
 de día non tes peligro.

Antonio Otero Failde (A Fraga, 77 anos)

Cara de sartén queimada
 Vai calando, vai calando,
 cara de sartén queimada,
 vai calando, vai calando,
 que contigo non é nada.

Amparo Varela Mosquera (Lebesende, 77 anos)

Darlle a viravolta(a alguén)
 Chamáchesme moreniña
 porque nacín na rebolta,
 inda non é-lo galán
 que me dea a viravolta.

Carmen García Rúa (Fontelo-Castro de Amarante, 91 anos)

³ Galego en Madrid. Blogue de lingua e cultura galegas en Madrid: <http://galegomadrid.blogaliza.org/>

⁴ X. Ferro, «Unha pinga de luz e mel na lingua»: <http://galegomadrid.blogaliza.org/2012/04/21/1749/>

Nas cántigas de temática amorosa tamén atopamos moitos ditos:

Tomar amores

Castiñeiro sin candelas,
qué castañas pode dar,
amor pobre e sin diñeiro
qué amores pode tomar.

Celsa Curro Fernández (San Fiz, 69 anos)

Ser un santo

Non ter prezo

I o meu amor é un santo
deumo Dios que cho merezo,
todos me din que o venda
i o meu amor non ten prezo.

Celsa Curro Fernández

Raiar o sol

Caravel, caraveliño,
caravel, caraviñol,
o día que non te vexo
para min non raia o sol.

Celsa Curro Fernández

Dar a man

Dáme esa man esquerda
que cha quero apretar,
a dereita non cha quero
que xa tes a quen lla dar.

Antonio Otero Failde

Ser de alguém

Algún día foches miña
e agora vólvote ver,
que che quero preguntar
se queres volver a ser.

Carmen Quintá Guerreiro (Castro, Santa Cristina, 94 anos)

Querer ben

Meniña se sabes ler
lerasme o meu corazón,

dentro dil encontrarás
se che quero ben ou non.

Maripepa Varela Borrajo (Lebesende, 86 anos)

Quitar as cores

Casadiña de tres días,
quen che quitou as cores?
Nin solteira nin casada,
nunca chas tiven mellores.

Facer polo pan

O casado, casa quere,
ó solteiro non lla dan,
o que quere ser casado,
ten que facer polo pan.

Carmen Quintá Guerreiro

Non ser nada

Non ser para ter amor
Anda ti que non es nada,
anda ti non es ningún,
nin es para ter amor
nin es para querer ben.

Maripepa Varela Borrajo

Non manter (algo a alguén)

Nemoreime dunha nena
porque ela cantaba ben,
e agora, válgame Dios,
o cantar non me mantén.

Maripepa Varela Borrajo

Ver o pelo

Pola porta non vou,
pola porta, teño medo;
adiós querida del alma,
cuando me verás o pelo.

Celsa Curro Fernández

A fraseoloxía vai parella coas cántigas a desafío e as picarescas:

Traer pola man
Non saír de marrau
 Non penses porque señas rico
 que te traía pola mau,
 moitas serdas ten un porco
 e mais non sae de marrau.
 Maripepa Varela Borrajo

Poñer ó ollo
Ser alguén
 Polo pucho torto ó ollo
 coma se foras alguen,
 inda podías pagar
 a quen na casa te ten.
 Maripepa Varela Borrajo

Vender por un real
 Marcha d'aí porco cochino,
 esterco do meu curral,
 heite de levar á feira
 heite vender por un real.
 Maripepa Varela Borrajo

Ter a sona
 As rapaciñas de agora
 aí, elas teñen a sona,
 cantadoras, bailadoras,
 e amigas da cabra mona.
 Maripepa Varela Borrajo

Ter man
Caerlle os ollos
 Trepas arriba, trepa abaixo,
 zapatíños tede mau,
 quen de min teña envexa,
 cáianlle os ollos ó chau.
 Amparo Varela Mosquera

Quen me dera

Ai que piñeiro tan alto,
ai que piñas tan maduras,
ai que nenas tan bonitas,
quen che mas dera nas uñas!

Clementina Vázquez Eiriz (Lebesende, 77 anos)

Chantar os dentes

Ai, que me comen as pulgas,
ai, que me chantan os dentes;
meniña, na túa cama
haiche unhas pulgas doentes.

Celsa Curro Fernández

Bibliografía

- Ferro Ruibal, X. (1992) (coord.): *Diccionario de nomes galegos*, Vigo: Ir indo.
- Ferro Ruibal, X. (1994): *O teu nome*, Vigo: Ir indo.
- Ferro Ruibal, X. (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, A Coruña: RAG.
- Ferro Ruibal, X. (1998) (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia..
- Lamela Villaravid, C. (1996): «Ditos sobre a muller», *Irimia*, Santiago de Compostela (decembro 1996 – xuño 1997).
- Lamela Villaravid, C. (1997): «A muller na fraseoloxía galega» en *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra: Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» (CSIC), t. I, 563-579.
- Lamela Villaravid, C. (1997b): «As boas mulleres: o protagonismo feminino nalgúns contos da nosa tradición» - *II Simposio de la Asociación Galega de Semiótica*, Vigo, Pontevedra. Inédito.

A amizade no refraneiro galego e polaco: tan lonxe e tan preto

REBECA LEMA MARTÍNEZ¹

Universidade de Varsovia

Introdución

O presente traballo pretende ser unha pequena achega á fraseoloxía contrastiva entre os refráns galegos e polacos verbo do sentimento da amizade. A partir da recollida e análise dunha serie de refráns relacionados coa amizade en ambas as dúas linguas, exporemos as distintas representacións deste tema no imaxinario galego e polaco. Sen afán exhaustivo, posto que «non están todos os que son, aínda que si o son todos os que están», presentaremos tamén as converxencias e diverxencias fraseolóxicas sobre a amizade que podemos extraer destas dúas linguas e culturas *a priori* tan afastadas.

Consonte o Dicionario da Real Academia Galega (DRAG), amigo/a é unha persoa que mantén unha relación de afecto e confianza con outra, por oposición a inimigo/a. Posto que somos seres sociais, a importancia da amizade nas nosas vidas é incalculable, de aí que así conforme existen o día dos namorados ou o día da nai e do pai, tamén se designase o 30 de xullo como o día internacional da amizade. Por outra banda, se as amizades non fosen necesarias, non as inventaríamos, como ocorre cos amigos imaxinarios na infancia. O rol dos amigos e a pertenza a un grupo de iguais tamén é fundamental na formación da identidade durante a adolescencia. Tendo en conta isto, semella indiscutible que a amizade é un sentimento universal. Agora ben, exprésase da mesma maneira en culturas distintas?

Algunhas das palabras que asociamos directamente cos amigos, ademais do afecto e a confianza, son o altruísmo ou a sinceridade. Pero, do mesmo xeito, tamén adoitan acompañar a amizade termos negativos como a falsidade, a desconfianza ou o egoísmo. Hai amigos que van, amigos que veñen, uns que marchan, outros que quedan... Xorden conflitos, uns resólvense, outros non... e todo isto reflíctese tamén na fraseoloxía mediante un amplo e variado repertorio de refráns que amosan as dúas caras dunha mesma moeda.

¹ Coa colaboración de Kasia Szczęchula.

Outra das definicións da palabra amigo/a que presenta o DRAG é a persoa con quen alguén mantén relacións amorosas consideradas non lícitas pola moral tradicional ao estaren fóra do matrimonio. Sinónimo de amante e querido/a. Tendo en conta que o termo «amigo/a» para se referir a «amante» xa aparecía nas cantigas medievais, non é ningunha sorpresa que sobreviva na actualidade, sobre todo se tomamos en consideración o coñecido carácter ambiguo da sociedade galega. Porén, tamén atopamos esta mesma acepción de amigo/a como amante en castelán e en portugués, se ben é certo que dende hai uns anos é tamén moi habitual o uso das expresións «amigo/a con derecho a roce» e «amigo/a colorido/a», respectivamente. O mesmo ocorre co inglés, pois non só é moi común a expresión «friend with benefits», senón que tamén os propios termos para se referir á parella, «boyfriend» e «girlfriend», inclúen a palabra «amigo/a», malia poderen crear certa anfiboloxía. Isto mesmo tamén acontece en francés con «petit ami» e «petite amie».

No tocante ao polaco, se ben é certo que podemos utilizar as palabras «przyjaciół» e «przyjaciółka» (amigo/a) para nos referirmos á parella ou ao/á amante en determinados contextos, o máis común é reservar estes para as relacións de amizade e usar os termos «chłopak» e «dziewczyna» (mozo/a) para as relacións amorosas. Tampouco parece haber ningunha expresión que recolla os conceptos de sexo e amizade, como ocorre noutras linguas. En calquera caso, esta última acepción do termo «amigo/a» como amante ten moi pouca cabida no refraneiro, posto que só atopamos un refrán en galego (*A amiga e a espada, primeiro dada que emprestada*) e ningún en polaco. Por este motivo, cinguirémonos no presente traballo á análise dos refráns sobre a amizade en sentido estrito, abordando os seguintes eixos: O altruísmo, O egoísmo, A adversidade, Moitos ou poucos, Os inimigos, A falsidade, A sinceridade, A confianza, A desconfianza, Os conflitos entre amigos, Amigos e negocios, Amigos e parentes, Os amigos de toda a vida, Os amigos de lería, Amigos semellantes, Amigos ricos, amigos pobres, Outros amigos, Os defectos dos amigos e A amizade como tesouro.

1. O altruísmo

Non se concibe unha relación de afecto e confianza na que non se compartan o que se ten cos amigos: *Bo amigo é o amigo que parte o que ten contigo*. Nas unidades galegas aparecen moitas referencias á comida, especialmente ao pan, ao viño e ao trigo: *Cos bos amigos cómese; Ben estou co amigo que come*

o seu pan comigo; Ó bo amigo, co teu pan e co teu viño; Co bo amigo collerás o teu trigo e venderás o teu viño ou *Ese é meu amigo, que moe no meu muiño*. No tocante aos refráns polacos, tamén está presente a importancia de compartir, aínda que non recollen a comida como símbolo, senón que se aproximan máis ao concepto de ben común: *Przyjacielskie rzeczy wspólne* (As cousas dos amigos son comúns) ou *W przyjaźni wszystko jest wspólne* (Na amizade todo é común).

Tamén é interesante como se trata a cuestión da reciprocidade en ambas as dúas linguas, pois nalgúns refráns parece que toda a responsabilidade recae en nós. En galego: *Se ó teu amigo dás unha cousa, non lle pidas outra; Nunca queiras do amigo máis do que él quixer contigo* ou *Ó teu amigo gánalle un xogo e vólvello logo*. En polaco: *Umię być przyjacielem, znajdziesz przyjaciela* (Aprende a ser un amigo e atoparás un amigo). Pola contra, hai outros que, ao seren máis xerais, son válidos para as dúas partes: *Przyjaciół do przyjaciela zalet nie potrzebuje* (De amigo a amigo non fai falla vantaxe) ou *Przyjacielska posługa nagrody nie potrzebuje* (Atender os amigos non precisa de recompensa).

Por último, os refráns galegos aconséllannos ser xenerosos cos amigos e, ao igual que no caso anterior, a responsabilidade recae en nós: *Pró amigo verdadeiro ten sempre aberto o peito e a bolsa do diñeiro* ou *Cando un amigo pide, non hai mañán*. No entanto, o polaco volve ser bidireccional: *Małe podarki utrzymują przyjaźń* (Os pequenos detalles manteñen a amizade). Da mesma maneira, se hai confianza, podemos permitirnós tamén certas licenzas: *Ó teu amigo cómelle o pan e bébelle o viño; Nie trzeba być gościem u przyjaciela* (En cas dun amigo non precisas convite) ou mesmo pequenos abusos de confianza: *Ó amigo verdadeiro, deitalo no celeiro*. Isto non debería orixinar ningún conflito, xa que *Dla przyjaciela wszystko bagatela* (Para un amigo todo é pequeno) os amigos non se encabuxan por parvadas. De aí que tampouco sexa preciso desculparse cos amigos por estas pequenas faltas, xa que non teñen importancia: *Entre amigos e soldados, compliments escusados*.

2. O egoísmo

Tal é como o altruísmo se ve reflectido na fraseoloxía galega e polaca, o mesmo acontece co egoísmo, e en galego volvemos atopar referencias á comida: *Mal amigo é o que come o meu comigo e o seu consigo; Renego do amigo que come o meu comigo i o seu consigo* ou *O meu amigo papafigo come o seu pan soio i o meu comigo*. Tamén se aconsella evitar os amigos egoístas: *Do*

amigo que non che empreste, fuxe coma da peste ou *Amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perda pouco importa*. Este último refrán, curiosamente, atopámolo practicamente igual en polaco: *Przyjaciół, który nie daje i nóż, który nie kroi, są mało warci* (Amigo que non dá e coitelo que non corta, non valen moito).

Así pois, de acordo co refraneiro galego, as amizades interesadas non poden funcionar: *Amizade por interés non dura, porque non a é*. Da mesma maneira, os amigos por interese non poden ser considerados como amigos de verdade ou bos amigos: *Amigo, non de min, senón do meu trigo; O bo amigo non ha deixa-la palla e leva-lo trigo; O mal amigo deixa a palla e leva o trigo* ou *Amigo polo seu proveito, anduriña no teito*. Nalgúns refráns tamén se desaconsella directamente fuxir deste tipo de amigos comenenciudos: *Dade ao demo o amigo que vos deixa a palla e vos leva o trigo* ou *Ó amigo do teu viño non o queiras de veciño*. Ademais, hai unidades nas que se ven reflectidos os cartos, ben sexa de maneira directa (*Ao que ten bo viño non lle faltan amigos*) ou indirecta (*Non hai amigo nin irmán, se non hai diñeiro na man*), que tamén atopamos en polaco: *Tam tylko są przyjaciele, gdzie w piwnicy wiele* (Só hai amigos onde o soto está cheo) ou *Gdy pieniędzy wiele, wokoło przyjaciele* (Cando hai cartos, hai amigos na volta).

No entanto, cando os bens ou cartos escasean, semella que os amigos tamén, tanto en galego como en polaco: *No tempo dos figos non hai amigos; Przyjaciół się zmieni, gdy pusto w kieszeni* (O amigo cambiará cando os petos estean baleiros); *Gdy złe przypadki, tam przyjaciół rzadki* (Cando vai mal, non hai amigos) ou directamente *Ubogi mało ma przyjaciół* (O pobre ten poucos amigos). Por último, atopamos tamén en polaco a proba definitiva de que na amizade non debe haber interese: *Przyjaciela ty stąd poznasz prawego, jeśli miłuje ciebie, nie co twego* (Sabes que é teu amigo se te ama a ti e non ao que tes). Chaman a atención as distintas referencias á agricultura (palla, trigo, figos) na fraseoloxía galega, que non atopamos na polaca.

Por último, tamén aparecen refráns que nos indican a existencia de supostas amizades que non son tal e que só se manteñen polo interese mutuo (*Amigos coma o can e o gato, que comen no mesmo prato*), así como outros que nos aconsellan non desatender os nosos bens polos amigos: *Amigo por amigo, o meu pan e o meu viño*.

3. A adversidade

Ben é coñecida a importancia dos amigos nos momentos máis difíciles: *Na moita necesidade coñécese o amigo de verdade; No perigo coñécese o amigo; Na pequena cama e no longo camiño coñécese o bo amigo* ou *Amigo astra a porta da igrexa, ese é amigo de veras*. De contarmos con eles só nos bos momentos, entón é que non son bos amigos: *Amigo de bo tempo, múdase co vento; Na cama e na cadea coñécese o amigo, e non entre xerros de viño; Quen te visita na voda e non na enfermidade, non é amigo de verdade* ou *O que sexa meu amigo verdadeiro, véñame ver o vinte de xaneiro, dixo o Santo do Pico Sagro moi arroupado*. Concluímos pois, que os amigos de verdade teñen que estar con nós tanto nos bos momentos coma nos malos: *O amigo leal faiche compañía no ben e no mal* ou *O bo amigo, no ben e no mal está contigo*.

Tamén a fraseoloxía polaca comparte esta idea: *Gdy się źle masz, wtenczas przyjaciele poznasz* (Cando estás mal é cando coñeces o amigo de verdade); *Prawdziwych przyjaciół poznajemy w biedzie* (Os amigos de verdade recoñécense na pobreza); *Za szczęścia przyjaciela uczynić, w nieszczęściu doznać* (Na felicidade fas un amigo, na desgraza séntelo) ou *Przyjaciel odległy niepożyteczny* (O amigo distante é inútil). Ademais, o seguinte refrán danos a clave definitiva: *Chcąc poznać przyjaciela, trzeba z nim beczkę soli zjeść* (Para coñecer a un amigo tes que comer con el un barril de sal).

Pero en polaco non só se nos avisa de que teñamos coidado á hora de seleccionarmos os amigos, senón que tamén se nos aconsella estar cos amigos para o bo e para o malo: *Przyjaciele w nieszczęściu nie odstępуй, ale ratuj* (Non abandones o teu amigo na desgraza, axúdao); *Podupadłym przyjacielem nie pogardzaj* (Non despreces a un amigo que está deprimido) ou *Przyjaciel nie ma być jako kwiatek, który póki świeży, póty miły* (O amigo non debe ser coma unha flor, que é agradable mentres está fresca).

4. Moitos ou poucos

Sobre o clásico dilema entre cantidade e calidade, no tocante aos amigos, parece ter máis importancia esta última: *Amigos, poucos e bos; Amigos e libros, poucos, bos e ben conecidos; Moitos son os amigos, poucos os escollidos* ou *Przyjaciółstwo wielkiej liczby nie lubi* (Á amizade non lle gustan os números grandes). É máis, tanto a fraseoloxía galega como a polaca desaconsellan ter moitos amigos: *Moitos amigos, ningún amigo; Amigo de moitos e amigo de*

ningún, todo é un; Kto przyjaciel każdemu, ten nikomu. (Quen é amigo de todos, non é amigo de ninguén) ou *Kto wszystkich chce mieć przyjaciółmi, żadnego nie ma przyjaciela* (Quen quere ter a todo o mundo de amigo, non ten a ninguén). Agora ben, nunca ha faltar un refrán galego para lembrarnos que tan malo é o exceso coma o defecto: *Amigo de un, amigo de ningún.* Se é que, coma sempre, a virtude está no equilibrio.

5. Os inimigos

Por desgraza, non só os amigos forman parte da fraseoloxía galega e polaca, senón que os inimigos tamén ocupan unha sección nada desprezable desta. Se cando falamos só de amigos é preferible ter poucos e bos, cando os inimigos entran en escena, as cifras deixan de ser importantes: *Pra amigos, todos; pra enemigos, abunda un soio; Amigo de un, i enemigo, de ningún* ou *Millor é estar sen amigos que rodeado de enemigos*. O mesmo ocorre en polaco: *Gorszy jeden wróg niż przyjaciel stu* (É peor un inimigo que cen amigos) ou *Lepiej mieć dziesięciu przyjaciół niż jednego wroga* (É mellor ter dez amigos que un inimigo) e *Lepszy jeden przyjaciel niż dziesięciu wrogów* (É mellor un amigo que dez inimigos). Estes dous últimos, mesmo se parecen contraditorios, teñen moito sentido. No primeiro amósase o poder dos inimigos e no segundo, novamente a importancia da calidade fronte á cantidade. A conclusión que se desprende de todas estas unidades en torno á inimizade é que, evidentemente, cantos menos inimigos, mellor (*Dos inimigos, os menos*) porque *Jeden nieprzyjaciel więcej zaszkodzić może, niż dziesięciu przyjaciół pomóc* (Pode facer máis mal un inimigo que ben dez amigos). Agora ben, a pesar de todo isto, na fraseoloxía polaca, a intelixencia sempre é o primeiro: *Lepszy mądry wróg niż głupi przyjaciel* (É mellor un inimigo listo que un amigo parvo).

Ante a terrible ameaza que supoñen os inimigos, os refráns recomendan desconfiar deles en calquera circunstancia (*Nieprzyjacielowi nigdy nie wierz* (Nunca creas ao teu inimigo). Mesmo se non temos a certeza de que sexan inimigos, previr nunca está de máis: *¿Quién é o teu inimigo? O que ten o teu oficio*. Outra das recomendacións da fraseoloxía galega e polaca é non subestimar nunca o poder e forza dos inimigos: *Non hai inimigo pequeno* ou *Najmniejszego nieprzyjaciela nie trzeba lekceważyć* (Non hai que subestimar ao inimigo máis pequeno). Agora ben, a sinceridade é o primeiro tamén entre os inimigos: *Lepszy wróg, który grozi, niż ten, co głaszcze* (É mellor un inimigo que te ameaza que un que te aloumiña).

Da mesma maneira, tampouco debemos amosar ningún tipo de compaixón ante os inimigos: *Ao inimigo, nin auga; Nieprzyjacielowi nie podaj ani wody* (Ao inimigo non lle deas nin auga), onde a imaxe fraseolóxica en galego e polaco coincide, ou *Kto nieprzyjacielowi folguje, ten sobie śmierć gotuje* (Quen alivia a un inimigo, prepara a súa propia morte). Aínda que non todo é tan malo e, afortunadamente, tamén hai algún contrarrefrán que fomenta a bondade, mesmo que sexa por propio interese, tamén cos inimigos: *Kto nieprzyjacielowi dobrze czyni, siebie i jego zwycięża* (Quen fai ben a un inimigo, fai ben para os dous).

Agora ben, non só os inimigos poden ser perigosos, senón que tamén debemos ter tino cos amigos, tal e como podemos ver nestes dous refráns tan semellantes: *Dos amigos gárdeme Dios, que dos enemigos gardámonos nós* ou *Strzeż mnie, Panie Boże, od przyjaciół, bo od wrogów sam się obronię* (Protéxeme, Deus, dos amigos, que dos inimigos xa me defendo eu). A fraseoloxía polaca vai un pouco máis lonxe ao indicarnos que o ter ou non ter inimigos depende exclusivamente do noso comportamento (*Nie ma ten wroga, co go nie wychowa* (Non ten inimigos quen non os cría)), se ben, ao mesmo tempo, parece algo tan natural como inevitable: *Nie ma człowieka, który nie miałby przyjaciół i wrogów* (Non hai home que non teña amigos e inimigos) ou *Bóg był Bogiem, a miał nieprzyjaciół* (Deus era Deus e tiña inimigos).

Se ter inimigos é inevitable, mellor que estean lonxe (*Przyjaciela szukaj blisko, wroga daleko* (O amigo búscalo preto, o inimigo lonxe)), por iso cómpre facilitarlles o camiño: *A inimigo que foxe, ponte de prata* ou *Uciekającemu nieprzyjacielowi trzeba złoty most budować* (Para un inimigo que foxe tes que construír unha ponte de ouro). Como vemos, neste caso a fraseoloxía galega e polaca non só coinciden no fondo, senón tamén na forma, posto que os refráns en ambas as dúas linguas son moi semellantes. Porén, se afastar os inimigos non é posible, hai tamén refráns que nos dan instrucións sobre como actuar fronte eles, mesmo se estes son ben dispares: *Jak wróg mocny, to go liż, jak osłabnie, to go gryź* (Cando o inimigo estea forte, lámbeo; cando estea débil, mórdeo) ou *Se non podes co teu inimigo, únete a el*. Alá cadaquén coa súa escolla.

6. A falsidade

Se debemos ter coidado cos inimigos, os amigos non quedan atrás, por iso a fraseoloxía galega nos advirte dos perigos dos falsos amigos ou amigos falsos: (*O amigo falso fire máis que o coitelo afiado*) e, por tanto, recomenda evitalos,

sexa directamente (*Co falso non tomes amizade, porque che fará maldade*) ou mediante algunha metáfora: *Renega do amigo que te cobre coas ás e te morde co bico*. No tocante aos refráns polacos, tamén nos desaconsellan este tipo de amigos, contraponendo outros valores como a honestidade ou a sinceridade: *Lepszy wróg oczywisty, niż przyjaciel nieczysty* (É mellor un inimigo claro que un amigo falso) ou *Lepszy jest jawny gniew niż zmyślona przyjaźń* (É mellor un enfado visible que unha amizade falsa). Mesmo os inimigos son preferibles á falsidade: *Lepszy nieprzyjaciel otwarty jak przyjaciel zdradliwy* (É mellor un inimigo honesto que un amigo traizoeiro).

No obstante, tamén os mellores amigos poden traizoarnos, como en: *O máis amigo, pégacha* ou *Ó millor amigo, o millor tiro* en galego ou *Wśród serdecznych przyjaciół psy zająca zjadły* (Entre os bos amigos, os cans comen as lebres) en polaco. Por iso tamén é recomendable asegurarnos de se estamos utilizando a palabra «amigo» para as persoas axeitadas (*Non lle chames amigo ó que non viviu contigo*), xa que é probable que alguén que nos falla unha vez, volva facelo: *Kto w drobnym przyjaciela skrzywdzi, skrzywdzi i w czym innym*. (Quen causa un mal pequeno a un amigo, causaralle tamén un mal grande).

Tendo en conta isto, non é de estrañar que resulte tan complicado atopar amigos leais, tanto na fraseoloxía galega coma na polaca: *O amigo leal e franco, ese é un merlo branco*; *Przyjaciel wierny rzadki* (Un amigo fiel é raro) ou *Dwa, trzech wierni przyjaciele, jedna dusza w różnym ciele* (Dous, tres amigos fieis, unha alma en distintos corpos). Parece, pois, que por moito que os escollamos, nunca estamos a salvo dos amigos traizoeiros: *Anque Cristo pra amigos os escolheu, un dos doce o vendeu, outro o negou e outro non o creu*. De aí que atopemos na fraseoloxía galega refráns tan pesimistas como os seguintes: *Máis vale onza de sangue que libra de amizade* ou *Buscando un amigo a vida pasei; e morro de vello e non o atopei*.

7. A sinceridade

Por oposición á falsidade, a sinceridade é unha virtude entre amigos ou, polo menos, iso é o que se deduce dos refráns polacos: *Przyjaciel prawy, jako trzecia ręka* (Un amigo honesto é coma unha terceira man); *Ten przyjaciel, kto prawdę mówi* (Amigo é aquel que di a verdade) ou *Nie ten przyjaciel, co ci chwali, ale ten, co ci prawdę mówi* (Non é amigo quen te gaba, senón aquel que che di a verdade). É máis, chega a negarse a amizade cando esta premisa non se cumpre: *Ani przyjaźń bez prawdy, ani prawda bez przyjaźni być nie może* (Non

pode haber nin amizade sen verdade, nin verdade sen amizade). Por outra banda, a sinceridade por parte dos amigos non só debe alertarnos de situacións perigosas (*Será teu amigo o que te tire do perigo*), senón que tamén nos ha de axudar a coñecernos mellor: *Chcesz się dowiedzieć prawdy o sobie, pokłóć się z przyjacielem* (Se queres coñecerte de verdade, discute cun amigo).

No caso dos refráns galegos, podemos atopar refráns para todos os gustos. Por un lado, hai refráns que si defenden a sinceridade entre amigos (*Canta máis amizade, máis claridade; Amigo Pedro, amigo Xan; pero máis amiga a verdá* ou *Amigo Estevo, amigo Antón; pero máis amiga a razón*) e, por outro, refráns que poden dar a entender que é preferible a opción contraria, posto que dicir verdades tamén pode estragar as relacións de amizade: *O ben facer gaña amigos e o dicir mal, inimigos* ou *Por dicir as verdades pérdense moitas amizades*. Cadaquén é libre de escoller pero, se se escolle mal, non será por falta de advertencias.

8. A confianza

A confianza, como comentabamos ao comezo, é xunto co afecto un dos alicerces que sustentan a amizade. Como tal, non debe haber segredos entre amigos, idea que tamén se ve reflectida na fraseoloxía: *Entre amigos non hai cousa segreda; Entre amigos, con velo abonda; Przyjaźń bez zaufania nic niewarta* (A amizade sen confianza non vale nada) ou *Troska mniej boli, gdy ją przyjaciel podzieli* (Os problemas doen menos cando os compartes cun amigo).

Da mesma maneira, a fraseoloxía galega indícanos que non debemos desconfiar dos amigos (*Nin herba no trigo nin sospeita no amigo*) nin revelar os seus segredos: *O segredo do teu amigo gardarás e o teu non o dirás*. En caso de termos algunha crítica ás nosas amizades, mellor que as expresemos en privado. Non obstante, se se trata dunha louvanza, mellor en público: *Tal amigo collerás, que en segredo lle digas as chatas que has* ou *Przyjaciela jawnie chwał, tajemnie napominaj* (Gaba ao teu amigo en público e advírteos en segredo).

Agora ben, mesmo habendo confianza, a fraseoloxía galega advírtenos de que non debemos abusar desta: *Ao amigo e ao cabalo non hai que cansalo* ou *Ó amigo e ó cabalo non o leves ó teu cabo*. Tampouco é nada recomendable poñer a proba aos amigos, como amosan os seguintes refráns en galego e polaco: *Ó amigo nunca o probes; Se queres ter amigos moitos, proba poucos* ou *Jeżeli chcesz mieć przyjaciela dobrego, nie chodź często do niego* (Se queres ter un bo amigo, non o visites moi a miúdo).

9. A desconfianza

A pesar da importancia da confianza entre amigos, non faltan refráns que nos advirtan dunha posible traizón por parte destes e, por tanto, non debemos confiarlles segredos ata que non teñamos a certeza de que son amigos de verdade: *Ó teu amigo dille a mentira; se che garda poridá, dille a verdá*. De non ser o caso, o mellor é non compartir ningún segredo con eles, por se acaso: *Bo é o amigo pra calar; pero millor é non darlle segredo a gardar*. Se non fas isto, a amizade pode rematar (*Ó bo amigo non lle gardes segredo, que te espós a perdelo*), ou ben aquel a quen considerabas amigo, pode acabar ameazándote, chantaxeándote ou delatándote: *Di o teu segredo ao amigo e faraste seu cativo* ou *Descubrinme a él como amigo, e armóuseme como testigo*. Por se acaso houber conflitos entre amigos, non está de máis que haxa testemuñas dos feitos, de aí que sexa tan recorrente na fraseoloxía galega a testemuña: *Entre amigos, escribán e testigos; Entre bos amigos non están mal os testigos* ou *Entre dous amigos abundan des testigos*.

Dado que os amigos poden traizoarnos no momento menos pensado (*Przyjaciela mając, pamiętaj, że może być nieprzyjacielem* (Cando teñas un amigo lembra que pode ser un inimigo) ou *Przyjaciela trudno znaleźć, a prędko go stracić można* (É difícil atopar un amigo pero podes perdelo moi rápido)) a fraseoloxía recoméndanos desconfiar especialmente dos amigos dubidosos (*Ó amigo que non é de certo, cun ollo pechado e outro aberto* ou *Quen tén amigo dubidoso, durma cun ollo e vele co outro*) porque, polo xeral, estas amizades non son de dura: *Amigo do vento, múdase co tempo*.

Seguindo esta liña pero de maneira un pouco máis drástica, posto que se se chega a falar de sangue, atopamos tamén dous refráns moi semellantes en galego e polaco: *De compadre a compadre, nos ollos sangue* ou *Od przyjaciela do przyjaciela krew w oku* (De amigo a amigo, sangue no ollo).

10. Os conflitos entre amigos

Sexan debidos á falsidade, á sinceridade ou a outros motivos, os conflitos entre amigos orixinan, en moitos casos, o remate da relación. É natural que se produzan conflitos nunha relación próxima (*Przyjaźń bliska zawsze śliska* (A amizade achegada é sempre esvaradía)) pero iso non significa que estes non se poidan resolver sen que a amizade se deteriore ou destrúa: *As amizades hanse descoser, mais non se han romper*. De acordo coa fraseoloxía, a importan-

cia da amizade debe prevalecer fronte aos intereses individuais: *Amigos que loitan por un codelo, ou a fame é moita, ou o querer é pequeno* ou *Amigos que se desaveñen por un pan, non saben o que é amistá*.

Como comentabamos ao comezo, hai amigos que van, amigos que veñen, uns que marchan, outros que quedan... Para a fraseoloxía non hai dúbida de que son estes que quedan os amigos verdadeiros xa que, se unha amizade remata, entón é porque nunca foi tal: *Amigo non foi aquel que o deixou de ser; Quen deixa de ser amigo non o foi nunca* ou *Przyjaźń szczera nie umiera* (A amizade nunca morre). Tendo en conta isto, desaconséllase tamén, tanto en galego como en polaco, calquera tipo de reconciliación: *Nin amigo reconciliado, nin guisote requentado; Pojednana przyjaźń, jak marcowy lód* (A amizade reconciliada é coma o xeo de marzo ou *Wilk chowany, przyjaciel jednany, Żyd chrzczony – niepewny* (Lobo cativo, amigo reconciliado e xudeu bautizado non son seguros).

Con todo e afortunadamente, sempre hai algún refrán que contradí o anterior (*Os millores amigos son os que rifan* ou *Przyjacielski gniew krótki*. (O enfado entre amigos pouco dura)) e que nos lembra a importancia das segundas oportunidades: *Pojednani przyjaciele bardziej się miłują* (Amigos reconciliados quérense máis).

11. Amigos e negocios

Un motivo frecuente de conflitos entre amigos son os negocios, xa que mesturar o traballo con calquera outro ámbito nunca foi moi boa recomendación. A fraseoloxía tamén nos advirte dos perigos que poden xurdir cando amigos e negocios se xuntan: *Chceszli przyjaciela stracić, pieniędzy mu pożycz* (Se queres perder un amigo, déixalle cartos); *Quen empresta a un amigo fai un inimigo* ou *Entre amigos, o que máis pon, máis perde*.

Tendo en conta isto e de acordo coa fraseoloxía galega e polaca, é fundamental manter os negocios e os amigos de maneira independente: *En vender e en mercar non hai amizade* ou *Przyjaźń przyjaźnią, a interes interesem* (A amizade é a amizade e os negocios son os negocios). Hai mesmo casos nos que os negocios parecen ter máis importancia que os amigos: *Amigos, de lonxe, e contas, de preto*. Claro que, se se actúa con propiedade, os negocios non teñen por que sopor ningún problema para a amizade: *Conta e razón sostén amizade e unión* ou *Rzetelny rachunek utrzymuje przyjaźń* (A factura honesta mantén a amizade).

12. Amigos e parentes

Sendo a familia e os amigos dous grupos tan importantes, non podían faltar refráns que os comparasen. Tanto a fraseoloxía galega como a polaca coinciden en que o máis importante non é a proximidade sanguínea, senón física: *Máis vale un bo amigo que dez parentes, eles lonxe i él presente* ou *Przyjaciół przytomny lepszy niż brat odległy* (É mellor un amigo consciente que un irmán distante). Por esta razón, para moitos familiares é imposible igualar a un bo amigo: *Máis vale un amigo bo, que parente e medio* ou *Jeden prawdziwy przyjaciel lepszy jest jak wielu krewnych* (É mellor un amigo de verdade que moitos parentes).

Porén, tamén atopamos na fraseoloxía galega refráns que afirman o contrario: *Nun gran perigo mellor é o irmán que o amigo*. Con todo, se xa xorden conflitos na familia directa, que nos queda cando falamos da familia política? Dado que, lamentablemente, as diferenzas con esta adoitan ser moi habituais, non é de estrañar que unha relación cordial cun xenro sexa tan valorada pola fraseoloxía galega: *Amizade de xenro, sol de inverno*.

13. Os amigos de toda a vida

Outro tipo de amizade moi ben valorada é a antiga, pois tanto na fraseoloxía galega coma na polaca parece prevalecer a idea de que os mellores amigos son os que coñecemos dende hai moito tempo ou, noutras palabras, os amigos de toda a vida: *Amigo vello val máis que diñeiro* ou *Stary przyjaciel jak drugi ojciec* (Un vello amigo é coma un segundo pai). Ademais, nos refráns polacos insístese no valor das antigas amizades por oposición ás novas: *Dla przyjaciela nowego nie opuszczaj starego* (Non abandones a un vello amigo por un novo); *Nigdy nowa przyjaźń nie wyrówna starej* (Nunca unha nova amizade será coma unha antiga) ou *Stary przyjaciel lepszy od dwóch nowych* (É mellor un vello amigo ca dous novos).

Por outra banda, volve aparecer o viño, probablemente porque é un dos poucos produtos que mellora cos anos. Pero neste caso non só está presente nos refráns galegos (*Amigo e viño, o máis antigo* ou *Amigo, vello; touciño e viño, anellos*), senón tamén nos polacos: *Stary przyjaciel, stare wino, stare złoto: świeższym nie ustępują* (Amigo, viño e ouro vellos non poden compararse cos novos).

14. Os amigos de leria

Independentemente do tempo que haxa que os coñecemos, este tipo de amigos non adoitan ser moi fiables. Por amigos de leria entendemos aqueles que poden falar e aconsellar durante horas pero, á hora da verdade, non actúan como é debido e, por tanto, a fraseoloxía convérteos en amigos dubidosos: *Amigo de dúbida é o que te aconsella e podendo non te axuda* ou *Amigo de verba, cabalo de herba e casa de terra, todo é merda*. Estes son dubidosos porque, como xa comentamos, *Os amigos certos son os probados con feitos*. Ademais, cando os amigos son de verdade, nótase: *Amigos que se coñecen, dende lonxe se saúdan*.

Tamén podemos incluír neste grupo de amigos de leria as amizades que se xorden nos bares (*Amigos de taberna, amigos de merda*) e especialmente cando hai alcohol de por medio: *Przyjaźń zawarta przy kieliszku wódki zwykle ma żywot krótki* (A amizade feita cun vaso de vodka dura pouco).

15. Amigos semellantes

Se ben é certo que cada persoa é única, hai unha certa tendencia a xuntármonos con aquelas persoas coas que temos máis en común, aquelas que comparten a nosa maneira de pensar e mesmo de vivir: *Każdy przyjaciela według siebie szuka* (Todo o mundo busca un amigo semellante). O que é máis, de acordo coa fraseoloxía polaca, o feito de pensar de maneira distinta dificulta a amizade: *Gdzie się myśli nie zgodzą, tam przyjaźń dziurawa* (Onde os pensamentos non son os mesmos, a amizade ten buracos). De aí a importancia das similitudes entre amigos: *Jakowego kto sobie przyjaciela obrał, takowy i sam być musi* (Se escolles un tipo de amigo, tes que ser coma el) ou *Jakiego chcesz mieć przyjaciela, takim mu się staw* (O tipo de amigo que queiras ter, o tipo amigo que tes que ser).

Agora ben, non se sabe se foi primeiro o ovo ou a galiña, é dicir, somos amigos porque somos semellantes ou somos semellantes porque somos amigos? Consonte a fraseoloxía galega, os amigos exercen tamén certa influencia na nosa maneira de comportarnos: *Tales amigos temos, tal vida facemos* ou *Cada un baila aseguín os amigos que andan na danza*.

16. Amigos ricos, amigos pobres

Para tipos de amigos, atopamos unha serie de unidades fraseolóxicas en galego nas que se amosa os amigos que viven no ámbito rural como persoas quer

necesitadas, quer aproveitadas: *Amigo campesiño, comerache o pan e beberache o viño*. En calquera caso, isto fai que estes amigos non sexan desexados na fraseoloxía galega, que recomenda evitalos: *Amigo de aldea, pra quen o queira; Amigo de aldea, quen queira telo que o teña; O amigo da aldea, pra tí sexa* ou *Amigo de montaña, quen o perde gaña*.

Agora ben, *Non busques por amigo ó rico nin ó nobre, senon ó bo inda que sexa probe* contradí a idea anterior, dándolle prioridade, non á riqueza, senón á bondade. Esta mesma idea observámola tamén en polaco: *Przyjaźń nie tytułów, ale serca potrzebuje* (A amizade non precisa de ningún título, senón de corazón). Pola súa banda, *Pańska przyjaźń lepsza z datkiem* (A amizade do señor, mellor cun detalle) amosa un tipo de amizade subordinada, aínda que non se desaconsella, cousa que en galego si se fai, referíndose a tres grupos de amigos en concreto: *Non teñas por amigo crego, frade nin xudeo*.

17. Outros amigos

Ao comezo falabamos dos amigos imaxinarios durante a infancia, igual de importantes que os reais, pois en ningunha parte di que os amigos teñan que ser persoas. Os amigos tamén poden ser animais (*O can é o mellor amigo do home; Prawdziwy przyjaciel to twój pies* (Amigo de verdade é o teu can) ou *Bo amigo é o gato se non rabuñara*) ou libros (*Non hai millor amigo que un bo libro* ou *O millor amigo, un libro*).

Tamén os cartos son uns amigos recorrentes na fraseoloxía galega: *O amigo máis certo é o diñeiro; O millor amigo, un peso; Non hai millor amigo que un peso na faltriqueira* ou *O millor amigo, a bolsa*. Por último e volvendo ás persoas, atopamos os veciños, que tamén poden ser bos amigos (*Quen ten un bo veciño ten un bo amigo*), aínda que, por desgraza, non sempre: *O millor amigo non é o veciño*.

18. Os defectos dos amigos

Sen defectos non hai ninguén e, por ben deles que teñan os amigos, seguen sendo amigos e, por tanto, temos que quereos como son (*Ao amigo hai que aturalo co seu vicio*) mesmo se estes non nos agradan: *O amigo, sufrilo*. Do mesmo modo, ter un amigo implica tamén aceptar tamén os seus gustos e condicións: *Kto miłuje przyjaciela, miłuje i psa jego* (Quen ama a un amigo, ama o seu can); *O amigo do meu amigo é meu amigo* ou *Przyjaciele naszych przyjaciół są naszymi przyjaciółmi* (Os amigos dos nosos amigos son os nosos amigos).

Agora ben, non por seren amigos hai que perdoalo todo. Tal e como nos lembra o seguinte refrán polaco, perdoar si, pero sempre e cando non sexan defectos moi graves: *Przyjacielskie wady znaj, a małe przebaczaj* (Coñece os defectos dos teus amigos e perdoa os pequenos). Con defectos pequenos ou grandes, grazas aos amigos podemos tamén permitirnós certas licenzas: *Por un amigo xa se pode botar un gotiño* ou *Por un amigo non é pecado que se emborrache un home honrado*.

19. A amizade como tesouro

E como os amigos valen moito, tamén hai refráns, tanto en galego como en polaco, que comparan a amizade coa riqueza, no caso dos refráns galegos (*Quen ten un bo amigo téñase por rico* ou *Ben pode dicir que é rico o que ten bos amigos*) e con tesouros nos polacos: *Kto znalazł przyjaciela, skarb znalazł* (Quen atopou un amigo, atopou un tesouro) ou *Przyjaźń lepsza niż złoto* (A amizade é mellor que o ouro). Por esta razón, é preferible a amizade aos cartos, ben sexan aforros en xeral (*Máis vale amigo na praza que diñeiro na arca* ou *Lepszy przyjaciel w potrzebie niż pieniądze w garści* (É mellor un amigo cando o precisas que cartos no peto)) ou durante unha situación concreta na que se precisan cartos como pode ser unha viaxe: *Przyjaciel w podróży lepiej niż pieniądze posłuży* (É máis útil un amigo nunha viaxe que cartos). Se é que está claro: *Przyjaźń najwyborniejszą jest przyprawą życia* (A amizade é o condimento máis selecto da vida).

Ademais, a fraseoloxía polaca lémbra-nos a importancia e a necesidade de contarmos con amigos nas nosas vidas: *Każdy ma swojego przyjaciela, swoją obronę* (Todo o mundo ten o seu amigo, a súa defensa) ou *Przyjaciela zawsze trzeba każdemu jak wody, chleba* (Todo o mundo precisa sempre un amigo como auga, pan). No tocante aos refráns galegos, van un pouco máis lonxe e insisten en que é bo ter amigos independentemente das circunstancias: *Amigos, mesmo no inferno* ou *Bo é ter un amigo, inda que sexa no inferno*.

Por último, os refráns polacos recórdannos a parte máis positiva da amizade, que é a ledicia, a felicidade: *Gdzie przyjaźń, tam radość* (Onde hai amizade, hai ledicia); *Gdzie przyjaźń panuje, tam wesołość z ochotą przebywa* (Onde a amizade prospera, a ledicia séntese a gusto) ou *Przyjaciele ze szczęściem idą* (Os amigos van canda a felicidade). Que mellor tesouro que este?

Conclusións

Malia estaren a cultura galega e a polaca tan afastadas a nivel xeográfico e histórico, non deixa de sorprendernos que existan refráns tan semellantes para expresar unha mesma realidade. Nalgúns casos as diferenzas son mínimas, como *A inimigo que foxe, ponte de prata* e *Uciekającemu nieprzyjacielowi trzeba złoty most budować* (Para un inimigo que foxe tes que construír unha ponte de ouro), onde a única variable é o material do que está construída a ponte, prata e ouro respectivamente ou *De compadre a compadre, nos ollos sangue* e *Od przyjaciela do przyjaciela krew w oku* (De amigo a amigo, sangue no ollo), onde as diferenzas son de número: ollos na versión galega e ollo na polaca. Noutros casos, os refráns nunha e noutra lingua son practicamente iguais, non só na imaxe, senón tamén na forma, como *Amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perda pouco importa* e *Przyjaciel, który nie daje i nóż, który nie kroi, są mało warci* (Amigo que non dá e coitelo que non corta, non valen moito), xunto con *O can é o mellor amigo do home* e *Prawdziwy przyjaciel to twój pies* (Amigo de verdade é o teu can) ou *Ao inimigo, nin auga; Nieprzyjacielowi nie podaj ani wody* (Ao inimigo non lle deas nin auga), que se distinguen unicamente na presenza do verbo dar en polaco, que se omite en galego.

Evidentemente, existen algúns trazos culturais importantes que tamén se manifestan na fraseoloxía. No tocante aos refráns galegos, aparecen moitas referencias ao mundo do campo e ás tarefas agrícolas, como: *Amigo de aldea, quen queira telo que o teña* ou *Ese é meu amigo, que moe no meu muiño*. Estes elementos representan a importancia do mundo rural na idiosincrasia galega. Porén, teñen moitísima menos presenza no refraneiro polaco, probablemente porque o mundo rural en Polonia non posúe a mesma importancia nin as mesmas implicacións emocionais que en Galicia.

Porén, tamén hai no refraneiro polaco elementos culturais característicos como, por exemplo, o vodka. Non hai máis que comparar as seccións de bebidas alcohólicas dos supermercados polacos e galegos para decatármonos de que as porcentaxes de vodka e viño son moi distintas. Por iso non é de estrañar que cando en galego falamos de xerros de viño (*Na cama e na cadea coñécese o amigo, e non entre xerros de viño*) en polaco se fale de vasos de vodka: *Przyjaźń zawarta przy kieliszku wódki zwykle ma żywot krótki* (A amizade feita cun vaso de vodka dura pouco).

Outro elemento cultural que atopamos en polaco e non en galego fai referencia ao xeo, é dicir, á neve: *Pojednana przyjaźń, jak marcowy lód* (A amizade

reconciliada é coma o xeo de marzo). Sobre a presenza da neve en Polonia non é preciso dar moita explicación, simplemente remarcar que os invernos máis longos que houbo foron, precisamente, os que duraron ata abril. De aí que apareza un marzo con neve como algo negativo.

Tamén é importante en ambas as dúas linguas a presenza de elementos de carácter relixioso: *Dos amigos gárdeme Dios, que dos enemigos gardámonos nós* e *Strzeż mnie, Panie Boże, od przyjaciół, bo od wrogów sam się obronię* (Protéxeme, Deus, dos amigos, que dos inimigos xa me defendo eu); se ben é certo que en polaco só atopamos referencias a Deus: *Bóg był Bogiem, a miał nieprzyjaciół* (Deus era Deus e tiña inimigos), mentres que en galego tamén as hai a Xesucristo (*Anque Cristo pra amigos os escolleu, un dos doce o vendeu, outro o negou e outro non o creu*), aos pecados (*Por un amigo non é pecado que se emborrache un home honrado*), ao demo (*Dade ao demo o amigo que vos deixa a palla e vos leva o trigo*) e ao inferno: *Bo é ter un amigo, inda que sexa no inferno*. Nos dous casos estamos a falar de dúas culturas tradicionalmente relixiosas, malia que a evolución fose e estea sendo distinta na actualidade. O que a fraseoloxía nos permite entrever é que Galicia mantén a dicotomía deus/demo como símbolos do ben e do mal, por algo perduran na cultura galega un amplo abano de seres malévolos como as meigas ou a Santa Compañía. No entanto, a representación destes seres, xunto co propio demo na cultura polaca é mínima.

Teñen, ademais, moita presenza en ambas as dúas linguas a comida e os animais, aínda que parecen predominar entre os refráns galegos. Sobre os alimentos: *Ó bo amigo, co teu pan e co teu viño* ou *No tempo dos figos non hai amigos* en galego e *Chcąc poznać przyjaciela, trzeba z nim beczkę soli zjeść* (Para coñecer a un amigo tes que comer con el un barril de sal) en polaco. No tocante aos animais: *Amigo polo seu proveito, anduriña no teito* ou *O amigo leal e franco, ese é un merlo branco* en galego, e *Wilk chowany, przyjaciel jednany, Żyd chrzczony – niepewny* (Lobo cativo, amigo reconciliado e xudeu bautizado non son seguros) en polaco.

Non deixa de ser notoria a cantidade de refráns sobre os inimigos que, en moitos casos acompañan os amigos na mesma unidade como: *Pra amigos, todos; pra enemigos, abonda un soio* en galego ou *Gorszy jeden wróg niż przyjaciół stu* (É peor un inimigo que cen amigos) en polaco. Aínda que atopamos bastantes unidades fraseolóxicas sobre os inimigos en ambas as dúas linguas, neste caso parece haber unha presenza moito maior no refraneiro polaco.

Como non, outro tema moi recorrente é o dos cartos, que aparece tanto en galego como en polaco. Agora ben, en galego non só atopamos refráns que se refiren ao diñeiro como tal (*Non hai amigo nin irmán, se non hai diñeiro na man*), senón tamén sobre unha moeda concreta, o peso: *Non hai millor amigo que un peso na faltriqueira*. Porén, en polaco, só hai alusións aos cartos (*Chceszli przyjaciela stracić, pieniędzy mu pożycz* (*Se queres perder un amigo, déixalle cartos*)). Esta aparente ausencia de moeda compénsase coas referencias ao ouro, que si atopamos entre os refráns polacos e non entre os galegos: *Stary przyjaciel, stare wino, stare złoto: świeższym nie ustępują* (Amigo, viño e ouro vellos non poden compararse cos novos) ou *Przyjaźń lepsza niż złoto* (A amizade é mellor que o ouro). Debemos lembrar neste punto que o nome da moeda polaca, złoty, significa, precisamente, «de ouro».

No que se refire á maneira de expresar as distintas realidades, parece que a fraseoloxía polaca ten unha maior predisposición ao uso da linguaxe referencial, resultando moito máis directa para o destinatario: *Przyjacielskie rzeczy wspólne* (As cousas dos amigos son comúns). No entanto, no refraneiro galego é máis frecuente o uso da linguaxe figurada, maiormente mediante metáforas que, por un lado pretenden atenuar o contido do refrán por se puidese resultar violento para o oínte, pero por outro, grazas a isto, adquire tamén moito máis colorido: *Renega do amigo que te cobre coas ás e te morde co bico*. Isto pode deberse á humildade da sociedade galega que non quere, baixo ningún concepto, que o interlocutor se sinta ofendido, malia que nalgúns casos se dificulte a comprensión. No entanto, á sociedade polaca é máis directa neste sentido, tal e como pode comprobarse nos manuais de polaco para estranxeiros, onde se insiste no perigo da pregunta *Jak się czujesz?* (Como estás?). Mentres na cultura hispana é en moitas ocasións un mero saúdo do que non se espera resposta e, de habela, un galego sempre respondería «bueno», un polaco interpretará a pregunta literalmente e comezará a falar dos seus problemas.

O mesmo acontece no tocante á rima, tamén moi propia dos refráns. Atopamos refráns rimados en ambas as dúas linguas, se ben parece que este recurso é máis común na fraseoloxía galega, sexa rima asonante (*Amigos e mulas fallan ás duras ou consonante*) ou consonante: *Do amigo que non che empreste, fuxe coma da peste*. Ben é sabido que a rima facilita moitísimo a memorización. Se ollamos ao pasado (ou mesmo ao presente) e comparamos as taxas de alfabetización en Polonia e Galicia, as contas cadran. Por este motivo, entre outros, debemos insistir na importancia de conservarmos a fraseoloxía porque

é unha fonte inesgotable de riqueza e porque grazas a ela podemos entender moito mellor a cultura na que se insire.

Por último, lembramos que a finalidade deste traballo non é sementar este-reotipos dunha e outra sociedade, aínda que «habelos, hainos», senón facer unha contribución, por pequena que sexa, á fraseoloxía contrastiva en xeral e á galega en particular, á vez que unha achega á lingua e cultura polaca para que, mesmo estando tan lonxe, a sintamos un chisco máis preto.

Bibliografía

- Adalberg, S. (1889-1894): *Księga przysłów, przypowieści i wyrażeń przysłowiowych polskich*, Warszawa: Druk Emila Skińskiego.
- Berner, J. (1992): *Mądry Głowie dość... przysłowie*, Łomża: Oficyna Wydawnicza «Stopka», Łomża.
- Masłowsky, D. e W. Masłowsky (2000): *Księga przysłów polskich*, Kęty: Wydawnictwo Antyk. *Refranero multilingüe* (1997-2006), Centro virtual Cervantes. Instituto Cervantes.
- Santamarina, Antón (coord.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Las metáforas de la muerte (con ejemplos del alemán, español y gallego)

CARMEN MELLADO BLANCO

Universidade de Santiago de Compostela

Der eigene Tod ist ja auch unvorstellbar,
und so oft wir den Versuch dazu machen,
können wir bemerken, daß wir eigentlich als
Zuschauer weiter dabei bleiben¹.

(S. Freud, *Zeitgemäßes über Krieg und Tod*, 1915)

1. Introducción²

El estudio de la muerte desde un punto de vista lingüístico y metafórico ha suscitado cierto interés en los últimos años (sobre todo desde la lingüística cognitiva), así en Lakoff y Johnson (1986: 51-52) y en Anders (1995) para el inglés, en Marín-Arrese (1996) para el inglés y el español, en Bierich (1998) para el checo, ruso, croata y serbio, en Alonso Montero (1970), Alonso Montero (2008) y en Montero Cartelle (1981: 117-130) para el gallego, en Buján Otero (2012) para el alemán y el gallego, en Piirainen para el alemán (2002) y en Piirainen (2000) para el dialecto del alemán de Westmünsterland *westmünsterländisch*. Para el alemán y el español, contamos con los estudios contrastivos de Piñel López (2003), Buján Otero y Mellado Blanco (2010), Mellado Blanco/Iglesias Iglesias (2011) y Mellado Blanco (2013), estando Buján Otero y Mellado Blanco (2010) y Mellado Blanco e Iglesias Iglesias (2011) centrados en aspectos contrastivos de tipo pragmático basados en lingüística de corpus. La vertiente eufemística de las expresiones del campo conceptual ‘muerte’ se aborda en Luchtenberg (1985: 95-102) y en Hessky (2001) en relación al alemán, para el francés y el italiano en Reutner (2009: 45-52), para el español en Crespo Fernández (2008) y Crespo Fernández (2014), estudios todos ellos muy valiosos porque suponen un acercamiento

¹ “La propia muerte es algo unimaginable y por mucho que hagamos el intento de imaginárnosla constataremos que no somos más que meros espectadores” [Traducción de la autora].

² Trabajo surgido de las investigaciones llevadas a cabo en los proyectos del Ministerio de Economía y Competitividad *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico* (HUM2007-62198/FILO) y *Combinaciones fraseológicas del alemán de estructura* [Prep. + Sust.]: patrones sintagmáticos, descripción lexicográfica y correspondencias en español (FFI2013-45769-P).

pragmático al tema, en concreto en los trabajos de Crespo Fernández sobre las expresiones escritas en los epitafios. Un enfoque especialmente original es el de Baranov y Dobrovol'skij (2009: 453-459), quienes relacionan la forma interna (imagen) de los fraseologismos (FR) que designan 'muerte' con la posibilidad de desarrollar polisemia regular en su significado y con posibles restricciones y preferencias de uso.

Las unidades citadas en este trabajo proceden, para las tres lenguas objeto de estudio, de diccionarios idiomáticos monolingües y bilingües; para el gallego también del *Tesouro Fraseolóxico galego*³, de los fraseologismos recogidos en los artículos de Alonso Montero (1970), Alonso Montero (2008), Ferro Ruibal (2006), Buján Otero (2012) y del libro de Montero Cartelle (1981); para el alemán-gallego del corpus FRASESPAL⁴; para el alemán igualmente de Piirainen (2002), que recoge expresiones en torno a la 'muerte' no lexicalizadas a través de encuestas. Entre los fraseologismos no se han considerado ni las colocaciones, del tipo al. *unerwartet sterben* / gal. *morror repentinamente* / esp. *morir repentinamente*, por su falta de idiomatización, ni tampoco paremias (como gal. *Días de maio tan longo sodes, que morro de fame e morro de amores*), ni fórmulas rutinarias, por rebasar el límite suboracional en su estructura. Requisito imprescindible es, asimismo, el carácter plurilexemático de las expresiones, por lo que no se contabilizan los numerosos verbos prefijados del alemán con el significado 'morir' (cfr. los verbos recogidos en Bielińska, 2002)⁵. Las expresiones se caracterizan por un registro estilístico coloquial, diferentes marcas diatópicas y un desigual grado de lexicalización.

Por último resaltar la enorme ayuda que ha supuesto para el presente trabajo la elaboración del diccionario de casi 35.000 FR *Idiomatik Deutsch-Spanisch*

³ Agradezco a Xesús Ferro Ruibal el acceso al *Tesouro*, así como todas sus valiosas observaciones sobre aspectos antropológicos de la muerte en Galicia, muchas de las cuales tuve ocasión de exponer en el *Centro de Estudos Galegos* de la Universidad de Heidelberg en una conferencia sobre el tema en julio de 2013, titulada «Fraseoloxía contrastiva alemán-galego no campo conceptual 'morror'».

⁴ Agradezco para el español la contribución de Juan Pablo Larreta por la elaboración de una parte del corpus de unidades del español mediante encuestas a informantes.

⁵ Interesante es en todo caso, desde un punto de vista cognitivo, que los prefijos más frecuentes en estos verbos encajan en su semántica con las metáforas estudiadas en el presente trabajo. El prefijo «ab-» «die Fortbewegung von etwas weg» (*abreisen, abfahren, abtreten*), el prefijo «ent-» «die inchoative Aktionsart» (*entschlafen, entschlummern*), el prefijo «um-» indica «das Überführen von der vertikalen in die horizontale Lage» (*umkippen, umkommen*), etc. (vid. Bielińska, 2002: 204-206).

(Schemann et al. 2013) dentro del proyecto FRASESPAL, puesto que hemos podido incorporar el material idiomático alemán en el corpus con todas las equivalencias posibles al español. El objetivo del análisis llevado a cabo ha sido comparar cuantitativa y cualitativamente el uso de eufemismos y disfemismos en el campo cognitivo ‘muerte’. Para ello, se ha procedido a analizar los modelos cognitivos y las archimetáforas que emplea cada idioma para expresar el fenómeno de la muerte, prestando especial atención a los mecanismos de motivación de las unidades seleccionadas. Para la formulación de los modelos cognitivos nos ha sido de gran utilidad la clasificación onomasiológica del corpus del proyecto FRASESPAL (cfr. Mansilla Pérez, 2010), organizada en diez grandes taxones, algunos de ellos a su vez subclasificados de acuerdo con la invariable semántica del significado fraseológico de las entradas⁶. Los taxones constituyen criterios antropológicamente relevantes que definen de algún modo la relación del ser humano con la muerte como proceso (‘proximidad de la muerte’ / ‘morir’) y como estado (‘estar ya muerto’) y han sido formulados mediante una metodología inductiva. A este respecto hay que anotar que, en general, las expresiones relativas a la ‘muerte’ como estado son significativamente más reducidas que al proceso dinámico de ‘morir’, como constata Anders (1995: 60) en su trabajo, ya que «[d]as Sterben wird als dynamischer Vorgang interpretiert, der Tod als abstrakter Zustand» y en el primer caso «mehr Gesichtspunkte vorhanden sind, die beschrieben werden können»⁷.

⁶ La clasificación seguida en el corpus es la siguiente: M.1. Expresiones para designar la muerte como agente. M.2. Expresiones para designar «cadáver». M.3. Agonizar. M.4. Estar a punto de morir. M.5. Morir (M.5.1. Expresiones para morir en general. M.5.2. Morir en consecuencia de una acción deliberada, morir en una empresa, por un ideal, etc. M.5.3. Morir de muerte natural. M.5.4. Morir asesinado. M.5.5. Morir por un accidente. M.5.6. Morir violentamente. M.5.7. Morir apaciblemente. M.5.8. Morir joven. M.5.9. Morir de repente. M.5.10. Morir lúcidamente. M.5.11. Morir solo y abandonado. M.5.12. Morir por suicidio). M.6. Enterrar, entierro, luto. M.7. Estar ya muerto. M.8. Librarse de la muerte. M.9. Permitir a alg. que siga viviendo. M.10. Asesinato, asesinar. En otros corpus como el de Bierich (1998) se ofrece una clasificación semántica procedural de las expresiones en consonancia con el proceso natural de la muerte. En el diccionario onomasiológico de Schemann (2012: 35-38) se ofrece igualmente una clasificación temática con los siguientes subapartados: Ba1 *Geburt*, Ba2 *sterben (müssen)*, Ba3 *sich töten*, Ba4 *töten*, Ba5 *tot*, Ba6 *noch lebendig*, Ba7 *Beerdigung*, *Trauer*.

⁷ «[e]l morir se interpreta como un proceso dinámico y la muerte como un estado en abstracto» y en el primer caso «hay más puntos de vista que necesitan ser descritos». [La traducción es de la autora].

La formulación de los modelos cognitivos idealizados⁸ y las archimetáforas ofrecen en el marco de la lingüística cognitiva una valiosa plataforma para conocer los mecanismos de conceptualización que utiliza el ser humano para referirse a la muerte y al trance de morir. En este trabajo, basado en los subcampos M.5. (excepto M.5.12.), M.6. y M.7. del corpus FRASESPAL, restringimos el análisis a los siguientes modelos cognitivos de base metonímica MORIR ES DEJAR DE HACER UNA ACTIVIDAD COTIDIANA y MORIR ES EXPERIMENTAR UNA REACCIÓN CORPORAL, a algunas archimetáforas como MORIR ES DESCANSAR y a las expresiones en torno al *frame* ENTERRAMIENTO. Hemos elegido los mencionados modelos y archimetáforas por ser buenos representantes de disfemismos y de eufemismos, y al mismo tiempo por ofrecer interesantes diferencias interlingüísticas sobre todo en relación a la productividad de los disfemismos.

De acuerdo con Lakoff e Johnson (1986: 39), en este trabajo se defiende que la metáfora no solo impregna el lenguaje en todas sus dimensiones, sino también el pensamiento y la acción, puesto que «nuestro sistema conceptual ordinario, en términos del cual pensamos y actuamos, es fundamentalmente de naturaleza metafórica». El mecanismo asociativo de la metáfora es el que explica el nacimiento espontáneo de nuevos disfemismos basados en modelos cognitivos preexistentes que son parte constituyente del lexicón mental de los hablantes de una lengua. Así, el modelo cognitivo MORIR ES DEJAR DE REALIZAR UNA ACTIVIDAD COTIDIANA ha generado, en consonancia con su gran productividad en alemán, los neologismos: *die/seine Zeitung abbestellen; die FAZ/das Handelsblatt/den Heideboten/das Neue Deutschland abbestellen*, etc., literalmente «dar de baja la suscripción del periódico; dar de baja la suscripción de FAZ/das Handelsblatt/den Heideboten/das Neue Deutschland». Estas expresiones se apoyan en un sistema conceptual metafórico preexistente que explota un esquema común de pensamiento basado en que una persona que ha muerto deja de realizar las actividades de la vida cotidiana, como comer, hablar, respirar (actividades vitales), comprar o leer el periódico (actividades sociales).

En el campo conceptual ‘muerte’/ ‘morir’ advertimos de manera ejemplar cómo el hombre se sirve de lo más cercano: su experiencia con las reacciones corporales que provoca la muerte, tanto en seres humanos como en animales,

⁸ Entendemos el concepto de «modelo cognitivo idealizado» en el sentido de Jäkel (2003: 140), como conjunto de metáforas o archimetáforas conceptuales que responden a un mismo patrón cognitivo en la relación expresada entre sus respectivos dominios fuente y meta.

para denotar el referente de la muerte (vid. *infra* modelo cognitivo MORIR ES EXPERIMENTAR UNA REACCIÓN CORPORAL). Si bien es cierto que cada lengua tiene su idiosincrasia en la fraseología relativa a la muerte debido a las no siempre coincidentes tradiciones religiosas o sociales (cfr. Schemann, 2012: 15)⁹, no es menos cierto que la corporeización o «embodiment» en la que se basan las imágenes relativas a la muerte hace que las metáforas y metonimias sean más semejantes de lo que en un primer momento pudiera creerse, como nos recuerda Buján Otero (2012: 84):

É común que os falantes dunha lingua consideren que as imaxes da súa lingua son exclusivas, creacións propias e particulares, nas que fica reflectido parte do seu ser como cultura. E así pode ser na superficie. No entanto, cando imos a un nivel máis fondo e nos comparamos cos outros, atopamos que hai partes da vida humana que conceptualizamos de forma semellante e que, no fondo, o grao de converxencia é maior do que esperamos.

2. Eufemismos y disfemismos del campo conceptual ‘muerte’/ ‘morir’

Es el temor constante y el miedo atávico que provoca la muerte en el ser humano durante toda su vida la razón de que el desenlace final se verbalice en forma de perífrasis por medio de eufemismos y disfemismos, como afirma Montero Cartelle (1981: 118). Es un campo donde predomina el tabú desde las culturas primitivas¹⁰ (cfr. Piñel, 2003: 229), lo cual hace que las expresiones a las que aluden se revistan de un «manto» eufemístico o disfemístico para no hacer referencia al objeto denotado directamente (cfr. Hessky, 2001: 171). En un plano estrictamente lingüístico, lo primero que llama la atención es que tanto eufemismos como disfemismos evitan que se pronuncie el ortofemismo¹¹ gal. *morrer*/esp. *morir*/al. *sterben* o gal. *morto*/esp. *muerto*/al. *tot*. En la siguiente cita de Alonso Montero (2008: 15) se condesan los motivos por los

⁹ La cita concreta dice: «Der Tod wird bekanntlich je nach Religion, Kultur, Zeitalter, Gesellschaftsform, nach Lebensalter und nicht selten auch nach Geschlecht, nach Menschenschlag, Ethos, Beruf und anderen Faktoren sehr unterschiedlich gefasst» (Schemann, 2012: 15).

¹⁰ A este respecto es interesante la observación de Gondar (2005: 19) de que en las sociedades campesinas el tema de la muerte estaba más presente y era más recurrente que en la sociedad urbana: «Chama a atención que nesta operación de *damnatio mortis memoriae* nin sequera as palabras se libranon. Fronte ao que acontecía nas sociedades campesiñas, no mundo urbano falar da morte converteuse nun tema ineducado e de mal gusto».

¹¹ Según Crespo Fernández (2008: 98), el ortofemismo es «el término axiológicamente neutro o estrictamente referencial del concepto tabú, como es el caso de la palabra *muerte*».

cuales el trance de la muerte tiende a ser verbalizado tanto por eufemismos como por disfemismos:

O morrer é algo tan importante, orixina tal multitude de reaccións (tristura, xenreira, medo...) que, por forza, un idioma vese na obriga de forxar as denominacións concordes co mundo das inquedanzas que a morte provoca entre as xentes. O morrer non sempre se presenta como un feito grave ou dooroso. Xusto por ser un feito patético, una terribre mágoa, é polo que o home inventa os eufemismos, é dicir, aquelas fórmulas que, aludindo a unha realidade tremenda, réstanlle tremendismo (*finar, falecer, entregar a alma, irse*, etc. no canto do morrer). Tamén o humor, a rexouba e mais o xogo poden presidir algunha denominación cando concurren algunha circunstancias (*irlle gardar os pitos ó cura, ir dar esterco*). Neses intres nós estamos por enriba da morte, perdémoslle o respecto, e podemos xogar a nomeala de cen maneiras expresivas. Non nos extraña, pois, que a realidade ‘morrer’ orixine en calquera lingua un feixe, non pequeno, de denominacións



- Non debíamos morrer.
- Non debíamos; pero hai que deixarlle sitio aos rapaces. (Castelao, *Cousas da vida*, 1989: 10)

Conforme a Jachnow (1994) y Piirainen (2002: 217), los mecanismos psico-pragmáticos para designar veladamente a la ‘muerte’ son la glorificación mediante la religión, su minimización, dulcificación o cuasi-negación (eufemismos), y por otra parte su banalización, ridiculización o brutalización, mediante la acentuación de su carácter cotidiano.

Algunos de los eufemismos, en su búsqueda por «dulcificar la realidad», niegan la muerte apoyándose en el mito de la vida eterna, el cual sirve de consuelo para encarar el final de la vida. En palabras de Fructuoso (2006):

[l]a muerte es lo definitivamente inexplicable. Tan incomprensible, tan terrible en su insondable misterio que casi sólo puede ser pensada a través del recurso al mito. El alma será el mito, el cristal a través del cual resultará soportable pensar la muerte.

A su vez, Profantová (2006: 300), destaca el valor de las creencias religiosas de los pueblos como estrategia importante de superación de la muerte: «[d]ie Überwindung des Todes durch emotional-rationale Mittel der verschiedenen Religionen und den Glauben an ein Leben nach dem Tod»¹². Teniendo esto en cuenta, es fácil comprender cómo muchas metáforas basadas en el eufemismo tienen al alma como protagonista y su liberación del cuerpo (al. *den Geist aufgeben*) en el momento de la exhalación del último aliento: al. *die/seine Seele aushauchen*, y sinónimas de este FR: al. *sein Leben aushauchen*; *seinen Atem aushauchen*. La inmortalidad del alma supone para ésta disfrutar de la compañía divina, de ahí los FR con la palabra Dios: *jmds. Seele ist (schon) bei Gott*. Por su parte, al contrastar las imágenes que dan cuerpo a las estrategias aludidas, se visualizan caminos convergentes y divergentes que cada lengua ha ido adoptando en su evolución con respecto a los eufemismos y disfemismos del campo cognitivo ‘muerte’. Los dominios fuente de los que beben los eufemismos y disfemismos conceptualizan diferentes maneras de enfrentarse con el tabú de la muerte desde distintas perspectivas. Como muy acertadamente afirma Crespo Fernández (2008: 85):

[L]a estructura cognitiva del dominio fuente permite categorizar el dominio término a partir de nuestra propia experiencia física o cultural, no es sino en esta correspondencia entre ambos dominios conceptuales donde la asociación cognitiva lleva a cabo la atenuación y, dependiendo del dominio fuente

¹² «[l]a superación de la muerte a través de mecanismos emocional-rationales de las diferentes religiones y de la creencia en una vida más allá de la muerte». [Traducción de la autora].

empleado en la categorización eufemística, estaremos conceptualizando el tabú de una u otra manera. El dominio fuente es, por tanto, utilizado para entender, estructurar y, en casos como el propuesto, mitigar la referencia al hecho de la muerte.

Si partimos de la definición que da el diccionario de Glück (1993: 176), un eufemismo «ist eine durch gesellschaftliche, ideologische oder religiöse Konventionen verursachte beschönigende, “verhüllende” Ausdrucksweise» («una forma de expresión basada en convenciones sociales, ideológicas o religiosas con una función tabuizante y embellecedora»). A su vez, el DRAE define el eufemismo como «manifestación suave o decorosa de ideas cuya recta y franca expresión sería dura o malsonante», y el disfemismo como «modo de decir que consiste en nombrar una realidad con una expresión peyorativa o con intención de rebajarla de categoría, en oposición a *eufemismo*» (cfr. también Piirainen, 2002: 217). Más completa nos parece la definición de eufemismo y disfemismo de Anders (1995: 33):

Der Euphemismus verschleiert den Ausdruck, den es zu vermeiden gilt und fungiert dabei gleichzeitig als Spiegel gesellschaftlicher Anschauungen. Stilistisch gehört er meist einem gehobenen Sprachregister an. Im Gegensatz zum Euphemismus steht der Disphemismus – in humorvollen, groben oder obszönen Bildern wird Ernstes oder Erhabenes ins Lächerliche gezogen. Diese scherzhaften Ersatzbezeichnungen gehören meist den unteren Sprachregistern, oft auch dem Slang, an¹³.

Los disfemismos, aun teniendo como referente último la misma realidad que los eufemismos, a saber, el fenómeno tabuizado de la muerte, aluden a dicha realidad en un tono humorístico, lo cual provoca automáticamente una distancia con respecto al suceso, relativizando su importancia (cfr. Piirainen, 2002: 217). Las expresiones basadas en el disfemismo son al mismo tiempo irónicas porque ridiculizan al referente y ponen en entredicho su importancia. Asimismo, estas expresiones están dotadas de un alto grado de ingenio, lo cual acentúa su efecto hilarante en el oyente. Por lo que respecta al nivel de uso, mientras que el eufemismo del campo conceptual ‘muerte’ suele em-

¹³ «El eufemismo oculta la expresión de lo que hay que evitar decir, funcionando así como espejo de las creencias sociales. Desde un punto de vista estilístico se adscribe a un registro estilístico más bien formal. Como fenómeno contrario al eufemismo hay que citar el disfemismo: A través de imágenes llenas de humor, de mal gusto o incluso obscenas, lo serio y elevado se convierte en ridículo. Estas designaciones jocosas substitutivas son propias de registros de lengua bajos y muchas de ellas proceden del *slang*». [Traducción de la autora].

plearse en un ámbito culto, como por ejemplo el eclesiástico, el disfemismo va, generalmente, acompañado de la marca ‘coloquial’, ‘informal’ o ‘vulgar’.

Este es el motivo por el cual eufemismos y disfemismos con el significado ‘morir’ no son intercambiables entre sí en el contexto, como apunta Penadés Martínez (2012: 260-261) en relación a los disfemismos esp. *cascarla, espicharla, espicharlas, hicarla, palmarla, chingarla; diñarla; endiñarla; espelecharla*, y a los eufemismos esp. *dar el/su alma a Dios, descansar en la paz del Señor, llamar a alg. el Señor*, etc. Los eufemismos por una parte y los disfemismos por otra estarían, según Penadés Martínez (2012: 260), en «distribución complementaria por su marcación de estilo, que conduce a utilizarlas en contextos de naturaleza diferente»¹⁴. Teniendo en cuenta la teoría de los actos de habla (cfr. Searle, 1969), la función primera de los disfemismos sería la expresiva humorística y las implicaturas principales del hablante serían las de IRONIZAR o BANALIZAR, p. ej. esp. *pijama de palo* / al. *Holzpyjama* para ‘ataúd’. En gallego, se documentan las siguientes expresiones para ‘ataúd’: gal. *camisa de madeira, chaleco de pau, pixama de pino, traxe de pau* (Montero Cartelle, 1981: 134)¹⁵.

Existen determinados dominios fuente propensos a ser conceptualizados por medio de un disfemismo, como las expresiones que significan ‘haber muerto’ desde la perspectiva de las actividades corporales o intelectuales que el ser humano deja de realizar cuando muere (p. ej. gal. *perder a culler; non contar o conto*; esp. *colgar los tenis; no contarla* / al. *den Löffel abgeben; keinen Piep mehr sagen*) o desde el ángulo de las reacciones corporales al morir (muchas de ellas en relación al *rigor mortis*): gal. *facer a carantoña, estarricar a pata, estricar a perna, estirar o rabo, recachar o rabo, aparecer co rabo para arriba*; esp. *quedarse tieso, estirar la pata, torcer la pestaña, torcer el pescuezo, poner los ojos en blanco* / al. *den Arsch zukneifen, alle viere von sich strecken; die Augen auf Null stellen*, etc. Se trata en todos los casos citados de metonimias basadas en una

¹⁴ Ya el lexicógrafo Casares (1950: 153) se refirió a los eufemismos como fórmulas literarias de la lengua escrita y a los disfemismos como expresiones «plebeyas»: «[...] podemos colocar sobre el tapete las fórmulas siguientes, estilísticamente graduadas, partiendo de las que son propias de la elocución literaria o de la lengua escrita, hasta llegar a las francamente plebeyas: *finar, expirar, fallecer, acabar, pasar a mejor vida, espichar, palmar, hincar el pico, estirar la pata*. ¿Cuál es el substrato conceptual irreductible y común a todas estas fórmulas? *Morir*».

¹⁵ Según Montero Cartelle (1981: 134), el objeto mortuorio del ‘ataúd’ se presta especialmente para la formación de disfemismos. En los fraseologismos gallegos *acabar nunha hucha de pao* y *vestir a caixa de piñeiro* aparece este concepto en tono disfemístico, en paralelismo absoluto con el alemán: *das Holzpyjama anziehen* (cfr. Buján Otero, 2012: 92).

relación de contigüidad causa-efecto, en los que la imagen hace alusión al efecto inmediato que produce la muerte en el ser humano. En otros casos, los disfemismos no descansan en metonimias, sino en metáforas. Así, la metáfora MORIR ES MARCHARSE es muy productiva a la hora de generar disfemismos de tono humorístico que se usan normalmente en tiempo verbal pasado: gal. *cambiar de barrio, coller o pasaporte, ir para a pataqueira*; esp. *irse al otro barrio; liar el petate; ahuecar el ala* / al. *ein Stockwerk/eine Etage tiefer ziehen; sein Ränzlein schnüren*.

Tanto en gallego, como en español y alemán se observa un fuerte proceso de arcaización de eufemismos procedentes del ámbito religioso y relacionados con la idea del paso del alma a otro mundo o de la eternidad del alma¹⁶. Dichos eufemismos han dejado de tener como referente principal el acto de morir, desarrollando significados por un procedimiento de polisemia regular (cfr. Baranov e Dobrovol'skij, 2009: 453-459; Mellado Blanco e Iglesias Iglesias, 2011: 123-126). Tal es el caso de FR como gal. *pasar a mellor vida*; esp. *pasar a mejor vida; descansar/dormir el sueño de los justos*; al. *den Geist aufgeben; den Weg alles Irdischen gehen; den Schlaf der Gerechten schlafen*¹⁷, entre otros muchos, los cuales han pasado de un nivel elevado formal a uno coloquial adoptando nuevos significados a partir de 'morir', en muchos casos con sujeto [-hum] referentes a procesos de la vida moderna como 'avería' de ordenadores, electrodomésticos o vehículos. La generalización de un uso irónico aplicado a sujetos [-hum] lleva a que cuando estas expresiones se utilizan con el sentido originario 'morir', con sujeto [+hum], se haga en tono humorístico o disfemístico.

En los siguientes testimonios vemos como el fraseologismo *pasar a mellor vida*, se puede utilizar en la actualidad, junto al sentido eufemístico y registro elevado (ejemplo 1), también en sentido irónico (ejemplos 2 y 3, con un sujeto [-hum], [+animal], y ejemplo 4, con un sujeto [-hum], [+cosa]),¹⁸:

¹⁶ Cfr. a este respecto Schemann (2012: 15-16) en torno a la arcaización de las expresiones religiosas del campo suicidio 'suicidio', así como Buján Otero (2012).

¹⁷ Para un estudio pragmático detallado del al. *den Schlaf der Gerechten schlafen* y esp. *descansar/dormir el sueño de los justos* vid. Buján Otero/Mellado Blanco (2010).

¹⁸ Un fenómeno semejante de «disfemización» se aprecia en el fraseologismo equivalente a *pasar a mellor vida* en alemán: *den Weg alles Irdischen gehen*, que ha adoptado el significado de 'desaparecer' con un sujeto [-hum], [+cosa]: *Nicht viel hat gefehlt, und die historische Papiermaschine PM1 wäre den Weg alles Irdischen, in die Verschrottung gegangen*. (A98/SEP.53617 St. Galler Tagblatt, 01.09.1998, Ressort: TB-GO) [Beleg aus DeReKo, COSMAS II].

(1) Estiven orando na sepultura dun amigo que **pasou a mellor vida**, e o único libro que comigo vai, e un dos seus poemas que está na miña alforxa. (Tránsito dos gramáticos, Marilar Aleixandre, 1993) (ejemplo de de Buján Otero, 2012: 85).

(2) Mentres as dúas primeiras son aloumiñadas pola prensa, e cada unha no seu momento foi presentada en sociedade como un aquel do outro mundo xunto a seus pais putativos, Parrula **pasou a mellor vida**, a que a encefalopatía esponxiforme lle tiña preparada, no medio da polémica, sen apoios e incinerada para non deixar rastro do seu paso por España. (*O Correo Galego*, Carmen Ferreras, 2000-12-06/51) (ejemplo de de Buján Otero, 2012: 85).

(3) É increíble que algo tan viscoso e pequeno controle todo o noso corpo... *bueno, o corpo dese porco que **pasou a mellor vida**. (Ejemplo tomado de la red: <http://www.colexiomariaassumpta.com/index.php?option=com_content&view=category&layout=blog&id=33&Itemid=12>).

(4) Chumby deixa de vender os seus equipos. **Pasou a mellor vida**? Malas noticias para os usuarios da plataforma Chumby. (Ejemplo tomado de la red: <http://es.globedia.com>).

Otro testimonio en gallego de un doble uso eufemístico (5) y disfemístico (6), en este último con una actualización del significado literal del FR mediante el lexema *xardineiro*, se observa en *criar malvas*:

(5) Isto vai levar tanto tempo que temo que para aquela **estea criando malvas**. (Ejemplo tomado de la red: <http://mostradordeprestamos.wordpress.com/2009/01/20/funcionarizacion-si-ou-non/>).

(6) [...] Os meus alumnos cando cheguen a conselleiros, e eu **estea criando malvas** -de *xardineiro* como dixo un deles- non quedarán mudos. (Ejemplo tomado de la red: <http://www.laopinioncoruna.es/opinion/2500/meus-alumnos-aprenderon-o-himno/127911.html>).

En español sucede algo semejante con el FR *pasar a mejor vida* en el siguiente ejemplo de la prensa:

(7) Ataúd ecológico para **pasar a mejor vida** con la conciencia ecológica tranquila. <www.es.euronews.net/tag/muerte>

Podríamos estar ante FR con doble vertiente funcional, dependiendo de la situación de uso y de la intencionalidad del hablante. En el primer caso (uso

disfemístico) se presenta una metaforización por cambio clasemático cuando el sujeto [+hum] pasa a ser sujeto [-hum] (ejemplo 1), o simplemente un cambio en el registro cuando el sujeto sigue con el rasgo semántico [+hum] (ejemplo 2). La trivialización de las expresiones eufemísticas hace que se conviertan en disfemísticas, lo cual conlleva un cambio de registro en el nivel estilístico, pasando de culto, literario, formal o elevado a coloquial, con intencionalidad humorística o irónica, según los contextos. Ruiz Gurillo (2009: 376) comenta en este sentido que «el cambio de registro es, en el nivel sincrónico, un indicador de ironía», fenómeno que parece ajustarse a nuestros casos de estudio.

Por los ejemplos estudiados en el corpus FRASESPAL, se registra un importante retroceso de uso de eufemismos relacionados directamente con el ámbito religioso en alemán y español. En el caso de emplearse lo hacen a menudo o un sentido translaticio o bien en tono disfemístico. En este contexto, contamos para el español con el interesante estudio empírico realizado por Crespo Fernández (2008) a partir de 1253 inscripciones en nichos y losas desde 1878 hasta nuestros días, el cual pone de manifiesto un claro retroceso de los eufemismos basados en metáforas, los cuales «constituyen un recurso propio del sentimentalismo propio de épocas pasadas y poco común de la sociedad actual». Con ello se refiere en concreto a los epitafios basados en las metáforas MORIR ES SUBIR AL CIELO y MORIR ES CAER POR DIOS Y POR ESPAÑA (asociada a los caídos en la Guerra Civil Española). Asimismo, la metáfora MORIR ES DESCANSAR se ha reducido hoy a un cuarto desde las primeras inscripciones estudiadas de finales del S.XIX.

3. Tipos de motivación en los eufemismos y disfemismos en torno al campo conceptual ‘muerte’/‘morir’

De acuerdo con la clasificación de la motivación realizada por Dobrovol'skij e Piirainen (2009), nos centraremos en la motivación metafórica (metáforas conceptuales y metonimias por una parte y metáforas basadas en marcos, *frames*, por otra parte) y en la motivación simbólica, de raíces culturales como la Antigüedad Clásica, la literatura universal o la Biblia.

3.1. Motivación metafórica: metáforas conceptuales

A) Motivación metafórica la encontramos por ejemplo en las siguientes metáforas conceptuales:

1. MORIR ES TENER POCO TIEMPO, con los eufemismos: gal. *chegarlle a hora a alg.; chegarlle a hora de pechar os ollos a alg.; chegarlle a súa hora (deradeira) a alg.*; esp.: *llegarle a alg. la/su hora; tener los días contados; tener las horas contadas; acabar su tiempo*; al. jmds. *Tage/Stunden sind gezählt; jmds. Zeit/Stunde ist gekommen; seine (letzte) Stunde hat geschlagen; das letzte Stündlein hat geschlagen/kommt; seine Uhr/Sanduhr ist abgelaufen; seine Uhr hat geschlagen/ist stehen geblieben*.

2. MORIR ES DESCANSAR¹⁹, ya presente en la Antigüedad (cfr. Piñel, 2003: 233) en forma de eufemismos²⁰. Así en gallego: *descansar no Señor; descansar en paz; durmir o sono eterno*; en español: *descansar en paz; descansar en la gloria eterna; descansar/reposar en la paz del Señor; descansar/dormir el sueño de los justos; descansar en tierra santa; descansar/reposar junto al Señor; descansar en tierra extraña; dormir el sueño eterno*. En alemán: *in den ewigen Frieden eingehen; zur ewigen Ruhe eingehen; seine ewige Ruhe/seinen Frieden finden; für immer eingeschlafen sein; den Schlaf der Gerechten schlafen; für immer zur Ruhe gehen; sich zur letzten Ruhe betten; in ewigem Frieden ruhen; in fremder Erde ruhen; in Gottes Erdboden ruhen; in Gott ruhen; den ewigen/letzten Schlaf schlafen*. Para algunos autores (cfr. Chamizo Domínguez e Sánchez Benedito, 2000: 77), la metáfora MORIR ES DESCANSAR está estrechamente ligada e incluso motivada en la metáfora LA MUERTE ES UN VIAJE, ya que el final del viaje supone un descanso para el viajero.

3. MORIR ES APAGARSE UNA LUZ²¹, representada tanto mediante eufemismos (en gallego: *apagarse a vida de alg. coma a luz dunha vela/candea*; en español: *apagársele a alg. la luz de la vida; apagarse la vida de alg.; cerrar los ojos a la luz del mundo*; en alemán: *sein Lebenslicht ist abgebrannt/verloschen; sein Lebenslicht wurde ausgeblasen; jmdm. ist das Licht ausgegangen*), como dis-

¹⁹ Ya en la *Ilíada*, Homero llama a la muerte el «hermano gemelo del sueño» (vid. Bierich, 1998: 21). Crespo Fernández (2008) muestra en su estudio empírico que, a pesar de haber decrecido en las últimas décadas, la metáfora MORIR ES DESCANSAR es la más frecuente en los epitafios de las tumbas. Se trataría de un eufemismo en el que la muerte se presenta como una liberación de este mundo hacia una vida exenta de agitación y sufrimiento (cfr. Piirainen, 2002: 226).

²⁰ En alemán se encuentra también el disfemismo *ein Nickerchen in der Kiste machen*. Con esta metáfora se registran los monolexemas en español *descansar* y *reposar*; en alemán *einschlafen, entschlafen, entschlummern* y *einschlummern* (cfr. Bielińska, 2002: 205).

²¹ En estos FR se identifica la luz con la vida, los FR con *luz/Licht* ponen de manifiesto la dualidad «vida-luz» vs. «muerte-sombra», en la que se apoyan también otras expresiones metafóricas relativas al *mundo de las tinieblas* (muerte), en consonancia con el imaginario ya presente en la Biblia y Antigüedad Clásica.

femismos (en gallego: *acabárselle a candea a alg.*; *apagarse a vela*; en español: *apagársele/ acabársele a alg. la candela*; en alemán: *das Lämpchen auspusten*; *das Licht ausknipsen*).

4. MORIR ES VIAJAR, metáfora que se encuadra en el «esquema de imagen» CAMINO. Los esquemas de imagen son modelos recurrentes y dinámicos de nuestra experiencia corporal preconceptual y sensomotora, los cuales, por este motivo, son buenos candidatos a ser universales cognitivos y a servir de base de metáforas conceptuales y orientacionales (vid. Lakoff, 1987: 267)²². Un esquema de imagen importante en el campo conceptual 'muerte' es el del CAMINO, que da pie a un elevado número de archimetáforas, muchas de ellas mixturadas con un componente simbólico-religioso (vid. infra apartado 3.3.). Algunas de las archimetáforas, representadas por un elevado número de expresiones metafóricas, tanto lexicalizadas como no, son²³: LA VIDA ES UN CAMINO; VIVIR ES ANDAR UN CAMINO; LA PERSONA QUE VIVE ES EL VIAJERO; MORIR PRONTO ES ACERCARSE AL FINAL DE UN CAMINO; MORIR ES FINALIZAR UN CAMINO; MORIR ES SALIR DE CASA²⁴; MORIR ES DESPEDIRSE²⁵; MORIR ES ATRAVESAR UN UMBRAL; MORIR ES MARCHARSE/EMPRENDER UN VIAJE²⁶.

Para Montero Cartelle (1981: 122-127), la idea de la partida es intrínseca a la muerte, idea muy presente tanto en la Antigüedad Clásica como en la religión cristiana, y apunta que ya los propios verbos latinos que denotan la muerte tienen implícita la idea de la partida:

²² De acuerdo con la teoría cognitiva de Lakoff (1987: 267), los «image schemata» son «relatively simple structures that constatly recur in our everyday bodily experience: CONTAINERS, PATHS, LINKS, FORCES, BALANCE, and in various orientations and relations: UP-DOWN, FRONT-BACK, PART-WHOLE, CENTER-PERIPHERY».

²³ De este conjunto de archimetáforas se desprende que el hombre es un viajero que vive mientras recorre un camino, al final del cual, al morir, se despide y lo despiden, traspasando un umbral y empezando después de este umbral un nuevo camino que es una nueva vida.

²⁴ En alemán: *das Haus verlassen*; *die Tür hinter sich zumachen*. En gallego: *irselles a alg. unha persoa da casa*.

²⁵ En español: *decir adiós a este mundo*; *despedirse del/de este mundo*; *despedir el alma*; *decir adiós a este valle de lágrimas*; *darle el último adiós a alg.* En alemán: *Abschied nehmen*; *den großen Abschied machen*; *das letzte Lebewohl sagen*; *der Welt ade/adiou sagen*; *dem Boandlkramer Grüß Gott sagen*.

²⁶ En algunos casos se focaliza la perspectiva de los que se quedan, como en los FR esp. *alg. nos ha dejado (para siempre)*, *alg. ya no está entre nosotros* / al. *(für immer) von uns gegangen sein*.

No es extraño entonces que los verbos de movimiento que significan propiamente ‘marcharse’, ‘irse’, puedan metafóricamente asumir la acepción ‘morir’. Sucedió ya eso en latín (*decedere, discedere, excedere, exire, migrare, transire*, etc.) y sigue sucediendo hoy en cast. (*abandonar, irse*) [...].

Según Schemann (2012: 20), en la archimetáfora MORIR ES VIAJAR, la muerte se concibe como «Übergang von einer “Lebensform” in eine andere» («cambio de una forma de vida a otra») en sentido amplio, tratándose según su estudio de la metáfora más productiva dentro del campo conceptual ‘muerte’. Algunos autores (cfr. Bultnick, 1998: 34-38) consideran esta metáfora como una variante de la archimetáfora más general MUERTE ES MOVIMIENTO, que relaciona directamente el cambio de estado de vivo a muerto con el de moverse físicamente del lugar de donde se estaba hacia otro lado (p. ej. los disfemismos gal. *cambiar de barrio* / esp. *irse al otro barrio* / al. *ans andere Ufer gehen*)²⁷.

Dentro del esquema del CAMINO, nos centramos en la archimetáfora MORIR ES MARCHARSE/EMPRENDER UN VIAJE, en el que abundan los disfemismos, como en alemán: *sein Ränzlein schnüren; die Reisestiefel anziehen; die Fahrkarte lochen; den (großen) Abflug machen; die ganz große Flatter machen; die Flatts machen; die Flocke machen; den Flattermann machen; die große Fliege machen; die Krätze machen; die Mücke machen*. En gallego: *deixar esto; coller o pasaporte; irse da casa; chegar o tempo de durmir fóra; ir durmir fóra*; en español: *liar el petate; estar listo de papeles; ponerse el traje definitivo; tener listos los papeles; estar listo; irse al otro barrio; ahuecar el ala*. Por el contrario, como eufemismos en alemán registramos: *auf die große Reise gegangen sein; sich auf eine lange Reise begeben; auf eine lange Reise gehen müssen; den Weg gehen, den wir alle gehen müssen*. En gallego: *abandonar iste mundo; dimitir*²⁸ *da vida; abandonar esta vida*; en español: *abandonar/dejar este mundo; salir/irse de este mundo*. En algunos eufemismos de esta archimetáfora se observa hoy (vid. *supra* nota a pie de página 18) un uso disfemístico.

²⁷ Autores como Montero Cartelle (1981: 122-127) diferencian tres ideas principales en la noción del VIAJE en la lengua gallega: (1) tránsito sin destino expreso (*partir, marcharse*); (2) tránsito con destino al otro mundo (*deixar iste mundo*); (3) tránsito con destino al cementerio. El autor recalca que es el subcampo relativo al cementerio el que presenta mayor número de disfemismos.

²⁸ Recuértese que etimológicamente, la palabra *dimitir* remite a la imagen del VIAJE, pues contiene *iter* ('camino').

En algunos casos queda patente que se trata de un viaje que se hace por última vez y de manera definitiva, lo cual se expresa normalmente por eufemismos (en alemán: *den letzten Weg gehen; seinen letzten Gang tun; die letzte Fahrt machen; die letzte Reise/Fahrt antreten (müssen); sich auf seine letzte Reise machen; den letzten Zug nehmen; seine letzte Heimstatt finden*; en gallego: *irse para sempre*; español: *marcharse/irse para siempre; hacer/emprender el último viaje; partir hacia el/su último viaje; encontrar la/última morada; el viaje sin retorno*), y en menor medida por disfemismos, como en alemán: *weg ohne Rückfahrkarte sein; die Biege für immer machen; den großen Abgang für immer machen*.

Con respecto a la metonimia, se halla muy representada en especial en los dos siguientes modelos cognitivos basados en la relación de contigüidad metonímica de causa-efecto. En la totalidad de los subapartados de ambos modelos predominan los disfemismos:

1. MORIR ES DEJAR DE HACER UNA ACTIVIDAD COTIDIANA

1.1. MORIR ES DEJAR DE HABLAR/ MORIR ES CALLAR. En alemán: *nicht mehr reden können; den letzten Piep sagen; keinen Piep/Ton mehr sagen; nicht mehr zip noch zap sagen; keinen Laut von sich geben; keinen Mucks mehr machen; jmd. schweigt jetzt für immer; auf ewig verstummt sein; zum ewigen Schweiger mutiert sein; jmd. ist jetzt bumsstill*. En gallego: *quedar sen piar; dicir as últimas; non contar o conto; non contalo*. En español: *no contarla/contarlo; callar para siempre; cerrar el hocico; no decir ya ni mu; estar cerca del cortijo de los «callaítos»²⁹; hacer mutis por el foro³⁰*. Como eufemismo: esp. *no vivir para contarlo*.

1.2. MORIR ES DEJAR DE COMER. En alemán: *das letzte Brötchen/sein letztes Stück Brot gegessen haben; seine/die letzten Essensmarke abgegeben haben; keine Essensmarke mehr brauchen*. En gallego: *perder a culler; írselle a chave da despensa a alg.; acabar de comer*. En español: *doblar la servilleta; entregar la cuchara*.

²⁹ Los FR *el cortijo de los callados; el cortijo de los silenciosos; el barrio de los «callaos»* tienen como objeto referente 'cementerio'. Al igual que el callar funciona como motivación metonímica para designar el acto de morir, a su vez la tumba, elemento constitutivo del frame ENTERRAMIENTO, sirve de dominio fuente para la formación de metáforas con dominio meta 'callar': al. *verschwiegen wie ein Grab* / esp. (callado) *como una tumba* (cfr. también al. *still wie ein Toter* / esp. *como un muerto*: 'muy callado') / gal. (estar) *caladiño(s) coma un morto* / (estar) *calado coma un defunto – defuntiño / un morto, calar coma mortos*.

³⁰ A este FR le subyace, junto a la metonimia causa-efecto, la metáfora LA VIDA ES UN TEATRO (para el alemán cfr. Piirainen, 2002: 232): al. *von der Bühne abtreten; der Vorhang des Lebens geht herunter* / esp. *cerrarse el telón; acabarse la función*.

1.3. MORIR ES PRESCINDIR DEL CALZADO. En alemán: *die Schuhe stehen lassen; seine Latschen wegwerfen; die Latschen hinstellen; die Pantoffeln abgeben*. En español: *colgar los tenis*. Sin testimonios en gallego.

1.4. MORIR ES DEJAR DE LEER/DE VER LA TELEVISIÓN. En alemán: *die/seine Zeitung abstellen; die FAZ/das Handelblatt/den Heideboten/das ND/das Neue Deutschland abbestellen; kein Westfernsehen mehr sehen*. En gallego: *quedarlle a alg. dous telediaros*. En español: *quedarle a alg. dos/tres telediaros*.

1.5. MORIR ES DEJAR DE COMPRAR. En alemán: *jmd. kann nicht mehr im Kaufhof/bei Karstadt/bei Aldi einkaufen; jmd. geht nicht mehr bei Karstadt einkaufen; jmd. kauft nicht mehr bei Horten/Neckermann/C&A/Leffers ein; jmd. kauft nicht mehr in der Kaufhalle ein; jmd. darf nicht mehr beim Wertkauf einkaufen; beim Konsum gekündigt haben; aus dem Konsum ausgetreten sein; sich beim Konsum abgemeldet haben; nicht mehr im Konsum einkaufen*. En español: *dejar de comprar tabaco*.

1.6. MORIR ES DEJAR DE PAGAR IMPUESTOS. En alemán: *jmd. zahlt keine Steuern mehr; jmd. kann die Steuern nicht mehr bezahlen; jmd. braucht keine Steuern mehr zu zahlen*. En español: *no pagar más impuestos*.

1.7. MORIR ES NO OÍR/VER MÁS A UN PÁJARO O AVE. En alemán: *keinen Hahn mehr krähen hören*; en el dialecto alemán de Westmüsterland: *he häfft sik uf Strieksied leggt* (sobre el *frame* de los pájaros y aves en el campo conceptual 'muerte' vid. Piirainen, 2000: 186). En gallego: *Ese non oirá outro cuco; non saber alg. se verá o cuco*³¹.

2. MORIR ES EXPERIMENTAR UNA REACCIÓN CORPORAL³²

2.1. REACCIONES DE LAS EXTREMIDADES (en alusión al *rigor mortis*). En alemán: *alle viere von sich strecken; jmd. hat alle viere hochgeklappt; jmd. hat die Füße ausgestreckt; jmd. hat die Hacken/Beine hochgeklappt; die Beine gen Himmel*

³¹ El cuco está asociado con la muerte en muchas lenguas europeas, también en español, con una imagen algo diferente a la del gallego (por ejemplo: *Cuco, hermoso cuco de abril, ¿cuánto me queda para morir?*). El cuco se suele considerar en el espacio cultural europeo como un pájaro agorero, según atestigua con numerosas paremias José Manuel Pedrosa (vid. <http://www.divulgameteo.es/fotos/meteoroteca/Augurios-cuco.pdf>). El poder agorero en torno a la muerte que poseen pájaros y aves en general se comprueba en gallego con «o corvo no camiño», «o canto do moucho/da caruxa» y «a galiña que canta coma o galo» (vid. https://gl.wikipedia.org/wiki/A_morte_na_cultura_popular_galega).

³² En español se tematiza dentro de esta metonimia disfemística también la calvicie: *Dentro de cien años todos calvos; el barrio de los calvos* (en alusión al 'cementerio').

*strecken*³³. En gallego: *estarricar a pata*; *estricar a perna*; *estirar/recachar o rabo*; *quedar teso*. En español: *estirar la pata*; *torcer/doblar el pescuezo*; *torcer la pestaña*; *doblar el gorro*; *quedarse tieso*; *estar más tieso que una mojama*; *estar con la pata tiesa*; *quedarse más tieso que el ojo de un tuerto*; *quedarse frito*; *quedarse fiambre*; *estar (hecho un) fiambre*; *hincar el pico*; *quedarse seco*³⁴.

2.2. REACCIONES EN EL APARATO EXCRETOR. En alemán, Piirainen recoge los siguientes fraseologismos de la «última función intestinal» (cfr. Piirainen, 2002: 227: *einen kalten Arsch kriegen*; *sich einen kalten Arsch holen*; *die (ewige)/eine Grätsche machen*; *den Hintern/Po zukneifen*; *den Arsch zumachen*; *die Arschbacken zukneifen*; *jmdm. ist das Arschloch zugeschnappt*; *jmd. hat den Arsch hochgemacht/hochgerissen*; *seinen Arsch als Fahrradständer benutzen*; *jmds. Arsch hat Feierabend*; *seinen letzten Furz/sein letztes Fürzchen gemacht/gelassen haben*; *den letzten Scheiß gelassen haben*; *seinen letzten Köttel kacken*; *seinen letzten Dreck geschissen haben*; *den letzten Schiss tun*. Sin testimonios en español ni gallego.

2.3. REACCIONES RESPIRATORIAS. Dentro de este grupo aparecen también eufemismos relacionados con la idea extendida desde la Antigüedad de que el alma se expiraba al morir (vid. *supra* y Profantová, 2006). En alemán: *den Geist aufgeben*; *die/seine Seele aushauchen*; *seinen letzten Schnaufer machen*; *seinen letzten Atemzug/ die letzten Atemzüge machen*; *den letzten Seufzer tun*; *sein letztes Seufzerchen gemacht haben*; *sein letztes Lüftchen ausgehaucht haben*; *den letzten Schnapper/Keucher/Japser getan haben*; *den letzten Atem tun*; *sein letztes Lüftchen ausgehaucht haben*; *den letzten Zug tun*; *sein Leben aushauchen*; *jmd. hat vergessen*, *Luft zu holen*; *jmdm. wird bald die Luft ausgehen*; *den Odem aushauchen*; *jmdm. hat aufgehört zu schnaufen*. En gallego, como eufemismos: *entregar o folgo derradeiro*; *exhalar o último suspiro*; como disfemismos: *dar as boqueadas*; *olvidarse de respirar*; *olvidarse de tirar polo folgo*; *xearlle na boca a alg.*; *arrefecerlle o ceo da boca a alg.*

³³ Inspirado en el mundo animal equino, sin correspondencia en español: *die Hufe hochmachen/hochklappen/hochnehmen/(hoch)schlagen/hochreißen/hochschmeißen/hochlegen/(lang)strecken*; *den Huf an die Decke knallen*; *die Hufe an die Decke geschlagen haben*. De la mano de este grupo de expresiones, así como del FR español *estirar la pata*, comprobamos el fuerte vínculo entre metáfora y metonimia, ya que a todas ellas les subyace, junto a la mencionada metonimia, la metáfora conceptual LAS PERSONAS SON ANIMALES (cfr. Penadés Martínez, 2012: 226-233 para la interacción entre metáfora y metonimia en las locuciones idiomáticas).

³⁴ Como recuerda Rodríguez Ponce (2005: 255), [l]a pérdida de materia líquida o humedad se halla íntimamente relacionada con el cuarto modelo icónico de la delgadez (*muerte*), en concreto con la archimetáfora DELGADEZ ES SEQUEDAD. A este respecto cfr. el FR *quedarse como un pajarito* ('morir'), en el que la delgadez interacciona con la muerte.

En español, como eufemismos: *dar/exhalar el postrer aliento; dar/exhalar el último aliento/suspiro; dar la última boqueada/bocanada; dar las últimas bocanadas de vida; dar boqueadas*; como disfemismos: *no resollar más; echar el último resuello*.

2.4. REACCIÓN DE LOS OJOS. En alemán: *die Augen (auf links) verdrehen; die Augen ausmachen; die Augen zudrücken; die Fensterchen sind zugegangen; die Augen für immer schließen; die Augen auf Null stellen*. En gallego: *cerrar o ollo; fechar os ollos; chegarlle a alg. a hora de pechar os ollos; vidrase os ollos a alg.* En español: *cerrar la pestaña; cerrar los ojos para siempre; tornar los ojos; poner los ojos en blanco*

2.5. MORIR ES DEJAR DE TENER DOLOR FÍSICO O MORAL. En alemán: *jmd. hat keine Schmerzen mehr; jmdm. tut nichts mehr weh; jmd. spürt kein Leid mehr; jmdm. tut nie wieder etwas weh; jmdn. stört nichts mehr; jmdm. tun die Zähne nicht mehr weh; jmd. hat keine Zahnschmerzen mehr; jmdm. tut der Kopf nicht mehr weh; jmdm. tut kein Knochen mehr weh; jmdm. juckt/kratzt jetzt nichts mehr; jmdn. regt nichts mehr auf; jmd. hat für ewig ausgesorgt; keine Sorgen mehr haben; aller Sorgen ledig sein*. En gallego: *devalar as dores para sempre; deixar de sufrir*. En español: *ya no sufrir más; acabársele el sufrimiento a alg.; dejar de sufrir*.

3.2. Motivación metafórica basada en marcos o frames

Se trata de expresiones metafóricas que se apoyan en un saber extralingüístico (cfr. Dobrovol'skij/Piirainen, 2009: 24-27), por lo que son más elaboradas que las conceptuales. No se basan directamente en la experiencia del hombre con su entorno, sino en conocimientos extralingüísticos aprendidos. En nuestro corpus destaca por su productividad el *frame* o escenario ENTERRAMIENTO³⁵, con los slots *tumba, caja y cura*: que dan pie a las siguientes archimetáforas:

1. MORIR ES IRSE A LA TUMBA/BAJO TIERRA. Disfemismos en alemán: *jmd. hat die Kiste bestiegen; jmd. hat sich in die Kiste gelegt; in der Kiste landen; jmd. ist in die Kiste gegangen/gefahren/gehüpft; jmd. ist in die Kühle gesprungen; ins Kistlein hupfen; in die Grube hüpfen/fahren; in die Gruft steigen/fahren; sich ins Grab legen; unter die Erde gehen; zu den Würmern gehen; jmd. ist umgezogen; jmd. ist ein Stoc-kwerk/eine Etagé tiefer gezogen; in den Kasten springen/gehen; jmd. ist in den Sarg*

³⁵ El rito del entierro de los fallecidos es un elemento fundamental acerca de la muerte en nuestra cultura, por lo cual el escenario del ENTERRAMIENTO permite comprender la motivación de muchas metáforas del alemán y el español. No podemos, sin embargo, descartar otras culturas en las que los muertos no se entierren, para cuyos hablantes nuestras metáforas no serían transparentes por tratarse de un conocimiento aprendido en el proceso de la vida.

gekrochen; den Holzpyjama anziehen. En galego: ir para o buraco/burato/furado; tomar un baño de terra; ir cavar cos ombros; ir para debaixo dos terróns; dar o corpo á terra fría; ir á terra; ir para os bichiños; acabar nunha hucha de pao y vestir a caixa de piñeiro; ir para a pataqueira. En español: irse al hoyo; acabar en el hoyo; ponerse el pijama de palo/de madera; irse a la tumba; hacerse un traje de pino.

2. ESTAR MUERTO ES ESTAR EN EL ATAÚD. En alemán: *jmd. liegt in der Kiste und bekommt kalte Füße; jmd. winkt schon aus dem Sarg; Kisten-Party haben; ein Nickerchen in der Kiste machen; den Deckel/Sargdeckel von innen zumachen; den Deckel (hinter sich) geschlossen/zugemacht haben; jmd. hat aufs Brett geschissen; jmd. hat den Deckel schon in der Hand; jmdm. guckt schon der Sargdeckel aus dem Gesicht; jmd. hat der Sargdeckel schon ins Gesicht geschlagen; den Deckel auf der Nase haben; jmd. hat schon lange einen Deckel auf der Nase; sich ein Bett mit Deckel gekauft haben; jmd. kann schon mal die Bretter nageln; jmd. hat schon Bretter auf dem Buckel; jmd. hat seine sechs Bretter schon zusammen; mit den Füßen zuerst rausgetragen/hinausgetragen werden; den Holzpyjama anhaben; im Holzpyjama liegen. En gallego: ir cos pés para adiante; saír cos pés por diante; saír da casa por pés alleos; acabar nunha hucha de pao; vestir a caixa de piñeiro. En español: estar en la caja (de pino); sacar a alg. con los pies por delante; salir con los pies por delante; oler el barniz de la caja; estar con el traje de pino.*

3. ESTAR MUERTO ES ESTAR DEBAJO DE LA TIERRA. En alemán: *jetzt liegt jmd. einen Meter tiefer; unter der Erde liegen; 1'80 m unter der Grasnarbe liegen; drei Meter Erde überm Bauch haben; jmd. ist jetzt zwei Fuß unter der Erde; drei Fuß tief ruhen; man hat jmdn. sechs Fuß tiefer gelegt; jmd. hat jetzt eine Kellerwohnung; sich mit Erde vertraut machen; jmd. riecht schon nach Erde; jmd. kaut schon Erde/Müll; die Blümlein von unten anschauen; sich die Radieschen von unten anschauen. En gallego: comer terra; estar comendo pedra; ¡Canto touciño vai comer a terra!; westmünsterl.: he bekick sik die Erpel van under. En español: estar a dos metros bajo tierra; estar en el hoyo; tener encima siete pies de tierra; comer/mascar tierra; estar bajo tierra; ver crecer las flores desde abajo; ver (crecer) las margaritas desde abajo.*

4. ESTAR MUERTO ES SER ABONO DE PLANTAS. En alemán: *jmd. bekommt jetzt Besuch mit der Gießkanne; jmd. hat (jetzt) einen Garten/ein Gärtlein auf dem Bauch; die Blumen düngen. En gallego: criar fentos/herbas/malvas; estercar cebolas; adubar a terra; ir dar estercol. En español: estar (ya) criando malvas/lilas; criar gurumelos/jaramagos; irse pal' jardín; quedar para simiente de rábanos; el patio de las malvas; tener ya un jaramago.*

5. ESTAR EN MUERTO ES ESTAR EN COMPAÑÍA DE TOPOS Y GUSANOS.

Solo en alemán: *den Maulwürfen/den Wurmern Gesellschaft leisten; den Maulwürfen guten Tag sagen; bei den Wurmern liegen; die Würmer grüßen; jmd. tanzt jetzt mit den Regenwürmern; mit den Wurmern Karten spielen.*

6. ESTAR MUERTO ES SER PASTO DE GUSANOS. En alemán: *jmd. füttert*

jetzt die Regenwürmer; jmd. ist jetzt Wurmfutter; von den Wurmern zerfressen werden; an jmdm. schmatzen die Würmer; die Würmer haben sich schon die Serviette umgebunden. En gallego: *criar bichos pra pesca; dar de comer ós bichocos, ós vermes y ós roncós* (Alonso Montero, 1970). En español: *dar de comer a los gusanos; ser pasto de (los) gusanos; pudrirse con/como los gusanos; quedar para comida de gusanos; comérselo a alg. los gusanos.*

7. ESTAR MUERTO ES ESTAR CERCA DEL CURA³⁶. En alemán: *beim Pastor*

im Garten liegen. En gallego, a diferencia del alemán, de tono disfemístico: *ir para onda o cura; irlle contar os pitos ao crego; irlle gardar os pitos ao abade/crego; irlle coidar as galiñas ao cura; ir criar malvas á horta do cura; ir a súa casa o crego vestido de pega.*

3.3. Motivación simbólica

Al margen de la motivación metafórica y por metonimia, en los eufemismos y disfemismos del campo conceptual ‘muerte’ se revela un importante tipo de motivación que es la simbólica, de raíces culturales y relacionada con creencias religiosas, con costumbres funerarias o en general con el imaginario de un pueblo. Ciertamente, en la motivación simbólica se hace evidente una fuerte presencia de la religión, ya que la creencia en una con-

³⁶ Alonso Montero, en su artículo (1981:16-17), relaciona estas expresiones con el anticlericalismo popular como rasgo relevante del rural gallego. En el trabajo de Ferro Ruibal (2006) encontramos un buen número de locuciones comparativas en gallego que contienen los lexemas *crego/cura/frade/abade*. En ellas se pueden apreciar las opiniones populares hacia los ministros de Dios, que son caracterizados como personas que viven muy bien (*vivir (bien) coma un crego/un cura*), contentos, sin preocupaciones (*ledo coma os cregos cando recollían os ovos de Pascua*), por lo que duermen bien (*levar una cama coma a dun cura; pasa-la noite igual ca un cura*) y a veces en compañía (*facer coma o cura e a criada*). Dignas de mencionar por su volumen son aquellas comparaciones en las que los curas destacan por comer y beber en abundancia (*comer e beber coma un abade; comer coma un cura/un crego/un frade; (ir) coma un crego/un cura* (‘con el estómago lleno’); *botar fume coma a cheminea do cura en día de festa; comer calado coma os curas; cheo coma un cura*). Otras aluden al hecho de que los curas son pedigüños (*pedir máis ca una monxa/o cura; ser pedichón coma un cura/un frade*). Muchos de estos prejuicios y caracterización negativa de los curas también aparecen en la fraseología del español.

tinuidad de la vida después de la muerte o la idea de un paraíso donde todas las buenas almas llegan, hacen que el hablante utilice de manera habitual esas expresiones a manera de consuelo y negación de la muerte como fin de la vida humana.

La motivación simbólica raras veces aparece en estado puro, combinándose casi siempre con las distintas formas de la motivación metafórica. No es objeto de este trabajo abordar la compleja cuestión de la imbricación de ambos tipos de motivación o decidir si domina una sobre la otra en las distintas expresiones (cfr. Piirainen, 2012 para los «widespread idioms» en Europa y Asia). Interesante es, en todo caso, la superposición del nivel de metáforas conceptuales con el nivel simbólico, condicionado en el caso del español, gallego y alemán de manera extrema por el Cristianismo y las creencias religiosas en torno a la muerte³⁷. Tanto en alemán como en español y gallego observamos las siguientes superposiciones de tipo de motivación:

1. Motivación metafórica (metáfora conceptual MORIR ES DESCANSAR) + motivación simbólica (religión cristiana). En gallego: *descansar no Señor; descansar en paz; durmir o sono eterno; descansar na gloria eterna*; en español: *descansar en el seno de Abraham; descansar en la gloria/paz del Señor; descansar en paz; descansar en el Señor/en el cielo; el descanso eterno; dejar a los muertos descansar/en paz*. En alemán: *im Abrahams Schoss sein; in Gottes Erdboden ruhen; in Gott ruhen; die ewige Ruhe finden; sanft und selig entschlafen; die Toten soll man (in Frieden) ruhen lassen*.
2. Motivación metafórica (metáfora conceptual MORIR ES MARCHARSE) + motivación simbólica (religión cristiana). En gallego: *ir ó ceo; ir á gloria; marchar ó ceo; voar ó ceo; pasar a mellor vida*. En español: *irse/subir al cielo; pasar a mejor vida*. En alemán: *zu Gott gerufen werden; zum lieben Gott gegangen sein; vor den Schöpfer treten*.

³⁷ El sustrato simbólico-cultural, específico de cada comunidad lingüística, también puede estar relacionado con otro tipo de saber más general, no necesariamente con el de la religión, sino simplemente con un conocimiento básico acerca del mundo que nos rodea, lo que Dobrovol'skij y Piirainen (1997: 116) denominan «Etalon-Wissen». Para ilustrar esto, los autores ponen como ejemplo el FR *den Löffel abgeben*, al que le subyace la metáfora *LEBEN IST ESSEN*, pero que también revela una motivación simbólica relacionada con el citado «Etalon-Wissen», puesto que «Löffel das prototypische Instrument zum Essen darstellt (nicht Gabel und Messer)».

3. Motivación metafórica (metáfora conceptual MORIR ES FINALIZAR UN CAMINO) + motivación simbólica (religión cristiana). En español: *camino hacia Dios; camino a/hacia la gloria; el camino que todos hemos de recorrer*. En alemán: *den Weg allen Fleisches/alles Irdischen gehen; den Weg gehen, den wir alle gehen müssen*.

De los estudios que tratan la metáfora conceptual LA VIDA ES UN CAMINO (vid. *supra* 3.1.A) (cfr. Jäkel, 2003: 261-283; Baldauf, 1997), se desprende que el esquema de imagen del CAMINO da lugar a metáforas ontológicas de base conceptual, relacionadas con el paso del tiempo y el final de la vida, pero también a otras muchas de carácter más simbólico y base cultural (vid. Mellado Blanco, 2014). Estas últimas, en gran número en la Biblia, descansan en las dicotomías *camino bueno* vs. *camino malo*; *camino recto* vs. *camino torcido*; *camino llano* vs. *camino obstaculizado*; *camino de luz* vs. *camino oscuro*; *camino eterno* vs. *camino de muerte*. Asimismo, el camino de Dios, que aparece en singular, es el buen camino, al que se oponen, en plural, los caminos del mal, los caminos del diablo que están torcidos, oscuros y llenos de obstáculos (cfr. Mellado Blanco, 2014). Las siguientes metáforas basadas en el esquema de imagen CAMINO tienen un fuerte componente simbólico-religioso

1. MORIR ES ATRAVESAR UN UMBRAL³⁸. En alemán: *über die Wupper gehen/springen; über den Deister gehen; über den Harz sein; in den Hafen einlaufen; über Bord gehen; hinüber gleiten/sein; die Seite wechseln; in eine andere Welt gehen; ans andere Ufer gehen; ins Jenseits abberufen werden; ins Jenseits eintauchen*. En gallego: *atravesala; ir ao/para o outro mundo; cambiar de barrio*. En español: *estar más «pallá» que «pacá»; irse/pasar al otro barrio; irse al otro mundo; estar con un pie en ultratumba; ir al más allá*.

2. MORIR ES IR A UN MUNDO MEJOR/ETERNO; MORIR ES IR AL CIELO. En alemán: *in eine bessere Welt gehen; in die Glückseligkeit eingehen; heim in die Ewigkeit gehen; in die Ewigkeit abberufen werden; himmelan gehen; in den Himmel aufgefahren sein; gen Himmel schweben*. En gallego: *pasar a mellor vida; ir á gloria, ir ao ceo; partir deste val de bágoas*. En español: *ir(se) al cielo; subir al cielo/a los cielos; irse a un mundo mejor; ir a la eternidad; pasar a mejor vida; volar al cielo; irse de/abandonar este valle de lágrimas*.

³⁸ En los FR alemanes *nach Walhalla gehen; in den Orkus fahren; in den Hades gehen; ins Nirwana gehen/kommen/ingehen; zum großen Manitu gehen* se encuentra motivación simbólica basada en otras creencias religiosas diferentes a la cristiana (cfr. Piirainen, 2002: 234).

3. ESTAR MUERTO ES ESTAR ARRIBA³⁹. En alemán: *sich alles von oben angucken; die Welt von oben besehen; jmd. schaut uns von oben zu; die Sterne von oben sehen*. En español: *estar (allí) arriba; estar con las estrellas; estar con los angelitos*.

4. MORIR ES ENCONTRARSE CON DIOS/SER LLAMADO POR DIOS. En alemán: *zu Gott gerufen werden*⁴⁰; *vor den/seinen Schöpfer treten; zum lieben Gott gegangen sein; seinem Schöpfer entgegentreten; zu seinem Schöpfer abgerufen werden; jmd. schaut den Schöpfer nun von Angesicht zu Angesicht; vom Herrn heimgerufen werden; dem Herrgott ins Angesicht schauen; vor seinen Herrn und Richter treten; zu seinem Herrn gefahren sein; dem großen Geist begegnen*. En español: *acoger Dios a alg. en su seno; Dios se ha acordado de alg.; llamar Dios a alg. (a su lado/vera); llevarse Dios a alg.; reunirse con el Creador*. En gallego: *ir con Deus; chamar Deus a alg., chamar Deus para si a alg.; levar Deus a alg.; recoller Deus a alg.*; en gallego también se registra el disfemismo de tono jocoso: *ir cear con Dios*.

5. MORIR ES ENCONTRARSE CON PERSONAJES BÍBLICOS EN EL CIELO⁴¹. En alemán: *Petrus hat jmdn. zu sich genommen; bei Petrus sein; bei Petrus an die Tür klopfen; bald an die Himmelsporte klopfen; an die Himmelstür geklopft haben; zu den Engeln gehen; jmd. singt jetzt mit den Engeln (im Himmelschor); jmd. spielt nun bei den Engeln auf Harfen; die Engel haben jmdn. schon angelächelt; sich den himmlischen Heerscharen angeschlossen haben*. En español: *ser recibido por San Pedro; llamar a la puerta de San Pedro; llamar a las puertas del cielo; irse con los angelitos; estar con los ángeles del cielo; estar en compañía de los ángeles del cielo*.

6. MORIR ES REENCONTRARSE CON LOS ANTEPASADOS. En alemán: *zu den Vätern/Großvätern/ Altvorderen/Anderen gehen; sich zu seinen Ahnen/Vätern versammelt haben; zu den Vorvätern eingegangen sein; zu den Ahnen abgerufen sein; zu seinen Ahnen abreiten*. En español: *(ir a) reunirse con sus seres queridos; (ir a) reunirse con sus antepasados; reencontrarse con sus seres queridos*.

³⁹ Basada en la metáfora orientacional LO BUENO ES ARRIBA (cfr. Lakoff e Johnson, 1986: 53).

⁴⁰ Las siguientes expresiones tienen una variante disfemística en alemán: *bei Elvis im Chor singen; vor Elvis sein/treten; Elvis hat jmdn. zu sich gerufen; in die große Armee abgerufen werden*.

⁴¹ En algunos casos aparecen otras deidades diferentes al Dios cristiano: *an Odins Tafel sitzen; er ist in Manitus Reich; er ist beim großen Manitu*. A excepción de los FR relacionados con la mitología helénica (p. ej. gal. *poñer o pé na barca de Caronte*; esp. *entrar en el reino del Hades* o *ir a estar con el barquero*), los elementos de religiones diferentes a la cristiana no forman parte del imaginario fraseológico del español.

4. Balance final

El trance de 'morir' se verbaliza en gallego, español y alemán por medio de eufemismos y disfemismos que designan el objeto denotado de manera indirecta. Teniendo en este estudio como marco la lingüística cognitiva, se observan disfemismos sobre todo en los modelos conceptuales de base metonímica MORIR ES DEJAR DE HACER UNA ACTIVIDAD COTIDIANA; MORIR ES EXPERIMENTAR UNA REACCIÓN CORPORAL, en los que el hablante recurre a imágenes irreverentes, escatológicas y cargadas de ironía para enfrentarse con humor realista al tabú de la muerte. Los eufemismos, por el contrario, son más frecuentes en las expresiones de motivación simbólica, tratándose en su mayoría de metáforas asociadas a elementos procedentes de la religión cristiana, cuyo objetivo es minimizar el impacto de la muerte negándola con la promesa de una vida eterna y un nuevo camino por recorrer. Por su parte, el *frame* ENTERRAMIENTO, a menudo mediante el *slot* ATAÚD, es fuente importante de metáforas paralelas disfemísticas, tanto en gallego como en alemán y español, que aluden sin rodeos y en clave de humor negro a la desintegración de la materia corporal.

Lo expuesto con anterioridad nos lleva, por tanto, a conjeturar importantes concomitancias interlingüísticas entre el gallego, alemán y el español, ya que explotan recursos afines basados en modelos metonímicos básicos (MORIR ES DEJAR DE HACER UNA ACTIVIDAD COTIDIANA; MORIR ES EXPERIMENTAR UNA REACCIÓN CORPORAL) y en archimetáforas paralelas (MORIR ES DESCANSAR; MORIR ES MARCHARSE, etc.). En los modelos cognitivos se entrecruza lo metafórico con lo simbólico, representado en el campo conceptual 'muerte'/'morir' en creencias derivadas de la religión cristiana. Si bien puede suceder que las expresiones de una lengua no tengan un equivalente pleno en la otra, lo llamativo es que a la mayoría de las expresiones analizadas les subyacen idénticas metáforas o metonimias, habiendo recorrido los mismos procesos de motivación. En este sentido, coincidimos con la apreciación de Wotjak (1988: 480) de que las concomitancias interlingüísticas se dan con mucha mayor frecuencia en el nivel semántico funcional (significado fraseológico) que en el nivel formal o en las imágenes concretas que actualizan cada archimetáfora. Así por ejemplo, en ambas lenguas existe el modelo cognitivo MORIR ES DEJAR DE HACER UNA ACTIVIDAD COTIDIANA y dentro de él MORIR ES DEJAR DE HABLAR, pero las imágenes con esta invariable semántica no tienen que ser idénticas en las tres lenguas. De esta manera, el FR gallego *non contar o conto*, en español (*ya*) *no contarla*

no tienen isomorfia léxica total entre ellos ni con el alemán. En efecto, en esta lengua encontramos FR que responden a la misma metonimia MORIR ES DEJAR DE HABLAR (p. ej. al. *keinen Piep mehr sagen/machen/tun*), pero no en la misma forma ni con la misma imagen concreta. En otras ocasiones, la imagen perteneciente a un modelo cognitivo común revela un alto grado de paralelismo, sin llegar a ser idéntica, como sucede con el FR español *colgar los tenis*, con imagen comparable pero no exactamente igual en alemán: *die Schuhe stehen lassen; seine Latschen wegwerfen/hinstellen; die Pantoffeln abgeben*. Por su parte, el gallego presenta el mismo modelo cognitivo MORIR ES DEJAR DE HACER UNA ACTIVIDAD COTIDIANA en el FR *pasar/deixar a ferramenta*, en alusión a la herramienta de trabajo, pero, sin embargo, esa imagen concreta no existe en alemán o español⁴².

Asimismo, el importante modelo cognitivo MORIR ES EXPERIMENTAR UNA REACCIÓN CORPORAL, muy nutrido en las tres lenguas analizadas, alberga en alemán ciertos disfemismos cuya imagen escatológica («reacciones del aparato excretor») no tiene correspondencia ni en español ni en gallego, p. ej. *einen kalten Arsch kriegen; sich einen kalten Arsch holen; den Arsch zukneifen*. En relación con esto, los datos recopilados y analizados en este trabajo parecen apuntar a una mayor secularización de la muerte y de pérdida de su dimensión metafísica en el caso de la comunidad alemana, basándonos en primera línea en la creación de gran número de neologismos disfemísticos basados en imágenes irreverentes o ridículas del moribundo (expresiones tomadas en su mayoría de Piirainen, 2002). Asimismo, se observan divergencias con el gallego en cuanto a los FR con el constituyente léxico *cura*, basados en el frame ENTERRAMIENTO, abundantes en esta lengua y no en alemán o español, que parecen responder a un cierto anticlericalismo procedente del mundo rural.

Por último, dentro de archimetáforas coincidentes en ambas lenguas, como MORIR ES MARCHARSE/EMPRENDER UN VIAJE, la presencia de elementos simbólicos puede llegar a ser la causante de asimetrías interlingüísticas. Este sería el caso de los FR alemanes relacionados con la religión amerindia, como *in die ewigen Jagdgründe eingehen/ziehen/verschwinden; ins Reich der ewigen Jagdgründe gehen*, difundidos en Alemania gracias a la gran popularidad de los relatos de Karl May (cfr. Piirainen, 2002: 234).

⁴² Montero Cartelle (1981: 120) cita FR semejantes en algunas variedades diatópicas del español con un constituyente léxico relativo a un objeto cotidiano que se entrega, si bien la imagen concreta varía: *entregar los aniseros* (Colombia), *entregar el casco/el envase/el equipo* (México), *entregar la valija* (Nicaragua).

Bibliografía

Diccionarios consultados

- Balzer, B., C. Moreno, R. Piñel, M. Raders, M^a L. Schilling (2010): *Kein Blatt vor den Mund nehmen. No tener pelos en la lengua. Diccionario fraseológico alemán-español*, Madrid: Editorial Idiomas, Hueber.
- Beinhauer, W. (1978): *Stilistisch-phrasenologisches Wörterbuch Spanisch-Deutsch*, München: Hueber.
- Buitrago, A. (2002): *Diccionario de dichos y frases hechas*, Madrid: Espasa Calpe.
- Cantera, J. (2007): *Diccionario de fraseología española: locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español*, Madrid: Abada.
- DRAE *Diccionario de la lengua española* (2001) [www.rae.es].
- Duden *Deutsches Universalwörterbuch* (1989): Mannheim: Dudenverlag
- Duden 11 *Duden Redewendungen. Wörterbuch der deutschen Idiomatik* (2002), Mannheim: Dudenverlag.
- Glück, H. (1993): *Metzler Lexikon Sprache*, Stuttgart: Metzler.
- Hessky, R. e S. Ettinger (1977): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*, Tübingen: Gunter Narr.
- Iribarren, J. M. (1994): *El porqué de los dichos*, Pamplona: Gobierno de Navarra.
- Larousse *Gran Diccionario de Frases Hechas* (2001), Barcelona: Larousse.
- López Taboada, C. e M^a R. Soto Arias (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*, A Coruña: Galinova.
- López Taboada, C. e M^a R. Soto Arias (2008): *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Xerais.
- Moliner, M. (2007): *Diccionario de uso del español*. 3.^aed., Madrid: Gredos.
- Nedwed, S. e C. Romeu Nedwed (2009): *Diccionario fraseológico. Español y alemán*, Barcelona: Ediciones del Serbal.
- Pena, J. A., (2011): *Diccionario fraseológico bilingüe castelán-galego*, Meubook. Real Academia Galega. *Diccionario da Real Academia Galega* <<http://academia.gal/diccionario#inicio.do>>.
- Rodríguez-Vida, S. (2011): *Diccionario temático de frases hechas*, Barcelona: Octaedro.
- Röhrich, L. (2004): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*, Friburgo: Herder.
- Schemann, H. (2011): *Deutsche Idiomatik. Wörterbuch der deutschen Redewendungen im Kontext*, Berlín: de Gruyter 2011.
- Schemann, H. (2012): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*, Berlín: de Gruyter.

- Schemann, H., C. Mellado Blanco, P. Buján, N. Iglesias, J. P. Larreta e A. Mansilla (2013): *Idiomatik Deutsch-Spanisch*, Hamburgo: Buske.
- Seco, M. (dir.) (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual: locuciones y modismos españoles*, Madrid: Aguilar.
- Tesouro de Fraseoloxía Galega*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Bibliografía secundaria

- Alonso Montero, X. (06/09/1970): «As duascentas vinte maneiras de morrer en Galicia», *El Progreso*, Lugo.
- Alonso Montero, X. (2008): «Lingüística da cautela e da expresividade: sinónimos galegos de ‘demo’, ‘morrer’ (‘morte’), ‘porco’, ‘sacerdote’ e ‘sapo’», *Madrygal* 11, pp. 11-17.
- Anders, H. (1995): *Never say die: englische Idiome um den Tod und das Sterben*, Berlín: Peter Lang.
- Baldauf, Ch. (1997): *Metapher und Kognition. Grundlagen einer neuen Theorie der Alltagsmetapher*, Berlín: Peter Lang.
- Baranov, A. e D. Dobrovol'skij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Bielińska, M. (2002): *Verben des Sterbens und des Tötens*, Berlín: Peter Lang.
- Bierich, A. (1988): «The semantich field “death” in czech, russian, croatian and serbian phraseologie», en P. Durčo (ed.): *Europhras '97: Phraseology and Paremiology (International Symposium, September 2-5, 1997, Liptovský Ján)*, Bratislava: Akadémia PZ, pp. 17-23.
- Buján Otero, P. (2012): «Pataqueiras e Radieschen: fraseoloxía da morte en alemán e galego», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, pp. 83-98.
- Buján Otero, P. e Mellado Blanco, C. (2010): «Dormir el sueño de los justos. Fraseología y valores pragmáticos a partir de corpus textuales en alemán y español», en I. Moskowich-Spiegel Fandiño et al. (eds.): *Language Windowing through Corpora*, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 125-137.
- Bultnick, B. (1998): *Metaphors we die by: Conceptualizations of Death in English and their implications for the theory of the metaphor*, Amberes: Universidad de Amberes.
- Burger, H. (2010): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*, Berlín: Erich Schmidt.
- Casares, J. (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*, Madrid: CSIC.
- Chamizo Domínguez, P. J. (2004): «La función social y cognitiva del eufemismo y del disfemismo», *Panace@* V/15, pp. 45-51.

- Chamizo Domínguez, P. J. e Sánchez Benedito, F. (2000): *Lo que nunca se aprendió en clase. Eufemismos y disfemismos en el lenguaje erótico inglés*, Granada: Comares.
- Crespo Fernández, E. (2008): «La conceptualización metafórica del eufemismo en epitafios», *Estudios Filológicos* 43, pp. 83-100.
- Crespo Fernández, E. (2014): *El lenguaje de los epitafios*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- Dobrovol'skij, D. e Piirainen, E. (1997): *Symbole in Sprache und Kultur: Studien zur Phraseologie aus kultursemiotischer Perspektive*, Bochum: Brockmeyer.
- Dobrovol'skij, D./Piirainen, E. (2009): *Zur Theorie der Phraseologie. Kognitive und kulturelle Aspekte*, Tübinga: Stauffenburg.
- Ferro Ruibal, X. (1996): «Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre». Discurso inaugural na Real Academia Galega, Santiago de Compostela: Real Academia Galega.
- Ferro Ruibal, X. (2006): «Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas», *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, pp. 179-265.
- Fructuoso, J. (2006): «Breve historia del alma en la Antigüedad», *Tonos. Revista Electrónica de Estudios Filológicos* XII, [<http://www.um.es/tonosdigital/znum12/secciones/Estudios%20J-Alma.html>].
- Gondar Portasany, M. (1987): *A morte*, A Coruña: Museo do Pobo Galego.
- Gondar Portasany, M. (1989): *Romeiros do Alén. Antropoloxía da norte en Galicia*, Vigo: Xerais.
- Gondar Portasany, M. (2005): «As narrativas sobre a Morte na cultura tradicional. Semántica e pragmática da Ars Moriendi galega», en Asociación de Escritores en Lingua Galega (ed.): *Actas das III Xornadas de Literatura de tradición oral. Mitoloxía da norte: agoiros, ánimas e pantasmas*, pp. 13-40. <http://www.aelg.org/resources/polafias/publications/12958993266011292588628668Mitoloxia_da_Morte_WEB_dec_2010.pdf>.
- Hessky, R. (2001): «Das euphemistische Idiom – eine Problemskizze», en A. Häcki-Buhofer et al. (Hrsg.): *Phraseologiae Amor. Aspekte europäischer Phraseologie*, Baltmannsweiler: Schneider, pp. 163-175.
- Iñesta Mena, E. M. e Pamies Bertrán, A. (2002): *Fraseoloxía y metáfora: aspectos tipolóxicos y cognitivos*, Granada: Granada Lingvistica.
- Jachnow, H. (1995): «Der Tod und die Sprache. Beobachtungen zu sprachlichen Ersatzstrategien mit Hilfe von Phraseologismen und Stereotypen bei der Kommunikation über Sterben und Tod», en *Slavistische Linguistik*, München: Otto Sagner, pp. 175-195.

- Jäkel, O. (2003): *Wie Metaphern Wissen schaffen. Die kognitive Metapherntheorie und ihre Anwendung in Modell-Analysen der Discursbereiche Geistestätigkeit, Wirtschaft, Wissenschaft und Religion*, Hamburgo: Dr. Kovač.
- Johnson, M. (1987): *The Body in the Mind: The Bodily Basis of Meaning. Reason and Imagination*, Chicago/Londres: The Chicago University Press.
- Lakoff, G. (1987): *Women, Fire, and Dangerous Things. What Categories Reveal about the Mind*, Chicago/Londres: The Chicago University Press.
- Lakoff, G. e Johnson, M. (1986): *Metáforas de la vida cotidiana*, Madrid: Cátedra.
- Luchtenberg, S. (1985): *Euphemismen im heutigen Deutsch*, Berlín: Peter Lang.
- Mansilla Pérez, A. (2010): «La ordenación onomasiológica del material fraseológico», en C. Mellado Blanco et al. (eds.): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*, Berlín: Frank & Timme, pp. 27-36.
- Marín-Arrese, J. I. (1996): «To die, to sleep. A contrastive study of metaphors for death and dying in english and spanish», *Language Sciences* 18, pp. 37-52.
- Mellado Blanco, C. (2009) (Hrsg.): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher* (Lexicographica Series Maior, 135), Berlín: de Gruyter.
- Mellado Blanco, C. e Iglesias Iglesias, N. (2011): «Significado y análisis de corpus en la fraseografía bilingüe español-alemán», en S. Roiss et al. (eds.): *En las vertientes de la traducción e interpretación del/al alemán*, Berlín: Frank & Timme, pp. 119-133.
- Mellado Blanco, C. (2013): «El campo conceptual TOD/MUERTE en alemán y español: eufemismos y disfemismos», *Revista de Filología Alemana* 21, pp. 105-125.
- Mellado Blanco, C. (2014): «Die WEG-Metaphorik in der deutschen Phraseologie: ein Typologisierungsversuch», en M. Dalmas e E. Piirainen (Hrsg.): *Figurative Sprache – Figurative Language – Language figuré. Festgabe zum 60. Geburtstag vom Dmitrij Dobrovol'skij*, Tübingen: Stauffenburg Verlag, pp. 59-77.
- Montero Cartelle, E. (1981): *El eufemismo en Galicia, Verba, Anuario Galego de Filoloxía*, anexo 17, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago.
- Penadés Martínez, I. (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*, Alcalá de Henares: UAH.
- Piirainen, E. (2000): *Phraseologie der westmüsterländischen Mundart. Semantische, kulturelle und pragmatische Aspekte dialektaler Phraseologismen*, Baltmannsweiler: Schneider.

- Piirainen, E. (2012): «*Er zahlt keine Steuern mehr*. Phraseologismen für “sterben” in den deutschen Umgangssprachen», en E. Piirainen e I. T. Piirainen (Hrsg.): *Phraseologie in Raum und Zeit*, Baltmannsweiler: Schneider, pp. 213-238.
- Piirainen, E. (2012): *Widespread Idioms in Europe and Beyond. Toward a Lexicon of Common Figurative Units*, Nueva York: Peter Lang.
- Piñel López, R. M. (2003): «Der Tod und das Sterben in der deutschen und spanischen Phraseologie: ein interkultureller Vergleich», en H. Burger et al. (Hrsg.): *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen*, Baltmannsweiler: Schneider, pp. 229-238.
- Profantová, Z. (2006): «Plurima mortes imago», *Studia Mythologica Slavica* IX, pp. 299-320.
- Reutner, U. (2009): *Sprache und Tabu: Interpretationen zu französischen und italienischen Euphemismen*, Tubinga: Niemeyer.
- Rodríguez Ponce, M. I. (2005): «La enfermedad en español: enfoque etnolingüístico a través del *Diccionario Ideológico* de Julio Casares», *Anuario de Estudios Filológicos* XXVIII, pp. 249-264.
- Ruiz Gurillo, L. (2009): «La gramaticalización de unidades fraseológicas irónicas», en L. Ruiz Gurillo e X. A. Padilla García (eds.): *Dime cómo ironizas y te diré quién eres*, Berlín: Peter Lang, pp. 371-390.
- Schemann, H. (2012): «Wissenschaftliche Einführung: Synonymie und Idiomatik», en H. Schemann: *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*, Berlín: de Gruyter, pp. 13-188.
- Searle, J. F. (1969): *An Essay in the philosophy of language*, Cambridge: Cambridge University.
- Wotjak, G. (1988): «Übereinzelsprachiges und Einzelsprachspezifisches bei Phraseolexemen», en G. Gréciano (ed.): *Europhras 88. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg*, Estrasburgo: Université des Sciences Humaines, pp. 469-483.

Sobre a escrita latino-romance na Galicia medieval. O testemuño dun diploma de 1097

HENRIQUE MONTEAGUDO

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Coa presente nota queremos chamar a atención sobre un texto datado a finais do século XI (1097), que presenta suxestivas interrogacións sobre a *vexata quaestio* da relación entre escrita e fala e entre latín e romance nos séculos centrais da Idade Media. O diploma que o recolle chegou a nós a través do arquivo do mosteiro de Santa María de Melón¹, ao cal foi incorporado nun momento imposible de precisar, e seguramente en razón dalgún asunto relacionado co señorío e propiedades que esta institución monástica detiña en Vigo e os seus arredores². Non temos certeza de se a carta que recolle o texto é orixinal (discutiremos isto a seguir), pero en todo caso chegaron a nós sendos traslados no Tombo de Melón de 1611, hoxe no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (Libro 1.361) e mais no Tombo de 1801, na actualidade no Archivo Histórico Nacional de Madrid (Códices, L. 323/ L. 324/ L. 325)³. Ocupáronse do texto non menos de seis editores, ben que unha das edicións

¹ A data de fundación do mosteiro é descoñecida (século IX?), pero sábese que pouco antes de 1160 pasou ao Císter. Véxase Cambón Suárez 1957, 1, capítulos II e III, Losada Meléndez / Soto Lamas / González (2000) e Romaní Martínez / Piñeiro Otero Maseda 2009. A súa colección diplomática foi transcrita polo dito Cambón Suárez 1957. Para facilitar a localización dos documentos, nas nosas citas remitiremos a esta obra como *Melón*, indicando a seguir o número que nela se atribúe a documento.

² Desde 1158, o mosteiro recibe importantes doazóns en Vigo e na terra do Fragoso (Santiago y Gómez, 1996: 196-201); así, no dito ano recibe da condesa Froille Fernández a herdade de Condomiñas «quomodo dividitur a Coia et a Vigo» (*Melón*, doc. 15, véxase Monteagudo 2014: 81). Pola súa banda, neste mesmo lugar o mosteiro mercou unha propiedade «sub monte Castro Vico in villa predicta Coia» (*Melón*, doc. 25, de 1162). En 1176 o rei Fernando II doa a Melón «in litore maris illud meum regalengum quod dicitur de Vigo per omnes terminos suos antiquos ubicumque potuerint invenire» (véxase Recuero Astray, Romero Portilla, Rodríguez Prieto, 2000: 187-188). Precisamente esa última doazón explica o interese que podía ter Melón no noso diploma, xa que este trata dos lindeiros de Vigo. Por tanto, se este fose copia e non orixinal, a data do privilexio de Fernando II podería ofrecer unha referencia para o seu traslado. En 1234 houbo un preito entre o mosteiro de Melón e o arcebispo de Santiago sobre a *vila* de Vigo, para o que tamén podía interesar ter a man este documento (*Melón*, doc. 269).

³ Pódese consultar no portal PARES, véxase na bibliografía *Cartulario o libro de privilegios... del monasterio de Santa María de Melón*.

se atopa inédita (Cambón Suárez 1957: *Melón*, doc. 2): a primeira edición, incompleta e defectuosa, veu a lume a finais do século XIX (Santiago y Gómez, 1896: 196); as últimas –as máis coidadosas pero non carentes de problemas–, foron estampadas recentemente (Gutiérrez Pichel, 2008: 100-101 e Bermejo Barrera / Romani Martínez, 2014). Do contido da presente achega deducirase a oportunidade dunha nova edición coma a que ofrecemos en apéndice ao final do presente artigo.

Os editores máis recentes da carta dubidan, razoablemente, do carácter orixinal do diploma. Gutiérrez Pichel sinala en nota:

Pola letra e tendo en conta as solucións grafo-fonémicas presentes no texto ([l]iña[s] 9 a 23, particularmente no plano verbal) este diploma é susceptible de ser considerado unha copia posterior (talvez da segunda metade do séc. XII).

Pola súa banda, tamén fundados no argumento lingüístico, Bermejo e Romani consideran o diploma como unha copia realizada a mediados do século XII (2014:561). De certo, resulta un tanto sorprendente atopar un documento exarado en Galicia en letra carolinxia, que era unha novidade na Galicia de finais do século XII (Millares Carlo 1983, I 167-172; Marín Martínez, Ruiz Asencio, 1987: 262-263; Lucas Álvarez, 1991: 441-445; Castro Correa, 2014). En troca, a estrañeza polas formas romances non xustifica as dúbidas, como tentaremos mostrar nas páxinas a seguir.

O obxecto da presente achega será analizar as características scriptolingüísticas do texto, tentando interpretalas no marco do debate sobre a relación entre escrita e oralidade nos séculos centrais da Idade media e do estudo sobre o proceso de emerxencia do romance galego na escrita. Trátase dunha simple achega a un asunto extraordinariamente complexo, realizada con máis pretensións de abrir interrogantes ca de pechalos. Co presente contributo, desexamos render homenaxe ao ilustre galeguista, excelente latinista e querido amigo Xesús Ferro Ruibal, pola súa exemplar traxectoria de lealdade cara ao idioma e o seu inesgotable entusiasmo pola súa defensa e ilustración⁴.

⁴ Prácame agradecer a atenta lectura e as proveitosas observacións das colegas Ana Isabel Boullón e Beatriz Vaquero Díaz, o que non as compromete coas opinións polémicas ou cos eventuais erros que o presente texto puiden conter.

1. Análise diplomática: orixinal ou copia?

Imos parafrasear rapidamente o documento. O diploma recolle unha sentenza xudicial sobre un litixio (*intemptio*) entre moradores (*homines*) de Vigo e de Canedelo (actualmente, Canadelo, zona da mesma cidade de Vigo), verbo dos lindeiros (*strema*) dun terreo (*hereditate*) entre un e o outro lugar. As partes acudiron ao saión Ramiro Toeriquiz, déronse fiadores e foron perante o xuíz Sandino Sagadiz. Este ditaminou que os de Vigo nomeasen doce homes xurados que cos seus pés sinalasen os límites do terreo que reclamaban; os doce homes puxeron os seus pés pola crebada da Vesada ata o carballo, deste á mámoa e desta polo cerro ao Pozo Negro, de aí aos Feáns e polo regato ata o mar⁵. Os de Vigo xuraron que esas eran as estremas de Vigo, os de Canedelo recoñeceron (*agnatio*) eses límites e renunciaron (*annuntiarunt*) ao terreo en litixio e a calquera reclamación futura sobre el. Reinaba o rei Afonso, Raimundo era conde en Toroño e tiña como seu vigairo a Johan Ramirez; Afonso era o bispo de Tui.

Desde o punto de vista diplomático, non atopamos chata que se lle poida apór á inxenuidade da carta, que parece conforme con todas as formalidades acostumadas: o protocolo contén a data cronolóxica e no escatocolo insírese a fórmula de *regnante*, seguida de dúas columnas de testemuñas e confirmantes, rematando coa subscrición notarial rubricada co *signum*. En 1097 Afonso VI era rei e Raimundo de Borgoña era conde en Galicia. Por parte, no privilexio dado o 11 de febreiro de 1095 polo conde Raimundo e a súa esposa a princesa Urraca (filla de Afonso VI), para a delimitación do couto de Tui, subscriben como confirmantes o seu vigairo Johan Ramirez e un «Sandinus iudex» que sen dúbida son os mesmos personaxes que aparecen na nosa carta (Galindo Romeo 1923, III-VI, doc. 1). Neste privilexio aínda figura Auderico como bispo de Tui, pero no ano seguinte xa aparece no dito cargo o mesmo bispo Afonso que consta no noso documento (Recuero Astray, Romero Portilla, Rodríguez Prieto 2002: 36-37).

⁵ Como é característico nestes documentos de sinalación de lindes, as referencias topográficas eran obvias para os participantes na *actio*, polo que se mencionan sen as determinacións precisas para calquera outro receptor do texto. Isto é, os moradores de Vigo e de Canedelo que interviñeron no litixio sabían perfectamente cales eran e onde estaban non só a «crebada da Vessada» e «os Feáns», senón tamén o «carballo», «a mámoa», «o cerro», «o Pozo Negro» e «o regato» que se mencionan no texto. Canto á lectura *crebada* (da Vessada), o texto autoriza a lectura de *crebada* ou *quebrada* (a forma *cumbrada* que le Pichel é insólita). Demos preferencia a *crebada*, que é forma presente na microtoponimia na zona de Vigo (As Crebadas).

Como antes indicamos e xa salientaran Gutiérrez Pichel e Bermejo / Romání, chama a atención que a letra que se emprega no documento sexa de tipo carolino (de feito un tanto toscos), tendo en conta que nos finais do século XI este tipo estaba comezando a implantarse en Galicia en substitución da tradicional visigótica (a *littera antiqua* ou *galega*, Monteagudo 1999: 112). Pero non se debe esquecer que o propio conde de Galicia, Raimundo de Borgoña, puido ser un dos axentes da súa difusión entre o tabelionato laico, do que, fóra da chancelaría real, tan pouco sabemos neste período, pois a inmensa maioría dos diplomas producidos en Galicia naquela época que chegaron a nós proceden de institucións eclesiásticas. O certo é que non temos un coñecemento suficientemente detallado do proceso de substitución da letra antiga pola carolina en Galicia. En particular, como indicaba Bernard Reilly hai máis de trinta anos, «no one has systematically examined the charters of Raymond» (1982: 24, n. 48). Segundo este estudoso, soamente chegaron a nós vintecatro privilexios outorgados polo conde Raimundo nos vinte e poucos anos da súa estadía na península⁶, pero das referencias que el mesmo ofrece dedúcese que a inmensa maioría deles nos chegaron a través de copias tardías (1988: 276). Entre os escasos orixinais sobreviventes, Reilly chama a atención precisamente sobre a carta de 11 de febreiro de 1095 que citamos no parágrafo anterior, cuxo orixinal se custodia no arquivo da catedral de Tui⁷.

En todo caso, o argumento do tipo de letra empregado no diploma non é decisivo para dilucidar a súa inxenuidade, xa que, como dixemos, o inicio da difusión da escrita carolina en Galicia se produciu precisamente a finais do século XI. Canto ao argumento das formas verbais arromanzadas, serviría máis ben para

⁶ Como é sabido, Raimundo de Borgoña instalouse na península por volta de 1085, para pouco máis tarde casar coa infanta Urraca, filla de Afonso VI, no contexto da crecente influencia franca (nomeadamante borgoñona) sobre os reinos do centro-oeste de Hespaña. Sobre o matrimonio de Raimundo de Borgoña coa princesa Urraca e a súa carreira inicial na corte de Afonso VI, véxase Reilly 1982: 13-24. Sobre Raimundo, xa conde de Galicia, na década de 1090, véxase Reilly, 1988: 244-258 e 269; particularmente sobre a súa posición na corte de Afonso VI nesos anos, *idem*: 275-278.

⁷ A conexión de Raimundo coa introdución da escrita carolina en Galicia podería deitar luz sobre o papel de Diego Xelmírez e a chancelaría episcopal compostelá no mesmo proceso, pois, como é sabido, Xelmírez foi o seu notario e mantivo unha estreita relación con aquel. Sobre os inicios desta relación, véxase Fletcher, 1984: 104-106. Segundo este, Xelmírez aparece como *scriptor* ou *notarius* do Conde de Galicia en cinco diplomas: 13 de novembro de 1094; 25 de febreiro e 24 de setembro de 1095; 1 de maio e 21 de agosto de 1096 (Fletcher, 1984: 104-105, nota 10). Pola súa banda, Reilly dá noticia de catro privilexios máis saídos da chancelaría do Conde nesos anos: 11 de febreiro de 1095; 10 de abril de 1096; 28 de marzo de 1098; 23 de xaneiro de 1099 (Reilly, 1982: 24-25, notas 47 e 48).

confirmar que se trata dun orixinal e non dunha copia, pois nos traslados de documentos realizados na segunda metade do século XII e ao longo do XIII os escribáns tendían a corrixir as formas arromanzadas dos orixinais, máis ca a introducir novos vulgarismos (Emiliano, 2003: 200 e 285-288)⁸. Por esta mesma razón, á hora de realizar a análise lingüística do documento tampouco resulta de relevancia crucial determinar se se trata dun orixinal ou dunha copia: mesmo na segunda hipótese (talvez máis probable cá primeira), a totalidade ou a maioría das formas que nos interesan estaban, con certeza, no orixinal.

2. Análise lingüística

Á hora de abordar a análise lingüística do noso documento hai que distinguir, como é habitual, as seccións formulars (protocolo e escatocolo) da parte dispositiva (o corpo central). Nas primeiras adoitan repetirse unha serie de fórmulas fixadas de vello para cada tipo de instrumento, redactadas nun latín fosilizado; pola contra, na parte dispositiva, de redacción menos encorsetada, poden aflorar formas innovadoras. Por tanto, centraremos a nosa atención na *dispositio*, sinalando os contrastes coa parte formularia cando nos semelle relevante.

1.- A SINTAXE é plenamente romance, seguindo a orde SVO (ou, máis ao raro, VOS). As funcións sintácticas aparecen expresadas a través da orde dos constituíntes e mediante o uso de preposicións, ao tempo que a determinación dos nomes vén expresada sistematicamente mediante o uso de artigos. Tamén se rexistra a dupla negación («*nūquam* ad illa *nullā* calūpniā mitant»), construción desviante do latín clásico pero típica do romance. Estes son fenómenos correntes nos diplomas notariais de tipo menos formal en toda a Idade Media. Secomasí, na carta en estudo a vulgarización é máxima, sen concesións ao estilo latinizante.

⁸ Este estudoso, despois de comparar 11 documentos orixinais de 1025 a 1108 (dez deles de 1072-1108) coas súas copias no *Liber Fidei* da catedral de Braga (copiado entre 1221 e 1254 aproximadamente), conclúe que os copistas actuaron de forma relativamente incisiva na corrección dos aspectos ortográficos que xulgaban desviantes dos orixinais, mentres que «a tendencia correctora dos copistas em relação a questões de morfologia e sintaxe não é muito marcada» (Emiliano, 2003: 288). Xa que logo, considera que as copias do século XIII son pouco fiables para unha análise fina da ortografía notarial de finais do século XI comezos do s. XII, pero moi fiables para o estudo dos aspectos morfosintácticos da lingua dos documentos notariais desa época.

2.- A esmagadora maioría das VOCES ONOMÁSTICAS aparecen arromanzadas, especialmente na terminación⁹. Así, practicamente todos os nomes son grafados con <-o> final (agás *Ordoniu*) e os patronímicos rematan todos en <-iz> / <-ez>. Canto a nomes de persoa, rexístrase *Afonso*, *Ramiro*, *Enego*, *Petro*, *Sandino*, *Osevo*, *Menindo*, *Gontado*, *Sando*, *Teofreo*, *Pelagio*, *Monio*, *Nigro*. Pola contra, no escatocolo, como corresponde ao seu carácter formulario, algúns nomes de persoeiros de relevo reciben un tratamento latinizante. Así, na fórmula de regnante escríbese dúas veces *Adefonsus* (unha mención corresponde ao rei e a outra ao bispo; compárese co plenamente romance *Afonso* que aparece dúas veces da parte dispositiva) e unha *Raimond<us>* (o conde), mentres que na listaxe de confirmantes fronte a *Pelagio*, *Monio* (dúas ocorrencias), *Nigro*, *Sandino*, *Osevo* e *Menindo* aparece unha vez *Petrus* (compárese cos dous *Petro* da *dispositio*), o cal aconsellou desenvolver en <-us> a abreviatura final das formas abreviadas *Mitt<us>* / *Mit<us>* e *Nun<us>*. Canto aos patronímicos, lemos *Vigoyz*, *Oduariz*, *Vermuiz*, *Petriz*, *Toeriquiz*, *Sagadiz*, *Golestez*, *Adaufiz*, *Cidiz*, *Ramiriz*, *Moniz*, *Eiridiz* (de *Ageredus?*), *Saninz*, *Midiz*.

Ana Boullón (2007: 606-610) sinala que os patronímicos en <-iz> son os máis frecuentes nos séculos X-XI, tanto fronte outras variantes (a máis recente <-ez>, como en *Golestez*, e as latinizantes <-izi> / <-ici>), canto fronte ás formas alatinadas en xenitivo <-i> (tipo *Menendi*, *Roderici*, etc.), que incrementarán o seu uso nos séculos XII e XIII. Por tanto, esta característica vén en apoio da veracidade lingüística do diploma. Finalmente, os topónimos que se rexistran son *Vigo*, *Canedelo*, *Crebada da Vessada*, *Poco Nigro*, *Fenales*, *Thoronio*. O xentilicio *thuensis* está construído sobre a forma romance *Tuy*; outramente, sobre *Tude*, aparecería *tudensis*, forma moi corrente na documentación da época. En apoio novamente da veracidade lingüística do diploma, vemos aquela forma (sen <h>: *tuensis*) rexistrada en senllos documentos de 1113 procedentes de Melón e Oia (consulta no CODOLGA).

3.- A inmensa maioría dos NOMES, PRONOMES, POSESIVOS e DEMOSTRATIVOS aparece coa desinencia romance, esquecido case totalmente o sistema casual do latín: *strema*, *mammona*, *arrugio*, *carbalio*, *cerro*, *vigario*, *calumniant*, *respondente*, *mare*, *hereditate*, *comite*; *homines*, *fiadores*, *pedes*, *fenales*, *iurados*, *pernominatos*; *illa*, *ipsa*, *illo*, *ipso*; *istos*, *illos*, *ipsos*, *suos*, ... Só uns poucos vocábu-

⁹ Emiliano (2003: 229) refírese á «resiliência gráfica dos nomes próprios autóctonos face aos padrões normativistas da ortografia latina classica», ao notar que na escrita destes «tipicamente ocorrem fenómenos de vulgarismo ortográfico nos textos latino-notariais».

los, repartidos dun xeito bastante aleatorio ao comezo e ao final da parte dispositiva do documento, reteñen marca desinencial de caso (un acusativo fosilizado, marcado mediante o *títulus*): *de vocẽs*₅, *ante sagionẽ*₆, *ad iuditũ*₁₀, *per terminũ*₁₉, *ad illã calumpniã*₂₅.

4.- As frases nominais aparecen iniciadas sistematicamente con ARTIGOS DETERMINADOS (non se rexistran artigos indeterminados): *ipsa hereditate*, *ipsos iuradores*, *ipsa crebrada*, *illa mammona*, *illo cerro*, *illos fenales*, *ipso arrugio*... Como se bota de ver, as formas empregadas son *ipso-ipsa-ipsos* e *illo-illa-illos*. Estas últimas, antecedentes directas do artigo galego, xorden xustamente na parte do documento máis achegada á oralidade, naquela onde se sinala a demarcación de límites. Rexístrase unha soa forma do artigo plenamente romance, na indicación toponímica «crebada da Vessada», que debía estar xa fixada como tal. Precisamente, unha das características que apunta a unha maior antigüidade deste diploma en relación con outros, de carácter máis ou menos híbrido, da segunda metade do século XII, é que nos segundos adoitan aparecer os artigos en forma romance (*o, a, os, as / lo, la, los, las*). Tornaremos sobre isto.

Por outra banda, é de salientar que as formas do DEMOSTRATIVO que se empregan son *istos*₂₆ e *ista*₂₆ ('estes' e 'esta') e *ipsa* ('esa'), mentres que as formas latinas clásicas *hi*₃₁ e *hanc*₃₂ ('estes' e 'esta') só se empregan no escatocolo. Nótese o uso en correlación de *illa* e *ipsa*: «stremẽ illa [*hereditate*] de Canedelo de ipsa [*de Vigo*]» (liñas 12-13).

5.- Pero o que máis singulariza este documento é o arromanzamento das FORMAS VERBAIS, particularmente nas desinencias. Así, na parte dispositiva rexístranse cinco formas con desinencia latina *-devenerunt* (2), *resonant*, *posuerintis*, *annuntient*, *mitant*¹⁰, fronte a unha híbrida (*anuntiar<unt>*, por *annuntiaver<unt>*₂₄) e once con desinencia romance: *deru<m>*₉, *iudicou*₁₀, *clamam*₁₂, *pona<m>*₁₂, *streme<m>*₁₃, *iurade*₁₄, *poseru<m>*₁₉, *estrema*₂₁, *vai*_{20,21} (3), *iuraru<m>*₂₃, *era*₂₃. Cómpre esclarecer que nas formas verbais en que se emprega o til abreviativo sobre o <-ũ> final, esta abreviación debe ser desenvolvida en <-m> (ou en todo caso, <-n>), e non en <-unt> (como fai, por exemplo, Gutiérrez Pichel, de xeito incoherente, unicamente na forma *derũ*₉). En efecto, para abreviar a desinencia <unt> o escribán emprega o <r> quadrato, como en *ãnũtiar<unt>*₂₄; pola contra, o desenvolvemento do til como <m> en

¹⁰ A última xa corresponde máis ben a unha fórmula fixada para pechar a *dispositio*.

derũ vén claramente suxerido por *clamam*₁₂ e as formas nominais citadas no parágrafo anterior (*vocẽ, sagionẽ, iuditiũ, terminũ*).

Nótese ademais que no caso de *derũ* e *poserũ*, a forma da raíz é tamén romance. En latín «correcto» serían *dederunt* e *posuerunt*; de feito, no texto rexístrase *posuerintis* (supoñemos que por *posueritis*, como indicamos en nota ao texto). A práctica totalidade das formas verbais devanditas son insólitas nos documentos latinos de Galicia; unicamente a forma *vai* aparece nalgún que outro documento dos séculos X ou XI. *Extrema* como forma verbal de terceira persoa aparece nun documento de Santiago do século IX, aínda que máis tarde, de 1145 en diante, rexístrase con certa frecuencia, sempre no contexto de descrición de límites; *derunt* lese nun documento de Carboeiro de 1102 e noutro de Toxosoutos de 1226, *ponant* só aparece a finais do século XII e *poserun(t)* non se rexistra, o mesmo que *iudicou, iurade, clamam* ou *stremẽ* (sempre segundo datos do CODOLGA).

Os exemplos de formas verbais con desinencias romances non son descoñecidas en textos do latín notarial. Por cinguirnos aos casos máis conspicuos, formas da terceira persoa do singular do presente de indicativo como *claude, determina, discurre, divide, exparte, fer / fere, iace, include, infunde, leva / se leva, plega, sedea, sparte, sta, torna*, aparecen de cando en cando en diplomas dos séculos VIII en diante, en particular nos séculos X-XI e as primeiras décadas do XII, case exclusivamente no contexto da descrición de lindeiros de territorios ou propiedades. En ocasións, rexístranse varias nun mesmo documento. Por caso, nun inventario de adquisicións redactado contra finais do século X ou comezos do XI, que chegou a nós mediante traslado no Tombo de Celanova (composto a fins do século XII) rexistramos *vai* (cinco ocorrencias) *torna* (tres), *discurre, include, conclude, sta e fer* (catro) / *fere*; pero trátase dun texto moi longo, que ocupa case nove páxinas na edición actual, e no que se rexistran dúcias de formas verbais con desinencia latina (Andrade, 1995, I: 524-32). Noutros documentos, as formas verbais arromanzadas teñen unha maior densidade, ou concéntranse en pequenos treitos: así, a título de exemplo, nunha venda de 1043 copiada no mesmo Tombo de Celanova, lemos «et *plega* ad Villarino, et inde *plega* [ad] salto de Sisnando Cidiz, et *fer* in Arnogia ad illo porto de Lagenella» (*idem*, 343), e nunha doazón de 1096 trasladada no mesmo tomo, dise «alia villa *determina* cum villa media, et *divide* per illa Porcaria et *include* per ripa de Limia» (*idem*, 415). A maior abundamento, como caso máis próximo ao noso documento, podemos citar unha doazón de 1086, que nos chegou por unha copia no *Liber Fidei de Braga*, que está inzada

de formas como *fere*, *claude*, *determina*, *leva se* ou *divide* (Emiliano, 2003: 502-505). Voltaremos sobre isto nas nosas conclusións.

6.- AS PALABRAS GRAMATICAIS INVARIABLES –como preposicións, pronomes relativos (*ubi*), adverbios (*inde*) e conxuncións–, escasas no texto, manteñen a súa forma latina, frecuentemente escrita de xeito abreviado (*inter*, *super*, *et*) e ás veces coincidente coa romance (*ante*, *de*). Soamente merecen comentario a alternancia das variantes da preposición *ad*_{10,20,21,22,25,30} / *a*_{22,23}, e *qui* / *que* do pronome relativo e a conxunción completiva. Canto a estas, *qui* aparece nas dúas funcións, pero con máis frecuencia representa a conxunción (liñas 11, 23, 25; como relativo só na liña 21), mentres que *que* é relativo nun par de ocasións (liñas 11, 12), pero tamén aparece nunha ocasión como conxunción, con valor expletivo (liña 12).

7.- NO PLANO GRAFO-FONÉMICO, a representación das consoantes e das vogais é case totalmente alatinada, salvo nos nomes propios. Nestes, rexístranse exemplos de sonorización das consoantes oclusivas xordas entre vogais, de simplificación de /ll/ e /nn/, de asimilación de /rs/ > /ss/ e de caída do /d/ intervocálico: *Enego* (<Enecu-), *Vigoyz* (<Vigo (<Vicu-), *Adaufiz* (<Adafo (<Ataulfu-), *Canedelo* (<*Cannetellu, diminutivo de Cannetu-, colectivo de Canna-), *Midiz* (<Mido (<Mitu-), *Crebada* (<crepata-), *Vessada* (<versata-), *Vermuiz* (<Vermudiz (<Vermudo). No tocante ás bilabiais, é interesante contrastar a representación conservadora que se aplica en *carbalio* e *Nebula* coa plenamente romance de *Osevo* (<Eusebiu-) e *crebada* (<crepata-). Nótese, pola contra, a forma latina *roborabimus*₃₁, en lugar de *roboravimus*. Os antropónimos e os topónimos tamén ofrecen grafías de interese para as sibilantes: referímonos ao -z final dos patronímicos, e as voces *Cencoy* e *Poco*, en que a consoante <c> representa a africada dental /ts/ na secuencia <co>.

Por parte, salientan os vocábulos *fiadores*, *iuradores* / *iurade*, *vigario*, termos técnicos da lingua xurídica. Canto a *fiador* / *fiadoria*, as formas romances rexístranse xa en documentos dos séculos X ao XII, mentres que *vigarius* / *vigario* é relativamente frecuente en documentos dos séculos XI e XII; pola contra, *iurade* e *iuradores* son formas totalmente insólitas nos documentos latino-galegos. De resto, nas voces comúns as grafías empregadas no documento son conservadoras, de xeito que se manteñen as consoantes oclusivas xordas e sonoras e mais o <l> e o <n> entre vogais, mentres que as consoantes palatais e africadas da fala romance carecen de representación específica. Damos a listaxe de voces que aparecen na sección dispositiva do documento,

confrontando as grafías que se rexistran nel (sen ter en conta as abreviaturas) con grafías romances das mesmas palabras que corren nos documentos da segunda metade do século XIII: *sagionem/ saiom*, *derum/ derom*, *fiadores*, *iuditiū/ iuizo*, *iudicou/ iulgou*, *de sursū/ de susso*, *hereditate/ herdade*, *clamam/ chamam*, *ponam/ ponan*, *pedes/ pees*, *iurade*, *annuntient/ anunçen*, *iuradores*, *poserū/ poserō*, *terminū/ termino*, *creb(r)ada*, *uessada*, *uai*, *carbalio/ carballo*, *māmona/ mamōa*, *estrema*, *cerro*, *inde/ ende*, *poco (poço)*, *nigro/ negro*, *fenales/ feães*, *ar-rugio/ arroio*¹¹, *mare/ mar*, *iurarū/ iurarō*, *era*, *strema/ estrema*, *ānūtiarunt/ anūçaron*, *homines/ homêes*, *nūqua/ nūqua*, *nullā/ nulla*, *calūpnia/ calūpnia*, *mitant/ metan*. Salta a vista a semellanza, ou mesmo a identidade (no caso das formas que reproducimos en letra redonda), entre unhas e outras.

É especialmente interesante a variante *māmona*, escrita con <n>, pois as formas máis correntes na documentación medieval (desde o século VI), *mamola* e *mamula*, presentan <l>; a variante de tipo *mamona*, con <o> e <n> (variante pseudoerudita, coa reposición errónea dun <n> en lugar do /l/ intervocálico, e que ademais mostra a evolución da vogal postónica) rexístrase desde os mediados do século IX (un exemplo de Celanova de 942), aparece con certa frecuencia no século XI e máis esporadicamente nos documentos dos séculos seguintes. Outra variante significativa é *Golestez*: *Godestez* (< Godesteo) é forma xa documentada no século X e corrente no seguinte, ao seu carón no noso documento rexístrase simultaneamente *Goesteiz* (e *Goesteo*), menos empregada no século XI pero cada vez máis frecuente a partir do seguinte; *Goestez* rexístrase soamente unha vez na metade do século XII. A falsa reconstrución *Golestez* que ofrece o noso documento é única, ben que pode emparellarse cun *Golesteo* que se documenta en 1125 (datos do CODOLGA).

8.- No tocante ao LÉXICO, na parte dispositiva do documento todas as voces pertencen ao vocabulario galego medieval, ben que *devenire*, *pernominatos* ou *resonare* eran cultismos ou latinismos, e esas e outras voces eran tecnicismos da linguaxe xurídica (así, *anuntiare* que corresponde ao galego medieval *anunçar / anuçar* ‘renunciar’). Como era de agardar, os tecnicismos xurídicos latinos son máis abundantes no protocolo e no escatocolo: *agnitio*, *intemptio* («entença» ou «entençon»), *calumpniante*, *respondente*... De resto, non se empregan palabras latinas carentes de cognatos romances, como se pode comprobar na listaxe que acabamos de ofrecer no parágrafo anterior.

¹¹ Véxase Machado, 1977, I: 321.

3. Discusión e conclusións

A sección dispositiva do noso diploma vertente ofrece unha escrita fortemente arromanzada na morfosintaxe, mentres que no plano gráfico se mantén a tradición latinizante, agás na antroponimia e a toponimia. As dúbidas canto á súa inxenuidade fúndanse non tanto no avanzado estadio de arromanzamento canto no uso da escritura carolina. No caso de tratarse dun orixinal, o documento mostraría que, contrariamente ao que adoita darse por suposto, nos momentos iniciais da adopción da nova letra francesa, a innovación gráfica non sempre veu acompañada por un esforzo de relatinización da morfosintaxe. No caso de que se tratase dunha copia —case con certeza da segunda metade do século XII—, o valor do documento residiría en mostrarnos un espléndido exemplo dunha modalidade de latín notarial maximamente vulgarizante, que corresponde a un tipo de texto moi específico: os escritos de demarcación de límites de propiedades ou territorios.

Acabamos de citar no parágrafo anterior un feixe de exemplos de formas verbais con desinencia romance rexistradas maiormente en documentos anteriores á metade do século XII (§2.6). Aínda podemos aducir dous textos latino-portugueses próximos ao noso, datados en 1101 e 1125, que edita parcialmente Ana Maria Martins (2007: 170-171)¹². Precisamente nos treitos destes documentos en que se delimitan propiedades tamén se rexistra un mangado de formas verbais con desinencia romance ou xa plenamente romances, como *uen, sparte, sedea* (1101) ou *fer, uadi, strema, intra, leua, torna, sparte, ganastis, parti, destis, uen* (1125). Canto a textos redactados en Galicia, un testemuño similar ofréceo a enquisa sobre a terra de Laioso (ca. 1225), na que se rexistran formas verbais como *ouuerō, enqueriron, parti, leuo, era, tomou, quitou, comeza, tomo, derō* ou *otorga* (Boullón, Monteagudo, 2009: 89-90).

En definitiva, o noso documento insírese nunha tradición de escrita notarial que posuía un amplo abano de rexistros scriptolingüísticos asociados a tipos particulares de texto. Nun deses rexistros, correspondente ás descrições de límites topográficos, empregábase unha morfosintaxe plenamente romance,

¹² Ambos os dous proceden do mosteiro de San Cristóvão de Rio Tinto, localizado a norte do río Douro, no xiro da cidade do Porto. Nótese que non faltan exemplos destas variantes en documentos da segunda metade do século XII e incluso do século XIII, pero o fenómeno está moito máis abundantemente rexistrado nos textos dos séculos X e XI e primeiro terzo do XII. Sería interesante realizar unha pescuda sistemática para comprobar a evolución da frecuencia destas variantes.

afectando isto non só á orde de constituíntes frásicos e oracionais e mais ao uso de presentadores e de preposicións, senón tamén ás desinencias nominais e verbais —sempre do xeito vacilante característico da *scripta* latina notarial da época—. Pero, ademais, eses textos estaban inzados de voces onomásticas (topónimos indicando lugares e antropónimos indicando informantes e propietarios), en que se tendía a empregar representacións fonográficas directas. O efecto conxunto de todo isto é dun arromanzamento máximo. De feito, eses textos forneceron a ocasión para, a partir de sucesivas experimentacións, forxar a modalidade scriptolingüística que temos denominado *escrita heterónoma* galego-latina (Monteagudo, 2007: 286-298 e 2009: 91-95). O noso diploma é un excelente exemplo disto, dado que trata exclusivamente de límites territoriais e visto que nel se rexistra unha concentración inusitadamente elevada de formas arromanzadas.

Por parte, a *escrita heterónoma* galego-latina constitúe o precedente de formas de *escrita* máis evolucionadas cara ao romance, tal como se manifestan en documentos labrados en Galicia e Portugal na segunda metade do século XII e primeira do seguinte, do tipo dos que foron exhumados na pasada década por Ana Maria Martins e José A. Souto Cabo (Martins, 2001a: 91-110; 2001b e 2004; Souto Cabo, 2003 e 2008: 31-49), que caben dentro da modalidade que denominamos *escrita semi-heterónoma* galego-latina (Monteagudo, 2009: 95-97). Esta modalidade, pola súa vez, evolucionou ata desembocar na *scripta conservadora* romance que tan atinadamente definiu Ana Maria Martins (1999 e 2007: 166-173)¹³. O maior arromanzamento destes textos latino-romances de 1150ca.-1250ca. en relación ao que estudamos aquí (isto é, da *scripta* semi-heterónoma en relación coa heterónoma) móstrase entre outros trazos, no emprego de formas galegas do artigo determinado (*o, a*), en ocasións contraídas con preposicións (*ao, da, inno...*), no uso do artigo indeterminado (*uno, una*), na aparición de formas arromanzadas do pronome persoal átono (*o, li...*), ou no tratamento gráfico das consoantes intervocálicas: representación máis ou menos ocasional como <d>, <g> das sonoras intervocálicas procedentes de xordas latinas, omisión do <l> o <n> nos contextos en que as primitivas consoantes latinas caeran, etc.

¹³ Discusión máis demorada da clasificación dos documentos exhumados por estes dous estudos pode verse en Monteagudo, 2007: 286-294. Remisión máis ampla á bibliografía ata a data pode verse en Monteagudo, 2009.

O noso documento apoia a hipótese de Roger Wright no sentido de que escritos con roupaxe gráfica alatinada ben puideran ser lidos en voz alta «traducidos» á fonética romance, ou, visto desde a perspectiva inversa, a escrita latino-romance podía empregarse para a representación gráfica dunha oralidade romance, ou —polo menos, en certos tipos textuais— determinadas modalidades de *scripta* latina puideron ser empregadas para representar a oralidade romance. Finalmente, este testemuño convida a tomar cun punto de relativismo a demanda polo achado do texto romance (galego, portugués, galego-portugués...) máis antigo.

SENTENZA SOBRE OS LÍMITES ENTRE VIGO E CANEDELLO

1097, agosto, 5

O xuíz Sandino Sagadiz dá sentenza sobre os lindeiros entre Vigo e Canedelo.

10 x 22 cms, con manchas de humidade no bordo dereito, que en ocasións dificultan a lectura das letras finais de liña; unha mancha grande no bordo dereito, entre as liñas 17 e 18.

Orixinal (?): Madrid, AHN, Clero, Ourense, Mosteiro de Santa María de Melón, car. 1437, nº 3.

Copias: Tombo de Melón (1611): fol. 354v. Tumbo de Melón, tomo III, fol. 444r.

Edicións: Santiago y Gómez 1896, 196, n.; Ferro Couselo 1952, 210 [o texto do Tombo de 1611]; Cambón Suarez 1957, tomo I, Apéndice II, nº 2; Fernández Rodríguez 2004, 221; Gutiérrez Pichel 2008, 100-101.

ERa M^a. C^axxx^av^a *et quodum quod erit nonas* |₂ augusti. Ecce agnitio *presentis* futuri iudices *seculi* |₃ ut qui sunt firmiter *et hunc qui nasci ueraciter credant* |₄ Horta fuit intemptio inter homines de uigo *et de* |₅ canedelo *super hereditate*. Calūpniant de uocē de |₆ uigo afonso uigoyz. *et ramiro oduariz. et cencoy* |₇ *et respondente de canedelo enego. et petro uermu|iz. et ramiro petriz. et devenerunt ante sagionem* |₉ ramiro toeriquiz. *et derū inter se fiadores et deveneru|nt ad iuditiū ante sandino sagadiz. et iudicou de* |₁₁ istos de uigo que de sursū resonant qui ipsa here|ditate que clamam que ponā suos pedes *per ipsa* |₁₃ *hereditate et stremē illa de Canedelo de ipsa et per ubi* |₁₄ *posuerintis uestros pedes iurade cū. XII. et anun|tient illos. et sunt ipsos iuradores per-* nominatos |₁₆ ipso afonso uigoyz. *et ramiro oduariz. et cencoy. et pe|tro nebula. petro toeriquiz. osevo golestez. ordoniu* |₁₈ *adaufiz. Menīdo petriz. Gōtado*

petriz. São cidiz. |₁₉ teofreo. osevo petriz.
et poserū suos pedes per terminū |₂₀ de ipsa
 crebrada da uessada. *et uai ad illo carbalio.*
 |₂₁ *et uai ad illa māmōna qui extrema deu-*
dixi et uai |₂₂ *per illo cerro et inde a po[c]o*
 nigro. *et uai ad illos fenale[s]* |₂₃ *et inde per*
 ipso arrugio. *et inde a mare et iurarū qui era*
 per ip[sos] strema de uigo. *et ānūtiarunt ipsa*
hereditate ipsos homine[s] |₂₅ *de canedelo.*
 qui nūquam ad illa nullā calūpniā mitant.
et |₂₆ *si inde aliter fecerint. et ista agnitio*
exierint que pariant |₂₇ .cc. solidos.


Et erant ipsos in diebus rex adefonsus et
erat rai|mondus comite in thoronio. et vi-
gario iohane ramiriz et |₂₉ *episcopus sedis*
thuensis adefonsus. Nos nominatos ho-
mines |₃₀ *de canedelo et uox nostra ad uos*
homines de uigo. et vox uest[ra] |₃₁ *in hanc*
agnitio manus nostras roborabimus.

Qui viderunt |₃₂ *et audierunt, hi sunt:*

[Columna a] Pelagio testis | Nunus testis
 | Mittus testis | Abade monio *confirmat* |
 Abade nigro *confirmat* | Sandino moniz *con-*
firmat | Oseuo petriz *confirmat*

[Columna b] Monio eir[i]diz *confirmat* | Menindo monaco *confirmat* | Mitus
 oduariz *confirmat* | Iohanes oduariz *confirmat* | Petrus saninz *confirmat* | Mo-
 nio midiz *confirmat*.

Et ego Iohanes qui notuj et *confirmo* [Signum]



NOTA EDITORIAL. Editamos o pergamiño do AHN, probable orixinal, e, senón, copia da segunda metade do século XII. Para a transcripción do texto, seguimos as normas empregadas en Boullón Monteagudo 2009: 80-87, con pequenas diferenzas, que se explican pola finalidade específica da presente edición: a) non puntuamos á moderna, senón que reproducimos a puntuación do orixinal, b) non introducimos maiúsculas e minúsculas á moderna, senón

que respectamos as do orixinal, c) separamos as palabras á moderna sen ofrecer indicacións, pois era escusado, dado que o texto xa o fai practicamente sempre, d) deixamos sen desenvolver o til de abreviación das consoantes nasais, polas razóns que se explican no comentario.

NOTAS Á LECTURA. **1.** *presentes futuri*: sobreenténdese *presentes* [et] *futuri*. || **13.** *ubi*: unha mancha de tinta impide ler con claridade as dúas últimas letras, parece tratarse dun cun <i> escrito sobre a liña. || **14.** *posuerintis*: Por *posueritis*, coidamos que o escribán dubidou entre a segunda persoa do plural e a terceira (*posuerint*), que correspondería ao estilo indirecto. || **20.** *c<re>brada*: os outros editores len *c<um>brada*, pero este topónimo non se rexistra en galego, nin, por tanto, na zona a que se refire o documento. O signo de abreviación sobre o <c> é exactamente o mesmo ca o da primeira sílaba de <credant>, na liña 4, e sobre o <t> inicial de *terminū*, na liña 19. A presenza do <r> na segunda sílaba pode deberse a un simple despiste do escribán, quizais favorecido polo feito de que esta forma presenta as variantes orais *crebada* – *quebrada* – *querbada*. As *Crebadas* é microtopónimo actual en Bembrive, parroquia de Vigo, pero no texto pode estar como nome común. A *Vesada* é topónimo abundante en Vigo, pois rexístrase nas parroquias de Cadeán, Cabral, Valadares, Beade e Saiáns. || **21.** *deuidixi*. Todos os editores ofrecen a lectura *deuidixi*, agás Ferro Couselo, (e con el, Bermejo / Romaní) que le *de Vidixi* (talvez inspirado pola transcripción do Tombo de 1611, que non consultamos). Esta lección é plausible, pero non atopamos ningún topónimo que puidese corresponder a esa forma; ocórrenos que podería tratarse dun nome en xenitivo de posesor. Outra posibilidade sería interpretar como a forma verbal *devidit* (por *dividit*), variante rexistrada (*devide* un documento de 942, *devides* noutro de 1072, *devidet* noutro de 1219; datos do CODOLGA), a última letra podería ser a abreviación de *et*, que se repetiría a seguir, pero non sabemos como resolver o <x> que se le claramente no diploma: o verbo tamén se empregaba como pronominal (*se dividit*), <xi> podería ser o pronome (hipótese altamente inverosímil), pero en todo caso aquí non dá moito sentido. Outra hipótese que se nos ocorre é ler *de u[b]i dixi* (de onde dixer), pero non nos satisfai. Talvez se trate dunha forma ultracorreción, un falso latinismo forxado cun final en <-xi>, suxerido por unha analoxía con *vivo* / *vixi*. || **22.** *po[c]o*: o <c>, empregado aquí para representar a africada dental /ts/ (usualmente representada por <ç> en textos posteriores), está parcialmente borrado. || **Col. b.** *eir[i]diz*: no tomo de 1801 lese *Enidiz*, Ferro (e con el, Bermejo / Romaní) le *Enindiz*, Cambón *Eindiz*, Fernández *Cindiz*, Gutiérrez non resolve a lectura.

Ningún dos devanditos patronímicos se rexistra no CODOLGA. A lectura que propomos, con dúbidas, *Eiridiz*, podería corresponder ao nome *Ageredus*. De todos os xeitos, a nosa conxectura deixa sen resolver o *títulus* trazado enriba da última sílaba, e que no resto do documento é empregado como abreviatura de nasal implosiva.

Bibliografía

- Andrade, J. M. (1995): *O tombo de Celanova*, 2 vols, Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Arnall i Juan, J. (2000): «La escritura carolina», en Á. Riesco Terrero (ed.): *Introducción a la Paleografía y a la Diplomática general*, Madrid: Síntesis, pp. 89-110.
- Bermejo Barrera, J.C. e Romaní Martínez, M. (2014). “*Et per ubi posuerintis vestros pedes iurare*. La cojuración y el posible uso de los signos podomorfos en la Galicia medieval y moderna”, *Madrider Mitteilungen* 55, 560-595.
- Boullón Agrelo, A. I. (2007): «A antroponimia nos textos documentais galegos ata o século XIII», en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia de galego como lingua escrita na Idade Media*, pp. 603-623.
- Boullón Agrelo, A. I. (ed.) (2007): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Boullón Agrelo, A. I. e Monteagudo, H. (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Cambón Suárez, S. (1957): *El Monasterio de Santa María de Melón (siglos XII-XIII)*, Universidade de Santiago de Compostela (Tese de doutoramento inédita).
- Cartulario o libro de privilegios, donaciones reales, bulas, escrituras de ventas, concordias, foros, testamentos, etc..., del monasterio de Santa María de Melón*, 3 vols. Archivo Histórico Nacional, Códices, L. 323/ L. 324/ L. 325. [Consultado na rede: http://pares.mcu.es/ParesBusquedas/servlets/Control_servlet?accion=2&txt_id_fondo=184171].
- Castro Correa, A. (2014): «Visigothic vs. Carolingian script. Context (I), (II)», *LitteraVisigothica*, <http://litteravisigothica.com/visigothic-vs-carolingian-script-context1>, <http://litteravisigothica.com/visigothic-vs-carolingian-script-context2>.

CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. [<http://corpus.cirp.es/codolga/buscas>]

Emiliano, A. H. (2003): *Latim e romance na segunda metade do século XI. Análise scripto-lingüística de documentos notariais do Liber fidei de Braga de 1050 a 1110*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Fundação para a Ciência e Tecnologia.

Fernández Rodríguez, M. (2004): *Toronium. Aproximación a la historia de una tierra medieval*, Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'.

Ferro Couselo, J. (1952): *Los Petroglifos de Término y las insculturas rupestres de Galicia*, Ourense.

Fletcher, R. A. (1984): *Saint James's Catapult. The Life and Times of Diego Gelmirez of Santiago de Compostela*, Oxford: Clarendon Press.

Galindo Romeo, P.(1923): *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*, Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Gutiérrez Pichel, Ricardo (2008): «A documentación non dispositiva na emerxencia do galego instrumental: a pesquisa e o relato procesual», *Verba* 35, pp. 73-119.

Losada Meléndez, M^a. J., M^a. T. Soto Lamas e M. Á. González (2000): «Santa María de Melón», en M^a Damián Yáñez Neira, *Monasticón cisterciense gallego*, 2 vols. [S.l.:] Caixavigo e Ourense, I, pp. 136-151.

Lucas Álvarez, M. (1991): «Paleografía gallega. Estado de la cuestión», *Anuario de Estudios Medievales* 21, pp. 419-469.

Machado, J. P. (1977): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, 5 vols, Lisboa: Livros Horizonte.

Marín Martínez, T. e J. Ruiz Asencio (dirs.) (1987): *Paleografía y Diplomática*, 2 vols., Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Martins, A. M^a. (1999): «Ainda 'os mais antigos textos escritos em português': documentos de 1175 a 1252», en I. Hub Faria (org.): *Lindley Cintra: Homenagem ao Homem, ao Mestre e ao Cidadão*, Lisboa: Cosmos / Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, pp. 491-534.

Martins, A M^a. (2001a): *Documentos portugueses do Noroeste e da Região de Lisboa. Da Produção Primitiva ao Século XVI*, Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

Martins, Ana M^a (2001b): «Emergência e generalização do português escrito. De D. Afonso Henriques a D. Dinis», en M^a H. Mira Mateus (coord.): *Caminhos do Português*, Lisboa: Biblioteca Nacional, pp. 23-71.

- Martins, Ana M^a. (2004): «A emergência do português escrito na segunda metade do século XII», en R. Álvarez e A. Santamarina (eds.): *(Dis) cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, pp. 491-526.
- Martins, Ana M^a. (2007): «O primeiro século do português escrito», en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 161-184.
- Millares Carlo, A. (1983): *Tratado de paleografía española*, 2 vols, Madrid: Espasa Calpe.
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, Galaxia: Vigo.
- Monteagudo, H. (2007): «A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. Unha panorámica histórica», en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 275-312.
- Monteagudo, H. (2009): «A elaboración do galego escrito no período primitivo», *Estudos de Lingüística Galega* 1, pp. 85-111.
- Recuero Astray, Manuel, P. Romero Portilla e M. A. Rodríguez Prieto (eds.) (2000): *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*, [Santiago de Compostela:] Xunta de Galicia.
- Recuero Astray, M., M. González Vázquez e P. Romero Portilla (eds.) (2002): *Documentos medievales del Reino de Galicia. Doña Urraca (1095-1126)*, Santiago: Xunta de Galicia.
- Reilly, B. (1982): *The Kingdom of León-Castilla under Queen Urraca (1109-1126)*, Princeton: Princeton University Press.
- Reilly, B. (1988): *The Kingdom of León-Castilla under King Alfonso VI (1065-1109)*, Princeton: Princeton University Press.
- Romaní Martínez, M. e P. S. Piñeiro Otero Maseda (2009): «Sobre los inicios del monasterio de Melón y sus relaciones con los monasterios de Bárcena y Canales: corpus documental», en R. Casal, José M. Andrade e R. J. López, *Galicia monástica. Estudos en lembranza da profesora María José Portela Silva*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 23-37.
- Santiago y Gómez, J. De (1896): *Historia de Vigo y su comarca*, Madrid: Imprenta y Litografía del Asilo de Huérfanos (edición facsímile, pola Deputación de Pontevedra, 2005).

Souto Cabo, J. A. (2003): «Nas orixens da expresión escrita galego-portuguesa. Documentos do século XII», *Diacrítica* 17, pp. 329-385.

Souto Cabo, José Antón (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII* (= *Revista Galega de Filoloxía. Monografías* 5), A Coruña: Universidade.

O poder máxico da palabra na cultura popular

MANUEL QUINTÁNS SUÁREZ
Santiago de Compostela

O *refraneiro* das comarcas de Fisterra, Muros, Noia, Terra de Soneira e Terra de Xallas, insiste unha e outra vez, non só en salientar a importancia da palabra, senón, sobre todo, en advertir dos perigos dun uso inadecuado da mesma. Nun sentido, por outra banda, no que este agudo e atento conselleiro non logra disimular a súa débeda coa verdade do antigo principio de que é só a cantidade e o modo do seu emprego, o que fai do carácter nocivo do veneno un poderoso medicamento curativo.

É a palabra, para este «evanxeo pequeno», a imaxe, a representación, a personificación do seu usuario, el mesmo. Nada obriga máis que a palabra. Como di el mesmo: «O boi pola corda, e o home pola palabra». (Santa Comba: Alón; Fisterra).

Falar e, sobre todo, falar ben é, neste contexto, unha virtude que se debe cultivar. O silencio é sempre sospeitoso, un modo de evasión de calquera forma de compromiso. Por iso, o refraneiro non dubida en aconsellar: «Gárdate do can que non ladra e do home que non fala» (Santa Comba: Freixeiro); porque «Falando enténdese a xente» (Santa Comba: Freixeiro) e, en calquera caso, «O lavar, non quita o falar» (Muxía: Muxía: Agrodosío; Villastose: Senande)... As palabras non son nunca inocentes, e falar ben esixe, diante de nada, saber escoller adecuadamente cada palabra: porque «As boas palabras aloumiñan; as malas espiñan» (Cee).

De tal xeito, que tal existencia remata convertindo, non o silencio, pero si a prudencia, nunha virtude non menos estimada que a de saber falar ben. Porque «Pola boca, morre o peixe» (Corrubedo, Fisterra, Santa Comba: Freixeiro); porque «Moito sabe, quen a tempo sabe calar» (Santa Comba: Freixeiro); porque «O parvo se é calado, pasa por ben asinado» (Santa Comba: Freixeiro); porque «O que cala, amola a quen fala» (Corcubión) ou «O que cala, fode a quen fala» (Fisterra: Calcova); porque «Cando un cala, dous non riñen» (Camariñas); porque «Calar, nunca a ninguén fixo mal» (Santa Comba: Freixeiro); porque «En boca cerrada, non entra mosca» (Santa Comba: Freixeiro).

A mellor medida da prudencia é sempre a moderación. O refraneiro non pode, neste sentido, ser máis transparente. Se a gratuidade nunca é aconsellable,

especialmente nun contexto no que nada é nunca algo superfluo, moito menos pode xustificarse tal vicio no uso dun ben tan estimado coma a palabra. O refraneiro non podía ser máis explícito: «A millor palabra é a queda por dicir» (Santa Comba: Freixeiro); «Palabra e pedra solta, non ten volta» (Cee; Muxía: Santa Mariña); «O mellor do conto, é o que queda por contar» (Cee: Brens); «Quen moito fala, pouco fai» (Cee); «Falar do mar non é embarcar» (Fisterra); «Can que moito ladra, non garda palleiro» (Cee); «Ovella que berra, bocado que perde» (Cee; Villastose: Senande); «Mentras se capa, non se asubía.» (Corcubión, Santa Comba: Alón); «Quen moito fala, moito minte» (Santa Comba: Freixeiro); «Gando de moita herba e xente de moita verba, todo é merda» (Cee: O Son).

Por iso, lembra o sabio conselleiro non esquecer que «Máis vale calar, que mal falar» (Santa Comba: Freixeiro); que o ideal está en que digan de ti: «¡Falas coa cabeza!» (Santa Comba: Freixeiro); «Falas como un libro aberto» (Santa Comba: Freixeiro). E non: «É un deserto de ideas nunha selva de palabras» (Santa Comba); ou «Cando un burro ornea, outro escoita» (Cee). Procurando seguir puntualmente as ensinanzas dos máis vellos, sobre todo cando lembran cousas coma estas: «Do que non saibas non fales, que é mellor non dicir nada que dicir barbaridades» (Cee: Xallas); «No que non che importa, a lingua moi corta» (Cee: Ameixenda). Porque «O que fala o que non debe, oe o que non quere» (Corrubedo); «O que ten a lingua aguda, ten que ter a costilla dura» (Corcubión).

Nada, pois máis criticable que «Falar por falar» (Santa Comba: Freixeiro); «Falar por non estar calado» (Santa Comba: Freixeiro). Porque «Falar sin pensar, é tirar sin apuntar» (Fisterra); porque «Cando penso o que vou falar, despois de dito, dáme que pensar» (Vimianzo: Carantoña); porque «O falar non ten cancelas» (Santa Comba); porque «Os contos, non enchen» (Camariñas); porque «¡Sonche contiños da feira!» (Santa Comba: Freixeiro); porque son «Contos da feira que van pro mercado» (Santa Comba: Alón); porque «Son contos que van para ningures» (Santa Comba: Alón); porque «Son contos da xente» (Santa Comba: Alón).

Non importa que se trate da palabra oral ou escrita, aínda que esta última, como recoñece o propio refraneiro, mereza aínda un maior creto: «Onde hai papeles, calan barbas» (Cee; Santa Comba: Freixeiro).

Xunto ao *refraneiro*, a comunidade humana desta ampla bisbarra galega conta aínda con outra fonte de valoración da palabra de non menor prestixio ca o

refraneiro, a voz do pobo. É mesmo a voz dos saberes relixiosos, relacionados co mundo da saúde deste e do Outro Mundo. Envoltas en complexos e misteriosos ritos, nos que o segredo representa a súa característica máis relevante, as palabras son, na boca do crego, da bruxa e do bruxo, o máis eficaz instrumento tanto nas súas actuacións contra calquera mal coma na práctica por mestres últimos dos seus temidos maleficios. Tanto o crego coma a bruxa e o bruxo compiten abertamente coa meiga e o meigo, o curandeiro e a curandeira, o menciñeiro e a menciñeira, o entendido e a entendida, o sabio e a sabia e calquera das persoas, con experiencia nestas cousas, no exercicio do seu ministerio coma mediadores contra as mil doenzas e enfermidades de que as xentes, como os mesmos animais, poden ser vítimas.

A palabra alcanza neste novo espazo, máximo-relixioso, o seu máximo poder. Definida polo seu carácter arcaizante e profundamente degradado tanto na súa forma coma no seu contido, funciona, con frecuencia á marxe de calquera significado que puidese ter nun pasado máis ou menos arredado, apoiándose especialmente no prestixio da súa discutible pertenza a un antigo latín, en calquera caso, de todo irrecoñecible na súa realidade actual.

Sen dúbida, o latín, aínda que, en xeral, descoñecido para os falantes destas comarcas, goza dunha enorme consideración, pola súa condición de lingua propia dos ritos cristiás e polo mesmo do seu recoñecemento coma medio de comunicación cos seres do Outro Mundo, os defuntos, o Demo, Deus, a Virxe e os santos, dispensadores, non só de moitos remedios senón tamén, aínda que sexa en casos excepcionais, dos mesmos males para a curación dos cales se remata solicitando a súa axuda. O feito de que non se entenda, nin tan sequera pola maioría das persoas que fan uso del, máis ca diminuír aumenta o seu prestixio.

Neste contexto cultural, toda linguaxe inintelixible é, simple e sinxelamente, latín. No capítulo dedicado ás «Jergas, baralletes y calós», lembra Francisco Moreno Fernández (2005: 193) (a versión galega é nosa):

Chamábase *lingua dos arxinas* ou *latín dos canteiros* á xerga dun grupo profesional, a miúdo formado por xente forasteira (cántabros e biscaíños), que mesturaban os seus usos lingüísticos co galego; todo elo reforzado polo carácter gremial, cerrado, que a profesión de canteiro arrastrou dende os tempos das grandes construcións medievais (non esquezamos a orixe remota da masonería).

Pero latín eran tamén para a xente xergas coma o *latín dos paraugueiros*, o *latín dos afiadores*, o *latín dos mariñeiros de Fisterra*, etc.

A mesma presenza, por outra parte, do castelán na linguaxe dos ministros desta relixión, nunhas comarcas na que a lingua materna é o galego, é unha manifestación, non só dun estado de diglosia, na que este disfruta do privilexio dunha superior consideración social, senón tamén do prestixio derivado do uso do mesmo coma lingua substituto, por exemplo, do latín nos ritos relixiosos da Igrexa, e, se cadra, doutras linguas, nos ensalmos e esconxuros que recitan as persoas con experiencia nestas cousas. Así o mestre de cerimonia dos ritos de curación da medicina popular recorre, con maior ou menor frecuencia e fortuna, dada a súa condición de galego falante, ao uso do castelán para poñer de relevo, tanto a eficacia do seu labor coma o alto nivel dos seus saberes. Fenómeno que, en xeral, se produce con maior protagonismo nos contextos nos que o estado de degradación dun rito se pon de manifesto na incorporación de fórmulas, elementos e procedementos tomados do dominio do ámbito cristiano.

Non parece, pois, unha inxenuidade a sospeita de que restos dun destes latíns, hoxe esquecido, poidan ser algunhas das palabras e frases, que, coma verdadeiros galimatías inintelixibles, envoltos sempre no misterio de todo aquilo que non só non se entende senón que non se debe entender, empregan as persoas con experiencia nestas cousas nas súas cerimonia de curación de mil doenzas e enfermidades e, incluso, as bruxas e bruxos, meigos e meigas para faceren as súas maldades. A súa mesma condición de fórmulas secretas, que perden todo ou parte do seu poder cando se fan coñecidas, pode ser a consecuencia da súa orixe nunha lingua ou xerga hoxe desaparecida.

É, con todo, no contexto concreto da medicina popular onde o valor da palabra, empregada en fórmulas coma o esconxuro, o ensalmo, a oración, os responsos, as bendicións e, incluso, determinadas lecturas e recitados de frases, moitas veces sen ningún sentido, se presenta, sobre todo, coma un instrumento de diálogo entre a persoa con experiencia nestas cousas e os causantes do mal ou o mesmo mal. Contexto no que o esconxuro e o ensalmo son ordes, mandatos, mentres as segundas, a oración, os responsos, etc. son simples súplicas, sinxelas petición de axuda. Pero unhas e outras coa palabra coma principal instrumento de poder.

No seu estado actual de conservación, o esconxuro, un dos restos máis importantes desta antiga relixión e incluso, en xeral, da cultura popular, ofrece,

de certo, unha visión de profundo deterioro, non tanto produto do obrigado cumprimento da lei de «estabilidade / inestabilidade», é dicir, na súa obrigada necesidade de actualizarse para poder sobrevivir, senón tamén coma resultado das diferentes colonizacións que tivo que soportar ao longo dos séculos, coma a do Cristianismo ou a do autodenominado progreso polo mundo urbano, industrial e individualista. Pero é, sobre todo, o proceso de degradación a que está sometido o conxunto deste universo cultural, deixando, incluso, de lado calquera idea de aproveitamento utilitario dos valores que evidentemente hai nel de positivo para o futuro da humanidade, o maior perigo que ten, necesariamente, de enfrontar a súa obrigada ansia de permanencia.

O poder da palabra aparece claramente de manifesto incluso na súa mesma estrutura. O esquema do mesmo é, esencialmente, o seguinte:

- a) Invocación (solicitude de axuda a mediadores superiores ou ao mesmo mal): *San Pedro, Santo Andrés, Santo Antonio de Padua, San Xosé, Xesucristo, Santísimo Sacramento do altar...; insasere, aire de morto, aire de melanconía..., envexa, mal de ollo..., espírito inmundo...*
- b) Mandato, acompañado con frecuencia de terribles ameazas: «Vaite de aquí»; «¡Vaite de aí!»; «A envidia che hei de quitar»; «Heiche de quitar»; «Quítoche o mal de ollo»...; «córtoche o aire»; «córtoche a envidia»; «córtoche a bruxería», «Córtoche toda a bruxería»; «córtoche toda a meiguería»...; «aos montes altos heiche de levar onde non vexas boi nin vaca bruar, nin barco de vela navegar...»
- c) Especie de retornado no que o oficiante lle amosa ao mal a presenza doutras axudas para que o seu abandono do corpo do doente se faga efectivo: «co poder de Deus e da Virxe María»; «un Painoso e unha Avemaría»...; «con este allo cascurro...»
- d) Fórmula, finalmente, para saber se todo saíu ben: «o doente queda curado en canto o allo se seca»; «o doente estará curado se cando entre de volta na aldea escoita cantar un galo, ladrar un can ou ornear un burro...»

O mesmo sistema de constantes repeticións —tres, sete ou nove veces ou días—, ademais do seu simbolismo e significado máxicos, é en si mesmo un recurso de seguridade que, en ningún caso, pola contra, se pode entender coma unha posible desconfianza da curandeira ou curandeiro no seu propio remedio. A confianza e a fe nestes ritos, tanto no ministro executante coma no doente,

constitúe o elemento esencial do mesmo para que de verdade poida ser eficaz; algo que, de certo, non exime, en absoluto, do emprego de tódolos recursos necesarios para alcanzar o fin apetecido.

Sentido no que é necesario entender igualmente a orde na que se organizan os distintos momentos de cada cerimonia e, incluso, as distintas partes do esconxuro —invocación, mandato e ameazas—, debendo atribuírense as diferentes variantes con que chegan até nós a razóns de todo alleas a súa verdadeira esencia, coma o actual estado de deterioro no que se atopan. O maior ou menor desenvolvemento que se pode comprobar en cada unha destas variantes, tanto das cerimoniais coma dos esconxuros ou oracións, depende, polo menos na maioría dos casos, da maior ou menor mestría do celebrante que pode, segundo llo consinta a súa experiencia, enriquecer a súa intervención con algún engadido que, sen modificar o contido propio da cerimonia, facilite, por exemplo, un medio de saber se é necesaria ou non a repetición da mesma. O ritual de cada cerimonia —cortar un allo, soprar, facer cruces cunha pedriña no chan, etc.— substitúe nalgunhas ocasións partes do mesmo esconxuro ou oración, visualizando, en calquera caso, o que o celebrante quere facer chegar ao doente e ao familiar do que pretenden coas súas misteriosas palabras.

Dous exemplos, o da curación dun mal físico, as *empinxas* —herpes, erupción cutánea— e o dun mal do espírito, o *mal do aire*, consinten un achegamento abondo doado á realidade deste remedio, o *esconxuro* e da función da palabra no mesmo.

Curación das *empinxas*: (Escóllese esta fórmula por ser a informante unha muller «con experiencia nestas cousas», do lugar do Ézaro):

Dise o seguinte esconxuro:

Insasere, Insasere,
San Xurxo de Buría,
San Cristovo de Nemiña,
qui falaban e dicían:
—«Liso Insasere,
afoghais e sandaría».
Con la gracia de Dios
i de la Virgen María,
con un Padrenuestro
i un Ave María.

Hai qui rezar esta oración ao mesmo tempo qui se peghan insaseres con borra do pote¹.

O Insasere é unha mancha roxa na pel ou tamén na espinxa.

Neste contexto cultural, o mal do aire representa, sen dúbida, un dos maiores perigos para a saúde. As súas vítimas coma os seus causantes poden, en calquera caso, seren tanto as persoas coma os animais e incluso as mesmas cousas.

O aire é un sopro no que se simboliza a vida, todo tipo de vida, a vida do mundo dos vivos (mundo dos mortais), a vida do mundo dos mortos, e a vida do Outro Mundo (mundo dos inmortais); pero diferente e necesario en cada unha delas. O aire malo, o que é causante de enfermidades, é, simplemente, aquel que non se corresponde co estado natural da persoa, é dicir, o aire de morto para o que vive no mundo dos vivos. O aire de morto é o que o morto renuncia, é dicir, non acepta no seu esforzo, inútil, por evitar o abandono deste mundo, cambiándoo polo aire de vivo doutro mortal. O aire de morto non é malo para o morto, para aquel que o acepta no momento do seu pasamento ao Outro Mundo: e só malo para o vivo que aínda non morreu.

Deste xeito, unha vez personificado este aire, a persoa con experiencia nestas cousas, servíndose do poder da palabra diríxese abertamente a el, directa ou indirectamente, para esixirlle a volta ao corpo que lle corresponde, é dicir, ao corpo do morto. Nun esconxuro recollido no lugar de Trasufre, o esconjurador invoca o aire do anxo e o aire da Virxe, vidas inmortais, para que sexan mesmo eles os que libren ao doente do «aire da morte», que ocasiona a morte, restituíndolle o «aire da vida» que lle coresponde no mundo terreal no que vive. O esconxuro di así:

Aire do ánxel e da Virxe María,
sácalle o aire da morte
e dálle o da vida,
porque o do morto non é conforto
e o da vida con el respira.

O aire malo, é dicir, o aire do morto que este, resistíndose á idea da morte, o cambia, violentamente, polo aire de vivo dun familiar, veciño ou calquera

¹ A expresión «se peghan insaseres con borra do pote» quere dicir: que se lles pega aos insaseres, é dicir, as manchas, borra do pote.

que, simplemente, viu pasar o seu cadaleito, «non é conforto», «non ten conforto», «non dá conforto», «*non se conforta*»..., é dicir, non lle consinte ao que sofre poder alentar, animarse, consolarse, fortalecese, reconfortarse..., ou como lembran algunhas fórmulas curativas, «eu co de morto non conforto» ou, simplemente, «eu non o conforto». Significado que se explicita perfectamente neste esconxuro recollido no lugar de Canedo, no que a persoa con experiencia nestas cousas llo lembra ao aire malo:

e vós levade o de morto,
co de morto non ten conforto
e o de vivo é mui confortativo;
que vós co de vivo
non podeades vivir
e nós co de morto
non podemos vivir.

Estes aires, os aires malos, poden ser aínda, como lembra un esconxuro recollido nos lugares de Estorde e Sardiñeiro, «aires perdidos, enlazados, encadenados e ramelletados» ou, como se escoita en Duio e Santa Mariña de Vilarmide e en Sorna (Muxía), «malparidos», «malino, de tódolos males», «aire malo, sombra morta» e «todos os espíritos malignos», como lle din en Vilarnovo de Freixeiro, ou incluso, como lembra un esconxuro recollido en Estorde e Sardiñeiro, «males abafados, de envidias e de pesares». Aires aos que é necesario engadir aínda o de «mal cristiano» e «de excomungado»; «de condenados»; «de embruxado e meixigueiro»; «de endemoniados, descomulgados...»

En esconxuros recollidos nos lugares de Insua, Cee e Sardiñeiro, faíse referencia aínda ao «mal encoleirado», ao «aire encoleirado», ao «mal curado», citándose noutro escoitado no lugar de Canedo o «mal inculiado».

É mesmo a palabra a que, co seu poder máxico-simbólico, logra, non só restablecer a orde establecida pola natureza, reparando os danos de doenzas e enfermidades coma a das *empinxas*, senón a do mesmo universo do espírito, impedindo o seu quebrantamento por aqueles que se resisten ao paso definitivo deste ao Outro Mundo.

Bibliografía

- Moreno Fernández, F. (2005): *Historia social de las lenguas de España*, Barcelona: Ariel.
- Quintáns Suárez, M. (2009): *O noso refraneiro*, v. II, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Quintáns Suárez, M. (2016): *A relixión da saúde. Crenzas, ritos, usos e costumes*, t. III, (inédito).

O Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA): estado actual e perspectivas

GUILLERMO ROJO

MARISOL LÓPEZ MARTÍNEZ

EVA M^a DOMÍNGUEZ NOYA

FCO. MARIO BARCALA

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

1. Introducción

O *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) é, sen dúbida, un dos proxectos máis representativos do labor desenvolvido polo *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades* (CRPIH) nos seus vintetrés anos de existencia, período case exactamente coincidente coa presenza e participación activa nel de Xesús Ferro Ruibal, que formou parte do Centro dende os seus comezos. En efecto, cando alá polo 1993 Constantino García estableceu o primeiro deseño das áreas de traballo do CRPIH, situou no seu núcleo a integración harmónica e sinérxica da informática e as humanidades. A creación dun corpus textual amplo, equilibrado e representativo do galego contemporáneo foi unha consecuencia absolutamente natural das funcións atribuídas ao CRPIH no seu decreto fundacional.

Por aqueles anos, a lingüística de corpus adquirira xa un altísimo nivel de logros baseados en tres aspectos distintos. En primeiro lugar, a demostración de que fronte á marxinação que esta aproximación sufrira e sufría aínda nos Estados Unidos, os corpus creados en diversos países europeos (principalmente o Reino Unido e os países nórdicos) resultaban ser un medio de gran rendibilidade mesmo para os estudos de corte máis teórico e, por suposto, os aplicados. En segundo termo, o desenvolvemento de linguaxes de codificación (SGML daquela) que permitían marcar un texto de xeito que reflectise fielmente a súa estrutura conceptual e organizativa e, polo tanto, permitise a creación dinámica de subcorpus virtuais e o que agora chamamos recuperación selectiva da información. Por fin, o desenvolvemento da lingüística computacional, grazas á cal os textos podían ser anotados morfosintacticamente e lematizados de xeito automático, co que a recuperación de información podía acadar independencia respecto da forma ortográfica e, polo tanto, adquirir a posibilidade de facer buscas de carácter abstracto, do

estilo das habituais nas investigacións lingüísticas (por lemas ou categorías gramaticais, por exemplo). E estes tres aspectos eran facilitados e integrados polo desenvolvemento das computadoras, que permitían xa o almacenamento de grandes masas de datos, o seu procesamento a alta velocidade e a interconexión mundial a través de Internet.

Todos estes compoñentes actuaban xa no momento no que o CORGA foi concibido e materializáranse no *British National Corpus* (BNC), rematado en 1994, e integrado pola portentosa cifra (para a época) de cen millóns de formas procedentes de textos escritos e orais do inglés británico contemporáneo. O BNC foi, á distancia esperable polos medios económicos dispoñibles e os condicionamentos sociais das linguas respectivas, o modelo sobre o que se deseñou o CORGA.

Na situación actual, os que chamamos corpus de referencia —é dicir, os que están preparados para proporcionaren información xeral acerca dunha lingua— están situados na zona media entre dúas tendencias distintas e, en certo modo, opostas. Por unha banda, os corpus de tamaño pequeno (digamos cinco millóns de formas ou menos), que poden ter un coidado exquisito na selección, edición e codificación dos textos que os compoñen, en moitos casos traballados expresamente para a súa integración no corpus correspondente. A especialización nun determinado tipo de texto permite mesmo incluír materiais complementarios, como, por exemplo, os manuscritos, a edición paleográfica, imaxes asociadas, etc. A *base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, elaborada tamén no CRPIH, ten moitas das posibilidades apuntadas con relación a este corpus textual reducido e aceptablemente homoxéneo. Son os corpus que, en iluminadora caracterización de Mair (2006), resultan ‘small and tidy’. Como é lóxico, nestas características reside tamén a súa limitación fundamental: están constituídos por un conxunto pequeno de textos que, amais, son do mesmo tipo ou de tipos moi estreitamente relacionados.

No extremo contrario están os corpus que Mair caracteriza como «big and messy». Son os formados a partir da reunión de materiais xa preexistentes en Internet. De forma altamente automatizada, é relativamente doado construír corpus que acadan, en non moito tempo e sen necesidade de inversións económicas, milleiros de millóns de formas. Resultan moi útiles para a análise de fenómenos ou elementos de frecuencia baixa, pouco ou nada representados nos corpus de referencia. A actuación de programas de

anotación e lematización automáticas fai que as aplicacións de busca asociadas poidan tamén traballar con elementos abstractos, como, por exemplo, as categorías gramaticais. A súa limitación básica reside no seu carácter ‘oportunista’ e, sobre todo, na imposibilidade de facer recuperación selectiva de información en sentido estricto, dado que o seu tamaño obriga a reducir a codificación á que cada texto integrado ten na súa forma orixinal, moi variada por outra parte.

O CORGA está, como todos os corpus de referencia, entre estes dous extremos. Pretende acadar, como se mostra nos apartados seguintes, un tamaño suficiente para facer posible a análise dos elementos e fenómenos que se dan nunha lingua determinada, en textos dos máis diversos tipos. Polo tanto, teñen como característica fundamental a existencia dun deseño previo que indica, por exemplo, a porcentaxe de textos de cada medio, tipo ou período que van entrar na súa composición. Da existencia do deseño deriva a riqueza da codificación –que ten que reflectir os valores de cada texto nos diferentes parámetros que entran na súa configuración– e a posibilidade de recuperación selectiva (exemplos dun certo elemento en textos de tal tipo, tal ano, etc. ou ben en zonas específicas do texto, como o titular dunha noticia ou o prólogo dunha novela).

A pregunta acerca de se compensa construír un corpus de referencia, con unicamente dúcias de millóns de formas cando é posible facer consultas directamente en Internet, con buscadores comerciais, sobre centos ou milleiros de millóns de palabras queda contestada nos parágrafos anteriores. O que se persegue habitualmente na investigación lingüística non é tanto a frecuencia total dun determinado fenómeno coma a diferente frecuencia con que se dá en textos de distintas características (tipo, medio, período, zona xeográfica, etc.). Evidentemente, este trazo esixe a codificación previa, tarefa custosa en tempo e que, polo tanto, require importantes recursos económicos. Por outra parte, en Internet hai moitos textos, pero, por diferentes razóns, non hai moitos de certos tipos. Se o CORGA pode conter, por exemplo, obras literarias publicadas recentemente, é porque autores e grupos editoriais aceptaron a súa inclusión precisamente pola garantía de que os usuarios do corpus poden recuperar liñas de concordancias, pero nunca a obra completa nin fragmentos representativos dela. En definitiva, os corpus de referencia en xeral e o CORGA en particular constitúen recursos insubstituíbles na investigación lingüística do galego, como intentamos poñer de manifesto na exposición das súas características que desenvolvemos nos apartados seguintes.

2. O Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)

2.1. Parámetros de configuración

O *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) é un corpus documental aberto integrado por distintos tipos de textos representativos da lingua galega actual escrita —xornais, semanarios, revistas, ensaios, e textos de ficción (novela, relato curto e teatro)—, codificados no estándar XML (*eXtensible Markup Language*) e que abrangue temporalmente dende o ano 1975 ata a actualidade. Neste momento dispónse dunha versión en liña con 31,9 millóns de formas ortográficas á que se pode acceder a través de <http://corpus.cirp.es/corga>.

Os textos que forman parte do CORGA foron seleccionados de acordo con tres criterios de clasificación, independentes entre si: *tipo de texto*, *data* e *área temática*. A distribución realizouse por lustros, procurando darlle maior representatividade aos períodos máis recentes¹:

Tipo de texto	Data
Xornal	1975-1979
Revista	1980-1984
Ensaio	1985-1989
Novela	1990-1994
Relato curto	1995-1999
Teatro	2000-2004
	2005-2009
	2010-2014

Táboa 1. Valores dos parámetros de clasificación Tipo de texto e Data.

¹ Non se confunda distribución de documentos por lustro para a selección de documentos que se introducen no CORGA con *ano* parámetro no sistema de recuperación de información, onde o período cronolóxico selecciónao o usuario segundo os seus intereses: todo o corpus, un ano concreto ou un rango específico de anos, loxicamente dentro do período temporal que abrangue o corpus.

ÁREAS TEMÁTICAS						
	Economía e política	Cultura e artes	Ciencias sociais	Ciencias e tecnoloxía	Outros	Ficción
SUBÁREAS TEMÁTICAS	Política	Audiovisuais e espectáculo	Lingua	Sanidade	Deportes	Novela
	Desenvolvemento e infraestruturas	Medios de comunicación	Literatura	Bioloxía, botánica, ecoloxía, zooloxía e paleontoloxía	Turismo	Relato curto
	Emprego, traballo, industria	Artes gráficas e plásticas	Relixión	Tecnoloxía e industria	Afeccións e asuntos domésticos	Teatro
	Sector servizos	Patrimonio, arquitectura, arquivos	Historia e xeografía	Medio, astronomía e xeoloxía	Actualidade, sucesos, homenaxes, inauguracións...	
	Explotación primaria		Civilización, etnoloxía, arqueoloxía e antropoloxía	Matemáticas e estatística	Biografía	
	Economía, facenda, bolsa		Pensamento, ética e filosofía	Química, bioquímica e farmacia	Nota prologal	
	Ordenación sanitaria		Socioloxía e psicoloxía			
	Xustiza, lexislación, dereito		Erotismo e sexoloxía			
	Asuntos sociais		Astroloxía e ocultismo			
	Ordenación académica					

Táboa 2. Valores das áreas e subáreas temáticas nas que se clasifican os textos do CORGA.

2.2. Datos da versión actual

Ata o momento incorporáronse ao CORGA 610 xornais (exemplares completos d'A Nosa Terra, A Peneira, De Luns a Venres, Diario Oficial de Galicia, Galicia Hoxe, O Correo Galego, O Xornal de Galicia e Sermos Galiza e noticias soltas de La Voz de Galicia cando non existía aínda ningún xornal en galego), 126 revistas (entre elas números de Código Cero, Cerna, Consumer Eroski, Díxitos, Entregas de Comunicación Cultural, Feiraco, Galicia Internacional, Man Común, Petroglifo, Revista Galega de Economía, Teatro do Noroeste, Teima ou Tempos Novos) e 509 libros (168 novelas, 140 ensaios, 123 coleccións de relato e 78 obras de teatro).

No que se refire ao tamaño, a última versión do CORGA, a 1.7, consta de 31.977.962 palabras (sen incluír as cifras). Hai, non obstante, un subconxunto de 382.055 formas gráficas sobre as que non se poden facer buscas, pois son unidades que aparecen en fragmentos textuais que están nunha lingua distinta do galego ou aparecen en notas de tipo bibliográfico, resultando un total de 31.595.907 formas ortográficas sobre as que si se poden realizar consultas, das cales 430.376 son formas diferentes.

A amplitude de documentos dos que consta o CORGA así como os criterios empregados na súa selección permítenos considerar este corpus representativo do uso lingüístico do galego actual.

A distribución das frecuencias das formas ortográficas segundo os parámetros de selección dos documentos son as seguintes:

Distribucións por medio		
<i>Medio</i>	<i>Frecuencia</i>	<i>Porcentaxe</i>
Xornal	11.030.959	34.91 %
Revista	2.715.420	8.59 %
Libro	17.849.528	56.49 %
	Ficción: 11.697.773	37.02 %
	Non ficción: 6.151.755	19.47 %

Táboa 3. Distribución das frecuencias por medio.

Distribucións por período			Distribucións por área temática principal		
<i>Período</i>	<i>Frecuencia</i>	<i>Porcentaxe</i>	<i>Área temática</i>	<i>Frecuencia</i>	<i>Porcentaxe</i>
1975-1979	751.728	2.38 %	Economía e política	7683404	24.32 %
1980-1984	1.305.122	4.13 %	Cultura e artes	2460913	7.79 %
1985-1989	1.581.247	5.00 %	Ciencias sociais	4291045	13.58 %
1990-1994	4.208.337	13.32 %	Ciencia e tecnoloxía	2368553	7.50 %
1995-1999	7.743.733	24.51 %	Outros	3094219	9.79 %
2000-2004	5.928.485	18.76 %	Ficción	11697773	37.02 %
2005-2009	7.631.055	24.15 %			
2010-2014	2.446.200	7.74 % ²			

Táboa 4. Distribución das frecuencias por período (esquerda) e por área temática principal (dereita).

² Estase traballando aínda na incorporación de documentos pertencentes ao último período, o que explica esta baixa porcentaxe.

2.3. A codificación e estruturación dos documentos

Os documentos que se incorporan ao CORGA codifícanse segundo o estándar XML (*eXtensible Markup Language*) co fin de incrementar as posibilidades de recuperación de información e, ademais, garantir a permanencia no tempo. Esta codificación implica un deseño e estruturación que dá conta da disposición interna característica de cada un dos grandes tipos de textos (xornal, teatro, ensaio, etc.). Así, exemplificando cun texto xornalístico, esta estruturación permite considerar un xornal un único documento que está organizado en noticias, distribuídas en *seccións*, as cales, á súa vez, conteñen obrigatoriamente un *corpo* e opcionalmente un *titular*, *resumo* e/ou *pé de foto*. A maiores, cada un destes elementos está constituído por parágrafos (texto comprendido entre dous puntos e á parte), e estes son segmentados en oracións (secuencia textual separada do resto do texto por un signo forte de puntuación). Naturalmente, o xornal posúe ademais unha cabeceira complexa na que se recollen os datos bibliográficos e unha cabeceira específica por noticia onde se inclúen os datos relativos a autor, sección e áreas temáticas que correspondan.

Esta disposición detallada habilita a posibilidade de, no sistema de recuperación de información, unha vez indexados os documentos, realizar consultas sobre a totalidade do documento (*noticia*, seguindo co exemplo) ou sobre unha unidade estrutural concreta (para o tipo de documento xornal: *titular*, *resumo*, *pé de foto* ou *corpo*).

A maiores das unidades estruturais xa citadas que dan conta da organización interna das noticias que poden conformar xornais ou revistas (*corpo*, *titular*, *resumo* e *pé de foto*), tivéronse en conta na estruturación interna outras que adoitan aparecer no tipo de documento *libro*. Comparten, así mesmo, outra característica: todas son opcionais, pois o único elemento constitutivo obrigatorio é *corpo*. Vexámolas:

Prólogo: unidade estrutural do contido do documento que precede o *corpo* e baixo a que se engloban as distintas denominacións: *presentación*, *limiar*, *introdución*, *preámbulo*, *prefacio*, etc. Cando o prólogo é dun autor diferente do da obra xeral incorpora unha cabeceira coas características deste: autor, título se o ten, áreas temáticas, sistema ortográfico e/ou comentarios do lingüista revisor.

Apéndice: unidade estrutural do contido do documento que segue o *corpo*. En realidade, se hai *apéndice* este é o último elemento constituti-

vo do documento. Baixo el englóbanse *epílogo, agradecementos, glosario, táboa de feitos histórica, glosario, vocabulario*, etc.

Dedicatoria: non necesita aclaración.

Cita: non necesita aclaración.

Encabezamento: como o seu nome indica, é o título co que se encabezan capítulos, apartados ou epígrafes. A semellanza do *titular*, presenta para o estudo da lingua unha sintaxe especial.

Nota: unidade na que se recolle a explicación, advertencia ou comentario de calquera tipo que vai fóra do texto, ben en nota ao pé ben en notas finais. Este tipo de nota sempre se referencia no texto, normalmente mediante numeración en superíndice.

Nota tipo 2: unidade na que se recolle a explicación, advertencia ou comentario de calquera tipo situada fóra do texto pero que non está referenciada.

Todos os elementos estruturais descompóñense en parágrafos, e estes, á súa vez, en oracións, sendo esta última a unidade sobre a que se realizan as buscas no sistema de consultas e, loxicamente, tamén a que se recupera, aínda que logo se poida ampliar o contexto a dúas oracións anteriores e dúas posteriores.

Cómpre subliñar que os textos introducidos no CORGA non conservan o formato: cursivas, grosas ou emprego de versais como elemento marcador desaparecen cando se prepara o documento para a súa inclusión no corpus. Tampouco se mantén a paxinación. Débese ter en conta que, unha vez que un texto se converte en documento electrónico, deixa de ter importancia a localización por páxina do orixinal, cuxo mantemento suporía cortar unidades, pois as localizacións fanse doutros xeitos. Non se cita xa a ocorrencia dunha forma dada na páxina *n* de tal obra, senón que a referencia se fai pola aparición da forma *x* na obra *z* que aparece no corpus, no noso caso, CORGA.

A codificación que se lles aplica aos textos que se introducen no CORGA inclúe, á parte da estruturación nas unidades anteriores segundo corresponda, unha serie de etiquetas que achegan información de diverso tipo. As principais son as seguintes:

Distinto: en función do valor concreto que o complete (*outra lingua, outro período, non normativo e descoñecido*), indica respectivamente que

o texto que engloba pertence a unha lingua diferente do galego, a un estadio anterior da nosa lingua (anterior a 1955), é texto reintegracionista ou correspóndese cunha lingua inventada (falar de cans, corvos, etc.). Márcanse sempre coa etiqueta «distinto» os parágrafos e oracións que responden ás características anteriores. Agora ben, cando se trata de palabras soltas non se marcan a non ser que apareza a continuación a tradución ou explicitamente se indique que é unha unidade pertencente a outra lingua. O obxectivo é impedir que o texto que non pertence ao galego actual produza ruído no cómputo de formas que constitúen o corpus ou na recuperación da información. O texto englobado nesta etiqueta non pode consultarse aínda que si verse contextualmente, destacado no sistema de consultas en cor amarela.

Poema. Por unha banda cómpre integrar os poemas ou fragmentos que aparecen nos textos que se incorporan ao corpus; por outra, o significado e sintaxe das formas que aparecen en poemas non corresponden a un uso habitual e representativo dunha lingua. É por isto que se crean as etiquetas *inicio_poema*, *fin_poema* e *novoverso*.

Táboa. Cando unha táboa non é representable, tendo en conta as posibilidades de estruturación que definimos, indícase con esta etiqueta que alí onde aparece, no orixinal, hai unha táboa. A maiores, *táboa* é tamén un atributo do *parágrafo* que empregamos cando existe unha táboa representable, en xeral que consta dunha columna e que contén vocabulario inusual. Dado que maioritariamente as oracións en que se desagregan as táboas non son oracións ao uso, senón simplemente palabras ou frases, a etiqueta *táboa* axúdalle ao usuario a entender os resultados.

Fórmula. Emprégase esta etiqueta cando existe unha fórmula para cuxa representación teríamos que botar man de caracteres especiais.

Interlocutores en entrevistas ou personaxes dunha obra de teatro. O obxectivo é impedir que desvirtúen as frecuencias aparecendo, poñamos por caso, 200 Avelino, 200 Pousa e 200 Antelo.


Referencia bibliográfica. É unha etiqueta que se lle asigna á marca estrutural *nota* cando, como o seu nome indica, se trata dunha simple referencia bibliográfica. Polo xeral son oracións que só conteñen títulos en linguas diferentes do galego, autores e topónimos, motivo polo que

se considera que as formas que aí aparecen non teñen interese para a recuperación de información e non son indexadas.

Acoutación. Reservado exclusivamente para as obras de teatro, *acoutación* é un valor que se lle atribúe aos parágrafos e/ou oracións que conteñen as partes non dialogadas do texto dramático onde se atopan as indicacións escénicas (precisións sobre o lugar, xestos, aparencia física, vestiario etc.), ben orientadas á lectura, ben orientadas á posta en escena.

2.4. A aplicación de consulta

A aplicación organízase en varias seccións ás que se accede premendo en cada unha das denominacións:



Información sobre o CORGA e *Equipo de traballo* dan conta, respectivamente, do tipo de corpus que é o CORGA, os criterios empregados na selección dos documentos que se incorporan e mais o equipo de traballo autor do corpus.

Datos, pola súa banda, especifica a distribución de formas segundo cada un dos parámetros de selección, a listaxe de documentos incorporados, o número de formas da versión actual e información varia sobre a codificación dos textos.

Publicacións enumera as publicacións resultantes do proxecto, mentres que en *Traballos en que se referencia este corpus*, como indica o seu nome, relación-

nanse os traballos que empregaron, e así o recoñecen, o CORGA como fonte para o seu estudo.

Ligazóns de interese remite a outros corpus existentes para as linguas peninsulares, en tanto que *CORGA etiquetado* enlaza coa aplicación de consulta do CORGA etiquetado e lematizado automaticamente que contou con supervisión lingüística (Domínguez, 2013), e do que falaremos na epígrafe seguinte.

Xestión de usuarios xestiona o rexistro como usuario no sistema para poder realizar consultas en calquera das aplicacións.

Contacto proporciona un enderezo de correo electrónico para interactuar cos responsables do CORGA e expoñer problemas relacionados coas consultas, resolver dúbidas ou expoñer propostas en relación co corpus. Na mesma liña está *Axúdenos a mellorar!*, sección individualizada para suscitar a participación dos usuarios co envío de mensaxes comunicando erros ou fallos de funcionamento.

Finalmente, as dúas últimas seccións con información estática son *Preguntas máis frecuentes*, onde se atopa resposta ás cuestións máis usuais en relación coa consulta do corpus, e *Frecuencias*, onde se poden consultar e/ou descargar as mil formas máis frecuentes do CORGA, as cinco mil máis usuais ou a listaxe completa de frecuencias do corpus (Rojo *et al.*, 2015).

En *Buscas* accédese ao sistema de consultas. Nel pode buscarse unha palabra completa, parte dunha palabra ou varias palabras ou partes, contiguas ou non. Segundo o tipo que se escolla consultarase:

Todas as palabras: É a opción non marcada para a consulta dunha palabra, parte dunha palabra ou varias palabras que non teñen por que ser consecutivas. Nos resultados devolve as oracións que conteñan a palabra ou palabras do apartado *Palabras* en calquera posición, non necesariamente contiguas.

Calquera palabra: É a opción específica para obter ocorrencias nas que, de entre varias formas introducidas no campo de consulta, basta con que apareza unha delas. O resultado devolve as oracións que conteñan calquera das palabras que se escriba.

Frase exacta: É a opción a escoller cando se desexa recuperar unha construción con varias palabras contiguas. O resultado devolve as oracións que conteñen a frase obxecto de consulta.

Frase exacta (casos): Idéntica consulta á anterior, pero a diferenza dela, devolve o número de casos que se atoparon e non o número de oracións. As buscas que se realizan con esta opción permiten obter tamén nas estatísticas os datos sobre os casos e non sobre as oracións que cumpren o criterio de busca, coma nos demais tipos de consulta.

Booleana: É a opción a escoller cando se precisa realizar buscas complexas. En función de que a restrición sexa de tipo negativo (NOT), aditivo (AND), optativo (OR) ou aproximativo (NEAR) formularase a consulta. Así:

AND: atopa as oracións nas que consten as dúas palabras: *accidente AND avión*

OR: atopa as oracións nas que apareza calquera das palabras: *accidente OR avión*

NOT: atopa as oracións nas que apareza a palabra1 pero non estea a palabra2: *accidente NOT avión*

NEAR: atopa as oracións nas que as palabras están a unha distancia inferior a *x*, que debe especificarse: *NEAR ((non só, senón tamén), 10)*

Cando existe a posibilidade de que a consulta devolva resultados nos que a orde das palabras é variable e non interesa esa opción, pódese indicar con TRUE que as palabras que deben estar próximas nunha distancia inferior ou igual á especificada deben aparecer na orde que se establece na escrita. Por exemplo, quérese comprobar se coas formas *coche* e *liña* pode aparecer algunha construción máis, á parte da de *coche de liña*, porén queremos evitar que nos resultados poidan aparecer casos referidos ao deseño ou *liña do coche*. Para iso recorremos a TRUE e indicamos: *NEAR ((coche, liña), 3, TRUE)*

Á riqueza dos tipos de busca posibles debe engadirse, así mesmo, o emprego en calquera deles de dous comodíns cos cales é posible substituír caracteres:

? substitúe un carácter: *de?de* devolve tanto os casos de *desde* coma *dende*.

* substitúe cero, un ou varios caracteres. Por exemplo, para ver que adverbios en *-mente* poden aparecer na construción booleana que viamos para NEAR cómpre indicar: *NEAR ((non *mente, senón tamén), 10)* e así nos resultados aparecerán as construcións con *somente*, *soamente*, *unicamente*, *únicamente* e *simplemente*.

Naturalmente, nas consultas poden cruzarse *tipo de busca* e comodíns, e incluso nas de tipo *booleano* é posible tamén combinar os operadores mediante parénteses, co que, no afán de evitar ruído e afinar os resultados que interesan, poden realizarse consultas extremadamente complexas.

A aplicación permite neutralizar na recuperación de información a sensibilidade aos acentos, parámetro de grande utilidade cando, coma no noso caso, o corpus contén documentos anteriores á publicación das primeiras normas ortográficas oficiais e os textos amosan unha variación acentual importante.

Por outro lado, o sistema permite a recuperación de datos da totalidade do corpus ou ben do subcorpus virtual creado directamente por quen fai a consulta en función dos diferentes parámetros utilizados na configuración do CORGA e da estruturación dos seus textos:

Área temática

Subárea temática

Tipo de documento

Período cronolóxico

Unidade estrutural

Corpus de Referencia do Galego Actual

Ordenar por: Data

Palabras: arco da vella

Tipo de busca: Frase exacta

Área temática: Todas

Desde: 1975

Hasta: 2014

Medio: Todos

Secuencia: Todos

Buscar en:

- Corpo: ☒ Fí de fea ☒ Neta
- Titular: ☒ Encabezamiento ☒ Asociación
- Postigo: ☒ Aprendiz ☒ Dedicatoria ☒ Cita

Limpiar Buscar

Aptámonse 79 oracións en 25/2 documentos.

É posible, ademais, ordenar os resultados segundo a *data*, o *medio* ou o *tema*, e mesmo gardalos nun arquivo xml para tratalos posteriormente cando o número de resultados non permite a toma de datos inmediata.

Unha vez que se realiza a consulta pódese acceder directamente a ver os exemplos nos que se localiza a expresión de busca ou ben acceder ás esta-

tísticas de oracións e documentos clasificadas, respectivamente, por *medio*, *área temática* e *lustro*. Por exemplo, estas son as estatísticas para a palabra *beizos*:

Oracións					
Estatísticas por medio		Estatísticas por área temática		Estatísticas por lustro	
Xornais	<u>81</u>	Economía e Política	<u>58</u>	1975-1979	<u>44</u>
Revistas	<u>21</u>	Cultura e Artes	<u>18</u>	1980-1984	<u>111</u>
Libros	<u>1403</u>	Ciencias Sociais	<u>91</u>	1985-1989	<u>149</u>
		Ciencias e Tecnoloxía	<u>27</u>	1990-1994	<u>231</u>
		Ficción	<u>1353</u>	1995-1999	<u>321</u>
		Outros	<u>59</u>	2000-2004	<u>304</u>
				2005-2009	<u>300</u>
				2010-2014	<u>45</u>
Total: 1505					

Documentos					
Estatísticas por medio		Estatísticas por área temática		Estatísticas por lustro	
Xornais	66	Economía e Política	36	1975-1979	21
Revistas	20	Cultura e Artes	15	1980-1984	24
Libros	405	Ciencias Sociais	70	1985-1989	20
		Ciencias e Tecnoloxía	18	1990-1994	93
		Ficción	379	1995-1999	107
		Outros	41	2000-2004	79
				2005-2009	119
				2010-2014	28
Total: 491					

Outro dos valores engadidos do CORGA é o sistema de consulta da nómina de autores e obras que figuran no corpus. Trátase dun sistema de consulta que permite buscar que obras ou autores están no corpus, combinando esa información cos valores pertencentes aos parámetros de *ano*, *medio* e *área temática*. Accédese a el, ben directamente dende a páxina principal do CORGA ou ben enlazando a través do sistema de buscas premendo no interrogante que aparece no resultado inicial dunha consulta no número de documentos (ou cando a consulta é do tipo *Frase exacta* (*casos*) xunto co número de casos). Deste xeito, dependendo dos filtros que se especifiquen nas buscas, sábese que tamaño ten o subcorpus sobre o que se traballa.

Por exemplo, se escribimos *tableta** no campo de texto *Palabras* e restrinximos a área temática ao valor *Ciencias e tecnoloxía*, especificando que o valor para a subárea temática é *Tecnoloxía e industria*, obtemos a información de que

as formas *tableta* *tabletas* aparecen nun total de 7 oracións en 5 documentos diferentes:

Corpus de Referencia do Galego Actual

Ordenar por: Data

Palabras:

Tipo de busca: Sensible aos acentos: ☒

Área temática: Subárea:

Desde: Até: Medio: Sección:

Corpo ☒ Fp de foto ☐ Nota ☐ Titular ☐ Resumo ☐ Acentuación ☒

Buscar en: ☒ Prólogo ☒ Apéndice ☒ Dedicatoria ☐ Cita ☒ Encabezamento ☐

Atópanse 7 oracións en 5 documentos.

E se se preme no interrogante obtemos o subcorpus sobre o que se realiza a busca.

Corpus de Referencia do Galego Actual

Ordenar por: Data

Obra: Autor:

Área temática: Subárea:

Desde: Até: Medio: Sección:

Atópanse 1176472 palabras en 1667 documentos.

Isto permite saber que na área e subárea especificadas o CORGA conta con 1.176.472 palabras distribuídas en 1667 documentos diferentes. O alto número de documentos que se observa para esta área concreta débese á concepción que no corpus posúe o documento. Así, no caso de xornais e revistas, cada noticia trátase como un documento independente. No caso dos libros, trátase como un documento independente cada prólogo ou apéndice que posúa autoría distinta da da obra xeral e, por último, no caso de coleccións de relatos ou ensaios, cada elemento da colección trátase tamén como un documento independente.

2.5. Liñas de traballo actuais

Co fin de situar o galego no nivel das demais linguas peninsulares, cómpre dar un salto cualitativo no propio desenvolvemento do CORGA. Para iso precísase atender dúas fronteas:

Por un lado, cómpre continuar incorporando novos documentos ao corpus correspondentes a textos pertencentes aos xéneros xa definidos —xornalístico, ensaístico e ficción—, para progresivamente aumentar o seu volume textual e conseguir que siga sendo representativo do uso do galego actual.

Porén, as dificultades cada vez maiores para obter documentos orixinais en galego de todos os xéneros e unha presenza vizosa do galego en Internet aconsellan dar cabida no CORGA a textos procedentes deste novo medio. A presenza do galego en Internet esixe que se documente este no corpus, tanto en relación co vocabulario procedente das novas tecnoloxías como co uso da lingua nun soporte amplamente difundido e que non se recolle aínda en ningún outro corpus do galego. Así, na actualidade trabállase no procesamento de blogs, o que supón todo un reto para a súa incorporación ao corpus por seren documentos dinámicos e posúiren unha estrutura constitutiva diferente das tratadas ata o de agora. Máis adiante, talvez, se incorporen chíos (*tweets*) ou outros semellantes.

Por outra banda, unha das carencias do CORGA nestes momentos é a súa nula representatividade para o rexistro oral. Para subsanar esta pexa, iniciouse a incorporación de textos procedentes da oralidade nunha dobre dirección:

1. Guións de series da TVG. Está previsto incorporar nos próximos anos guións, entre outras, das series *Pazo de familia*, *Terra de Miranda*, *Padre Casares*, *Matalobos*, *As leis de Celavella* ou *Casa Manola*, así como algún guión correspondente aos divulgativos *De quen vés sendo?*, *Náufragos* ou *Somos ben curiosos* ou algún, finalmente, do programa de humor *Era visto!* O seu procesamento é semellante ao das obras de teatro, coa particularidade de que serán textos escritos nos que predominen as características da oralidade non espontánea.
2. Paralelamente trabállase tamén na transcripción ortográfica de programas de radio gravados na década dos 90: *Camiño de volta*, *Pensando en ti*, *informativos* etc. A peculiaridade das transcripcións radica en que se produce aliñando texto e voz, co que, cando os textos orais

se indexen e estea dispoñible en liña, o usuario terá non só a posibilidade de realizar buscas en textos orais, senón tamén a posibilidade de escoitar a parte do audio no que se localizan os resultados obtidos. Isto supón un proceso totalmente novidoso e converterá o CORGA nun recurso aínda máis valioso, ademais de fortalecer a presenza do galego na vangarda das tecnoloxías asociadas ao procesamento da linguaxe natural.

3. O Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado (CORGAetq)


Conscientes das limitacións que impoñen as consultas por forma ortográfica e das facilidades para a recuperación de información que supón contar con etiquetas e lemas, paralelamente á construción do CORGA, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e o grupo COLE das universidades da Coruña e Vigo estivo traballando no desenvolvemento do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA), destinado a etiquetar automaticamente os documentos do CORGA³. Unha versión deste etiquetador, posuidor dunha alta taxa de acerto (Domínguez *et al.*, 2009), está dispoñible en liña na web <http://corpus.cirp.es/xiada> en modo demostración, e pode utilizarse para etiquetar o texto que se lle proporcione, sempre que non exceda de 4 oracións de ata, como máximo, 512 caracteres.

Este etiquetador aplicouse sobre un subconxunto do CORGA formado por 617.042 formas ortográficas (correspondentes a 741.833 elementos gramaticais). O subcorpus foi etiquetado automaticamente e revisado á man por unha lingüista. A razón de ser deste subcorpus é servir de corpus de adestramento do xénero xornalístico e do de ficción para o etiquetador mais, dado o seu tamaño e a minuciosidade da etiquetaxe practicada nel, considérase que é de utilidade para o estudo de aspectos gramaticais, fundamentalmente. É por isto que o corpus de adestramento se puxo a disposición pública, co nome de Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado (CORGAetq), baixo un sistema de buscas que permite realizar consultas non só empregando formas ortográficas senón tamén lemas e etiquetas morfosintácticas. Este novo sistema está dispoñible en <http://corpus.cirp.es/corgaetq> e está conformado por un subconxunto de 1197 noticias do

³ Existe unha versión do *Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado automaticamente* (CORGAetqa), mais polo momento é só interna. Contamos, non obstante, con que estea en breve dispoñible para a súa consulta en liña.

xénero xornalístico e mais por 476 fragmentos textuais, de como máximo 1000 palabras cada un, procedentes da extracción aleatoria de parágrafos de coleccións de relatos.

A semellanza da do CORGA, a aplicación de consultas do CORGAetq organízase en varias seccións ás que se accede premendo en cada unha das denominacións:



Contacto, *Xestión de usuarios* e *Axúdenos a mellorar!* non difiren das do CORGA, mentres que as *Ligazóns de interese* inclúen nesta ocasión corpus etiquetados ou lematizados das linguas peninsulares. Así mesmo, as *Preguntas máis frecuentes* e o *Equipo de traballo* son os específicos para este corpus etiquetado.

Polo que respecta ás *Frecuencias*, nesta sección pódense consultar ou descargar os mil elementos gramaticais máis frecuentes, os mil lemas máis frecuentes ou as frecuencias das etiquetas.

A aplicación de consulta do CORGAetq engade á aplicación de consulta do CORGA a posibilidade de buscar secuencias de ata, como máximo, catro unidades léxicas, etiquetas morfosintácticas e/ou lemas combinados do xeito que se desexe, e pódese ademais facer referencia á unidade gráfica á que pertence cada un dos elementos (elementos Unidade):

Para entender o funcionamento do sistema de consultas é esencial diferenciar entre os termos *unidade*, *forma* e *lema*.

O *lema* é o representante canónico dos elementos que se encadran baixo un mesmo paradigma. Por exemplo, o lema *dar* acolle toda a conxugación verbal do verbo *dar*, de xeito que se se realiza a consulta polo *lema* o sistema devolve as ocorrencias de todos os elementos que se engloban baixo ese paradigma verbal.

A *unidade* identifícase, en xeral, con forma ortográfica, salvo naqueles casos en que a agrupación de máis dunha palabra dá lugar a unidades multipalabra, como son os diversos tipos de locución. Así, ao lado de *chuvia*, *felices*, *fixemos*, *Xan*, *pouquiño*, etc. e dos diversos tipos de amálgamas coma *desta*, *coas*, *dáche* ou *tróuxenllelo*, constitúen tamén unha *unidade*, por exemplo, *Santiago de Compostela*, *San Cibrao das Viñas*, *a carón da* ou *vinde e sete*.

A existencia das amálgamas, ou sexa, de dous ou máis elementos gramaticais baixo unha mesma palabra gráfica onde cada un dos compoñentes posúe unha etiqueta propia e un lema diferente forzan a aparición do elemento *forma*, que identificamos con *unidade léxica* ou *elemento gramatical*; é dicir, a verdadeira unidade de análise do etiquetador, á que lle corresponde sempre unha etiqueta e un lema.

A diferenza percíbese claramente cun exemplo. *Deullo* é unha *unidade* composta pola *forma* 'deu', cuxa etiqueta correspondente 'Vei30s' indica que é a 3ª persoa do singular do pretérito de indicativo do lema *dar*, e mais pola *forma* 'lle' —etiquetada como pronome átono de terceira singular, masculino ou feminino en caso dativo (Rad3as), cuxo *lema* é 'lle'— e, finalmente, pola

forma 'o' —etiquetada como pronome átono de terceira singular masculino en caso acusativo (Raa3ms) cuxo lema é 'o'—.

É dicir, a unidade ortográfica *deullo*, non identificable cunha única categoría gramatical nin asociada como un todo a ningunha etiqueta ou lema reais, constitúe en realidade tres elementos *forma* ou *unidades léxicas* con cadanseu par *etiqueta* e *lema* propios. Por isto, cando falamos do tamaño do corpus etiquetado proporciónanse os dous datos: número de palabras ortográficas (617.042) e número de elementos gramaticais (741.833).

Este sistema de consultas permite un amplo abano de buscas, sendo a máis simple a consulta por forma ou lema:

A imaxe amosa a consulta para o lema *esparexer* co que se obteñen todas as formas verbais do paradigma de *esparexer* presentes no corpus. Os resultados pódense ordenar por *data*, *medio*, *tema*, *palabra*, *etiqueta* ou *documento* e, igual ca no CORGA, dende esta pantalla accédese, a través dos botóns situados á dereita na parte superior da pantalla, ás ocorrencias e ás estatísticas, ou pódese consultar o tamaño do subcorpus sobre o que realizamos a consulta, accedendo deste xeito á nómina de autores e obras, premendo no interrogante que acompaña a casos.

Se observamos a pantalla das ocorrencias, imaxe seguinte, vemos que, de arriba a abaixo, os resultados se visualizan ofrecendo por liña:

1. Información sobre a localización bibliográfica de cada caso.
2. Número de orde da ocorrencia e mais forma, etiqueta e lema da consulta realizada destacados. Premendo no número accédese ao contexto inmediato da secuencia.

3. Secuencia de análise completa escrita seguindo as normas ortográficas convencionais.
4. Transformación das unidades ortográficas en elementos gramaticais ou formas. Así, a unidade *repartíndose* da liña anterior desagregase nas formas *repartindo* e mais *se*. En vermello *esparexendo* por corresponder coa busca realizada.
5. Etiquetas correspondentes a cada unha das formas, entre elas, destacada en vermello a de xerundio (VOx000) pertencente ao lema consultado.
6. Finalmente, a liña correspondente aos lemas de cada un dos elementos gramaticais constitutivos da secuencia, destacando en vermello o consultado.

Cases 1 a 9 de 9 atopados

Documento:	Estadísticas históricas Astronómica	Autor:	Trigo, Xosé Manuel G.	Temas:	Relato curto
Editorial:	Editorial Xerais de Galicia	Medio:	Libro	Ano:	1993 Tipo:

1 **esparexendo VOx000 espaxarse**

Improvizante unha paracela repartíndose a un e outro lado, e polo medio desfilou, espaxándose delicias de azenes e formas, nubes e fariñas, a morea do vestido amarelo.

improvizante unha paracela repartíndose a un e outro lado, e polo medio desfilou, espaxándose delicias de azenes e formas, nubes e fariñas.

VOx0p Dñs Scfp VOx000 Repart P Dñs Ce lñs Scfp Q, Ce P Dñs Scfp VOx0p Q, VOx000 Scfp P Scfp Ce Scfp Q, Scfp Ce Scfp

improvizante un paracela repartir se a un e outro lado, e por o medio desfilou, espaxarse delicias de azenes e formas, nubes e fariñas.

Documento:	Estadísticas históricas Ficus	Autor:	Trigo, Xosé Manuel G.	Temas:	Relato curto
Editorial:	Editorial Xerais de Galicia	Medio:	Libro	Ano:	1993 Tipo:

2 **esparexendo VOx000 espaxarse**

Alcalde, autoridades, convidados, o cura espaxándose benedictino, aí se citaron para bautizar a performance.

Alcalde, autoridades, convidados, o cura espaxándose benedictino, aí se citaron para bautizar a performance.

Scfp Q, Scfp Q, Scfp Q, Dñs Scfp VOx000 Scfp Q, Wñ Repart VOx0p P VOx000 Dñs Scfp Q

Alcalde, autoridades, convidados, o cura espaxarse benedictino, aí se citaron para bautizar a performance.

A seguinte imaxe mostra como a etiquetaxe de corpus enriquece considerablemente as posibilidades de buscas ao permitir non só as buscas concretas por forma ou lema, senón tamén a abstracción gramatical a través das etiquetas. A esta riqueza débesele sumar aínda a posibilidade de utilizar os comodíns que xa vimos para CORGA. A consulta seleccionada é unha das tres que deben realizarse para obter a frecuencia de uso da colocación do pronome átono de terceira acusativo na perífrase de obrigatoriedade con *haber que + infinitivo*. Nesta caso búscase que o pronome apareza ao final.

Unha das vantaxes da aplicación de consulta é que se desenvolveu un menú amigable de consulta por etiqueta que facilita as pescudas cando o usuario non está familiarizado co etiquetario que se emprega. Para acceder a el basta con premer na denominación correspondente á Etiqueta do campo de busca que se desexe —aparece subliñada—; esta acción leva ao menú que se observa na seguinte imaxe, no que o usuario conforma a etiqueta escollendo primeiro a categoría gramatical e, logo, os valores dos atributos correspondentes á clase escolleita, en función das súas necesidades:

Débese ter presente, tanto na realización das consultas como na observación dos resultados, que existen unidades con ambigüidade segmental que en función do contexto no que se localicen trátanse como unidades multipalabra ou como unidades consecutivas independentes. Por exemplo, se en *forma* se

busca *dentro*, só van aparecer os casos de *dentro* etiquetados como adverbio, pero non os de *dentro de* de tipo temporal caracterizados como locución de tipo prepositivo (tipo *Vémonos dentro dun mes*), para cuxa obtención habería que completar en lema *dentro de*, pois a consulta por *dentro de* na *forma* deixaría fóra os casos nos que a preposición *de* está en amálgama.

Para rematar coa descrición do sistema de consultas, cómpre aclarar que por si só *unidade* non é un campo de consulta válido e, polo tanto, non se permite realizar buscas cubrindo unicamente ese campo. A presenza do elemento *unidade* no sistema de consultas establécese para axudar a concretar máis as buscas e poder individualizar as ocorrencias das *unidades léxicas* que están amalgamadas. Por exemplo, para comprobar en que casos se emprega o trazo coa denominada segunda forma do artigo basta con especificar:

- Etiquetal: Dd*
- Lemal: o
- Unidadel: *-l* ou Unidadel: *-*

Se nesta busca en Unidadel cubrimos só con **l**, consulta que sería lóxica se o elemento *unidade* se correspondese con unidade gramatical, aparecerían todos os casos de segunda forma do artigo, con ou sen trazo, mais tamén as ocorrencias do artigo determinado que están implicadas en amálgamas con unidades léxicas nas que figura un 'l', por exemplo *en relación coa, por culpa dos* ou *analiza-los*, pois cumpren cos criterios da busca que estamos realizando: todas as ocorrencias de artigo determinado en cuxa unidade haxa un 'l'. Para evitar este tipo de ruído nos resultados aconséllase realizar as consultas fundamentalmente por *forma*, *etiqueta* e/ou *lema* e recorrer só a *unidade* para restrinxir as buscas, tendo sempre presente que *unidade* non equivale a unidade gramatical.

Por último, cómpre salientar que están dispoñibles para a súa descarga no enderezo <http://corpus.cirp.es/xiada/descargas.html> os seguintes recursos xerados no proxecto:

- Léxico empregado polo Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (Rojo *et al.*, 2015). As entradas, recollidas baixo o formato palabra\tetiqueta\tlema, presentan indicación sobre a súa normatividade, o que fai este léxico indicado tanto para labores de recoñecemento, análise textual e tradución automática como de corrección.

- Corpus de adestramento do Etiketador/Lematizador do Galego Actual (Rojo *et al.*, 2015). Este corpus inclúe oracións extraídas de xornais, revistas e coleccións de relato curto analizadas seguindo o formato palabra\tetiqueta\tlema. Así mesmo, presentamos unha versión do corpus de adestramento en formato XML na que, amais de incluír a análise dos elementos gramaticais en *forma*, *etiqueta* e *lema*, achegamos tamén a unidade que se analiza, co que se posibilita a recuperación das formas ortográficas simples, multipalabra, amalgamadas ou contraídas e facilítase ao tempo a conexión entre a unidade analizada e as análises correspondentes.

4. Historial de versións

En outubro de 2001 o CORGA ponse, por primeira vez, dispoñible para a consulta a través da rede. Esta primeira versión experimental, constituída por 12,5 millóns de formas, presenta unha codificación mínima e unha cabeceira sinxela que permiten a recuperación da información consonte os parámetros *ano*, *medio* e *área temática*. En xaneiro de 2003 actualízase esta versión incrementando o número de formas ata os 17,5 millóns.

Ante as limitacións que impón o sistema empregado, vese a necesidade de buscar outro sistema que permita novas funcionalidades e maiores posibilidades na recuperación de información. Decídese entón exportar todo a un estándar XML e así, dende 2004 está dispoñible un novo sistema para o CORGA que utiliza unha codificación XML para os documentos e que é o que evoluciona no tempo (Barcala, 2010). Esa primeira versión XML, constituída por 7 millóns de formas ortográficas, coexiste coa versión do 2003 formada polos 17,5 millóns de formas, posto que non se completara aínda a conversión dos documentos que naquela altura constituían a versión dispoñible na rede.

No 2007 dispónse unha nova versión do CORGA que contén case 20 millóns de formas e que xa inclúe todos os documentos da versión antiga e outros moitos novos. Ademais, esta nova versión inclúe novas e significativas posibilidades de busca: consulta da nómina de autores e obras, interconexión do sistema de buscas co sistema de nómina, etc. o que posibilita ter uns valores de referencia moi útiles á hora de extraer conclusións a partir da análise de resultados.

No 2008 publícase a versión 1.3, que contén 23 millóns de formas ortográficas.

No 2009 publícase a versión 1.4, con 25 millóns de formas. Ademais, ponse a disposición pública a versión 1.0 dun sistema máis avanzado de buscas, o *Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado* (CORGAetq), que consta de 250.000 formas ortográficas etiquetadas e lematizadas. Este subcorpus etiquetado, destinado a converterse en corpus de adestramento, está constituído por noticias xornalísticas de temática económica extraídas aleatoriamente do CORGA, cuxa etiquetaxe foi supervisada por unha lingüista.

No ano 2010 publícase a versión 1.5 do CORGA, con 25,8 millóns de formas, e a versión 2.4⁴ do sistema de buscas do CORGAetq que inclúe 360.000 formas ortográficas, correspondéndose estas co corpus de adestramento xornalístico.

No ano 2013 publícase a versión 1.6, con 29 millóns de formas, e a versión 2.5 do sistema de buscas do corpus etiquetado que inclúe 499.000 formas ortográficas, as correspondentes ao corpus de adestramento xornalístico e a parte do de ficción.

No ano 2015 publícase a versión 1.7, con 31,9 millóns de formas, e a versión 2.6 do sistema de buscas do corpus etiquetado que inclúe 617.042 formas ortográficas, as pertencentes ao corpus de adestramento xornalístico e de ficción.

En síntese, a listaxe de versións de cada un dos sistemas de buscas, xunto co ano da súa publicación e o número de formas que contén, é a seguinte:

CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual (<http://corpus.cirp.es/corga>)

versión 1.0, 2001; 12,5 millóns de formas gráficas (textos en txt)

versión 1.1, 2003; 17,5 millóns de formas gráficas (textos en txt)

versión 1.2, 2004; 17,5 millóns de formas en txt (<http://corpus.cirp.es/corga>) e 7 millóns de formas en xml (<http://corpus.cirp.es/corgaxml>)

versión 1.3, 2007; 20 millóns de formas gráficas

versión 1.4, 2009, 25 millóns de formas gráficas

versión 1.5, 2010, 25,8 millóns de formas gráficas

versión 1.6, 2013, 29 millóns de formas gráficas

versión 1.7, 2015, 31,9 millóns de formas gráficas

⁴ O salto na versión da 1.0 á 2.4 prodúcese para igualar co número de versión do etiquetador que se usa, mais non hai outras versións intermedias.

CORGAetq: Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado (<http://corpus.cirp.es/corgaetq>)

versión 1.0, 2009; 250.000 formas ortográficas / 309.000 elementos gramaticais

versión 2.4, 2010; 360.000 formas ortográficas / 426.000 elementos gramaticais

versión 2.5, 2013; 499.000 formas ortográficas / 594.000 elementos gramaticais

versión 2.6, 2015; 617.000 formas ortográficas / 741.000 elementos gramaticais

5. Liñas de traballo futuras

A incorporación de documentos pertencentes ao novo medio *Internet* (blogs) así como ao novo soporte *Gravación* (transcricións) pon de manifesto a necesidade de adaptar o sistema de consultas para darlles cabida, mais evidencia tamén a mestura na clasificación dos documentos do CORGA entre tipoloxía de documento e tipoloxía temática. Preséntasenos, pois, a oportunidade de reclasificar os documentos discriminando entre estes dous parámetros: tipo de documento e área temática. Facilitaráselle así ao usuario non familiarizado co corpus unha clasificación dos documentos contidos nel coherente e sinxela, manexable. Facilitarase, así mesmo, a consulta por grandes bloques: *ficción* vs. *non ficción*, ou *prensa* vs. *ensaio*, por exemplo, para as que ata agora hai que realizar varias consultas e que só o usuario que coñece ben o sistema é capaz de obter.

Os cambios que terán lugar serán, esquematizados, os seguintes:

En *Medio* inclúense os valores *internet* (clasificará os blogs) e *audiovisual* (clasificará os guións e as transcricións).

En *Soporte* engádese *gravación* para acoller as transcricións. Na recuperación de información poderase escoitar o audio correspondente ao contexto da busca realizada.

En *Área temática* desaparecen os valores correspondentes á *Ficción*, que se transformarán en valores de *tipoloxía textual*, igual que os que se escollan para clasificar as diferentes transcricións (entrevista, informativo, discurso, conversa etc.).

O menú de consulta, *grosso modo*, irase abrindo a medida que elixamos posibilidades de busca. Así, seguirá os seguintes pasos:

1. Tipo de documento: *todo*, *escrito*, *oral*

Se se opta por *todo* a consulta será a todo o corpus.

Se se preme en *oral* accederase directamente á tipoloxía na que se clasifiquen as transcricións (entrevista, informativo, conversa, discurso etc.), ademais de a un valor *todo*.

Se se opta por *escrito*, haberá unha segunda clasificación en *ficción* e *non ficción*.

2. *escrito*: *todo*, *ficción*, *non ficción*

todo: a consulta será a todos os documentos escritos do corpus. Non poderá especificarse área temática.

ficción: poderase escoller entre *todo* ou cada un dos tipos de documento incluídos en *ficción*: *novela*, *relato*, *teatro*, *guión*.

non ficción: poderase escoller entre *todo*, *prensa*, *ensaio*, *blog*. A escolla de *prensa* poderá, á súa vez, desagregarse en *xornal* e *revista*.

É dicir, as áreas temáticas e subáreas habilitaranse unicamente para o valor *non ficción* ou calquera dos valores contidos na *non ficción*.

Outro dos obxectivos destacables a curto prazo, ademais de ampliar as funcionalidades de busca para facilitar a detección de colocacións e mellorar as posibilidades de visualización con gráficos, é a unificación dos dous sistemas de consulta dispoñibles actualmente en liña (CORGA e CORGAetq), xunto co sistema do CORGA etiquetado automaticamente que de momento é só de uso interno, nun único sistema que dea cabida ás diferentes aproximacións de busca: consulta por forma ortográfica ou consulta por forma, etiqueta e/ou lema no subcorpus desambiguado manualmente ou no corpus etiquetado automaticamente.

A estas melloras engadiráselles, por último, outra non menos importante cualitativamente para potenciar as funcionalidades de busca do corpus etiquetado. Trátase da implementación no sistema de consultas dun campo máis, o de *hiperlema*, ao lado do de *forma*, *etiqueta* ou *lema*. Co seu emprego, optativo en función dos intereses concretos de quen realiza a consulta, o

usuario do corpus etiquetado poderá abstraerse da variación ortográfica existente nos textos, entendida esta como a modificación gráfica que sofre unha forma respecto da forma canónica correspondente coa que mantén unha relación clara de identidade. Poñamos por caso, se alguén quixese estudar o esquema argumental do verbo *comezar*, agradecería recuperar cunha soa consulta todos os exemplos dos lemas *comezar*, *comenzar*, *escomezar*, *escomenzar*, *encomenzar* e *encomenzar*; pois ben, isto será posible na próxima versión do CORGA etiquetado, manual ou automaticamente, coa consulta sobre o hiperlema *comezar*.

Bibliografía

- Mair, C. (2006): «Tracking ongoing grammatical change and recent diversification in present-day standard English: the complementary role of small and large corpora», en A. Renouf e A. Kehoe, *The changing face of corpus linguistics*, Amsterdam: Rodopi, pp. 355-376.
- Barcala Rodríguez, F. M., M. A. Molinero e E. Domínguez (2005): «Construcción de sistemas de recuperación de información sobre corpórea textuales estructurados de grandes dimensiones», *Procesamiento del Lenguaje Natural* 34, pp. 41-48.
- Barcala Rodríguez, F. M. (2010): *Corpus lingüísticos estruturados de grandes dimensións: Metodoloxía e sistemas de recuperación de información*. Tese de doutoramento, Universidade da Coruña, <http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/7171/1/tese_mario_barcala.pdf>
- Domínguez Noya, E. M^a. (2008): «O Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA): presente e futuro», en E. González Seoane, A. Santamarina e X. Varela Barreiro, *A lexicografía galega moderna. Recursos e perspectivas*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 139-151.
- Domínguez Noya, E. M^a, F. M. Barcala Rodríguez e M. Á. Molinero Álvarez (2009): «Avaliación dun etiquetador automático estatístico para o galego actual: Xiada», *Cadernos de Lingua* 30/31, pp. 151-193.
- Domínguez Noya, E. M^a. (2013): *Etiquetaxe e desambiguación automáticas en galego: o sistema XIADA*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela: Repositorio Institucional da USC <<http://hdl.handle.net/10347/9587>>
- Rojo, G., M. López Martínez, E. Domínguez Noya e F. M. Barcala (2015): *Listado de frecuencias do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)*,

versión 1.7, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://corpus.cirp.es/corga/frecuencias.tar.gz>>.

Rojo, G., M. López Martínez, E. Domínguez Noya e F. M. Barcala (2015): *Corpus de adestramento do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA)*, versión 2.6, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://corpus.cirp.es/xiada/corpus_xiada_2_6.tar.gz>

Rojo, G., M. López Martínez, E. Domínguez Noya e F. M. Barcala (2015): *Léxico do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA)*, versión 2.6, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://corpus.cirp.es/xiada/lexico_xiada_2_6.tar.gz>

A boa obra o mestre honra. Notas dunha bolseira do proxecto *Cadernos de Fraseoloxía Galega*

ALBA VIDAL

1. Unha bolseira no proxecto de fraseoloxía

Coincidín con Xesús Ferro durante a miña etapa como bolseira no proxecto de fraseoloxía que el dirixía no Centro Ramón Piñeiro hai máis anos xa dos que me gustaría contar. Na miña achega para esta homenaxe tratarei de botar man da miña memoria e traer ao papel algo da experiencia persoal no traballo con Ferro.

Desde o punto de vista dos bolseiros, conto e non me engano cando digo que Ferro impuña respecto e, sobre todo ao principio, quizais certo temor que a min sempre me lembrou un pouco a reverencia que suscitan os típicos profesores duros pero rectos de matemáticas, lingua ou, por dar un exemplo calquera, até mesmo de latín que todos tivemos na escola. Que, por outro lado, moitas veces son, pasada a conmoción inicial e collido algo de sentido, os máis apreciados e dos que gardan mellor lembranza os alumnos.

No traballo Ferro era serio, cumpridor e non faltaba un día. Traballador e dedicado, como a súa obra e actividades revelan, botaba horas e horas concentrado a carón da enorme xanela que miraba ao patio na sala de fraseoloxía do Ramón Piñeiro. Certo é que inicialmente non daba pé a excesivas confianza pero a cortesía nunca quitou a valentía e sempre foi un home xusto e correcto. Traíanos, aos bolseiros, dereitos coma fusos, salvo tal vez no descanso que tiñamos a media mañá onde ás veces arranxabamos o mundo arredor do xornal *El Correo Gallego*, as menos arranxabamos a vida dos demais que o falar todo é parola e o máis do tempo comer, comiamos algunha cousa e rir, riamos moito. Xa que arden os cangos, non podo deixar de aproveitar a ocasión para destacar o bo ollo que Ferro tiña para escoller colaboradores e non o digo por min, enténdeme nora, se non que o digo especialmente polos meus compañeiros. Tiven a sorte de formar parte dun equipo de persoas fantásticas, intelixentes, responsábeis, traballadoras e simpáticas, constelación de virtudes que non creo que se deba á mera casualidade e na que Ferro algo tería que ver que, de todos é sabido, onde onde hai xuncos, hai auga.

Xa eu, todo sexa dito, era nova e algo tarambainas. Chegaba tarde máis veces das que debería e, conforme a proverbial ousadía da xuventude, pensaba que o sabía todo. Cos anos, moza (e espero que tola) vou sendo menos e coa perspectiva que dan o tempo e as lecturas penso agora nos allos que eu cría seren cebolas, nas oportunidades ofrecidas e nos detalles, eses en que Deus ou o demo viven segundo os anglófonos, que tamén tiña Ferro. De maneira particular, penso no apoio e comprensión que recibín cando tiveron un problema médico e que non podo menos que mencionar porque dá mostra da súa calidade persoal e xenerosidade. Uns meses durante os que o recordo que teño é que foron todo facilidades e que grazas a iso pasaron precisamente sen pena nin gloria no sentido máis positivo da expresión: sen dificultades e sen preocupacións no relativo ao traballo. Non todo o mundo faría o mesmo e iso non se pode agradecer bastante.

Como apuntei ao principio, non sabería facer unha relación minuciosa dos pormenores da súa carreira nin dos detalles do seu labor de divulgación porque xa se sabe que o que fala sin saber o que dixo ou é tolo ou non ten xuízo —e xa quedamos en que teño a esperanza de ir sendo cada vez menos tola. Do que si podo falar, por tanto, é do que coñezo de primeira man do tempo en que traballei no Piñeiro e aínda que tiña, e teño, visións moi diferentes sobre diversos aspectos da lingua xa daquela para min e para calquera eran evidentes non só os seus coñecementos de paremioloxía, se non a paixón pola lingua e o interese xenuíno que movían a Ferro a entregarse ao proxecto de fraseoloxía. Non había máis que ouvi-lo contar a célebre metáfora paterna da vaca que tanto leite daba ou as historias de Caritel, por exemplo. Non hai máis que ver o interese e o coidado posto na organización e edición dos testemuños deixados por recolectores veteranos como Ventín ou Vázquez Saco. Non hai máis que pensar no traballo que hai detrás da publicación da revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e nas puntuais visitas unha vez á semana, se ben me lembro, de Pedro Benavente para descubrir e recoller todos e cada un dos segredos da vaca —e compartir algunha que outra galletiña!

Por último, quen podería esquecer a etapa do *Ben Falado* e o seu entusiasmo naquela nova faceta de divulgador no medio audiovisual. Acórdanme ben a dedicación, as dificultades iniciais e o traballo que se vía que daba, pero sobre todo a vehemencia, o entusiasmo por facer algo ben feito, por obter un produto audiovisual que fose interesante, informativo, que transmitise cariño e orgullo pola fala e resultase atraente para os telespectadores. Coi-

tas e diñeiro non sei eu se se poderán ter secretos ou non, pero o que sei é que o esforzo, a creatividade e o amor polo que un fai non se pode evitar que se noten.

Para min é este interese pola divulgación unha das cousas que considero máis importantes do labor de Ferro no proxecto de fraseoloxía. Quero mencionar en particular o papel que representan os *Cadernos*: unha revista científica internacional de fraseoloxía na que teñen cabida tanto a reflexión académica e os aspectos puramente lingüísticos como recadativas fraseolóxicas e que se envía a bibliotecas de universidades de todo o mundo. Pero non só iso: esta consciencia da relevancia que ten a difusión tamén se proxecta no que a min me parece máis interesante que é o feito de que os *Cadernos* estean integramente dispoñíbeis na rede. É un regalo para quen por motivos académicos os necesite consultar especificamente e tamén para quen a buscar calquera outra cousa dea con eles e se perda marabillado entre o gaiteiro de Calde e os raposos que andan aos grilos ou para quen ande á procura desa expresión xusta que condense a elocuencia retórica insubstituíbel característica dos ditos, que conteña medida precisa de concepto exacto e metáfora cotiá. Nesta época de Internet case omnipresente que este recurso se manteña a disposición de especialistas e sobre todo de leigos e diletantes é a un tempo dunha pertinencia e un altruísmo dignos de mención.

Antes de comezar o meu traballo con Ferro, pouco tempo tiña eu dedicado a pensar en paremias, frases feitas e demais familia fraseolóxica salvo no caso do ocasional sorriso que suscitan certos ditos ou a estrañeza que causan outros. O certo é que se solicitei unha bolsa no proxecto de fraseoloxía foi porque era un dos poucos que admitían licenciados en tradución e porque, para ser sinceros, algo había que facer e parecía un tema interesante. Pouco imaxinaba eu tanto como ía aprender e sobre todo o canto me ía dar conta do inmenso valor dun campo non esquecido pero ás veces case relegado ao recanto da mera anécdota etnográfica. Entre castelanismos léxicos e sintácticos, parece que non hai tempo para lle dedicar á importancia do discurso repetido que ben saberán os lectores non se trata só de refráns máis ou menos verdadeiros ou máis ou menos pintorescos se non da presenza ou ausencia máis sutil das fórmulas e das sempre discretas locucións e colocacións.

Hai xa tempo que deixei a escola ou, para o caso, a universidade e non sei se estas cousas mudaron, pero cando eu estudaba, tempos van e tempos

veñen, lémbrome que nos falaban bastante do léxico (o pranto, o polbo, o garfo, a culler), da sintaxe e as filigranas resultantes das combinacións de deícticos de solidariedade e interese e outras cousas, pero non tanto de cuestións fraseolóxicas. Como o rato que non sabe máis dun burato logo o pilla o gato, nunha situación de contacto lingüístico como a nosa é vital darse conta da importancia da fraseoloxía que, sen querer defender un purismo pouco realista porque as linguas son animais vivos que evolucionan suxeitos ás súas circunstancias, é un dos aspectos máis maltratados e menos visíbeis por exemplo nos medios de comunicación. Para min persoalmente este é un dos máis importantes legados do meu paso polo proxecto de fraseoloxía e estou segura de que tamén do de todos aqueles ás mans dos que chegou algún exemplar de *Cadernos*. Teño máis coidado e son máis consciente do que os elementos do discurso repetido significan para a calidade lingüística.

Unha das cousas que Ferro nos pedía pouco despois de comezar no proxecto era que fixésemos unha base de datos persoal na que irmos anotando as unidades fraseolóxicas que ouvísemos no noso día a día. Pero eu, por non desmerecer a leña verde que era daquela, mal metín tres ou catro unidades e nunca máis me acordou. Por iso, a modo de complemento e continuación daquela pobre e malfadada base de datos orixinal, presento para acompañar este texto unha pequena recollida de unidades fraseolóxicas feita coa colaboración da xente do meu arredor.

Hai tempo que non escribo textos longos nin moito menos defino ou recollo expresións, así que espero que os lectores e o propio homenaxeado saiban desculpar o caótico do meu estilo, os erros que haberá na identificación e clasificación de unidades, o posíbel déficit de matices nas definicións, as incoherencias e a falta de rigor académico.

Tanto a recollida como esta peza feitas foron, iso si, desde o respecto e a alegría, o entusiasmo, o corazón e a pouca cabeza e, sen dúbida, o agradecemento e a admiración por abrírnos a moitos os ollos ao mundo da creatividade, o discurso metafórico e a poesía que nos rodea e inunda a fala coloquial e popular dentro da que vivimos.

Do que hai no corazón, fala a boca pero o mellor do conto é o que queda por contar!

2. Consideracións sobre a recadádida

A seguir presento unhas breves consideracións sobre a modesta colección de unidades fraseolóxicas que se presenta a continuación.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que esta achega non segue o método científico senón que é un pequeno traballinho *amateur*. A miña recollida é, pois, pouco ortodoxa e é claro que o ideal sería facer traballo de campo en sentido estrito, porén por restricións de tempo esta pequena colección fíxose principalmente preguntando directamente e, ás veces, pondo a orella cando se puido. Para iso tirei da miña familia, dos meus amigos e tamén do que mesma uso ou ouvín algún día e me quedou na cabeza, de aí que se trate dunha colectánea bastante heterodoxa.

A localización indicada entre parénteses fai referencia ao concello de orixe do informante de quen procede a unidade fraseolóxica en cuestión. Trátase dun dato cun valor orientativo máis que outra cousa porque como é lóxico en xeral a maioría delas úsanse en varios dos concellos indicados debido á proximidade xeográfica e á popularidade de moitas das unidades (moitas comúns a toda Galiza). A maioría dos meus informantes proveñen de concellos do sur de Galiza situados na «fronteira» entre as provincias de Pontevedra e Ourense. Aínda que predominan os informantes do concello da Caniza e da comarca do Ribeiro, tamén hai algunhas expresións provenientes de falantes doutras zonas.

Canto aos exemplos de uso, case todos son inventados e as definicións, co-textadas cos informantes. Considero importante mencionar que a maioría das unidades que forman parte desta lista están vivas na fala da xente do meu arredor.

A forma principal de cada unidade fraseolóxica decidín mantela tal como ma dixeron ou a ouvín, cos castelanismos e dialectalismos correspondentes. Pola súa parte, os exemplos seguen a norma salvo algúns dialectalismos (como *viñen*, *toupar*, *topar*, entre outros) e castelanismos puntuais. Este é o caso da palabra *bueno*, un castelanismo tan integrado no rexistro coloquial que me resultaba moi difícil tentar reproducir a fala espontánea prescindindo del.

Sirva, pois, esta pequena achega como complemento a aquel encargo que Ferro nos facía a todos os bolseiros do proxecto de fraseoloxía e, non teñan medo, a partir de agora a miña base de datos continuará a medrar e a ser actualizada cada vez que se me cruce unha unidade fraseolóxica. Todo o mao foi comezar!

Quero agradecer a Beatriz Pérez por me animar a facer esta recadádiva e pola súa axuda e paciencia. Pero sobre todo quero darlle unhas grazas moi especiais aos meus informantes que tiveron que ter a paciencia de todo o santoral (e unha pouca máis!) comigo e que colaboraron con máis dedicación e entusiasmo da que lles correspondía: vaia a miña gratitude á miña familia, aos meus pais Marisol e Santiago, aos meus irmáns Martín e Cora e en especial á miña avoa Marisol, a Manuel e aos meus amigos Paula, Diego, Cristina e Carlos.

3. Lista de unidades fraseolóxicas

Abreviaturas usadas:

ref.: refrán	HUM.: humorístico
fórm.: fórmula	IRÓN.: irónico
l. v.: locución verbal	VULG.: vulgar
l. s.: locución substantiva	
l. adx.: locución adxectiva	
l. adv.: locución adverbial	

Locucións

- 1. a encher / a rego cheo / a esgalla** *loc. adv.* En moita cantidade, con abundancia. *Vinde, que vai haber empanada a esgalla! / Hai uns anos fomos á do Pablo comer e bueno, bueno, acabamos coma pepes! Puxéronnos croquetas, chocos, orella, churrasco e viño a rego cheo!* (Melón)
- 2. a fume de carozo / a lume de biqueira / coma unha chispa / coma un foguete / coma unha centella** *loc. adv.* Rápido, velozmente. *Marchou a fume de carozo que perdía o tren. / Pasou coma unha centella, case non dixo nin ola. / Ese condenado corre coma unha chispa.* (A Caniza)
- 3. a un tiro de pedra** *l. adv.* Indica que un lugar ou algunha cousa está cerca. —*Sabe onde queda o muíño do Coto? — Baixas por aí, viras á esquerda e xa o tes a un tiro de pedra.* (A Caniza)
- 4. así ou asado** *loc. adv.* Dunha maneira ou outra, deste xeito ou dese outro. *Se ao encargado lle gusta o heavy ou o rock ou se ten un pendente ou un colar ou se é así ou asado tanto me dá. O importante é que saiba tratar coa xente e organizar ben o almacén.* (A Caniza)
- 5. coma un pepe** *l. adv.* Ben, a gusto. Úsase con verbos como *estar*, *quedar*, etc.). *Quedei coma un pepe despois de durmir toda a mañá.* (A Caniza)
- 6. daquela maneira** *loc. adv.* Mal, regular, non moi ben. —*Que tal che foi na entrevista? —Bah, daquela maneira.*

Non creo que me chamen. / A fin de semana foi daquela maneira. Entre que tiña catarro e había que organizar a festa dos nenos, bóttalle... (A Caniza)

7. **de pé feito** *loc. adv.* A propósito. *Viñen de pé feito para comprar unha empanada na panadería da praza pero estaba pechada por defunción.* (A Caniza)
8. **ó chou** *loc. adv.* Ao azar. *Se non te decides, colle un ao chou e pista.* (A Caniza)
9. **ben mandado** *loc. adx.* Fai referencia á unha persoa obediente, que fai o que lle piden sen poñer problemas. *Que ben mandada es! Así dá gusto. Graciñas, muller. / Xa cho traio eu, para que vexas que ben mandadiño son.* (A Caniza)
10. **burro coma unha porta** *loc. adx.* Moi burro. Admite a construción máis burro que. *É máis burro ca unha porta, as matemáticas non lle entran na cabeza.* (A Caniza)
11. **contente coma un cuco** *l. v.* Moi contento. Admite a construción máis contente que. *Quedaba contente coma un cuco co coche de xoguete que lle trouxo a madriña.* (A Caniza)
12. **(de) raza falsa** *l. adx.* Refírese a persoas falsas, deshonestas. *Eses son raza falsa, non te fíes deles.* (A Caniza)
13. **encarnado como a pisa dun can** *loc. adx.* VULG. Encarnado, colorado. *Si, ho, o que ten aquel coche encarnado como a pisa dun can, non sabes?* (A Caniza)
14. **jodido e mal pago** *loc. adx.* VULG. Estar moi amolado, enfatiado, moi mal. —*Como vas, Ramiro?* —*Xa ves, fodido e mal pago. Levo desde decembro sen traballar...* (A Caniza)
15. **largo/grande coma un día sin pan** *loc. adx.* Moi grande ou moi alto cando se refire a persoas. Admite a construción máis grande que. *O outro día vinte co teu primo. Éche grande coma un día sen pan! Non sei a quen sairá.* (A Caniza)
16. **listo coma unha centella / agudo/ fino coma un allo** *loc. adx.* Moi listo, moi intelixente. *O meu can o outro día abriu a porta da cociña, éche listo coma unha centella! / O Brais é fino coma un allo. Co pequeno que é e xa sabe beber por un vaso dos grandes!* (A Caniza)
17. **listo coma un ave que lle chaman o sapo** *loc. adx.* IRÓN. Dise ironicamente de alguén que non é listo. —*Son máis lista, subínlle a temperatura á neveira e agora xa non funga tanto.* —*Lista coma un ave que lle chaman o sapo! / Mira que listo é que puxo un calcetín de cada cor! Listo coma un ave que lle chaman o sapo.* (Outeiro de Rei)
18. **máis antigo/vello que andar a pé** *loc. adx.* Moi antigo. *Boh, aínda te dás conta agora? Iso é máis vello que andar a pé!* (A Caniza)
19. **máis parvo que andar a pé** *loc. adx.* Moi parvo. *Quen? O Luis? Non me estraña, ese é máis parvo que andar a pé!* (A Caniza).
20. **mazado coma un pulpo** *loc. adx.* Borracho ou canso. *Vin o Suso o día da festa, mi madriña, non podía con el! Ía mazado coma un pulpo!* (Melón)
21. **negro coma os meus pecados** *loc. adx.* HUM. Moi negro. Con frecuencia, úsase tamén en castelán: *negro como mis pecados.* —*Como queres o café?* —*Xa sabes, negro coma os meus pecados!* (A Caniza)

- 22. (que) meter medo** *loc. adx.* É un intensificador. Úsase precedido da conxunción *que*. *Non vale a pena levar paraugas porque chove e fai un aire que mete medo.* (A Caniza)
- 23. rico coma un porco** *loc. adx.* Ser rico pero miserable, apertado. *Con eses non te molestes, son ricos coma porcos, uns fementos. Se te descoidas non che dan nin os bos días.* (A Caniza / A Arnoia)
- 24. ruín coma a carne do pescozo** *loc. adx.* Ser mao, ruín. Admite a construción *máis ruín que*. *Tiña un veciño que era ruín coma a carne do pescozo.* (A Caniza)
- 25. teso coma o pau de escoba / teso coma un estadullo** *loc. adx.* Moi teso. Admite a construción *máis teso que*. *Así non, que estás teso coma un estadullo! Para saíres ben na foto, tes que estar máis natural. / Pero mira para aí, teso coma un estadullo! Coitado, que pouco xeito ten para bailar.* (A Caniza)
- 26. toupado coma unha castaña** *loc. adx.* Estafado, moi cansado. *Viñen a correr por esa costa arriba e agora estou toupada coma unha castaña.* (A Caniza)
- 27. burra peideira** *l. s.* Insulto, persoa torpe ou, literalmente, persoa peideira. *Saca de aí que xa o fago eu, desde logo... estás feito unha burra peideira.* (A Caniza)
- 28. desculpas de mal pagador** *l. s.* Desculpas pouco críbeis. —*Hoxe non podo que estou ocupada e mañá teño que ir ao médico.* —*Si, si, desculpas de mal pagador!* (A Caniza)
- 29. pés de puta** *l. s. VULG.* Escapar a correr, rápido. Úsase cando alguén fai unha falcatuada ou algo que non está ben. *Collino na eira roubando unhas espigas e pés de puta... Non o puiden coller, se non ía levar unha boa. / Fómoslle roubar as laranxas do tío Aurelio e, cando estabamos a baixar, chegou el! Pés de puta para que non nos collese!* (Sarreaus / A Caniza)
- 30. ovella magosa** *l. s.* Dise dunha persoa mansa, dun miñaxoia. *Ese éche unha ovella magosa, fai todo canto lle mandan.* (A Caniza)
- 31. vaca agoada** *l. s.* É unha maneira ofensiva de dicir que alguén é un agoado, que quere todo canto ve ou todo canto teñen outras persoas. *Que vaca agoada! Tu tes o teu de chocolate alí, déixame a min comer o meu xeado tranquila.* (A Caniza)
- 32. andar ás xaneiras** *l. v.* Refírese aos gatos cando están en celo e tamén á xente cando anda alterada por causa da lúa ou do tempo. —*Como estaba onte o Manolo! —Debía andar ás xaneiras coma os gatos.* (A Caniza)
- 33. andar o lobo de pastor / meter a raposa a gardar as galiñas** *l. v.* Aplícase cando o que é menos indicado é o que está encargado dalgunha cousa. *Dixo que lle ía pedir consello ao Xavi? Haha, non, si, anda o lobo de pastor! / Quen dis que vai ser o próximo conce lleiro? Pero iso é como meter o raposo a gardar as galiñas!* (A Caniza / A Arnoia)
- 34. andar os ladróns atrás/detrás dos que rouban** *l. v.* Ser todos iguais, normalmente refírese a cualidades negativas. —*O Sito non se leva co sobriño. Sempre anda a dicir que é un tolo, que non se pode confiar nel, que non fai nada de xeito... —Xa, xa, andan os ladróns atrás dos que rouban!* (A Arnoia / A Caniza)
- 35. andar toureiro** *l. v.* Indica que alguén está alterado ou nervioso. Tamén, máis literalmente, excitado

sexualmente. *Que tes? Andas toureiro? Desde logo, estes días non hai quen te aguante!* (A Caniza)

36. aprenderlle a teu pai a facer fillos

l. v. Emprégase cando unha persoa lle di a outra como ten que facer as cousas e a segunda persoa sabe máis que a primeira. Con frecuencia úsase na construción ir+infinitivo. —*Bótalle sal ás patacas. —Vaslle aprender a teu pai a facer fillos?* (A Caniza)

37. arder nun candil

l. v. Dise do viño con admiración, cando é bo ou forte. *Fomos cear alí pola zona de Cambados, e tiñanche un viño, chacho, que viño! Ardía nun candil!* (A Arnoia)

38. botar por fóra

l. v. Esaxerar. —*O meu coche colle 200 tranquilamente. —Ala, ala, bota por fóra, si.* (A Caniza)

39. botar unha man ó pescozo

l. v. Dise para dar a entender que a axuda que alguén pode dar non é moi boa, que estorba máis que axuda. Tamén se pode usar para indicar que a verdadeira intención de alguén non é axudar. —*Chama a teu sobriño para que veña botar unha man. —Si, ao pescozo! / Se fai falta, avisade que vos vou botar unha man aínda que sexa ao pescozo.* (A Caniza)

40. caer de caixón

l. v. Ser evidente, lóxico. *Home, cae de caixón. Se non empeza a practicar xa non vai dar feito nada.* (A Caniza)

41. cagar unha vaca nunha botella

l. v. Dise de algo que é moi improbable ou difícil que pase. *Nas opos caéronche xusto os temas que estudaras? Que sorte, iso é como cagar unha vaca nunha botella!* (A Caniza)

42. caír da burra

l. v. Entender finalmente algunha cousa, darse conta de algo,

adiviñar. *Aínda non caíches da burra?*

A ver que cho repito, escóitame ben: unha señorita moi señoreada, sempre vai en coche e sempre vai mollada. (A Caniza)

43. cheirar coma unha bubela

l. v. Cheirar moi mal, feder. *Vaite lavar que cheiras como unha bubela!* (A Caniza)

44. choverlle [a alguén] (no tellado/na cabeza)

l. v. Tolear, estar tolo, non ter sentido. *Pero que dis? A ti chóveche na cabeza, ou?* (A Caniza)

45. dar conta do recado

l. v. Dar feito, conseguir facer ou acabar algunha cousa. *Carai, as racións sónchevos ben abundantes. Non ides dar conta do recado!* (A Caniza)

46. enganchar coma unha silva / ser unha persiana

l. v. Aplícase a unha persoa moi falangueira, unha trécola. *Oi, que tarde se me fixo! Parei cinco minutos coa Lucía e xa sabes que esa engancha como unha silva; cando me dei conta xa pasara máis de media hora.* (A Caniza)

47. estar de quiero

l. v. Estar de bo humor, con boa disposición. *Cando se incomoda pode ser moi aborrecida, pero se está de quero é moi simpática.* (Outeiro de Rei)

48. estar posto polo ayuntamiento

l. v. Ser vago, traballar pouco. *Estes rapaces de hoxe parece que están postos polo concello! Comer si, pero traballar nada.* (A Caniza)

49. estar/andar na verza (nas verzas)

l. v. Estar despistado, distraído, non decatarse ou estar coa cabeza noutra cousa. *Ai, claro, que hoxe é mércores. Ando na verza... pensaba que era martes! / Bule, que xa te chamei tres veces. Ultimamente parece que estás na parra.* (A Caniza)

- 50. estar/andar nas minchas** l. v. Estar distraído ou estar coa cabeza noutra cousa. *Eh, ese é o meu vaso! Desperta, que estás nas minchas.* (A Caniza)
- 51. facer pola vida** l. v. Traballar, preocuparse de ter algo para vivir; tamén, aforrar para o futuro. —*Este ano vou criar un porquiño e unhas galiñas porque non che están os tempos para mercar todo. Os cartos non chegan...* —*Claro, claro, hai que facer pola vida.* (A Caniza)
- 52. falar para o aire** l. v. Falar para ninguén, sen que lle fagan caso a un. *Coma sempre, parece estou a falar para o aire. A ver, atende un momento.* (A Caniza)
- 53. ferverlle o cu** [a alguén] / **ter o formiguillo/formigueiro/ferveleón no cu** / **ter o mal de San Vito** l. v. Dise das persoas que non paran quietas. *Parece que tes o formiguillo no cu! Estás nervioso?* (A Caniza)
- 54. ir ás mozas** l. v. Eufemismo por ir con prostitutas. *Antes contaban un conto que era así: un día uns homes ían ás mozas e levaron un rapaz pequeno. Cando xa estaban alí como era rapaz díxéronlle á rapariga que o tratara ben, porque claro... pero ela non quería saber de nada e respondeulles: «Non, non, a miña cona por mau de rapaces, non».* (A Arnoia)
- 55. ir como un foguete / ter un foguete no cu / bater/dar cos pés no cu** l. v. Andar a correr ou fuxir rápido. *Ía tan rápido que batía cos cos pes no cu.* (A Caniza)
- 56. ir dentro dun saco e vir dentro dunha saqueta** l. v. Ir a algún lado e volver peor do que se foi. —*Que tal as vacacións? Viches moito?* —*Boh. Fun dentro dun saco e viñen dentro dunha saqueta. Non vin nada e gastei os cartos todos.* (A Caniza)
- 57. ir/andar de can** l. v. Úsase con ánimo de criticar para referirse a quen vai de festa ou vai por aí cos amigos. *E logo onde deixaches o mozo? Hoxe foi por aí de can que tiña cea cos do choio.* (A Caniza)
- 58. levala clara** l. v. Úsase para indicar que alguén non vai ter as cousas fáciles ou que vai ter problemas no futuro. Tamén indica que aínda que alguén afirme ou pense unha cousa, non vai ter sorte ou o que falante está en desacordo co dito. *Como sigas gastando así a eito, lévala clara, meu fillo. / Se pensas que che vai volver pedindo perdón, lévala clara.* (A Caniza)
- 59. levar o demo** [a alguén] l. v. Estar irritábel ou enfadado. *Eu podo pasar o día todo sen fumar, pero claro, chega a noite e se non fumo, lévame o demo.* (A Caniza)
- 60. meter os cans na bouza** l. v. Encirrar alguén. *Agora que marchou a Ana escóitame ben: tu moi amigo es de meter os cans na bouza. Canto máis ganabas se estiveras calado! Como lle dis esas cousas?* (A Caniza)
- 61. mirar para o aire** l. v. Apampar, estar sen facer nada. *Déixate de andar a mirar para o aire e venme botar unha man.* (A Caniza)
- 62. non coller unha palla/agulla no cu** [a alguén] l. v. Andar moi orgulloso. *Desde que comprou o coche novo anda que non lle colle unha palla no cu.* (Melón)
- 63. non dar un peso por** [alguén/algo] l. v. Desconfiar dunha persoa ou cousa. *O teu veciño non ten maldade ningunha,*

agora o amigo ese que ten, non dou un peso por el! (A Caniza)

- 64. non estar para gaitas** l. v. Non estar de humor. *Déixame en paz que hoxe non estou para gaitas. (A Caniza)*

- 65. non ser ben guiado / ser mal guiado / non ser ben / faltar unha fervura** [a alguén] l. v. Non ter sentido, ser louco. *Ese é mal guiado, non ves que pintou o coche que tiña con pintura das paredes! / Rapaz, eu non sei que che aprenderon alá abaixo, pero tu non es ben. (A Caniza)*

- 66. non ser cen (por cen)** l. v. Ver non ser ben guiado (Melón)

- 67. non ser fillo do medo** l. v. Non ter medo, ser valente ou imprudente segundo o contexto. *Vai a modo, que está a chover e é perigoso! Non, nótase que tu non es fillo do medo, non. (A Caniza)*

- 68. non valer un patacón / unha cadela / un peso / unha chica** l. v. Non valer nada unha cousa ou unha persoa. *Ese teléfono que che trouxo teu fillo non vale un peso. Deberías comprar un destes modernos que hai agora, con internet e todo! (A Caniza)*

- 69. pensar na morte da burra/becerra** l. v. Estar distraído, pasmando. *Que, estás a pensar na morte da becerra? Levo 5 minutos falando e non me fas caso. A ver, que dixeran? (A Caniza / Outeiro de Rei)*

- 70. poñer a andar** [a alguén] l. v. Darlle a alguén o seu merecido. *Como non vos portedes ben vouvos poñer a andar! (A Caniza)*

- 71. quererlle pola vida** [a alguén] l. v. Quererlle moito. *Eu quérolle pola vida, pero cando bebe ponse moi repugnante. (A Caniza)*

- 72. rebentalrle o fígado** [algo a alguén] l. v. Molestar, facer enfadar, desesperar, irritar. *Cando se pon a falar así desa maneira que ten, con ese aire de superioridade que se trae... Esa actitude rebéntame o fígado. (A Caniza)*

- 73. ser como lavarlle a cabeza a un burro (perder a auga, o xabón e o tempo)** l. v. Úsase para expresar frustración ou reprender alguén que non entende o que se lle di ou non aprende. *Falar contigo é como lavarlle a cabeza a un burro, xa che dixeran vinte veces como se pon o café a facer na cafeteira nova. (A Arnoia)*

- 74. ser coma o porquiño de san antonio** l. v. Ser unha persoa que anda en todas as casas ou alguén que aproveita todo canto hai. *Pareces o porquiño de San Antonio. Deixa iso que temos pan de sobra na casa. (A Caniza)*

- 75. ser coma un garabullo** l. v. Ser moi delgado. *Agora púxose moi bo mozo, pero cando era pequeno era coma un garabullo. (A Caniza)*

- 76. ser coma unha galleira** l. v. Ser alto e delgado. —*Ese rapaz é coma unha galleira. —Tenche ben a quen saír, non sabes que é dos Martíns? (A Caniza)*

- 77. ser coma unha subela** l. v. Ser unha persoa entremetida, que se mete en todo e anda en todas as casas. *Acábanme de contar o de Pepe de Carmen. Díxome Laurinda que, xa sabes, é coma unha subela. Anda polas casa dos veciños e sabe todas as novas que hai pola contorna. (A Caniza)*

- 78. ser máis falso ca unha peseta rubia / unha peseta de canto** l. v. Ser moi falso. *Dise porque hai moitos anos as pesetas non eran rubias. Non che me gusta nada ese rapaz. Parece*

riquño, simpático e tal, pero é máis falso que as pesetas rubias. (A Caniza)

- 79. ser máis vago cá chaqueta dun guardia** *l. v.* Ser un lacazán. Outra vez sen os deberes feitos? Desde logo, sodes máis vagos que a chaqueta dun garda! (A Caniza)

- 80. ser/parecer un cadáver á porta dunha igrexa** *l. v.* Dise dunha persoa que está doente con frecuencia ou que está moi pálida. *Coitado, é un cadáver á porta dunha igrexa. Non sei que terá, pero xa leva así meses. (A Caniza)*

- 81. soltar a pita / ceibar a pita** *l. v.* Gastar diñeiro, pagar. *Non saímos a tempo da autoestrada e agora tócanos soltar a pita na peaxe. (A Caniza)*

- 82. ter [a alguén] na última muela do cabo** *l. v.* Ter a alguén calado, coñecelo. *Como vindes do río tan tarde? Non andariades a facer mal? Xa sabedes que vos teño na última moa do cabo! (A Arnoia)*

- 83. ter a casca do ovo pegada no cu** *l. v.* Aplícase a quen pensa que sabe máis do que sabe ou que é máis do que é, normalmente rapaces ou xente nova que pretenden comportarse coma adultos. *Pensades que sodes muito e non sodes nada, aínda tendes a casca do ovo pegada no cu. (A Arnoia)*

- 84. ter boa duda / non ter duda** *l. v.* Non ter problema, non ter por que se preocupar. *Tivérono que operar da perna pero bueno, madia che levou, ten boa duda que che pasou ben. (A Caniza)*

- 85. ter/haber moito medo e pouca vergoña** *l. v.* Ter medo das consecuencias dunha acción pero non ten valor para asumir a responsabilidade. Tamén se usa para dicir que alguén non ten ningunha vergonza. *Con que non fuches*

ti que foi o gato? Moito medo e pouca vergonza é o que hai! / —Hoxe pola tarde non fun comprar aquela bolso porque non me deixabas. —Si, ho, ti o que tes é moito medo e pouca vergonza! (A Caniza)

- 86. ter un can / entrar un can / estar con un can** *l. v.* Ter sono, entrar sono. *Onte non durmín nada ben e agora teño un can que non me lambo. (A Caniza)*

- 87. ter unha boca como unha alpargata/zapatilla** *l. v.* Falar mal dos demais, falar de malas maneiras. *Ese de Sálvame non o podo ver diante, sempre fala mal de todos, ten unha boca como unha alpargata! (A Caniza)*

- 88. ter unha empanada (na cabeza)** *l. v.* Estar distraído, pasmando, ou ser tolo ou parvo. *Tes unha empanada, meu. O pan de Cea non ten nada que ver co pan de millo! (A Caniza)*

- 89. ter unha sorte como un can afogado** *l. v.* Ter mala sorte, non ter sorte ningunha. *Si, si, a min que non me veña pedir cartos que vai ter unha sorte como un can afogado! (A Caniza)*

- 90. tomar por onde se encetan os cestos** *l. v.* Utilízase como eufemismo (os cestos comézanse a facer polo cu) para insultar alguén e mandalo a paseo. *Mira, neno, non hai quen te aguante, vai tomar por onde se encetan os cestos, anda. (A Caniza)*

- 91. traballar po inglés** *l. v.* Traballar para que se beneficie outra persoa; traballar en balde, sen tirar proveito do esforzo feito. *Iso dos seguros a min non me convence. Ir a comisión e só cobrar se fas 10 contratos no mes é traballar para o inglés! / Si, home, si, poder podía pechar o bar máis tarde pero non vou estar a traballar para o inglés, ou? Para catro clientes que veñen*

despois das 10, non gano nin para a luz. Non, ho, non vale a pena. (Outeiro de Rei)

92. **ver o demo** [a alguén] l. v. Díselles a quen lle pasan desgrazas, infortunios. —*Non sabes o que me pasou hoxe: pinchei unha roda, non tiña saldo no móbil para chamar e inda se puxo a chover. —Carai, parece que te viu o demo! (A Arnoia)*
93. **dar máis voltas que un can antes de deitarse / que a roda dun muíño**

/ que un trompo l. v. Dar moitas voltas, andar de un lado para o outro. *Pero que foi o que pasou ao final? Que das máis voltas que un can antes de deitarse. / Non demos co sitio á primeira, nin á segunda, nin á terceira! Estivemos a dar máis voltas que a roda dun muíño case media hora. (A Caniza)*

94. **ser fino coma lan de gato** l. v. Ser listo, agudo, saberse desenvolver. *Éche fina coma lan de gato. Co pequena que é e xa sabe calzarse soa. (A Caniza)*

Fórmulas

1. **A auga estraga os camiños.** *fórm.* HUM. Utilízase de maneira humorística para dicir que beber auga non é bo; normalmente úsase en contraposición a beber viño. *A min ponme viño que a auga estraga os camiños! (A Caniza)*
2. **A chorar a Cangas (que che dan unha taza de caldo) / Vai chorar a Cangas que alí dan un real e unha taza de caldo** *fórm.* Úsase cando alguén se queixa moito ou sen razón. *Xa che dixen que xa tes moitos xoguetes na casa e que hoxe non che compro máis. Ala, vai chorar a Cangas que alí danche un real e unha taza de caldo. (A Caniza)*
3. **A conciencia era verde e comérona as vacas / comeuna o gando.** *fórm.* Úsase para dicir que a conciencia é variábel segundo a persoa ou que hai moita xente que non ten conciencia. —*Eso é cousa que se lle faga a un irmán? Hai que ter conciencia, home. —Mira, a conciencia era verde e comérona as vacas. (A Arnoia / A Caniza)*
4. **«A ver» dixo o cego e nunca viu / «A ver» dicía un cego e nunca**

vía. *fórm.* Úsase para responder cando alguén di «a ver». —*Non sei que pasará, a ver. —A ver dicía un cego e nunca vía. (A Caniza)*

5. **Aí falaches.** *fórm.* Expresa conformidade co que alguén dixo anteriormente. *Moi ben, iso é certo, aí falaches. (A Caniza)*
6. **Aí vai o can coa bica toda.** *fórm.* Utilízase cando algunha cousa vai ao chan, cando algunha cousa desaparece ou alguén a leva. *Aí vai o can coa bica toda! Como lle botou a man á tortilla este raio de Brais! (A Caniza)*
7. **Aí vai, María matouse.** *fórm.* Dise cando alguén tropeza ou alguén ou algo vai ao chan. *Aí vai, María matouse! Alá van os libros todos. (A Caniza)*
8. **A quen se lle conte.** *fórm.* Dise para expresar incredulidade ou indignación. *Nantronte veu a cuñada de meu irmán falar comigo de moi boas maneiras para arranxar o do herdo. A quen se lle conte! (A Caniza)*
9. **Arriba que xa pasaron as leiteiras.** *fórm.* Úsase cando alguén está a

chamar por outro para que se levante da cama, que xa é tarde. Normalmente díselles aos nenos pequenos cando non se queren levantar pola mañá. —*Arriba, que xa pasaron as leiteiras! Xa che tocou o despertador hai 10 minutos!* (A Caniza)

- 10. Bo milagre.** *fórm.* Utilízase para expresar que unha cousa non é de estrañar, que é lóxico que sexa desa maneira. —*Dixéronme que a María non deu vendido o coche. —Bo milagre, esa carraca vella! / —Esta actriz sempre viste tan ben! —Bo milagre, cos cartos que ten ela tamén eu vestía ben.* (A Caniza)

- 11. «Bou, bou» di a bubela.** *fórm.* Utilízase cando alguén di que vai facer algo. —*A ver, que enfría a comida. —Xa vou. —«Bou, bou» di a bubela.* (A Caniza)

- 12. Cada can que lamba a súa caralla.** *fórm.* VULG. Alude a que cada un se debe ocupar dos seus asuntos ou das súas responsabilidades. *Diso nada, que o faga ela, eu xa teño bastante co que teño. Aquí cada can que lamba a súa caralla! / Mira, cada can que lamba a súa caralla. Eu axudáballes, pero se mo van tomar a mal como da outra vez...* (Outeiro de Rei)

- 13. Cago na cona coma as vacas.** *fórm.* VULG. Expresión de sorpresa ou contrariedade. *Ai, xa manchei a camiseta nova! Cago na cona coma as vacas, quen me mandaría a min traela hoxe!* (A Caniza)

- 14. Cando/Onde mexa un portugués, mexan dous ou tres** *fórm.* Úsase cando unha persoa vai mexar e outra vai con ela (non necesariamente portugueses). Tamén se pode usar figuradamente cando dúas ou máis

persoas fan a mesma cousa para dar a entender que uns copian aos outros. *Pois eu tamén vou ao baño. Cando mexa un portugués, mexan dous ou tres.* (A Caniza)

- 15. Cando o home canta, ou está jodido ou pouco lle falta.** *fórm.* HUM. Dise cando alguén está a cantar, de maneira humorística. *Sempre que veño estás a cantar. Mira que cando o home canta ou está jodido ou pouco lle falta.* (A Caniza)

- 16. Cando ti ris, o demo chora.** *fórm.* Úsase cando alguén está a rir sen que os demais saiban por que e supoñen que é por unha maldade; dá a entender que a persoa que ri é ruín, pillabana ou traste. *E esa cara de risa que traes? Non pode ser cousa boa que cando ti ris, o demo chora! A ver, que armaches desta vez?* (A Caniza)

- 17. Canto máis prima, máis se lle arrima.** *fórm.* HUM. Dise cando alguén quere dar a entender con malicia que a relación entre dúas persoas é máis íntima do que aparenta, que non é simple amizade e hai que pensar mal. Ten connotacións sexuais. —*María díxome que non eran máis que amigos, pero...* —*Si, si. Canto máis prima, máis se lle arrima!* (A Caniza)

- 18. Carne de burro non é transparente.** *fórm.* Dise cando alguén está no medio e non deixa ver á outra persoa. —*Eh, que estou a ver a tele. Carne de burro non é transparente!* —*Ollos de porco todo o queren ver.* (A Caniza)

- 19. Chámalle burro ao cabalo.** *fórm.* Dise para referirse a alguén que parecía máis parvo do que é ou cando alguén escolle unha cousa boa ante unha alternativa que considera peor. —*Mira como vai coa tía que sempre lle*

dá unha chuminada! —Home, chámalle burro ao cabalo! (A Caniza)

20. **Como dicía o outro.** *fórm.* Fórmula para introducir no discurso ditos ou refráns —*Parece que os candidatos non se dan posto de acordo para formar goberno estes días. —A min tanto me ten. Como dicía o outro, cambiarás de muíño pero non de ladrón; a fin de contas tan bo é Xan coma Perillán. (A Caniza)*
21. **De hoxe nun ano.** *fórm.* Utilízase para brindar, especialmente o día de Noitevella. *Eu non podo beber alcol pero brindo con gaseosa: de hoxe nun ano! Feliz ano a todos! (A Caniza)*
22. **De lado que é menos pecado.** *fórm.* HUM. Úsase humoristicamente cando xorde a palabra *lado* na conversación; ten connotacións sexuais. Na súa orixe tal vez se refira á xustificación das relacións sexuais extramatrimoniais. —*Pon esas caixas de lado que así non collen ben. —Si, que de lado é menos pecado! (A Caniza)*
23. **Do chan non pasa/pasas.** *fórm.* HUM. Úsase cando alguén ou algo cae ao chan. —*Ai que tombo levei. —Tranquilo que do chan non pasas. (A Caniza)*
24. **É cedo pero o tempo cómpre.** *fórm.* Utilízase cando un quere marchar para apurar aos compañeiros. *Veña, andando, que é cedo pero o tempo cómpre. (A Caniza)*
25. **E dálle ca cona pa porta.** *fórm.* VULG. Úsase para expresar contrariedade ou frustración ante alguén insiste na mesma idea. —*Outra vez? Xa che dixen que para ir á casa da túa tía é mellor ir pola estrada de Celanova. —Que non, que é mellor ir por riba! —E dálle coa cona para a porta... (A Caniza)*
26. **E dálle / E tumba e dálle.** *fórm.* Ver *E dálle ca cona pa porta. E dálle. Mira que es terco. Que non é así, xa cho teño dito vinte veces. (A Caniza)*
27. **É o que hai mentres non veña o peixe (ou mande recado) / É o que hai mentres non veña a peixeira.** *fórm.* HUM. Expresa resignación. —*A tele cada día é peor. Non botan nada de xeito. —Éche o que hai... —Mentres non veña o peixe ou mande recado. (A Caniza)*
28. **É pa tres: dous pa agarrar e un pa beber.** *fórm.* Dise do viño mao ou do viño bo. *Téñoche este mención que me trouxeron da Ribeira Sacra. É para tres, dous para agarrar e un para beber (A Caniza)*
29. **E pista / E vía / E veña .** *fórm.* Úsase para rematar unha frase, cando se conclúe algo ou se tomou unha resolución. *Voulle mandar unha mensaxe a todos e vía. Despois se me responde aínda que sexa só un, vale ben. (A Caniza)*
30. **Ese non se lava!** *fórm.* HUM. Dise cando un prato ou un vaso cae ao chan e rompe. *Ese non se lava! Coitada da camareira, como se puxo toda colorada. (A Caniza)*
31. **Espirran as cabras, vai vir bo tempo (en Covelo)! / ventan bo tempo.** *fórm.* HUM. Dise de maneira humorística cando alguén espirra. *[espirro] —Parece que vai vir bo tempo! (Covelo)*
32. **Espirran as cabras, vén bo tempo / vai cambiar o tempo.** *fórm.* HUM. Ver *Espirran as cabras, vai vir bo tempo. (A Caniza)*

- 33. Fíate de Dios e non corras! / Fíate e non corras!** *fórm.* Úsase como advertencia para dar a entender que alguén non é digno de confianza ou para recriminalle a alguén que non toma as debidas precaucións porque pensa que non lle fai falta. —*Estamos a esperar pola Alba para ir botar as patacas* —*Si, ho, tu fíate de Deus e non corras!* (A Caniza)
- 34. Ímonos deitar que esta xente quérese ir.** *fórm.* HUM. Dise para botar fóra a alguén educadamente ou para animar a marchar ás persoas que están con un. —*Ui, xa comezaron a recoller os camareiros. Veña, ímonos deitar que esta xente quérese ir.* (A Caniza)
- 35. Inda non morreu quen o fixo.** *fórm.* Úsase para referirse a unha comida cando está moi quente. *Carai, inda non morreu quen o fixo! E xa é a segunda vez que queimo a lingua hoxe: primeiro co café e agora co caldo.* (Covelo)
- 36. Madia levou / Madia leva.** *fórm.* Utilízase para expresar que alguén non ten de que se queixar, que puido ser peor e menos mal que aínda tivo sorte. *Tivérono que operar da perna pero bueno, madia che levou, ten boa dúbida que che pasou ben. / Home, cartos non habían ser moitos pero quedoulle a casa, que non se queixe que madia leva!* (A Caniza)
- 37. Merda e fermento, todo é alimento.** *fórm.* VULG. HUM. Dise cando se vai comer algo que non está nas mellores condicións, está nun lugar non moi limpo ou caeu ao chan. *Nada, nada, eso sópraslle un pouco e xa está. Merda e fermento todo é alimento!* (A Caniza)
- 38. Merda nos pés.** *fórm.* VULG. Úsase para contestar cando a un lle preguntan «que tes». —*Que tes?* —*Merda nos pés.* (A Caniza)
- 39. Muitas veces.** *fórm.* Úsase como resposta á expresión de agradecemento grazas. —*Trouxéchesme o libro, muitas grazas!* —*Muitas veces!* (A Caniza)
- 40. Muito che quero, meu bico de poupa! (Por riba ou por baixo da roupa?)** *fórm.* HUM. Úsase para responder a conversas por interese, cando alguén che está a facer as beiras porque quere algo de ti. —*Ai, sempre fuches tan xenerosa e tan riquiña!* —*Si, si, moito che quero, meu bico de poupa.* (A Caniza)
- 41. Noite peche** *fórm.* Expresa contrariedade, en especial cando se quere facer algo e non se dá feito. Tamén se refire a persoas das que non se espera nada. —*Que como vai o choio? Dálo arranxado ou non?* —*Nada, non vai, noite peche.* / —*Xoán dixo que íamos ir á festa á noite pero ao final, nada de nada.* —*Que esperabas del? É noite peche.* (Melón)
- 42. Non hai/había cousa coma ela.** *fórm.* Dise cando se quere expresar que algo é excelente, moi bo. *Toma, leva unha pouca herba luísa que teño aquí xa seca. É para tomares cando estás un pouco mal do estómago, non hai cousa coma ela!* (Mos)
- 43. Non me mires con cara de porco que non son levadura.** *fórm.* Diselle a alguén cando está a mirar seguido para un. *Non me mires con cara de porco que non son levadura! Que pasa? Nunca me viches cos lentes?* (A Caniza)
- 44. Non sexa/vaia ser o demo** [que + verbo en subxuntivo] *fórm.* Por se acaso. *Vou levar as miñas chaves non sea o demo que cheguemos alá e estea*

pechado. / Leva unha chaqueta non vaia ser o demo. (A Caniza)

45. O falar vai dos queixos. *fórm.*

Expresa que falar é de balde, falar é fácil. *Bueno, muller, bueno, o falar vai dos queixos! Ao mellor non é tan mao como eu digo, pero ao mellor si. Sen estar na situación, quen sabe o que realmente pasa nesa casa? (A Caniza)*

46. O fume vai para onda os máis bonitos. *fórm. HUM.*

Díselle a alguén cando o fume da lareira ou do tabaco vai na dirección desa persoa. —*Voume mover que me está a vir todo o fume á cara. —Din que o fume vai para os máis bonitos! (A Arnoia)*

47. O meu can cazou unha mosca.

Cando cazará outra? *fórm.* Úsase para indicar que unha cousa é pouco frecuente ou que sucedeu por casualidade. —*Dixo que a próxima vez que fora alá nos ía traer unha ducia de pasteis deses tan ricos da panadería da praza. —Si, o meu can cazou unha mosca. Cando cazará outra? (A Caniza)*

48. O que vale, vale e o que non, pa Citroen. *fórm. HUM.*

Úsase de maneira humorística para dicir que alguén é bo e listo (e ao mesmo tempo expresa menosprezo por outro lugar ou outra opción socialmente considerada de menor categoría). Ten moitas variantes segundo o lugar. —*Ala, que ben se che dá a informática! —Xa sabes, o que vale, vale e o que non para a Citroen! (A Caniza)*

49. O que vale, vale e o que non, pa Beade / pa Alemania. *fórm.*

Ver *O que vale, vale e o que non, pa Citroen*. Beade é un dos concellos veciños de Ribadavia. (Ribadavia)

50. O que vale, vale e o que non que se meta cura ou frade que pa ministro non vale. *fórm.*

Ver *O que vale, vale e o que non, pa Citroen*. (A Arnoia / Ribadavia)

51. Oi, hoxe! *fórm.*

Expresa frustración, exasperación, contrariedade ou irritación. *Oi, hoxe! Ponte quieto, fillo, non ves que molestas? (A Caniza)*

52. Ollos de porco todo o queren ver. *fórm. HUM.*

Úsase para contestar cando a alguén lle din «Carne de burro non é transparente». —*Eh, que estou a ver a tele. Carne de burro non é transparente! —Ollos de porco todo o queren ver. (A Caniza)*

53. Outra vaca no millo! *fórm.*

Úsase para expresar desacordo, reprobación ou exasperación e responder a un interlocutor que dixo unha parvada ou algo co que non se está de acordo. *Bueno, outra vaca no millo! Que non, que o prazo acaba mañá! (A Caniza / A Arnoia)*

54. Pa quen non quere, teño eu moito. *fórm. HUM.*

Úsase para responder a quen di que non quere algunha cousa que lle ofrecen ou cando lle preguntan se quere algo. —*Non te molestes, non quero nada. —Ai, para quen non quere, teño eu moito. (A Caniza)*

55. Para/Costa abaixo, tódolos santos axudan. *fórm. HUM.*

Úsase literalmente para dicir que costa abaixo é fácil ir (en contraposición con costa arriba). *Podíamos ir a Melón na bici que para abaixo todos os santos axudan, o que pasa que depois quen nos había de ver a subir! / —Ui, non sei se chegaremos que vou na reserva. —Non te preocupes, iso ao pasar A Caniza xa está, que para abaixo todos os santos axudan. (A Caniza)*

- 56. Parecía parvo cando o compramos.** *fórm. HUM.* Dise cando alguén a quen se ten de menos fai algo inesperado ou simplemente cando alguén fai algo intelixente ou perspicaz para se meter con el e chamarlle parvo de maneira indirecta. *Ai, agora bebes cervexa artesanal desa da boa. Mira para aí, e parecía parvo cando o compramos!* (A Caniza)
- 57. Perdónolle o mal que me fai polo ben que me sabe.** *fórm. HUM.* Dise normalmente referido a comida cando se toma algo que non se debería por cuestións de saúde. *Veña, bótame outro anaco. Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe!* (A Caniza)
- 58. Polo case, case casaba contigo, Rosiña!** *fórm. HUM.* Dise cando alguén di «case» para dar a entender que o que se comenta é irrelevante xa que ao final non pasou. —*Por un número case me toca a cesta de Nadal da rifa da asociación!* —*Case. Polo case, case casaba contigo Rosiña!* (A Caniza)
- 59. Pouca-las gracias.** *fórm.* Utilízase cando alguén fai algo que xa debería facer e non merece admiración por telo feito, xa que é o decente ou o normal que debería facer. Por exemplo, se alguén lle fai un favor a outra persoa pero esta última xa lle tiña feito moitos favores antes. *Pouca-las grazas que lle faga a comida á nai, tamén ela o cuidou moitos anos!* (A Caniza)
- 60. Que Dios che dea unha boa hora.** *fórm.* Úsase para desexarlle a alguén que teña boa sorte, que pase ben, especialmente a alguén que vai parir. *Ai, que che quedará? Unha semana ou así? Bueno, se non te vexo antes, que Deus che dea unha boa hora, filliña.* (A Caniza)
- 61. Que Dios cho pague cun home grande que non che colla na cama.** *fórm. HUM.* Fórmula de agradecemento humorística. *Pois moitas grazas por traerme ao aeroporto, eh? Que Deus cho pague cun home grande que non che colla nada cama!* (A Caniza)
- 62. Quitar a gorra e pola.** *fórm. HUM.* Dise cando alguén pregunta «e agora?». —*Xa acabei aquí. E agora?* —*Quitar a gorra e pola.* (A Arnoia)
- 63. Salú e pesetas, forza no cu e leite nas tetas.** *fórm. HUM.* Dise de maneira humorística cando alguén espirra. (A Caniza)
- 64. Se non é boi, é vaca.** *fórm.* Aplícase a algo que é evidente; se non é unha cousa, ten que ser a outra. *Se non é boi, é vaca. Ou é parvo de todo ou entón fíxoo a propósito.* (A Caniza)
- 65. Sen tempo non era / Non era sen tempo** *loc. adv.* Utilízase para indicar que se tardou en facer algo, que xa facía falta telo feito. —*Onte fun cortar o pelo.* —*Home, sen tempo non era! Parecías un entroido con esas greñas.* (A Caniza)
- 66. Sentidiño pouco pero que dure.** *fórm.* Úsase para recomendar ter sentido ou coidado aínda que sexa pouco, sen esaxerar nas precaucións pero sen tolear. *Pasádeo ben na festa e sentidiño, pouco pero que dure!* (A Caniza)
- 67. Serán non é festa.** *fórm.* Utilízase cando alguén responde «será(n)» e o interlocutor esperaba unha resposta máis concreta, dando a entender que prefería maior confirmación. —*Se entra o novo alcalde, seica vai arder Troia coa man de irregularidades que*

debía haber aí, non che parece? —Eu que sei, será. —Serán non é festa. (A Caniza)

- 68. Si lle quitan/quitas o podre non lle queda nada san** [a alguén] *ref.* Dise das persoas que non teñen nada bo. Desde logo, a algúns se lle quitan o podre non lles queda nada san. (A Arnoia)

- 69. Tranquilo morreu cagando (na vía do tren) / (e a muller esperando).** *fórm. VULG.* Úsase para retrucar cando alguén lle recomenda á outra persoa que estea tranquila. Expresa desacordo coa suxestión de tranquilidade e indica o contrario: que hai que apurar. —Tranquilo —Si, Tranquilo morreu cagando! (A Caniza)

- 70. Unha boa hora para recibir un giro.** *fórm. HUM.* Úsase de maneira humorística para responder cando se pregunta a hora ou se fala da hora. —A que hora viñeches onte? —Ás 12 — Unha boa hora para recibir un xiro. / —E logo tes que estar alá moi cedo? —Ás nove e media. —Unha boa hora para recibir un xiro. (A Caniza)

- 71. Unha pa aprender e outra pa saber / Unha pa saber, outra pa aprender.** *fórm.* Dise cando se fai algo mal para indicar que a próxima vez sairá mellor. —Quíxenche facer un queique pero saíu con becerra e non subiu. Debeu ser porque non batín ben as claras. Bueno, unha para saber e outra para aprender. (A Caniza)

- 72. Unhas me van e outras me veñen.** *fórm.* Úsase para indicar que non se sabe que decisión tomar, que un ten dúbidas. Non sei se dicírllo ou non, unhas me van e outras me veñen. Ao mellor parécelle mal e non sei que facer. A ti que che parece? (A Caniza)

- 73. Unta o pan e lapa, Román.** *fórm.* Utilízase para indicar que nunha mesa hai fartura, por exemplo, nunha ocasión especial. Como nos imos poñer hoxe! Unta o pan e lapa, Román! Teste que ir máis veces e facer máis ceas de despedida. (A Caniza)

- 74. Vai arder o eixo na carballeira / Vai arder Troia.** *fórm.* Vai haber problemas. Ai cando veña Xabier e lle conten o que andas a dicir del. Vai arder o eixo na carballeira! / Se entra o novo alcalde, seica vai arder Troia coa man de irregularidades que debía haber aí, non che parece? (A Caniza)

- 75. Vaia tres pés para un banco.** *fórm.* Úsase para referirse a un grupo de tres, ben para se meter con eles ben porque non se teñen en boa consideración. — Vaia tres pés para un banco! —Muller, son algo borrachos pero fora diso son boa xente. (A Caniza)

- 76. Vaiche na misa en Deva.** *fórm.* Dise para expresar incredulidade ou desacordo, de maneira similar a vaiche boa (Deva é un lugar da parroquia de Petán na Caniza). Bueno, home, bueno, vaiche na misa en Deva! Filliño, non fagas caso que iso é un conto. (A Caniza)

- 77. Viva Dios e coza o forno.** *fórm.* Dise cando algo vai ao chan. —Ala, viva Dios e coza o forno! Agora temos que buscar outro marco para esta foto. (A Caniza)

- 78. Xacomín era gaiteiro (e xa bebín tamborileiro).** *fórm. HUM.* Úsase para responder a quen di que xa comeu. —Non, non te molestes, xa comín na casa. —Xacomín era gaiteiro —E xa bebín tamborileiro. (A Caniza / Outeiro de Rei)

- 79. Xuntáronse a fame coas ganas de comer.** *fórm.* Cando se xuntan dúas

persoas que son parecidas no bo ou no mao ou dúas persoas que conxenian. *Que dous, están sempre a discutir. Desde logo, xuntáronse a fame coas ganas de comer, son tal para cal. / Fomos todos*

xuntos á festa pero a Laura topouse coa prima e xa sabes como son: xuntáronse a fame coas ganas de comer. Quedou con ela toda a noite, claro. (A Caniza)

Refráns

1. **A auga mo diu e a auga o levou.** *ref.* Fai referencia a diñeiro mal gañado ou a cousas que por algún motivo non podes ter e aínda que dalgún xeito as consegues despois quedas sen elas outra vez. Ten a súa orixe nun conto (que parece universal, pero que cando mo contaron estaba adaptado localmente) dun home que ía ir vender fabas a Ribadavia e vivía do outro lado do río na Arnoia. Para que as fabas pesaran máis e sacar máis beneficio botoulles auga. Cando volvía na barca para o outro lado do río, levaba os cartos no sombreiro, veu un golpe de vento e tirou co sombreiro para o río, entón exclamou: «A auga mo diu, a auga o levou!». (A Arnoia / Ribadavia)
2. **A burro morto, cebada ó rabo / Cabalo morto, cebada ó rabo** *ref.* Aplícase cando se dá unha solución pero xa é demasiado tarde. *Que me das agora? A burro morto, cebada ao rabo. Acabáronse e quedei sen eles. (A Arnoia / A Caniza)*
3. **A cabra co vicio bate/dá cos cornos no cu.** *ref.* A quen se queixa de vicio, sen razón por algo que foi responsabilidade desa persoa. *Sabía que tiña que lle axudar á nai pola mañá. Aínda así marchou de troula toda a noite e, claro, non podía coa alma. A cabra co vicio bate cos cornos no cu. (A Caniza)*
4. **A muller e a ovella, co sol na cortella.** *ref.* Refírese a que as mulleres non deben de andar por aí de noite. *Ides cear fora outra vez? Co ben que estades aquí na casa, que ides facer por aí adiante? «A muller e a ovella, co sol na cortella» dicía un vello de alí de onda nós e con razón! (A Arnoia)*
5. **A muller e a sardiña, por pequeniña.** *ref.* É un eloxio da muller pequena. —*Teu irmán é máis novo e mira, xa che saca unha cuarta. —Bueno, bueno, a muller e a sardiña, por pequeniña! (A Arnoia)*
6. **Apunta a teta, lume na paxareta.** *ref.* Fai referencia á puberdade das mulleres. —*Mira para a filla de Paco, xa é unha mocíña! —É, é! Apunta a teta, lume na paxareta. (A Caniza)*
7. **Arrancada de cabalo, parada de borrico.** *ref.* Dise cando alguén comeza con moito brío e despois non dá en nada. En especial, dicíano os profesores cando os rapaces comezaban a responder repetindo o enunciado da pregunta pero despois non sabían a resposta. (A Caniza)
8. **Baguiño a baguiño encheu unha vella unha pipa de viño / Unha vella de bagos fixo unha pipa de viño / O que fai o viño son os vagos.** *ref.* Fai referencia a que pouco a pouco se conseguen facer cousas maiores. Tamén se usa durante a vendima cun sentido máis literal para

animar a aproveitar os bagos aínda que sexan pouca cousa. *Mira o que che quedou sen apañar. Hai que aproveitar tamén estes pequenos! Non sabes o que di o refrán? Baguiño a baguiño encheu unha vella unha pipa de viño.* (A Caniza / Arbo / Crecente)

9. Cambiarás de muiñeiro pero non de ladrón. *ref.* Fai referencia ás situacións en que aínda que haxa cambios todo vai seguir igual. — *Parece que os candidatos non se dan posto de acordo para formar goberno estes días. — A min tanto me ten. Como dicía o outro, cambiarás de muiñeiro pero non de ladrón; a fin de contas tan bo é Xan coma Perillán.* (A Arnoia)

10. Cando a carballeira zoa, a metade do inverno xa vai fóra. *ref.* Refírese a que o vento zoa nas árbores cando xa teñen follas, o que é sinal de que xa se vai acabar o inverno e vir mellor tempo. *Vaiche un aire hoxe, pero bueno, cando a carballeira zoa, a metade do inverno xa vai fóra.* (A Caniza)

11. Cando a gaivota vai para a terra, xa non neva; cando vai para o mar, vai nevar. *ref.* Se as gaivotas voan cara a terra, non vai facer frío e viceversa. *Cantas gaivotas! Polo menos cando a gaivota vai para a terra, xa non neva.* (A Caniza)

12. Cando á galiña lle cai a pluma, non hai mal que non lle acuda. *ref.* Dise cando alguén ten mal aspecto, ou xa vai vello e ten problemas de saúde, dando a entender que a partir de aí non se mellora. Tamén se usa para dicir que as desgrazas veñen todas xuntas. *Bueno, non che ando moi ben estes días. Co catarro e esta cadeira que me mata, non dou feito. Ademais aínda me saíron unhas ronchas da perna que*

pican que nin o demo e non sei de que serán. Bueno, neniña, cando á galiña lle cae a pluma, non hai mal que non lle acuda. (A Caniza)

13. Cando a ra canta en abril, en maio vai po cubil / Se en marzo canta a ra, en maio xa calará *ref.* Estes refráns refírense a que se en marzo ou abril fai calor (canta a ra), xa virá frío máis tarde. — *Que calor vai estes días, parece que estamos no verán. — Tranquila que se en marzo canta a ra, en maio xa calará.* (A Caniza)

14. Cando naceu o sapo, naceu a sapeta. *ref.* Refírese a que hai unha parella para todo o mundo, aínda que un sexa un pouco particular. *Pois mira, ben certo é que cando naceu o sapo, naceu a sapeta. O Mario por exemplo casou alá na Coruña cunha moza que coñeceu facendo artes marciais desas.* (A Caniza)

15. Cando o cuco canta no Coto Carballo, vai po traballo; cando o cuco canta na Azoreira, vai po borrallo *ref.* Trátase dun refrán meteorolóxico moi local. Dise en Pintelos, parroquia de Valeixe, concello da Caniza, e a explicación é a seguinte: a Azoreira está no alto e se se oe o cuco por alí é sinal de que vai chover; por outro lado o Coto Carballo está máis fundo e cando se oe o cuco alí é porque vai vir bo tempo. (A Caniza)

16. Cantas máis presas, máis vagares. *ref.* Canta máis presa teñas, máis te atrapallas e máis tempo che leva acabar. *Tiña que saír da casa a e media, pero primeiro non daba topado o bolso e depois cando xa estaba abaixo tiven que volver polo móbil. Éche ben certo iso de que cantas máis presas, máis vagares!* (A Caniza)

- 17. Co que tes tu, non me manteño eu.** *ref.* Úsase para pedirlle explicacións a alguén cando che leva algo que é teu e se tenta xustificar. —*Entón a ti quedouche a casa e mais o monte da Reza e a min a veiga da Barca? Parecerache bonito? Como aproveitaches que eu estiven fóra estes anos...* —*Bueno, non te queixes, que quen cuidou dos vellos fun eu. —Pero mira, co que tes tu, non me manteño eu! E antes de marchar quen se ocupaba de todo na casa?* (A Arnoia)
- 18. Comer e rascar/rañar, todo o malo é empezar.** *ref.* Refírese a que unha vez que se comeza a comer, ábrese o apetito. Tamén se pode usar en sentido figurado para dicir que o máis importante é comezar. —*Almorcei tarde e agora non sei se vou comer ese prato grande que me puxeches! —Comer e rascar, todo o malo é empezar.* (A Caniza)
- 19. Comer, non comiamos, pero rir, riabamos.** *ref.* Úsase en ocasións de moito rir. Fai referencia ás xuntanzas que se facían antigamente nas casas onde aínda que había pobreza eran felices. Tamén se usa cando alguén está a comer e coa risa non dá comido. *Ai, que risa, non podo máis. Ides acabar comigo! Como se dicía antigamente, comer, non comiamos, pero rir, riabamos.* (A Caniza)
- 20. Corto de talla, largo de caralla.** *ref.* VULG. HUM. Úsase de maneira humorística referido aos homes baixos. *Eses sonche todos pequenotes e a min gústanme altos. —Ai, mira que corto de talla...* (A Caniza)
- 21. De grandes ceas, están as tumbas cheas** *ref.* Recomenda cear pouco. *Á noite hai que comer pouco, como dicía o outro: «De grandes ceas, están as tumbas cheas».* (A Caniza)
- 22. Días de todo, vísperas de nada.** *ref.* Refírese a que cando hai fartura vén toda xunta e cando non, non hai nada. *Estes días estou que non paro, pero xa se sabe, días de todo, vésperas de nada. É o mao de ser autónomo.* (A Caniza)
- 23. Dio-los dá e eles se xuntan.** *ref.* Utilízase para referirse a un grupo de persoas afíns e ás que normalmente non se ten en boa consideración. *Aí che van os do equipo de balonmán. Desde logo, sonche todos ben fachendosos, Dio-los dá e eles se xuntan.* (A Caniza)
- 24. Díxolle o corvo á pega: «Fuxe de aí que ti es negra» / «Saca de aí que tu es negra».** *ref.* Úsase para dicir que sempre vai falar o menos indicado. —*Como che van as clases? Regular? Igual tes que saír menos e estudar máis!* —*Si, si, díxolle o corvo á pega: «Saca de aí que tu es negra».* (A Caniza)
- 25. En abril, para min; en maio, para o criado; e en San Xoán non a quere nin o can.** *ref.* Refírese á lamprea e ao mellor tempo para comela. *Temos que ir a Arbo comer unha boa lamprea, pero da próxima vez que veñas, que agora non é o tempo, como din os vellos: «En abril, para min; en maio, para o criado; e en San Xoán non a quere nin o can».* (A Caniza)
- 26. En agosto, sol posto, noite connosco.** *ref.* Refírese a que en agosto os días xa son máis curtos e cando se pon o sol hai menos claridade en comparación cos meses anteriores. *Xa se notan os días máis pequenos. Como se adoita dicir, en agosto, sol posto, noite connosco.* (A Caniza)

- 27. En Petán, nin bo viño nin boa lan / En Petán, nin bo mozo nin bo galán.** *ref.* Úsase para meterse cos de Petán, unha parroquia da Caniza, indicando que en Petán non hai nada bo. —*Téñoche un viño da casa que é marabilla!* —*Si, ho, si! En Petán nin bo viño nin boa lan.* / —*O outro día pasei por Petán para...* —[interrompendo] *En Petán, nin bo mozo nin bo galán!* (A Caniza)
- 28. En Quins, poucos e ruíns!** *ref.* Úsase para meterse cos de Quins, parroquia do concello de Melón. —*Imos á festa a Vilaverde?* —*Imos, pero mira que en Quins, poucos e ruíns!* (A Caniza / Melón)
- 29. Fai máis quen quere que quen pode.** *ref.* Úsase para facer referencia a que se non hai vontade de facer algunha cousa, non se vai facer, aínda que haxa os medios ou a posibilidade e viceversa. —*Pois inda o fixeron ben os do grupo de teatro e iso que como tiñan poucos cartos tiveron que reciclar materiais e reutilizar o que tiñan da outra obra.* —*Para que vexas, fai máis quen quere que quen pode.* (A Caniza)
- 30. Febreiroño corto, cos teus días vinte e oito; se duras máis catro, non para can nin gato. / Febreiro curto cos seus días 28, se chega a durar máis 4, non queda can nin gato.** *ref.* Alude aos rigores do tempo en Febreiro. (A Caniza)
- 31. Fillos casados, traballos dobrados / Fillos criados, traballos dobrados** *ref.* Refírese a que aínda que os fillos xa sexan adultos as preocupacións non son menos e aínda poden ser máis. *Pois a Ana aínda lle tivo que deixar cartos ao fillo para a entrada do piso. E xa sabes que ela moitos tampouco* *ten! Como di o refrán: «Fillos casados, traballos dobrados».* (A Caniza)
- 32. Güesos da soán, fuciño untado e corpo en van.** *ref.* Fai referencia a que os ósos da soán teñen pouca carne e hai que chuchar neles para comelos, pero non alimentan gran cousa. *Antes salgábanse os boches e tamén se comían, pero a mim o que máis me sabe son os ósos da soán. Iso si, teñen pouco de comer. «Ósos da soán, fociño untado e corpo en van!» di a avoa sempre.* (A Caniza)
- 33. Granceiro a granceiro encheu a galiña o peteiro.** *ref.* Pouco a pouco fanse as cousas. *Apaña eses 20 céntimos que che caeron que como di o refrán: «Granceiro a granceiro, encheu a galiña o peteiro».* (A Caniza)
- 34. Habendo cañotos, fanse cabacas** *ref.* Utilízase para referirse a cousas que se poden dividir en cousas máis pequenas ou cando hai unha cantidade grande. Úsase especialmente con diñeiro. —*Pagas ti que eu só teño un billete de 50 euros?* —*Habendo cañotos, fanse cabacas.* (A Caniza)
- 35. Hai homes, homiños, macacos e macaquiños.** *ref.* Fai referencia ás diferentes categorías de homes segundo as súas cualidades tradicionalmente masculinas ou segundo o maduros que sexan. —*Éncheselle a boca ao dicir que xa é un home pero aínda nin sabe asoar os mocos.* —*Hai homes, homiños, macacos e macaquiños. Sempre foi.* (A Caniza)
- 36. Hai tantos portugueses bos coma corvos blancos.** *ref.* Non hai un portugués bo. —*O Antonio é medio portugués.* —*Haha, xa mo parecía. Hai tantos portugueses bos como corvos brancos!* (A Arnoia)

- 37. Mal do que morre, que o que queda logo come e o pesar logo se vai.** *ref.* Fai referencia a que a desgraza maior é para o que perdeu a vida. Os que quedan continúan a vivir e as penas co tempo van pasando. —*Pobre Maruxa, quedou viúva tan nova... —Non teñas pena, que o que queda hase de ir amañando. Como dicía o outro: «Mal do que morre, que o que queda logo come e o pesar logo se vai».* (A Caniza)
- 38. Marzo, marzagán, pola mañán cara de can; ao mediodía, quenta á raíña: e á noite sega coma unha fouciña. / Marzo, marzán, á mañán cara de can, ás doce sol de raíña e á noite sega coma unha fouciña. / Marzo, marzolo, tanto chove como fai raiolo.** *ref.* Refírese a que o tempo de marzo é moi variábel. *Que boa tarde quedou, pero á noite vai refrescar que xa o di o refrán: «Marzo, marzán, á mañán cara de can, ás doce sol de raíña e á noite sega coma unha fouciña».* (A Caniza)
- 39. Merda de can, cartos na ma** *ref.* VULG. Dise cando alguén pisa excrementos de can porque se supón que é sinal de que se vai ter sorte. *Acabo de pisar merda de can. Vou comprar un décimo de lotería que xa sabes o que di o refrán: «Merda de can, cartos na man».* (A Caniza)
- 40. Miña casiña, meu lar, quen te evaluou non te supo evaluar** *ref.* Fai referencia a que a casa de un é onde mellor se pode estar. *Home, mal de todo non se está, pero... como a casa de un non hai nada. Como di avoa: «Miña casiña, meu lar, quen te evaluou non te supo evaluar».* (A Caniza)
- 41. Mora madura pinta a uva** *ref.* Cando as moras están maduras, comeza a madurar o viño *Non sei* cando será este ano a vendima, pero xa o di o refrán: «Mora madura pinta a uva». (A Caniza)
- 42. Músicos, curas e guardia civiles, librete Dios diles.** *ref.* HUM. Dise para se meter cos profesionais mencionados no refrán. —*Ese rapaz co que andas é un dos que toca na banda, non é? Pois ten conta, que músicos, curas e garda civiles, librete Dios diles!* (Ribadavia)
- 43. Na casa daquel home / do meu home, o que non traballa non come.** *ref.* Refírese a que para obter beneficios hai que traballar. —*Mamá, non teño ganas de estudar a lección hoxe. —Xa sabes, fillo, na casa do meu home o que non traballa non come.* (A Caniza)
- 44. Na terra dos lobos hai que ouvear coma eles / Na terra dos lobos, ouvear coma todos.** *ref.* Recomenda adaptarse a onde un estea. Aplícase en especial á fala. —*E dixo que agora xa lle ía dando, pero cando marchou para Londres o máis difícil fora aprender inglés. —Home non, pero en terra de lobos hai que ouvear coma todos, non hai outra.* (A Caniza)
- 45. Nin arre que toupes nin xo que te deites.** *ref.* Úsase para indicar que hai que facer as cousas con moderación. *A ver, tampouco é así. Nin arre que toupes, nin xo que te deites. Emborracharse non, pero un vaso de viño ás comidas...* (A Arnoia)
- 46. Non hai mal que cen anos dure nin corpo que o ature.** *ref.* HUM. Expresa esperanza cun toque de humor de que toda situación difícil chegará ao fin algún día. —*Como vas, Ramiro? —Xa ves, fodido e mal pago. Levo desde decembro sen traballar... —Bueno, home, xa verás que che ha saír*

algunha cousa. Non hai mal que cen anos dure nin corpo que o ature. (A Caniza)

47. Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe. *ref.*

Refírese a que se hai que adaptar ao que un ten ou aos recursos de que se dispón, sen malgastar e aproveitando o pouco que haxa. O importante é administrarse ben. Como din os vellos, non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe. (Crecente)

48. Non se engana quen non conta. *ref.*

Refírese a que só os que fan as cousas teñen a posibilidade de se enganaren e cometeren erros. Eu pensaba que eran estes os que tu querías! Bueno, non se engana quen non conta. Á tarde vouchos cambiar, non te preocupes. (A Arnoia)

49. O can que é bo pos coenllos é malo pa caza. *ref. HUM.*

Utilízase humoristicamente para dicir que se un can se porta ben cos coenllos e os deixa escapar, non vai ser bo cazador. —Teño aquí un can que é bastante bo. —Ai, se é bo non vale, o can que é bo pos coellos é malo para a caza! (A Arnoia)

50. O portugués que non cha fai na entrada, faicha na saída *ref.*

Expresa desconfianza dos portugueses. Bueno, si, fíate tu! Como dicía o outro, o portugués que non cha fai na entrada, faicha na saída. (A Arnoia)

51. O primeiro de abril van os burros onde non teñen que ir / O un de abril van os burros onde non deben ir. *ref.*

O un de abril é o día das bromas. Moitas veces consisten en mandar alguén a algún lado a facer algún recado inexistente. —Xurxo, vaime ao almacén e pide para min a caixa dos ángulos ideais. —A caixa de

que? —Anda, dille ao encargado que non che tome o pelo, non sabes que día é hoxe? O primeiro de abril van os burros onde non teñen que ir. (A Caniza)

52. O que chega tarde, nin oe misa nin come carne. *ref.*

Indica a conveniencia de non chegar tarde. [falando por teléfono] —Xa acabei aquí, aínda estades no bar? —Xa fomos para a casa. Quedan os pinchos para a próxima ocasión. —Xa se sabe, o que chega tarde, nin oe misa nin come carne. (A Caniza)

53. O que dá o que un ten, a pedir vén. *ref.*

Advirte contra a xenerosidade excesiva. —María, onde van os ovos? —Deillos á túa nai porque quería facer unha torta. —Agora quedamos nós sen eles. O que dá o que un ten, a pedir vén. (A Caniza)

54. O que fóra vai casar ou a leva ou a vai buscar. *ref.*

Recomenda non casar con xente de lonxe porque non son coñecidos. Pero a ver, os pais quen son e que fan? Como é a familia? Eu non é que desconfíe, pero xa di o refrán que o que fóra vai casar ou a leva ou a vai buscar. (A Arnoia)

55. O que garda, sempre ten. *ref.*

Recomenda non malgastar os cartos ou os bens. Hai que aforrar agora que aínda se vai tendo algo, porque tal como van as cousas, sabe Deus como acabaremos! E polo menos o que garda sempre ten. (A Arnoia)

56. Ó que muito escolle, o demo o tolle. *ref.*

Recomenda que non hai que ser moi escollido polo que poida pasar: pode ser que por moito escoller un quede sen nada. —Pero a ver, non hai mozos que che gusten? Non hai que ser tan escollido, se non non é nada. —Si ho, a min eso de que todo o que cae

*na rede é peixe non me vai. —Ai, ó que
muito escolle, o demo o tolle!* (A Caniza)

**57. Ó que non fuma nin bebe viño, o
demo llo leva por outro camiño.**

ref. Fai referencia a que quen non ten os vicios «habituais» seguramente teña outros ou pode ter outro tipo de problemas. *Tanto coidarse, tanto coidarse, pero ao final ao que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.* (A Caniza)

**58. O que non sabe é como o que non
ve / O non saber é como o non
ver.**

ref. Fai referencia a que quen sen saber como facer ou sen ter os coñecementos necesarios non se pode un desenvolver ben. *Menos mal que me axudas con estas cousas do ordenador que eu non che entendo nada. O non saber é como o non ver, dicía sempre meu pai.* (A Caniza)

**59. O que non ten cabeza non precisa
sombreiro.**

ref. Fai referencia a quen é despistado. *Esqueceuche o cargador do móbil no piso da Coruña outra vez? Ai, aí, o que non ten cabeza, non precisa sombreiro.* (A Caniza)

**60. O que non ten cabeza ten que ter
pés / O que non ten cabeza ten per-
nas/pés.**

ref. Quen é pouco intelixente ou despistado, non atina coas cousas á primeira e ten que volver facelas ou volver sobre os seus pasos. — *Volveume quedar a carteira na casa! Vou por ela un momento e xa veño.* — *Iso é porque non a deixas sempre no mesmo sitio. Sempre o di meu pai: «O que non ten cabeza ten que ter pés».* (A Arnoia / A Caniza)

**61. O que ten fillos, ten cadillos; e o
que non os ten, cadillos ten. / O
que non ten fillos, ten cadillos.**

ref. Todo o mundo pasa traballos, preocupacións, tanto con fillos como

sen eles. *Ese non ten fillos, pero leva tanto traballo como se os tivera: viñeron os sobriños que estaban en Cuba e agora ten que axudalos.* (A Caniza)

**62. O que ten vergonza nin come/
xanta nin almorza.**

ref. Refírese a que non hai que ter vergonza se un quere conseguir algo. Úsase tamén literalmente. — *Non, non quero nada, señora, estou ben.* — *O que ten vergonza nin come nin almorza.* (Ribadavia)

63. O que torna o frío, torna a calor.

ref. Dise cando alguén vai moi tapado en días de calor e fai referencia á roupa ou a sombreiros. Moitas veces dío a propia persoa para contestar a algún comentario sobre o seu aspecto. — *Onde vas así con esta calor?* — *Xa di a miña avoa que o que torna o frío, torna a calor.* (A Caniza)

**64. O sol de marzo queima a dama
no palacio.**

ref. O sol de marzo non é bo. *Non te poñas a ese sol, que che vai facer mal. Ou pon un pano na cabeza, xa sabes que o sol de marzo non e nada bo. Xa o di o refrán: «O sol de marzo, queima a dama o palacio».* (A Caniza)

65. O viño non é auga.

ref. Dise cando a xente bebe para dar a entender que beber alcol ten consecuencias (tamén se pode dicir para meterse con alguén aínda que non estea borracho para se meter coa persoa indirectamente). — *Ai que caio* — *O viño non é auga!* (A Caniza)

**66. Os fillos da miña filla, meus
netiños son, os da miña nora, ou
o serán ou non / Os fillos da miña
filla, meus netos son, os da miña
nora, ou serán ou non.**

ref. Alude á certeza de que os fillos dunha filla son netos biolóxicos, pero os dunha nora non se pode estar seguro ao cen por

cen. Si, somos primas! *Aínda que bueno, tamén nunca se sabe porque como era aquilo... Os fillos da miña filla, meus netos son, os da miña nora, ou o serán ou non, hahaha.* (A Caniza)

67. Os páxaros conócense pola cagada.

ref. VULG. Úsase cando alguén di ou fai unha parvada ou comete un erro (normalmente sempre o mesmo tipo de erro). Tamén se usa cun matiz pexorativo para dar a entender que por como alguén se comporta pódese deducir que tipo de persoa é. Había un mestre alí onda nós que cando non sabíamos algunha cousa sempre nos dicía: «Os paxaros coñécense pola cagada!». (A Arnoia)

68. Ós ricos hasta os bois lle pairan / Ós pobres páirenlle as mulleres e ós ricos páirenlle os bois.

ref. Sendo rico todo é sorte, facilidades e axudas, pero se un é pobre todos son desgrazas. É boa verdade iso de que aos ricos ata os bois lle pairan. Librouse da multa, non lle tiraron o edificio que fixera en terreo irregular e aínda o vendeu para que montasen alí o hotel! (A Caniza / A Arnoia)

69. Ou nas uñas ou nos pés, has de salir a quen es. / Ou nas mans ou nos pés, has de salir a quen es.

ref. Refírese aos parecidos nas familias. —O fillo do Antonio da Pacita é un caloteiro. Débeme máis de 100 euros do que lle teño fiado! —Eses sonche todos de mala raza. Como din os vellos, ou nas uñas ou nos pés, has de saír a quen es. (A Arnoia / A Caniza)

70. Pa pouca salú, ningunha.

ref. Refírese a que se unha persoa ten pouco de algo, non vale a pena que o garde porque é igual ter pouco que non ter nada. Ven que imos acabar o

xamón que teño colgado. Para pouca saúde, ningunha! Total para o que queda é mellor desfrutalo. (A Caniza)

71. Pan con pan comida de tontos/ parvos.

ref. Acostuma dicirse cando alguén está a comer pan só para meterse con esa persoa ou para animalala a que coma algo máis. A ver, non teñas vergonza. Pan con pan, comida de tontos! Colle un pouco de xamón. (A Caniza)

72. Para quen é o burro ben vale a albarda.

ref. Úsase para indicar que non vale a pena facer un esforzo por alguén a quen non se ten en consideración ou facer algo polo que non se ten interese. —Vaslle dar ese traxe tan noxento a Pepe? —E logo? Que o aproveite, para quen é o burro... (A Arnoia)

73. Para saber beber hai que saber mexar.

ref. HÚM. Utilízase humoristicamente para dar a entender que unha persoa, normalmente rapaces novos, non saben beber, tanto para cando se emborrachan de máis como para cando non se emborrachan. Tamén se pode dicir cando alguén di que vai ir mexar nun contexto festivo. —Oi, que mal estou de onte. —Amiguiño, para saber beber hai que saber mexar! / Onde está o baño neste bar? Vou ir botar unha mexada que para saber beber hai que saber mexar. (A Caniza / Ribadavia)

74. Patadas de burro non chegan ao ceo

ref. Úsase para referirse a alguén que está a dicir disparates ou cousas ás que non se lle vai facer caso. Que diga e insulte canto queira, como dicía meu pai: «Patadas de burro non chegan ao ceo». (A Arnoia)

75. Pecado confesado é medio perdonado.

ref. Quere dicir que é mellor

dicir as cousas e non escondelas porque a falta de honestidade ten peores consecuencias. *Tes que dicirlle que lle moviches un pouco os marcos se non cando veña e se dea conta igual te leva ao xulgado. Como di o refrán, pecado confesado, medio perdoado.* (A Caniza)

76. Pobo pequeno, inferno grande *ref.* Refírese a que nos sitios pequenos pode haber máis problemas de convivencia que en vilas ou cidades. *Eu quería ter unha casa na aldea de meu pai pero o tema dos veciños eses bótame para atrás. Como di o refrán, pobo pequeno, inferno grande.* (A Arnoia)

77. Quen fora mozo/novo e non fora tolo. *ref.* Alude ás loucuras da xuventude. —*Meu fillo marchou sen un can polo mundo adiante e case vai preso. —Quen fora novo e non fora tolo!* (A Arnoia / A Caniza)

78. Quen nunca tuvo un porco e agora ten un porquiño, todo é: «Meu currunchiño, meu currunchiño» / Quen non tuvo nunca un porquiño, bota todo o día: «Quiro, quiro, quiriño». *ref.* Dise cando alguén ten unha cousa nova e non fai máis que falar diso. *É un aborrecido. Non para de falar do coche novo. Xa se sabe: quen nunca tivo un porquiño...* (A Caniza)

79. Quen pariu que arrule. *ref.* Úsase moitas veces de maneira literal para indicar que son os pais os que teñen que coidar dos fillos e non outras persoas. *Ese neno é o demo. Os pobres dos avós non dan feito e entre tanto os pais por aí, nas festas. Quen pariu que arrole, digo eu!* (A Caniza)

80. Quen ten boca vai a Roma. *ref.* Preguntando vaise a calquera lado. —*Non sei como fixo para non se perder*

no hospital novo! —Xa sabes, quen ten boca vai a Roma. (A Caniza)

81. Quen ten tenda/facenda que a atenda e se non, que a venda. *ref.* Recomenda que cada un se ten que ocupar das súas responsabilidades (ou pode vir alguén tomar conta delas). *Este profesor novo da escola da banda xa cancelou tres clases! Seica anda moi ocupado porque está a gravar un disco... —Home, pero iso non é normal, se non pode ou non quere, terao que deixar! —Se é o que eu digo, quen ten tenda que a atenda e se non que a venda!* (A Caniza)

82. Rapaces e leña verde, todo é fume / Xente nova e leña verde, todo é fume. *ref.* Expresa que a xente nova non é de fiar, muito falan e pouco fan. *Dise para meterse coa mocidade. Os da charanga dixeron que ían vir hoxe buscar a lotería pero inda non viñeron. Ai, ai, xente nova e leña verde...* (A Caniza / A Arnoia)

83. Regodeigón, 40 veciños e un cura ladrón. *ref.* Úsase para meterse cos de San Cristovo de Regodeigón, concello de Ribadavia. —*Antes andaba cun de San Cristovo, pero non durou moito. —Non me estraña, non sabes aquilo de «Regodeigón, 40 veciños e un cura ladrón?»* (Ribadavia)

84. Rubiéns á mar, velliñas a asoallar; rubiéns a naciente, chuvia de repente *ref.* Refírese a que cando hai nubes avermelladas ao oeste, vai dar o sol, e cando as hai no leste, vai chover. —*Mira que bonito está o ceo con esas cores! —Rubiéns á mar, velliñas a asoallar; rubiéns a naciente, chuvia de repente: vas ver mañá como chove.* (A Caniza)

85. San Lázaro, Ramos, en Pascuas estamos. / Ana, Rabana, Rebeca,

- Susana, Lázaro, Ramos, en Pascua estamos.** *ref.* Fai referencia ás semanas previas á Pascua. *E este ano non lle vas levar unha rosca ao teu afillado? Mira que xa case estamos, como di o refrán: San Lázaro, Ramos, en Pascuas estamos.* (A Arnoia)
- 86. Sarna con gusto non pica (pero mortifica).** *ref.* Dise cando alguén se queixa de vicio. —*Buf, estou mallado. —Sarna con gusto non pica! Onte na festa non dirías eso.* (A Caniza)
- 87. Setembro queima os montes e seca as fontes.** *ref.* Fai referencia a que setembro é un mes seco e quente. *Din que setembro queima os montes e seca as fontes, pero vaia mes que levamos este ano. Está o tempo tolo de todo!* (A Caniza)
- 88. Si canto non asubío** *ref.* Refírese a que se se fai unha cousa, non se fai outra. *A ver, se canto non asubío! Ou che lavo a pota ou che pico a cebola!* (A Arnoia)
- 89. Si comes ben e cagas forte, non lle teñas medo á morte.** *ref.* VULG. Estar ben alimentado e non ter problemas intestinais é equivalente a ter boa saúde. Pódese usar de forma xocosa cando se fala de cagar nunha conversación. *Come, non quedas con fame. Xa o dicía sempre meu pai: «Se comes ben e cagas forte non lle teñas medo á morte».* (Outeiro de Rei)
- 90. Tan bo é Xan coma Perillán.** *ref.* Aplícase a dúas persoas que son da mesma condición. —*Parece que os candidatos non se dan posto de acordo para formar goberno estes días. —A min tanto me ten. Como dicía o outro, cambiarás de muiñeiro pero non de ladrón; a fin de contas tan bo é Xan coma Perillán.* (A Caniza)
- 91. Todo o que cai na rede é peixe.** *ref.* Expresa que todo vale. —*Pero a ver, non hai mozos que che gusten? Non hai que ser tan escollido, se non non é nada. —Si ho, a min eso de que todo o que cae na rede é peixe non me vai. —Ai, o que muito escolle, o demo o tolle!* (Melón)
- 92. Traballo feito non corre présa.** *ref.* Expresa a conveniencia de sacar unha tarefa de diante. *Voume duchar que traballo feito non corre présa.* (A Arnoia)
- 93. Un home é un home e un gato é un micho (e unha muller, un capricho).** *ref.* Dise para gabar os homes ou as cualidades tradicionalmente masculinas (ás veces pódese usar de maneira humorística ou irónica). *Veña, bota aquí unha man para colgar o porco! Arriba! Así me gusta, un home é un home e un gato é un micho!* (A Caniza)
- 94. Vale máis facer que mandar.** *ref.* Úsase para indicar que é mellor facer as cousas por un mesmo que pedirlle a alguén que as faga porque pode facelas mal ou tardar máis da conta. *Aínda non lavaches a louza? Desde logo, vale máis facer que mandar...* (A Caniza)
- 95. Vale máis pedir que roubar** *ref.* Recomenda honestidade. *Con todos os escándalos, contas en Suíza, millóns e millóns... iso de que vale máis pedir que roubar vai quedar obsoleto.* (A Arnoia)
- 96. Ve máis o cego que o que non quere ver.** *ref.* Refírese a que quen non quere darse conta de algo ou aceptar unha realidade, non hai maneira de facerlle abrir os ollos. *Pois estache convencido de que o fillo é un santo e que é incapaz de facer mal. En fin, xa o di o dito: «Ve máis o cego que o que non quere ver».* (A Caniza)

Expresións en castelán

1. **En Ponteareas, deja la capa donde la veas.** *ref.* Úsase para meterse cos de Ponteareas, dando a entender que hai moito ladrón. *Mañá vou á feira a Ponteareas, vundes? En Ponteareas, deja la capa donde la veas!* (A Caniza / A Arnoia)
2. **No comer por haber comido, no es caso perdido.** *ref.* Serve para dar a entender que se deixas de facer algo porque xa o fixeches antes, non hai problema. Úsase sobre todo en contextos de comida, cando alguén xa comeu. —*Non, grazas, xa tomei postre na casa e non me convén moito doce.* —*Ah bueno, no comer por haber comido, no es caso perdido.* (A Caniza)
3. **Vale más preso en la cárcel que en el cementerio herido.** *ref.* Fai referencia a que é mellor o mal menor. *Ao final caéronlle varios anos. Buf, eu non sei se o aguantaría, pero bueno, tamén din que vale más preso en la cárcel que en el cementerio herido.* (A Arnoia)
4. **¡Ay! ¡Qué trabajitos nos da el Señor!** *fórm.* IRÓN. Úsase para meterse con alguén que suspira e di «ai», normalmente de maneira irónica. —*Ai!* —*¡Ay! ¡Qué trabajitos nos da el Señor!* (A Caniza)
5. **Las tres Marías, la mierda, la caca y la porquería.** *fórm.* Úsase para referirse a tres persoas de quen se ten mal concepto ou para meterse con calquera grupo de tres (tres amigos, tres irmáns, etc.) *Mira quen vén aí. Las tres Marías, la caca, la mierda y la porquería.* (A Caniza)
6. **Bueno estaba y se murió.** *fórm.* HUM. Úsase para responder cando alguén di «bueno». —*Que tal o camiño?* —*Bueno...* —*Bueno estaba y se murió.* (A Caniza)
7. **Cuando por mucho, cuando por poco, mi marido es un loco.** *fórm.* Fai referencia á falta de moderación. Tamén se aplica á cando nunhas épocas hai fartura e noutras escaseza de algunha cousa (neste sentido é similar a *Días de todo, vésperas de nada*). *Miña tía xa me quería dar máis ovos. Pero aínda teño da outra vez e dos que me deu a avoa. Cuando por mucho, cuando por poco... Iso si, ímonos faltar de flans! / —Ten que ser bo mozo e baixo non o quero que xa sabes: home pequeno, fol de veneno. Pero o David éche tan alto que eu ao lado del parezo unha anana! —Cuando por mucho, cuando por poco, mi marido es un loco.* (A Caniza)

III. ESTUDOS DE LITERATURA

Encontro con catro versos de Curros Enríquez: algunhas cavilacións sobre a nobre condición social da lingua galega

XESÚS ALONSO MONTERO

Presidente da Real Academia Galega

Introdución

Escribir nada máis pr' onha provincia
Ou, com' os povos árcades fixeron,
Escribir sobr' a casca d'os curtizos,
Cáxeque todo vén á ser o mesmo.

A nosa vos, n'a soledá perdida,
Morrerá sin deixar xiquera ise éco
Qu' a brisa malencónica d'outono
Deixa n'a copa azul d'os ameneiros.

Non pode ser tampouco d' outra sorte:
Pasaron xa, pra non volver, os tempos
En qu' o linguaxe era unha cifra máxica
Fácele sólo ó sacerdote hebreo.

As xentes tristes que n'o verbo humano
Percuran os ideais q'entreveron
Cando ó vate interrogan, novo Oráculo,
Queren revelaciós, que non misterios.

Y-escribir n'unha lingua conecida
D'aqueles sólo q'onda nós naceron,
¿qu'e sinon responder ésas preguntas
en revesgados xeroulifos pérsicos?

Todo tende á unidá, ley, d'entre todas,
A máis ineusorabre d'o Progreso;
Y-él que de cen naciós un povo fixo,
Un idioma fará de cen dialeutos.

Como páran n'o mar todol-os rios,
 Com' os rayos d'o sol páran n'un centro,
 Todal-as linguas han de parar n'unha,
 Qu' hemos de falar todos, tarde ou cedo.

¿Por qué botar ó púbrico este libro
 Si a división dialéutica condeno?
 Diredes, con razon, os que leades,
 Si as ledes, estas páxinas. —Diréivolo:

Cando total-as linguas o fin topen
 Que marca a todo o providente dedo,
 E c'os vellos idiomas estinguidos
 Sola unha fala universal formemos;

Esa fala pulida, idioma úneco,
 Máis qu' hoxe enriquecido, e máis perfeuto,
 Resúme d'as palabras máis sonoras
 Qu' aquelas n'os deixaran como en herdo;

Ese idioma, compendio d'os idiomas,
 Com' onha serenata pracenteiro,
 Com' onha noite de luar docísimo,
 Será —¿qué outro sinon?— será o gallego.

Fala de miña nay, fala armoñosa,
 En qu'o rogo d'os tristes rub' ó ceo
 Y-en que decende a prácida esperanza
 Ós afogados e doridos peitos;

Fala de meus abós, fala en q'os párias,
 De trévoa e polvo e de sudor cubertos,
 Piden á terra o gráu d'a côr d'a sangue
 Qu' ha de cebar á besta d'o laudemio...

Lengua enxebre, en q'as ánemas d'os mortos
 N'as negras noites de silencio e medo,
 Encomendan ós vivos as obrigas
 Que ¡mal pocados! sin cumprir morreron.

Idioma en que garulan os paxáros,
 En que falan os ánxeles ós nenos,

En qu'as fontes solouzan e marmullan
Entr' os follosos álbores os ventos;

Non, tí non morrerás, céltica musa
Náda d'a Suevia n'os chouzales pechos,
Últemo amor d'o páleto Macías,
Atravesado o corazon c'un ferro;

Fecundo núme d'o úneco Rey sabio
Que n'o sólio d'España tivo asento,
Arpa imortal d'a doce Rosalía,
D'o infortunado Añon himno postreiro:

Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran
Os desleigados que te escarneceron!
Mais tí non morrerás, Cristo d'as linguas,
Non, tí non morrerás, ouh Nazareno!

Apóstol teu, anque o máis ruín de todos,
Pr' ónde quér levarey teu Evanxelio,
O fatelo vistindo d'inominia
Que pra mofa n'as costas che puxeron.

N'o teu nome, por terras e por mares
Ofercerey paz e salú ós enfermos,
Falareilles d'a patria ós desterrados,
De libertade e redencion ós servos.

Anunciarey o día d'o teu trunfo
Por cibdades e vilas e desertos,
E si por t'anunciar m' apedrearen,
¡Índa ó morrer te mentarán meus beizos!

(M. Curros Enríquez, «Introdución» a *Aires da miña terra*, 1880)

Foi o poeta galego que máis frecuentei nos meus anos universitarios, máis ca a propia Rosalía. Hai «documentos» que o demostran... Xa é ben indicativo que o meu primeiro traballo filolóxico se titulase «A lingua galega desde Curros», publicado no número 3 da Colección «Grial» da editorial Galaxia en 1951¹.

¹ Como moitos saben, a comezos de 1952, coa publicación do nº 4, a «Dirección General de Prensa» prohibiu esta colección.

Estudaba eu o terceiro curso de carreira. Non tardaría en escoller, como tema da futura tese de doutoramento, a lingua e o estilo, na súa poesía galega, de Curros Enríquez².

Curros, tivese ou non competidores no Parnaso galego, era un gran poeta, un extraordinario poeta, que, alén diso, escribía poesía, desde dentro das entrañas da Fala, nun galego tan enxebre —case sempre— como maxistral. Por se fose pouco, non era secundaria para min, nos primeiros sesenta, a súa poderosa voz de escritor «incorrecto»: republicano, anticlerical, denunciador das eivas sociais, solidario co proletariado rural galego... Daquela liamos a Curros case coa emoción dos cazadores furtivos. De feito, a tese pola que eu devecía nos inicios desa década titularíase *Curros Enríquez como poeta civil*³, pero eu tiña o convencemento de que o tema e o argumentario do meu traballo non serían ben acollidos nos estrados universitarios da época. Por outra parte, ó director da tese, ó lingüista Pensado Tomé, acaíalle mellor o tema co que me comprometín.

Aínda máis, Curros estaba na miña primeira educación literaria, non porque houbera libros seus na miña casa —casa de aldea sen libros que non fosen os escolares— senón porque poemas ou versos seus eran citados ou recitados por algúns dos «herexes» da parroquia: desde un zapateiro remendón algo lido a un barbeiro medio volteriano e un vello patrón que, de mozo, arengara ós labregos contra os trabucos, os caciques e os foros, triloxía tantas veces deostada nos versos do gran poeta. Por certo, o barbeiro e o zapateiro xuraban e perxuraban que don Manuel Curros Enríquez estivera preso nos calabozos da Inquisición.

Emigrantes ou non, había xente na parroquia que cantaba «Unha noite na eira do trigo», sen saberen que a celebérrima «Cántiga» fora o primeiro poema en galego de Curros e que este compuxera o primeiro verso, en parte, con outras palabras: «Unha noite no xardín sentada». A min gustábame e entristeciame aquel cantar.

² *Lengua y estilo de Curros Enríquez en su poesía gallega*, lida en maio de 1966 na Universidade de Salamanca, onde era catedrático de Lingüística Románica o doutor José L. Pensado Tomé, director da tese.

³ Fóra do ámbito universitario, eu publicaba traballos sobre a poesía «social» de Curros. De 1967 é «Curros Enríquez ou a poesía como loita», *Grial*, 17, pp. 290-318. Ese traballo reproducíuno, en parte, no nº 4 (1967), Nova Galicia, revista que publicaba o Partido Comunista en París.

Está tan nas raíces da miña formación literaria, tan na miña primeira educación sentimental, que iso explica, aínda que só sexa en parte, a lei que sempre lle gardei ó poeta Curros Enríquez.

Se volvo á miña mocidade universitaria, véxome lendo ou relendo *Aires da miña terra* (1880), sobre todo o primeiro poema, ó que o autor lle puxo un título prologal: «Introdución». Era, para min, un texto engaiolante e, ó mesmo tempo, intrigante. Desconcertante era a argumentación do poeta, quen, devoto do Progreso e das súas leis, afirmaba que «todo tende á unidá», tanto que era el, o Progreso, o que «un idioma fará de cen dialectos», pero «ese idioma, compendio dos idiomas... será o gallego».

Ninguén tiña imaxinado un futuro tan grandioso, tan prodixioso, para a lingua galega, daquela ausente das instancias cultas, das aulas e dos estrados importantes; unha lingua, nesas datas, escrita, ocasionalmente, só por media ducia de poetas. Aínda así, ese idioma, nesa hora, ano 1880, contiña ou connotaba, na opinión de Curros, valores moi estimables. Era

- a) a «fala de miña nai»,
- b) «fala armoñosa»,
- c) «Fala de meus avós»,
- d) «Lengua enxebre» na que as ánimas dos mortos recordan, ós vivos, as súas obrigas,
- e) «Idioma en que garulan os paxaros»
- f) idioma «en que falan os ángeles ós nenos»
- g) idioma «en que solouzan e murmullan... os ventos»
- h) «Fecundo nume do úneco Rei sabio»
- i) «harpa inmortal da doce Rosalía»
- j) «do infortunado Añón himno postreiro»

Lingua de tales prendas —conclúe Curros— non debería «morrer», como queren «os desleigados» que a «escarneceron».

Lector eu destes versos hai setenta e cinco anos —lector engaiolado— sabía en 1950 o que xa sospeitaba en 1940, neno eu: que «os desleigados» eran, nomeadamente, as persoas que, sabendo o galego, negábanse a falalo, e

aquelas que, sabéndoo ou non, considerábano «dialecto», código lingüístico de rango inferior.

A catro quilómetros de Ventosela, a miña aldea, na Vila (Ribadavia), había, no ano 1940, bastantes persoas que non falaban galego, que o tiñan a menos, e algunhas —entre eles, rapaces coma min— que se rían de nós por falarmos en galego ou por falarmos en castelán «lixado» con palabras galegas. Eu non sabía daquela que existira un poeta que os tildara de «desleigados»; polo tanto —ignorante daqueles áureos versos— descoñecía as virtudes que o gran escritor atopaba na lingua pola que se rían de nós.

O neno de once anos que eu era en 1940, xa mozo de vinte e un, en 1950, leu, cheo de cobiza, os versos cos que Curros Enríquez compuxo a excelsa «Introdución», á procura dunha explicación. Como é que, sendo a nosa lingua tan musical («fala armoñosa»), tan dos meus («fala de miña nai, de meus avós»), tan espiritual (a dos anxos cos nenos) e instrumento poético do único Rei que foi Sabio... como é que lingua de tal valemto está a esmorecer e só colleita desdéns, moitos desdéns, mesmo de xente que a fala?

Pero Curros Enríquez, na conmovedora «Introdución», menciona outra virtude do noso idioma, onde, quizais, está a clave para entendérmo-lo problema:

Fala de meus avós, fala en que os parias,
de tréboa e polvo e de sudor cubertos,
piden á terra o grau da cor da sangue
que ha de cebar a besta do laudemio...

Resulta que unha das virtudes, un dos loureiros da lingua galega, ten que ver coa clase social que a fala: ser, en Galicia, a lingua dos que padecen a historia. Cómpre precisar máis: a lingua dos labregos, a xente máis desestimada e asoballada. Estes son «os parias» dos versos de Curros.

O idioma galego, pois, está adscrito a unha determinada clase social, clase que lle transmite ó idioma o prestixio de que goza na sociedade. Na Galicia do XIX (e doutras épocas), a xente da aldea carece, para os estamentos dominantes e para as xentes acomodadas da cidade e do campo, de prestixio. Por conseguinte, o idioma desas xentes (o dos «parias» de Curros) é, no ideario burgués, un idioma vil, un idioma incivil, pois baixa é a condición socioeconómica dos seus falantes. Un idioma, nese ideario, posúe o prestixio (ou o desprestixio) da clase social que o emprega.

A clase social dos «parias», lonxe do ouro e do ouropel da burguesía e doutros estamentos acomodados, ofrece, na concepción non burguesa de Curros Enríquez, na súa concepción demótica, a dignidade do traballo e do sofrimento, eses dous prestixios. Así pois, o que no ideario burgués sería un idioma vil, pouco civil, no ideario que subxace nesta insólita estrofa, a 13 da «Introdución», o galego, lonxe de ser un idioma servil, é un idioma civil, un idioma nobre. Benefíciase, pois, da dignidade moral que lle confire a nación sociolóxica dos que, tan duramente, padecen a historia. Eu falaba, sen sabelo, un idioma importante, aínda que se risen de min na Vila.

Por primeira vez na historia dos apoloxistas da lingua galega, alguén xulgaba, como timbre de gloria desta lingua, a súa condición de ser lingua de clase —de clase baixa—, a súa condición de «lingua proletaria do meu pobo», como diría, oitenta e dous anos despois, Celso Emilio Ferreiro, fillo, ó seu xeito, como poeta, de Curros Enríquez⁴.

Na estrofa 13 da «Introdución», Curros gababa e exaltaba a lingua de meu pai, fillo de campesiños moi pobres que traballou arreo, como xornaleiro, nos viñedos ribeirus dos que cobraban «a besta do laudemio» ata que as circunstancias lle permitiron «poñer» unha humilde taberna en Vigo.

Nunca ninguén me dixera que era unha honra falar o idioma da nación sociolóxica dos pobres. Lingua allea á escola, ó púlpito, ós altos estrados e ós «ricos», posuía, nos versos de Curros, unha nobreza moral incuestionable; era unha lingua non lixada espiritualmente pola fonía da riqueza, dos poderes e da fastosidade. En idioma galego xemía unha clase social que era vítima, desde había moito tempo, de fastos, riquezas e poderes inmerecidos.

Curros Enríquez en 28 versos (41-68) fai o retrato das virtudes da lingua galega: «fala armoñosa», «idioma en que garulan os paxáros», «fecundo nume do único rei sabio», «harpa inmortal da doce Rosalía»... Neste fragmento de 28 versos, hai unha incursión, exposta en catro (a estrofa 13), nun territorio que non é fónico («fala armoñosa»), nin literario (Afonso X, Rosalía), nin de amor filial («fala de miña nai»). O poeta dedícalle catro insólitos versos, dignos das musas de Carlos Marx e Federico Engels, a salientar o feito de que o idioma galego é a fala dos «parias» da nosa sociedade, a fala do noso proletariado rural.

⁴ No poema, tan coñecido e citado, «Deitado fronte ó mar», de *Longa noite de pedra* (1962).

A lingua que Curros Enríquez acaba de cantar, de tan importantes e diversas virtudes, é, mercé ós «desleigados» que a «escarneceron», «Cristo das linguas», «Nazareno», metáfora que compromete a moito, a tanto que o noso poeta proclama que será o seu «apóstol» e que levará, por onde for, o seu «Evanxelio» (73-74). Farao Curros Enríquez

o fatelo vistindo da inominia
que pra mofa nas costas che puxeron.

O idioma galego, novo Nazareno, novo Cristo farrapento e escalazado, vestirá, nos versos de Curros, o seu moderno evanxalista, «o fatelo da ignominia», a roupa mísera que, para mofárense, outros lle puxeron. Curros, nesta declaración, comprométese co galego, consciente de que, no esencial, é unha lingua de parias, de xentes farrapentas, de xentes que andan pola vida cun «fatelo» que, para o noso poeta, lonxe de ser ignominioso, será, moralmente, nobre.

Na miña aldea, cando eu era neno, tódolos rapaces vestiamos roupas moi humildes, remendadas tantas veces, e falabamos un idioma concorde con aquela cativeza no vestir, sempre nunha organización da sociedade na que era moi difícil non sentir como ignominia o vestir e o falar. Daquela, eu non sabía que, sesenta anos antes, alguén, en catro versos de ouro, transformara o fatelo da ignominia en túnica de orgullo e de nobreza. Empecei a sabelo lendo e relendo a «Introdución» de Curros ós vinte anos.

Houbo, no Rexurdimento, moitos apoloxistas da lingua, pero que se teña dito, ningún lle atribuíu ó idioma falado, como virtude, o de ser lingua de «parias». Citarei dous autores moi significativos: Manuel Murguía e Valentín Lamas Carvajal.

Murguía, en 1859, publica *La primera luz*, libro para as escolas galegas de primeiro ensino no que en 27 leccións ofrece nocións básicas de lingua, xeografía e historia de Galicia. É un manual insólito na bibliografía pedagóxica da época, na que só existían tratados escolares referidos ó acontecer conxunto de España. Escrito en castelán —imposible o galego, daquela, neste tipo de libros— aborda, nas dúas primeiras leccións, o tema —e a cuestión— da lingua, co título «El dialecto», termo que, na pluma de Murguía, Rosalía e outros non é pexorativo⁵. Na primeira lección conta Murguía

⁵ Cando autores como os citados din «dialecto» significa, habitualmente, a lingua non oficial de Galicia.

que uns nenos de escola ríronse a gargalladas dun compañeiro porque, a unha pregunta do mestre, sobre se trouxera os seus libros á clase, contestou: «Esquecéronme». O mestre, «docto... y justo», despois de afeiar a conduta dos alumnos, fíxolles ver que o galego, do que se rían, era moi importante, e érao por ser: «dulce» e de «armoniosas palabras»; «el lenguaje de su tierra nativa... en que hablaron sus abuelos»; idioma, entre os de España, de máis «puras raíces latinas», alleo á aspereza dos arabismos frecuentes no castelán; lingua que se formou antes cá castelá, e lingua que cultivou Afonso X, «llamado el Sabio». Murguía, pois, non fai a menor referencia á condición sociolóxica do idioma que defende ante uns nenos dunha escola rural, que foron —velaquí o autoodio— os que se riron do seu compañeiro de clase (de aula e de clase social).

Lamas Carvajal, nun poema tamén titulado «Introdución» (a *Espiñas, follas e frores*, 1874), salienta: «lenguaxe brando e melosiño»; «singular concerto de sospiros, de arrollos e de queixas» e «múseca do ceo». Anos despois, no poema «O falar das fadas» (1880), despois de insistir nestas virtudes, estampa esta estrofa:

Fálame no linguaxe dos gallegos
si me queres facer moito sentir;
na fala que astra en lábeos de labregos
non sei que ten pra min.

Publicouse este poema en *Saudades gallegas*, rigorosamente contemporáneo, pois, da «Introdución» de *Aires da miña terra* (1880). Agora ben, mentres en Curros é un timbre de gloria para a lingua galega que a falen os labregos —os «parias» dos seus versos—, para Lamas, que elude a condición sociolóxica da lingua, o galego é tan marabilloso (cousa de fadas) que «astra en lábeos de labregos» soa magnificamente. Estamos, por conseguinte, ante concepcións moi diferentes.

Polo que sei, han de pasar máis de cincuenta anos para atoparmos, entre os apoloxistas do galego, un autor que saliente, entre as virtudes do idioma galego, a condición sociolóxica dos seus falantes. Trátase dun texto breve de Castelao, do Castelao de *Sempre en Galiza* (1944, Libro primeiro, IV). Sabido é que os capítulos deste libro apareceron antes, en plena Guerra Civil, nunha revista gobernada polo Partido Comunista: *Nueva Galicia*. En concreto, este capítulo, o IV, publicouse no número 17, correspondente ó 12 de setembro de 1937. O parágrafo que nos importa, na versión de 1937, é este:

O noso idioma ten tal fermosura que un poeta andaluz como García Lorca -o poeta mártir- non pudo resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. O galego -somentes refugado polos «señoritos»- é hoxe o idioma que prefiren os intelectuaes como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecera de tantos méritos contraídos, abondaríalle ser a fala do pobo traballador para estar diñificado de por si, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de cibdadanía.

O capítulo, moi coñecido entre os lectores de Castelao, é aquel que encabeza coa pregunta: «¿Ten Galiza un idioma propio?» Nas dúas páxinas e media de que consta son varios os argumentos en favor do compromiso co galego, pero, nesta ocasión, o parágrafo que nos importa é o que vimos de reproducir (en realidade, sobran, para o noso propósito, as liñas referidas á relación de Lorca co idioma galego).

Se non estou trabucado, reitero, é Castelao, na historia dos apoloxistas da lingua galega, o segundo en mencionar, entre as súas virtudes, a condición de ser falada polo «pobo traballador», feito que dignifica «de por si» o idioma. Pasaran, desde os versos de Curros, cincuenta e sete anos. Creo que é significativo que esta gabanza se publique nun periódico do Partido Comunista, cuxos lectores pertencían, na inmensa maioría, ás clases populares galegas. A eles se dirixe Castelao e ó seu orgullo apela. Por certo, na versión de 1937, Castelao escribe: «O galego —somentes refugado polos “señoritos”». En 1944, no libro *Sempre en Galiza*, matiza e engade: «...polos “señoritos” ou por “traballadores” que quixeran ser “señoritos”». Acerta totalmente Castelao ó mencionar esa dimensión da problemática sociolingüística, que é obvia: os de abaixo, que non teñen o diñeiro nin os traxes nin as alfaías dos de arriba, poden, pola vía do idioma, apareceren, en parte, coma eles (mellor dito, distanciárense dos de abaixo). Pero en plena Guerra Civil, os galegos das clases populares que loitaban no V Regimiento, contra os señoritos, non queren —ou non o confesan— imitalos na fala. Eses señoritos, no pleito que se debate na Guerra Civil, son opresores, e os traballadores con conciencia un pouco revolucionaria non gustan dos signos dos que os señoritos presumen.

En 1944, Castelao non se dirixe só ós traballadores con conciencia crítica; diríxese a tódolos galegos. A engádegas, que onte moitos lectores podían considerar ofensiva, agora, para un amplo espectro de destinatarios, é unha observación elemental para calquera sociolingüista.

Cómpre sinalar que esta gabanza de Castelao ó idioma galego (pola súa condición demótica) tardou en ser operativa entre nós. É posterior a 1961, ano no que se publicou (tamén en Buenos Aires) a segunda edición de *Sempre en Galiza*, libro que —hai que recordalo— foi, nos anos sesenta, de circulación clandestina⁶.

Cando, ós vinte anos, lin os versos demóticos de Curros Enríquez, eu estaba totalmente alleo ó marxismo, moi mal visto, por outra parte, nos círculos nos que me movía (Galaxia, tertulia do Lyon d'Or...). Eu empecei a marxistizar uns oito anos despois. Un semimarxista que en 1962 ou 1963 batese co texto de Castelao, por forza tiña que interesarse a fondo por el.

Neno eu —neno de aldea— certo día oínlle a un neno da Vila —a un neno fillo dun médico—: «Mamá, mamá, son pobres y hablan en castellano». Referíase a un fato de xitanos que pasaban por debaixo do balcón da súa casa, que non era, polas señas, a casa dun potentado. Se cadra o neno este non era o fillo dun médico —un de tantos— senón dun funcionario municipal ou dun oficinista. Tanto ten. O neno, fose ou non rico pola casa, era consciente de que el non falaba o idioma dos pobres. Non recordo agora se aquel neno de Ribadavia expresaba algo máis cá sorpresa. Ás veces, ó lembrar a peripecia, teño a impresión de que o neno, instituído en representante dunha clase, ademais de sorprenderse, protestaba; á súa maneira, manifestaba que os pobres non teñen dereito a exhibiren os signos externos dos ricos. Fillo de labregos eu, ese día envidiei ós xitanos, pois, aínda que moitas veces non comían quente —na miña casa, si— falaban mellor ca min.

De neno e de mozote vivín coa idea de que o noso falar era un «sermo vulgaris», un «sermo plebeius» nunha sociedade, a galega, onde «os da clase alta» (como dicían os sociólogos das silveiras da miña aldea) empregaban, habitualmente, o correspondente «sermo urbanus», o castelán. En efecto, o «dialecto» galego, máis que cousa de pobres, era cousa da aldea: «sermo rusticus», non «sermo urbanus». Aínda así, non deixaba de ter razón o neno da anécdota ribadaviense: «... son pobres y hablan en castellano». Con esta idea vivín de neno e de mozote: coa idea de que os pobres —sobre todo se eramos da aldea— tiñamos o falar da nosa condición social. O falar, pois, era un signo de clase.

⁶ Os especialistas afirman que, da primeira edición de *Sempre en Galiza* (1944), só circularon, na Terra, moi poucos exemplares.

Apéndice

Escribín este ensaio hai quince anos, arredor do ano 2000. Non era a primeira vez que facía unha incursión na estrofa 13 da «Introdución» de Curros Enríquez. No meu libro *O que cómpre saber da lingua galega*, de 1969, hai un Apéndice que se titula «Escolma de textos “demóticos” sobre o idioma» (pp. 142-146), antoloxía que se abre cos versos de Curros Enríquez⁷. Péchase o Apéndice con dous poemas estritamente contemporáneos do libro: «Prego de descargos», de Manuel María (1968), e «A min gústame o castrapo» de Darío Xohán Cabana (1969). Nesa ocasión non incorporei a este capítulo dous interesantes poemas de Manuel Rodríguez López, «Xaniño» e «Castrapo», ámbolos dous de 1968. Foi un «lapsus» que lamento ben. Acabo de publicar un artigo no que lle fago xustiza ó autor e ós seus versos: «Poemas sobre a problemática sociolingüística en Galicia: dous textos pioneiros de Manuel Rodríguez López».

No Apéndice citado tamén ofrecía catro versos de Manuel Lugrís Freire, en certo modo na liña da estrofa 13 de Curros:

¡Esa é a fala do escravo
que nos eidos trafega
sufrindo alcume e mofa
das xentes estranxeiras!

(«Oración á Fala», *Ardencias*, A Coruña, 1927)

⁷ Buenos Aires, Editorial «Alborada» (da Federación de Sociedades Gallegas), 1969.

Coita trobadoresca e verbo antigo

MERCEDES BREA

Universidade de Santiago de Compostela

A presenza de proverbios na lírica galego-portuguesa é ben coñecida, polo que foi obxecto de estudo por parte de diversos especialistas, que, non obstante, prestaron normalmente máis atención ao seu emprego nas cantigas de escarnio (nas que, efectivamente, se pode atopar unha mostra rica e variada de paremias) que nas de amor ou de amigo, nas que adoitan pasar máis desapercibidas.

Aínda así, existe un catálogo moi completo e ben clasificado dos proverbios citados en todo o corpus contido nos nosos cancioneiros nunha tese de Mestrado defendida na Universidade de Lisboa e que ficou inédita (Brazão, 1993); e quizais non estaría de máis revisar ese conxunto de proverbios (e expresións proverbiais) coa debida atención desde unha perspectiva semellante á presentada en Alvar (2009), que, en certo sentido, “xoga” cos significados de *refrán* para suxerir que o que subxace na modalidade compositiva que a *Arte de Trobar* transmitida fragmentariamente polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* denomina ‘cantigas de refrán’ é a existencia previa¹ ben dalgunha canción (tradicional² ou non)³ ben dunha paremia que poden servir

¹ “À ma connaissance, cependant, on a fort peu étudié les refrains, à cause de la tendance à les considérer comme un élément constitutif du poème et, donc, inséparable de ce dernier; si la *cantiga* nous est parvenue liée au nom d’un poète, personne ne remet en question le fait que le refrain doive également lui être attribué. Il faut, cependant, commencer à prendre en considération la possibilité que nombre de ces refrains existaient déjà avant d’être inclus dans l’œuvre de tel ou tel poète et que ce dernier les a utilisés ou adaptés à sa guise” (Alvar, 2009 : 155). Non esquezamos, de todos modos, que o proceso pode realizarse tamén á inversa, polo que pode acontecer que o que comezou sendo unha creación orixinal dun autor nunha cantiga (funcione como “refrán” ou apareza nalgún outro lugar da mesma) pode acabar tendo vida propia e circulando como paremia.

² Filgueira (1988) analiza a presenza do proverbio como un dos “trazos popularizantes” presentes nunha lírica culta como é a trobadoresca. E o mesmo fan outros estudosos, como, por exemplo, Rodríguez (1980: 53), a propósito de Johan Airas: “su gusto por lo popular se refleja en la predilección por la fraseología y sobre todo por el proverbio que conforma el fondo de muchas composiciones”.

³ Pénsese, entre outras cousas, no que indica a *Arte de trobar* (Tavani, 1999) sobre a técnica “de seguir” e na existencia de rúbricas como a que acompaña a cantiga escarnina de Johan de Gaia 66,3 [a identificación dos textos faise a partir do número de referencia que levan en MedDB

de punto de partida a toda unha composición ou, simplemente, ser retomadas nela para reforzar o seu significado ou como mostra de respecto á *auctoritas* dalgún trobador precedente ou contemporáneo.

En calquera caso, a abordaxe do tema que pretendemos facer agora atinxe –sen pretensión de exhaustividade– a un aspecto moi determinado, e menos estudado que outros: o uso de proverbios para mostrar a *coita* amorosa⁴ baixo diversas perspectivas, polo que a aproximación aos diversos casos terá que ser feita de xeito case individualizado. Non consideramos necesario insistir en datos ben coñecidos⁵, entre eles a denominación⁶ que adoitan recibir de *verbo antigo* (Filgueira, 1976; Brazão, 1993; Arbor, 2002; Soto Arias – González García, 2007; etc.); e, de forma totalmente convencional, seguimos as agrupacións establecidas por Brazão (1993)⁷, de quen expurgamos as ocorrencias que comentamos a seguir.

–consultable en www.cirp.gal–, que respecta, con lixeirísimas modificacións, o establecido en Tavani, 1967]: “Esta cantiga foi seguida per ùa bailada que diz: ‘Vós ave-de-los olhos verdes e matar-m’edes con eles’, e foi feita a un bispo de Viseu, natural d’Aragon, que era tan cárdeo como cada ùa destas cousas que conta en esta cantiga ou mais; e apoinhan-lhe que se pagava do vinho”. Eses versos da fonte son reconvertidos por Johan de Gaia no “refrán” da cantiga citada: “Vós ave-de-los alhos verdes, e matar-m’íades con eles!”.

⁴ Esta contribución está vinculada ao proxecto de investigación *La expresión de las emociones en la lírica románica medieval* (FFI2012-37355), subvencionado polo MINECO.

⁵ Son moitos os aspectos que se poden poñer de relevo ao estudar os proverbios, como a súa relación co *exemplum* (Alvar, 2009; Bizarri, 2009; de feito, Filgueira (1976: 355) lembra que Gil Vicente empregaba a denominación de *exemplo* para as paremias) e coa *sententia* (en Arbor (2002: 89-90) pode atoparse unha diferenciación entre ambos recursos; e, de forma máis extensa, en Schulze Busacker, 1984-1985); ou o propio proceso de proverbialización (Falcão, 2012; Alvar, 2009: 158-164).

⁶ “La variété des termes laisse entrevoir la richesse des nuances de contenu que cache chaque forme. Il n’est pas étonnant que le genre soit si difficile à définir” (Alvar, 2009: 156). De aí que sexa habitual tomar en consideración de forma conxunta “aussi bien des dictons que des sentences, des proverbes et de toute la gamme de lieux communs qui affectent la parémie et la sagesse gnomique, qu’ils procèdent de la Bible, de la tradition européenne classique ou vernaculaire ou, encore, qu’ils soient issus de variations sur des thèmes préexistants” (Alvar, 2009: 156-157).

⁷ Son as seguintes: (1) “provérbios que os trovadores classificaram de *vervo*”; (2) “provérbios introduzidos por fórmulas do tipo *sempr’oi dizer*”; (3) “provérbios sem explícita ‘modalidade de inscrição’”; (4) “provérbios subjacentes”; (5) “provérbios de ascendência bíblica”; (6) “expressões ou locuções proverbiais”.

1. Cantigas de amor

1.1 Rodrigu'Eanes Redondo bota man dun dos que Brazão (1993: 207, 218, 224) considera “provérbios subjacentes”, de probable reminiscencia bíblica, para comezar unha das súas composicións:

Om'a que Deus coita quis dar
d'amor, nunca dev'a dormir.
 Ca ja, u sa senhor non vir,
 non dormirá; e se chegar
 u a veja, esto sei ben,
 non dormirá per nulha ren:
 tant'á prazer de a catar!
 (141,2, I).

O insomnio é un dos *signa amoris* mellor coñecidos⁸, pero esta estrofa explica admirablemente os motivos dese fenómeno: un *coitado de amor* non pode durmir pola inquietude que lle causa a imposibilidade de ver a amada, pero, se logra vela, tampouco pode facelo, porque o pracer que lle produce a súa contemplación é incompatible coa idea de deixar de mirala para deixarse vencer polo sono. As outras dúas cobras confirman o contido da expresión coa experiencia persoal (“En aquesto poss'eu falar”, II, v. 1): cando Deus lle mostrou a súa *senhor*, experimentou tal *sabor* / *prazer* que non puido pensar noutra cousa; e, desde que non a pode ver, “nunca / non dormi” (II, v. 4; III, 3).

1.2 A turbación é outro dos efectos externos do sentimento amoroso, porque a *coita* que provoca leva asociado o *pavor á saña* da dama. Johan Garcia de Guilhade proporciona un bo exemplo deste estado de ánimo nunha cantiga na que amosa a súa preocupación por non ser consciente de se chegou ou non a declararlle o seu sentir (“Ca me tremi'assi o coraçon / que non sey se lh'o dixe ou se non”, 70,20, *refrán*), e que remata nunha *fiinda* que recolle unha expresión proverbial na que atopa xustificación o seu desacougo:

E a quen muyto trem'o coraçon,
 nunca ben pode acabar sa razon.

⁸ De feito, un dos cantares que recolle Airas Nunez na súa cantiga “avec refrains” *Oí og'eu ũa pastor cantar* (14,9), precisamente na última estrofa, engade a tres versos que parecen remitir a Johan Zorro (83,8) –“Pela ribeira do rio / cantando ía la virgo / d'amor”- outros tres que conteñen unha variante desta mesma paremia: “¿Quen amores á / como dormirá, / ai, bela frol?” (para este *refrain*, vid. Tavani, 1992: 89).

1.3 Pai Gomez Charinho inicia unha das súas cantigas de amor cos versos seguintes:

Oy eu sempre, mia sennor, dizer
 que peor he de soffrer o gran ben
ca o gran mal, e maravillom'én
 e non o pude nen posso creer
 (114,12, I, vv. 1-4).

Trátase dun exemplo característico en atención a diversos elementos: (a) o proverbio sitúase abrindo a cantiga, para deixar claro dende o principio que o argumento de que vai tratar é o sufrimento amoroso; (b) vai introducido pola fórmula “oí eu sempre dizer” (tipo 2 de Brazão, 1993). En palabras de Brazão (1993: 139-140), estamos diante dun “enunciado proverbial nascido da doutrina e práctica do próprio amor cortês”, pero, ao mesmo tempo, cómpre destacar que Charinho non o trae a colación para corroborar o seu contido, senón xustamente para negalo (“maravillom'én / e non o pude nen posso creer”), pois toda a composición argumenta en contra desa suposición, mesmo conxurando ese *mal* para quen tal di:

E se eu ben de vós podess'aver
 ficass'o mal que por vós ey a quen
 aquesto diz, e o que assi ten
 o mal en pouco, fâçao viver
 Deus con mal sempr'e con coita d'amor,
 e pod'assi veer qual é peor,
 do gran ben ou do gran mal, de soffrer
 (cobra II).

As dúas estrofas restantes reiteran esta idea, afirmando que quen asevera tal cousa non sabe o que é amar, e insistindo en que o *mal* que el sofre por causa da súa señora o está matando e só a obtención do seu *ben* podería curalo⁹, polo que a *fiinda* é empregada para reforzar esa busca do único *ben* que ansía o trobador namorado.

⁹ Esta idea está xa formulada na primeira estrofa (“qual mal, sennor, / me quer matar, e guarria mellor / se me ben vós quisessedes fazer”; I, vv. 5-7) e repítese doutro xeito na cuarta (“Mais eu, que mal soffri / senpre por vós, e non ben, des aquí / terriades por ben de vos nenbrar”; IV, vv. 5-7).

1.4 Airas Nunez escolle, en cambio, a última cobra (pero no inicio desta, e co mesmo tipo de fórmula introductoria) para incorporar outra paremia deste tipo, que “exprimiria [...] uma censura e um aviso” (Brazão, 1993: 155-156):

E muitas vezes oí eu dizer:
 “Quisque se coita á, costas lle dá”¹⁰
 (14,7, III, vv. 1-2).

A cantiga refire unha conversa coa dama (*Falei n'outro dia con mia señor*) na que o suxeito lle confesou o amor que sentía por ela e as *coitas* que soportaba pola súa causa. O resultado inmediato non difire do que resulta usual na lírica galego-portuguesa:

Foi sañuda e nunc'a tanto vi:
 e foi-sse e sol non quis catar por mi,
 e nunca mais pois con ela falei
 (I, vv. 5-7).

A pesar diso, a charla –inicialmente, seica sobre outros temas (“falava en al”; II, v. 1)- serviulle para comprobar que “eu nunca molle tan ben vi falar” (II, v. 2), aínda que a súa actitude mudara por completo en canto escoitou a declaración del. A constatación da *saña* da amada é o que leva ao trovador a lembrar o proverbio que figura na terceira estrofa, pero, a diferenza do que acontecía con Chariño, Airas Nunez parece recoñecer a veracidade do mesmo (“e eu receei esto grand'er'á”; III, v. 3), por moito que acordase tarde e non fose quen de calar.

1.5 Martin Moxa semella particularmente afeccionado a este recurso, pois na súa produción poden atoparse varios exemplos de referencias proverbiais, mesmo no caso dunha composición da que só se conservan (no *Cancioneiro da Ajuda*: A303) tres versos:

¹⁰ “En realidade, a lectura do texto presenta aquí varias dificultades. [...] A restitución introducida nesta edición, puramente hipotética, foi suxerida polo frecuente recurso na cantiga á palabra *coita* e pola presenza na segunda estrofa do mesmo concepto aquí condensado nunha frase de sabor proverbial (volve as costas a quen sofre): ‘e pois ll’eu dixeu a coita e o pesar... foi sañuda e catou-me en desden’; o que equivale, paréceme, a *dar costas*. O *dá* final será, logo, un imperativo: a posición do pronome complemento *lle* non constitúe unha dificultade, sobre todo en frases proverbiais e similares. De tódolos xeitos, a cuestión queda aberta a solucións mellores” (Tavani, 1992: 133-134).

mays ambos y faredes o mellor:
 ca poys omen ben serv'a bon sennor,
bon galardon deveades a levar
 (94,11).

Aparentemente, esta paremia non garda relación coa *coita*, senón máis ben co seu contrario, pois confirma algo que, no código no que se move a poética trobadoresca, resulta obvio: a un bo servizo corresponde un galardón axeitado. Acontece, con todo, que, como se pode observar noutras dúas cantigas de Moxa nas que reaparece¹¹, vén traída a colación para contraponer o que se considera xusto coa dura realidade:

Porque sol dizer a gente
 do que ama lealmente:
 “se ss'én non quer enfadar,
 na cima gualardon prende”,
 am'eu e sirvo por ende;
 mays, vedes ond'ey pesar,
 contra mia desaventura
 non val amar nen servir,
 nen val razon nen mesura,
 nen val calar nen pedir.
 (94,4, IV)

Ay Deus Senhor! Quando se nembrará
 esta dona que tant'amo de min,
 que diga eu: “Tan bôo dia servi
 senhor que tan bon galardon mi dá!”
 Poys en cuydar tan gran sabor ach'eu,
 ren non daria, sse ouvess'o seu
 ben, por quant'outro ben eno mund'á.
 (94,6, IV)

En ambos os dous casos, o proverbio é lembrado na última cobra¹², na que o trobador reafirma o seu amor e o seu servizo, pero -de maneira especial en 94,4 (94,6 amosa un atisbo de esperanza¹³ de que algunha vez sexa recompensado ese servizo)- o único que obtén a cambio é *pesar* e *desaventura*, pois

¹¹ O proverbio vén sendo o mesmo nas tres cantigas, aínda que a formulación varíe lixeiramente; na clasificación de Brazão, non obstante, aparecen en grupos diferentes, posto que a ocorrencia de 94,4 corresponde ao tipo (2) (Brazão, 1993: 127-128), mentres que as outras dúas, ao non estar introducidas pola fórmula regulamentaria, son incluídas no tipo (3) (Brazão, 1993: 197).

¹² En 94,6, tamén na *fiinda*: “E por end'am'e servh'e sôo seu, / d'esta senhor, e servi-la quer'eu, / ca bon serviç'en ben ss'encimará”. Stegagno (1968: 194) advirte estas conexións, aínda que apenas as comenta: “la sentenza contenuta nella *fiinda* ci riporta al clima di V, 29-31 e di X”. O texto n° X da súa edición correspóndese con 94,4; e no V (= 94,12) figura, efectivamente, unha *fiinda* de carácter sentencioso –que non aparece recollida en Brazão, 1993–: “E non dev'omen seu cor encobrir / a quen sabe que o pode guarir: / demais hu lh'outro non pode valer”.

¹³ Esperanza que, a pesar do que vai repetindo o *refrán*, pode advertirse tamén no corpo das catro estrofas de 94,4, e, máis particularmente, na propia *fiinda*: “Mays poys me Deus deu ventura / d'en tan bon logar servir, / atender quero mesura / ca me non á de falir”.

de nada vale non só amar e servir senón tamén ter *razon* e *mesura*, e tanto ten *calar* coma *pedir* (advértase que esta consideración é a que se reitera ao longo de toda a peza, posto que constitúe o *refrán*). Dun modo diferente (porque é distinto o contido do enunciado), a convicción na veracidade destes “verbos antigos” que “sol dizer a gente” é semellante á comentada en Airas Nunez, e, no caso de Martin Moxa, convértese case na pedra angular á que tenta aferrarse para perseverar ata conseguir o ansiado *ben* da dama¹⁴.

1.6 Roi Fernandiz utiliza como *incipit* unha expresión que “encabalga” no verso seguinte:

De gram coyta faz gram lezer
Deus, per quant’eu entend’e ssey,
 e de gram pesar gram prazer,
 e direy-vos por que o sey,
 ca vi mha senhor d’aquend’ir
 e ora vejo-a viir.
 (142,5, I).

Trátase neste caso da perduración dun auténtico “verbo antigo”, xa que remonta á Biblia (salmo 126, vers. 5-6: Brazão, 1993: 247), e quizais por iso a fórmula que fai referencia a “oí dizer” pasa a ser “per quant’eu entend’e ssey”. O poder divino pode mudar os extremos (*coita* > *lezer*, *pesar* > *prazer*) e, máis unha vez, o trovador deixa constancia da verdade que encerran estes proverbios (neste caso, ademais, para o seu gozo –o retorno da amada- e non para o seu sufrimento –a partida-, como sucede con maior frecuencia).

¹⁴ Actitude similar (esperanza –e mesmo confianza, apoiada no proverbio- na recompensa ao servizo) á de Martin Moxa é a que se advirte en Estevan da Guarda cando inicia unha composición sobre a gratuidade do servizo amoroso dicindo:

Do que ben serve senpre’oí dizer
 que ben pede: mays digo-vos de mi,
 pero que eu, gram tenp’á, ben servi
 huna dona que me tem en poder,
 que nom tenho que, per meu ben servir,
 eu razon ei de lhi, por en, pidir
 o maior bem dos que Deus quis fazer.
 (30,12, I).

1.7 Johan Baveca recorre a unha locución proverbial¹⁵ para construír o *refrán* dunha cantiga (64,17) que insiste na perduración –e continuo agravamento– da *coita*:

cada que cuyd'estar de mha senhor
ben, estou mal e, quando mal, peor.

A consecuencia lóxica destas situacións constatables (neste caso non hai fórmula introductoria) é a que reflicte a *fiinda*: “E por aquesto sofr’eu a maior / coita de quantas fez sofrer Amor”.

1.8 Don Denis fai uso dun proverbio que non exclúe a influencia dun texto bíblico¹⁶, e que non vai introducido por ningunha fórmula específica porque ocupa a *fiinda*:

Mais, senhor, a vida com bem
se cobraria bem por bem
(25,85).

O tema da cantiga é o interrogante lamento do namorado que non alcanza a comprender a indiferenza da dama (“que nunca tevestes por bem / de nunca mi fazedes bem”, *refrán*), polo que, dunha maneira semellante ao que se comentou a propósito de Martin Moxa, a paremia escollida alude só indirectamente á *coita* (presente no corpo das tres estrofas e no *refrán*), pois prefire salientar os aspectos positivos que resultarían de cobrar “bem por bem”.

2. Cantigas de amigo

2.1 Aínda que Brazão (1993: 223) non o atopa nas recollas habituais, inclúe entre os “provérbios subjacentes” o *refrán* dunha cantiga de amigo de Johan Airas de Santiago (63,49) na que a nai aconsella á filla espertar os celos dun namorado que xa non se mostra coitado¹⁷:

dizede que morre por vós alguen
e veredes ome morrer por én.

¹⁵ “São correntes expressões do género: Quando mal, nunca pior; Do mal o menos” (Brazão, 1993: 263).

¹⁶ “Noli uinci a malo, sed uince in bono malum” (Rom. 12/21) (*apud* Brazão 1993: 195).

¹⁷ A *finida* serve, unha vez máis, de reforzo definitivo: “Ca, se souber que por vós morr’alguen, / morrerá, filha, querendo-vos ben”.

O mesmo Johan Airas escolle a *fiinda* para ubicar outra destas “verdades asumidas” nunha peza dialogada na que a nai inquire (con reproche máis ou menos velado) da filla os motivos que a levaron a facer “quanto vos mandou / voss’amigo, que vos non ar falou”, 63,3, I, vv. 2-3). A resposta asume o erro cometido, no *refrán* que repite nas tres estrofas: “cuidava eu melhor aver per i, / e semelha-mi que non est’ assi”. A *fiinda* funciona neste caso como sentencia¹⁸:

Bon dia naceu, como eu oí,
quen se d’outro castiga e non de si.

2.2 Non parecen distantes dunha *sententia* as paremias que dan conclusión deste xeito a unha cantiga¹⁹. Un exemplo semellante ao anterior pódese ver en Johan Vasquiz de Talaveira, que finaliza cunha expresión que podería proceder dunha “trova popular” (Brazão, 1993: 225, que remite, en calquera caso, a Nunes) unha cantiga na que a amiga está desolada pola carencia de novas do seu namorado, que se veu forzado a partir de onde ela estaba, e morre por saber “se é mort’ou se guariu do pesar / grande que ouv’en se de mi quitar”, 81,17, *refrán*):

E, amiga, quen algun sab’amar
mal pecado sempr’end’á o pesar.

2.3 Unha idea semellante é a expresada por Fernan Froiaz nun texto dialogado (do que só se conserva unha estrofa) no que a amiga pregunta ao namorado por qué anda chorando, e el responde:

- Mía senhor, eu vo-lo direi:
ei amor e quen amor á,
mal que lhi pês, de cuidar á
(42,1, I, vv. 4-6).

¹⁸ “El arrepentimiento tardío que estalla en la amarga *fiinda*, tan del gusto paremiológico de Joan Airas, confiere a la composición realismo y naturalidad por encima de cualquier tópico” (Rodríguez, 1980: 205).

¹⁹ Rodríguez (1980: 53) dá conta do “apego por parte de Joan Airas al proverbio, alguna vez con indicación expresa de tal [...]. Generalmente sirve de base a la sentencia que, muy a menudo, se contiene en la *fiinda*, y, en ocasiones, corroborada incluso por la autoridad personal del poeta, lo que actualiza la vigencia del adagio”.

2.4. Johan Mendiz de Briteiros recolle nunha *fiinda* o contido xa comentado en 1.6:

Non choredes, ca o pesar
sól Deus tost'em prazer tornar
(73,1).

A convicción na veracidade destes “verbos antigos” é utilizado como conso-lo por unha confidente que coñece a imposibilidade que teñen de verse os namorados, e sábeo ben “porque vos vej’ambos andar / muy tristes e sempre chorar” (*refrán*).

3. Consideracións xerais

Un resumo de canto se acaba de expoñer nos poucos exemplos escollidos pode verse no cadro seguinte:

	<i>trobador</i>	<i>cantiga</i>	<i>xénero</i>	<i>inserción do proverbio</i>	<i>fórmula introdutoria</i>	<i>confirmación</i> ²⁰	<i>sentido afectivo</i> ²¹
1.1	R E. Re- dondo	141,2	A	incipit	-	+	-
1.2	J. G. Guil- hade	70,20	A	fiinda	-	+	-
1.3	P. G. Cha- rinho	114,12	A	incipit	oy eu sempre dizer	-	?
1.4	A. Nunez	14,7	A	estr. III	muitas veces oí eu dizer	+	?
1.5	M. Moxa	94,11 94,4 94,6	A A A	- estr. IV estr. IV	- sol dizer a gente que diga eu	+	+
						?	+
						?	+
1.6	R. Fernan- diz	142,5	A	incipit	per quant'eu entend'e ssey	+	+
1.7	J. Baveca	64,17	A	refrán	-	+	-
1.8	Don Denis	25,85	A	fiinda	-	+	+

²⁰ Sinalamos aquí se o trobador da por probado e verdadeiro o contido do proverbio (+) ou tenta contradicilo (-).

²¹ O signo - indica que a paremia insiste no sufrimento amoroso, mentres que + fai referencia aos casos nos que pretende poñer de relevo o que é xusto, esperable, etc. O interrogante, pola súa parte, resérvase para as que poden resultar “neutras” ou ser interpretadas de modos diversos.

2.1	J. Airas de Santiago	63,49 63,3	M M	refrán fiinda	- como eu oí	+ +	? ?
2.2	J. V. de Talaveira	81,17	M	fiinda	-	+	-
2.3	F. Froiaz	42,1	M	-	-	+	-
2.4	J. M. de Briteiros	73,1	M	fiinda	-	+	+

Estes datos veñen confirmar o que adoita poñerse de manifesto na bibliografía existente: os lugares preferidos para inserir un proverbio son a *fiinda*, o *incipit*²² e o *refrán*²³, é dicir, en xeral, os postos máis relevantes²⁴, aqueles que se reservan para chamar de forma máis inmediata a atención dos receptores²⁵. Ademais, a *fiinda* funciona frecuentemente como *sententia* conclusiva que converte a paremia nunha verdade asumida con valor case universal²⁶. E raramente ousan os trovadores poñer en dúbida esa verdade; de aí que resulte particular o caso de Pai Gomez Charinho, que a rexeita de plano (“non o pude nen posso creer”), tal vez porque a expresión que trae a colación refire algo (que é máis difícil de soportar o “gran ben” que o “gran mal”) que semella contrario a toda lóxica e que, en todo caso, entra en con-

²² Non estará de máis “lembrar que a retórica medieval recomendaba o ‘comezo por sententia” (Filgueira, 1976: 359).

²³ Filgueira recolle algúns casos máis dos estudados por Brazão (que, en todo caso, incorpora en apéndice varios listados cos que atopa en traballos anteriores, como este mesmo de Filgueira), dos que mencionaremos agora, porque funciona como *refrán* e fai referencia á *coita* (desexándolla a quen non a padece) un de Fernan Fernandez Cogominho (40,8): “Mais Deus, que tolh’ as coitas e as dá, / el dé gran coit’ a quen coita non á” (Filgueira, 1976: 360); outro de Vasco Rodriguez de Calvelo (155,5) que insiste no que considera unha verdade innegable: “que nunca Deus gran coita quisou dar / se non a quen el fez molher amar” (Filgueira, 1976: 361); etc.

²⁴ Trátase, naturalmente, do inicio (cando non é o da composición, pode ser inicio de estrofa) e do final (de estrofa -sobre todo, *refrán*- ou de cantiga): “les deux localisations inverses (début et fin) peuvent être considérées comme fonctionnellement identiques: la globalisation thématique ouvre l’énoncé ou le clôt; dans les deux cas, la relation est la même, seule en change la visée: annonce prémonitoire, ou conclusion récapitulative” (Zumthor, 1976: 323).

²⁵ Filgueira (1976: 357) resaltaba que “Hastra pode arrincar deles a ‘razón’, ou seren reiterados, como ‘estribos”.

²⁶ “Funcionalmente, e a nivel de significado, *sententia* e proverbio sitúanse ó servizo da *delectatio* e constitúen a expresión dun coñecemento comunmente admitido, que se presenta como universal; ambos demostran ou ilustran un xuízo ou unha tese determinada de forma accesible e clara para o receptor da mensaxe” (Arbor, 2002: 75). Xa Filgueira (1976: 363) sinalaba que “O ‘tono’ dos ditos populares trascende moitas veces ao curso da fala nos poetas dos Cancioneiros tan fundamentais que non é doado arredar os lindeiros da paremia e da expresión sentenciosa”.

tradición coa súa propia experiencia amorosa. Resulta así mesmo curioso constatar cómo Martin Moxa tenta utilizar un dito que lle vén dar a razón na súa demanda de *ben* (= *galardon*) para insistir nalgo que necesariamente debера cumprirse; Roi Fernandiz quere deixar constancia de que tales cousas acontecen, polo menos no seu caso²⁷, e Johan Mendiz de Briteiros emprégaa para proporcionar consolo e esperanza a unha amiga apesadumbrada.

Tense insistido no carácter “popular” dos proverbios. Parece evidente que, se entendemos por ‘popular’ algo que o pobo asume, repite e respeta como cousa propia coa que se sente identificado, nada obsta para que se lle recoñeza ese carácter. Pero isto non quere dicir que se poida falar de autoría colectiva ou anonimia, posto que, en boa parte dos casos, a procedencia dos proverbios (inconscientemente esquecida a nivel colectivo²⁸) é “libraria”, e pode atoparse nada menos que na Biblia ou nas obras empregadas nas escolas para coñecer “los principios básicos de la gramática, la poesía y la moral” (González Rolán, 1974: 93-94), de maneira particular os *Disticha* (ou *Dicta*) *Catonis*, enormemente difundidos durante a Idade Media²⁹. A concisión deste tipo de máximas, xunto co seu carácter formulario, impersoal e –non menos importante– atemporal e desvinculado de espazos concretos, converte facilmente os proverbios en verdade asumida que pode ser traída a colación en múltiples ocasións para explicar e xustificar acontecementos e actitudes diversos³⁰, sen que preocupe a súa xénese, senón tan só o sentido que se lle dá (ou pretende dar), e que ás veces pode variar. O seu emprego (funcionalmente significativo) polos trovadores medievais pode, pois, ter relación (especialmente, nas cantigas de escarnio) cunha vontade de achegarse ao público receptor usando unha linguaxe familiar e recoñecible, pero tamén se poden supoñer outras motivacións, entre elas

²⁷ “O ‘refrán auctoritas’ pode reforzarse ca mención da esperencia persoal” (Filgueira, 1976:358).

²⁸ O que non quere dicir que non poida ser recoñecida polas persoas cultivadas, sobre todo se temos en conta que algunhas paremias teñen ascendencia bíblica e que algúns trovadores que as utilizan pertencen a ambientes clericais.

²⁹ Entre outros estudos, pode verse un estado da cuestión en traballos como os de González Rolán, 1974; Infantes, 1997; González-Blanco, 2007; etc.

³⁰ “Os proverbios fixam, em arte e síntese, uma experiência e uma leitura da vida, constituem fórmulas que, pelo seu conteúdo e pela sua morfologia, se ajustam à sensibilidade do povo, e têm por isso a natural simpatia do mesmo” (Brazão, 1993: 300).

a proximidade estrutural coa poesía³¹ e o seu carácter venerable (que os converte en *auctoritas*) de *verbos antigos* comunmente identificables, “tendo em favor da sua veracidade não só o testemunho da visão sincrónica, como o da sua vitalidade diacrónica” (Brazão, 1993: 312). Dito doutro modo, o valor probatorio dos ditos proverbiais non depende do suxeito que os enuncia, e por iso poden proporcionar “argumentos aptos para o discurso e têm a função de referência externa e argumentação válida” (Brazão, 1993: 313) para reforzar as afirmacións que verten nas súas composicións. O estudo de Brazão pon de manifesto

a profunda afinidade que se da entre os provérbios e a poesia: repetição e síntese, obediência e criatividade, harmonia e ritmo, artifício e jogo, imaginação e vida, caracterizam, fundamente e sem distincção, a poesia lírica galego-portuguesa e os provérbios que a mesma documenta (Brazão, 1993: 318).

Bibliografía citada

- Alvar, C. (2009): “Proverbes et chansons satiriques galiciennes-portugaises”, en H. O. Bizarri – M. Rhode (eds.), *Tradition des proverbes et des exempla dans l'Occident medieval: colloque fribourgeois 2007 / Die Tradition der Sprichwörter und exempla im Mittelalter: Freiburger Colloquium 2007*, Berlin, De Gruyter, pp. 151-164.
- Arbor Aldea, M. (2002): “Vervo antigo e sententia na lírica galego-portuguesa: unha achega puntual”, en J. Casas Rigall – E. Díaz Martínez (eds.), *Iberia cantat. Estudios sobre poesía hispánica medieval*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 75-92.
- Brazão, J. Ruivinho (1993): *Os provérbios nos cancioneiros medievais galego-portugueses. Estudo paremiológico e recolha de textos*, Disertação de Mestrado em Literatura Portuguesa, Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, Lisboa, 1993 [iné dita].
- Bizarri, H. O. (2009): “Introduction: Le passage du proverbe à l'exemplum et de l'exemplum au proverbe”, en H. O. Bizarri – M. Rhode (eds.), *Tradition des proverbes...*, pp. 7-23.

³¹ “O que explica o recurso aos provérbios nos cancioneiros é, essencialmente, a própria natureza do provérbio e, antes de mais, a sua força poética e a capacidade festiva que os mesmos encerram: nos provérbios encontram, com efeito, os trovadores uma forte motivação poética, mercê da sua estreita afinidade com a poesia” (Brazão, 1993: 310). De feito, lonxe de ser unha mostra de sinxela naturalidade, o uso de paremias forma parte do *ornatus*, da *ordo artificialis*.

- Falcão, F. Scopel (2012): *O vervo satírico. Provérbio e proverbialização na sátira galego-portuguesa*, Vitória, EDUFES.
- Filgueira Valverde, X. (1976): "A inserción do 'verbo antigo' na literatura medieval", *Boletín Auriense*, VI (*Homenaje a Xesús Taboada Chivite*), pp. 355-366.
- Filgueira Valverde, X. (1988): "Rasgos popularizantes en los 'cancioneiros' galaico-portugueses", en V. Beltrán (ed.), *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval : Santiago de Compostela, 2 al 6 de diciembre de 1985* Barcelon, PPU, pp. 73-85.
- González-Blanco, Elena (2007): "Las traducciones romances de los *Disticha Catonis*", *eHumanista, Journal of Iberian Spanish*, 9, pp. 20-82.
- González Rolán, T. (1974): "La tradición de los *Dicta Catonis* y el *Ripollensis 106*", *Habis*, 5, pp. 93-106.
- Infantes, V. (1997): "El *Catón* hispánico: versiones, ediciones y transmisiones", en J. M. Lucía Megías (ed.), *Actas del VI Congreso internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá, 1997, II, pp. 839-846.
- Mattoso, J. (1977): *O essencial sobre os provérbios medievais portugueses*, Lisboa, Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- Rodríguez, J. L. (1980): *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (anexo 12 de *Verba, Anuario galego de Filoloxía*).
- Schulze Busacker, E. (1985-1985): "Proverbe ou sentence: essai de définition", *Le moyen français*, 14-15, pp. 134-167.
- Soto Arias, M^a R. – L. González García (2007), "Do verbo antigo en Johan Garcia de Guilhade", *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 9, pp. 223-232.
- Stegagno Picchio, L. (1968): (ed.) Martin Moya, *Le poesie*, Roma, Edizioni dell'Ateneo.
- Tavani, G. (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell'Ateneo.
- Tavani, G. (1992): *A poesía de Airas Nunez*, Vigo, Galaxia.
- Tavani, G. (1999): *Arte de trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, Lisboa, Colibri.
- Zumthor, P. (1976): "L'épiphonème proverbial", *Revue des Sciences Humaines*, CLXIII, pp. 313-328.

Álvaro Cunqueiro, Albur minúsculo ou imprevisto azar

LUÍS COCHÓN

I

En Cunqueiro o escribir era, fóra a alma, asunto perentorio para gaño da existencia. Cantos centos e milleiros de artigos, na súa data prevista, non terá depositado na estafeta, cando menos tres diarios, para xornais, revistas ou emisoras de radio? —Andará polas cincuenta mil colaboracións! —Tantas? Moito tivo que maquiar o insigne maqueiro. «Yo acostumbraba a recoger en una libreta de notas estas cosas bajo la rúbrica de “Las cosas más tristes”. Hace tiempo que no lo hago, y me sorprende a mí mismo yendo a un cajón a buscar aquella libreta, para anotar esto».

Cando volvía a Mondoñedo, os amigos tíñanlle recollido para el algunhas destas sorpresas que lle puideran facer graza ou interese, por inhabitual ou curioso, singular senón marabilloso.

Tense referido moito ó célebre Guevara, «o meu bispo», que foi na diócese mindoniense: «Aprendí en él a decir solazado y sabroso, con cierto regodeo de meandros». Porque eses meandros lévannos ó gusto polas repeticións — *toccata e fuga in re minore*, de Bach— que reaparecen na súa escrita en modo de retornos ou retrousos, cada vez máis, pola acusada desmemoria.

Recorda vagamente que a historia que está a contar xa fora contada por el propio nalgún outro lugar, pasado certo tempo. Tamén se decata o atento lector a teor das reiteracións que o autor volve traer a lume como un *déjà-vu* no que parecen compracerse o que escribe, e máis o que le, gustante este das variacións harmónicas.

II

Máis dunha vez téñolle preguntado ó seu fillo César —ambos por térmonos de amigos— que sería daquelas libretiñas que o pai usaba para apuntar e non esquecer os temas segundo cadaban, cada un pola súa color, no caderno —negro, azul, vermello— hule nas cubertas, e follas cuadriculadas, para mellor encadrar o trazo da letra súa, unha a unha, todas elas, exentas, letra fina, cativa, nunca anoada, esbelta, perpendicular pero mínima por non responder ó vulto da persoa patricia que escribía en pusilámines caracteres tales.

Libretas para anotar as verdadeiras etimoloxías —que outra cousa se non— do saber do escritor; cousas sucedidas, se cadra, que chegaron a el por vía real ou inventada, oral ou escrita, por libros consultados ou imaxinados, en todo tempo e lugar, o que o autor dixo ou deixou de dicir, *exempla*, datos, ocorrencias, oír e ver, con algo de enigmático, anexos provisorios, apéndices, *addenda*, adobíos, isto é: *parerga* e *paralipómena*.

III

[Tenía tan delicado gusto la ramilletera Glícera en variar la disposición y mezcla de las flores con que hacía sus ramilletes, que con unas mismas los formaba de muchos modos, en tanto grado que se quedó corto Parrasio, célebre pintor, queriendo imitar á competencia la diversidad de sus labores, porque no pudo variar de tantos modos su pintura, como variaba Glícera sus ramilletes.

[*Introducción a la vida devota*, de Francisco de Sales, traducida al castellano por don Pedro de Silva. Madrid. Por la Viuda de Ibarra, MDCCLXXXIII (*sic*)].

Como dun episodio menor, a habelencia de Glícera —que xa foi sinalada por Filgueira Valverde— entre flores, ou palabras, de fasquía distinta e feitío a sabor, íase ela amañando para conformar un ramo único, sen disputa posible, un ramalliño de orballo, un pespunto de tenrura, un case nada de íntima emoción, para quen queira compartir a beleza do corazón, como se comparte o pan; peripecia mínima a de Glícera, téspida, cáseque anónima na mitoloxía, deuse a valer, entre tódalas cincuenta irmás, por lidar con pinturas e flores, con espátulas e palabras, cores e planos, e silencios que emanan dun cadro ou dun poema. Como iluminación, como epifanía, para que o universo mundo se volva máis rico, máis vario e coloreado].

Baste o exemplo de excursio e digresión que ben puidera estar —como apuntamento tomado— en calquera das libretas das que antes falei. Verbo das lecturas confróntese *Saiban cantos estas cartas viren*.¹ sobre o carteo que houbo entre Á. Cunqueiro e A. Casal (1955-1961) no septenio máis creador do gran mindoniense onde se dá conta certa das súas dúbidas, trasacordos e temores con outras especies de varia lección.

Noticia bastante, tamén, verbo do modo de operar o escritor Álvaro Cunqueiro na narración de historias maiores e menores —se tal distingo se pode

¹ Cadernos Ramón Piñeiro, XXIII, 2012. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia

facер— no tocante, falazmente, literatura e xornalismo: cuestión de tempo e de atención, de mimo e coido e lima; de laborío arduo, medida exacta na que as palabras atopan ó escritor, e este, as conforma de grado.

Te mandaré muy pronto folios de «La batalla de los 4 reyes». Como siempre, a tientes, sin saber por dónde va el hilo. Pero esta vez me resisto a lo más fácil, al oficio de contador de historias, y cuento una sola historia, larga, densa, sin prisa, sin verle el final: mi intención es que la vida vale por sí misma. Supongamos que Sísifo llega a lo alto, con su piedra; la piedra vuelve a rodar, y Sísifo ha de descender. Pero no se ha dicho que lo haga apresuradamente, no lo dice el griego, ni el Dante. Sísifo baja, y puede contemplar, mientras descende, el país y las gentes, cambiar unas palabras con otros que pasan, oír una fuente o un pájaro, evitar el pisar una margarita, o un sapo, reconocer una sombra, y que hoy es invierno y mañana abril, y sobre todo tener memoria de lo visto: de una sonrisa, de una flor, de un moribundo, de un can que ladra. Todo esto es el meollo de la novela. ¿Se le verá? Por ahora no lo sé. Pero estoy dispuesto a trabajar muy a fondo todo el material para lograrlo. Quiero hacer cosas graves. Y necesito ser ayudado con la crítica y el consejo. [Carta LV].

IV

«Estos días ando metido en argumentos con reloj, y en mis libretas de notas —“¡Toda una vida!”, que diría un querido amigo mío [amante de boleros] — encuentro una docena».

E non seremos quen de ter nas nosas mans as libretas que voaron —máxico prodixioso, Álvaro— non para entrármonos na cociña do creador, senón para apreixar algo que se podería chamar **Diario de lecturas, selección antolóxica de fragmentos*, dun autor tan lido, por activa e pasiva, como Álvaro, aínda que —sabíao el moi ben— non todo se aprende nos libros?

E neste intre o escritor retráese das palabras para dicirlles que non. Ninguén pode reprochárllelo: «que a mí no me lo retraiga», que di don Roldán, materia de Francia, no romance de Roncesvalles.

V

Calquera lector culto que franquee a obra diversa de Álvaro Cunqueiro, ha saber que toma posesión dun territorio gobernado por múltiples saberes, poboado de novidades, fábulas ou historias prodixiosas, incitadoras, que recorren a ampla variedade do mundo —universo mundo—, reino das pal-

abras que sempre lle foron fieis ao autor, construído, trazado, en parte, por unha insondable imaxinación ou por outra moi erudita fabulación. Dominio vasto de querencias e ensoños exposto en cada intre, ao albur minúsculo ou a imprevisto azar, que o pastor de palabras —o poeta— ten man para guialas e alindalas con señorío de seu no pasteiro comunal, lingua de noso: casa do ser.

O Cunqueiro lector irrefutable (diría el) e impenitente arrequeceu escritos moitos con citas, frases, ditos e sentenzas —mesmo saídas— collidos, aquí e achola, de libros (moitos libros), persoas e personaxes, a onde era levado pola súa incontestable curiosidade, que lle foi apañando, para si e para nós, unha cultura memoriosa, certamente impresionante, na que se movía e sentía a sabor: *similis similia curantur*.

e no que toca ao home, veu indiferente
pasar aos que non se lle asemellaban...

VI

«—E meterei a Alvarito Cunqueiro entre os fillos ilustres de Mondoñedo?» Pregunta que se facía o cronista Lence Santar e que o preocupou daquela para acabar meténdoo na súa «Guía de la muy Noble, Leal y Fiel Ciudad de Mondoñedo» sen que soubese entón que o propio Cunqueiro recollería a sabor o seu encargo de poñer por escrito traballos e días, memorias e anadas de canto na cidade habería ser considerado e recordado. Nesa Memorabilia, no en tanto das persoas, a figura e vulto de Álvaro Patricio Cunqueiro Mora —tamén cronista el— ocupa o sitio de honra, o chanzo eminente na cidade e na nación.

Tíñalle axudado a medir o perímetro da urbe —ten contado Álvaro— seguindo as rondas, e por onde iría a cerca que mandou construír D. Martiño, o *calígrafo*, bispo. Ó outro día, bérrame Lence dende a ventá da súa casa:

—Xa escribín o capítulo da «Guía» coas medidas! Xa pasaches á Historia!

FADO E DIVISA, destino e emblema, tal listel heráldico nesta orla de nostalgias.

L.C.

Nicolás Fort y Roldán (Unha das maneiras de estar na galeguidade)

MODESTO HERMIDA

Preámbulo

Hai ben pouco que Xesús Ferro Ruibal, para o libro *Polos vieiros das palabras. Homenaxe a Modesto Hermida* (2014), escribiu un moi amigable texto na miña honra, «Modesto Hermida García», no que dá conta duns supostos valores humanos e intelectuais, con tal xenerosidade e tan alta valoración que tan só pode entenderse dende a amizade que, de hai tempo, nos une a ambos. Eu ben quixese agora, en tan oportuna ocasión, corresponder coa moeda máis semellante posible, mediante unha quente e sincera semblanza sobre o intelectual comprometido co seu país, fundamentalmente no eido da lingua e da cultura, sobre o home amigo da verdade e amigo dos amigos. Pensei nesa posibilidade pero desistín de tal empeño por me ver incapaz de dar a medida xusta, a de conseguir un texto limpo no que non estorbase o arrouto apaixonado do afecto, nin me fose a aterecer unha friaxe lóxico-lingüística capaz de borrar toda implicación afectiva.

De tal maneira, dado que el exaltou especialmente en min o labor de recuperación da narrativa galega no tempo do Rexurdimento, acordei agasallar a Xesús Ferro Ruibal con esta información —a que lle dedico co máis alto dos afectos— sobre unha novela bilingüe, *La «Terriña»*, de Nicolás Fort y Roldán, pouco coñecida, cando non descoñecida, ata para os estudosos destas materias.

O autor

Xa se tiña noticia bastante precisa sobre Nicolás Fort y Roldán por Antonio Couceiro Freijomil, no seu *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, información que se ampliou e se precisou moi considerablemente por parte do investigador e profesor ferrolán Guillermo Llorca:

Nicolás Fort y Roldán (Ferrol, 1852-1915, Valencia) foi un gran amante dos eidos natíos, un militar de mérito no servizo de Intendencia da Mariña onde, á súa morte, alcanzara o grao de Xeneral de División, previos servizos en Cuba e, como Comisario de Guerra, en 1897, en A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. Foi ademáis un entusiasta no cultivo das letras durante toda unha

vida: poeta, xornalista e, sobre todo, historiador. En Cuba, con ocasión do seu destino na colonia, chegouse a dicir del que era «un joven oficial español, nacido en Galicia, especialista en fonética y lingüística», de seguro que por ter publicado *Cuba indígena* (Imprenta R. Romero e R. Rojas, Madrid, 1881), un compendio sobre a etimoloxía e correspondencias significativas co castelán dunha ampla mostra de léxico indíxena. No seu labor como escritor aínda destaca, entre outros traballos, o libro *Defensa de Ferrol en 1800*, publicado na editorial de *El Correo Gallego*, ano 1900, reeditado por Embora en 2007, ademáis dos artigos «Ferrolanos que fueron», «El arsenal de la Graña» e «Astillero ferrolano». Foi así mesmo o autor do prólogo, para a edición da 1903 de *Los hidalgos de Monforte*, de Benito Vicetto, da que fora responsable Martínez Salazar. Fundou o xornal *Anuario Ferrolano* e entrou no ámbito da galeguidade por porta grande e expedita, pois en sucesivos boletíns da Real Academia Gallega chegou a publicar, entre 1908 e 1912, parte dos seus traballos, tales como os citados «El arsenal de la Graña» e «Astillero ferrolano», ademáis de «San Salvador de Pedroso».

A novela

La «Terriña» é unha novela bilingüe en dezaioito capítulos publicados por entregas, de xaneiro a xuño do ano 1903, en páxinas ordinarias de *El Eco de Galicia* de Buenos Aires, aquel xornal que nacera a prol da constitución do Centro Gallego, que fundara José María Cao e do que chegaría a ser director e propietario Manuel Castro López.

Da existencia, da edición e do autor desta novela xa nos dera precisa e relativamente ampla información Antonio Couceiro Freijomil no seu *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, o que non acontece con Ricardo Carballo Calero na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, onde tan só se dedican dúas ou tres liñas a dar noticia da presenza desta obra no mencionado xornal bonaerense, precisamente cun pequeno pero moi significativo erro no título, xa que no canto de anuncia-la como *La «Terriña»*, como correspondería en literalidade, faino como *A terriña*, unha variante que como ben se pode comprender ten un alto significado lingüístico, unha variante que ocultaría a mensaxe diglósica do título verdadeiro, se cadra tamén mensaxe dun realismo lingüístico en relación á actitude lingüística do autor.

As semellanzas con *Majuina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares, aquela que se ten considerado a primeira novela galega, sen que se teña chegado a

un consenso total nas opinións da crítica, a novela cuxo manuscrito ten data de 1870 (edición de Anxo Tarrío, Margarita Neira e Ana Branca Roig, 1991) e que foi publicada ó longo de 1880 en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (reeditada por Galaxia con limiar de Carballo Calero, dende o texto xornalístico), non son tantas como dende un repente intuitivo nos podería semellar. Alén da distancia temporal entrambas narracións, hai diferencias ben notables en ben diversos aspectos:

Editorial: se unha se publicou como tradicional folletín, a outra aparece en páxinas ordinarias da publicación periódica. Sociolingüísticas: se unha ten personaxes de diversa extracción social, que impoñen unha mutanza lingüística segundo a pertencencia de clase, na outra os personaxes son todos populares e, xa que logo, como corresponde ó seu estatus, todos galegofalantes, de maneira que as longas tiradas de texto en castelán, en varios casos páxinas completas, corresponden ó narrador, omnisciente e moi interesado en narrar máis ca en conceder a palabra ós protagonistas. Temáticas: pese a que os temas son ambos de tipo sociolóxico e costumistas, realistas e tremendistas, nun caso a orfandade con abuso sociomachista e no outro o intenso e limpo amor que terá un final tráxico.

La «Terriña» é un texto de temática romántica, unha limpísima historia de amor entre dous xoves que tamén representan simbólicamente a natural complementariedade sociolóxica entre o traballo do mar e o traballo do campo, o mundo mariñeiro e o mundo labrego, un amor que non fenece pero que se malogra porque quen fenece é o amante, o mariñeiro, roubado polo mar tenebroso. Románticos son tamén os recursos e o punto de vista do narrador, pois incide con teimosía na realidade social con notable esforzo didáctico, o que resolve no marco costumista e cunha precisa e minuciosa descrición da paisaxe aínda máis ca da paisanaxe. Con todo, hai que contemplar este texto no marco do realismo decimonónico xa que o *topos* ou *locus*, as actividades, as relacións humanas, os acontecementos sociais, especialmente os festivos, son puramente realistas, ubicados no seo dos labores do campo e do mar, nos pobos e nos camiños de Ferrol-Terra: Xubia, Neda, Maniños, Mugardos, entre outros topónimos de dimensión e divulgación diversa.

Tamén realista semella o tratamento lingüístico do texto xa que, ademáis de aportarnos unha inmensidade de léxico mariñeiro (peixes, aparellos e labores) como corresponde á súa circunstancia social e ambiental, as personaxes protagonistas falan sempre en galego, namentres que o narrador/autor, un

persoeiro de alto estrato social, nada menos que Xeneral de División, que chega a negar —mentindo— o coñecemento da lingua do país, escribe en castelán. Xa que logo, posiblemente resulte máis acertado cualificar a actitude lingüística de Fort y Roldán tanto de realista como de diglósica, matiz distinto do de *Majina*, que semella mellor exemplo da circunstancia diglósica pola presenza de personaxes con diferencias sociolóxicas e, xa que logo, con diferentes actitudes lingüísticas. De seguro que diglosia ou algo semellante tamén pode observarse na actitude deste autor cando, pese a negar coñecementos de lingua galega como xa temos adiantado, o seu elegante e arcaico castelán ínzase de vocábulos galegos marcados con cursiva, xustificables en ocasións por posible carencia de léxico castelán para certas denominacións ou por descoñecer a adecuada correspondencia á nomenclatura en galego: *sachadores da xebra*, *bucetas*, *pincha-carneiros*, *aviñeiras*, *patexos*, *monteira*, *toros de boroña*, *corredoira*, *eira*, *ollomoles* (que distingue de besugos), *corte*, *cousiña*, *orellas de frade*, *carballos*, *queiroa*, *lindar*, *palleiro*, *meda*, *rocines garrufeiros*, e outras moitas, en tódalas páxinas do texto; moitas veces o uso deste léxico galego vai acompañado da correspondencia en castelán a modo de rara sinonimia redundante, máis ca como aclaratoria traducción: *fabas* o habichuelas, *freixós* o grandes obleas, *pescada* o merluza, *raño* o rastrillo, *calle* o *corredoira*, *péxegos* o pavías, *salqueiros* o sauces, *freixos* o fresnos, *xebra* o sargazo, entre outros exemplos. Non faltan tampouco expresivos ditos populares tales como: «reclamar ó veterinario la *pesetiña* de la mala cura», «*Chorou a Candelaria*», «*Febreiriño loco* se portó como quien era», «jueves de compadres o lardero», «en Jueves Santo ni los pájaros cantan», «*deixome de contos y sigo de largo*» (palabras del narrador), «*señoritiños de panpringas*», «...el diablo que no duerme más que con un ojo abierto y el otro *chisco*», «graznidos de paviotas, si non chegan ó ceo, barruntan chubascos e turbonadas» (parte dun diálogo entre personaxes), «*parrochiñas pr'os gatos*» (pregonaban las pescadoras), con algunhas outras de semellante función semántica.

Coa entrega do primeiro capítulo, aporta Fort y Roldán un prólogo co mesmo título que leva a novela. Neste texto faise declaración de intencións ou, mellor, obxectivos, en formato epistolar dirixido ó Sr. D. Manuel Castro López, e onde tamén se fai queixa da pouco entusiasta recepción dos seus traballos historiográficos e confesa que a novela que se presenta comeza a escribirse seis anos denantes con motivo do seu retorno a Galicia despois de delongadísimos anos de ausencia. Confesa a súa devoción pola natureza «regional», esa beleza que produce a melancolía do recordo, non o tedio, «la consunción

popular y no aristocrática» («Y entoces nació la aspiración de describir el alma encantada de la madre tierra»), e confesase sabedor das faltas que terá cometido (cremos que algo máis ca unha innecesaria *captatio benevolentiae* porque, por certo, carece a súa afirmación de toda verosimilitude) «en el empleo de un dialecto que por completo desconoce»; neste finximento ou mentira, si se pode observar o talante diglósico do Xeneral de División, xa que o galego que utiliza en ámbalas modalidades, os diálogos e monólogos das personaxes así como a sementeira de vocábulos por todo o relato, non corresponden a un descoñecedor da lingua parcialmente utilizada.

No primeiro capítulo descríbese o ámbito xeosocial e maila actividade que pon en contacto primeiro ós protagonistas do amor, os que sosteñen o fío da novela. No segundo móstrásenos a senda pola que se veñen a mover os protagonistas e outras personaxes con profusa e minuciosa descrición da paisaxe. No terceiro ponse en contacto o universo do mar co universo do interior, o mundo rural co mundo semiurbano da vila, o encontro xa amoroso dos protagonistas nunha moi interesante aportación dende a perspectiva lingüística. Na cuarta entrega, titulada «La invernada», sobrancea a intensidade lírica, case prosa poética, con información sociolóxica sobre o abandono das terras, inzada de galeguismos e con algúns ditos populares que realzan a expresividade dun capítulo especialmente costumista. No capítulo quinto mostra a resurrección da natureza en tempos de resurrección bíblica, anímase e humanízase a paisaxe nunha certa maneira de hilozoísmo *avant la lettre*. A sexta entrega sitúanos na primavera, na sétima continúaase e intensifícase a interrelación entre sentimentos e natureza, nun espertar de fauna miúda, e na oitava mostrase unha estampa costumista con brochazos socioeconómicos e con implicacións climáticas que apunta a un certo determinismo formal. O capítulo noveno presenta unha romería con panorama miserable, moi valleinclanesco, ó modo de *Divinas palabras* ou dalgún dos retablos, e mesmo cervantino, por podermos evocar o *Retablo de las maravillas*, por certo tan do gusto do de Vilanova. O décimo, único titulado en galego, «Elo foi», é o que nos descobre o avance nas relacións e nos deixa en coñecemento o primeiro apareamento carnal, malia que sempre con decorosa e figurada linguaxe. Nos seguintes capítulos, do decimoprimeiro ó decimosexto, segue a información sobre o ámbito social e familiar, sobre os labores do mar e do campo, sobre o avance do tempo nunha tónica en todo semellante ós anteriores capítulos. A diferencia corresponde co capítulo decimosétimo, por tenebrista, por tráxico, por nos mostrar o combate heroico entre o home e a natureza desatada, que

nos leva ó falecemento do galán mariñeiro. No derradeiro capítulo aparece a triste circunstancia, tamén conclusión, dunha viudedade sen previo matrimonio, a desaparición do universo debaixo dos pés da namorada, o nacemento dunha criatura como continuidade da vida, da lembranza, da esperanza dunha felicidade distinta á previamente agardada, o froito daquel encontro do «Elo foi» do capítulo décimo; aparece neste capítulo a tolicie da dolor irresistible: cando por facer Maruxiña, no canto de sachar e desbrozar con normalidade, grandes fochos coa ferramenta que usaba, seu pai lle pregunta o motivo de tal actitude, ela ponlle fin a novela ó contestar que «Fago unha fosa moi grande para enterrar ó meu Yago, cando o gomiten as olas; e amin con él».

Bibliografía

- Couceiro Freijomil, A. (1952): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Vol.II, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos.
- Carballo Calero, R. (1975): *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (Segunda edición), Vigo: Galaxia.
- Hermida García, M. (1995): *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Llorca, G. (1996): *Ferroláns*, Betanzos: Edicións Embora.
- Llorca, G. (1997): *Ferroláns en Cuba*, Pontedeume: Edicións Embora.



Este libro *Lingua, pobo e terra*, en homenaxe
a Xesús Ferro Ruibal, edición de *Manuel González*,
rematouse de imprimir o día 20 de setembro de 2016,
último día do verán de máis calor que se acorda en Galicia,
e coincidindo co comezo da vendima

